

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXIX)

Antonio Fraguas:
laboris causa



Trigo limpo candéal

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXIX)

Antonio Fraguas:
laboris causa

Trigo limpo candeal

Edición de
Luís Cochón
Justo Beramendi

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Director:

Armando Requeixo Cuba

Consello asesor:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Turismo
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Museo do Pobo Galego
Fundación A. Fraguas Fraguas

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Mercedes Brea López

© Dos textos: os autores ou herdeiros

© Da edición: Luís Cochón e Justo Beramendi

© Da revisión editorial e corrección lingüística: Belén Bouzas Gorgal

© Da cuberta e ilustracións interiores: Xan Vieito

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN: 978-84-453-5324-0

Depósito legal: C 989-2019



ANTONIO FRAGUAS

Índice

†CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ: Antonio Fraguas	11
ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA: Un home bo	13
NÉLIDA PIÑÓN: O intérprete de Cotobade	15
VÍCTOR F. FREIXANES: Quintín de Borela. Homenaxe a don Antonio Fraguas, que viña desta parte do mundo	17
CLUDIO GONZÁLEZ PÉREZ: Antonio Fraguas Fraguas. Cronobiografía	23
LIMAR	57
LUÍS COCHÓN	59
ACHEGAS	69
ANA ACUÑA: Cita dos amigos pontevedreses. Epistolario de Antonio Fraguas a Xosé Filgueira Valverde	71
LUÍS ALONSO GIRGADO: Don Antonio Fraguas e a literatura galega	89
EMILIO ARAÚXO: Courel, algúns nomes.....	95
XOSÉ LUÍS AXEITOS: Don Antonio Fraguas na Academia	101
CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ: No espello da memoria.....	105
XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ: Antonio Fraguas, grande historiador e gran bibliógrafo	109
JUSTO BERAMENDI: Perfil político-ideolóxico de Antonio Fraguas ...	121
GUILLERMO CAMPOS PIÑÓN: Don Antón Fraguas, Antonio (de) en Insuela.....	133
RAFAEL CHACÓN CALVAR: Tempo e tempos do entroido dende o advento ata a coresma.....	153
CAETANO DÍAZ: Máis Antonio de Insuela ca Indiana Jones de corredoira.....	169
FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA: A xeografía de Galicia de Antonio Fraguas.....	171
XOSÉ RAMÓN FANDIÑO: Antonio Fraguas Fraguas, sobranceiro colaborador da <i>Gran Enciclopedia Gallega</i>	183
MAR FERNÁNDEZ-VÁZQUEZ: Unha achega ás farsas recompiladas e descritas por Antonio Fraguas.....	189

XOSÉ FORTES: Antón Fraguas: da alborada da república ao franquismo, en terras de Cotobade.....	201
XOSÉ FUENTES ALENDE: Os exvotos de dous carlistas composteláns no santuario da Escravitude.....	213
XOÁN CARLOS GARRIDO: Fraguas Fraguas. O home que puido ser alcalde.....	223
DAVID GONZÁLEZ COUSO: A fragua ourensá de don Antonio.....	235
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ: Don Antonio, "homo faber". A orixe do apelido Fraguas.....	241
XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO: Antonio Fraguas, articulista divulgador da cultura galega.....	249
BIEITO IGLESIAS: Sete graos de Granada.....	263
EMILIO XOSÉ ÍNSUA: A achega de don Antonio Fraguas á colección de biografías "Hombres que hicieron Galicia".....	269
GONZALO NAVAZA: O nome de Cotobade.....	287
CAMIÑO NOIA: Das ánimas nos contos de Fraguas.....	307
DANIEL PINO: Antonio Fraguas: un home bo, sabio e de corazón san .	319
XABIER RON FERNÁNDEZ: Reflexións críticas sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica medieval galega e portuguesa.....	325
ANXO TARRÍO VARELA: Relembanza de don Antón, O Noso.....	353
XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ: Un novo tímpano medieval na cidade de Pontevedra. Valoración formal e consecuencias histórico-artísticas.	355
ANTÓN VIDAL ANDIÓN: Don Antonio Fraguas Fraguas, notario do seu tempo.....	369
MANUEL VILAR: Por unha xeografía dos espantallos. Contra o abandono e a desmemorización.....	375
MARÍA DOLORES VILLANUEVA GESTEIRA: Cotobade, a referencia constante de Antonio Fraguas, a través dalgúns traballos inéditos ..	391
ADDENDA	403
XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO: Notas dunha conversa con Antonio Fraguas.....	405



Drama interior I

Antonio Fraguas

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ †

Eis un home que ía para ferroviario no Brasil e acabou traballando arreo na construción da conciencia firme dun ideal. Aquel rapaz campesiño dese fermoso anaco de Terra de Montes que tiña por lema «uns por outros e Deus por todos» non seguiu o camiño da emigración, e no canto de subir ó estribo da locomotora do comboio Cachoeira-Montes Claros, ascendeu, para ben de todos, polos degraus que levan ó cerne da nosa cultura.

Acaeríalle de medida, e parafraseando as semblanzas dos frades ilustres que aparecen nos atados e documentos dos nosos mosteiros: galego de nación, natural de Loureiro de Cotobade. Profesou desde moi novo no galeguismo, ó que serviu con afouteza e entrega. Varón ilustre, honorable, humilde e sapientísimo.

El foi e é un home do vello Seminario de Estudos Galegos. Como todos os que formaron nas súas fileiras, polas propias características da institución e do momento histórico que lles tocou vivir, non se circunscibiu a un só eido do coñecemento, senón que abrangueu moi diversos saberes. Igual que outros compañeiros de xeración, incidiu en case todas as facianas que caracterizan a nosa cultura e historia. Os seus traballos, como todo o que sae das entrañas do pobo, son de tal sinxeleza no seu rigor que resultan interesantes e accesibles para todos.

Un home de corazón san, sen envexas, é hoxe, aquí, algo extraordinario. O seu espírito é un cúmulo de bondade e nobreza. Nin as decepcións, desacougos e sacrificios, que non foron poucos na súa andaina vital, trocaron o seu xeito de ser, a súa excepcional calidade humana. Home franco e xeneroso, un perfecto benemérito, na expresión completa da palabra. A súa afabilidade de trato xúnguese á sinxeleza natural e á modestia. Esta fasquía, dilatadamente exercida desde a súa cátedra de Xeografía, desde a Universidade ou desde as institucións que alenta co seu indefectible apoio, fai que por onde queira se multipliquen os que se proclaman seus amigos.

Sinalaba don Luís de Hoyos, a quen tanto admirou o noso personaxe, que «sempre está por riba do sabio o home, e sobre do mestre que predica o

exemplo vivo que ensina». O dito acáelle cortado. E teno cumprido decote: espallou liberalmente a riqueza do seu saber, a mans cheas, con largueza e xenerosidade. A súa colaboración é sempre farturenta. É o seu un labor calado, continuo, humilde, con teimosía e alonxado de todo devezo de protagonismo e notoriedade. Comprende que a vida ensina de vagar, e por iso é un home novo, eterno estudante e sempre aberto e receptivo a todas as innovacións que sobreveñen nos eidos que el cultiva. Cecais por iso atopa os seus seguidores máis incondicionais entre a xente moza.

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ †

Un home bo

[Recordatorio para D. Antón Fraguas, mestre]

El foi un home bo que amou a Terra
Nai, ai, Galicia, en soño de luzada!;
voz que en pobo deu voz, voz sementada,
corazón do arelar que en ansia berra.

El foi un home bo, na man a xerra
de luz, pedra de luz no amor labrada:
Galicia ergueita con fervor na ollada
da chaira ó mar, das campas á alta serra.

Tempo e tempo que pasa, e se ennovela,
tempo e tempo que manca, e Noite en vela,
duro soñar, duro soñar a vida.

Agardar de agardar, día tras día,
ai, patria libre, Terra lucidía...
E un home bo doendo da ferida!

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA



Anaco de vida

O intérprete de Cotobade

NÉLIDA PIÑON

Recebeu-me em sua casa de Santiago de Compostela com um cálido abraço. De paisano que reconhece no visitante semelhanças afetivas e históricas, a origem comum que enlaça e salva em meio às adversidades.

Antonio Fraguas, com a sabedoria da idade, sabia muito dos meus feitos narrativos, sobretudo da minha genealogia que coincidia com a sua. Nascido em Loureiro, era de uma Cotobade que nos distinguiu ao longo da vida. Um berço áspero, de palha, tecido por camponeses que ele, em cada linha, enalteceu enquanto ia erguendo à passagem dos anos uma laboriosa obra propícia a refletir o estofo de uma Galícia de poderosa configuração cultural. Uma região carente de ser decifrada, conclamando que lhe traduzissem o seu cerrado código interior. Por tudo a inspirar trabalhos etnográficos e versões ficcionais, dado seu perfil encantatório pleno de magias e crenças. Características que eu própria reconheci desde a infância, e em concordância voluntária com o pensamento do Mestre Fraguas.

Fiz-lhe perguntas que diziam respeito a seu método de trabalho. De como interpretara, ao longo do transcurso galego, uma conjuntura histórica ingrata, sujeita a tantas tiranias, a interdições, a intempéries sociais e antropológicas. Diversidades que depauperavam uma Galícia regida cruelmente pela nobreza local, pela corte, pelo clero. Todas forças que detiveram sensivelmente o avanço galego.

Antonio Fraguas esclarecia-me sem alarde de como, em prol de Galícia, arregimentara tantos elementos díspares. Sabedora eu de que fora flagelado durante o regime franquista, quando vivera sob constante e penosa pressão política. Uma circunstância, contudo, que não o impediu de distinguir a essência simbólica da alma galega que aflorava a despeito da cáustica realidade.

Sua modéstia comovia-me. Aquele ilustre homem de cultura soube, como poucos, ao alargar sua sensibilidade, tornar-se universal. Enquanto resguardava, debaixo da poeira do tempo, os interstícios da história galega, seus sentimentos e enigmas. E, sem jamais abdicar de sua condição de intelectual, lançou-se a interpretar a valiosa linguagem dos signos e do verbo,

pondo à parte o superficial e o temporário que perpetua o atraso. A anotar a produção da vida em confronto com as aspirações e as utopias populares. Sua exegese desvendando as entranhas da terra.

Desde jovem, Fraguas amparou o pensamento no idioma galego que tanto amou. A língua que ao dar sustento aos sentimentos, e responder por eles, conferia envergadura literária à escrita. Assim filiando-se à corrente que reconhecia o quanto o idioma devia sua vigência aos aldeões e à elite acadêmica. Daí se imaginar que se deleitou com a língua dos poetas, dos jograis, dos trovadores, dos andarilhos, dos camponeses, de Rosalía. Do idioma com o qual o galego consolidara seus feitos culturais e dera significado a gestos e tradições.

De rara estirpe, Mestre Fraguas devotou-se à Galícia. Seus livros mergulharam nos veios arcaicos daquela civilização, não deixando à margem o palimpsesto pátrio. Com tal empenho, incorporou ao acervo galego a construção cultural semeada ao longo dos séculos.

Sua amabilidade acolheu-me convicto quanto a firmeza do meu amor por Galícia, sua e minha. Alguém que, conquanto sofrera tantas injustiças, não renunciou aos seus postulados, ao exercício da consciência, acumulou saberes.

Mas o que dizer de sua dimensão moral, daquela face envelhecida que refletia a paisagem de uma Cotobade com suas treze aldeias? De uma comarca onde também minha família procedera, e que vicejava no meu ser. Uma Cotobade a que sou grata, a que estou atrelada pelo sangue dos avós Daniel e Amada, e do pai Lino. E que me induziu a escrever o romance *A Republica dos Sonhos*.

Encerro esta homenagem a Antonio Fraguas crendo que se houve, no passado galego, um mistério tido como insondável, o Mestre afinal o decifrou para o mundo conhecer.

N. P.

Quintín de Borela
Homenaxe a don Antonio Fraguas, que
viña desta parte do mundo

VÍCTOR F. FREIXANES

A memoria das cousas está na infancia, dicía o poeta Rilke. Ou alí onde fixemos o bacharelato, en palabras de Max Aub, que son os territorios da adolescencia, as primeiras experiencias que nos axudan a descubrir (e explicar) o mundo. Tamén as primeiras sombras, as primeiras pantasma e fantasías. Lonxe de min explorar os camiños da etnografía, a antropoloxía, as pegadas da cultura popular, que tanto interesaron e ocuparon a don Antonio. Este texto, que pretende ser homenaxe e memoria, nace da miña experiencia de escritor. En certa medida son unhas reflexións, apuntamentos breves sobre o proceso creativo, a substancia profunda que explica a literatura, ou polo menos parte da literatura.

Pecho os ollos e véxome co meu irmán e coa miña nai alancando pola corredoira enlamada: auga e bosta no carreiro, arrecendendo a mulime que vén das cortes veciñas, a luz do candil para non meter os pés nas pozas... “A ver onde pisades”. Imaxino noite cerrada e se cadra non era tal. Os nenos non andan de noite polos camiños. Había de ser finais de agosto ou setembro. Mais na miña memoria era noite. Non lembro ladro de cans, pero si o bruído das vacas detrás das portas, como a se laíaren. Morrera un vello no lugar e a miña nai sentíase na obriga de acudir ao velorio ou, cando menos, de lle dar o pésame á familia, que seica era próxima a nós.

San Martiño de Borela é unha parroquia de arredor de 350 ou 400 veciños, non sei cantos tería daquela, ao sur do concello de Cerdedo-Cotobade, non lonxe de Pontevedra. O avó Mariano puxera alí escola, entre 1944 e 1961, e a nós levábanos de nenos a “mudar os aires” no tempo do verán, que era a recomendación dos médicos: o inverno na vila e o verán, sempre que fose posible, na aldea. A mesma aldea na que pasou parte da súa infancia Nélide Piñon, con quen moitas veces teño falado destas cousas: o cume do Pé da Múa aseñorando o mundo, a romaría de San Roque, a capeliña da Virxe da Ponte, Pazos, A Brea, A Costa, A Cavada, As Lagoas... No Pé da Múa, na serra da Castrelada, que é un miradoiro dende o que se albisca a terra toda, disque habitaban os mouros, as señoriñas que gardaban

os tesouros, os ananos das adiviñas, criaturas maravilosas que ocupaban estes lugares antes de que chegásemos nós. Unha trabe de ouro cruzaba por debaixo dos montes ata chegar a Tenorio. Nas arboriñas do adro da parroquia gravei coa navalla o nome da miña primeira namorada, que non me facía caso ningún, e nas tabernas da Xesteira xogaban os paisanos a tute subastado. Era de ver a rapidez e a precisión con que sumaban e calculaban os tantos aqueles homes, que apenas tiñan as catro regras da escola. No río Almofrei, afluente do Lérez, aínda bulían as troitas. O señor Benito contábanos a historia dunha moi vella que seica era a nai de todas, sabia e poderosa, pois non a daban pillado os pescantíns, e nós debruzabámonos no peitoril na ponte, que era (e segue sendo) unha ponte moi antiga, non sei se do tempo dos romanos ou do tempo dos mesmos mouros do Pé da Múa, e alí botabamos horas axexando as pedras do fondo do río por ver se asomaba. Nunca chegamos vela. Se cadra aínda segue alí.

O caso é que a miña nai levounos aquela noite, por entre a lama e a choiva, ao velorio do defunto. Non lembro o seu nome. Seguramente nunca tal souben. Mais teño presente a escena cunha nitidez pasmosa: o cadaleito pousado no medio do cuarto principal, dous cirios a cada beira, o traxe negro do finado, traxe dos domingos, coa camisa branca abotoada ata o pescozo e unha pucha nas mans. No tempo dos meus avós a boina era un elemento fundamental, esencial á condición da persoa, mesmo os nenos levaban pucha, capada ou sen capar. O sombreiro era máis ben cousa de señorío vilego. O meu avó Valeriano tiña as dúas prendas: a boina para a diario e o sombreiro para os domingos ou días de especial significación. Don Antonio Fraguas tamén. En calquera caso, o defunto de Borela levaba a boina canda si, ben axeitada entre as mans, camiño da sepultura. As mulleres rezaban en grupo un rosario interminable, que case que podía ser canto gregoriano. No cuarto do lado, a cociña. Os homes movían a baralla para pasar a noite, para matar o tempo do velorio. Unha señora ía e viña con cafés e copas de augardente. Fóra, seguía a chover. Iso ben o lembro: a choiva cerrada a enlamar os camiños.

Ata que apareceu aquel que todos agardaban. Ou polo menos iso pensei eu, pola disposición que axiña adoitou a parroquia diante da súa presenza. Home rexo, corpudo, fardado cunha chaqueta de pana, coma as que usaban os xateiros nas feiras. Viña mollado e sacudiu a roupa na entrada.

Axiña as mulleres o invitaron a pasar onde estaba o defunto e, de alí a un pouco, regresou á cociña, sentou na mesa, onde os xogadores apartaran a baralla, aceptou a augardente e empezou a contar historias. Tal é a primeira experiencia que teño da narración popular: o misterioso descoñecido que, diante dunha audiencia de parentes e veciños, empezou a contar historias do defunto, ensarilladas unhas nas outras, aventuras de mocidade, sucesos do tempo da guerra, noticias da emigración, pois seica o finado andara tamén por Buenos Aires e Brasil. Nunca souben se as tales noticias eran certas ou non. Alguén me dixo despois que o personaxe era un profesional, que os contos do defunto viñan amañados segundo as atencións da casa, que o chamaban na contorna para ilustrar a memoria do finado a prezo de xornal, igual que nas misas poñían un ou varios cregos.

Cando empecei a traballar as miñas novelas, cando cerrei o círculo da primeira de todas, *O Triángulo inscrito na Circunferencia*, apareceu de súpeto o narrador do velorio de Borela. Entroume pola porta da memoria coma un trebón, para concluír o relato, que xa viña demorado de máis, por riba das cincocentas páxinas. A historia do *Triángulo...*, datada en 1982, pero que empecei a escribir moito antes, con anacos e retallos que veñen dos primeiros anos 70, conclúe co velorio da casa de Sismundi, cando o narrador, a quen decidín chamar Quintín de Borela, non é quen de dar conta da historia que lles está a contar aos presentes, téñeno que amarrar cun adival á cadeira, porque o relato se lle resiste, non pode con el, e acaba esmendrellado contra a parede do cuarto, couce de percherón, que o deixa medio desfeito, deitando sangue pola boca. “É a historia que nace do mar, que se lle arrepción e non o deixa seguir. ¿Pasará algo no mundo?”, comentaban os que tal escoitaban” (p. 503).

Anos despois decidín volver por aqueles pagos e nas primeiras páxinas da novela *Cabalo de Ouro* (2010) volve aparecer o personaxe, coas mesmas trazas e a mesma disposición. Outra vez a memoria, o río profundo que alimenta a literatura. Tamén están os cegos que cantaban historias na praza da Ferrería e na praza de Varela en Pontevedra, os días de feira, que eran o primeiro e o día quince de cada mes, e mais na porta da Ferradura, en Santiago de Compostela. Historias de crimes e terribles vinganzas que viñan nos xornais da época e que Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Trapero Pardo recoñecían poñer en romance para cantar, por encomenda dos xogares

populares. E os relatos das tabernas, nos Maristas, nos Catro Gatos, nas Tres Ventanas, cando o mundo se paraba arredor das cuncas de viño para escoitar o narrador: a fascinación da palabra, antes de que aparecese a televisión. E os contos ao carón da lareira ou da bilbaína, sentindo chispear o lume no inverno, mentres a avoa ou unha vella da casa tecía o relato dos tempos antigos, memoria dos vivos e memoria dos defuntos... Estas cousas viviunas a miña xeración, xa non sei as xeracións novas, enganchadas no engado das pantallas.

A literatura aliméntase destas experiencias. A memoria de San Martiño de Borela, nas terras de Cotobade, que é parte da miña infancia, a memoria do velorio e a presenza do señor Quintín, coa parroquia toda rodeada de copas de augardente e cuncas de café, engaiolada na fascinación do relato, a arte de contar, que tanto abraiaba os nosos avós, trasladame necesariamente á memoria de don Antonio, que naceu na parroquia de Santiago de Loureiro, lugar da Insuela, pouco máis de dúas ducias de veciños, no mesmo concello pontevedrés, con quen algunha vez tiveron ocasión de falar destas cousas. O da troita vella contoumo tamén el, e mais da trabe de ouro que chegaba a Tenorio, e unha pedra milagreira, no lugar de Moimenta, onde as parellas ían facer os nenos cando non se loxraban de xeito máis natural. Santiago de Loureiro está agora a un suspiro de Borela, a carreiriña dun can, sempre que fagamos o traxecto en automóbil. Daquela aínda levaba un tempo, por camiños de montaña. E xa que falamos desta parte do mundo, tampouco quero esquecer a memoria de Nélida Piñón, a meniña da Porta Carneira, que así lle dicían os veciños da Senra, a nosa escritora universal que, coma quen atiza as brasas da lareira, avivou as súas lembranzas para escribir *A república dos sonhos* (1984): luz que irradia e segue viva. Benzóns.

V. F. F.



Camiño



Canto de meigas II



Drama interior II



Mariñeiro

Antonio Fraguas Fraguas Cronobiografía

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

Na biografía dunha persoa, por moito que se investigue, sempre quedan algunhas lagoas; feitos de escasa importancia ou que non está claro como e cando sucederon, agás que se dispoña de documentación fidedigna ou información ben contrastada. Eiva que vai a máis cando se trata dunha vida tan cumprida e ategada de sucedidos como foi a de Antonio Fraguas Fraguas.

Malia ao interese que puxemos revisando e comparando varias biografía, artigos xornalísticos, entrevistas etc., nalgúns casos o único seguro que se acadou foi o ano, e noutros soamente que nesa data desempeñaba tal cargo, pero sen chegar a saber dende cando.

Por último, en particular, verbo dos recoñecementos e premios, cómpre advertir que non figuran nas datas de outorgamento, senón nas que foron entregados. Isto pode dar lugar a que un mesmo galardón apareza, segundo a persoa que redacte a biografía, en diferente data, como, poñamos por caso, o título de *Cronista Xeral de Galicia*: concedeuse o 23 de xaneiro (Decreto 9/1992), asinouno o presidente da Xunta o 30 do mesmo mes e entregóuselle publicamente ao interesando o 14 de febreiro.

1905

- **28 de decembro:** Nace no Quinteiro de Baixo da aldea de Insuela, parroquia de Santiago de Loureiro, concello de Cotobade (Pontevedra). Fillo de María Teresa Fraguas Vázquez, residente no mesmo lugar, pero nada en Listanco, freguesía de Armeses (Maside–Ourense), o 31 de xaneiro de 1873. O día 30 bautíza o párroco Antonio Celestino García Otero.

1906

- **5 de xaneiro:** A nai vai a Carballedo, capital do concello e onde está o rexistro civil para asentalo, afirmando que é fillo “natural de la declarante, que no pudo hasta hoy concurrir á consignar esta partida debido a distar mas de seis kilometros y al temporal de la estación”. O pai tamén era veciño de Loureiro, oficio canteiro, que emigrara pouco antes para Brasil, a Niterói, capital do estado de Rio de Janeiro.

-: Críase en Loureiro na compañía da nai, do tío avó Santiago e da *mamá Antonia*, unha señora natural de Mondariz que vivía con eles, que lle pedira ao tío que “viña de moi boa gana alugada” para a súa casa. Sempre falaba dela con admiración, afirmando que moito do que sabía da cultura popular llo debía a ela, Antonia Pérez Estraviz (Fraguas, “Notas...”; Fraguas, 1993: 24; García Bayón, 1991: 27).

1911–1918

-: A nai merca un silabario e empeza a ensinarlle as primeiras letras, pero como non lle quedaba o “d”, *mamá Antonia*, que non sabía ler nin escribir, díxolle: “acórdate polo dedo’. Lembreime para sempre...” (González Reboredo, 1997: 3; Fraguas, 1999: 625). Comeza a ir á escola pública de Loureiro, primeiro mixta e logo só de nenos, na que bota oito cursos (agás unha curta tempada que asiste ás clases que imparte o párroco, Isidoro Andión, que o expulsa por falta de atención). Cando a deixou ía cumprir 13 anos. Os recordos que conservaba eran malos, en particular do mestre Celestino Veiga (cuñado do pai e polo mesmo tío político), de quen dicía que “non ensinaba nada, absolutamente nada...” (Fraguas, “Notas...”).

1912

- **7 de agosto:** O pai regresa de Brasil e este día casa coa nai. Ademais, Manuel Fraguas Rodríguez, natural de Loureiro, da aldea da Costa, tamén o recoñece por fillo, como consta na marxe da partida de nacemento do rexistro civil, apelidándose en adiante Fraguas Fraguas:

El niño que se contrae esta inscripción, fué reconocido como hijo natural suyo por Manuel Fraguas Rodríguez, y legitimado por el mismo y la madre en el acto de la celebración del matrimonio que contrajeron en la parroquia de Loureiro de este término en siete de Agosto de mil novecientos doce.

1918

-: Nos últimos días do ano o matrimonio decide emigrar a Brasil, pero antes queren que ata esa data o fillo asista á *escola de pago* que imparte un mestre que expulsaran da escola que fundara Manuel Barreiro Cabanelas (coñecido polo “conde de Cabanelas” e “conde de Covelo”), situada na parroquia de Covelo, A Lama (Fraguas, 1959: 17). Estaba no lugar de

Famelga, non moi lonxe da súa casa, pero xa na parroquia de Augasantas (González Pérez, 1998: 8).

1919

- **27 ou 28 de marzo:** O escolante dille que veña o pai a falar con el, e aconséllao que “no se marche con el chico, dele usted una carrerita”. A nai, que non estaba moito por se ir, axudou a convencelo, e decidiron quedar non máis que para que estudase o fillo (Fraguas, “Notas...”; González Reboredo, 1997: 7; González Pérez, 1998: 9; Fraguas, 1999: 628).

1919-1924

-: O 14 de abril de 1919 asina a solicitude para examinarse de ingreso no *Instituto General y Técnico* de Pontevedra, que supera o 25 de xuño. En setembro examínase do primeiro curso por libre (dous aprobados e un sobresaliente en Xeografía Xeral e de Europa); en xuño de segundo, tamén por libre (suspende Caligrafía que supera en setembro). A partir do curso terceiro estuda como alumno oficial e reside ata sexto en dúas pousadas, primeiro nunha da rúa do Progreso (agora Benito Corbal) e logo noutra na de San Román. Supera terceiro no xuño (dous aprobados, un notable e dous sobresalientes); cuarto (tres notables, un sobresaliente e dous sobresalientes con matrícula de honra en Historia Universal e Debuxo); quinto (tres notables, un sobresaliente e un sobresaliente con matrícula de honra en Debuxo) e, por último, sexto (un aprobado, dous notables e un sobresaliente con matrícula de honra en Ética e rudimentos de Dereito). O 2 de setembro de 1924 a Universidade Compostelá expídelle o título de bacharel.

Durante a estadia pontevedresa tivo por profesores, entre outros, a Antón Losada Diéguez, Castelao e Ramón Sobrino Buhigas. En particular do primeiro dicía que fora quen máis influíra no seu pensamento e na súa obra (González Pérez, 1998: 10; García Liñeira / Tomé Cruz, 2001: 33). Segundo contaba, era coñecido entre os compañeiros por “Antonio, o da aldea”, o que amosa os poucos alumnos procedentes do rural que daquela estudaban no instituto, alcume do que se sentía orgulloso: “Fun o máis distinguido ‘da aldea’ e endexamais me molestou e chegou a ser o meu garboso ‘seudónimo’” (Fraguas, “Notas...”).

1923

-: **Antes do 13 de setembro:** Toma parte nun mitin en Loureiro a prol de Manuel Portela Valladares, promovido polas Sociedades Agrarias do Distrito: “O mitin foi sonado pero non houbo resposta, ninguén dixo ren. Axiña viría a ditadura de Primo de Rivera” (Fraguas, “Notas...”; Beramendi, 2006: 189).

1924

- **Abril:** -: Con varios compañeiros do instituto e, en particular, con Sebastián González García-Paz, fundan a “Sociedade da Lingua”, para o que redactan as *Regras e preceitos da Sociedade da Lingua*, con dous obxectivos: defender a lingua e colixir un dicionario. Poucos anos despois, cando xa estudan en Santiago, acordaron integrarse no Seminario de Estudos Galegos (SEG) (Fraguas, 1968: 337).

-: **Últimos meses:** Afiliase á *Irmandade Nazonalista Galega*, figurando por primeira vez como militante nunha relación da delegación de Santiago. Non puido ser no curso 1922-1923, como di algún biógrafo, porque daquela aínda estaba en quinto de bacharelato. Talvez xa tivera antes contactos en Pontevedra.

1924-1928

- O 24 de setembro de 1924, solicita do decano que se lle teña en conta a matrícula de honra de sexto de bacharelato. O 30 viaxa por primeira vez en tren a Santiago. Primeiro reside nunha pousada da rúa do Hórreo e logo noutra case fronte á porta lateral de San Paio de Antealtares, a da “Burriquiña de Belén”. Supera primeiro de Filosofía e Letras (dous notables e un sobresaliente con matrícula de honra en Lingua e Literatura españolas). Vén para Compostela o amigo *Tano* (Sebastián González García-Paz), que fixera primeiro por libre e empezan a ir ao local do SEG, se cadra por consello dalgún profesor do instituto, Losada Diéguez ou Castelao, tamén investigan na “Biblioteca América” e no arquivo da Universidade. Segundo curso (tres sobresalientes con matrícula de honra en Lingua e Literatura latinas, Teoría da Literatura e das Artes, Historia Universal). Terceiro (dous sobresalientes e dous sobresalientes con matrícula de honra en Historia de España Antiga e Media, e Xeografía política e descritiva). E cuarto e último curso (catro sobresalientes con matrícula de honra en Historia de España Moderna e Contemporánea, Historia Universal Moderna e Contemporánea, Paleografía

e Numismática e Epigrafía). O 6 de marzo de 1929 a Universidade expídelle o título de licenciado coa cualificación de sobresaliente.

1927

- **1 de febreiro:** Incorpórase a quintas no rexemento de infantaría “Zaragoza, número 12”, con sede no desaparecido cuartel compostelán de Santa Isabel. Tocoulle nunha compañía expedicionaria para África, pero non chegou a saír de Santiago. Como permaneceu na cidade puido continuar os estudos e colaborando no SEG. No mes de xaneiro de 1929 concédénlle licenza ilimitada, por ter “servido en filas el tiempo de su compromiso y satisfecho el importe total de su cuota militar”.

- **8 de outubro:** Publica o primeiro artigo en castelán no xornal vigués *El Pueblo Gallego*: “Compostela al día. Un artista olvidado”, sobre o escultor Uxío Souto e a súa obra *A Druidesa*.

- **15 de outubro:** Proposto para socio activo do SEG. Colabora en varias *xeirás* ou traballos de campo que se organizan dende o verán de 1926 en adiante: Terra de Lemos, O Carballiño e o Ribeiro (1927), Terra de Deza (1928), Terra de Melide (1929), Fisterra (1936)... Xeralmente adoita centrarse na catalogación de xacementos arqueolóxicos, pero nalgúns casos tamén participa nos labores de Xeografía.

1928

- **7 a 9 de abril:** Asiste á IV xuntanza do SEG que se celebra en Pontevedra. Como testemuño da súa presenza quedou unha fotografía do grupo nas ruínas da igrexa de San Domingos, con: Otero Pedrayo, Losada Diéguez, López Cuevillas, Risco, Carballo Calero, Filgueira Valverde, González García-Paz, Pintos Fonseca, Ossorio F. Tafall, Parga Pondal, Moralejo Laso, Carro García, Cabeza de León, Arias Sanjurjo, Álvarez Limeses e Novás Guillán (Fraguas, 1968: 344).

- **4 de maio:** Por consello de López Cuevillas comeza con Sebastián González García-Paz a catalogar os castros da Terra de Deza (Fraguas, 1968: 347).

-: Participa na *xeira* do Saviñao, en colaboración con F. López Cuevillas e M^a. P. Lorenzana, cunha axuda da *Junta de Ampliación de Estudios*.

O resultado publicouse dous anos despois: “Mámoas do Saviñao: a Anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá” (*Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, sep. 1930; t, V, segundo o colofón, 1 de xullo de 1933).

- **2 de outubro:** Profesor axudante de clases prácticas da Facultade de Filosofía e Letras, adscrito a Xeografía. O 29 de novembro do mesmo ano é nomeado para desempeñar o cargo durante catro cursos.

- **5 de novembro:** Socio activo do SEG. O seu traballo de ingreso versou sobre “O castro de Soutolongo (Lalín)”, un dos catalogados na *xeira* da Terra de Deza.

- **24 de novembro:** Bibliotecario do SEG, o primeiro cargo que desempeña na institución. Tamén colabora na confección do ficheiro do *corpus* bibliográfico de Galicia.

- **6 de decembro:** Axudante de clases prácticas do Instituto de Segunda Ensinanza de Santiago (adscrito a Historia da Literatura Española).

- **Decembro ou xa xaneiro de 1929:** Por iniciativa da *Irmandade da Fala* coruñesa, xúntanse en Compostela na casa de Camilo Díaz os representantes da Coruña (F. Zamora), Ourense (Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo) e Santiago (P. Pedret, C. Díaz, R. Martínez López e el). Acordan fundar “unha organización nacionalista pura, sen parlamentarismo, nin regramentos, o máis segreda, rápida e eficaz posible” (Beramendi, 2006: 185).

1929

- **1 de xuño:** Publica o primeiro artigo en galego: “Unha serán na catedral” (*A Nosa Terra*, núm. 261, A Coruña).

- **Xuño–agosto:** Toma parte en dúas das tres campañas da *xeira* de Melide, na primeira, en xuño, e na segunda, en agosto, encargándose de catalogar os castros con López Cuevillas, Ramón e Fernández-Oxea, E. Camps e A. Rodríguez Martínez. Non estivo en todos, só consta en 21 dos 39 xacementos. Catro anos despois saíu do prelo o libro *Terra de Melide*.

1930

- **15 de maio:** Publica o primeiro artigo relacionado coa comarca natal: “O Entroido nas terras do sul de Cotobade” (*Nós*, núm. 77, Ourense).

- **12 de xuño:** Falece o pai en Loureiro de Cotobade, dunha broncopneumonía que collera ao meterse na auga para arranxar o rodicio do muíño da casa. Manuel Fraguas Rodríguez nacera na mesma parroquia o 26 de marzo de 1875.

-: Profesor axudante de clases prácticas da sección de Letras do Instituto de Segunda Ensinanza de Santiago.

- **29 de novembro:** Oposita a profesor auxiliar temporal da Facultade de Filosofía e Letras, por tres cursos, adscrito a Historia Universal e de España (Moderna e Contemporánea) e a Xeografía, con encargo da última. O 12 de decembro toma posesión por traslado da auxiliar Luisa Cuesta Gutiérrez.

1931

-**14 de abril:** Participa nos actos organizados polo Centro Republicano co gallo da proclamación da II República, que se desenvolven na casa consistorial compostelá.

- **14 de xuño:** Asina o *Manifesto de Esquerda Galeguista* con Sebastián González, Ánxel Casal, Álvaro das Casas, Xosé Eiroa, Primitivo R. Sanjurjo, Carballo Calero, Lois Tobío etc. Comprométense a non aceptar nomeamentos políticos de Madrid; desligarse de todos os partidos existentes (“si ben non abandonamos a posibilidade de xuntar nosos esforzos aos que teñan un contido manifestamente esquerdistas, no caso de que o ben de Galiza esí o requira”); e pór “a vida e a alma” pola independencia da nosa cultura, o dereito indiscutible do pobo galego á autodeterminación, “a desgravazón absoluta da terra pra quen a traballa e a negazón da susistencia económica aos que non rendan unha función social”. Tamén preconizan

absterse nestas eleccións antidemocráticas, mantendo seu dereito a vixiar aos candidatos trunfantes sobre moitos dos cuas recaen nosas sospeitas de que treizonarán os outros intereses da República e os sagros dereitos do pobo galego que cifra, no Estatuto Rexional aprobado o catro dos correntes na Cruña, a súa derradeira posibilidade de entendemento co resto de Hespaña (“A esquerda...”, 1931: 2).

- **30 de outubro:** Profesor axudante de clases prácticas da sección de Letras do Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Santiago (Historia da Literatura Española).

- **16 de novembro:** Secretario de actas suplente do SEG (o titular era Ricardo Carballo Calero).

- **15 de decembro:** Publica en *Nós* o artigo “Do folk-lore de Armeses–Listanco”, sobre a parroquia natal da súa nai, do que foron informantes varios parentes. Os debuxos son do amigo Xaquín Lorenzo.

1932

- **7 de maio (na folla da convocatoria que se repartiu na zona, consta que ía ser o 8):** Participa nun mitin en Maside, no concello onde nacera a nai, a prol do Partido Galeguista e da Autonomía, no que tamén interviñeron Otero Pedrayo, Castelao, Leuter González e Víctor Casas, aínda que o último non consta na folla, da que se repartiron 3.000 en toda a comarca, segundo lle conta nunha carta Leuter González o 29 de abril, na que se di:

CIUDADANOS: Os galeguistas non piden votos, non queren facer carreira política, non pretenden cargos. Os galeguistas non van contra ninguén e arelan que todol-os galegos se xunten baixo a bandeira da autonomía e da liberdade da nosa Terra. Os galeguistas predicán a paz, precuran o progreso de Galicia e sinalan as inxusticias que conosco comete o poder central e os políticos de Madrí. CIUDADANOS: Acudide a escoitalos. En adiante, Otero Pedrayo adoitaba dirixirse a el como “Deputado por Listanco” (MPG: “Legado A. Fraguas”, correspondencia; Deputación P. de Ourense: Arquivo e biblioteca; *A Nosa Terra*, VIII-1932).

- **16 de xullo:** Contrae matrimonio en Valga (Pontevedra) con Teresa Martínez Magariños.

- **8 de outubro:** Secretario de actas do SEG, e o 29 do mesmo mes, bibliotecario e encargado da sección de Bibliografía. Tamén participa na catalogación e clasificación das bibliotecas “Arcebispo Lago González” e “América” baixo a dirección do profesor José M^a de Bustamante.

-17 de decembro: Participa na Asemblea de Municipios que se celebra na Facultade de Medicina.

1933

- **Xaneiro:** Empeza a emitir “EAJ4 Unión Radio Galicia”, promovida pola *Liga Compostelá pro Estatuto*, cos estudos primeiro en San Domingos de Bonaval e logo nunha casa da Praza da Universidade, e a antena na parte máis alta da horta (agora parque) de Bonaval. Participa en varios programas en galego, nos que tamén interveñen, entre outros, Castelao, Filgueira Valverde, Manuel Beiras, Xurxo Lorenzo, Suárez Picallo, González García-Paz, Álvaro das Casas etc. O Día de Galicia dese ano dicía a revista *Nós*:

Galiza conta hoxe c’unha boa Estación Emisora de radiotelefonía en Santiago qu’está desenrolando unha intresante laboura a prol da cultura galega. Ademais das sesións de múseca galega e das conferencias de divulgación cultural e políteca (Sebastián González, Xurxo Lourenzo, Enrique Raxoy, Álvaro das Casas, etcétera) estabreceu unha Seición Infantil, na quinta feira de cada semán, adicada por inteiro aos rapaces menores de dazaseis anos... (“A Cultura Galega...”, 1933:104; Romero, S. / Pereiro, X. M. (1994)).

- **8 de febreiro:** Encargado da cátedra de Lingua e Literatura Española, vacante por excedencia voluntaria do titular, Cotarelo Valledor, e por acumulación de Xeografía, Numismática e Epigrafía.

- **30 de abril:** “Unión Radio Galicia”, máis coñecida por “Emisora Compostela”, radiou —empregando a terminoloxía da época— *Baites, baites*, pasatempo en prosa galega de Ricardo Frade Giráldez, co seguinte reparto: *Tía Carmela, Srta. Lola Sanluis; Marica, Srta. Elena Sanluis; Tío Xaquín, Xosé Mosquera Pérez; Xan, Antón Fraguas* (“Noticias”, 1933; Álvarez, 2013).

- **14 de xuño:** Por ausencia do secretario, faise cargo da secretaría da Facultade de Filosofía e Letras durante as vacacións.

- **28 de setembro:** O xornal *El Compostelano* insire publicidade da “Academia Gelmírez. Colegio Residencia”, situada entre as rúas da Conga e Xelmírez, da que consta como director técnico. Tamén na mesma época, pero en galego, n’*A Nosa Terra*, 9 de outubro.

- **20 de outubro:** O Ministerio convoca probas de Profesor “cursillista” para desempeñar o posto de encargado de curso de Xeografía. Desenvólvense en Madrid e aproba co número 89.

- **4 de novembro:** Toma posesión no Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Santiago como profesor encargado de curso de Xeografía e Historia do “Colexio Subvencionado–Estatál” da Estrada, dependente do Instituto de Pontevedra. No curso seguinte pasou a denominarse Instituto Elemental de Segunda Ensinanza e, posteriormente, Instituto Nacional de Segunda Ensinanza.

- **4 de novembro:** Cesa como profesor auxiliar temporal na Facultade de Filosofía e Letras. É o primeiro curso que deixa este cargo, que vén desempeñando dende que se licencia. Ata a xubilación, o 28 de decembro de 1975, unicamente non imparte clase na Universidade durante o tempo que é profesor na Estrada (1933-1936), a Guerra Civil (1936-1942) e cando está destinado en Lugo (1950-1959).

- **1 de decembro:** Inaugúrase o centro estradense, despois de concluír o acondicionamento do local, unha antiga fábrica de mobles. É elixido secretario, cargo que ostentará ata a sublevación militar do 18 de xullo.

1934

- **24 de maio:** Era presidente do “Comité central pro monumento a Pardo de Cela” que se ía levantar na Estrada, co gallo de se cumprir o 450 aniversario do axustizamento do Mariscal en Mondoñedo. O proxecto non se chegou a materializar.

- **23 de xuño:** Toma parte na *xeira* da Terra de Deza que se desenvolve ata finais do mes como integrante da sección de Xeografía, da que era director R. Otero Pedrayo. A casa cinematográfica *Folk* desprazouse co gallo de “impresionar algunhas escenas” (“Seminario...”, 1934: 9).

- **1 de outubro:** Conselleiro permanente do SEG. Deixa a biblioteca por estar destinado na Estrada e non a poder atender.

1935

- **10 de abril:** Prorrógaselle por catro anos o nomeamento de profesor auxiliar temporal da Facultade de Filosofía e Letras, adscrito a

Historia Universal e de España (Moderna e Contemporánea), e Xeografía, malia que non imparte clases por atoparse na Estrada.

- **28 de xullo a 24 de agosto:** Celébrase en Pontevedra o primeiro curso de *Extensión escolar* do SEG. Xaquín Lorenzo e el encárganse de “Folklore i Etnografía”, dentro da sección dedicada a “Galicia e a súa cultura”.

1936

- **16 de febreiro:** Participa activamente nas eleccións das que sae vencedora a coalición da Fronte Popular. A partir desta data forma parte da directiva do Partido Galeguista da Estrada como secretario xeral. Tamén foi designado para concelleiro e alcalde, pero opúxose o grupo comunista.

- **26 de xuño:** Gran mitin fin de campaña do plebiscito do Estatuto na Estrada, no que participaron importantes oradores, como Castela e Enrique Rajoy Leloup. Os días anteriores celebráronse varios nas parroquias do concello, aos que el asistiu a todos: o 11, na de Callobre, e pola tarde na de Tabeirós; o 13 na de Oca, diante da capela do pazo onde se celebraba a festa de Santo Antonio (contaba que se dirixira ás mozas dicíndolles que se non votaban a favor do Estatuto igual as castigaba o santo e quedaban solteiras (González Pérez, 1998: 24); o 14 nas de Codeseda e Rubín (O Foxo)... Segundo a prensa, repartíronse miles de exemplares do Estatuto.

- **12 de xullo:** Sae o primeiro número, e tamén último, do periódico bimensual *La Voz de Cotobad*, do que era director, malia que non conste. Moitos anos despois, 1988, publicouse durante algún tempo pero co título en galego: *A Voz de Cotobade*.

- **18 de xullo:** Prodúcese o levantamento militar franquista. Como foi durante as vacacións cadroulle estar na casa de Loureiro, onde recibe as primeiras novas das detencións e asasinatos: o 14 de agosto é “paseado” Díaz Baliño, o 17 fusilan a Alexandre Bóveda, o 19 a Ánxel Casal... Contaba que o foran buscar máis dunha vez os falanxistas e os membros da *Guardia Cívica* de Pontevedra, pero non o acharon porque pasaba o día no monte. Nunha das visitas escribiron no lintel da porta do curral da casa en números ben grandes <1.936>, ao tempo que lle dicían á familia que era para “que nunca se olvidase de ese año”. Ante as ameazas fuxe para Santiago, segundo parece para a vivenda dun familiar da muller.

-: O SEG pecha as portas. Desaparece parte da biblioteca e dos fondos do museo: “Non hai realmente unha data fixa de comenzo do Instituto Padre Sarmiento porque, en tanto se fixo a obra, os libros que se salvaron do Movemento, que estaban na Biblioteca da Universidade —e aínda alí faltaron libros— levámoslos para un baixo da Rúa Nova” (Fraguas, 1992a: “O Seminario...”).

- **Primeiros días de setembro:** Preséntase na Estrada para preparar os exames, pero é detido polos falanxistas. Sempre se amosou moi remiso a contar o sucedido, unicamente dixo algo nunha entrevista en 1997:

Ó se producir o alzamento viñeron uns falanxistas de fóra e con varios mozos, algúns deles ex alumnos meus, organizaron a represión. Primeiro déronnos o ricino e logo mandáronnos borrar con cepillos e sosa viva todas as pintadas de ESTATUTO SI, que fixeramos no chan, arredor da fonte e noutros lugares concorridos. Os rapaces da vila, por me favorecer, na vez do cepillo e a sosa metéronme nas mans unha bandeira, que sería a falanxista, digo eu. Tiñamos que ir cantando o Cara al sol, pero como eu non o sabía, trabucábame e díxome un deles: Non cante, don Antonio, non cante; deixe... (López, 1997: 5).

Descrición que coincide coa doutras testemuñas, como a de Mario Blanco Fuentes (Blanco, 2003: 115).

Asemade saquearon o instituto: foi destruído o museo e o centro pechou definitivamente. Desapareceu a colección de pezas, orixe do futuro Museo da Estrada ou da Terra de Tabeirós que quería que algún día se instalase na torre de Guimarei: “Os soños non son máis que iso; pero quen sabe se outro día alguén soña ao redor da Torre de Guimarei” (Fraguas, 1992b: 54).

O tempo que permaneceu de docente estivo ateigado de actividades: catalogación de xacementos arqueolóxicos, catas nos mesmos cos alumnos e formación dun pequeno museo no centro (Rey Castiñeira / Rodríguez Calviño, 2001: 141); tratou de mellorar o nivel cultural de todos os veciños:

En la villa no hay una sola Biblioteca,... Teníamos por lo tanto la primera dificultad en el falta, no solo de Bibliotecas sino en la carencia de vocación para la lectura. Ante esta evidencia he

procurado desde el primer momento que la cultura se hiciese sentir no solo en el Instituto sino también entre las personas de fuera, procurando desterrar con ciclos de conferencias y charlas de divulgación científica la atmósfera tradicional del pueblo que experimentaba un placer en el juego y desdeñaba la lectura o el comentario como algo que no tenía en la vida ni misión ni finalidad alguna... (MPG: Fondo "A. Fraguas", carpeta 39).

dirixe o cadro de declamación da Agrupación "Artística Estradense", preside o "Comité central pro monumento a Pardo de Cela" etc.

- **4 de novembro:** O Goberno de Burgos insire no *Boletín Oficial* a relación dos docentes e funcionarios represaliados, entre os que figura el con suspensión de emprego e soldo e separación do ensino público, así como tamén Álvaro das Casas, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, Alfonso Rodríguez Castelao e Xesús Ferro Couselo, entre outros ("Personal suspendido...", 1936). O día 12 a dirección do Instituto comunícalle por oficio a orde anterior.

1937

- **9 de febreiro:** Ábrelle expediente o gobernador civil e presidente da "Comisión de Depuración de Enseñanza" de Pontevedra, ao tempo que se lle di que dispón de dez días para responder ao mesmo, que xa o fai o 17. O 20 de maio emitiu o veredicto a Comisión: "esta Presidencia ha acordado: La separación definitiva del servicio de Don Antonio Fraguas Fraguas". O día 25 a prensa publica unha relación de funcionarios sancionados na provincia de Pontevedra na que figura el ("Funcionarios...", 1937: 5).

1938

-: Director da "Academia Menéndez y Pelayo", fundada polo crego Ramón Davila García, centro legalmente recoñecido para estudos de Ensino Medio, primeiro na rúa da Troia e despois na da Algalia de Abaixo. Máis dunha vez tivo na mesma a visita, nunca grata, da policía (Romero, S. / Pereiro, X. M. (1994).

1939

-**10 de abril:** Césano como profesor temporal da Facultade de Filosofía e Letras (Historia Universal e de España e Xeografía).

1941

- **5 de novembro:** Solicita a revisión do seu expediente e acada que quede sen efecto a separación definitiva do ensino público.

1942

- **Xaneiro:** A “Dirección General de Enseñanza Superior y Media” recoñécelle como abono para a sanción de dous anos de emprego e soldo o tempo dende que fora cesado na Estrada (4 de novembro de 1936), considerándoa xa cumprida o mesmo día e mes de 1938.

- **15 de xaneiro:** O Colegio Oficial de Doctores y Licenciados en Filosofía e Letras y en Ciencias, do distrito de Santiago, rexeita a súa admisión como membro “por falta de avals de depuración”. Acéptao o seguinte 18 de marzo.

- **25 de novembro:** Admitido de novo como profesor axudante de clases prácticas encargado da auxiliaría de Xeografía da Facultade de Filosofía e Letras. Continuará ata que é destinado ao Instituto de Lugo, renunciando o 1 de novembro de 1950. Nos cursos seguintes impartirá: Xeografía, Historia da Xeografía, Xeografía descritiva, Xeografía de España e dos Pobos Hispánicos...

- **13 de decembro:** Membro correspondente da Real Academia Galega. O acto desenvolveuse no paraninfo da Universidade Compostelá.

1943

- **Maio:** Preséntase a cátedras de instituto pero os informes non lle son favorables. En particular no do “Delegado Provincial de Información e Investigación de la Falange” da Coruña consta que

con anterioridad al Movimiento estuvo afiliado al Partido Galleguista, manifestándose como separatista gallego en la rama católica. Durante el Movimiento no prestó ningún servicio al mismo. Fue sancionado con dos años de separación por la Dirección de Institutos.- La concepción Religiosa al igual que la de su vida pública y privada, es buena.- No pertenece a F.E.T. y de las J.O.N.S., no constando, por tanto, su afección al Movimiento (Beramendi, 2006: 195).

Os demais son do mesmo teor. Fracasou, non por falta de preparación, senón polos antecedentes políticos, como lle dixo un dos membros do tribunal: “El tribunal le estima y le respeta, pero la política acabó con Vd.” (González Pérez, 1998: 28).

- **15 de febreiro:** Constitúese en Compostela o “Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos” (IPSEG), dependente do CSIC, herdeiro espurio do extinto SEG. Fora aprobada a súa creación o anterior 30 de novembro e contaría con dez seccións e outros tantos directores. El non aparece en ningunha, pero será quen se encargue de organizar a biblioteca, que a levaran para a Universidade o 31 de decembro de 1941 (“Constitución del Instituto...”, 1944: 2). Nos anos sucesivos sería colaborador, secretario, bibliotecario, coordinador da sección de Etnografía e Folklore etc.

-: Publica o primeiro traballo despois da Guerra Civil, a diferenza de todos os anteriores, en castelán: “Juegos Infantiles de Loureiro de Cotovadé”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*.

1945

-: Participa nos *Juegos Florales* de 1944-1945 organizados polo Círculo Mercantil e Industrial de Santiago, co traballo “Del nacer al morir, o la vida y sus problemas según el saber popular”, baixo o lema “Por Xelmírez áurea, por Fonseca sabia e pol-o Apóstol santa”. Resultou galardoado co segundo premio (cincocentas pesetas).

1946

- **16 de xaneiro:** Colaborador do IPSEG.

- **Xuño:** Publica o primeiro artigo en galego despois da Guerra Civil, pero en Portugal: “Dous romances de Galicia” (*Revista de Guimarães*, vol. LVI, xaneiro-xuño).

- **25 de xullo:** A Associação dos Arqueólogos Portugueses noméao “socio correspondente”.

- **3 de setembro:** Inaugúrase oficialmente a nova sede do IPSEG. Dédícalle o artigo “El edificio”, sobre a historia do mesmo, no libro *El Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos* (1947). En 2001 trasladouse para o antigo Hospital de San Roque.

- **29 de outubro:** “Socio correspondente” da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia.

1947

- **15 de novembro:** Constitúese en Santiago o padroado “Rosalía de Castro”, do que é un dos fundadores. Nos anos sucesivos desempeñará os cargos de membro da xunta de goberno e tesoureiro.

1948

- **16 de xuño:** Defende a tese na universidade madrileña, Facultad de Filosofía y Letras, sección de Historia. Versou sobre a historia do Colexio de Fonseca, obtendo a cualificación de sobresaliente.

1949

- **30 de setembro:** Prórroga para continuar impartindo clase de Xeografía na Facultade de Filosofía e Letras ata a mesma data do ano seguinte.

-: Reestrutúrase o organigrama do IPSEG, quedando só dúas seccións, nas que consta como *colaborador efectivo* (igual que Bouza-Brey, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde etc.).

- **1 de novembro:** Supera en Madrid a oposición a catedráticos de Instituto de Xeografía e Historia.

1950

- **15 de maio:** Toma posesión como catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Lugo, do que nos anos sucesivos será vicesecretario (1953), delegado do curso de Preuniversitario (1954–1956), xefe de estudos (1955–1956), secretario (1956) etc.

- **1 de novembro:** Renuncia a profesor axudante na Facultade de Filosofía e Letras por residir en Lugo.

1951

- **19 de abril:** Académico de número da Real Academia Galega, a proposta de Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo e Luís Iglesias Iglesias. O discurso de ingreso non o vai ler ata o 8 de maio de 1956.

1952

- **13 de marzo:** “Socio correspondente” do Instituto Ant3nio Cabreira, de Lisboa (anexo da Academia de Ci3ncias de Portugal).

- **14 de xu3o:** M3ximo galard3n do *II Certamen Literario de Lugo*, polo artigo “Lugo en tres perfiles: horizontes, plaza y fiestas”.

- **10 de decembro:** Vogal da Comisi3n diocesana de Arte Sagrada da diocese lucense.

1953

-: *Geograf3a de Galicia* (Porto y C3a., Santiago).

1954

-**5 de maio:** *Irm3n maior* da Arquiconfrar3a do Ap3stolo Santiago, de Santiago de Compostela, da que tam3n ser3a vicepresidente segundo e primeiro.

1955

- **9 de xullo:** Xefe da secci3n de Historia Moderna e Contempor3nea do Centro de Estudios Jacobeos, por nomeamento do arcebispo-cardenal Quiroga Palacios.

- **23 de agosto:** Falece en Santiago a nai, Mar3a Teresa Fraguas V3zquez. Nacera en Listanco (Armeses-Maside) o 31 de xaneiro de 1873. Recibiu sepultura no cemiterio compostel3n de Bonaval.

-: Env3a o segundo artigo en galego, datado en Lugo este ano: “Paisaxe e historia nas conversas de D. Ram3n Otero Pedrayo”, para o libro colectivo *Ram3n Otero Pedrayo: a s3a vida e a s3a obra*, que se publica en Caracas en 1958.

1956

- **8 de maio:** Le o discurso de ingreso na Real Academia Galega: “Roseiras e paxari3os nas cantigas dun ser3n” (As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade). Comezou coa loanza do antecesor na cadeira, Castelao, atrev3ndose ata a mencionar as s3as obras prohibidas:

Prosas por nós moi estimadas son Verbas de chumbo serie de artigos feitos en Extremadura e publicados en A Nosa Terra a sua revista predilecta, e Sempre en Galicia (sic), a millor, mais noble e mais sincera interpretación da terra. Os dibuxos de Castela ilustraron periódicos e revistas. Do seu lápiz saíron agudas caricaturas a cuio tema adicou conferencias e traballos; a teoría das líneas aplicadas ós caracteres dos homes era sorprendente. O album Nós mereceu que nos xuicios críticos dixeran dél que non se había feito nada igual dende Goia. (Mais tarde dibuxou: Galicia mártir, Atila en Galicia e Milicianos).

Da resposta encargouse Ramón Otero Pedrayo:

Quixera nas miñas palabras, que non han seren moitas pro ben inzadas de verdade e de amor, manter aquila ergueita chama de leda confianza, de inmorrente esperanza, brilladoira como os fachicos e as estrelas da fonda noite aldeán galega, no decorrer do feiteiro discurso que rematou, fai un intre, como a derradeira pinga de lus do folión. Da foliada da terra ó mesmo tempo ergueita e gasalleira de Cotobade, achegada por vencellos de chán e de tradición ó cerne montesío da Nosa Terra, ná de vales ben logo de naceren envolveitos na dozura da Beiramar, terra madroa de bos canteiros e petrucios, de espritos fidalgos, de xente letrada e labrega da millor da Galiza. Bón fillo de Cotobade Antonio Fráguas quíxonos ofrecere esta noite a gala e honra do seu pais: seus cantos... (Fraguas, 2016: 10-29; Sar, 1965).

- **3 de xuño:** Máximo galardón do *VI Certamen Literario de Lugo* polo artigo “Lugo. Ciudad Eucarística en la ruta turística de España”.

-: *Historia del Colegio de Fonseca*, primeira parte da tese de doutoramento.

1957

-: *Santiago de Compostela* (colección “Publicaciones Españolas”, Madrid). Reedicións: 1976 e 1993 (esta bilingüe, galego–castelán).

1958

- **Abril–maio:** Secretario do *I Curso Universitario de Primavera*, organizado en Lugo pola Universidade compostelá.

-: *Los Colegiales de Fonseca*, segunda parte da tese de doutoramento.

1959

- **Abril–maio:** Secretario do *II Curso Universitario de Primavera* de Lugo.

- **1 de xullo:** Toma posesión da praza de profesor de Xeografía e Historia do devandito Instituto compostelán. Como nos anteriores (A Estrada e Lugo), desempeñará varios cargos: xefe de estudos, vicesecretario etc. O traslado, a petición propia, solicitárao o 22 de maio anterior.

- **31 de xullo:** Profesor adxunto da Facultade de Filosofía e Letras por catro anos, prorrogable por outros tantos. Nos cursos sucesivos, ata a xubilación como docente o 28 de decembro de 1975, vai impartir sobre todo Xeografía (Universal, Xeral, de Francia e Países Anglosaxóns etc.), pero tamén Literatura Francesa (en 1972).

- **30 de agosto:** Xantar de confraternidade na Estrada organizado polos exalumnos do instituto.

1960

- **31 de outubro:** Vogal da sección de Etnoloxía do Museo Municipal de Santiago de Compostela.

1962

- **16 de febreiro:** Vogal do xurado en representación da Universidade de Santiago do premio “Galicia” convocado polo consello do padroado da Fundación Juan March, determinado en Madrid.

- **7 de outubro:** Catedrático-titor de profesores axudantes bolseiros, co gallo da creación de Seminarios Didácticos dependentes da “Escuela de Formación del Profesorado”, con sede en Madrid.

1964

- **14 de outubro:** *Colegial de Honor* do Colexio Maior Fonseca de Santiago.

1966

- **Xaneiro:** Publica o terceiro texto galego logo da Guerra Civil, tamén no estranxeiro: unha recensión do volume I da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo, B. Aires, 1962 (*Revista de Etnografía*, vol. VI, t. I, Porto).

- **23 a 26 de marzo:** Catedrático-titor no Seminario Didáctico organizado polo Ministerio de Educación Nacional en Madrid, orientado á formación de licenciados que se dedicasen á docencia.

- **24 de novembro:** Bibliotecario da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, da que era membro dende anos antes.

1969

- **23 de setembro:** Socio da Sociedade de Lingua Portuguesa, Lisboa.

1973

- **26 de xaneiro:** Membro fundador da Academia Galega de Ciencias, da que sería bibliotecario, vicepresidente da sección de Matemáticas, Física e Física do Cosmos (20 de febreiro de 1990) e académico de número (23 de abril de 1983).

- **20 de marzo:** Director do Museo Municipal de Santiago: “Esta alcaldía considera como persona idónea para desempeñar el cargo de Director del Museo a D. Antonio Fraguas Fraguas, [...] el cual a sus indiscutibles condiciones intelectuales y humanas que toda la Corporación conoce, une un acentuado cariño hacia nuestra ciudad” (“Actas...”, 1973: 162).

- **5 de abril:** Secretario do IPSEG.

- **31 de agosto:** *La Galicia Insólita. Tradiciones gallegas* (A Coruña). Reedición, 1990.

-: *Pontevedrés do ano*, polos méritos como intelectual e divulgador da nosa cultura e, en particular, da súa terra de Cotobade.

1974

- **23 de abril:** *Lugo* (Bibliófilos Gallegos, Vigo).

1975

- **7 de xaneiro:** *Colegiado Distinguido* do “Consejo Nacional de Ilustres Colegios Oficiales de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras”. O acordo xa se tomara o 13 de decembro do ano anterior.

- **19 de decembro:** Socio correspondente na provincia da Coruña da *Real Academia de la Historia*.

- **28 de decembro:** Xubilase como profesor no instituto compostelán “Rosalía de Castro”, e tamén como adxunto da Facultade de Filosofía e Letras.

1976

- **24 de xaneiro:** Asiste á reunión celebrada no Hostal dos Reis Católicos de Compostela, para tratar da creación dun museo de Antropoloxía de Galicia.

- **5 de abril:** Deixa a secretaría do IPSEG. Tres anos antes abandonara a dirección da biblioteca.

- **17 de maio:** Preside en representación do presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez-Risco, os actos que se celebran en Cambados na honra de Ramón Cabanillas.

- **31 de xullo:** Constitúese o Padroado do Museo do Pobo Galego, do que é nomeado director e vicepresidente primeiro do padroado.

1977

- **29 de outubro:** Asiste como director á inauguración das primeiras salas do Museo do Pobo Galego, presidida polo ministro de Cultura y Bienestar, Pío Cabanillas Gallas.

1978

- **28 de xullo:** Fúndase a comisión xestora do novo Seminario de Estudos Galegos, do que é nomeado conselleiro vitalicio. Anos despois, 1983, foi vicepresidente do mesmo.

1979

-: *Manuel Murguía: o patriarca* (Colección: “Hombres que hicieron Galicia”, Vigo).

1980

- **7 de marzo:** Asina o manifesto fundacional de *Realidade Galega*, que tiña por principais obxectivos

a elaboración e difusión dun pensamento común e clarificador sobre a autonomía e os seus aspectos e o estudo concreto e profundizado de toda a problemática económica, cultural, política e social, a nivel técnico e de grupos de traballo con vistas a deseñar as solucións posibles dentro dunha futura configuración autonómica de Galicia.

O comité executivo estaba formado por García Sabell, R. Piñeiro, Torres Queiruga, M. Dónega, Sixto Seco, Fernández del Riego, C. Casares, X. Basilio Losada, B. Casal, X. Isla, Carballo Calero e Xulio Meixide.

1983

- **8 de xullo:** Membro a título individual do Consello da Cultura Galega, que se crea este día. Formou parte da Xunta Superior de Museos de Galicia, e dende 1991 foi coordinador da sección de Antropoloxía ata o pasamento. Durante estes anos organizáronse simposios, publicáronse as correspondentes actas e tamén se editaron varios libros.

1984

- **20 de maio:** *Pedrón de Ouro* da Fundación Pedrón de Ouro.

- **23 de xuño:** *Fillo Adoptivo e Medalla de Prata ao Mérito Cultural* de Santiago de Compostela.

- **25 de setembro:** *Fillo Predilecto* do concello de Cotobade.

- **26 de maio:** *Insignia de Ouro* do Museo do Pobo Galego. Impúxolla o presidente do padroado, Xaquín Lorenzo.

- **28 de decembro:** Membro fundador da Fundación Castelao.

1985

- **23 de febreiro:** *Medalla Castelao* da Xunta de Galicia.

- **Febreiro:** Renuncia á dirección do Museo Municipal de Santiago e é nomeado *director honorario*.

- **8 de xuño:** *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (Fundación Otero Pedrayo, Trasalba–Ourense). Segunda edición: *Cantigueiro de Cotobade*, Sada, 1998.

- **9 de xuño:** *Premio Trasalba* da Fundación R. Otero Pedrayo.

- **Novembro:** *El traje gallego* (Fundación Barrié de la Maza, A Coruña).

1986

- **16 de maio:** *Aquilino Iglesia Alvariño: vida e obra: escolma de textos*, co gallo de que se lle dedica o Día das Letras Galegas (Real Academia Galega).

-: *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época, 1784–1813–1821*, Santiago de Compostela.

1987

- **Decembro:** Homenaxe polo 40 aniversario do padroado “Rosalía de Castro”, cos outros tres membros fundadores vivos, Manuel Beiras, Felipe Cordero e Xaime Isla.

1988

- **14 de abril:** *Romaría e santuarios* (Galaxia, Vigo). Reedicións: 1989, 1992 e 1995.

- **31 de xullo:** Publícase en lembranza do bimensual *La Voz de Cotobad*, do que o único número saíu o 12 de xullo de 1936, o que sería o dous, pero co título en galego: *A Voz de Cotobade*. Colaborou en varios números: “Coñece o teu concello” (31-VII e 14-VIII-1988), “O fantasma do coto da Torre” (18-VIII-1988), “Cantigas da parroquia de Almofrei” (25-IX-1988), “O magosto en Cotobade” (X-1988), e “O Entroido nas terras de Cotobade” (I-II-1989).

- **26 de decembro:** *Premio de Investigación* da Xunta de Galicia.

1989

- **24 de febreiro:** *Medalla de Ouro ao Mérito Cidadán e Cultural* do concello de Santiago.

-: *Celso Emilio Ferreiro*, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas (Real Academia Galega).

- **16 de decembro:** Presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo pasamento do anterior, Xaquín Lorenzo, o 18 de xullo.

- **7 de outubro:** Homenaxe dos exalumnos do Instituto de Lugo, e o concello ponlle o seu nome a unha rúa da cidade.

1990

- **20 de setembro:** Membro fundador da Fundación “Alexandre Bóveda”, con sede en Pontevedra.

-: A vila de Melide dálle o seu nome a unha rúa.

1991

- **25 de outubro:** *Galego do mes* do xornal compostelán *El Correo Gallego*.

- **28 de novembro:** *Galicia máxica* (*El Correo Gallego*, Santiago), no que recompila cinco artigos xa editados con anterioridade.

1992

- **14 de febreiro:** *Cronista Xeral de Galicia* (Decreto 9/1992 do 23 de xaneiro do Consello da Xunta de Galicia).

- **31 de febreiro:** *Carnaval e outras festas* (*El Correo Gallego*, Santiago). Reproduce dous artigos publicados en 1946 e 1947, respectivamente.

- **27 de abril:** *La Antigua y la Nueva Galicia: caminos del mundo...*, con José Rogelio Álvarez, Cámara Nacional de Comercio de Guadalajara, México.

- **5 de xuño:** *Premio R. Otero Pedrayo* das catro deputacións provinciais de Galicia.

1993

- **25 de xuño:** *Diploma de Honra e Insignia de Ouro* da Sociedade de Fillos e Amigos da Estrada.

- **20 a 23 de setembro:** Membro do Comité de Honra do “Congreso Internacional de Geografía: Los Caminos de Santiago y el territorio”, celebrado en Santiago.

- **16 de novembro:** *Los 90 de Oro* do Consejo Español de Mayores e Fundación Mapfre, Madrid.

- **23 de novembro:** O concello de Santiago acorda que leve o seu nome o Instituto das Fontiñas.

- : *La Puerta Santa*. A primeira edición saíra en 1970 na *Revista de Etnografía*, vol. XV, Porto.

1994

-: *Medalla de Ouro e Brillantes* da Asociación de Empresarios de Artes Gráficas.

- **26 de novembro:** Homenaxe do concello de Cotobade.

- **17 de decembro:** Homenaxe do Museo do Pobo Galego e acto de recepción da súa biblioteca).

- **26 de decembro:** *Membro de Honra* da “Peña da Boina” de Pontevedra.

- *Do Entroido* (Museo do Pobo Galego). Versión galega de dous artigos publicados en 1946 e 1956.

1995

- **17 de maio:** *Premio das Letras e das Artes* da Xunta de Galicia.

- **29 de xullo:** *Medalla de Ouro* da Asociación do Traxe Galego de Santiago de Compostela. Pouco antes creara o premio “Antonio Fraguas” para traballos de investigación sobre a indumentaria tradicional.

- **9 de setembro:** *Membro de Honra* do Club Lectores de Galicia da Estrada.

- **11 a 14 de outubro:** A sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura dedícalle o simposio internacional sobre a medicina popular e a saúde. No que tomaron parte, entre outros: X. M. González

Reboredo, X. Fuentes Alende, C. González Pérez, X. R. Mariño Ferro, X. A. Fidalgo Santamariña, A. Erkoreka, T. Calvo Buezas, F. Roux, Á. Aguirre Baztan, R. Briones Gómez, F. Giner Abati, O. Romaní, J. M. Comelles, E. L. Menéndez, E. González Fernández, M. Gondar Portasany, M^a. T. Amboage Paz, I. Pais Pazos, M^a. I. Gómez Besteiro e D. Simón Lorda. Dous anos despois saíron as actas: *Medicina Popular e Antropoloxía da Saúde. Actas do Simposio internacional en homenaxe a D. Antonio Fraguas*.

- **16 de outubro:** A cidade de Santiago ponlle o seu nome a unha vía.

- **18 de outubro:** *Insignia de Ouro* da Universidade de Santiago.

- **22 de decembro:** Homenaxe do Museo de Pobo Galego polos 90 anos.

-: *O Colexio de Fonseca*, versión galega da tese de doutoramento, que se publicara antes en dous volumes, en 1956 e 1958.

- **28 de decembro:** Homenaxe do concello de Santiago polo 90 aniversario.

-: *A festa popular en Galicia* (Sada). Este ano figura na portada, pero o depósito legal xa é do seguinte.

1996

- **29 de marzo:** Fina a súa dona, Teresa Martínez Magariños, que recibe sepultura no cemiterio compostelán de Boisaca. Nacera en Valga (Pontevedra) o 2 de marzo de 1903.

- **14 de decembro:** *Premio de Honra á exemplaridade de toda unha vida dedicada á Normalización Lingüística* da Fundación San Martiño da Estrada.

-: *As cousas de Antonio de Insuela* (*El Correo Gallego*, Santiago), unha escolma de artigos que saíran antes no xornal *O Correo Galego* (1995 a 1996).

1997

- **20 de xaneiro:** *Medalla de Ouro* da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.

- **30 de xuño–30 de novembro:** Presidente en funcións da Real Academia Galega. O 26 de novembro preside o acto da presentación do

Diccionario da Real Academia Galega no compostelán Pazo de Fonseca, e o 30 do mesmo mes, a sesión plenaria da que saíu elixido presidente Francisco Fernández del Riego (Pousa, 1997).

1998

- **6 de marzo:** *Patriarca da Galeguidade* da Enxebre Orde da Vieira.

- **1 de maio:** Dá unha conferencia en Pontevedra: “Benvida ao maio”.

- **23 de outubro:** *Galego do Ano* dos xornais composteláns *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*.

- **28 de decembro:** Preséntase a primeira biografía súa co gallo do 93 aniversario: *Galegos na historia. Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*, escrita por Clodio González Pérez e publicada por Ir Indo Edicións (Vigo).

-: A Deputación Provincial da Coruña crea o *Certame de Artesanía “Antonio Fraguas Fraguas”*.

1999

- **29 de maio:** A asemblea do Padroado do Museo do Pobo Galego aproba a creación da Fundación “Antonio Fraguas Fraguas”.

- **29 de maio:** Renuncia á presidencia do Padroado do Museo do Pobo Galego por motivos de saúde.

- **7 de xuño:** *Ancián distinguido do 1999*, do Club de Xubilados de Caixa Galicia. O acto, público e multitudinario, desenvolveuse na compostelá praza da Quintana.

- **9 de agosto:** Asina a acta constitucional da Fundación “Antonio Fraguas Fraguas”, con sede no Museo do Pobo Galego, co obxectivo de conservar e dinamizar o seu legado cultural.

- **31 de outubro:** Publica o derradeiro artigo no xornal *O Correo Galego*, no que lembra a estada con F. López Cuevillas e María P. Lorenzana nas terras lucenses do Saviñao, a finais da década dos anos vinte do século pasado.

- **5 de novembro:** Falece en Santiago de Compostela e a capela ardente instalouse no auditorio do Museo do Pobo Galego. O concello de Santiago de Compostela emite unha declaración institucional na que di que

Santiago ten unha débeda impagable con D. Antonio Fraguas, que foi non só un dos impulsores do Museo do Pobo Galego, que hoxe é un orgullo para a nosa cidade e para toda Galicia, senón o autor dalgunha das páxinas máis fermosas escritas sobre Compostela, á que transitou e desentrañou como poucos.

- **6 de novembro:** A Comisión de Cultura do Parlamento de Galicia garda un minuto de silencio na súa honra.

- **6 de novembro:** Recibe sepultura á entrada do cemiterio compostelán de Boisaca, entre Aurelio Aguirre e Ramón María del Valle-Inclán, e dende o 5 de xaneiro de 2012 a carón de Isaac Díaz Pardo.

A longo do ano 2000 saíron catro publicacións póstumas, das que algunhas xa as escribira moito antes, como as notas necrolóxicas dos académicos, Manuel Vázquez Seijas, falecido o 23 de decembro de 1982, e Xaquín Lorenzo Fernández, o 18 de xullo de 1989 (*Boletín da Real Academia Galega*, número 361); o artigo autobiográfico “O lugar e a casa onde nacín”, no que conta como eran na súa nenez (*Grial*, outubro-novembro-décembro, 1999) e o limiar da reedición do *Corpus petroglyphorum Gallaecia* de R. Sobrino Buhigas.

Non queremos rematar esta cronobiografía sen deixar constancia dalgúns nomeamentos dos que non puidemos pescudar os anos: membro da comisión asesora do Padroado do Museo de Pontevedra en Arqueoloxía e Antropoloxía Cultural; vogal do Museo de Lugo; asesor do padroado do Museo da Casa da Troya; membro do consello reitor da Fundación “R. Otero Pedrayo”; presidente do grupo II da “Asociación Española de Amigos de los Castillos” (sección provincial de Lugo) etc., así como das rúas que lle dedicaron en vida ou despois do seu pasamento, ademais de Compostela e Melide, Pontevedra, Oleiros e Cambre.

C.G.P.
Museo do Pobo Galego
Real Academia Galega

Bibliografía

Fontes documentais

- Arquivo do Concello de Santiago de Compostela: “Actas de pleno”, 20 de marzo de 1973.
- Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: Expedientes de alumnos e de docentes.
- Instituto de Educación Secundaria “Valle Inclán”, Pontevedra: Documentación do Instituto da Estrada.
- Instituto “P. Sarmiento” de Estudios Gallegos: Fondo documental do Seminario de Estudos Galegos, e do propio Instituto.
- Museo do Pobo Galego: Fondo “A. Fraguas Fraguas”. (“Notas da miña vida e do meu tempo”, “Correspondencia” etc.).

Publicacións

- (1933): “A Cultura Galega hoxe en día”, *Nós: boletín mensual da cultura galega*. Ourense: Día de Galicia.
- (1931): “A esquerda galeguista fálalle o país”, *A Nosa Terra*. A Coruña, 1 de xullo.
- (2006): *Antonio Fraguas Fraguas, 1905–1999. Ofrenda no seu centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego/Fundación Antonio Fraguas Fraguas/Xunta de Galicia.
- Álvarez, A. (2013): *Historias de Radio Galicia: 80 anos contigo, 1933-2013*. Santiago de Compostela: Radio Galicia SER.
- Beramendi, J. (2006): “O soldado fiel”, en *Antonio Fraguas Fraguas, 1905–1999. Ofrenda no seu centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego/Fundación Antonio Fraguas Fraguas/Xunta de Galicia.
- Blanco Valdés, J. L. (2003): “A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testimonios”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. A Estrada: Fundación Cultural da Estrada/Museo M. R. Portela.
- “Constitución del Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos” (1944): *El Compostelano*, 16 de febreiro.
- Filgueira Valverde, J. (s. d.): “Fraguas y Fraguas, Antonio”, *Gran Enciclopedia Gallega*, XIV, Santiago–Xixón (Versión galega, aproximada, “Fraguas Fraguas, Antón”, s. d., *Gran Enciclopedia Galega*, XIX, Lugo).
- Fraguas Fraguas, A. (1959): “El conde de Covelo”, *Lar*, 302, pp. 17-18.
- ____ (1968): “Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e do seu tempo”, *Grial*, 21, Vigo, pp. 334-357.

- _____ (1992a): “O Seminario e o Padre Sarmiento”, *Diario 16 de Galicia*, 1 de marzo.
- _____ (1992b): “Un recordo de aquela Estrada”, *Faro de Vigo*, 24 de xuño.
- _____ (2016): “Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán”, *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- _____ (1993): *O conto de Serafín. O santuario da Franqueira*. Santiago de Compostela: Castromil, col. Contos do Castromil.
- _____ (1999): “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial*, 144, Vigo, pp. 621-629.
- _____ (s.d., ms.): “Notas sobre da miña vida e do meu tempo”. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego: Fondo “A. Fraguas”.
- “Funcionarios sancionados” (1937): *La Voz de Galicia*, 25 de maio.
- García Bayón, C. (1991): “Con Antonio Fraguas y Fraguas, pontífice máximo del mundo, trasmundo e intramundo de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 25 de agosto.
- García Liñeiro, M^a. e Tomé Cruz, A. (2001): “Entrevista”, *Xeada*, “In memoriam”, Instituto “A. Fraguas”, marzo, Santiago de Compostela.
- González Pérez, C. (1998): *Galegos na Historia: Antonio Fraguas Fraguas: profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo, galego de ben*. Vigo: Ir Indo.
- González Reboredo, X. M. (1997): “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino*, 17, novembro, Santiago de Compostela.
- López, S. (1997): “Antón Fraguas: O tempo non é para matalo, senón para vivilo”, *La Voz de Galicia*, 3 de agosto.
- Lorenzo Vázquez, R. (2000): “Antonio Fraguas Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña.
- “Noticias...” (1933): *El Compostelano*, 27 de abril.
- “Personal suspendido de empleo y sueldo” (1936): *El Diario de Pontevedra*, 10 de novembro.
- Pousa, L. (1997): “Fernández del Riego toma posesión como novo presidente da Academia”, *El Ideal Gallego*, 30 de novembro.
- Rey Castiñeira, J. e Rodríguez Calviño, M. (2001): “Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. A Estrada.

- Romero, S. e Pereiro, X. M. (1994): “Aldeanus igitur”, *La Voz de Galicia*, 20 de marzo.
- Sar, M. (1965): “Don Antonio Fraguas Fraguas, catedrático, autor de libros, investigador y conferenciante”, *El Ideal Gallego*, 16 de febreiro.
- “Seminario de Estudios Gallegos. La campaña de investigaciones en Deza” (1934): *El Pueblo Gallego*, 1 de xullo.

Prensa

- El Compostelano*: 1-XI-1932; 27-IV-1933; 28-IX-1933; 16-II-1944.
- Diario 16 de Galicia*: 1-III-1992.
- El Diario de Pontevedra*: 10-XI-1936.
- Faro de Vigo*: 24-VI-1992.
- El Ideal Gallego*: 16-II-1965; 30-XI-1997.
- Nós*: 25-VII-1933.
- A Nosa Terra*: 1-VII-1931; VIII-1932; 28-XII-1933; 9-VI-1934; 7-IX-1935.
- El Pueblo Gallego*: 10-IV-1934; 30-V-1934; 1-VII-1934; 7-IV-1935; 9-IV-1935; 16-VI-1936.
- A Voz de Cotobade*: 31-VII-1988; 14-VIII-1988; 28-VIII-1988; X-1988; 1-II-1989.
- La Voz de Galicia*: 25-V-1937; 25-VIII-1991, 20-III-1994; 3-VIII-1997.



Atardeceres I

Limiar

Limiar

LUÍS COCHÓN

I

É ben sabido que a palabra, modo primordial de intimidade espiritual de homes e mulleres, do seu pensar e sentir, vén ser son oral, *fala*, que non signo escrito, *letra*, e que por séculos, e aínda hoxe en sociedades ou culturas —non, por forza, incultas, que ese é outro cantar!— a voz viva e sonora, non a morta ou amortallada en figuras e grafías, xerou, atesourou e trasladou o inmenso legado que ía decote medrando e acugulándose da experiencia e do saber humanos.

Este mundo de tradición oral translócese en boa parte da obra de Antonio Fraguas: cantos e contos dicían as vellas (e os vellos) xunto o lume, na invernía; os romances de Xerinelos e do rei Artur, de Lanzarote e don Roldán, mesmo no noso Amadís de Gaula, ou no caso, de don Gaíferos de Mormaltán, Décimo duque de Aquitania que o neno Antonio apañaba e poñía na memoria todo ese mundo heroico e lendario, sen ter que saír da súa propia parroquia, Santiago de Loureiro, na mesma Terra de Cotobade, media montaña pontevedresa que encara a Terra de Montes.

Historias de mortos e desaparecidos, louvanzas de velorio, de mouros e de tesouros, e entre medias, fazañas guerreiras dos que a si propios se chaman “os do canón de pau”, resistentes invictos, na *francesada* dos comezos do XIX.

Se eu por min me poño a facer memoria, ese privilexio da alma, atópome co mestre Fraguas, na boca de don Francisco Cerviño, de moi alta consideración, para quen isto escribe, na clase de Historia ou Xeografía, na segunda metade da década dos 50, no colexio da Inmaculada, na Boa Vila. Don Francisco, ao pasar, deixou caer o nome de Fraguas, naquela clase e noutras clases en anos sucesivos.

Nunha mañá de verán do 1958 —parécemo— mestre Cerviño presentouse a don Antonio que ía cara ao museo. Na ocasión lémbrome que se falou en galego, entre eles e nas poucas palabras apoucadas que tatexei eu. Cerviño foi o meu mestre de galeguismo, e demais, que nel sonaba sonoro

coma um clarín de guerra, pero tamén melancólica e nostálgica, a voz, de Cerviño estreita de tenor, nerviosa —decote delicada— que se correspondía cun vulto esguío pola franqueza, sen paraxe, do seu talento apaixonado de bo talante.

Falaban entre eles dos restos dunha cultura rural —e mariñeira— que se derruba sen estrondo nin fragor, maina, como morren [fatais] as cousas grandes neste País que temos de noso, e de vez.

Fraguas e Cerviño eran irmáns, por irmandiños e por nacionalistas galeguistas, dende que as Irmandades da Fala na súa sétima asemblea os fixeron coincidir *per causam* coa fundación naquela fin de semana —sábado e domingo— no Hotel Madrid, de Pontevedra, en decembro —6 e 7— do ano 1931, da República do 14 de abril. Entre denominalo Rexionalista como querían as dereitas, ou Nacionalista como adoitaban as esquerdas, houbo que artellar a estrutura acabada de fundar do Partido Galeguista como terceira vía, se cadra para non ir a ningures, visto, xa que logo, as varias refundacións —acordemos da comandada por Ramón Martínez López— efémeras ata hoxe.

II

Cerviño e Fraguas, “cursillistas” do ano 33, obtiveron por oposición prazas de profesores en Institutos de Vigo e da Estrada. Os dous —coma tantos— foron depurados no 36, daquela maneira, ben sabida. Pertencían delambos á segunda quenda, por dicir, a unha xeración, na Universidade galega, *privilexiadas polo xenio*, aquela floración que andou a xeira que, a partir de *Nós*, acrece no Seminario de Estudos Galegos e nas Vangardas.

Ningún dos dous amigos asignaron o manifesto, por dicilo así, de Dereita Galeguista, coma os *cinco Pepes* (Filgueira incluído) de Pontevedra, segundo testemuña clara e tallante dona Daría González García-Paz, esposa de don Francisco Cerviño Xesteira e irmá de Sebastián (Tano), dos mesmos apelidos, compañeiro, o máis amigo que foi, tanto no Instituto de Pontevedra como, un ano despois, na Facultade de Historia, en Compostela. Non podo esquecer os recordarios de Xosé Luís Méndez Ferrín, nunha dedicatoria a Francisco Cerviño tan cariñosa e patriótica e, aínda, a necroloxía “Señorita Daría”, que non teño á man, onde Xosé Luís fai relembro entrañable dos dous profesores, Francisco e Daría, do noso colexio pontevedrés, onde exercían,

no ensino privado, para que soubéramos de verdade recoñecérmonos na nosa estirpe patria [acábanse de cumprir os 25 primeiros anos do poemario *Estirpe do Ferro*, tan verdadeiro].

III

Cando cheguei eu a ser claustral do Instituto Rosalía de Castro, daquela feminino, albergado no antigo Colexio Maior Juan de Sanclemente [de Pasantes], historiado por Sebastián González, apenas coincidimos don Antonio e mais eu. Estaba el a piques de se xubilar, aos 70 anos, e quen escribe, no comezo da trintena. Pero Fraguas, especie de Institución no Centro, seguíu a ir por alí, por costume e por cariño aos vellos e novos compañeiros, sempre tan natural, comedido, ben humorado e case que pillabán, que se lle vía nos ollos. “Unha alma campesiña, a súa, e unha sabedoría inmensa que non tiña devezo de notoriedade” (Barreiro Fernández). “Polo seu dominio da palabra xusta para chamar as cousas. Pola súa condición de home de ben que compoñía retesías e amañaba pleitos” (Ramón Villares).

Non o tiven de profesor na Facultade. Algunhas veces levoume don Fermín Bouza ao Instituto Padre Sarmiento para que tratara con don Antonio cousas que el fora sabendo, circio e tenaz, aos poucos. O sabio faise aprendendo a saber: un axioma ou un dogma, segundo levo sentido, nunha vida —pouco menos ca un século, 1905-1999—, laboriosa e entregada.

Máis tarde foime levando outro gran mestre, Isidro Millán, antigo profesor meu de Grego, cando oficiou de bibliotecario no Sarmiento. Viñeron logo os anos últimos de Manuel Rubén [García Álvarez] o noso gran medievalista ribadaviense que concitou entre os máis mozos a alegría de oílo falar e desentrañar documentos do ano mil (que máis parece unha historia de Cunqueiro “y pico de oro”, ou aquela outra tese de doutoramento de Ortega y Gasset —cando as teses tiñan menos de oitenta páxinas— sobre *Los terrores del año 1000*. Don Rubén sentíase liberal de esquerdas que nos puido influír, benéfico, no tratamento do pensamento crítico e na transmisión esclarecida dos miles de documentos —arredor do cambio do milenio e outras sortes— que nos entregou magnánimo para que queden aí, ao lado das etimoloxías de noso, Alta Idade Media, verdadeiras palabras da tribo, no cerne do estripeiro que somos.

IV

Don Antonio, aló andaba el cos seus alumnos da sección de Historia, puntual e sen présas. Moi querido polos seus alumnos aos que lle prodigou saberes e aprobados. Deu clase de case todo: Historia e Xeografía do universo mundo, Arte, Arqueoloxía, Epigrafía e Nimismática, Paleografía, nunha Universidade de provincias onde as cátedras ou non eran convocadas ou, se se cubrían, érano por catedráticos de paso, á espera do primeiro concurso de traslado. Poucos remaneceron entre nós: contados.

Os aprobados de Fraguas, como antes os do seu mestre Otero Pedrayo, non suporían ningún tipo de desgana ou desleixo, máis ben “no fondo, unha intelixente maneira de combater a lóxica de Franco” (Ramón Villares). Na “era de Franco” que o suspendeu de emprego e soldo, e demais inclemencias, do tempo que lle tocou vivir, ominosas.

De propósito, para matizar o anterior, farei pousar unha nota, referida a *sequitur* [pronúnciese *sékwitur*]: terceira persoa —por veces impersoal— do presente de indicativo do verbo, deponente, latino *sequor*: procede, prosegue, resulta, segue. Inferencia que se deduce das premisas: secuencia conforme, movemento acorde, dinámica caudal.

“Haberá cousa máis feliz que ver a un vello Mestre rodeado dunha xuventude afanosa de aprender?” no dicir de Cicerón.

V

Cada vez que traspaso a pedra soarega desta Casa, acólleme a sombra inamobile de Carlos García Martínez, guieiro que foi circio e teimudo, do temón deste Museo do Pobo Galego que Carlos guiou con habelencia e orgullo, sen se casar con ninguén que intentara perverter o rumbo xeneroso que o último director desta irmandade de noso quixo para si e para nós e para esta obra que ben vista, obra súa foi e será, se nos fundamentamos no código leal e moral que García Martínez e outros bos —antes, el despois— hannos pasar a remuda.

Coincidimos na carreira na vella casa grande da Praza da Universidade que albergaba daquela Dereito e Filoloxía e Letras, e hoxe, da segunda, a rama de Historia única en moitos anos. Fómonos delambos por vieiros dispares e de andadura diversa. A de Carlos debeulle ser imposta pola familia. A

miña foi produto dunha edificación interior que me levou a abandonar as Ciencias e a virme cara ás Letras. Nunca me figurei a Carlos en figura de avogado nin el a min en profesoral e espeso. —Haiche moitas vidas! Tal dicía o Orestes de Cunqueiro—. Algúns dos meus amigos mellores exerceron profesións que non cabía agardar da súa vocación primeira. Quixo ser, Carlos, arqueólogo, historiador da Antigüidade, etnógrafo, antropólogo, activista cultural, xestor de empresas impecunes que non daban de comer, pero que alguén ten que mirar por elas. Sobre todo cando se trata de institucións que procuran o patrimonio comunal (a fidalguía que levamos de noso) e aínda o imaxinario colectivo inculcado nas palabras da tribo patriana, herdo e salvagarda, “inmensa, antiga herdanza” á que Carlos García Martínez lles foi sempre fiel, afastándose —*ex toto diametro*— de quen deturpara o esencial da manda que nos veu outorgada polos que viviron antes ca nós, xunguidos todos na entrega á Nai Galicia.

“Pero aí está no Museo Carlos García Martínez que con vocación, esforzo, tenacidade e saber, fixo del unha admiración”. Ninguén mellor que don Antonio Fraguas para dármonos as virtudes e potencias de Carlos, na boca do Mestre a quen máis quería e apreciaba.

Teremos, tamén que agradecer a Fraguas o labor mancomunado e a compañía que logrou coa aquiescencia de Carlos, figura esta incomparable no eido da cultura nosa, nos últimos —cando pouco— corenta anos. Beizón.

VI

A colectánea que ofrecemos a don Antonio Fraguas Fraguas, memoria e honra dun Mestre, ao ser este ano o da elección de don Antonio como persoeiro maior no Día das Letras Galegas, ao longo desta anada de 2019 que será, homenaxe mínima, e, para todos nós, de grata acordanza.

Fomos recadando, no Centro Ramón Piñeiro, no Museo do Pobo Galego e na Fundación A. Fraguas trinta e seis achegas, tres ducias, xustas e cravadas, de varia lección e doutros tantos autores, aos que a figura do polígrafo cotobadense non lles foi distante —en modo algún— ben por trato próximo como profesor en institutos e na Universidade, ben por proximidade máis difusa na lectura da súa obra magna obra, tamaña e enciclopédica, se a hai.

Pode chegar a ser empresa ardua atopar especialistas que veñan ao dedo que anelar, na plúrima curiosidade do Mestre Fraguas que andou —1905-1999— unha vida teimuda e laboriosa, ao correr do século XX. Pero fómolos atopando ata non caber no espazo que nos foi dado cubrir.

Nunha miscelánea, tal esta, só pode ser escolma posible e, por iso mesmo, mostra pouco probable, na medida —tamén os libros— que as cousas, as achegas —*gratis et amore*— os artigos e outras contribucións, detalles, memoracións... nos mellores dos casos levan prendida a espontaneidade do íntimo, escasamente obxectivo por si.

Poderémonos explicar como un tema ou motivo devecido por máis dun autor —foi o caso do *Cantigueiro de Cotobade*— que quedou por facer, por esas cousas e outras?

Temos que agradecer o bo labor de tódolos autores e autoras que fixeron medrar (se atendemos ao étimo) este libro de amigos *in honorem* de Mestre Fraguas, *trigo limpo candéal*.

VII

A primeira parte deste Caderno XXXIX apreixa catro achegas de singular galanura expresiva, como caídas do Ceo de don Antonio, gran credor.

A que guía o comezo, *ab initio*, correspóndese cunha das moitas “laudatio” que Carlos García Martínez, sucesor e temoneiro, novo Palinuro, escribiu nas efemérides varias das que Mestre Fraguas foi loado: trátase dun texto curto, retraído, pensado e estreito para traer a lévedo o retrato máis certo, conforme e cabal do persoeiro.

A segunda das achegas, a de Arcadio López-Casanova, alumno que foi de don Antonio, tanto no Instituto Masculino de Lugo coma na Facultade de Historia, e hoxe dos mellores poetas en lingua de noso. O soneto, dedicado, espléndido, mesmo de Camões parece ter saído.


A terceira, tan atinada e acaída, veu da man da gran escritora Nélida Piñon, de fulgurante prosa narrativa, en parte aprendida na mesma Terra de Cotobade e de Montes das que proveñen don Antonio Fraguas e dona Nélida, gran romancista do Ultramar, brasileira, por ter nacido alí.

Na entrega, cariñosa, onde todo se di para non faltar nada: fermosísima habelencia.

A cuarta maneira, dun día para outro, pero no último día, entregóunola Víctor F. Freixanes: “Quintín de Borela”, personaxe que non é a primeira vez que aparece na novelística do autor, xa que logo, Quintín, transforma, e na conta e na canta, na voz narrativa, aquí, e nos cumes do escritor, marca —Quintín— a pauta música de salmodiar, que atina co ton.

Na segunda parte desta homenaxe póusanse outras entregas. Se as catro do inicio do libro van alí como primicias acaroadas arredor da figura xa prócer de Antonio Fraguas, as de agora, postas en orde —cando menos— alfabética dos autores e autoras, tan agradecidos, quixeran ser un carabeliño de cereixas do cedo, neste maio longo, para galano, no seu Día, de Mestre Fraguas, na súa Gloria.

L. C.



Atardeceres II

Achegas

Cita dos amigos pontevedreses. Epistolario de Antonio Fraguas a Xosé Filgueira Valverde

ANA ACUÑA

1. Introducción e agradecementos

Esta contribución¹ quere ser unha cita de Antonio Fraguas cos amigos pontevedreses, apropiándonos —con leves modificacións— dunha das frases de don Antonio no Pregón das Festas da Peregrina de 1984.

Aínda que nos centraremos no epistolario intercambiado cun deses amigos, Xosé Filgueira Valverde, consideramos pertinente aludir ás cartas de Antonio Fraguas con Francisco Javier Sánchez Cantón por canto unhas botan luz sobre as outras e permiten entendelas mellor².

Antes de continuar, cómpre deixar constancia do noso agradecemento a diversas institucións pola súa atención e dilixencia á hora de ofrecernos material sobre don Antonio Fraguas e os amigos pontevedreses: Museo de Pontevedra, Museo do Pobo Galego, Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, IES Sánchez Cantón de Pontevedra e Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Así mesmo, estamos en débeda con dúas persoas que nos forneceron pistas, documentos e contactos: Pepe Álvarez e Manuel Morquecho. Xa que logo, as eivas deste traballo son exclusivamente da autora, e maiores serían sen a colaboración das persoas e institucións citadas.

2. Epistolario pontevedrés

Como xa adiantamos, baixo esta denominación incluímos as cartas intercambiadas entre Antonio Fraguas e Xosé Filgueira Valverde e mais entre o primeiro e Francisco Javier Sánchez Cantón, misivas arquivadas no Museo de Pontevedra.

¹ A elaboración deste artigo forma parte do proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad FEM 2015-66937.

² Tal e como mostra a *Cartolatría* en tres volumes publicada polo Museo de Pontevedra (Fortes Alén, 2017).

Por outra parte, e co obxectivo de obter unha visión máis completa das relacións e da situación persoal de Antonio Fraguas, durante esta contribución aludiremos ás cartas enviadas polos pontevedreses ao de Cotobade, así como ao epistolario recibido por don Antonio Fraguas entre 1923 e 1951 gardado no Museo do Pobo Galego.

2.1. Presentación e lingua do epistolario

Sen prexuízo de que poidan aparecer máis cartas das consultadas por nós (por exemplo entre a documentación do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento ou de Bibliófilos Gallegos), os textos enviados por Antonio Fraguas a Xosé Filgueira abarcan, temporalmente, dende 1929 ata 1975. Trátase de 41 textos nos que incluímos cartas, tarxetas e telegramas, mesmo as 13 circulares enviadas por Fraguas en calidade de secretario do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento.

Ao noso entender, as epístolas de maior interese son aquelas redactadas nos anos 40 e 50, anos especialmente complicados nos que Antonio Fraguas debe reconducir a súa vida (revisión do expediente sancionador, oposicións, tese...) tronzada coa Guerra Civil e nos que se van recompoñendo as institucións en Galicia (desaparecido o Seminario de Estudos Galegos, nace o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento). Son estes os tempos de “remozar viejas ilusiones” como lle indicou por escrito Antonio Fraguas a Francisco Javier Sánchez Cantón, con quen intercambiou letras entre 1945 e 1969.

En canto ao idioma, as cartas de Antonio Fraguas a Xosé Filgueira foron redactadas en galego antes da Guerra Civil³. A partir de entón, o castelán será a lingua habitual entre o de Cotobade e o de Pontevedra, cun breve inciso no trienio 1945-1948 no que o galego volve encher os seus escritos. Para o cambio lingüístico non debeu ser alleo o medo imperante no contexto sociopolítico (González Pérez, 2006: 69), tal e como nos transmite unha confianza epistolar de Sánchez Cantón a Fraguas na que o primeiro comenta a denuncia anónima, ante as autoridades franquistas, do uso do galego nunha exposición. Velaquí un fragmento da citada carta de Sánchez

³ Lembramos que, na mesma época, a nosa lingua foi a escollida por Filgueira Valverde e Sánchez Cantón na súa *Cartolatría* (Fortes Alén, 2017).

Cantón a Fraguas, datada en Madrid o 29 de abril de 1948 (Museo do Pobo Galego):

Dígale a Felipe⁴ que alguien desde Vigo se ha entretenido en remitir al Ministro, Alvareda⁵, etc. ejemplares del Catálogo de la Exposición de V[idal] Abascal (con textos gallegos) y una cuartilla anónima: “Para que vean como Vds. protegen el separatismo”, o algo por el estilo con tal idea. Claro que se han reído; pero...

2.2. Epistolario de Antonio Fraguas a Xosé Filgueira Valverde. Selección e temática

As primeiras cartas entre Antonio Fraguas e Xosé Filgueira, de finais dos anos 20 e dos anos 30, refírense ás cuestións do Seminario de Estudos Galegos, á publicación na revista pontevedresa *Logos*, ás recomendacións de alumnado (que continuarán en anos sucesivos), mentres que as dos anos 70 teñen como tema preferente o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento. Esta temática está estreitamente relacionada coa peripecia vital dos protagonistas e autores das misivas.

Lembramos que o trato entre o de Cotobade e o de Pontevedra debeu estreitarse en Santiago de Compostela e con motivo da asistencia e pertenza ao Seminario de Estudos Galegos. Con todo, e tendo en conta un documento de Fraguas onde Filgueira aparece entre os nomes dos membros da pontevedresa Sociedade da Lingua⁶, non sería estraño que os dous se tratasen antes (na época de Fraguas como estudante do instituto na cidade do Lérez).

A lectura da *Cartolatría* entre Filgueira Valverde e Sánchez Cantón (Fortes Alén, 2017) permítenos deducir que Filgueira tiña grande estima por Fraguas, tanto no plano académico como no plano íntimo. Estes son algúns

⁴ Debe referirse a don Felipe Ramón Cordero Carrete un dos membros constituíntes (o 15 de febreiro de 1944) e secretario do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento ao que se aludirá máis adiante.

⁵ Trátase de José María Alvareda Herrera, secretario xeral do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

⁶ Agradecemos a Malores Villanueva que nos mostrase este dato mentres compartiamos mesa e documentación de Antonio Fraguas no Museo do Pobo Galego.

dos cualificativos cos que Xosé Filgueira caracteriza a Antonio Fraguas: “bo opositor”, “boa persoa”, “tímido”, “estupendo paisano”.

Como xa adiantamos, as cartas seleccionadas por nós son aquelas datadas nos anos 40 e 50 e mostran o esforzo por reconstruír a vida das persoas e das institucións galegas trala desfeita da Guerra Civil. Por tanto, a nosa selección, transcripción e comentario das cartas de Antonio Fraguas a Xosé Filgueira Valverde aspira a ser unha pequena contribución ao estudo da vida e obra de Antonio Fraguas. Non pretendemos afondar en ningunha ferida que el sempre procurou esquecer, senón mostrar as dificultades que tivo que vencer, entender o seu silencio e mesmo as palabras do amigo Xaquín Lorenzo (1998: 10):

E Fraguas [...] tivo que sufrir na súa carne as dentelladas da incompreensión e do odio. Perseguido e aldraxado, soubo ofrecer a súa pasión á Terra e trocar a tranquilidade e o «bo vivir» pola idea que rexía dende sempre a súa vida.

E pasou o tempo.

Hoxe, coesa mesma adicación que non foron capaces de afogar as máis ruíns malquerenzas, aínda sabe traballar por Galicia coa adicación de sempre.

Co fin de facilitar a súa comprensión e presentación, clasificamos as misivas escolmadas segundo aborden tres grandes temas⁷: laborais e académicos (resolución da revisión do expediente de depuración, asistencia ás oposicións e elaboración da tese de doutoramento), institucionais (colaboración no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento e membro da Real Academia Galega) e circunstanciais (diferentes felicitacións).

2.2.1. Asuntos laborais e académicos: resolución da revisión do expediente de depuración, oposicións, tese

Como é sabido, Antonio Fraguas era docente de Xeografía e Historia e secretario no Instituto da Estrada (primeiro denominado Colegio Subvencionado de 2ª Enseñanza; logo, Instituto Elemental e, por último, Instituto Nacional de 2ª Enseñanza) cando estalou a Guerra Civil. Como consecuencia, á parte de padecer represión física (obrigado a levar a bandeira

⁷ Os asuntos tratados por Antonio Fraguas con Xosé Filgueira son moi semellantes aos tratados no epistolario de Antonio Fraguas con Francisco Javier Sánchez Cantón.

da Falanxe e a borrar coa man e sosa cáustica as pintadas pro-estatuto)⁸, no eido profesional foi suspenso de emprego e soldo (BOE 6/11/1936) e separado definitivamente do servizo (BOE 21/5/1937)⁹ de conformidade co proposto polo Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela e oído o parecer da Comisión de Cultura e Ensino.

O amargo recordo daqueles días na Estrada debeu acompañar sempre a Antonio Fraguas e quizais nesa liña debamos entender as palabras de convencemento que o administrador de correos da Estrada, Lino Arcos García, lle dirixe o 14 de novembro de 1951 (Museo do Pobo Galego): “Créame Don Antonio que tiene un prejuicio equivocado de La Estrada. Aquí todo el mundo le recuerda con el cariño que Vd se merece”.

O primeiro que expresa Antonio Fraguas nunha carta do 23 de xullo de 1940 a Xosé Filgueira é a petición de axuda para a resolución favorable da revisión do seu expediente de depuración. Ademais, Fraguas ten necesidade dunha pronta resolución, razón pola cal solicita a intercesión de Filgueira (docente no Instituto de Pontevedra e director do Museo). A partir desta carta sabemos que Antonio Fraguas xa enviara a documentación necesaria para a revisión do seu expediente¹⁰, con todo, o seu sixilo é máximo e nin sequera menciona directamente o tema. Por outra parte, Fraguas tamén recorre a Filgueira (carta do 3 de abril de 1940) para que a Garda Civil de Pontevedra axilice os trámites ante a Garda Civil da Estrada. Transcribimos a primeira das cartas citadas:

Santiago 23-julio 1940

Sr. Dn

José Filgueira Valverde:

Amigo Filgueira: Habíamos quedado en que durante el descanso del verano haria el estudio de esa comarca pero no tengo descanso por los alumnos de septiembre, de modo que tiene que quedar para el año.

⁸ Poden lerse máis detalles en Blanco Fuentes (1998) e Blanco Valdés (2003).

⁹ O *Diario de Pontevedra* do 24/5/1937 reproduce a noticia da separación definitiva de funcionariado e baixa no escalafón de Antonio Fraguas, xunto coa doutros afectados.

¹⁰ Olegario Negrín (2005, 2006 e 2007) explica a razón de que non aparecen recursos ás sancións impostas antes de 1940.

Ahora necesito de ti un favor: hace tiempo ya que mandé mis papeles a Madrid y tengo buenas referencias pero la solución no sé cuando vendrá, también sé que Botella¹¹ está en buena disposición para mi asunto; por eso quiero que tu le escribas y me resuelvan cuanto antes y lo mejor posible; todo esto me urge porque van a dar la estabilidad a los cursillistas y me interesaba como es natural venir al Instituto de Santiago. Así es que tu aprovechando esta buena disposición precisamente, quiero que le escribas para que él interponga todo su poder, que es mucho, en mi favor y que si alguno de la comisión estima que aun debe quedar algun rastro que me dejen “inhabilitado para ejercer cargos directivos y de confianza” o bien “el traslado a otro Instituto de que prestaba servicios cuando se produjo la sanción”. Cualquiera de estas dos formulas me venia muy bien y tu sabes que lo pueden hacer porque si me trasladan fuera del distrito universitario me trituran pues ya no puedo realizar mi pensamiento de venir aquí en donde hay plaza y contando con la ayuda, de nuevo, de Botella me seria facil.

Por Dios Filgueira toma este asunto con el interés que tu sabes hacerlo y guarda el secreto porque a lo mejor levanta otro la liebre. Mis saludos a tu familia y manda a tu amigo que te abraza T/c Franco 24, 2º

Si tu ves que además de Botella puedes mover alguien más no dejes de hacerlo.

No ano seguinte, e segundo explica Antonio Fraguas a Xosé Filgueira, a resolución da revisión do seu expediente de depuración está pendente de firma e espera ser destinado a Santiago de Compostela.

Santiago 10-3-1941

Sr. Dn

José Filgueira Valverde

Amigo Filgueira: Hoy estuve con Ogando, supongo que ya te dirá que mi asunto al parecer está pendiente de la firma, ahora me interesaba mucho que cuando saliese la resolución me destinasen aquí a Santiago creo que es cosa que se puede hacer y por eso

¹¹ Debe tratarse de José Antonio Botella, catedrático de Física e Química no Instituto de Pontevedra (e que disertou nun curso do Seminario de Estudos Galegos nesta cidade en 1935) e despois no Ramiro de Maeztu de Madrid.

te agradecería que tu tomases interés por este asunto para que resultase como deseo. Al mismo tiempo no le des publicidad pues de momento las noticias que tengo son particulares y quisiera que no se hiciese publico hasta que fuese la cosa oficial.

Alla para la pascua pienso pasar por esa mientras tanto recibe un abrazo de tu amigo que te quiere y recuerda

T.c. Franco 24-2º

Da consulta da correspondencia a Antonio Fraguas arquivada no Museo do Pobo Galego acabamos coñecendo o nome doutro amigo que, en Madrid, se encargaba das xestións pertinentes para a boa resolución do seu caso. En efecto, Joaquín Agra Cadarso aconsellou a Fraguas, o 3 de marzo de 1940, que pedise a revisión do seu expediente de depuración co fin de lograr a rehabilitación. Durante dous anos Agra Cadarso mediará con persoas capaces de anunciarlle para Fraguas “suspensión por un año con abono del tiempo que llevas separado, e inhabilitación para Cargos Directivos y de confianza”. Como sabemos, a resolución final foi máis dura, quizais debida, como explica Agra Cadarso a Fraguas, á ausencia na reunión da Junta Depuradora Central dunha das persoas influentes por enfermidade grave.

A resolución da revisión do expediente de Antonio Fraguas publicouse no BOE o 24/5/1941¹² e nela impónselle “como sanción la suspensión de empleo y sueldo por dos años, traslado e inhabilitación para el ejercicio de cargos directivos y de confianza en Instituciones culturales y de enseñanza”¹³.

A pesar de estar cumpridos os dous anos de penalización, as dificultades de Antonio Fraguas para incorporarse á vida docente deberon ser moitas, por exemplo co Colexio de Licenciados e Doutores (González Pérez, 2006: 65). A propósito do Colexio de Licenciados e Doutores, recórdalle o seu amigo Agra Cadarso dende Madrid o 24/11/1941 (Museo do Pobo Galego):

¹² *El Compostelano* do 26/5/1941 dá conta da revisión do seu expediente (xunto co da mestra e inspectora María Barbeito Cerviño).

¹³ Antón Costa Rico (1997) recolle o nome de Antonio Fraguas entre os nomes dos profesores de instituto sancionados. Non obstante, o investigador Negrín (2005, 2006 e 2007) non encontrou ningunha referencia a Antonio Fraguas entre os documentos por el manexados e procedentes do AGA.

Tu caso está resuelto clara y terminantemente aun cuando la orden correspondiente no lo detalle, esto es: el tiempo a que hace referencia la sanción ya está cumplido y deben colegiarte sin reparo de ningún género. Así me lo dicen en depuración y para constancia ante el Colegio de Licenciados y Doctores (que con tan pobre espíritu interpretan la disposición) conviene mandes seguidamente la instancia en forma de consulta a la Comisión Superior depuradora que la contestarán rápida y favorablemente. Al mismo tiempo que la mandes escíbeme a mi para ponerme en contacto con aquella.

Resolta a revisión do seu expediente de depuración e cumprido o tempo de sanción, Antonio Fraguas —ata entón docente no ensino privado— presentárase varias veces ás oposicións ao ensino público e colleitará inxustos resultados despois de superar as duras probas. Non temos a seguridade do número de oposicións ás que se presentou presencialmente Antonio Fraguas, con todo, a consulta do BOE indícanos que se inscribiu en seis convocatorias para profesor de instituto e de universidade: quenda libre de 1942 (BOE 2/7/1942 e 20/7/1942), quenda libre de 1943 (BOE do 3/5/1943 e 26/5/1943), cátedras das universidades de Granada e Oviedo de 1949 (BOE 10/4/1949 e 8/5/1949), cátedra da Universidade de Santiago de Compostela de 1949 (BOE 24/7/1949 e 10/10/1949), quenda libre de 1949 (28/10/1949 e 21/12/1949) e cátedras Universidade de Granada e Oviedo de 1951 (BOE 16/10/1951).

O epistolario conservado no Museo do Pobo Galego volve mostrarnos que Antonio Fraguas foi animado polos amigos (Joaquín Agra Cadarso e Alfonso Vázquez) a preparar oposicións á materia da súa especialidade. O propio Agra Cadarso vai ser o que se desprace ata os organismos competentes para presentar a documentación de Fraguas relativa ás oposicións de 1942 e 1943. Pola súa parte, Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández del Riego fornecerán a Fraguas cos temas e esquemas necesarios para a súa preparación.

Probablemente en dúas ocasións (as oposicións de quenda libre de 1942 e 1943) Fraguas chegou ata o último exercicio e mesmo aprobou pero sen conseguir praza por razóns políticas (González Pérez, 2006: 67). O epistolario de Antonio Fraguas a Xosé Filgueira arredor das oposicións

ofrece datos desas dúas convocatorias. O 5 de febreiro de 1943 Fraguas informa a Filgueira de que pasou ao quinto exercicio e pide consello sobre quen o pode valer:

Madrid 5-Febrero 1943

Sr. Dn.

José Filgueira Valverde

Amigo Filgueira: He pasado al quinto ejercicio y empieza la gran labor de “palanca” sin ayuda soy hombre al agua. El tribunal dice que somos unos diez que estamos iguales y como el Ministro no amplía las plazas pues ya sabemos lo que va a ocurrir.

Los de Valladolid no pueden valerme porque estan interesados por dos ¿podría valerme Sanchez Canton? ¿Podría Botella? Si ves algun medio de echarme un cabo echamelo, que me estoy viendo en el fondo del mar.

El quinto ejercicio me tocará en la semana entrante o en la otra.

Recuerdos a los amigos y un abrazo de tu amigo

Dirección: San Bernardo 58-2ºD

Felizmente Xosé Filgueira Valverde gardou un borrador da súa resposta a Antonio Fraguas (o orixinal foi enviado e pode consultarse no arquivo Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego) a través do que temos coñecemento dos posibles valedores do opositor:

Dr. Antonio Fraguas y Fraguas

Querido Antón

He puesto en juego todos los pocos resortes que tengo para lo tuyo. De todas maneras debes, a última hora, apurar dos recursos. En primer término preséntate a Sánchez Cantón. Ya le escribí. Infórmale de tu asunto y veremos qué sale. Después puedes ir al Convento de Mercedarios de la Buena Dicha, en la calle de Silva. Pregunta por el P. Comendador, que es el P. Delgado Capeáns, santiagués y buena persoa. Cuéntale el caso y a ver si tiene manera de llegar a los miembros menos abordables del Tribunal. En cuanto a lo de Botella me parece inutil molestarlo. En los casos en que hice gestiones con él últimamente —y tengo un par de ellas muy importantes en curso y que parecían de justicia— no se logró nada y no porque él no pusiera de su mano lo posible, Animo y a ver cómo capeamos ese temporal último.

Un abrazo cariñoso de

Os fondos Francisco Javier Sánchez Cantón e Xosé Filgueira Valverde do Museo de Pontevedra ofrecen mostras dese apoio incondicional a Antonio Fraguas durante a celebración dos exercicios das oposicións. É o caso, por exemplo, da contestación do presidente do tribunal á “apretada cuña” posta por Sánchez Cantón (e á que este alude nunha misiva a Filgueira Valverde o 16 de febreiro de 1943).

As cartas de Antonio Fraguas datadas o 12 de xullo, 5 de agosto e 26 de agosto de 1943 xa aludirían ás oposicións convocadas en maio de 1943. Nelas Fraguas volve solicitar consello¹⁴ a Filgueira Valverde. Se na misiva de xullo, dende Madrid, Fraguas informa do desenvolvemento do primeiro exercicio; na terceira, de agosto e dende Santiago de Compostela (trala suspensión das oposicións por doenza do presidente) Fraguas transmite a súa preocupación tanto polo tribunal, pouco propicio, como pola saúde da muller e da sogra. Transcribimos a segunda das cartas citadas polo interese das súas palabras: os temas da súa exposición e a certeza de que, sen valedores, o seu esforzo é inútil:

Madrid 5 de Agosto de 1943

Sr. Dn.

José Filgueira Valverde

Querido Filgueira: Hoy hice el tercer ejercicio sigo muy satisfecho, pero ahora necesito mover todo lo que pueda. Cantón me mandó que le escribiese a esa como no se su dirección ya me lo avisas tu. Ha salido la lista al final de 2º y nos hemos quedado solo 15, el lunes día 9 terminamos el tercero creo que quieren terminar alrededor del 15 de manera que dile esto a Cantón. Yo sigo en cabeza hoy he tenido que hacer un tema muy gris “Los regadíos” pues los otros eran mas pesados (la tierra en el espacio uno y el otro las comunicaciones.-el problema ferroviario). El tema si hoy lo hiciésemos todos estoy seguro que será el mejor puesto que aquí hacen solo los regadíos de Levante y yo hice los de toda España con sus costumbres de reparto incluso en el Norte y en Galicia ahora bien si no me defienden me quedo fuera.

¹⁴ A través da *Cartolatría* (Fortes Alén, 2017) entre Filgueira e Sánchez Cantón podemos seguir o desenvolvemento das oposicións de Fraguas.

Bueno Filgueira no me descuideis este asunto por Dios, que si no salgo ahora no puedo hacer mas oposiciones ya que nunca estaría a la altura que estuve en estas.

Mis recuerdos a Sanchez Cantón y tu manda a tu buen amigo que te abraza T/c Desengaño 11-2º izª

A través do arquivo do Museo do Pobo Galego sabemos que na oposición de 1943 Antonio Fraguas foi eliminado a finais de outubro de 1943 a pesar do apoio dos amigos, dos coñecidos, dos mediadores...

Este novo fracaso debeu supoñer unha forte desilusión para Antonio Fraguas e motivaría a súa negativa a volver opositar durante seis anos (ata 1949, convocatoria en que aprobará¹⁵). Desta maneira valora Ben-Cho-Shei a decisión de Fraguas nunha carta de marzo de 1944 (Museo do Pobo Galego): “Paréceme ben a tua resolución de non opositar namentres duren estas cousas, porque non sacarias nada en limpo mais que o quentarte a testa, xa que os que fan e desfán nise choio das cátedras son os da masonería branca aragonesa”.

Por último, o epistolario con Filgueira Valverde tamén nos permite coñecer que Fraguas pensaba na súa tese de doutoramento, sobre o colexio de Fonseca, xa no ano 1944¹⁶. Lembremos que os estudos universitarios do noso homenaxeado remataran en 1928, aínda que se mantivo (de 1930 a 1950) como profesor¹⁷ na Universidade de Santiago de Compostela (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela). Nas seguintes letras, Fraguas volve recorrer ao asesoramento de Filgueira Valverde:

Academia Menéndez Pelayo / Santiago de Compostela Algalia de Abajo, 24-2º (Palacio de Amarante)
Santiago 25 Febrero 1944
Sr. Dn.
José Filgueira Valverde

¹⁵ Aprobada en marzo de 1950, tal e como indica a noticia de *La Noche* do 22/3/1950.

¹⁶ O epistolario mantido entre Antonio Fraguas e Ben-Cho-Shei (Museo do Pobo Galego) durante o ano 1944 xira arredor da tese.

¹⁷ Segundo consta no seu currículo (Museo de Pobo Galego) o seu labor na Universidade de Santiago de Compostela foi como profesor axudante de clases prácticas, auxiliar temporal por oposición, adxunto, encargado de curso.

Amigo Filgueira: He visto en la prensa que Villamil va a publicar la Historia de la Universidad, y como yo ando con la tesis sobre el Colegio de Fonseca, quisiera saber que comprende su Historia si solo las catedras o los lios con el colegio etc.

Estuve en esa y fuy al Museo para verte pero no estabas y lo siento por no saber que hacer ahora con la tesis cuando más entusiasmado estaba con ella.

Esperando tus noticias te abraza tu buen amigo

Dous anos despois (1946) Fraguas pídelle material bibliográfico a Sánchez Cantón aproveitando a súa relación constante co gallo do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Velaquí un fragmento da carta gardada no Museo de Pontevedra e que consideramos relevante dada a alusión aos citados fracasos:

Le encarezco este pedido, con él quería yo remozar viejas ilusiones a la cátedra de Geografía pensando terminar este curso la tesis y despues presentarme a la lucha en Universidades. Los fracasos antaño cosechados no dejan de poner una barrera y justamente elevada, en la ilusión de este camino.

Será en xuño de 1948 cando Fraguas defenda a súa tese de doutoramento na Universidad Central de Madrid diante dun tribunal cuxa composición coñece moi ben Sánchez Cantón por formar parte del (e que lle desvelara previamente por carta)¹⁸.

2.2.2. Asuntos institucionais

Os asuntos institucionais tratados por Antonio Fraguas e Xosé Filgueira en papel refírense ao Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento¹⁹ e á Real Academia Galega.

Sobre o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Antonio Fraguas e Xosé Filgueira conversan epistolarmente dende 1945. A institución nacera formalmente un ano antes (1944) adscrita ao Patronato de Humanidades Marcelino Menéndez Pelayo do Consejo Superior de

¹⁸ Aínda en relación coa tese, a través da correspondencia do ano 1948 entre Filgueira e Sánchez Cantón e entre Antonio Fraguas e José María Pita, sabemos que Fraguas se presentou aos premios de doutoramento con resultado negativo.

¹⁹ Tamén presente no epistolario entre Antonio Fraguas e Francisco Javier Sánchez Cantón.

Investigaciones Científicas (e tralas conversas previas entre o Ministro de Educación, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela e Francisco Javier Sánchez Cantón).

Como bibliotecario do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Fraguas móstrase preocupado por recompilar a bibliografía necesaria e aproveita o posto desempeñado por Filgueira á fronte do Museo de Pontevedra para intentar o intercambio bibliográfico:

Universidad de Santiago
Facultad de Filosofía y Letras
Particular
Santiago 5 de xaneiro de 1945

Sr. Dn.

Xosé Filgueira

Querido Filgueira: Don Xesus Carro²⁰ enteiroume de que habíades acordado que eu me encargase da Biblioteca, restos da que foi nosa biblioteca, inda non atopei a Carrete pra falarmos do seu arranxo. E mester escomenzar axiña, e se inda van facer as obras vai botar moi adiante e cada xornada que pasa non pode ser cobillado o que queda. Os ficheiros e outras cousas que haberá que facer se queremos ter unha boa Biblioteca. Tendes repetido no Museo os Fueros de Santiago a min fallame o segundo eu douvos por el unha guía de Santiago de Alvarez de la Braña e unha separata do traballo de Bermejo sobre San Valerio. Non teño outras cousas que poidan interesarlle ó Museo. Podesnos facer o cambio?

Quixen escribirlle a Sanchez Cantón agradecendolle que non puxera reparo pra o meu encargo da Biblioteca, pero non sei se pasou estes dias na sua casa de Pontevedra ou en Madrí. Agora espero uns dias mais e despois escribolle a Madrí.

Bueno que Deus dea un ano moi venturoso a todos Unha aperta do teu de cote

Este labor informativo arredor das institucións era algo ao que estaba acostumado Filgueira, pois el e Sánchez Cantón teceron unha perfecta tea para atender as necesidades do Museo de Pontevedra (obras, decoración,

²⁰ Xesús Carro García foi membro do desaparecido Seminario de Estudos Galegos e ocupou o cargo de Conservador no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

publicacións...). Ademais de asesorarse mutuamente sobre a creación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.

A outra institución sobre a que intercambian letras Fraguas e Filgueira é a Real Academia Galega con motivo do ingreso do primeiro para cubrir a vacante deixada por Castelao. A epístola data de 1951 e resulta curiosa a insistencia de Fraguas no seu afastamento da política:

Instituto Nacional Masculino de Enseñanza Media

Lugo

Profesorado

Lugo 5 de Mayo de 1951

Sr. Dn

José Filgueira Valverde

Querido Filgueira: Moitas gracias pol-a tua felicitación e mais pol-a parte que tomarías no meu nomeamento. Foi quizais unha cousa sin pensar. Eu non debía cubrir nunca a vacante de Castelao. Era mester que esa vacante a cubrise un artista sensible a todas cantas ilusións mostra o decorrer da vida e que ademais estimase que os homes inda poden ser políticos. Eu, xa ves, por moitas voltas que dea, non son capaz de exprimir mais que a luz artística dos demais, gustada por min e pra min sin estreverme a decir o meu pensar por temor a un mal parecer. E de política? Nada, Filgueira, na política son o negro do sermón. E moi posible que se me gastasen as células que entenden e pensan na política e así xa me sinto feliz por ter unha cousa menos en que pensar. Creeme que disfruto coa despreocupación política. Pero agora, preciso é acatar a vosa determinación. Fai tempo que non parolamos, espero que o rematar o curso teñamos ocasión de falar, entranto unha forte aperta do teu de cote

A humildade que transloce a carta tamén se manifesta no discurso de ingreso na Real Academia Galega, lido o 8 de maio de 1956. Confesa Antonio Fraguas (2016: 9): “Non debera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quen o arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela”.

2.2.3. Asuntos circunstanciais

Neste último apartado sobre a temática da cita de Fraguas cos amigos pontevedreses inclúense as felicitacións polos diferentes nomeamentos (por

exemplo de Filgueira como director do Instituto de Pontevedra en 1946), festas e aniversarios do santoral (Aninovo e San Xosé de 1947 e 1948). Dado o seu carácter circunstancial e mínimo en extensión, non reproducimos ningunha mostra.

3. Consideracións finais

Como tratamos de mostrar nesta colaboración, o epistolario pontevedrés de Antonio Fraguas permite coñecer as dificultades persoais e institucionais vividas nos anos 40 e 50, pois nel están presentes as secuelas do vivido e padecido durante a Guerra Civil en Galicia.

A insistencia do “soldado fiel” (Beramendi, 2006: 180) que foi Fraguas por manifestar a Filgueira Valverde a súa despreocupación política seméllanos unha sorte de exilio interior. Este pode desenvolverse en varias formas e, das sinaladas por Porto Ucha (2005: 21-23 e 2017: 62), consideramos que en Antonio Fraguas destaca o silencio, o desengano, o autismo social e, quizais como consecuencia da súa relixiosidade, a culpabilidade. Desengano e autismo social parecen estar presentes no pesimismo manifestado a Sánchez Cantón en outubro de 1946 (Museo de Pontevedra):

[...] los que como yo somos un poco pesimistas en la vida y dudamos del éxito de las cosas por la apatía de las gentes con frecuencia dispuestas a criticar hasta las obras más grandes unas veces por terquedad, otras por sistema y otras por ignorancia.

Con todo, por enriba destes sentimentos, tal e como indicaba Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas “soubo ofrecer a súa pasión á Terra e trocar a tranquilidade e ‘bo vivir’ pola idea que rexía dende sempre a súa vida” (Lorenzo, 1998: 10).

A. A.
UVigo

4. Bibliografía

- Alonso Montero, X. (2015): *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*. Vigo: Xerais.
- Álvarez Castro, X. (2013): *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-1939)*. Vigo: Xerais.

- Beramendi, J. (2006): “O soldado fiel”, en Carlos García Martínez, María-Xosé Fernández Cerviño, Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas 1905-1999. Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego/Xunta de Galicia, pp. 180-195.
- Blanco Fuentes, M. (1998): “Máis sobor do Instituto da Estrada”, *Tabeirós Terra*, febreiro, p. 19.
- Blanco Valdés, J. L. (2003): “A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, 6, pp. 105-124.
- Costa Rico, A. (1997): “Purga e represión de ensinantes (1936-1940)”, *Revista Galega de Educación*, 28, pp. 88-91.
- _____. (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*. Vigo: Xerais.
- Fortes Alén, M. J. (coord. e ed., 2017): *Cartolatría. Epistolario Sánchez Cantón-Filgueira Valverde*. Tomo I (1926-1943), II (1944-1952) e III (1953-1970). Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- Fraguas, A. (1984): *Pregón das Festas da Peregrina*. Pontevedra: Concello.
- _____. (2016): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Garrido, X. C. (1998): “O instituto do 33, unha oportunidade ó alcance dos estradenses...”, *Tabeirós Terra*, febreiro, p. 6.
- González Pérez, C. (2006): “Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra”, en Carlos García Martínez, María-Xosé Fernández Cerviño, Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas 1905-1999. Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego/Xunta de Galicia, pp. 24-89.
- Lorenzo, X. (1998): “Limiar”, en Antonio Fraguas, *Cantigueiro de Cotobade*. Sada: Edición do Castro, pp. 9-10.
- Negrín, O. (2005): “La depuración del profesorado de los institutos de segunda enseñanza. Relación de los expedientes resueltos por el Ministerio de Educación Nacional (1937-1943)”, *Historia educación*, 24, pp. 503-542.

- _____ (2006) “La depuración franquista del profesorado en los institutos de segunda enseñanza de España (1937-1943). Estudio cuantitativo para Galicia”, *Sarmiento*, 10, pp. 59-99.
- _____ (2007) “Los expedientes de depuración de los profesores de instituto de segunda enseñanza resueltos por el Ministerio de Educación Nacional (1937-1943)”, *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea*, 7, pp. 442-457.
- Pardo de Guevara y Valdés, E. J. (2005): *El Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Porto Ucha, A. S. (2005): “De rexeitados a esquecidos, o exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo réxime franquista”, *Sarmiento*, 9, pp. 15-36.
- _____ (2017): “A depuración do maxisterio primario na provincia de Pontevedra (1936-1942)”, *Sarmiento*, 21, pp. 31-72.

5. Anexo: unha carta de A. Fraguas a Xosé Filgueira Valverde (Museo de Pontevedra)

Madrid 5 febreiro 1943



Madrid febreiro

Sr. Sr.
Xosé Filgueira

Miúdo Filgueira: He pasado al quinto ejercicio y empiezo a hacer gran sabor de "palancia"; sin ayuda voy pronto al agua. El tribunal dice que somos unos días, pero estamos ignorantes y como el ministro no cumple las promesas pues ya sabemos lo que va a ocurrir.

Los de Valladolid no pueden valerme porque estoy interesado por dos, podría valerme Sanchez, Gantón?; Podría B. Tella? Si ves alguna medida de echar un cabo entonces, que me estoy viendo en el fondo del mar.

El quinto ejercicio me tocará en la semana entrante o en la otra.

Recuerdos a los amigos y un abrazo de mi amigo

A. Fraguas

sucesión San Bernabé 58-72 D.
Madrid.

Don Antonio Fraguas e a literatura galega

LUÍS ALONSO GIRGADO

O perfil cultural, intelectual e profesional do pontevedrés de Cotobade que foi don Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999) corresponde á figura dun humanista; é dicir, unha persoa entregada ao estudo, posuidora dunha notable curiosidade intelectual e dun alto espírito investigador. En definitiva, unha figura poliédrica, polifacética á que nada que levara o selo de Galicia lle era alleo. Enraizado xa orixinariamente no medio rural, campesiño, non só non renunciou endexamais a el, todo o contrario: amouno, estudouno, escribiu e falou sempre del, lembrando a súa dura infancia ao que quixera escoitalo.

Biógrafos e estudosos da súa vida e obra falan da variedade de temas e motivos —galegos sempre, portugueses nalgún caso— que don Antonio, licenciado en Xeografía e Historia pola USC, tratou ao longo da súa activa e dilatada existencia: Xeografía, Historia, Antropoloxía, Etnografía, Paleografía foron saberes e disciplinas que tratou unha e outra vez, nun contexto rural e nun ámbito tradicional que ten no pasado un terreo privilexiado. Como docente e como investigador adaptouse don Antonio á vida no ámbito urbano. Así, despois de pasar polo Instituto de Ensino Medio da Estrada, exerceu no de Lugo como catedrático de Xeografía e Historia dende 1950, pasando en 1959 ao INEM Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Da docencia xubilouse en 1975.

Máis anos de actividade mantivo no labor de investigación, que alternou cos traballos de colaboración en xornais (*La Noche, El Correo Gallego, El Progreso, O Correo Galego, Faro de Vigo, La Voz de Galicia* etc) e revistas diversas (*Nós, Logos, Outeiro, Vida Gallega, Gelmírez, Cristal, Universitarios, Grial* etc), así como noutras publicacións, cadernos, boletíns, anuarios ou revistas de especialidade como *Boletín da RAG, Boletín Auriense, Revista de Etnografía, Archivos do Seminario de Estudos Galegos*, publicacións de *El Museo de Pontevedra* ou do *Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos* e outras.

Agás os estudos de especialización, que non comentaremos aquí, nos xornais e revistas nas que don Antonio colaborou os seus artigos alternan olladas ao pasado que teñen unha función recuperadora e divulgadora e, doutra banda, o comentario de actualidade. Reiteremos a constante presenza

de feitos e figuras de actualidade de Galicia e a promoción de elementos de todo tipo de constitutivos do mundo popular da tradición e do folclore do país: traxes, costumes, lendas, crenzas relixiosas e supersticións, festas e romarías, o entroido, a meteoroloxía, os ditos e refráns, a música e o baile, o cambio de estacións no agro, as igrexas, mosteiros e capelas, a fauna e a flora, os muíños e os hórreos, a xeografía das rías, a vida en aldeas e parroquias e un longo etcétera de motivos que explica, analiza e recupera para evitar a súa perda.

Mais este curto preámbulo aos distintos traballos desenvolvidos por don Antonio con absoluta modestia, e froitos das súas moitas lecturas, debe rematar cunha nova observación. Refírome á súa dispoñibilidade para apoiar, sempre que foi chamado, a causa galeguista de xeito desinteresado e xeneroso, servindo ás institucións como a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego, o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto Padre Sarmiento, o Centro de Estudos Xacobeos e outros máis.

Quen esculque na abondosa bibliografía e copiosa hemerografía de don Antonio observará que hai un apartado da mesma (de certo non o máis extenso, tampouco o máis representativo do seu corpus escriturario) dedicado á literatura galega. Consta este de dúas liñas de traballo:

- a) Libros (o dedicado ao seu amigo Aquilino Iglesia Alvariño) e artigos de prensa dedicados a escritores aos que admirou e cos que mantivo fonda amizade. A listaxe dos mesmos rexistra nomes como os de Rosalía, Murguía, o bispo Lago González, Pondal, Cabanillas, Risco, Otero Pedrayo, Nicomedes Pastor Díez, F. Bouza Brey, o Padre Sarmiento, Celso E. Ferreiro, F. López Cuevillas, A. Iglesia Alvariño, Xosé R. Fernández Oxea, E. Pardo Bazán, Xaquín Lorenzo Fernández, A. Losada Diéguez, Filgueira Valverde, A. Cotarelo Valledor, F. Herrera Garrido, A. Couceiro Freijomil, Ánxel Fole e outros.
- b) Estudos breves sobre literatura popular de transmisión oral; escolmas e prólogos de cantigueiros poéticos ou pezas populares como as farsas. Fixo aquí labores de antólogo e compilador. Citemos como exemplos *Literatura oral en Galicia* (1980), *Literatura popular gallega. En torno al casamiento, embarazo y parto* (1976), *Dous romances de Galicia* (1946), *Aportacións ao Cancioneiro de Cotobade* (recompila

máis de novecentas cantigas), de 1985 e reeditado en 1998 co título de *Cantigueiro de Cotobade; La virgen en el cancionero popular gallego* (1960), *Algunas cantigas del mar* (1979), *Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar* (1998). A estes estudos convén engadir os feitos arredor do teatro popular galego, fundamentalmente referidos ao xénero farsesco. Citemos os estudos sobre A farsa de Ribadulla (1963), a de Casadenaya (1956), a de Dulcinea (1953), a do Carnaval de Touro (1951) e algunha outra.

Respecto aos primeiros traballos, referidos a escritores inscritos na nosa historia literaria (de Rosalía a Xosé M^a Castroviejo), un observador imparcial pode advertir a pouquísima utilidade práctica que tiveron —e teñen— para críticos e lectores. O secreto non é outro que o feito de que, en realidade, agás algún caso concreto (os dedicados a Pondal ou a Aquilino Iglesia Alvariño) non son escritos de carácter literario, pois está claro que se toma neles o pretexto dos escritores para falar de escritos destes sobre materias que son de coñecemento e dominio do propio Fraguas. Os seguintes títulos son boa mostra: “Otero Pedrayo, xeógrafo das paisaxes”, “Risco e a Antropoloxía galega”, “La condesa Pardo Bazán y el folclore”, “Xosé Filgueira, un pontevedrés ilustre”, “Murguía en Valladolid”, “Vicente Risco, o viaxeiro”, “Castelao e o Seminario de Estudos Galegos”, “Curiosas costumes na poesía de Rosalía”, “Pastor Díaz en el Colegio de Fonseca” e aínda poderíamos amplificar a listaxe. Excepcións a estas liñas temáticas alleas á literatura son, por exemplo, “Repaso aos Quixumes de Pondal”, “Aquilino Iglesia Alvariño: vida e obra”, “Lago González: vida e obra” e pouco máis.

Os artigos dedicados a Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo, Xosé R. Fernández-Oxea, López Cuevillas, Bouza Brey ou Paulino Pedret son de carácter biográfico en moi boa parte e están motivados pola amizade persoal ou pola súa condición de compañeiros no Seminario de Estudos Galegos, na Real Academia Galega ou no Instituto Padre Sarmiento.

De xeito esporádico, circunstancial, escribiu don Antonio textos de creación literaria dos que temos algunha mostra en *Xelmírez*, revista do Instituto de E. Medio de Santiago; *Cristal*, revista literaria de Pontevedra (1932), na compostelá *Universitarios*, onde aparece “O Pazo” (1933) ou na colección de Contos do Castromil, onde publicou *O conto de Serafín. O santuario da Franqueira* (1993).

Tamén acontece que en traballos de índole xeográfica a paisaxe —terra e mar— estea contemplada subxectivamente e posta en contacto coa literatura que inspirou ao longo do tempo. Vémolo así en traballos como “Homes de letras na ría de Arousa”, “O río Miño: realidade, lenda, literatura”, “Algunas cantigas del mar”, “A emoción poética ó redor de Vigo” ou “Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar”.

Como outros escritores do seu tempo —Ramón Piñeiro ou Fernández del Riego poden ser exemplos pertinentes ao respecto— don Antonio Fraguas chegou á literatura do país sen formación específica sobre a mesma. Chegou a ela pola conexión ou relación con disciplinas como a etnografía e a antropoloxía, por ser expresión do pobo, do home, do folclore galego e do espírito popular. Oralidade —canto ou conto—, tradición popular ou culta, anonimía son claves dunha literatura que resiste o paso do tempo, pero que tamén se vai perdendo como certos oficios, costumes, xogos, vestimenta etc. Para recuperar tales perdas, para reivindicar o seu valor e sentido no ámbito comunitario, don Antonio Fraguas —en libros ou nas efémeras páxinas de prensa— traballou arreo con esforzo e modestia. A súa ollada investigadora foi, necesariamente, máis cara ao pasado que ao presente. Durante décadas mantívose activo e centrado sempre en Galicia: entre as súas xentes e as súas institucións culturais. Este Día das Letras 2019, que agora se incorpora ao seu longo e meritorio currículo, representa a gratitude de Galicia para quen dedicou parte da súa vida a estudala, interpretala e engrandecela. Este galardón honra a un galego sempre vinculado á terra, ao pobo e á cultura do seu país, don Antonio Fraguas Fraguas.

Non debo rematar estas páxinas breves de homenaxe a don Antonio neste Día das Letras de 2019 a el dedicado sen facer mención da súa xenerosa relación con este Centro Ramón Piñeiro que en 1994, entre non poucos atrancos externos, abría as súas portas. Recordo nitidamente que, conforme ían saíndo os primeiros facsímiles (nalgúns como *Cristal*, *Gelmírez* ou *Universitarios* deixara nos seus anos de mocidade algunha achega literaria) ían aparecendo, en *El Correo Gallego*, recensións que el asinaba e que de seguro eran aquelas páxinas fonte de moitas lembranzas.

Particularmente contento parecía naquel 1996 no que, no local de Caixa Galicia, na Carreira do Conde en Santiago, presentabamos o facsímile do suplemento de *La Noche*, que saía a finais de 1949 e remataba a comezos

de xaneiro de 1950 coincidindo coa morte de Castelao no exilio en Buenos Aires. Outra volta estaban aí algunhas colaboracións de don Antonio, xunto coas das máis ilustres figuras do galeguismo, Ramón Piñeiro entre elas e, como non, Fernández del Riego, Otero Pedrayo, Carballo Calero, Borobó, Filgueira Valverde, Fole, Cunqueiro e moitos outros. Xa naquel 1996 tiña don Antonio certos problemas de mobilidade e tiveron a sorte de acompañalo ata a súa casa da rúa Montero Ríos. Faloume daquela dos seus anos de neno no seu Cotobade natal. En fin, sobre aqueles anos escribiu en *Grial* (número 44, 1999) o artigo autobiográfico “O lugar e a casa onde nacín”, viva memoria das súas orixes.

L. A. G.
Centro Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela, marzo 2019



Courel, algúns nomes

EMILIO ARAÚXO

O máis máis, o castiñeiro, o freixo, pradairos. Acebo moito. Moito. Na Devesa. Carnabudo. Despois hai o pineirín, que é un paxaro que se queda quieto. A xenciana moita. O gato montés. E de plantas medicinais hai unha, que din que vai moi ben para curar as feridas, que hai que escarvala debaixo da terra coma a xenciana, que se chama solda con solda. Nos Campos de Campelo macela. Vilela, Noceda, Lousada. O Seixo. O tambor sedimentado dun desterro. E un ollo de mármore na comparanza dos peitos e na condena. Faldras moi longas didiante do señorío. Caras tamén medias tapadas. No Carbedo. A orde de cortar o peito dereito. O castelo do Carbedo. Esperante. Esperar antes. Unha dispersión de nomes a reverberar no brillo escuro do peito tronzado. Nunha reconstitución de mirada de arando. Chan da Pena. O Castro. No fondo Seoane. De día nevar e pola noite xear. Entre os castiñeiros, Mercurín. Máis lonxe Sobredo. Os picos do Pía Páxaro. As augas da Rogueira. O monte Faro. Parada, onde se abriron os ollos declarativos de Uxío Novoneyra. Os Chaos de Rogueira. A Boca do Couto. A orella da segunda guerra dos carlistas, da gran batalla. Arandos arandean. Dividen o paso dunha sombra á outra dos corpos. O ferido, coa cor da vida por entre as uces que ía deixando contra o ceo. Cunha torsión de rumbos e de montes, ir bater á colectividade enloitada doutra devesa, ao acougo espaciado de Turobio, entre Trabazas e Mostaz. Morreu na fonte que leva o murmurio de sílabas do seu bautismo, a auga incorrupta das súas bágoas. Para a xente que viña de fóra, por aquí corría a voz da axuda, a voz sempre de darlle as madeiras para facer a casa. O carnabullo. A faia. O teixo. Caritativa, para dicir aquela maneira de ser dos antepasados. Sentirse designados por aquela herdanza. O que noutros sitios lle chaman ignorancia, aquí encontrabamos unha carteira nunha festa e por moitos billetes que tivese non se namoraba ninguén dela. Pasar o dédalo dos Sete Regueiros. Antes da cerimonia da elocuencia metálica das augas da Rogueira. Cruzando o Carreiro do Zorro, na cor dramatizada de cada discreción de herba. Despedida era, dende unha quietude de cerdeira, o brazo cun son de esgazadura para que foses comendo unhas cireixas (1984).

En Vilarbacú, nas plumas instruídas samergullos acordados aínda pola neve. Fícaron rexistradas nos pulmóns as nubes moídas das pedras de

antimonio. Catrocentas pesetas o quilo. Escollíano as mulleres. Puñamos unhas caretas porque picaba nos ollos, atacaba a respiración. Houbo xente que morreu da silicose. Secaron co po dúas cerdeiras. Os penados, traballar na mina e traballar as terras, descanso chamábase rezar o rosario dúas veces ao día. O pradairo para fondos de zocos. O galocho, a madeira dos zocos. As galochas, os zocos todos de madeira. Nunha distancia de letra, unha muralla que fixeran noutros mundos. Traballo nunha louseira. Un tesó. As anduriñas marchan por setembro e veñen no marzo. Non se pousan no chao. As anduriñas veñen polo san Xosé. As noviñas, anque teñan dous días, botan o cu fóra do niño e cagan para fóra. Escribinlle ó meu fillo a Canarias a ver se ían para aló. Preguntoulle ós nativos. E dixo que si. Dezaseis niños de anduriñas. Entroido, morra o fachón! Facían fachóns de palla. Dándolle con eles ós que berraban. Encaretarse. Ir polas casas. O Pía Páxaro. Este ano o cuco cucou moito. O fachón. O morrión. Eran mañuzos de palla. Atábanos cuns biortos e despois corríanos de noite, por fóra da aldea. Fogueira na praza. Viñan os do morrión e a xente toda escapaba. Espantallos no centeo, un nunha punta e outro noutra. Un fachón de palla ardendo no entroido. Escondese e berralle: morra o fachón! O albar coa parede, era para o oso que non a tirase. Os niños das anduriñas debaixo do abeiril. A aigue. As choias, máis pequenas có corvo. As cochordas. Na maioría das casas estamos a dous nada máis, o matrimonio. O martes de entroido ían polas casas e dábanlles de beber e bailaban. É bastante ladeiro. A serra. Os tesos. Ao fillo que se casara na casa, máis ben ao máis vello, facíanlle a millora, a min non ma fixeron, a partes iguais. As mulleres e os bispos. Que debían haber tantas mulleres nunha casa coma bispos nunha diocese, que se un irmán non millorado se casaba non podía convivir co millorado porque as mulleres non ligaban. A aguillada. A abelaira. A abelaira é amante. O abecedario da aguillada biografiando o corazón de porvir das vacas. Espazo arredor compactado nunha transparencia de bágoa. A dispersión sacrificial do freixo en mangos de ferramentas, nos eixes ou nas chedas dos carros. O acento na orella era o do cuco, este ano o cuco cantou moito. As viñas e as serras. Antes as viñas subían polas serras e agora chegan as silvas á estrada. Os penados, o nome da ferida sempre aberta na superficie da hipomemoria. Reaberta en cada louseira. Nunha constelación de vacas á noitiña, dúas figuras cruzando un saúdo: un día máis para facer anos e un día menos de vida. Despedida: ben, adeus, as montañas nunca se xuntan, pero a xente xúntase cando menos se pensa (Vilarbacú, xuño do 1987).

A voz de Antón Fraguas aloumiñando o xesto de aloumiño dunha man, a man do aloumiño camiña cara ao papagaio, es tan mal falado coma a túa sombra, Emilia Pardo Bazán aloumiñando o papagaio Ravachol na Cidade do Lérez unha tarde de cabalos de pedra. O Ravachol, o grande de esforzo. Bravo! Se collo a vara! Interrompera así a palabra de inferno (No horizonte da palabra equinoccial do entroido, Antón Fraguas en Compostela o 29 de san Xoán do 1987).



Cadro Blas Lourés

A roda ben esgargantada. Gardameóns. Lameón. No efecto de páxina do canto do carro, glorificadas atravesan as preguntas, unha procesión de vacas que veñen doutro mundo. O picapau. O sumurgullo. As tollemerendas, a luz da fame coloreada, que cando hai tollemerendas que non se debe merendar. Orelas do arado, a rabiza, os cuños, a teiroá, o timón, a rella. As anduriñas están pinadiñas, eu non comía por ver como facían o niño. A aixada do carbón para arrincar as cozas. A forquita da roza na man coa recitación de multitude asociada. Todo acontecía antes do discurso do picapau que o recompuña todo. Outra maneira de estaren as vacas e a xente no monte. Afíandose e enfouciñándose, a agulla do reloxo. Desaceleración loureando das follas do bidueiro. O peso da casa nun tronco de teixo brillando cun lustre de sangue cuallada no que se escribe a vida común arredor. Lévana xunguida con outra para amansala, a vaca nova polos camiños da aldea, a vidente na memoria das portas, co ceo dando voltas na súa mirada (Pasando por Parada e por Moreda no outubro do 1989).

A cara da tarde no colectivo dos fentos. Sobredo. Vilar. Vilamor. Unha terra que retén e refai a idea de barco. O colectivo dos fentos na calma da tarde, dando conta correndo da cor do lobo. A raíz dun fento, Folgoso, que se ramifica en Castro, Parada, Seoane, Mercurín ou Sobredo. A mina da Toca. Sobredo, chegando alí coa noite por dous camiños. Seceda e Lousadela. Froxán. Valdomir. Moreda. Unha cabana en cada prado. Vilar. Castroportela, arredor da fronte unha presenza de pedra en cada casa. O peso dun dedo enriba das mans do carbón. Entre o carbón e o ferro, eran dos nervios nos ollos de facer o carbón no monte e levalo ás ferrerías. Con ferro tamén se rubricaban as sentencias de fame. Onde hoxe florecen os pulmóns en espellos de pizarra (1990).

Ouregos, carnabudos, cardois, abairas, pradairos. No camiño de Parada. A Lomba. O Pico Polín. Pico de Choridos. E na Seara, chámalle Cabeza do Mal Veciño, porque é o primeiro que se cobre de neve. O Pico do Couto. A Tara. O Ucedo. A aciñeira do Chao de Padilla. O Couso. O Pico de Pinza. O Coballón. O Pico de Pinza, dende Parada. Dende Seoane é o Carballal. San Vitorio. A Hermida. A Serra da Hermida. O río Ferreiriño. O río Ferreiriño nace da devesa do Faro. A Serra de Santa Cobicia de Lamela. Campo Dola, tres veciños. As Malladas, a Serra dos Paxariños, o Agro. O Agro, onde estaba o labradío todo. A Travesa. Tras do Sequeiro. Ponte

Rebola, Freixo, o Botán. Había moitas bouzas. Había quen collía a trescentos ferrados de pan. As bouzas das Malladas. A Fonte da Penela. Na sombra pola serra do manto de santo Tomé. Os picos do Faro. Leixazós. A Pena do Convento. A Pena do Convento na memoria da chuvia e na memoria das cabras. A fonte no camiño dos Arrieiros, enriba da Pena do Convento. A Fonte de Lago. Onde se favorece a idea de anteparaíso, Leixazós, a sombra da divindade e a sombra dun carro á entrada da aldea. O Alto do Boi. O ouriolo na alianza dos negrillos, dos amieiros ou dos chopos, recreando o mundo na paixón confiante de tecer o niño. Nos furados das árbores, o réxime de vida da curuxa. Curuxando, abrindo así a perpetuidade dos sobresaltos máis antigos da terra. A barda dos albares era lectura de oso. O lobo fai a festa pola parte de arriba e pola parte de abaixo do camiño, empezan a escallar, e van narrando a prehistoria do medo, o lobo quita a fala e invita a outra respiración das palabras. Sobredo. Ferreirós de Arriba. Ferreirós de Abaixo. O monólogo de erudición do río Lor. A Ponte de Ferreirós. A Ferrería. O Río Pequeno. Seoane. A Verdial. O Torno da Ferrería. O Souto da Ferrería. O Cotón de Belouro. O Prado de Cido. A Betureira. A Casa do Torno. O Souto de Tralafonte, o Souto da Rubial. Castañas verdias, castañas serodias. Castañas de presa, de medio tempo. Castañas calvoas, castañas grandes, unha castaña enche o ourizo e as outras dúas vólvense molecras. Unha crianza sen forza. O dedo molecrín. Castro de Brío. Brío na humanidade pensante da voz de Uxío Novoneyra. A circunstancia devindo entusiasmo na indeterminación celebrada de cada movencia de cousa. O Monte de Meiraos. O Taro Blanco. A Carba. Cido. O Monte de Cido. Na Veiga do Couso o 18 de agosto do 1993, a amplitude implicada das faces no traballo da herba. As dez da mañá. Manuel Rodríguez Sobredo. Almudena. Cargar o carro. Atar a carga co sedeño. A Almudena e a irmá pasándoo por debaixo do chideiro e dándollo ao pai. A nai tirando por el, tantos xestos polos que pasa a vida pensada. Chamando despois polas vacas. Gallarda ven! Ou Guinda! Ei arriba! Ei arriba! As once da mañá, coa Carme e co Ricardo de Moreda. Vaia aí por esa rodeira que anda aí cuns anos. A rodeira do Fuxó. O Pico Polín. O Pico do Serro. O bufo. O bufo no Pico do Serro pega unhas voces descoñecidas. Trae a dúas crías. O franxo, máis grande cá aigue. Os halcois. O cuco. O cuco se vén pola ribeira vén a fame, e se vén pola montaña o ano cheo. As ovellas queren marchar para a casa, hai que ver como corren, escápanlle ao sol. As augas de Rogueira están nun carrozo escuro. É a Corga da Mosa. O

Pico do Mosqueirín. A Loma da Devesa. As anduriñas en vez de vir en abril viñeron no cima de maio. O cuco veu pola ribeira, polo río arriba, veu un ano moi frío. Despedida: leva logo esta presa de noces, para que che vaian ruxindo no peto (1993).

A alegría sempre, na promesa dos nomes, facer resoar aínda os de María Mariño e Uxío Novoneyra.

E. A.

Don Antonio Fraguas na Academia

XOSÉ LUÍS AXEITOS

Non é a primeira vez que nos ocupamos de consignar os datos e vicisitudes de ingreso na Real Academia Galega (RAG) de personalidades homenaxeadas co Día das Letras Galegas. Aparentemente este tipo de traballo semella limitarse a ser unha transcripción de referencias burocráticas e administrativas pero en realidade moitas das informacións son imprescindibles para calquera estudo de natureza prosopográfica que se queira aplicar a unha institución. Como é sabido entendemos por *prosopografía* unha especie de biografía colectiva dos integrantes dunha institución mentres formen parte da mesma para poder estudar as alianzas e redes sociais e de influencia que se puidera ter establecido ao longo da súa historia. Tense aplicado esta metodoloxía con resultados sorprendentes ao estudo de numerosos cabidos de toda España, entre eles o de Santiago (1100-1400), por parte de F. J. Pérez Rodríguez.

Pois ben, a relación de D. Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999) coa RAG comeza en 1941 cando é proposto como Académico Correspondente por Fermín Bouza Brey, Angel del Castillo e Alejandro Barreiro. É presentado no escrito correspondente como catedrático de instituto residente en Santiago e Licenciado en Ciencias Históricas. Entre os seus méritos, dentro do campo das investigacións folclóricas, a súa principal dedicación, sinálase:

- “O Entroido en Cotobade”, *Nós*, 77, 1930.
- “O culto aos mortos”, Conferencia no Ateneo de Vigo, publicada en Santiago, 1931.
- “De Folklore de Armeses-Listanco”, 1931.
- “As lendas da Fonte Pormás”, 1932.

Finalmente, en 5º lugar, sinálase que levou a cabo escavacións nos castros “de la tierra de La Estrada” (claro paralelismo co sintagma “Terra de Melide” emparentado cos traballos do Seminario de Estudos Galegos) con resultado positivo porque os materiais achados, segue a dicir o currículo, gárdanse no antigo instituto da vila.

Non será ata o 11 de febreiro de 1951 que os numerarios Salustiano Portela Pazos, Otero Pedrayo e Luís Iglesias presenten a candidatura de

Fraguas como numerario para cubrir a vacante deixada polo falecemento de Castelao.

Poucos meses despois, concretamente o 19 de abril de 1951, celébrase un plenario ordinario na sede da RAG (“palacio municipal de La Coruña”) no que son nomeados por unanimidade como numerarios os electos Antonio Fraguas Fraguas e Xesús Ferro Couselo.

Asisten á sesión un total de cinco numerarios: Manuel Casás (presidente), Vales Villamarín (secretario), Leandro Carré, José Luís Bugallal, Otero Pedrayo e Ramón Villar Ponte.

Non debe sorprendernos a minguada concorrencia a esta sesión plenaria porque é unha constante ao longo da historia da RAG ata tempos ben recentes o que non fai máis que certificar que o goberno da institución estivo encomendado historicamente a unha minoría residente na Coruña.

Delegaron cinco académicos no presidente, un no secretario, nove en Otero Pedrayo e un en Villar Ponte. Pode ser dato relevante o das delegacións porque debuxa grupos de influencia, sobre todo se establecemos conexión coas propostas e cos proponentes. Así, por exemplo, Otero Pedrayo é proponente de case todo o grupo Galaxia que estaba a entrar despois de 1950: Carballo (1958), Chamoso (1956), del Riego (1960), Ferro Couselo, Fraguas, Sabell, X. Lourenzo e Meijide. Da mesma maneira que o grupo coruñés de Carré Alvarellos, Chao, Sebastián Martínez-Risco, Bugallal e R. Yordi está proposto por Casás e Vales Villamarín.

Non será ata o 18 de marzo de 1956 que o secretario da RAG, Vales Villamarín comunique aos señores Ramón de Artaza, Bouza Brey e Leandro Carré que foron designados para emitir ditame sobre o discurso presentado por Antonio Fraguas.

O informe, moi breve, emitido con data 5 de abril, di así:

Examinado el discurso que presente el Académico de número electo D. Antonio Fraguas y Fraguas como Numerario de nuestra Real Academia y que versa sobre folklore gallego, lo encontramos digno de ser aceptado por la Corporación, tanto por su forma como por la interesante interpretación de su estudio.

Non obstante, cando asinan o correspondente ditame Leandro Carré fai constar un sorprendente “con reservas”. Sospeitamos que unha serie de correccións ortográficas atribuídas a Bouza Brey, que se axuntan en folla á parte para o caso de que se publique o discurso, son en realidade as reservas de Carré que como autor dun dicionario e dunha gramática tería certa cobiza normativa.

Todas as correccións propostas son de tipo léxico e morfolóxico por considerar castelanismos as palabras empregadas polo académico electo —*tristura* por “tristeza”, *comparanza* por “comparación”, *sentenza* por “sentencia”, *côr* por “color”, e *trabe*, por “viga”—, excepto a supresión dalgún apóstrofo.

Non debeu ser moi activa a vida académica de D. Antonio Fraguas se a xulgamos pola documentación do seu expediente, non sempre fiable porque depende en moitas ocasións da dilixencia e o devezo arquivístico do secretario.

Os datos dan fe unicamente dunha entrevista en 1966 co Cardeal de Santiago Fernando Quiroga Palacios, que se lle encomenda a Fraguas para que a RAG se adhira a unha posible homenaxe a Amor Ruibal.

Cando tres anos máis tarde, en 1969, se lle encarga tamén un informe sobre distintos personaxes e distantes asuntos históricos —Inés de Castro, Alonso Trelles ou a ocupación musulmá en Portugal e Galicia— protesta cortesmente por non considerarse a persoa axeitada para ditaminar, sería preferible que se encargara do traballo Ferro Couselo pero, non obstante, achega disciplinadamente datos, citas e bibliografía dabondo.

X. L. A.
A Coruña, 2019



No espello da memoria

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Moitos santiagueses lembramos aínda a don Antonio Fraguas indo e vindo pola Porta Faxeira cara ao Instituto Rosalía de Castro, onde era profesor, ou cara ao Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, que tiña a súa sede na rúa do Franco, preto da praza do Obradoiro. Sempre cunha carteira grande de coiro colgando da man dereita e a súa mirada limpa de home bo e faladeiro.

A Real Academia, con moito acerto, honra este ano a este notario das cousas miúdas dun mundo que, con poucas diferencias viña do Neolítico e que no seu tempo se esvaía como unha néboa paseniñamente e aínda segue esvaéndose o que sobrevive.

Os poucos galeguistas que había en Compostela nas décadas de cincuenta e sesenta do século XX pertencían a un dos dous grupos que chamarei “grupo Sarmiento” e “grupo Galaxia”.

Despois da Guerra Civil, don Javier Sánchez Cantón, catedrático da Facultade de Filosofía e Letras de Madrid, e don José Filgueira Valverde salvaron o que puideron do Seminario de Estudos Galegos mediante a creación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, vencellado ao Consello Superior de Investigaciones Científicas, institución do réxime do Movemento Nacional aínda hoxe viva. Alí toparon acougo galeguistas que, aínda non sendo moi queridos polo Réxime, este prefería telos dentro. Eran eles, principalmente don Fermín Bouza Brey, don Paulino Pedret, don Jesús Carro, o propio don Antonio e, como secretario, don Felipe Cordero Carrete. Antes e despois de ter cátedra na cidade de Ourense viña don Ramón Otero Pedrayo. Era un areópago de persoas moderadas, graves, desas que un non pode menos de antepoñerlle o don, eruditos do pasado e con xeitiño para non se meter co presente. Por se acaso.

O grupo de Galaxia tiña a sede non oficial nos domicilios de Ramón Piñeiro (Xelmírez, 15) e de don Domingo García Sabell na Rosaleda. Aínda máis alleos ao Réxime, estes tiñan unha visión máis política e actual de Galicia. Pola “mesa camilla” de Piñeiro pasaban os mozos universitarios con inquedanzas.

Os do Sarmiento coidaban da excelente biblioteca galega herdada do antigo Seminario de Estudos Galegos e publicaban nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, sobre temas galegos, aínda que en castelán. Cada ano polo Apóstolo abrían ao público os seus locais para unha exposición sobre algún tema galego oportuno.

Fraguas, que sempre ou case sempre tiña cargo directivo no Sarmiento, era dono dun humor retranqueiro. “Mire, —diciame un día—, se no verán cando está na aldea quere tomar a sesta, non lle hai como o hórreo. Aínda que se cerre a porta, vai sempre un ventiño fresco que axuda a adormecer. Enriba, como os hórreos acostuman estar á beira dos camiños, se vostede presta atención ao que falan as mulleres que pasan, non samente se vai enterar das novidades da aldea. Vaise a enterar tamén do que pensan de vostede os veciños, cousa que non sobra saber, porque se vai levar máis dunha sorpresa”.

Polos anos da Transición, ao se facer a galega lingua da Administración, houbo que axeitala a que tivese a firmeza necesaria. Unha consecuencia non buscada foi a proposta chamada lusista polos adversarios e reintegracionista polos partidarios. Alíe ás polémicas, don Antonio seguiu escribindo no seu galego coloquial, popular, sen moitos requilorios lingüísticos. Cando o apuraban moito con que non seguía a normativa oficial, respondía que el se atía ao que facían os galegos de Entrimo, na raia con Portugal:

Eu non falo castellano
nin galego nin portugués
eu falo entrimano
que participa dos tres.

En xullo do 36 don Antonio, que daquela era profesor no Instituto da Estrada, participara na campaña en prol do Estatuto de Autonomía e non sei se tamén nas eleccións de febreiro daquel ano. O caso foi que cando triunfou o Movemento Nacional detivérono e fixérono fregar con xabón e estropallo a fonte pública do centro da Estrada deica deixala limpa das inscricións de propaganda política.

As humillacións e o impedimento para entrar no corpo oficial do ensino tiveron que proerlle, pero pasados moitos anos non deixaba de ver o pasado co seu humor retranqueiro. A principio da década dos setenta leveino

no meu coche a el e outros directivos do Sarmiento a visitar a Sánchez Cantón, que vivía xubilado en Pontevedra. Volvevos pola Terra de Montes e, asemade chegamos a Codeseda, xa preto da Estrada, pedíume que parara para ver o campo da feira. Cando volveu ao automóbil, comentou con humor: “Leña verde e xente nova, todo é fume. —Que quer dicir con iso?, pregunteille—. Verá. Sendo mozo, eu participei aquí nun mitin a favor do Estatuto. Cando estaba falando abriuse unha ventá da casa do cura, que é aquela de enfronte, e asomou o cura, que se puxo a escoitar de bruzos con cara de desacordo. Entón a min ocorrúeseme dicir: Os inimigos do home non son os tres que di o Catecismo: mundo demoño e carne. Os inimigos do home galego son o centralismo, o cacique e mais o cura. En canto o escoitou, desapareceu a sotana da fiestra. Despois pasou o que pasou. E eu digo agora: Para que me metería co cura? Leña verde e xente nova...”

Polo visto en trinta anos soamente pasara unha vez pola Estrada. Ese día pedíume que conducise amodo arrentes da fonte que hai na praza do centro da vila. Mirouna amodo e comentounos: “Arrea! Vese que freguei de raio. Aínda non colleu nin un musgo”.

Iso non quita que, pasados uns anos, na Transición, moderando eu unha mesa redonda na Estrada sobre a represión do franquismo, se expresase con pouco humor. As humillacións non se esquecen facilmente.

Don Antonio era coleccionista de libros galegos e tiña un xeito curioso de catalogar os libros. Outros teñen ficheiros para localizalos. El tíñaos “catalogados” por orde cronolóxica de compra. O resultado é que formaban unha rima singular. Igual que a Muralla China, subían ao estante, baixaban por unha sela, estendíanse polo chan e gabeaban por outro asento cara ao próximo estante. Cando quería buscar un libro, concentrábase para lembrar cando e onde o mercara. Deseguida ía a tal punto da casa e daba de inmediato con el. Fun testemuña.

Entre eses libros, estaría a primeira edición do *Álbum da Caridade*, que me quitou cando eu xa o tiña apalabrado co vendedor. Xa sospeitei o peor cando o vin saír da librería de vello cun envoltorio debaixo do brazo e, en lugar de pararse para a conversiña de sempre, fíxome un aceno de cumprido e liscou. A sospeita cumpriuse. O vendedor non sabía como desculparse. Pequenas falcatuadas que nos facemos os coleccionistas! Non llo puíden

tomar a mal porque, como daquela me dixo e despois fixo, legou a súa biblioteca ao Museo do Pobo Galego e alí está ao dispor de todos.

Sirvan estas anécdotas de homenaxe ao amigo e de mostra de admiración ao notario de tantas cousas e persoas que se foron diante dun.

C. B. F.



Anaco de vida I

Antonio Fraguas, grande historiador e gran bibliógrafo

XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ

Ademais de ler a maior parte da súa obra histórica, xeográfica, etnográfica, arqueolóxica e xornalística¹, tiven a oportunidade de falar con don Antonio, de *omni re scibili*, por formarmos parte de varias institucións, o que nos permitía leriar sobre o pasado de Galicia e sobre os difíciles tempos que o réxime franquista nos facía pasar. Coincidiamos tamén moitas veces na librería de Hernández, na rúa do Vilar, naquel espazo tan reducido (en realidade era o portal dunha casa) polo que pasaba toda a intelectualidade galega (os Bouza Brey, Otero Pedrayo, Risco —cando viña a Santiago—, Rei Soto —cando saía de Poio—, Filgueira Valverde, Alonso del Real etc.). Fraguas e mais eu cadrabamos alí entre as dez e as once da mañá na procura de libros para as nosas bibliotecas. Afortunadamente, as pescudas de cada un de nós non eran as mesmas polo que xamais mantivemos ningunha disputa por unha peza que nos entusiasmase aos dous². Rematada a visita á librería, acompañaba a don Antonio ata o Instituto Rosalía de Castro, onde era profesor, e polo camiño íame contando algunha das vivencias políticas que soportou en 1936 e das que nunca quixen falar porque entendín que me foran reveladas pola confianza que en min depositara.

Adopta a metodoloxía do Seminario de Estudos Galegos

No ano 1923 un grupo de universitarios funda o Seminario de Estudos Galegos (SEG)³, institución de carácter interdisciplinario cuns obxectivos moi precisos: compromiso radical coa lingua e a cultura galegas,

¹ Xosé López, Rosa Aneiros e Daniel Salgado publicaron no ano 2006 no Consello da Cultura Galega, que naquela altura dirixía A. Zulueta de Haz, o libro de Fraguas *Polas catro témporas*, no que recollen as crónicas publicadas por este entre 1992 e 1999 en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, obra fermosísima e na que se poden apreciar os principios da metodoloxía histórica de Fraguas.

² Unha mañá, o libreiro Hernández díxonos que acababa de vender a moi rara obra de Martínez Santiso *Historia de Betanzos* (1892), pero que o comprador, don Paulino Pedret, decano da Facultade de Dereito e clérigo, lle fixera ver que só había un tomo, polo que lle fixera unha rebaixa no prezo. Entón, Fraguas, dirixíndose a min un pouco enrabechado dixo: “Pedret ben sabe que só saíu un tomo. Xa ve, os cregos tamén enganán”.

³ Véxase a obra de Afonso Mato, *O Seminario de Estudos Galegos*, publicada por Edicións do Castro en 2001, que constitúe a obra máis completa sobre esta institución.

espírito europeísta e modernización metodolóxica coa que se pretendía a integración do saber respectando os sedimentos culturais da realidade galega (o feito diferencial) e integrando cada dato ou fenómeno no humus cultural que o fixera posible (Mato, 2001: 239-241). Entendían os membros do Seminario que con este método o folclore, a etnografía, a lingua, a arte, a arqueoloxía, a música e incluso o atraso global económico de Galicia podía ser sometido a un proceso de comprensión, superación e integración de novos valores científicos e de novas perspectivas de análise.

Foi isto posible porque coincidiu na Universidade unha desas xeracións privilexiadas polo xenio. Alí estaban, formando parte do Seminario, Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Vicente Risco, Bouza Brey, López Cuevillas, Castela, Losada Rodríguez, Otero Pedrayo, Rof Carballo, Ramón Cabanillas, Lorenzo Fernández, Rafael Dieste, Bal y Gay, Villar Ponte, Carballo Calero, Carro García, Taboada Roca etc.

Habilmente, os do Seminario conseguiron que Cotarelo Valledor, catedrático da Universidade e, posteriormente, Pérez Bustamante, Iglesias Iglesias e outros profesores universitarios se fosen incorporando, evitando así as tensións que tivo que haber ao principio entre os alumnos formados nunha metodoloxía anticuada e os novos seguidores do SEG.

Fraguas acomódase, dunha parte, á escola tradicional, cursando as materias que aparecían no plan de estudos da Facultade de Letras, pero, ao mesmo tempo, está moi atento á modernidade que incorpora o SEG. Por iso o 5 de novembro de 1928 le o discurso de ingreso “O castro de Soutolongo”, segundo a metodoloxía do Seminario (Mato, 2001: 166). Dende a súa incorporación ocupou diversos cargos na xunta directiva deste. De 1930 a 1933 foi suplente da secretaría de actas e, dende 1934, conselleiro permanente da xunta directiva e bibliotecario.

No ano 1933 ingresou como profesor no Instituto da Estrada sen deixar as responsabilidades no SEG e quizais iso explique a escasa obra investigadora nesta primeira época, aínda que en 1930 publica nos *Arquivos do SEG*, con López Cuevillas e Pura Lorenzana, “Mámoas do Saviñao: a anta de Abuime e a necrópole do Monte da Mora” ou “O entroido nas terras do Sul de Cotobade” na revista *Nós* (núm. 77: 84-94). Cando no ano 1932 Filgueira Valverde presenta o proxecto do que serían os *Manuais do Seminario*

de Estudos Galegos, once fascículos monográficos de cen páxinas cada un (Xeografía, Fauna e Flora, Xeoquímica, Linguaxe, Etnografía e Folclore, Música, Historia, Arte, Literatura, Historia das Institucións e Arqueoloxía), encárgaselles a organización destas publicacións a Parga, Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo e Fraguas, o que vén demostrar que se confiaba na súa capacidade organizativa (Mato, 2001: 274), malia a non se realizar nunca este proxecto.

Aínda que no SEG se aceptaba a produción individual dos seus membros e se propiciaba a publicación en revistas vencelladas a el, é indubidable que aquelas obras que representaban varias seccións e que tiñan a pretensión de reproducir a vida social e a historia das comarcas de Galicia gozaban dun maior prestixio e gozaban do privilexio de aparecer como representativas do espírito do SEG, como o testemuñan as obras *Terra de Melide* (1933), *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas* (1930) ou *Parroquia de Velle* (1936). Cando se pechou o Seminario sabemos que xa se traballaba na comarca da Estrada.

A fin do Seminario de Estudos Galegos

Unha institución na que foron inmolados vinte membros, dezasete mortos no exilio, dez exiliados que retornaron a Galicia e trinta e dous detidos ou sancionados (Mato, 2001: 233-236), e que defendía e estudaba Galicia, está claro que dende o 18 de xullo de 1936 se converteu nun dos colectivos da “anti España”, tal e como pensaban os vencedores. Por iso pecharon as súas portas. Só moi tarde, e grazas aos sacrificios do crego Carro, puido arbitrarse unha solución descafeinada: a conversión en Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. O Seminario de Estudos Galegos era xa historia.

Os superviventes que formaron parte do P. Sarmiento, como Fraguas, seguiron traballando con ilusión, quizais sen paixón, acomodándose á metodoloxía que aprenderan no Seminario; outros preferiron traballar pola súa conta, pero cunha metodoloxía que se foi empobrecendo a medida que pasaban os anos.

Unha longa paréntese para redactar e defender a tese de doutoramento

Para cumprir o compromiso que se impuxo de ser doutor, quizais tamén para acceder a unha praza do Ministerio e desta forma superar as

limitacións económicas ás que estaba sometido, Fraguas dedicou varios anos a preparar e defender a tese de doutoramento. Apostou por trasladar a matrícula á Universidade de Madrid porque nela estaban Cotarelo Valledor (expresidente do SEG), Ciriaco Pérez Bustamante e Sánchez Cantón, galego e posiblemente amigo. Con toda seguridade lle aconsellaron que non centrase a temática na metodoloxía do SEG, por ser descoñecida ou escasamente valorada en Madrid. No tribunal, ante o que defendeu a tese o 16 de xuño de 1948 e obtivo a máxima cualificación, tamén estaban Manuel Fernández Torres e Susana G. Rubio.

A obra defendida levaba como título *Historia del Colegio de Fonseca* e foi publicada no ano 1956 en Santiago polo Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos. No ano 1958, como unha segunda parte, apareceu en Santiago un tomo titulado *Los colegiales de Fonseca* no que se recollen as biografías de 550 colexiais e de 137 “familiares” ou hóspedes, entre eles Pastor Díaz.

Estes dous volumes (de 350 páxinas o primeiro e de 406 o segundo) son as dúas obras históricas máis importantes de Fraguas e a elas nos referiremos exclusivamente. Constitúen achegas fundamentais para historiografía galega polo esforzo despregado e polo método e a documentación empregados. Son obras que prestixian unha cultura, mais non por iso renunciámos a facer algunhas críticas como xa adiantamos no ano 1974⁴ por tratarse dun tema particularmente traballado por nós e cunha documentación máis completa. Ademais, somos moi conscientes de que á altura do ano 1948, que é cando Fraguas defende a tese, era imposible en España facer unha lectura dialéctica dos bloques constituídos na Universidade e que loitaban polo poder universitario.

Fraguas divide a *Historia del Colegio de Fonseca* en dúas partes, a primeira “A vida no colexio” recolle de maneira espléndida a fundación deste polo arcebispo Fonseca, o sistema de selección de candidatos a colexiais, os preitos, as festas, a biblioteca etc. Conclúe no capítulo XI, que está dedicado

⁴ No ano 1974 defendín a tese de licenciatura baixo a dirección do catedrático Eiras Roel “A Ilustración na Universidade de Santiago” e, xa que logo, tiven que estudar a historia do colexio de Fonseca. Non publiquéi a obra, pero cedínlle os datos a Pegerto Saavedra e a P. L. Gasalla, que sempre amosaron o seu agradecemento, e utilizáronos na obra *Historia da Universidade de Santiago* (Santiago, Universidade, t. II, 1998, pp. 251-550).

á problemática do século XVIII; ao noso entender, un pouco incompleto en canto aos aspectos ideolóxicos (é o momento en que penetra a Ilustración en Santiago) e tamén nos asuntos que provocarán graves conflitos con outras institucións.

Na segunda parte descríbese moi atinadamente o edificio do colexio, que non experimenta grandes mutacións ata a súa clausura no século XIX.

Permítaseme destacar algunhas cuestións, para nosoutros moi importantes, na historia deste colexio. En primeiro lugar, a sede da Universidade estaba en Fonseca, no mesmo edificio que o colexio, polo que este gozaba do privilexio de ser o primeiro dos entes que constituían a Universidade. En segundo lugar, os colexiais conformaban a meirande parte do claustro e, en consecuencia, a súa decisión sempre se imponía e isto tiña unha enorme importancia para aprobar os presupostos anuais, sempre favorables aos seus intereses. Á parte gozaban doutros privilexios, como o de saíren favorecidos nas oposicións. Era, por conseguinte, o grupo colexial que dispuña de maior poder nesta Universidade. Formaban neste grupo o xa citado colexio de Fonseca e as poucas bolsas que pertencían ao colexio de San Clemente, sempre disposto a darlle a Fonseca os seus votos cando o claustro tiña que pronunciarse a favor dos intereses que por igual afectaban aos dous colexios.

O segundo grupo claustral estaba formado polo Cabido catedralicio de Santiago ao que, por constitución real, estaba reservado o reitorado da Universidade. Co reitor incorporábase á Universidade o reducido persoal administrativo. Finalmente, pertencían sempre ao Cabido un catedrático de Teoloxía e outro de Dereito.

O terceiro grupo estaba constituído por representantes das ordes relixiosas: beneditinos, que sempre tiñan un catedrático de Teoloxía (en virtude de que frei Diego de Hevia creara unha cátedra que tiña que ser ocupada sempre por un beneditino), dominicos, franciscanos, mercedarios, xesuítas e agostiños.

Finalmente, formaban o cuarto grupo os catedráticos ou profesores que non pertencían a ningún destes grupos e que polo xeral formaban parte da fidalguía, e que eran coñecidos como manteístas porque o seu uniforme era o manteo.

O reconto que fixemos dos catedráticos desta Universidade entre 1685 e 1746 confirma o poder colexial na distribución das cátedras:

Facultade de Artes

- 57 en favor dos colexiais
- 9 en favor dos relixiosos
- 16 profesores non identificados

Facultade de Teoloxía

- 9 en favor dos colexiais
- 18 en favor do grupo relixioso e capitular

Facultade de Leis

- 33 en favor dos colexiais
- 9 sen identificar

Facultade de Cánones

- 39 a favor dos colexiais
- 5 sen identificar

As posibilidades dos manteístas quedaban reducidas a opositar só ás cátedras de Medicina, que era a Facultade con menor prestixio universitario. Por iso o líder manteísta Domingo Andrés Fuciños se dirixía ao Real Consello en 1725 para denunciar que dende había 20 anos os manteístas non obtían nin unha soa cátedra.

Cando os protectores do colexio de Fonseca (os colexiais que agora controlan as altas institucións do Estado) deciden elevar Fonseca ao status privilexiado de colexio Maior en 1730, á mesma altura co de Salamanca, Alcalá e os dous de Valladolid e cando lle conceden o privilexio da Hospedaría (1720), segundo o cal podían seguir como hóspedes do colexio unha vez rematada a carreira e mentres non parecese unha praza da súa conveniencia, produciuse nos demais grupos da Universidade tal rexeitamento e oposición que se iniciou unha guerra aberta entre os colexiais de Fonseca e todos os demais grupos (incluídos os colexiais de San Clemente porque as súas solicitudes non foron atendidas) que a Universidade de Santiago quedou dividida en dúas fronteas irreconciliables. O resultado foi francamente contrario aos colexiais.

Para levar adiante o acoso contra os colexiais de Fonseca foi preciso atopar un intermediario eficaz e que fose capaz de chegar ata o rei Fernando

VI co fin de evitar as interferencias dos órganos de poder xa establecido e que puidesen anular os esforzos. Foi o intermediario o xesuíta P. Carral, profesor da Universidade de Santiago, que era íntimo amigo do tamén xesuíta P. Rábago, confesor do Rei.

Motu proprio ou por consello do P. Carral, Rábago procura aproveitar a ocasión para dispoñer unha reforma integral da Universidade de Santiago. O 10 de xaneiro de 1748 presenta unha carta-orde do Rei na que nomea o cóengo de Santiago Diego Juan de Ulloa reformador desta Universidade, o que causou na sociedade compostelá estupor nuns e satisfacción noutros⁵.

As reformas deseñadas polo visitador e polo cóengo Sánchez Farragudo (premiado máis adiante coa sé episcopal de Lleida) cambian radicalmente as relacións de poder dos distintos grupos universitarios. Decrece o poder colexial, fíxanse os dereitos económicos do colexio sen que dependa nunca máis dos votos do claustro. A fin do predominio colexial ten lugar máis adiante: cando os xesuítas son expulsados por Carlos III, decídese o traslado da sede universitaria dende Fonseca ata o colexio que fora dos xesuítas. Os colexiais entenderon entón que os seus días estaban contados e aínda que fixeron unha resistencia épica, todo foi inútil. No século XIX desaparecía o colexio.

Os colexiais de Fonseca

Como xa dixemos, dous anos despois da aparición da obra *Historia del Colegio de Fonseca*, apareceu en 1958 o tomo *Los colegiales de Fonseca*, que é unha relación dos colexiais e dos chamados “familiares” que habitaron no colexio durante o período que vai do século XVI, no que se funda, ata o século XIX, en que desaparece. Descoñecemos se este tomo formaba parte ou non da tese de doutoramento que presentou e defendeu na Facultade de Letras da Universidade de Madrid. Aínda que probablemente a relación dos colexiais formaba parte da tese como un apéndice, tamén cabe a posibilidade de que Fraguas aínda non completara a nómina dos colexiais e que seguise traballando neste tema ata a súa publicación, oito anos despois de defender a tese.

⁵ Polo que antecede, queda claro que a primeira reforma universitaria non foi a de Carlos III como pretendieron varios autores, senón de Fernando VI.

En *Los colegiales de Fonseca* expón Fraguas todas as noticias que puido recoller no arquivo universitario de Santiago, relacionando os nomes e os apelidos dos colexiais, elaborando reducidas monografías dos mesmos ata concluír unha obra que ningún historiador en Galicia foi capaz de levar a cabo. Intentárono Ovilo, Neira de Mosquera, Pérez Costanti e o propio Murguía, que deixou centos de notas sobre os colexiais, pero foi incapaz de abordar na súa integridade este traballo⁶. Fraguas si que o conseguiu e por iso este volume é importantísimo para o estudo da Universidade compostelá.

Daremos unha breve e descarnada crónica dos colexiais que destacaron nesta Universidade e que ao mesmo tempo foron colexiais de Fonseca. Cómpre ter en conta que o colexio de Fonseca non pode compararse cos colexios maiores de Salamanca, Valladolid e Alcalá, que eran os que promocionaban os alumnos aos postos civís e eclesiásticos máis ricos e con maior influencia social e política. Nestes colexios formábanse os fillos da aristocracia e os que aspiraban, por razóns económicas e de prestixio familiar, a ocupar os postos mellores na burocracia española. O colexio de Santiago estaba orientado en favor de certa aristocracia (nunca a máis alta) e, sobre todo, en favor da fidalguía galega que se consideraba que era a que debía gobernar a súa Terra. Por esta razón, as ordes relixiosas destinaban a Salamanca, Alcalá ou Valladolid os mellores profesores ou, polo menos, os de maior prestixio, ademais de teren facultades e colexios propios para manter o seu predominio intelectual nestas universidades das que formaban parte os colexiais, mentres que destinaban á universidade compostelá profesores menos coñecidos.

De acordo coas constitucións dadas polo arcebispo Fonseca, creador do colexio, este fundouse en favor dos naturais do reino de Galicia que reunisen unha serie de condicións, e repartíanse de forma que 8 debían responder á diocese de Santiago e 4 para cada unha das dioceses sufragáneas (Lugo, Ourense, Mondoñedo e Tui). Antes de sometelos a un exame para facer a selección, era necesario abrir un expediente individualizado que se encomendaba a un colexial, que debía visitar a parroquia na que vivía o

⁶ No arquivo de Murguía, conservado na Real Academia Galega, hai centos de fichas sobre colexiais, quizais porque pensaba facer unha monografía como a que no seu día publicou Fraguas.

solicitante para adquirir a información necesaria sobre os pais e antepasados para certificar que por ningunha rama procedía de xudeus, mouriscos ou penados con excomunión. Así mesmo, debía informar da súa capacidade intelectual e das condicións económicas da familia porque, no fondo, a Igrexa, aínda que predicara a humildade e a pobreza, procuraba sempre seleccionar os que contaban cos suficientes medios para instruír e educar os futuros colexiais. Houbo non poucos casos rexeitados porque os pais traballaban no mar, e aínda que vivían do mar porque eran armadores e propietarios dos barcos, as investigacións centrábanse en se o pai ou a nai “tocara coas mans”, é dicir, vendía a pesca e, neste caso, o candidato non superaba as probas. Polo contrario, o que procedía dunha familia fidalga tiña todo ao seu favor.

Dos 550 colexiais localizados por Fraguas, case todos procedentes de familias fidalgas de Galicia, 17 foron arcebispos e bispos, entre eles Cayetano Gil Taboada, arcebispo de Santiago, e Felipe Antonio Gil Taboada, arcebispo de Sevilla; Sancho Figueroa, bispo de Quito en América; Francisco Aguiar e Seixas, arcebispo de México (Fraguas, 1958: núms. 394 e 352); varios maxistrados ou oidores das Audiencias (Fraguas, 1958: núm. 244; en que trata a biografía de Benito Novoa y Salgado, Fiscal da Audiencia de Manila); membros das cámaras e consellos da nación (Fraguas, 1958: núm. 455 sobre Benito Ramón de Hermida, ministro); gobernadores de provincias, como Miguel Pardo Bazán —avó de Emilia Pardo Bazán; xornalistas (núm. 509, sobre Francisco Cabrera y Ron, reitor e xornalista); escritores (núm. 359 sobre Riobóo e Seixas); e non faltaban tampouco excolexiais protagonistas de situacións estrañas como Francisco Valcárcel y Prado, lexitimamente casado con Isabel de Losada, que disolveron lexitimamente o matrimonio pasando el a ser sacerdote e ela, monxa, levándose tan ben que decidiron fundar un convento de relixiosas de Santo Agostiño (núm. 209).

Foron tamén colexiais membros da familia do arcebispo Malvar y Pinto de Salcedo, de Pontevedra (núm. 498, sobre Martín Acuña y Malvar); do ministro de Facenda López Ballesteros (núm. 523), o comisario xeral e multimillonario Manuel Fernández Varela, coñecido en toda España pola súa xenerosidade a favor da Igrexa, da monarquía e dos galegos (núm. 502). Se nos colexios maiores de Castela se formaban as xeracións das grandes familias

do Estado, é dicir, os que tiñan asumido que a eles lles tocaría nutrir os cadros da Administración española, no colexio de Santiago formáronse os clérigos dos cabidos episcopais, algúns bispos e moitos avogados da Real Audiencia.

Fraguas recupera a metodoloxía do Seminario de Estudos Galegos

Defendida a tese no ano 1948 e contando con algún valemto en Madrid, Fraguas preséntase ás oposicións e incorpórase como catedrático ao Instituto de Lugo no ano 1950. Verifícase entón unha fonda transformación tanto dos temas que estuda como da metodoloxía empregada. É dicir, retorna aos temas e á metodoloxía do SEG cando esta institución xa levaba morta 14 anos. Probablemente non foi por falta de destreza (a súa tese demostra o contrario) senón por fidelidade.

Os estudos sobre o Nadal (1947), a flora (1957), os traballos etnográficos sobre os castros (1962), sobre a xeografía de Galicia (1953), sobre os cancioneros (1967), sobre o millo, sobre os restos dolménicos dos castros galegos (1962) etc. revelan unha actitude humanista que nada ten que ver coa súa dedicación durante anos para elaborar a tese.

Sen saír da etnografía e do folclore, en tempos máis recentes publicou traballos como “La condesa de Pardo Bazán y el folklore” (1975), “El traje gallego” (1985), “Do antroido” (1994), “Galicia máxica” (1992), “La Galicia insólita” (1973), “Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto” (1976), “Petroglifos del monte Pedreira en Carballedo (Pontevedra)” (1955), “Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular” (1975), “Romarías e santuarios” (tres folletos entre 1988 e 1995), “Aportacións no cancionero de Cotobade” (1985), “Carnaval e outras festas” (1992) etc.

Doutra índole son os traballos de carácter xeográfico referidos á cidade de Santiago ou sobre a vila e terra de Padrón.

Xa dera por pechada a etapa na que a historia se apoiaba nos datos extraídos dos arquivos, pero ocasionalmente (e case sempre por petición de amigos) historiaba algunha etapa histórica coma cando publica o volume sobre a “Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, primera época 1784-1813-1823” (1986) ou o libro *Polas catro témporas* (2006) no que recolle os artigos publicados en dous xornais sobre as rúas de Santiago e a historia que se oculta tras as fachadas das casas.

Así como legou a súa magnífica biblioteca ao Museo do Pobo Galego, do que foi director, quixo legar o seu moito saber a Galicia, a quen dedicou todo o seu esforzo intelectual.

X. R. B. F
Catedrático Emérito da USC

Bibliografía

- Fraguas Fraguas, A. (1956): *Historia del Colegio de Fonseca*. Santiago de Compostela: Cadernos de Estudos Galegos.
- _____ (1958): *Los colegiales de Fonseca*. Santiago de Compostela: Cadernos de Estudos Galegos.
- _____ (2006): *Polas catro témporas. Colaboracións en La Voz de Galicia e O Correo Galego (1992-1999)*, Xosé López, Rosa Aneiros e Daniel Salgado (eds.). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Mato, A. (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro.



Perfil político-ideolóxico de Antonio Fraguas

JUSTO BERAMENDI

Non é doado dar *un* perfil ideolóxico completo de Antonio Fraguas (1905-1999), e menos na súa dimensión política, en parte porque son case inevitables os cambios nunha vida que case ocupa enteiro un dos séculos máis conflictivos da nosa historia e en parte polo hermetismo escrito e oral que mantivo sempre neste tipo de cuestións. Aínda así, as súas actuacións e certas decisións e vivencias en diferentes etapas da súa biografía fornecen claves de abondo para facermos unha caracterización aceptable.

O Fraguas “político”, o nacionalista galego militante, só dura doce anos non completos (Beramendi, 2006). Esa etapa da súa vida ábrese no outono de 1924 e péchase no verán de 1936 cun final trágico que o deixou marcado para sempre. Porén, o seu primeiro achegamento ao galeguismo é algo anterior. Prodúcese no Instituto de Pontevedra onde aquel insólito rapaz labrego, alcumado significativamente “o da aldea” polos seus compañeiros, todos *urbanitas*, recibe o maxisterio do moi católico, moi tradicionalista e moi nacionalista Antón Losada Diéguez (Fraguas Fraguas, s.d.). Polo que fai despois sabemos que deses tres compoñentes ideolóxicos, aquel estudante de bacharelato asumiu sen reservas o primeiro e o terceiro. Respecto do segundo, carecemos de elementos de xuízo para afirmar nada con certeza. Non hai un só escrito seu onde tome partido pola dereita ou pola esquerda do nacionalismo galego deses anos, como si fan en cambio outros compañeiros de xeración. Por exemplo, Xosé Filgueira Valverde pola dereita, Ricardo Carballo Calero e Francisco Fernández del Riego pola esquerda. Tampouco non está claro como debemos interpretar o feito de que en 1935-1936 non se sumase ás escisións da Dereita Galeguista. Foi por estar de acordo coa ideoloxía democrática e anti-tradicionalista da dirección e da maioría do Partido Galeguista ou foi por colocar a unidade do nacionalismo como ben superior no camiño da autonomía, malia non compartir no demais a deriva cara a esquerda do partido, como era o caso de Ramón Otero Pedrayo, que de esquerdista tiña pouco? Non o sabemos.

En todo caso, e volvendo a Pontevedra, alí empeza a actuar en defensa do galego e para iso funda con algúns compañeiros a Sociedade da Lingua, sociedade que despois se integraría no Seminario de Estudos

Galegos e que, entre outras actividades, iniciou a elaboración dun dicionario (González Pérez, 2006: 42-43). Pero de momento non entra en ningunha organización política, se cadra porque, ademais de ser aínda moi novo, os irmandiños pontevedreses, malia contar con dúas figuras tan principais como Losada e Castelao, eran daquela tan poucos que nin sequera conseguiran artellar unha Irmandade estable na cidade.

Isto cambiou no outono de 1924 cando, rematado o Bacharelato, chega a Santiago para iniciar os seus estudos universitarios de Filosofía e Letras. Alí si existía unha Irmandade ben asentada dende 1916, convertida agora en delegación da Irmandade Nazonalista Galega (ING) logo da escisión que tivera lugar na IV Asemblea das IF (Monforte, marzo 1922), e na que Fraguas se inscribe, como consta na lista de afiliados que se conservou nos papeis de Camilo Díaz. Que nos di esta afiliación sobre a ideoloxía daquel mozo de dezaioito anos?

Sen dúbida algunha dinos que era un nacionalista galego. Malia as diferencias tácticas e organizativas que levaran ao seu nacemento, a ING mantiña como propio o programa aprobado na I Asemblea Nacionalista (Irmandades da Fala, 1918), o primeiro na historia do galeguismo no que se afirma que Galicia é unha nación e non unha rexión da nación española. O punto central dese programa era a autodeterminación de Galicia para conseguir unha “autonomía integral” que a dotase de poderes lexislativo, executivo e xudicial propios, así como de todas as competencias agás defensa, relacións exteriores, comunicacións de ámbito español, moeda e códigos penal e mercantil, que quedarían para a futura Federación. Tal reivindicación implicaba, xa que logo, a conversión do Estado centralista español noutro máis confederal que federal, Estado que se sostería polas aportacións económicas duns entes federados totalmente soberanos en materia fiscal. No que atinxía á Galicia futura, o programa prevía ademais a oficialidade do galego, a galeguización do funcionariado, do ensino e de toda a vida pública, a promoción sistemática da lingua e da cultura galegas, a reposición do Dereito Civil propio e a instauración dunha auténtica democracia representativa (daquela inexistente), con igualdade de dereitos políticos para a muller, erradicación do caciquismo, un sistema electoral proporcional, certas doses de democracia directa, autonomía para os Concellos urbanos e vilegos, eliminación das deputacións provinciais e dos concellos rurais

por coidalos “niños de caciquismo” e a substitución destes últimos polas parroquias como unidades básicas da administración local nese ámbito. A total autonomía fiscal e arancelaria de que gozaría Galicia, xunto con certas reformas progresivas no sistema impositivo e a creación dunha banca pública, permitirían fomentar un desenvolvemento económico autocentrado e xeneralizar un cooperativismo agrario que, sen alterar os fundamentos da pequena propiedade no campo, acabaría coa miseria da maioría dos campesiños e coa emigración masiva (Beramendi, 2007: 674-689).

Nacionalista, si. Pero de dereita ou de esquerda? Isto xa non está tan claro, nin o estará nunca porque, como veremos, a biografía de Fraguas emite sempre sinais contraditorias neste asunto. A composición da ING non nos axuda porque, así como o outro bando separado en Monforte (e moi centrado na IF da Coruña) era homoxeneamente liberal-demócrata e pro-republicano, a ING era moi heteroxénea dende o punto de vista ideolóxico. Nela convivían os demócratas como Antón Villar Ponte, o seu irmán Ramón ou Valentín Paz Andrade, cos católico-traditionalistas, encabezados por Vicente Risco (Conselleiro Supremo da ING) e Antón Losada Diéguez, artífices da escisión e agora ao mando da nova organización, mais moitos situados en medio e dos que algúns acabarán na esquerda, como Castelao. Pero todos unidos de momento arredor da aposta risquiante por un nacionalismo “puro”, abstencionista e por riba das divisións ideolóxicas. E non temos datos que nos indiquen en que posición se situaba daquela Antonio Fraguas.

O que non ten dúbida é o seu firme compromiso coa causa. Amén de iniciarse como investigador da etnografía e da xeografía e de publicar os seus primeiros traballos neses eidos en *A Nosa Terra*, *Nós* e anos despois en *Logos* e *Archivos do SEG* (Méndez García, 2006: 257-266), o que lle valeu ingresar no Seminario de Estudos Galegos en 1927 (García Martínez, 2006: 196-225), será un dos poucos que manterá activa a súa militancia nacionalista en medio da desbandada organizativa que trouxo consigo a Ditadura de Primo de Rivera e malia as dificultades de realizar calquera actividade política que non sintonizase co novo réxime. E aí está como proba a súa participación no primeiro intento de reorganizar o nacionalismo na clandestinidade. Ese intento tivo lugar entre decembro de 1928 e xaneiro de 1929 e coñecemos por unha carta que Ramón Otero Pedrayo escribiu o 3 de marzo de 1929 ao xa moi enfermo Antón Losada Diéguez, que se conserva

no Pazo de Moldes. Por iniciativa da Irmandade da Coruña reuníronse na casa de Camilo Díaz, na rúa das Hortas de Santiago, representantes desa Irmandade (Federico Zamora) e dos grupos de Ourense (Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo) e Santiago (Paulino Pedret, Camilo Díaz, Antón Fraguas, Ramón Martínez López). Os reunidos acordaron fundar “unha organización nacionalista pura, sen parlamentarismo, nin regamentos, o mais segreda, rápida e eficaz posible”. Otero elaborou un programa ideolóxico —que non coñecemos—, na liña risquiá a xulgarmos pola carta, e foi elixido provisoriamente “cabzaleiro supremo” o 10 de xaneiro. Nomeáronse presidentes locais na Coruña a Francisco Abelaira, xefe de Contabilidade da Sociedad General Gallega de Electricidad, e en Santiago ao crego Paulino Pedret. Acto seguido fixéronse xestións para a reconstitución dos demais grupos locais.

Como vemos, as formulacións deste intento parecen continuadores respecto da ING. Tal continuísmo, unido ao predominio do sector católico-tradicionalista nos postos de responsabilidade, probablemente desanimou ao sector pro-republicano dos irmandiños coruñeses, maioritario na cidade. Isto, sumado ás dificultades obxectivas e subxectivas que levan consigo sempre organizarse na clandestinidade explica que o proxecto esmorecese apenas nado. O certo é que a nova organización non volve a mencionarse na correspondencia posterior a marzo de 1929. Pero o intento demostra a firmeza do nacionalismo de Fraguas.

Idéntico significado ten o feito de que non se sumase meses despois á aventura da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), fundada a primeiros de setembro na Coruña por confluencia dos republicanos de Santiago Casares Quiroga e o groso dos irmandiños coruñeses e algúns doutros lugares con Antón Villar Ponte á cabeza, e que significaba por parte destes a renuncia a unha vía política expresamente nacionalista coa esperanza de gañar presenza electoral cando acabase a ditadura cun programa autonomista pero non nacionalista (ORGA, 1929). Fóra da Coruña, esta renuncia provocou unha gran conmoción, pero a maioría dos nacionalistas galegos do resto de Galicia negouse, como Fraguas, a imitar o exemplo dos coruñeses. Aínda que en número eran menos, decidiron agardar a que un cambio da situación política lles permitise reorganizar o nacionalismo.

E o cambio chegou en poucos meses. A dimisión de Miguel Primo de Rivera e a súa substitución polo xeneral Dámaso Berenguer en xaneiro de 1930 crearon unhas condicións algo máis favorables para as forzas da oposición. Conscientes de que a ditadura estaba nas últimas, os novos gobernantes toleraron a actividade paralegal das forzas políticas. Nesta “dictablanda”, o nacionalismo galego reagromou con moita máis forza da que tiña antes. Durante ese ano e os tres primeiros meses do seguinte reconstituíronse case todos os grupos preexistentes e apareceron outros tantos en lugares onde non os houbera. Para intentar reunificar estas forzas, coruñeses incluídos, celebrouse a VI Asemblea Nacionalista o 26 e 27 de abril de 1930 na Coruña. Se ben os acordos adoptados (creación dunha Irmandade da Fala de Galicia para o labor cultural e dun Partido Autonomista Agrario para a acción política) aparentaban que se acadara o obxectivo da reunificación, eses acordos non se aplicaron. Os que estaban na ORGA seguiron nela, aínda que a maioría non por moito tempo e os demais continuaron reactivando o nacionalismo sen facer caso das siglas aprobadas na Coruña.

A cidade de Santiago non foi allea a este rexurdir. Máis ou menos coincidindo coa VI Asemblea refundouse a Irmandade da Fala local, acto no que, como era de esperar, participou Antonio Fraguas. Fracasada a tentativa de reunificación, os nacionalistas composteláns quixeron marcar distancias co autonomismo da ORGA e adoptaron o nome de Asociación Nacionalista de Santiago (ANS). Era un grupo ideoloxicamente heteroxéneo, como o fora sempre dende a primeira fundación da Irmandade compostelá o 28 de maio de 1916. Nel convivían os de mentalidade católico-conservadora con demócratas máis ou menos á esquerda. Entre os primeiros estaban o vello Manuel Banet Fontenla (que se instalara en Santiago procedente de Monforte), Camilo Díaz, Xosé Mosquera (“O vello dos contos”), a catedrática de Instituto M^a Pura Lorenzana e os cregos Paulino Pedret, Xesús Carro, Xosé M^a Cabada e Manuel García García. Entre os segundos cómpre citarmos a Xan Xesús González (que a presidía en 1931), Mario Fernández Granell, Álvaro Cunqueiro, Isidro Parga Pondal, Luis Seoane, Sebastián González García-Paz, Ricardo Carballo Calero, Lois Tobío e Francisco Fernández del Riego.

Cando se proclamou a República, a maior parte da esquerda da ANS, sen abandonar esta, promoveu, xunto con algúns nacionalistas

doutros lugares, a creación dunha organización de ámbito galego, Esquerda Galeguista (EG), á que tamén se afiliou Antonio Fraguas, malia o seu fondo catolicismo, o que dá idea da radicalidade das súas posicións nacionalistas e democráticas nese momento. EG era, como o seu mesmo nome indica, un grupo ideoloxicamente máis homoxéneo que ANS. Con vocación de actuar en toda Galicia, máis da metade dos seus magros efectivos residía en Santiago. Militaban tamén nela Ánxel Casal (de volta ao rego nacionalista), Álvaro das Casas (catedrático en Noia), Arturo Cuadrado, Xosé Eiroa e Primitivo Rodríguez Sanjurjo. De formulacións moi escoradas cara a esquerda democrática e radicais de abondo na cuestión nacional tivo unha actuación política máis ben escasa, que non pasou alén da redacción e difusión dalgún manifesto e da decisión de absterse nas eleccións a Cortes Constituíntes de 28 de xuño de 1931 por desconfiar da pureza democrática e da vontade descentralizadora da nacente República. E así, logo de reivindicar como propio o proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia presentado polo Seminario de Estudos Galegos á asemblea celebrada na Coruña o 4 de xuño, dicían dez días despois: “temos a obriga de confesar que o problema galego vaise tornando pra nós incompatible cos homes da Hespaña” (EG, 1931).

Nesas eleccións o nacionalismo galego conseguiu colocar nas Cortes Constituíntes catro deputados, marca aínda non superada hoxe: Alfonso R. Castelao pola Candidatura Galeguista de Pontevedra, Ramón Otero Pedrayo polo Partido Nazonalista Republicán de Ourense e Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo polas listas da ORGA na Coruña. Iniciados os procesos constituínte e autonómico era evidente a necesidade de unificar os numerosos grupos nacionalistas nun partido moderno e eficaz, único modo de competir con certas posibilidades no novo escenario político na procura do gran obxectivo táctico do momento: a autonomía de Galicia. Como sabemos, desta vez a unificación fíxose e fíxose ben. A fundación do Partido Galeguista na que foi asemade VII Asemblea das Irmandades e I Asemblea do PG (Pontevedra, 5-6 de decembro de 1931) marcou realmente un decisivo punto de inflexión no devir do nacionalismo galego.

Antonio Fraguas, na súa condición de afiliado a ANS e a Esquerda Galeguista, foi un dos fundadores do novo partido, aínda que non estivo presente na asemblea. Fiel ao seu perfil de afiliado de base non aparece moito nas fontes pero os poucos rexistros que se conservan indican que non era

precisamente un militante inactivo. Sempre que llo pedían participaba nos mitins do PG, como no celebrado en Maside onde compartiu tribuna con Víctor Casas, Leuter González Salgado, Ramón Otero Pedrayo e Castelao.¹ Sen dúbida débese a el a creación do Grupo Galeguista da parroquia de Viascón en Cotobade en abril de 1932 que, segundo o Libro de Rexistro de Socios do PG, contaba con 30 afiliados e que logo se estendería a outras parroquias do municipio, como a de Carballedo, onde en 1934 se formaría un grupo das Mocidades Galeguistas.

Tamén salientou como propagandista a prol da autonomía e no medio emerxente de comunicación de masas que daquela era o máximo da modernidade: a radio. Xunto con outros compañeiros nacionalistas e algúns republicanos foi protagonista da creación da primeira emisora galega, da que o nacemento estivo moi ligado ao proceso autonómico. A Liga Compostelana Pro-Estatuto², asociación na que os nacionalistas tiñan unha nutrida presenza, promoveu xunto con outras entidades locais a creación a principios de xaneiro de 1933 da primeira emisora galega: EAJ-4 Unión Radio Galicia, integrada na SER. Instalou a súa redacción no primeiro andar do nº 5 da Praza da Universidade e emitía a través dunha antena chantada en San Domingos de Bonaval. O teor galeguista de Radio Galicia era moi claro tanto polo primeiro equipo de persoas que a levaron adiante como polos contidos das emisións que estaban orientados preferentemente a facer propaganda autonomista. Os locutores habituais eran Antonio Fraguas, Ramón Valenzuela e Xosé Mosquera, o popular “vello dos contos”, un nacionalista de dereitas ao que ás veces acompañaba un rapaz, Ángel Porto Anido, que andando o tempo sería alcalde franquista da cidade. E o principal redactor era Manuel Beiras García. Entre os seus papeis, depositados no Museo do Pobo Galego, aínda se conservan numerosos guións do emitido.

No PG seguían cohabitando as mesmas tendencias ideolóxicas que dividiran ás Irmandades: tradicionalistas católicos *versus* demócratas politicamente laicos (aínda que persoalmente a maioría eran tamén católicos) aos que se sumaban agora uns poucos socializantes. O que cambiaba era

¹ *A Nosa Terra*, 296, agosto 32, p. 4

² Vid. o folleto de presentación da Liga *Al Pueblo de Santiago*, 6 de xaneiro de 1933, Imp. Paredes. Arquivo do Museo do Pobo Galego, Fondo Manuel Beiras, Carp. 1.3.3.

a correlación de forzas, pois os primeiros ían perdendo peso dentro do conxunto a medida que o volume total de nacionalistas medraba, e moi rápido. En todo caso, no primeiro bienio de existencia do partido a vontade de unidade prevaleceu sobre as diferencias ideolóxicas, se cadra porque había claros progresos de cara á autonomía de Galicia. Pero os gobernos de centro-dereita, nados das eleccións de novembro de 1933, pecharon ese camiño, perseguiron aos nacionalismos subestatais e demostraron que só con gobernos de signo contrario en Madrid era posible a autonomía. En consecuencia, a dirección do PG, en man dos demócratas, empezou a virar á esquerda en 1934 e isto reactivou as tensións internas até o punto de provocar dúas pequenas escisións pola dereita, unha en 1935 e outra días antes das eleccións de febreiro de 1936.

Perante estas liortas, Antonio Fraguas mantívose en todo momento fiel á disciplina orgánica e aos acordos adoptados por maioría, poñendo sempre a lealdade ao partido por riba de calquera outra consideración ou calquera amizade persoal. Por iso, malia ser persoa moi relixiosa, non escoitou a quen dividiron o nacionalismo en nome dun catolicismo que segundo eles debía ser ingrediente obrigado do nacionalismo galego. E non secundou a marcha dos seus compañeiros de aventura radiofónica, Manuel Beiras e Xosé Mosquera, que si abandonaron o Partido Galeguista para engrosar as magras hostes da Dereita Galeguista encabezada por Vicente Risco e Xosé Filgueira.³ Todo o contrario. Xusto neses meses Antonio Fraguas pasou a ocupar o único posto directivo que tivo no PG, o de Secretario Xeral do Grupo Galeguista da Estrada, vila na que estaba destinado como profesor do Instituto. Era esta daquela unha das agrupacións locais máis nutridas do partido no ámbito semiurbano, pois conseguira medrar considerablemente, aínda que non tanto como a de Rianxo, até acadar os 120 afiliados. Pese a isto non tiña local propio e usaba para as súas reunións a sede de Unión Republicana.⁴ Dende alí Fraguas participou na campaña do referéndum do

³ Os escindidos composteláns saíron á palestra pública cunha folla, *Á opinión galega*, na que explicaban a súa postura e xuntaban un boletín de adhesión. Ademais das sinaturas de Beiras e Mosquera, aparecía en primeiro lugar a do vello Manuel Banet Fontenla seguida doutras tres. Arquivo do Museo do Pobo Galego, Fondo Manuel Beiras, Carp. 1.3.3.

⁴ Tal afirma o oficio do alcalde franquista ao xuíz de Caldas, datado o 10 de maio de 1937, no que informa da composición da directiva do grupo. Arquivo do Museo do Pobo Galego, Fondo Antonio Fraguas, Carp. Nº 64.

Estatuto e puido saborear o gran paso adiante que a consulta significou no camiño da autonomía. Mais por pouco tempo, como ben sabemos.

No verán de 1936, con Galicia xa totalmente controlada polos sublevados contra a República, a represión chegou tamén á Estrada. E a Fraguas. Foi humillado e por suposto “depurado” como funcionario docente o que lle afastou bastantes anos da súa cátedra. Con todo, é moi ilustrativo da súa bondade como persoa e das súas grandes cualidades como profesor que, fóra das vexacións a que lle someteron nos primeiros días falanxistas incontrolados, até os seus inimigos o trataron con respecto. E así, os informes da Falange local e do Alcalde da Estrada para o expediente de depuración ofrecen del unha imaxe positiva, algo realmente insólito naquelas circunstancias: “era elemento de orden, de excelente moralidad y nunca ha ejercido influencia sobre sus alumnos ni utilizado la clase o aula para ninguna clase de propaganda, antes al contrario era muy querido de sus alumnos, y de los afiliados a la Falange”. Sen dúbida estes informes favorables contribuíron a que o castigo polo seu pecado nacionalista fose relativamente leve para o que se estilaba entre os vitoriosos *nacionais*.

Durante as máis de seis décadas que mediaron entre eses feitos e a súa morte Fraguas mantivo un férreo silencio, en público e en privado, sobre o que lle fixeron e sobre o que opinaba politicamente do pasado e do presente. Só estaba claro, polo que facía, que o seu galeguismo seguía intacto e que, en consecuencia, era un antifranquista (silencioso). Pero pouco máis podemos dicir con fundamento, nin sequera coa axuda dos dous únicos materiais algo relevantes que nos deixou en tan longo período de tempo. O primeiro (Fraguas, 1987) é o único traballo sobre a época anterior á Guerra Civil que lle coñecemos. Nel fai un breve e moi neutral repaso ás Irmandades da Fala e ao proceder do Partido Galeguista no marco da España republicana e do proceso do Estatuto Galego. Só Casares Quiroga lle merece unhas educadas críticas, como era de esperar nun ex-militante do PG. Non hai duras condenas das esquerdas españolas (unicamente unha mención de pasada á queima de conventos) nin das dereitas. Refírese nunhas liñas á división interna do nacionalismo galego en dereitas e esquerdas para lamentala pero sen tomar partido. Así que volvemos quedar *in albis*.

O segundo material, descuberto por Rosa Méndez, bibliotecaria do Museo do Pobo Galego, son unhas anotacións manuscritas que fixo na súa

axenda de 1996, co gallo das eleccións xerais do domingo 3 de marzo dese ano, nas que o PP de José María Aznar venceu por primeira vez ao PSOE de Felipe González. O maior valor destes fragmentos é que ofrecen o único testemuño do propio Fraguas sobre o episodio da Estrada. Pero unha vez máis resultan confusos de abondo sobre as súas posturas políticas, agás nalgo que si está claro: que Felipe González non lle caía ben por querer sacar beneficio político da lembranza da Guerra Civil. Reproducímolos completos, non só porque teñen valor de seu, senón tamén para que o lector poida xulgar por si mesmo.

[Domingo 3 de marzo]

Eleccións: moita emoción e cabreame o canto de Gonzalez. Ben se ve o que foi un fascista.

A miña vida lembra o canto

O artigo do cocodrilo.

Parece que gana o P.P.

Xa se verá

[Luns 4 de marzo]

Os resultados das eleccións non dan a maioría a ningún grupo. Eu anoto aquí coa máis grande protesta a actuación de Don Felipe González Presidente do Goberno colocando na propaganda os cantares dos comezos da Guerra Civil, unha guerra con un millón de mortos, guerra que fomos perseguidos, humillados, e moitos asesinados. El foi un dos que gozaron das delicias de semellantes diversións porque era como aquel que na noite setembrina do 1936 despois de cear foime buscar para ir detido o cuartelillo da Estrada. Fomos barrer as ruas. A min puxeronme de abandeirado e logo aqueles dous rapaces sentados na mesa os que tiven que pedir perdón de xionllos. Ningún mocío tiña a máis pequena queixa que dar de min, beber o aceite con entrega do vaso e o dito tome usted este bermú y dele las gracias y pídale perdón porque el bermú que había preparado para Vd. era este e mostroume a pistola do nove largo. Eu nin antes nin despois da guerra fixen mal a ninguen. Recordar semellantes cantos é ser un home para min sin valor ningún.

[Martes 5 de marzo]

Teño as miñas inquedanzas polas eleccións. Ninguen ten maioría para facer o que lle dea a gana.

A historia ten moito que contar. Farsa tan grande coido que non se fixo nunca. Pero nas eleccións non pasou nada. Os medios son os que dan materia pra comedia.

X. B.

Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

- Beramendi, J. (2006): “O soldado fiel”, en *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 180-195.
- _____ (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Esquerda Galeguista (1931): “Manifesto”, *A Nosa Terra*, 285, pp. 1-7.
- Fraguas Fraguas, A. (1987): *El proceso histórico de España y Galicia en el período de elaboración del Estatuto del 36* [Cursos Superiores de Verano. Fundación Alfredo Brañas. Poio, 1986]. Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia.
- _____ (s.d.), *Notas da miña vida e do meu tempo*, inédito. Santiago de Compostela: Arquivo do Museo do Pobo Galego.
- García Martínez, C. (2006): “Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos”, en *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 196-225.
- González Pérez, Clodio (2006): “Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra”, en *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 24-89.
- Irmandades da Fala (1918): *Ao pobo galego. Manifesto da Asambleia Nazionalista de Lugo*. Lugo: s.i.
- Méndez García, R. (2006): “Bibliografía”, en *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 257-266.
- ORGA (1929):. *Al país gallego*. Galicia [A Coruña]: Organización Republicana Gallega Autónoma, outubro de 1929. s.i.



Don Antón Fraguas, Antonio (de) en Insuela

GUILLERMO CAMPOS PIÑÓN

En primeiro lugar Antonia Pérez Estraviz [...], miñas primas da Costa Tersila e Julita Fraguas, e María Rodríguez do Brixel, os meus veciños de Insuela, Digna e seu pai José Rodríguez, Amable Cabirta e don Antonio Vidal Proenza [...] Manuel Malvar, coñecido polo lugar de nacemento, por Manuel da Costa.

Esta referencia expresa de Antón Fraguas, respuntada da introdución do libro *Aportacións ó Cancioneiro de Cotobade* —cando quere deixar constancia de agradecemento á xente máis próxima que o axudou na recompilación do cantigueiro— permite establecer asemade referencias certas sobre o entorno vital, o das terras que o viron nacer e medrar, no que se desenvolve o mozo e tamén maduro Antón Fraguas, ámbito que me corresponde enfocar neste traballo. Entre os veciños non se lle coñece como Antón, senón como Antonio, don Antonio a medida que foi gañando o don, ou como “o Catedrático” tanto no berce como nun rodopío de maior distancia na contorna cotobadesa. Don Antonio segue a ser lembrado, para os coetáneos de Loureiro que quedan vivos, con profundo respecto e admiración pola súa rectitude, xenerosidade e afabilidade... Non eran tempos, os que seguiron ao golpe de estado franquista, para públicas concesións galeguistas.

¿Que queda daquela Insuela, daquel Loureiro e aldeas limítrofes?, ¿Daquela bisbarra onde pasou a infancia e pubertade, incluíndo as camiñadas semanais de ida e volta a Pontevedra¹ como albiscando para non perderse, as augas do Almofrei e a seguir do Lérez? ¿Que permanece daqueles latexos que o emocionaron e conformaron na solariedade e o compromiso, daqueles xeitos que foron construíndo a personalidade dun cativo que nacera humilde —os pais casarían á volta do proxenitor da emigración— pero non orfo de

¹ Deixando atrás os montes de Loureiro, Antón encamiñábase cara aos de Borela, e pola meritoria reitoral e a Ponte *medieval* (a carón da actual estrada), pasa pola Xesteira, deixa a man esquerda a singular mole granítica do Cano (tamén coñecida como “Outeiro da Vella”, que aquel eterno alcalde conservador, Moncho Abal, deixou escachizar irresponsablemente), e por Vilanova enfila, dende a Fonte da Soldada, a travesía montesía ata as Pontes de Bora, integrado o camiñante, como o Almofrei no Lérez, na camiñada final ata “o Pueblo” que é como os arrabaleiros din da capital. Así, tódolos domingos a ida, tódolos sábado a volta.

espírito de superación e sacrificio? ¿En que estado están, se están, as pedras que acubillaron as súas estancias e andainas mozas, as xentes máis próximas que compartiron o seu latexar, as investigacións e estudos, os bens matrices?, en fin... ¿Que é das paisaxes, o patrimonio e os eidos comúns, o xeito de vivir na aldea, no que se modelou a personalidade daquel neno labrego e que este abençoado ano de 2019 personifica as Letras Galegas?

Desapareceron formas, feitos e fotos, xente, naturalmente. Viñeron as cousas que tiñan que vir como se corresponde cun tempo que abrangue un século de progreso a pesar dos pesares; nun territorio lonxe de ser o cabo do mundo que, no municipal, limita co concello de Pontevedra; nunha parroquia, Loureiro de Cotobade, que está a 20 quilómetros da cidade por estrada, inda que nos tempos do estudante Antonio a alternativa era atallar monte a través ata a capital da provincia para poder facer o bacharelato no instituto² único de entón. Quedan fitos que distinguen o patrimonio material e inmaterial, valores etnográficos que sensibilizaron especialmente ao vello profesor; queda a paisaxe e o medio, non tan modificado salvo as salpicaduras infraestructurais e urbanísticas mellor ou peor incorporadas. Finaron tamén “os seus” que cita agradecido, mais quedan as voces de quen sendo cativos ou ao carón do seu tempo, medraron con el no camiño da vida, os herdeiros daquel tempo —mozo e vello— que lembran a Antonio Fraguas, entenecedoramente presente, coma un dos seus, coma un dos nosos.

Afirmase que o primeiro que facía o don Antonio xa residente en Compostela, nada máis por o pé en Insuela por mor das súas estadías de verán, era achegarse ao inmediato *Iglesario* para visitar a imaxe do Santo Cristo de Loureiro, concitador das máis sentidas devocións aínda que a parroquia está patroneada por Santiago Matamoros. Encendíalle unha vela.

Ou este rito que as máis das veces quedaba para segundo cumprimento, ou o de visitar, tan pronto como pousaba as maletas, á veciña Pepa... muller

² Na etapa de estudante en Pontevedra, intégrase non só na vida académica senón tamén na xuventude pontevedresa. Stareiro do campo de fútbol de Campo Longo —así volvíade decote cos zocos rotos— aproxímase ao anecdotario do loro Ravachol e outras peculiaridades costumbristas locais no tempo de lecer. Pola semana, reside primeiro naquel barrio, onde está o coñecido como “colexio dos Cegos”, e despois vive en pensións do centro como deixou referenciado Clodio González Pérez.

intensamente xorda coa que, vegada tras vegada e xa ben entrados en anos os dous, mantiña a mesma conversa, tan pausada como previsible:

—E logo... como che vai, Antonio?

—Vaime mal, Pepa.

—Bueno... pois alégrome, Antonio!

O breve diálogo pechábase cun sorriso cómplice. A entrañable Pepa era a nai de Amable Cabirta (que cita nos agradecementos referidos, sen dúbida un dos veciños ben queridos e amigos de toda a vida), da que é testemuña viva e lúcida a súa viúva Amalia. A chegada de don Antonio e dona Tereixa viña ser a chegada oficial do verán a Insuela. Aquí pasaban os meses de xullo e agosto (de paso, “fuxían” do formigueiro compostelán, especialmente polo Apóstolo). A casa enchíase coa compañía cotiá da familia compostelá máis apegada —don Antón e dona Tereixa non tiveran fillos— a irmá da señora, dona Lola e tamén polos sobriños Elena (Teresiana) e Justo, que resultou ser quen o coidou ata os últimos días en Compostela e herdou as propiedades de Insuela. “Xente falante, moi sociables todos...”, subliñan os veciños. Justo, xa finado tamén, é o pai de Carolina Martínez, á súa vez actual herdeira e rexente da farmacia familiar que perdura na capital de Galicia.

A casa dos Fraguas, portas abertas *ma non troppo*, incorporábase aos temas e os días da aldea, incluída a rolda da Santa Rita, o pequeno nicho itinerante polas vivendas, gardada hoxe na igrexa parroquial. A integración na veciñanza era notable a pesar das interrupcións temporais e consuetudinariamente anovada cada ano, ata o punto de que a moi piadosa dona Tereixa (Valga) lle tiña pedido ao seu compracente home que cando chegara a Hora, a soterrasen en Loureiro, onde teñen panteón. O Antonio sabía que o destino tiña establecido outro protocolo: “sabes que che cumplo tódolos gustos, este non vai poder ser”. Descansa tamén en Santiago aquela dama discreta, reflexiva e bondadosa, como estaba escrito para o seu marido.

Popularmente coñecido por “O Gaio”, José Rodríguez era o outro grande amigo, seguramente o primeiro, o de maior complicidade cando menos, criados e medrando porta con porta. Así o corrobora o artigo necrolóxico que publica Antonio no *Faro de Vigo* cando o pasamento do amigo, no que expresa grande admiración pola traxectoria e habilidades polifacéticas do ben querido veciño: non lle quedara oficio común por

desempeñar, incluído o de sancristán. Tiveran as casas pegadas, na realidade, por mor de que Antonio permitiu que unha das paredes da súa casa se convertera en medianeira da do veciño: “ata nos deixou abrir fiestras para o seu resío” lembra a filla, Digna, memoria privilexiada agora mesmo con oitenta e dous anos. Na actualidade reparte a súa existencia entre Narón, onde vive coa filla, e a nova casa que construírán os pais despois de vivir en medianeira, a poucos metros da outra, pero pola banda de enriba da estrada, aí xa é o Quinteiro Medio, igualmente conformando un casal que nin chega a media ducia de edificios nin están separados por máis de cincuenta metros... Todas elas constituíron en maior ou menor medida o “núcleo común”, o berce auténtico de don Antonio.

Hoxe en día, permanecen habitadas as contiguas, a chamada “de Amable” e a casa “do Ferreiro”, na que vive co seu fillo Lino outra memoria lúcida dos tempos do noso personaxe na aldea natal: Amparo Rodríguez, 94 anos e coidando a horta, quen corrobora coas veciñas un dos trazos característicos da personalidade de Fraguas: era un home extraordinariamente xeneroso. É ela quen dá testemuña do comportamento “desinteresado de don Antonio... ¿quen deixaba facer a casa pegada a súa? A nós tamén nos favoreceu, levámoslle veigas ás medias, pedímoslle o segueiro en arrendo: “non cho arrendo; ti, sega...” foi a resposta, como tantos outros comportamentos desinteresados. Témolos por home bo, e xeneroso, “e nada de tabernas, saía pouco da casa”.

E se saía, era para visitar as veigas da súa propiedade, principalmente as montesías, nas que gustaba de plantar árbores, particularmente castiñeiros. “Eu fun con el plantar uns piñeiros ao Mato Vello, pero os piñóns debían estar pasados, que non naceron...” lembra cun sorriso nos beizos Amparo. Tamén froiteiras, tiña moita froita, “unhas mazás ‘rubias’ e peras ‘redondas’ e das de ‘manteca’”. Non precisa máis datos sobre as castes predominantes no eirado, nun concello no que as peras Urracas, as mazás de Tres en Cunca ou as Repinaldo gozaban de escano xunto as Tabardillas ou as “xeneralistas” da sidra.

Digna garda a memoria do profesor, sempre cun libro na man ou escribindo, atento ao que pasaba arredor da que hoxe é a casa número 1 do barrio de Insuela, á que don Antonio deixou de vir cando xa non se valía por si mesmo. Un sólido edificio de perpiaño do país extraído nas proximidades

do Coto Caldeiro; ten baixo e planta, sustentada por sorprendentemente sólidas columnas interiores. Gañara longo balcón pola fronte e outro pola parte posterior, coa reconstrución emprendida despois da volta á terra do seu pai, Manuel Fraguas Rodríguez, cos cartiños que trouxera do Brasil³.

Das dúas solainas que loce a casa consérvase tal cal a anterior que dá á estrada, mentres que a posterior sufriu unha reforma tardía: o sobriño e herdeiro decidiu xa tardiamente aplicarlle unha azotea que rompe a harmonía arquitectónica orixinal en favor de maior dispoñibilidade como “solario” e espazo a cuberto (garaxe) gañado o pequeno *salido* con froiteiras, ornamentais e un canastro.

Ata fai pouco estivo ocupada un tempo por uns alugueiros que nada respectaron o equipamento interior deste clásico edificio de granito do país, picado en grandes pezas. Construción cumprida de volume, rompe a condición de paralelepípedo por mor da ala sur que vai cara a dentro no eirado. Vén de ser un *recibidoiro* ao que se accede despois de traspasar o portal e a banda central do baixo do inmovible. Salvada aquela “ele”, a planta “rectángulo” distribúese a base dun corredor central que en primeiro termo permite o acceso ao despacho-biblioteca, seguidamente aos cuartos a dereita e esquerda, e finalmente ao salón, dotado de cheminea, un par de reloxos (un de pé, de mérito, outro de parede), un aparador e chineiro no que inda queda algún vestixio de louza de “La Cartuja” e pouco máis que resistise a falta de sensibilidade ocupante (agás algún trebello de labranza que el mesmo levou para o Museo do Pobo Galego). Esa estancia é un dos accesos á solaina da fachada, todo o largo do edificio fronte á estrada, estreito eido e canastro por medio. Non quedan restos do “aviso-recordatorio” que deixara pintado a camarilla falanxista asasina comandada por Víctor Lis (Cutrián-San Xurxo de Sacos), na lumeira dunha porta.

³ Manuel, canteiro, emigra a Brasil e traballa na construción do ferrocarril de San Paulo. Para alí estaba predestinado o moción Antonio, de non mediar o Mestre de Famelga, e tamén a decisión firme da nai diante da diatriba: “se vale para estudar, estudará, habémonos de amañar, o neno irá a Famelga”, veu dicir a señora Tereixa, renunciando a volver ao Brasil, agora en familia os tres. Esta aldea está, estrada arriba, a menos de medio quilómetro de Insuela, inda que pertence a Aguasantas (a 5 quilómetros) porque pediu a disgregación de Loureiro. Tivo feira de respecto e conserva o campo arbolado á beira da estrada, con capela, peto de ánimas e fonte. Nesa carballeira estaba tamén a escola, nun edificio que se conserva inhabilitado.

O mundo que se ve dende o Quinteiro de Abaixo

Dende tales atalaias afinaba o oído Antón, tratando de escudriñar nas cantigas que entoaban as mozas veciñas, aplicadas aos traballos de primavera e verán, ás botadas do millo ou da ferrán na *Sabujada* e outras veigas que se deixan escorregar cara ao regueiro da Candeira e o Muíño do mesmo nome, hoxe en día situado arrente a pista asfaltada que segundo se chega dende Carballedo, e un pouco antes de acadar o Quinteiro de Abaixo, indica dirección a Vilalén e A Costa, dous lugares que teñen luz propia na memoria do —por primeira vez e non felizmente— escolarizado Antonio.

Gustaba o noso personaxe das tonadas de Rosa Rodríguez e de Emérita Vidal, familiar dos “do Ferreiro” (os Rodríguez testemuñas de excepción neste traballo), que tiñan a voz potente e grileira coma a dunha gaita. “Cantaban ben, pero ao millor tamén era porque don Antonio tiña a voz moi baixa”.

Por estes mesmos inmediatos paraxes pero en tempos que non estaban para cánticos, encetou o camiño da escolarización o pequeno Antonio, por debaixo do predio familiar. Son os que levan o casal da Costa, onde rexentaba escola mixta única seu tío don Celestino Veiga⁴, persoa coxa e non só de perna senón tamén de moi discutibles dotes, practicante de métodos violentos como aplicarlle aos alumnos as “pexas” para as cabalerías, ata o punto de que os rapaces —naqueles tempos de temerosos respectos— o ameazaron con botalo pola fiestra. O propio Antonio xa medrado díxolle o pai que alí non aprendía nada. Na Costa vivían os avós de Antonio, alí nacera seu pai⁵.

Fíxolle caso. Practicamente á mesma distancia do berce aséntase Famelga, e na carballeira que albergou unha das feiras máis importantes da

⁴ Don Celestino casara cunha irmá do pai de Antonio, María. A escola da Costa, única na parroquia, clausurouse coa morte do seu rexente, creándose tres aulas máis en consonancia cunha parroquia tan desperdigada: no Iglesiasario, no Frade e no Beseiro, que rexentou meu pai, don Benito, así era coñecido en toda a redonda.

⁵ Manuel Fraguas casa con Terixa Fraguas, a nai, que nacera en Maside (Ourense). Veu herdar a tía Manuela, reforzando así a presenza do xa moi estendido xentilicio Fraguas, que tamén o tiña o marido por apelido, na freguesía de Loureiro. Dese tronco común procede o apelido de Antonio Fraguas, Forges (tradución en catalán), de xeito que o celebrado humorista recentemente desaparecido, viría ser sobriño da nai de don Antón.

contorna, abriña a escola nacional don Antonio Castro⁶, mestre dotado de alta capacidade docente, mediante a que exerce unha influencia decisiva na formación e deriva do neno. Alí, Antonio asistiu a clase con tal aproveitamento que o mestre citou e suxeríulle ao pai: “dele estudio al niño, que vale para estudiar, y será su mejor inversión [...]”.

Quen acabaría sendo o primeiro director do Museo do Pobo Galego ou cronista oficial de Galicia entre outros títulos e funcións, empezou por matricularse no Instituto de Pontevedra, decisión na que pesou a firmeza da súa nai para asumir o gasto —inda que fora a costa de vender algunha veiga, como así foi— en vez de acompañar aos pais na volta ao Brasil, tal como tiña previsto a parella antes da recomendación docente. Acabariamos gañando un investigador e catedrático comprometido co país, perdeuse un potencial ferroviario na diáspora.

E pasaría así, co tempo, a engrandecer a orla dunha pequena “aldea de títulos” como gusta precisar Manuel Rodríguez Vidal, mestre actualmente xubilado fillo tamén de Insuela e autor dun opúsculo titulado “Lembranzas cotobadesas”⁷, vello amigo co que tiveron o pracer de “reconstruír” os andares de Antón Fraguas para este traballo. De certo, na parroquia de Loureiro, e máis porcentualmente na Banda de Acá, foron coetáneos nas longas décadas centrais do século pasado, máis de media ducia de persoeiros titulados en carreiras medias ou superiores, como é o caso dos mestres don Antonino Vidal Proenza⁸, don Perfecto Cabaleiro, os irmáns Peleteiro; o médico don Hermógenes Vidal, o avogado don Lorenzo Gesteira e seu irmán don

⁶ Este pedagogo moderno perdera o traballo nas “Colonias de Covelo”, unha institución social promovida polo filántropo Conde Cabanelas, seica por unha competencia de faldas, cousa creíble a xulgar polo que se di deste personaxe contradictorio. A saber... pero saber sabía ensinar don Antonio Castro, fillo de Augasantas, emparentado coa familia Delfín García Castro, propietaria que foi de autobuses de servizo discrecional.

⁷ Neste libríño de 110 páxinas recóllense datos, descrições, historia e lendas do concello, así como referencias monumentais da igrexa, da cultura popular e dos protagonismos locais. O autor desenvolve nel a teoría do Camiño Portugués por Cotobade e a parada da raíña Isabel de Portugal no campo da Festa.

⁸ María Alicia Crispí “Marili”, recentemente falecida, naceu a carón do campo da Festa de Loureiro, na casa da Xuíza. Licenciada e doutorada en C.C. Físicas en Madrid foi a primeira muller catedrática da Complutense, e a primeira muller membro da Comisión de Enerxía Atómica Española (referencia 7).

Modesto, cura de Rebordelo. Ou a “estudiada” familia Crispí, Antonio, Luis e Marili⁹.

A este latexo multidisciplinar, don Antonio achega o seu coñecemento e experiencias antropolóxicas e etnográficas, o froito das incursións no Castro de Famelga —tenta involucrar á xuventude na afección pola arqueoloxía— e en “As Vilas” (localización dun presunto campamento romano); busca as mámoas estimadas no monte das Arcas, procura achádegos da Escorregada ao Calvo, da Chan e Ponte Sarrapio ao Beseiro¹⁰, nos restos probablemente romanos dunha tellera; lima dilectancias sobre a Vía Escondita ou o paso da Raíña Isabel de Portugal polo carballo de Santa Isabel, o que dá lugar ao establecemento desta reivindicada deriva do Camiño Portugués dende Braga a través do Castelo de Vilasobroso —onde casara con don Dinís— percorrendo terras orientais da xurisdición que foi de Caldevergazo, e cruzando o Lérez e o Umia ata as baixas do Ulla, e por fin Compostela.

Fai don Antonio saídas esporádicas máis alá da veciñanza, e xa maior, gusta de comer os domingos cos sobriños en Carballedo, en Casa Inés (antes Pepe da Chan, pai) onde o comedorciño e non obstante gastronOMICAMENTE austero don Antonio, aproveita para saber de filloas, morcelas, touciño con cachelos, petote, carne ao caldeiro, nocos... que son os bocados preferidos entre outras tipicidades das que é defensor e quere saber doutras facendas e sabores, nunha constante actitude por recoller testemuña dos traballos e os días, das xentes, todo o que enche de vida o costumismo, sexan os labores

⁹ Antonino Vidal Proenza, nado en Insuela, mestre represaliado polo franquismo por ter participado nun mitin republicano, casou no barrio das Cachupeiras da Xesteira, parroquia de Almofrei, dende onde recompila estrofas para o Cantigueiro. Foi “salvado” polo seu irmán, Miguel, tratante de gando, que intercede de diante do “cazador falanxista” Víctor Lis, con quen mantiña unha estreita afección pola cinexética. Don Perfecto Cabaleiro foi mestre da Xesteira, excepcional docente (no perfil, diríamos, da Institución Libre de Enseñanza), o que lle debe a oportunidade lograda de superación toda unha xeración.

¹⁰ Uns tíos do cura de Rebordelo, don Modesto, vivían nunha casa do Beseiro que despois se coñeceu coma a de Antonino ou Delia, pero antes como a de Casilda, a muller que os coidou e herdou. Consecuencia das frecuentes visitas do mozo Antonio a esta familia amiga e das relacións familiares, apadriñou a un neófito nacido na Casa Nova colindante, ao que chamaron Maximino Ernesto. Este novo membro da ramificada saga Fraguas acabaría sendo reputado canteiro de labra —a sazón, tamén pai da muller de quen isto escribe— artífice da reconstrución da torre da igrexa de Loureiro, parcialmente destruída por unha chispa.

agrogandeiros que acaban por encher as despensas e as cociñas, sexan os intres de lecer, festas e seráns, o folclore, preguntando polo artesanado, polas expresións musicais populares, buscando máis cantareiras coma a celebrada Pilara da Corredoira, que coñeceu, ou pescudando costumes, artes e oficios, dicires ou lendas influentes nos compartimentos, a lectura das insculturas nas pedras, escudriñando a orfebrería dos canteiros.

Neste plano popular e intelectual desenvolve don Antonio a súa estadía en Cotobade, máis caracterizada pola lectura e a escritura no soar de Insuela, onde garda un tempo menor para esporádicos faladoiros e leceres, incluíndo as partidas de canastra con don Hermógenes Vidal, médico solidario con casa e consulta no Quinteiro de Arriba e a súa dona Manolita Meijón, e moi ocasionalmente co avogado don Lorenzo Gesteira ou —menos— co deán da catedral de Santiago de Compostela, don Salustiano Portela Pazos¹¹. Estas e demais persoas que aparecen citadas con maior ou menor protagonismo, simbolizan a colmea na que Antonio Fraguas deposita e comparte as súas inquedanzas, as máis sublimes querenzas. Se, lembrando a Rilke, un home é o que foi a súa nenez, o mozo e maduro Antón libou, e a vez polinizou, neste dispar e enriquecedor xardín humano¹².

Dende os balcóns da súa casa, Antón non tiña máis que deixar correr a vista pola ladeira do monte Calvo, entre cuxa tupida floresta tivo que acocharse aquel católico e respectado veciño, profesor de Xeografía e

¹¹ O Deán, como se coñecía e lembra aínda hoxe, deixou soar ameado no barrio dos Martices, en Rebordelo, freguesía estremeira. Ademais da influencia ostentada como alto funcionario eclesiástico da Catedral de Santiago, deixou o libro de referencia de Cotobade, *Historia do Cañón de Pau*, a partir do protagonismo dos cotobadeses e seu aporte de canóns con ánima feitas a partir de toradas de buxo durante a francesada, e o decisivo papel desempeñado na vitoria de Pontesampaio. A el se lle debe o étimo Cotobade, a partir de “couto do abade” e, por tanto, de que pasara a escribirse con b.

¹² Tracexa e rega así esta corrente fluvial seu propio val, alimento das casas grandes do medio Cotobade, ata que, despois dunha sucesión de preciosos remansos e escorregadas, se entrega nas Pontes de Bora o Lérez, no nexo de Pontevedra e Cotobade. Ese itinerario do Almofrei e agora do Lérez, é tamén o itinerario nas idas e vindas de Antón Fraguas. O principal, o Lérez, baixa bautizado polo mosteiro de Acibeiro nas Terras de Montes; dende o tramo medio, serénase pouco a pouco entre as ribeiras de Campo Lameiro e as cotobadesas: San Xurxo, Viascón, Tenorio (o mosteiro que, dependente do de Lérez, controlaba o Couto) e xa a confluencia de pai e fillo, en Ponte Bora.

Historia con ideas políticas galeguistas, obrigado a fuxir só por ser contrarias ás dos perseguidores católicos que non as compartían.

A pouco máis ou nin medio quilómetro, entre veigas, caneiros e fontes de proximidade, a Vilalén, despois, por onde xa o monte Cabeiro colle o relevo, aparece a aldeíña da Costa, asento da escola de mal recordo cuxo edificio permanece; máis alá, manténdose en alturas, O Pereiral, alí casou outro colaborador dos do “agradecimento”, Manuel Malvar o “da Costa” (Gloria, a filla máis nova, ocupa actualmente casa e lembranzas); e debaixo de ámbolos dous barrios pero en nivel inferior da encosta, a modo de longo anfiteatro ascendente sobre o río Almofrei, o lugar do Frade. Máis na lontananza, e sobre el, o pequeno casal de Ribalta coa capeliña das Neves, despois pechando as vistas habitadas, o Beseiro e finalmente a Chan do Beseiro...

Mirando ao norte ou nordés, pois, a vista dende o soar de Antonio Fraguas pérdese ata os confíns do val que conforma o Almofrei aínda regato, e sobre o que se descolgan os citados agrupamentos caracterizando unha parroquia dispersa: Loureiro é unha suma de retais esparrados en senllas encostas apenas enfrontadas, unha orientada ao poñente, outra ao nacente, entre as que o nexo posible semella ser o cemiterio da Chan do Pereiro que relevou o do adro, erguido nun promontorio equidistante dos barrios sureños, situado por debaixo do Coto da Rula. Na proximidade pola banda esquerda do río, van agatuñando as casas da Banda de Alá.

Pola dereita da corrente, a pendente montesía sobre o pequeno casal habitualmente deshabitado do Batán, todo monte por enriba coroado pola Chan das Latas, soporte da estrada da Corredoira e Caroi que parte de Carballedo. Alá, a modo de tela de fondo, norte imponente, a mole do Courego, o impresionante tronco de cono redondeado que reparte augas para as concas do Lérez superior e do seu doméstico afluente principal¹³.

¹³ Castela aluga unha casa no lugar de Pazos, en Carballedo (a mesma na que, anos despois, residiría seu “colega de titulación” don José del Río, lembrado médico de atención primaria casado coa mestra do Frade. Elixiu a capitalidade de Cotobade—Castelao residía entón en Pontevedra— buscando aire puro para os deteriorados pulmóns do seu fillo único, Alfonso Luis, que morrería a primeiros de febreiro de 1928, acabados de curmpir os 14 anos.

No inmediato da casa dos Fraguas polo suroeste, Insuela mira para si e atisba máis ca ve, os cumios do Iglesiasario, a pesar de que apenas garda disolución de continuidade co Quinteiro Alto. Dende o balcón da fachada no de Abaixo, diferenciamos nun primeiro plano a familiaridade do Quinteiro Medio, ao cruzar a estrada, e pouco máis alá o Alto, nin cen metros de punta a cabo, e si, casas que se miran, veciños que se senten, xente que se ve e comparte, inda que quede pouca con lume diario na casa.

Dende o eido superior de Insuela éntrase no Iglesiasario polo Campo da Festa ou campo de Santa Isabel, onde ten asentadas as raíces un carballo “milenario” e, a carón, unha tosca mesa de pedra, todo iso referenciado noutros parágrafos. O Iglesiasario, onde se ergue a igrexa parroquial nun casal apertado, cobra vida cada domingo como punto de encontro semanal de toda a parroquia. Se non hai función relixiosa, malia a taberna, é un quinteiro solitario.

En tódolos da freguesía, nunha e outra banda, moitas das casas experimentaron reformas actualizadoras, todas as que teñen fume a diario ou ocasional; algunha hai nova, outras abandonadas, máis eucaliptos onde antes había carballos, máis folgadas e pauleiras sen producir que hortas de abundancia noutrora; no resto manda visualmente o pino e o toxo e a vexetación indómita.

Os barrios da Banda de Acá non teñen vistas polo suroeste, si relativamente preto. Ten as súas costas protexidas por unha sucesión de pequenos cumes sobranceados pola Pena Cadeira, pero hai que andar un pouco ata este asento para amplos alcances visuais ata a ría de Pontevedra. A Pena Cadeira saudaba ao mozo Antonio camiño do instituto de Pontevedra, ou á volta, gastando zoco un pouco a pé e outro pouco andando. Atallaba dende Insuela (sen ter por tanto que dar a volta por Carballedo como fai a estrada). Acadabo este cume cercado polo Monte da Vila, deixando Famelga á esquerda (neses pagos está sinalado o castro), entre suaves picotos domésticos, os cotos Caldeiro, Gaio, Salceda, Sixtalto... ao que se subían os mozos da época para ver os fogos de lucería das Peregrinas. Fala do episodio Antonio no pregón co que foi honrado con motivo das festas maiores da capital da provincia en 1984, no que subliña a memoria de tres esgrevios de afecto: Francisco X. Sánchez Cantón, Alfredo García Alén e Sebastián González García-Paz.

Láíase o pregoeiro da desaparición da igrexa da Virxe do Camiño “por onde pasaban para Compostela as xentes de Portugal”, do boticario D. Perfecto Feijoo “loubado por Miguel de Unamuno”, rematando o pregón —a fin de contas testemuña proclamada da vivencia pontevedresa daquel adolescente Antonio— emocionado coa lembranza dos paseos ata Monte Porreiro “para escoitar o bisbeo das augas do Lérez”. En parte, atopábase coas irmás das regadoras nas proximidades da Ponte Loureiro, no fondo do val.

Daqueles tempos de estudante na capital das Rías Baixas que tanto modularon o “Antonio da Aldea”, como lle chamaban no círculo achegado para diferencialo dos “demais Antonios”, floreceron amizades indelebles: é o caso do referido Tano González García-Paz, ademais Luis Brey Bouza ou Alfonso Moure Moure, núcleo duro ao tempo que mestres de grande repeto e guías, como Antón Losada Diéguez, Ramón Sobrino Buhigas ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, moito máis ca “simplemente” profesores. Tamén Xosé Filgueira Valverde foi unha referencia recorrente na memoria de Fraguas, incluso xa en idade avanzada. Tiña moi presente unha comparanza co erudito pontevedrés: “Os fillos únicos somos extremos: ou botados pa diante coma Filgueira, ou retraídos coma min”. Acredita Digna Rodríguez que llo sentiu dicir moitas veces, sempre que se enfrentaba a unha decisión difícil... Neses catro anos en Pontevedra, cando se constitúe a Sociedade da Língua, agroma o embrión galeguista que había medrar en Antonio.

Con Castelao en Cotobade

Castelao, no verán que pasou en Carballedo¹⁴, visita aos Fraguas en Insuela. É Manuel, o pai de Antonio, quen leva ao pensador e artista a coñecer a igrexa de Loureiro. No adro, Alfonso Daniel sorpréndese e emociona co texto esculpido na lápida que se conserva arrente a fachada do templo, na que un canteiro destro rima a traxedia íntima dunha moza alí soterrada. Castelao dedicaríalle o segundo libro de *Cousas* con estas palabras como o propio Antonio deixa recollido: “A Florentina, rapaza que morreu de amor na feligresía de Loureiro no ano 1857”. Conta Fraguas a historia así:

¹⁴ En Carballedo estableceu farmacia don Leopoldo Mosquera Caramelo, entendemos que o mesmo co que Fraguas comparte claustro no instituto de A Estrada.

O mozo de Florentina era un garboso galán, alegre, de palabra sosegada, mirada fonda e voz cautivante; fixo ronda de amor polo lugar e foi correspondido. Os amores atinguiron promesas e caíron en realismos sempre espranzados no peito de Florentina. Pero un día unha fala serodia de petrucio abafóu a ilusión da rapaza e o seu corazón queimouse na fogueira que ela mesma alcendía a cada intre, e, daquela coa labarada aquentaba o pensamento e alumeaba as sombras, sombras que agora, sintíndose desprecada, quedan pechas na súa dianteira sen deixarlle un porteliño aberto para poder saír da cadea tecida coas doas máis brillantes de amor. A falla de amor foi mal sin cura. Axiña fuxiron as carnes dela e unha noite oubearon os cans na dianteira do adro, e a xente dixo que ventaban o derradeiro viaxe de Florentina pra sepultura familiar. Non é, como se vé, un sucedido aldeán de portentos máxicos, é unha triste historia que un canteiro, con maior humildade poética, grabou nunha lápida que aparece diante da sepultura e dí o seguinte:

DE LA PRENDA TAN QUERIDA
YACEN AQUÍ LOS DESPOJOS
Y NO SE CONTIENEN LOS OJOS
DE LLORAR A FLORENTINA
GARCIA
JOVEN DESCONSOLADA
QUE A LOS 23 AÑOS DE EDAD
PASÓ A LA ETERNIDAD.
DICIEMBRE DÍA PRIMERO
DE VIDA FUE EL POSTRERO
PARA ESTA JOYA MALOGRADA
1857

Castelao busca cruces e cruceiros en Cotobade, máis ben no curto eixo no que se move na súa estada verancega (Carballedo-Loureiro):

Buscaba afanosamente cruces e cruceiros para estudar todas as manifestacións artísticas de cada obra que dibuxaba con óptima maestría. En Cotobade as cruces máis sinxelas son as que se facían nos montes, nas extremas dos cupos de toxo e toxos cando se repartía unha parte do monte comunal. Outro tipo de cruz sinxela son as cruces que constitúen os Viacrucis e tamén cruceiros sen imaxe como o do Campo da Festa de Loureiro. Este cruceiro

-precisa Fraguas- ten traza de ter substituído a outro máis antigo que cristianizou o lugar onde hai un carballo milenario chamado Carballo de Santa Isabel, ten unha mesiña de pedra ó seu lado colocada a comezos do século XVIII.

Carballo e mesiña permanecen tal como os viu Antonio, imponente o carballo se ben amputado dunha das grades pólas, e algo descadrada a mesiña na que se intúe unha inscrición ilexible. ¿Levaríanos o paso de dona Isabel por alí?

Hai dous cruceiros que, sobre outros, chaman especialmente a atención de Castelao nas súas andainas en Loureiro. Un é o que Fraguas distingue como “Cruceiro do Lisario” transcribindo a opinión do autor das *Cruces de Pedra*:

Cando por primeira vez reparamos na representación do perdón en varios crucifixos, xurdía unha dúbida ben xustificada, porque a postura de abenzoar ollábase nas dúas mans, e aínda que a razón de simetría tiña moita forza, non se abenzoa coas dúas mans, senón coa dereita soamente. Pero nas nosas andanzas por Galiza foinos pemtido atopar un cruceiro de vella traza, na feligresía de Loureiro (Cotobade) en el o Redentor aparece coa man esquerda pechada e a dereita en postura de abenzoar. Con este achádego fican esvaídas tódalas dúbidas, podendo decir que os nosos canteiros enriqueceron a iconografía cristian cun novo símbolo de requintado sentimento.

Castelao dixit.

Este “cruceiro do Lisario”, vén de ser o cruceiro do *Iglesario*. Permanece perfectamente conservado nunha dobre encrucillada, a un lado do camiño entre a Igrexa e o Campo da Festa, fronte a unha das entradas dunha casa de turismo rural chamada do Bergando, ao que se chega tamén pola pista de acceso dende a estrada.

O outro cruceiro no que deteñen a atención especialmente Fraguas e Castelao é o de Barreiros:

fixose a devoción de Bernaldo García do lugar de Vilalén, en Loureiro, na encrucillada do Rabistel. As figuras de recoller o Sangue de Noso Señor ten na tradición popular unha relación

cos misterios da remisión das culpas e desprendíase, con arreglo a ese misterio, unha oración para rezar os venres do ano.

Quizais por esa razón ese cruceiro que tamén se pode visitar con moita facilidade, ten unha pequena concavidade na que se depositan ofrendas en forma de cartos. Aínda hoxendía recibe moedas de ata dous euros, que alí permanecen días e días sen que ninguén as roube ata que son recollidas para o culto. O cruceiro foi trasladado uns metros por mor do acondicionamento do camiño en “estrada”, operación na que sufriu unha rotura hoxe inadvertible. De aspecto sinxelo a primeira vista e nembargantes con filigrana corintia no fuste, aparéceselle ao viaxeiro despois dunha curva con ancheamento da pista de Vilalén, o chamado Camiño de Porto Regueiro, onde está a Fonte Valiño, outra marca no imaxinario dos Fraguas. Antes e despois, un traxecto caracterizado pola umbría, destacando o antergo muíño da Candeira que avisa da proximidade do cruceiro.

Atrás e ben preto queda o Quinteiro de Abaixo, no que nace e medra Antonio Fraguas nestas terras montesías, ricas en auga e bosque de ribeira, situadas na transición do medio ao alto Cotobade, nesa cintura estreita da provincia de Pontevedra, ao leste da capital, na que apenas medían trinta quilómetros entre a beiramar onde o Lérez entrega á ría de Pontevedra as súas augas, e a rompente xeodésica establecida pola serra do Suído, tamén divisoria administrativa provincial coa de Ourense: máis alá dos “eólicos” sempre polo abrente, o nacemento do Avia, terras polas que se impuxo a lei do camiño máis curto, vía Pontecaldelas, para achegar o viño do Ribeiro a exportación a través do porto de Pontevedra.

Neste círculo xeográfico centrado en Cotobade¹⁵ tamén madurece o compromiso coa Terra do mozo Antonio Fraguas Fraguas. Abre os ollos aos saberes e aos días nunha contorna absolutamente rural, economía agrícola dominante, de subsistencia, complementada pola práctica dalgúns oficios entre os que destaca o de canteiro. É o oficio do pai Manuel, quen coma centos e centos de homes da conca do Lérez deixaron firma de laboriosidade

¹⁵ Na ladeira pontevedresa do Seixo (serra do Cando) localízase a Neveira, fonte de subministro de xeo para o mosteiro de Oseira. Máis meridional é o espiñazo nuclear de Cotobade, o Monte Castelo que vixía o tramo medio do Almofrei polo leste e polo oeste o baixo do val do Lérez, mirando ao solpor e a ría de Pontevedra, impresionantes vistas da foz do Lérez.

e maestría *aquem e alem Minho*: os edificios e construcións graníticas máis sobranceiras de Pontevedra, Vigo, o resto das provincias galegas e do Cantábrico, das Castelas e Madrid ao Porto... gardan a firma a pico, punteiro e lima, unha maneira de perfeccionar o oficio, sabedoría transmitida de pais a fillos¹⁶.

Antonio salva este destino previsible, da mesma maneira que zafou da emigración ás Américas —Brasil, Arxentina, Venezuela, México, Uruguai— países economicamente paliadores de miserias autóctonas por aquelas calendas anteriores aos anos cincuenta do século pasado, imán tentador para centos de campesiños precisados de maior fortuna, a mesma que porfiaron percurar en Europa os homes da seguinte xeración na segunda metade do século pasado.

La Voz de Cotobad

Nunca faltou o compromiso, como é ben coñecido por outros autores e traballos que corresponde aquí e agora obviar. De xeito expreso tal como constatan a bibliografía legada e os traballos en prensa, ou incluso dende o anonimato, na súa vocación divulgadora da diversidade e cultura do noso país, a identidade e a sociedade galega tanto na aula como na política. O 12 de xullo de 1936, isto é, cinco días antes do golpe de estado franquista, sae á luz *La Voz de Cotobad* “órgano defensor de los intereses del municipio, su comarca y limítrofes”. Trátase dun tabloide de catro páxinas que promete aparecer o segundo e último domingo de cada mes.

Figuran na cabeceira Jaime Vidal Rey, de Carballedo, como redactor-xefe, e como administrador, Germán Pichel Bouzas, de Viascón. O responsable da redacción estudou na Universidade de Santiago. Xornalista, foi membro do Seminario de Estudos Galegos, participou na campaña do Estatuto polo SI, e foi mobilizado como tenente provisional de Infantería

¹⁶ O val do Lárez e a Terra de Montes que o sucede cara o norte, é terra de canteiros de fama. Cotobade atesoura posiblemente o de máis sona “universal” e artística: José Cerviño García, nado (1843) no barrio da Pena de Santa María de Augasantas. Cerviño, máis coñecido por Pepe da Pena, foi o autor do Cruceiro de Hío, a obra cumio entre un sen fin de “ofebrería” barroca en pedra (ímaxes, retablos e outros motivos en igrexas, restauracións, cruceiros, petos de ánimas etc) e construción civil. Outro veciño de Loureiro, José Vidal, dirixiu a cantería do balneario de Mondariz.

polo Exército Constitucional. Morreu en acción de guerra en febrero de 1936 na Sierra Patuda.

Xaime era fillo de Francisco Vidal da Lomba, un destacado “indiano” que fixo fortuna no Brasil e casa sobranceira con capela, dúas cocíñas e muiño nese barrio de Carballedo; dese núcleo familiar irradiaron destacados profesionais e negocios. Germán Pichel acabou os seus días en A Coruña, onde traballou de practicante na fábrica de Tabacos. Nacera no barrio de Cabanelas, en Viascón, e ostentou a secretaría do Partido Galeguista en Cotobade. Perseguido e fuxido, alumeada a “longa noite” publicou algúns traballos na *Nosa Terra*.

Antón Fraguas non figuraba expresamente como director en tal xornal, pero constata tal condición e explica a razón nun artigo publicado na mesma cabeceira recuperada de xeito efémero, en xullo de 1988: “... comento a razón de ser eu director, eu debía ser redactor e o director queríamos que fose Xosé Pumar¹⁷... que non aceptou por medo...”.

De “La Voz de Cotobad” de Fraguas só se publicou un número, segado o proxecto polo golpe militar do 36. O exemplar reflexa os textos e raíces deste vello “couto do abade” do que se deriva a nome e de Campo Lameiro, novas e anuncios tamén de Pontevedra: artigos sobre os canteiros, as puxantes sociedades agrarias, a historia do territorio, etc.. Entre os soltos, unha noticia social que resulta ser un dato:

Nuevo practicante. En los últimos exámenes de junio verificados en la Facultad de Medicina de la Universidad de Santiago, ha obtenido el título de practicante con notable aprovechamiento en los dos años, el administrador de este periódico, don Germán Pichel Bouzas.

¹⁷ Xosé Pumar, nado no Ilesario (e casado con unha irmán do citado Xaime da Lomba), era Licenciado en Filosofía e Letras e tamén Licenciado en Farmacia máis tarde. “Tendo en conta a situación, abraiado polo medo, Pumar non quixo ser o director” precisa Fraguas a razón da asumir el a dirección. Cántame Inés Vidal que ese galeguista “era un home bo para todo, menos para os negocios, que se deixou arruinar polo mancebo empregado na farmacia en Pontevedra, establecemento que tivo sucesión a través do seu fillo, situada fronte a actual igrexa da Virxe do Camiño, no barrio de San Antoniño.


A constatación dun Antón Fraguas comprometido, humanista, solidario e cómplice cos seus, paternal, bondadoso. É a imaxe del que perdura, á par que os seus aportes intelectuais. Dito quede para quen por estes escenarios se achegue para que, botando man dunha reflexión de Honoré de Balzac, súa mirada non “resbale sobre os obxectos sen penetralos”.

G. C. P.

Bibliografía

- Barreiro Fernández, X. R. (1982): *Historia contemporánea de Galicia*. A Coruña: Gamma.
- Carreras Candi, F. (1980): *Geografía general del Reino de Galicia*. A Coruña: Ediciones Gallegas.
- Fariña Jamardo, X. (1976): *A personalidade da parroquia galega: O home e a sociedade*. Santiago de Compostela: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos.
- Fernández Gurriarán, C. (dir., 1982): *Atlas de Galicia*. A Coruña : Edicións Nós, tomos 1 e 2.
- Fortes, X. (2017): *Cotobade, claves dunha historia rural*. A Coruña: Editorial Guiverny.
- Fraguas, Fraguas, A. (1975): “Castelao en Cotobade”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXXII. A Coruña, pp. 54-59.
- García Patiño, M. e Jar Ramos, A. (1998): *Cruceiros e petos do concello de Cotobade*. Pontevedra: Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
- González Pérez, Clodio (2006): “Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra”, en García Martínez, Carlos, María-Xosé Fernández Cerviño e Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999). Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 24-89.
- González Reboredo, X. M. (1997); “Notas dunha conversa con Antón fraguas”, *Revista galega do ensino*, 17, pp. 13-34.
- Laredo Verdejo, X. L. (1996): *Galicia Enteira*. Vigo: Xerais.
- Lisón Tolosana, C. (1987-1990): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.
- Monteagudo, H. (coord., 1999): *Obras. Alfonso R. Castelao*. Vigo: Galaxia.

- Otero Pedrayo, R. (1991): *Guía de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Portela Pazos, S. (1976): *O cañón de pau*. Cotobade: Concello de Cotobade.
- Rodríguez Vidal, M. (2009): “Lembranzas cotobadesas”, *Pontenova: revista de novos investigadores*, 12, pp. 85-107.
- La Voz de Cotobad*. Númeo 1.
- Campos García, B. *El Crucero de Hio*.
- A colección bibliográfica de Antón Fraguas Fraguas e publicacións locais da A.C. “Cañón de Pau” e C. de Montes e concello de Cotobade, entre outros libros consultados e entrevistas personais *in situ*.



Tempo e tempos do entroido dende o advento ata a coresma

RAFAEL CHACÓN CALVAR

1. Segundo Antonio Fraguas

Dende moi novo, Antonio Fraguas preocupouse polo tema do *entroido* en Galicia, en especial polo da súa terra de Cotobade. Un dos seus primeiros traballos, publicado cando aínda era un mozo estudante na Universidade de Compostela, titúlase *O entroido nas terras do sul de Cotobade*, que apareceu no número 77 de *Nós* en 1930. Máis tarde, xa en 1946, publicou na *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, tomo II, o artigo “Máscaras y sermones del carnaval de Cotobad”. Xa non usa o termo *entroido* no título e non só porque o traballo estea escrito en castelán. Con eses “sermones” empezan a entrar no primitivo *entroido* formas parateatrais ou mesmo teatrais (sermóns, parodias, testamentos, farsas, sátiras etc) que modifican pouco a pouco o *entroido*, no que, en principio, non se diferenciaba entre actuantes e público, mentres que no *carnaval* esta división foise facendo tan clara que se converteu en condición necesaria para a súa celebración. Por iso o *carnaval* buscou espazos cerrados e fixos fronte aos espazos abertos e libres do *entroido*. O moderno carnaval de Río de Janeiro pode ser o mellor exemplo do que dicimos unha vez esquecido o antigo e violento *entrudo* brasileiro.

Neste sentido, inciden outros traballos de Antonio Fraguas como *La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)* publicado en 1956 no *Boletín da Real Academia Galega*, no tomo 27. Tamén *El sermón de Duarria* publicado en *Vida Gallega* no número 721/25, en 1957, ou a *Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: La farsa de Rivadulla* (1º Congreso de Etnografía y Folclore. Braga 1956).

Algúns destes traballos incluíunos no tomo *Carnaval e outras festas* publicado por *El Correo gallego* na *Biblioteca 114*, nº 76, de 1992. Os traballos específicos referidos ao *entroido* reuniunos nun tomo en *Do entroido*, publicado polo Museo do Pobo Galego en 1994.

Antonio Fraguas limita o ámbito dos seus estudos a Galicia. Para o noso propósito, teremos en conta outras contornas, non só as galegas, onde tamén se producen *entroidos*, cousa que podemos atopar nas falas e na

documentación do reino de León, nas distintas falas asturianas e nas do reino de Castela. Neste amplo espazo atoparemos cousas como *introidos*, *entroidos*, *antroidos*..., e máis tarde *antroxos*, *antruxos*, *antruejos* e máis variantes, como veremos.

O mesmo temos que dicir con respecto aos tempos de máscaras. Xa Risco advertira, e con el Fraguas, que os tempos de máscaras eran moito máis longos que o estrito *entroido* ou o moderno carnaval no que quedou reducido a eses tres días principais, (domingo, luns e martes) nos que hoxe en día se celebran esas festas.

En moitos lugares comezaban as festas no domingo de septuaxésima, *borrallento* ou *fareleiro*, seguían nesa semana co *xoves de compadres*, o domingo de sesaxésima, ou *corredoiro*, para rematar no domingo de quincuaxésima ou domingo de entroido e os días maiores que son o domingo, luns e martes de entroido ou *martes lardeiro*.

2. Tempos de entroido e máscaras

A pesar desta redución que a Igrexa e as autoridades foron impondo, os tempos nos que se usaban máscaras eran moito máis longos xa que nalgúns lugares os había dende o Advento e Nadal ata a Coresma. Dentro deste amplo espazo xeográfico no que se producen estas festas con máscaras, o mellor exemplo da distribución dos tempos de gozo e alegría e os tempos de privación, austeridade e xaxún témolo no *Libro de Cantares* ou *de Buen Amor* do Arcipreste de Hita (1330-1343). O día do xoves “lardero” don Carnal recibe a carta e o desafío de dona Coresma para que se presente el e as súas mesnadas sete días despois no campo de batalla, é dicir, o mércores da semana seguinte a ese xoves. Ganada a batalla, e feito prisioneiro don Carnal, dona Coresma reina na cidade dende o mércores corvino ou de cinza ata o domingo de Pascua ou de Resurrección, que veñen ser mal contados uns corenta días. O Domingo de Ramos, don Carnal logra fuxir da súa prisión, reúne as súas tropas dispersas, planta batalla a Dona Coresma e sete días despois entra na cidade xunto con don Amor. Dona Coresma fuxe, vestida de peregrina, a Xerusalén. Todo o ano era, pois, reinado de don Carnal, salvo ese período de *Quadraxésima* ou Coresma, que en realidade son corenta e seis días, xa que non se contan os domingos, por seren días de El Señor.

Dentro dese longo período en que reinaba don Carnal, había outro máis curto que ía dende o solsticio de inverno ata o equinoccio de primavera, dende o momento en que o sol comezaba a renacer ata a chegada do primeiro verán ou primavera. Era o tempo no que se celebraban festas con máscaras e disfraces. Este período festivo de mediados de decembro ata mediados de marzo, segundo Caro Baroja (*El carnaval. Análisis histórico y cultural*. Taurus, 1965) é semellante no calendario pagán dos últimos tempos do Imperio Romano e no cristián. Tentouse en numerosas veces buscar a orixe do carnaval en festas romanas, en especial nas Lupercais e nas Saturnais, cando parece ser que unhas non son a orixe das outras senón expresións distintas da mesma cousa, as festas propias dese tempo escuro de inverno no que as forzas malignas dominan e a terra permanece estéril, aparentemente morta, sen defensas. A Igrexa católica herda esta tradición que tenta converter á súa fe para reprimir esas crenzas heresíacas e pagás. Basta ver a carta pastoral chamada *De correctione rusticorum* de Martiño Dumiense do último terzo do século VI.

Se atendemos á distribución do ano litúrxico, veremos que había dous centros de atracción nos que se agrupaban estas festas. Unhas celebrábanse no tempo de Advento e de Nadal e outras pouco antes da Coresma. Estas últimas son as que hoxe en día coñecemos como festas de carnaval e duraban unhas dúas semanas, as anteriores ao mércores de cinza, cousa que segue a suceder en moitas vilas e aldeas, mentres que nas cidades, como xa dixemos, restrinxíronse a tres días: o domingo, o luns e o martes de carnaval. Hai que facer notar que na Idade Media a palabra *carnaval* aínda non existía e do que se falaba era de *carnestolendas*, *introido*, *entroido*, *antroido*, *entruído*, *entrudio*, *entrudo* e demais variantes ou *antruejos* cuxas máscaras e disfraces recibían distintos e estraños nomes segundo o lugar.

3. Carnestolendas e entroidos

Na península Ibérica, o termo eclesiástico máis antigo para designar estas realidades era o de *carnestolendas* que atopamos xa no latín do *Oracional de Tarragona* do século VII e tamén nos misais mozárabes. Nun principio, este termo era fiel ao seu significado etimolóxico que se refería a un tempo en que hai que abandonar a carne, tal como nolo ratifican algúns exemplos extraídos do CORDE (*Corpus diacrónico del español*, RAE). Nunha doazón de 1037 feita polo rei Ramiro I dunhas herdades en Larrés (Huesca) aparece a frase

die dominica pro carnestollendas, referida ao *dia domingo anterior á Coresma*, pois ese era o seu significado primeiro e non o de *antroido* ou *antruejo* como logo atoparemos. Na *Carta de Ordenanzas de Alfonso X* dirixida a Castela a Vella (1252) dise: “Et mandó que nenguno caçe desde las carnestollendas fata San Miguel”, prohibición que se repite nas cartas do mesmo rei dirixidas a Valladolid, aínda que aquí aparece como *carnestolliendas*. O feito de dar datas fixas para regular actividades como a caza ou o abasto de carne para as vilas e cidades indica que xa *carnestolendas* non significaba *coresma* senón *entroido* ou *antruejo*.

En castelán o significado da palabra non estaba motivado pola suma das súas partes, como no latín eclesiástico, o substantivo *carnes* e o xerundio *tollendas*. Esta última forma era totalmente opaca para o vulgo medieval e mesmo para xente lida. Iso queda demostrado pola existencia de variantes como *carrastolliendas* que se atopa en Pero López de Ayala na *Traducción das Décadas* de Tito Livio, cara á 1400, ou no *Invencionario* de Alfonso de Toledo (1453-1467) que, ao falar do *antruejo*, di que é: “a que los legos llaman carrastollendas”. Hernán Núñez nos *Refranes e proverbios en romance* de 1459 dá como parte dun refrán: “desde carras tolendas a Pascua de Flores”. Que *carnestolendas* xa non significaba tempo de oración e xaxún queda absolutamente claro en Gonzalo García de Santa María, que no seu *Evangelio e epístolas con sus exposiciones en romance*, de 1485, di: “como las carnes tollendas sean tiempo de gozo y alegría”, cando a Coresma, por definición, suprime o gozo e a alegría. Foi así como *carnestolendas* chegou a significar o contrario do que etimolóxicamente significaba. Nebrija no *Vocabulario latino español* (1495) iguala *antruejo* a *carnestolendas* e retraduce esta última ao latín como *carnesprivium*, privación da carne, cousa que *carnestolendas* xa non podía significar no castelán do século XV. O título dunha égloga de Juan del Enzina, de 1485, é “Égloga representada en la mesma noche de Antruejo o Carnestolendas” no que se igualan os dous termos. Este desprazamento semántico desfai a primitiva sinonimia entre *coresma* e *carnestolendas*, dúas palabras do latín eclesiástico que ao pasar ao romance opoñen os seus significados. Esta oposición quedará mellor definida coa fixación temporal da Coresma.

A tradición dun xaxún máis ou menos longo comeza no século IV, en lembranza do xaxún e penitencia de Moisés, de Elías ou do propio Cristo,

que duraron uns corenta días, número que se repetirá con certa frecuencia na Biblia (o diluvio universal ou a purificación da muller despois do parto). Non será ata o século XI, no Sínodo de Benevento, de 1091, cando o papa Urbano VI fixe de forma definitiva o tempo cuaresmal. A pascua de Resurrección celebrábase xusto no primeiro domingo despois do primeiro plenilunio equinoccial. Corenta días antes comezará a Coresma ou Cuadraxésima. Por conseguinte, quedaba tamén fixado o período en que se usaban máscaras, que ía dende o Advento ata a Coresma ou como di Gonzalo Correas no seu *Vocabulario de refranes*, publicado en 1627, ao comentar o refrán “No entre máscara en tu casa, si no la quieres enmascarada”, di que é un “Aviso para ciudades y lugares, donde usan máscaras de Navidad al Antruejo, y so capa de ellos, muchas libertades”. Cruzábanse así dous calendarios, un, o lunar, que é o que marca o plenilunio; e outro, o solar, que é o que marca o equinoccio. Isto explica que o *antroido* ou *antruejo* sexa festa movable dentro do ano, pois tamén o é a Coresma, por ser unha celebración que depende dun calendario lunar dentro doutro solar.

4. Figuras do entroido

Estas figuras que atopamos por toda Europa cristiá están relacionadas co uso de diversas máscaras, de disfraces feitos de pellos de animais, ovellas ou cabras, palla ou roupa vella, co uso de chocas e moitos outros instrumentos, e tamén co xogo ou sacrificio dalgún animal como o galo, carneiro, vaca, touro etc. En moitas destas festas esas figuras teñen o costume de botar á xente auga, fariña ou cinza, en especial a que queda despois de facer lixiva, a cernada, que fai que todos, mesmo aqueles que non se disfrazan, ao quedar tinguidos pola fariña ou a cinza, adquiran unha aparencia espectral, como seres doutro mundo, semellantes aos mortos.

Na península Ibérica, dende Galicia ata o País Vasco) os nomes que reciben estas figuras son variadísimos e moitos deles de orixe descoñecida: *cigarróns, felos, irrios, charrúas, murrieiros, farrampáns, fargalleiros, botargas, birrias, guirrios, jurramachos, jurrus, mirrios, murrios, sidros, tafarrones, zamarreros, zamarrones, zangarrones, zarrios, zarromacos, zarrones...* e moitos máis.

Algo curioso vailles a suceder a todos estes nomes entre os anos finais do século XI e comezos do XII. Como xa dixemos, aínda que non sabemos

a orixe de moitos deles, sabemos que son en gran parte nomes prelatinos e que se refiren a figuras dun tempo de inverno no que a Terra dorme e está habitada por estraños seres de estraños nomes. Son morfoloxicamente moi distintos entre si segundo o lugar en que aparezan, pero todos eles recibirán no seu conxunto un nome xenérico de nova creación que, sen substituílos e sen que haxa necesidade de que desaparezan da fala popular, os resumirá e incluírá a todos. O novo nome é o de *introido* e as súas variantes: *ántroido*, *entroido*, *entruído*, *entruido*, *entrudio*, *entruído*... Máis tarde xurdirá en zonas de fala castelán outra forma, a de *antruejo*, que será a que se impoña en Castela e en gran parte de León. Pero hai que recordar que o nome orixinal é o de *introido*, que así aparece testemuñado. *Antruexo* ou *antroxu* en Asturias, son nomes formados a partir de *introido*, como logo veremos.

Corominas e Pascual no seu *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* (2ª reimpresión, 1987) dan como primeira documentación para o castelán *entroydo* a data de 1229 pero non din onde. A segunda documentación é máis tardía e aparece na *Gran Crónica de Alfonso XI*, de 1348-1379: “[...] y el rey, por esto, partió luego de aquel lugar e fue a Sevilla a las mayores jornadas que pudo; e llegó ay en día de antroido”. En galego aparece bastante antes na documentación latina do mosteiro de San Pedro de Ramirás (Ourense), onde en 1268 se estipula a entrega como xuro duns animais ao convento: “et alter pro natale et alter pro introido” (Lucas Álvarez, M.; Lucas Domínguez, M.: *San Pedro de Ramirás, un monasterio femenino en la Edad Media*. Santiago de Compostela, 1988).

No reino de León aparece *antruejo* na documentación de Pedrún de Torío (Alto Órbigo) de 1313-1324: “E deven dar sennas cuartas de çevada e sennos medios carros de lenna por el antruejo del aviento e otras sennas por el de Cuaresma [...]” (M. Torre Sevilla.: *Historia de Pedrún de Torío y su blasón*. León 1994). Non só é a primeira documentación de *antruejo*, moi anterior á que cita Corominas, senón que ten a particularidade de sinalar a existencia de dous *antruejos*, un polo Advento e outro pola Coresma. Ademais e para maior abundancia, con este novo testemuño queda desautorizada a hipótese que dende o século XVI ata os nosos días vén repetíndose que *entroido* ou *antruejo* significaba a entrada de Coresma, segundo o seu étimo, o latín *introitus*.

5. O entroido e a Coresma

¿Como se chegou a pensar que *entroido* era a entrada da Coresma? A base do razoamento parecer ser a seguinte: Se *introitus* significaba en latín *entrada*, oposto a *exitus, saída*, por forza tiña que ser a entrada de algo, e ese algo era o que cronoloxicamente seguía ao *entroido*, a Coresma. Mais *entroido*, por moito que significase orixinariamente entrada, non podía ser, nos textos en que se usa na Idade Media, entrada na Coresma, senón o final do tempo de máscaras. A pesar disto, o que era un final empezou a ser considerado un principio. Cousa parecida sucedera antes con *Carnestollendas* que pasou de significar tempo de oración e retirada das carnes a tempo de alegría e exceso.

Este cambio de significado de *entroido*, que en principio se refería a unha festa con máscaras antes da Coresma, a *entroido* como entrada na Coresma é unha confusión moi interesada e aparentemente ben habida coa gramática latina. Empeza a ser firme a mediados do século XVI. En 1543 publica en Zamora, Florián de Ocampo, cronista de Carlos I, a *Crónica general de España*, que chega ata o reinado de Bermudo III. En 1563 será continuada por Ambrosio de Morales, que ademais de Catedrático de retórica en Alcalá, foi cronista de Castilla. No libro XVII coméntase un privilexio do rei Bermudo II no que doa a igrexa de Puerto Marín (sic) á Igrexa de Santiago. A cita do texto de Florián de Ocampo é a seguinte:

La data del privilegio es a los doce de Abril del año de nuestro Redemptor novecientos y noventa y tres, mas pues el Rey tuvo a Castro Marimum un año, todo lo que se cuenta passo el año de noventa y dos mas atras. Quando en este privilegio se ha señalar el lunes despues de Carnes tollendas dize en el latín Secunda feria post introitum. Asi que a las Carnes tollendas o al miércoles de ceniza llama introito, que quiere decir entrada. Y de aquí sin duda se corrompió en Castilla el vocablo que usan los que hablan más pulidamente, llamándolo entroydo aquel día, de donde también corrompiendo el vocablo, tomaron el de antruejo, comunmente usado entre todos.

Así pois, *entroido* debe responder á súa etimoloxía que é o latín *introitus* e debe ser fiel ao seu significado tamén latino de *entrada*, física ou non. Neste caso, e obrigadamente posto que vai antes dela, a entrada

na Coresma. Nos medios cultos, non entre a xente común, *entroido* ou *antruejo*, deixan de significar calquera daquelas figuras das festas de inverno, eses *cigarróns*, *felos* ou *irrios*, e tantos outros que xa citamos, e pasa a ter un significado máis nobre, latino e eclesiástico ligado á Coresma. E dende aquí a bóla comeza a rodar ata chegar aos nosos días, que segue a rodar.

Covarrubias no seu *Tesoro de la Lengua Castellana* de 1611 di na entrada *antruejo*: “Este vocablo se usa en Salamanca y vale lo mesmo que carnestolendas y en las aldeas le llaman antruido [...] Pues siendo estas fiestas de la entrada del año, no sería fuera de propósito si dijésemos que antruejo y antruido trae origen de introito”. Covarrubias refírese, claro está, á entrada do ano romano, que se corresponde no noso calendario co comezo do mes de marzo.

No *Diccionario de Autoridades*, o primeiro diccionario da Real Academia, no tomo III (1732), na entrada *antruejo*, lese:

Así llaman en Castilla la Vieja y otras partes a los tres días que preceden a la Cuaresma. Es voz baja y vulgar. Antiguamente se llamó Entroido y viene del Lat. Introitus, con el cual término se denotaba el Miércoles de Ceniza y principio de la Cuaresma, según explica Ambrosio de Morales, li. 17, cap.15. Dícese también enttruejo.

Vemos, pois, como aos ollos das autoridades lingüísticas, que non son moi distintas das outras, non só o termo era considerado baixo e vulgar, propio de aldeáns ou rústicos, como os que aparecían para facer rir nas comedias do Século de Ouro castelán, senón que tamén xa se reducira o tempo de máscaras aos tres días anteriores ao comezo da Coresma, o domingo, o luns e o martes de *antruejo* ou *entroido*. Nalgunhas localidades poderíase incluír tamén o mércores de cinza.

A cita do texto latino do tal privilexio de Bermudo II, que deu lugar ao comentario de Florián de Ocampo aparece no *Tumbo A* da catedral de Santiago e nel lese textualmente:

Dum autem venisset in terram Galletiae praefatus Princeps, mandavit in custodiam filium ipsius Gundisalvi nomine Rudesindum, qui et ipse erat rebellis, et sic fecerunt, ut per ipsum ipsos servos fugitivos recuperassent. Cumque sederet in custodia

Rudesindus misit rogatores qui rogarent pro eo, quod pergeret ad Patrem suum, et duceret ipsos servos, et si posse facere esset solutus, et si non intraret in custodia unde exierat. Tali namque modo fidiaverunt eum Didacus Romaz, pelagius Menendici et Cidi Diaci. Era tunc Ifferia post introitum ut de ipso die usque in mediante duxisset ipsos servos. Et si remansisset eum cum eis pariaverit isti supradicti ducentos solidos.

Nada hai no texto que nos permita unha interpretación tan interesada desa frase “Ifferia post introitum ou Secunda feria post introitum” como aparece na cita de Florián de Ocampo. A tradución que se fai do texto é a de *Luns seguinte ao Entroido* como se ese *entroido* fose un nome propio e referido a esas festas que supostamente daban entrada á Coresma. Ese *introito* conserva o seu significado estrito de entrada e non se refire a ningunha celebración ou festa de máscaras. Refírese á entrada do rei Bermudo II en Galicia para resolver asuntos graves para o seu goberno e someter aos nobres rebeldes. Nada nos permite extraer desta cita un significado referido a festas de máscaras. Polo tanto unha tradución máis axeitada sería a de *Luns seguinte á entrada (do rei en Galicia)*.

Non é difícil atopar na documentación medieval exemplos de *introitus* co estrito significado de entrada e oposto a *exitus* (saída) referidos a unha propiedade mais tamén como entrada de alguén en algo. No *Tumbo Vello de Lugo* (Ed. Vidán Torreira e López Sangil. *Estudios mindonienses*, nº27, 2011) atopamos o seguinte nun documento de 1071: [...] “eligimus ibi episcopum quia a diebus introitus Hysmahelitarum hanc sedem Auriensi e Bracharensis in regime episcoporum Lucensium subditae manserant”. No *Liber Fidei Sanctae Bracarensis Ecclesiae* (Ed. do P. Avelini da Costa. Braga, 1978) atópase un documento de 1102 no que se pode ler: “[...] et ad servos Dei qui ibi erant qui ad nostrum introitum ad nobis venerunt”.

Non era infrecuente nos documentos medievais usar as festas eclesiásticas sinaladas para pór prazos para pagar unha renda ou un foro. Así dicíase que tal pagamento, en diñeiro ou en especies, debía efectuarse no día acordado como por exemplo: *dominica de quadragesima; die dominco pro carnestollendas; ad in dominica post Pentecostem; uespera Sancti Adriani; a Sancto Martino usque Passcha; de sancti Aciscli Pascha; de Sancti Acli usque sancte Sebastiano...* e moitos máis.

Con *introitum* pasa algo parecido pois chegou a significar un feito especialísimo entre as celebracións cristiás como é a entrada de Cristo en Xerusalén. Nun documento de 1185 de Toxosoutos atopamos o seguinte: “Demus tibi [...] et annuatim ad Introitum Christe unos sotulares” (*Documentos do Tumbo de Toxosoutos*. Ed. F.J. Pérez Rodríguez. Consello de Cultura Gallega, 2004). Aquí *introitus* significa a entrada por excelencia dentro dos ritos eclesiásticos cristiás, a festa ou *Dominica in ramis palmerum*, ou sexa o Domingo de Ramos, que se celebra coa bendición de ramos e palmas antes da misa.

Segundo o dito anteriormente e retomando a frase do privilexio dado por Bermudo II, a xa citada *Secunda feria post introitum*, forzando un tanto a tradución, sería posible interpretala como “luns despois do Domingo de Ramos”, non como *entroido* porque tal palabras aínda non existía no sentido de festa con máscaras.

6. Filoloxía de entroido/antruejo

Actualmente o Dicionario da RAE, e con el todos, tamén os galegos, dan por bo o latín *introitus* como étimo para o castelán *antruejo* e o galego *entroido* (e variantes), e co significado de *entrada*, naturalmente, á Coresma.

O latín *introitus* é un participio substantivado do verbo *introire*, que significaba *entrada* non só como a acción de entrar senón tamén a entrada ou acceso a un lugar, casa, terra, castelo... Era o antónimo de *exitus*, de *exire*, *ir fóra*, *saír*. Nos documentos medievais en latín cando se vendía ou cedía unha terra, especificábase que era con todos os seus *introitus* e *exitus*, o que logo se substituiría en romance por *entradas* e *salidas* en castelán ou *entradas* e *saídas* en galego e portugués dos documentos do século XIII. Neste momento, *introitus* e *exitus*, eran, pois, termos que se producían na lingua escrita, non na falada. Como patrimonialismo, facía tempo que *exitus* se convertera no castelán *ejido* ou no galego *eixido*, terreo que está á saída da casa.

No latín eclesiástico *introitus* empezou a usarse no primeiro terzo do século V, baixo o reinado do papa Celestino (422-433), ou pouco antes, para referirse a unha antífona que por esa época se engadía á misa como parte inicial ou entrada. Tardaría en fixarse como tal no rito romano, pero a historia eclesiástica sinala que entre o século VI e o VII se engadiron á misa

de forma definitiva nese ritual o introito, o versículo de aleluia, o tracto e o ofertorio, que así foron confirmando o *ordo missae*. O *introito* era un canto antifonario, é dicir, alternado entres dous coros ou voces, que contiña un fragmento dalgún dos salmos. Variaba segundo o calendario litúrxico e nel dábase a coñecer aos fieis de que ía a tratar a misa. Corominas e Pascual supoñen que dende aquí, dende este *introito*, pasou a palabra aos oídos das xentes. Con esta lóxica, se o *introito* era a entrada da misa, o *antroido* o *antruejo*, que necesariamente teñen que vir de *introitus*, serán a entrada ou preparación da Coresma.

Hai demasiadas dificultades para aceptar esta hipótese. Primeiro porque primitivamente, como xa dixemos, o *antroido* ou o *antruejo* non era un só, o anterior á Coresma, senón que tamén se chamaron nun tempo *entroidos* aos de Advento. En realidade, dende o solsticio de inverno ata o equinoccio de primavera todo el era tempo de *antroido* e de máscaras.

En segundo lugar, hai que dicir que a palabra *introito* na mente das xentes que oían misa apenas significaba nada como tal, era unha máis das *divinas palabras* en latín incomprendibles para os fieis como o demostra esta cita de Fray Hernando de Talavera no seu *Tratado de lo que significan las ceremonias de la misa*, cara a 1480, que se ve obrigado a explicar a finais do século XV cal era o sentido da palabra: “Aquel introito, que vulgarmente es llamado oficio, pero mejor se dice introito, que quiere decir comienzo de la misa”. *Introito*, como cultismo, será adoptado no século XVI pola literatura co significado de prólogo, en especial de certas obras de teatro.

En terceiro lugar hai outra dificultade moito máis difícil de salvar como para aceptar a hipótese tradicional de que *antroido* e *antruejo* proceden, sen máis, do latín *introitus* co significado de entrada á Coresma. Todo o que se dixo ata aquí de *introitus* como parte da misa vale para o rito e misal romanos, mais non para o doutras igrexas, como a de Milán na que rexía o misal ambrosiano e a esa primeira parte da misa non se chamaba *introitus*, senón *ingressa*. Algo parecido sucedía co misal hispano ou mal chamado mozárabe, no que á parte inicial da misa tampouco se chamaba *introitus* senón *praelegendum*, ou mellor *antífona ad praelegendum*. Non era así en Cataluña onde prevalecía o rito romano dende os tempos carolinxios, xa que Carlomagno suprimira o rito galicano e impuxera o romano. É dicir, onde dende antigo hai *introitus* na misa, como en Cataluña, no hai *antroidos*, senón *carnevoltes*; e onde non

houbo dende antigo *introitus*, como na coroa de Castela, si que hai *antroidos*, *entroidos*, *entrudios*, *entrudos*... e *antruejos*, ademais de *Carnestolendas*. Polo tanto, se queremos derivar *antroido* ou *antruejo* de *introitus* debemos partir do momento en que a palabra latina aparece no rito da misa e por primeira vez é oída polos fieis nas igrexas, non antes.

7. O rito romano e o entroido

A substitución do rito hispano polo romano na coroa de Castela prodúcese no último terzo do século XI. A cousa comeza cos monxes de Cluny, primeiro co abade Hildebrando e logo co papa cluniacense Gregorio VII. Este último, nunha epístola de 1074, diríxese aos reis Alfonso VI de Castela e a Sancho IV de Navarra aos que convida a adoptar o rito romano, que el, como Papa, quere impoñer como único en toda a cristiandade. Tal é a presión dos monxes franceses e do Papa que no concilio de Burgos de 1077 decidiuse a introdución do rito romano en detrimento do rito hispánico. Foi toda unha reforma eclesiástica a que se levou a cabo durante o reinado de Alfonso VI. Será a presenza masiva de xentes de Borgoña e de cluniacenses neste momento o que fará posible o cambio. Moitos dos cargos eclesiásticos ou políticos van recaer neles. Alfonso VI casa en segundas nupcias con Constanza, sobriña de Hugo, abade de Cluny. Casa as súas fillas, Urraca e Tareixa con Raimundo de Borgoña e o seu primo Enrique de Borgoña, respectivamente. Ao primeiro deulle o goberno de Galicia, e ao segundo o condado de Portugal. Raimundo de Borgoña, pola súa parte, é irmán de Guy de Vienne, primeiro abade de Cluny e logo Papa co nome de Calixto II. O seu contemporáneo e amigo é Diego Xelmírez, o bispo de Santiago de Compostela e o impulsor do Camiño de Santiago ou Camiño Francés. Unha vez conquistado Toledo en 1085, Alfonso outorga a sede primada de España ao monxe borgoñés Bernardo, que antes fora abade de Sahagún. Durante un século os bispos de Toledo serán todos cluniacenses.

A presión, como sempre, viña dende arriba e era forte. Mais a substitución do rito hispano polo romano non se fixo sen graves conflitos. Entre outros, os mozárabes de Toledo negáronse a aceptar a reforma e houbo que permitir que o rito hispano permanecese nas antigas seis igrexas. De aí vén que a este rito sexa denominado como mozárabe, mais non era só mozárabe, senón hispano.

O cambio dun rito por outro significou non só a aprendizaxe dun novo *ordo missae*, senón tamén a aprendizaxe de novas formas melódicas como o era o canto gregoriano e unha radical renovación da vestimenta litúrxica. Fronte á suntuosidade e solemnidade do rito hispano, cheo de oracións e cantos que esixían a resposta da asemblea, a misa do rito romano era moito máis sobria, máis simple e máis breve. Mesmo comezaba de forma diferente xa que o antigo *praelegendum* foi substituído polo moderno *introitus*, que era, como xa dixemos, un canto antifonario que comezaba coa frase “Introibo ad altare *Dei*” que os oficiantes repiten tres veces. Ao terceiro *introibo* o sacerdote achegábase ao altar e levantaba o veo da ofrenda.

8. De introito/introibo a entroido

Como *introitus* ou *introibo*, termos moi recentes a finais do século XI e que daban nome ou aparecían na antífona coa que comezaba a misa, pasou a significar *antroido*, *entroido* ou *antruejo*?

Para responder a esta pregunta é preciso especificar cales foron as condicións nas que os fieis misa escoitaron por primeira vez a palabra *introito* ou *introibo*, ambas as dúas de fonética moi parecida.

Para estes primeiros fieis, que asistían ás misas do novo rito e tiñan memoria e conciencia do antigo, a nova figura do sacerdote vestido moito máis pobremente e sempre de negro, que oficiaba unha misa máis breve, menos luxosa, con menos cánticos ou con cánticos totalmente estraños, como o gregoriano, que non se acompañaba con instrumentos senón que só se cantaba a capela, comezou a asociarse esta figura do sacerdote, por estraña e extravagante aos seus ollos, con aquelas figuras que coñecían cos nomes de *cigarróns*, *felos*, *birrios*, *cigurros*, *cirrios*, *zamarrones*, *zarras* ou calquera dos moitos que había en cada vila, lugar ou aldea para designar a personaxes e bonecos das festas que se producían con máscaras e disfraces.

Hai que lembrar, ademais, que todos eses nomes que citamos (*felos*, *cigarróns*, *birrios* etc.) non só se aplicaban a esas figuras ou festas de máscaras, senón que, por comparación, se podían, e poden, aplicar en calquera tempo e lugar a persoas vestidas con roupas inapropiadas, estrafalarias ou de mal gusto, feas ou raras. Esta calidade foi herdada por *antroido* ou *entroido*, cos seus verbos derivados *antroidar* ou *entroidar*, ou o mesmo que máis tarde

antruejar en terras castelás. En Galicia fabricouse unha dobre personalización nestes casos, dando como masculino *entroido* e feminino *Coresma*. A este respecto, pódense escoitar cousas como “Parece un antroido!” ou “É máis feo ca un antroido!” Antonio Fraguas en *Do entroido* recolle frases como “Fulana é unha Coresma”; “Está moi delgada, parece unha Coresma” ou “Pasa fame como unha Coresma”. Un procedemento similar de personificación púidose seguir para cualificar aquela nova figura do sacerdote tan estraña aos ollos, e oídos, da xente a finais do século XI e comezos do XII. O sacerdote foi comparado a unha desas figuras do tempo de máscaras e bautizada cun nome extraído das mesmas palabras que pronunciaba ao comezar a misa, ese *introibo* da frase inicial da misa *Introibo ad altare Dei*.

Lingüísticamente hai que dicir que *entroido* non é unha palabra patrimonial nas linguas romances da Península, que viría directamente do latín. *Entroido* é unha palabra que entra a finais do século XI ou comezos do XII e é unha imitación romance do latín eclesiástico *introibo*, que é a palabra que os fieis escoitaban na misa. Ese *introibo* sería escoitado como *introito*, tal vez por influencia do verbo entrar. A palabra *introito* ou *introibo* relatava o que o sacerdote estaba a facer ao tempo que a pronunciaba, que non era outra cousa que achegarse ao altar.

En galego non hai moitas dificultades para explicar o paso de *introito* a *entroido*, *antroido* o *antruido*, que é como primeiramente aparece nas escrituras. Hai que pensar que os sacerdotes pronunciaban o latín eclesiástico con fonética romance. O primeiro paso sería un *introido*, tal como se rexistra nos documentos galegos de Ramirás (Ourense) de 1268, xa citados, e a partir desta forma virían as demais coa variación vocálica de *entroido*, *antroido* ou a modificación *antruido*, *entruído*, que reduce un hiato a un ditongo. No portugués é *entrudo*, no que desaparece o primitivo hiato e tamén o subseguinte ditongo, fenómeno semellante a casos como *truta*, *luta*.

En castelán, ademais de *entroido*, tardiamente rexístrase *antruejo* que, co tempo, será a forma que predomine en gran parte de Castela e León. Para explicar *antruejo* hai que supoñer que primitivamente ese *-oi-* era un hiato, non un ditongo, é dicir, que se lería como dúas sílabas por ser unha forma do verbo *intro-ire* (*ir adentro*). Ese hiato *-oi-* de *entroido* ou *antroido* podía ser lido primeiro como *-ui-* e máis tarde como *-ue-*. Foi o que sucedeu con formas como *agoiro* ou *coiro*, formas hoxe en día presentes en galego e en

portugués, provenientes do latín *auguriu* o *coriu*. En castelán deron *agüero* e *cuero*. Corominas e Pascual supoñen que a partir dese *entroido*, *antroido* ou *antruido* primitivo houbo formas como **entruedo* o **antruedo* que darían lugar á creación do verbo **entruedar* o **antruedar*, que acabaría contaminado por outro verbo como *trebejar*, de significado próximo, resultando de aí *entruerjar* ou *antruerjar*.

Talvez non faga falta supoñer tal contaminación. Unha vez creados **entruedo* ou **antruedo*, foron reinterpretados como portadores dun suposto sufixo *-edo*, con carácter pexorativo. Isto faría posible que fose substituído por outro sufixo do mesmo carácter pero máis expresivo, como *-ejo*, tan frecuente en castelán (Cf. *animalejo*, *bichejo*, *tipejo* etc.). Teríamos así *entruerjo* e *antruerjo*, que a pesar de ser creacións máis recentes foron impoñéndose no ámbito castelán-leonés, despois en parte de Navarra e Aragón. Explicación similar podería aplicarse ao asturiano *antroxo* e *antroxar*. Favorece a esta hipótese o feito de que unha das formas que Corominas e Pascual supoñían posibles mais non documentadas, como *antruedar*, documéntase en Cantabria segundo A. Bartolomé Suárez no seu libro *Aforismos, giros y decires en el habla montañesa* (Cantabria, 1993).

Antruerjo é a única forma actual que aparece nos dicionarios de castelán, xa que a RAE considera que *antroido* ou *entruído* son arcaísmos máis que leonesismos ou galeguismos.

Todo isto axuda a explicar por que hai *entroidos*, *entroidos*, *entruídos*, *entrudios*, *entrudos*, *antruerjos* ou *antroxus* nas linguas romances centrais e occidentais da península Ibérica e que non os haxa nos romances orientais, como o catalán. Aquí o rito romano foi introducido moito antes que no reino de Castela xa no século VIII. Polo tanto no século XI non houbo ningún cambio de rito en Cataluña e, ao non haber cambio de rito, tampouco se produce a situación na que formas como *antroido* o *entroido* aparezan para designar esas festas de inverno que se fan con máscaras. En Cataluña o nome xenérico é *carnevoltes* (carnes quitadas), o equivalente do castelán *carnevolendas* e que sufriu a mesma transformación semántica, pasando de significar un período de privación e xaxún como era a Coresma a significar un período de gozo e alegría, de máscaras e outros xogos.

R. C. C.



Máis Antonio de Insuela ca Indiana Jones de corredoira

CAETANO DÍAZ

Desfrutei moito, don Antonio, da sabedoría daquel Fraguas nonaxenarío transmutado en Antón de Insuela para nos legar unha visión fonda, plena de verdade, dunha Galicia que amou e descubriu cos ollos e o corazón do galeguista ilustrado e comprometido, do militante orgulloso das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, do polígrafo colosal e humilde. Quen mellor, xa que logo, para herdar a cadeira de Castelao na Real Academia Galega, quen mellor para nos ensinar a conservar a memoria de Galicia como pobo con ADN de seu?

Si, don Antón, con vostede aprendemos o que ocorre cando as almas viaxan deste lado, ou por que todos iremos a San Andrés de Teixido, sexa de vivos, sexa de mortos. Con vostede descubrimos o testamento de Pedro de Vitoria, aquel primeiro catedrático do Estudio Vello, e coñecemos o discurso de don Ramón Otero Pedrayo sobre a emigración. Contounos os segredos das esfoladas —entre cantareiras e moitas horas de traballo— e dos magostos —castaña, castaña, do chan se apaña—, e tamén nos marabillou a conta do poder extraordinario dos astros que aluman o ceo galego.

Ensinounos, profesor Fraguas, as tradicións máxicas desta terra nosa e rescatou o pensamento de don Vicente Risco. Con vostede viaxamos á Pontevedra das boticas e dos boticarios de finais do século XIX, e aprendemos mitos e lendas sobre os meses, ou sucesos dos entroidos de hai máis dun século. Patrimonio inmaterial dun país rico en meigas e trasgos, en contos e maxia.

Nada da historia, da cultura, da etnografía, da antropoloxía e mesmo da economía de Galicia lle foi alleo, don Antonio, e de todo escribiu con rigor e con amor, con bondade e con xenerosidade, coa rectitude e a exactitude do intelectual coherente que nunca se apartou do camiño, malia ter que soportar represalias e sancións. Aí, no seu ciclópeo labor de recompilación e de dignificación da linguaxe do pobo, mestre, atoparon os académicos da RAG argumentos sobrados para tirar polo carreiro do medio e superar as súas guerras de reinos de taifas, que agroman cando lles toca escoller homenaxeado no Día das Letras. Ata aí chega, ben ve, a influencia do seu perfil de galego bo e xeneroso, capaz de pacificar os egos da Docta Casa.

Ao patrimonio inmaterial e á recuperación dos costumes e da nosa poliédrica cultura popular dedicou vostede a súa vida enteira, dende os 18 anos. Por suposto que acertaron desta vez, sen que sirva de precedente, os inquilinos da casona da rúa Tabernas ao escoller —son palabras de Víctor F. Freixanes— a reivindicación da memoria popular, da cultura e da lingua do pobo, desa que se fala dende abaixo, da que resistiu durante séculos a apisoadora da Historia. Digo máis, da que nos alimentou para sobrevivir coa dignidade do pobre á doma e castración dos nosos sinais de identidade, durante a inmisericorde e longa noite de pedra.

Acerta Luís Cochón cando o define, don Antonio, como o labrego máis ilustre e cariñoso, de noso, sabencioso e retranqueiro. Acerta cando subliña que a súa peripecia de incansable explorador do próximo provoca abraio e merece, coído eu, *cartas asombradas* que a ancoren na nosa memoria colectiva.

Lembra Héctor Cajaraville na súa biografía *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo* que non foi vostede un erudito de despacho —hai quen o ve como o Indiana Jones das corredeiras, saberá desculpar a ocorrencia—, que a súa curiosidade era insaciable e, por enriba de calquera outro mérito, que a súa pegada segue viva nos centos de alumnos aos que lles inoculou o doce veneno da etnografía, da antropoloxía e do galeguismo.

Por iso, mestre, seguirá vivo *ad eternum* no corazón do pobo galego.
Amén!

C. D.

A xeografía de Galicia de Antonio Fraguas

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA

No magro panorama editorial da posguerra, a creación da editorial “Bibliófilos Gallegos” en Santiago de Compostela en 1949, por parte dun grupo de intelectuais achegados ao Instituto Padre Sarmiento, tentaba recuperar a publicación de libros de temática galega coa edición no primeiro ano de *Camiños no tempo* de Cabanillas, *El Pórtico de la Gloria* de Ángel del Castillo e a *Descripción del reino de Galicia*, de Molina. Un ano despois, creábase na mesma cidade “Porto y Cia. Editores” que, cunha formulación editorial algo máis ampla, decidía coa súa “Colección Galaica” introducirse no mercado do libro galego¹. Inicialmente tiñan a serie “Grandes Obras”, na que publicaron no mesmo ano da súa saída a *Historia Compostelana* de Gelmírez, as *Memorias del Arzobispado de Santiago* de Jerónimo de Hoyos e, sobre todo, a dos “Manuales”, que foi o seu grande éxito editorial. Nesta última saíron do prelo en 1950 *La Pintura Gallega* de Couselo Bouzas e *Santiago de Compostela. Guía de sus monumentos e itinerarios* de Filgueira Valverde. Ao ano seguinte, a popular *Historia de la Literatura Gallega* de Varela Jácome e en 1953 a *Geografía de Galicia* de Antonio Fraguas. Esta última obra, como as outras tres que xa tiña a serie, nacían coa oportuna idea de ir achegando ao mundo do ensino medio e universitario, ou da cultura galega en xeral, un conxunto de materiais didácticos que encheran o clamoroso baleiro que existía sobre os coñecementos relativos a estas temáticas. En que medida esta colección estaba inspirada na que planificara, con obxectivos e temas semellantes, antes da Guerra Civil, o Seminario de Estudos Galegos? (Mato A., 2001) Non é doado sabelo. En calquera caso, hai un evidente paralelismo entre as dúas coleccións.

A xeografía como coñecemento mantívose fundamentalmente nestes tristes anos no mundo do ensino universitario e medio e noutro tipo de escolas como as de Maxisterio e Comercio, nas que ben illadamente ou xunto á historia, era materia obrigatoria nos plans de estudo. Cultivouna un colectivo de profesores aínda relativamente amplo, a pesar das moitas represalias que houbo, se se compara co doutras disciplinas. Nesta época xorde tamén, dun

¹ A editorial Galaxia, pensada xa para a recuperación do galego na escrita, publica a súa primeira obra *Antifona da Cantiga* de Cabanillas en 1951.

xeito bastante temperán, a investigación en xeografía coa creación en 1940, dentro do CSIC, do Instituto Elcano, ao que se lle atribúe unha boa parte da renovación da ciencia xeográfica española (Gómez Mendoza J, 1997), que acontece a partir da década dos cincuenta. A idea da xeografía que defendían as dúas escolas dominantes nesta época (a de Manuel de Terán, en Madrid e a de Casas, en Zaragoza) era a dunha disciplina de síntese que debía volver unir nunha “visión de conjunto, mostrando la íntima relación que existe entre ellos, los múltiples fenómenos que han analizado separadamente las ciencias” (Casas J. M., 1964). Tiña como método de traballo o proposto pola escola francesa e consonte a el, como obxectivos fundamentais, a realización das xeografías rexionais e locais. Existía tamén unha corrente, que aínda que non era dominante si foi bastante significativa nesta época, relativa á interpretación xeomorfolóxica do feito xeográfico: nela destacarían Solé Sabarís en Barcelona, García Sainz en Zaragoza e Datín Cereceda en Madrid.

Galicia non foi allea a esta corrente de preocupación polos coñecementos xeográficos, que caracterizou a unha boa parte da produción cultural deste comezo de século e así, pódese citar como un precedente as *Nociones de Geografía de Galicia* de José María Crespo Rodríguez (1882-1972), profesor de Pedagogía da Escola de Maxisterio de Pontevedra, editada en 1916 e reeditada en 1918 e 1921. Por estes anos comeza tamén a edición da monumental *Geografía General del Reino de Galicia* (1920-1936) do catalán Francesc Carreras i Candí que, ao igual que a anterior de Crespo era un traballo correspondente a un modelo de xeografía “*eminente descriptivo, sin presencia de los métodos de la Geografía moderna*” (García Álvarez J, 2002). Un cambio cualitativo acontece coa chegada do Seminario de Estudos Galegos que, na súa sección de “Xeografía” e baixo o maxisterio indiscutible de Otero Pedrayo, inicia unha nova xeira de traballos nos que dominarían os métodos da xeografía rexional francesa cunha abordaxe plenamente interdisciplinaria. Ao seu abeiro aparece a *Nova Xeografía de Galicia pras Escolas* (1936) de Luis Barreiro Paradela e, sobre todo, os proteicos traballos de Otero Pedrayo coa temática e teoría da paisaxe como tema central das súas achegas. Deles serían fundamentais a *Síntesis Xeográfica de Galicia* (1926), *Guía de Galicia* (1926), *Problemas de xeografía galega. Notas encol das formas de poboación labrega* (artigos publicados entre 1927 e 1928), *Paisaje y problemas geográficos de Galicia* (1928), *Pelerinaxes* (1929), o capítulo dedicado a Galicia da *Geografía Universal* do Instituto Gallach (1929) e o capítulo introdutorio a *Terra de*

Melide (1933). Deste mesmo ano procede un programa docente sobre xeografía galega no ámbito universitario, redactado cando tivo que impartir un curso sobre esta temática na Universidade de Santiago (García Álvarez J., 2002).

Nesta escola do SEG, xunto a outros mozos, foi onde recibiu os seus primeiros coñecementos xeográficos, de mans do mestre Otero Pedrayo, un Antonio Fraguas de vinte e poucos anos e coa carreira de Filosofía e Letras a piques de rematar. Comezou a tratalo e tomar contacto cos problemas da xeografía galega, no estudo que Díaz Baliño tiña na rúa das Hortas, segundo a súa propia testemuña:

onde nos encontrábamnos, ademáis do artista, Florentino L. Cuevillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco, e dous mocíños entonces, Ramón Martínez López e mais eu. Non se falou de ciencia xeográfica, falouse de cousas políticas pero axiña Don Ramón falounos de Xeografía Histórica, de toponimia e de outros problemas xeográficos (Fraguas, A., 1978).

Fraguas sempre reconeceu o papel de mestre de Otero, xa que falaba con entusiasmo do seu carácter innovador:

Tiña un concepto novo da ciencia xeográfica comezando o estudo da Terra pola organización máis sinxela e tradicional: a aldea, a parroquia no medio campesino. Foi un dos primeiros en dar a coñecer a Suess. Por primeira vez comeza o estudio científico da paisaxe” (Fraguas, A. 1978).

Na propia dedicatoria da *Geografía de Galicia* así o manifesta: “A Don Ramón Otero Pedrayo, amigo y maestro”.

No ano 1933 gaña a praza de profesor de Xeografía e Historia do Instituto da Estrada, onde ensinou ata o seu afastamento da docencia en 1936 polas represalias políticas que sufriu. Das súas clases coñécese que practicaba con asiduidade as saídas ao campo cos alumnos nas que, con toda probabilidade, poría en práctica a mirada multidisciplinaria sobre o contorno que tan ben aprendera nas xeiras de traballo do SEG. Desta docencia, pouco máis se sabe.

Despois da guerra, tivo que sobrevivir en Santiago dando clases nunha academia particular que fundara xunto a un cóengo da catedral. Neste período comeza tamén a preparación de oposicións ao ensino medio, ás

que se presentou varias veces, pero que non conseguiu acadar, en boa parte, polas repercusións do seu pasado político. Mentres, conseguiu simultaneamente o seu ensino privado cun nomeamento durante catro anos de encargado do curso de Xeografía na Facultade de Filosofía e Letras da USC a partir do ano académico 1948-49. Finalmente, en 1950 consegue sacar a praza de catedrático de Xeografía e Historia para o Instituto de Lugo. Nesta longa etapa do seu maxisterio non existen referentes escritos que nos poidan dar unha idea do seu pensamento xeográfico. Porén, no arquivo persoal que custodia o Museo do Pobo Galego hai abundante material manuscrito con moitas notas e apuntamentos que servían de preparación das súas clases e que poderían dar unha idea de como Fraguas as formulaba. Un exemplo bastante significativo témolo nestas notas sobre unha lección relativa ao Atlántico:

Mare Atlanticum u Oceanus Atlanticus, designaciones corrientes entre los latinos (de donde las nuestras), era, empero, concido por los griegos más bien como mar Exterior, mar Grande, mar Occidental; con menos frecuencia se encuentran también las de Okeanós y Atlantikós. Esta última procede de Atlas, el gigante que luchó con Heracklés (Hércules), que moraba según la leyenda griega, en el Norte de África, en el Atlas, nombre también relacionado con el mito. Heraclés luchó con él en la expedición al Jardín de las Hespérides, sito en los extremos occidentales del mundo conocido.

En oposición al mar Exterior estaba la denominación de Mare Nostrum que designaba al mar Mediterráneo. Los griegos le nombtaban como algo suyo. Nuestro Mar lo llamaba Estrabón; y con la designación de mar propio se encuentra en Platón y Aristóteles y con este mismo sentido lo emplean los romanos aceptando como buena la denominación de los griegos. Una y otra vez, dice Álvaro d'Ors, se fueron sucediendo en el señorío de aquel mar unos pueblos y otros pueblos, unas escuadras y otras escuadras, pero el mar seguía siendo para todos el "Mar Nuestro", precisamete porque ese posesivo se refería a relaciones geográficas imborrables, que quedaban más allá de las rachas de la hegemonía política. El mismo hecho de que se trate de una traducción del griego nos muestra ya como no podía haber nada político ni de imperialista en expresión tan comunicable (A. d'Ors. De la guerra y de la paz).

García Bellido cree que griegos y romanos daban este nombre en sentido locativo sin que para ninguno de los pueblos tuviera expresión de posesivo.

Un conocedor del mar, Payo Gómez Charriño, hace una comparación del Océano con el Rey de Castilla, a quien sirvió como Almirante. En la comparación estima, no solo el poderío si no también la libertad de sus aguas

O mar semella muito aquel Rei

[...]

O mar da muito, e creede que non

Se pode o mundo sen el gobernar,

E pode muito e ha tal razón

Que o non pode ren apoderar

El médico, viajero y poeta de la nueva generación de Portugal, Miguel Torga, nos describe el Atlántico con el donaire que su poesía encierra pero con la cadencia de las tristes realidades que cubren al temido mar.

Ela que es tu, anónimo océano

Coração ciumento e namorado!

Ela que es tu, arfar viril e plano,

Largo como un abrazo descuidado

Tu, mar fechado, aberto e descoberto

Con bussolas e gritos de gajeiro!

Tu, mar salgado, lírico, coberto

De lágrimas, iodo e nevoeiro

Son notas que non se poden datar e, polo tanto, non sabemos a que época exacta da súa vida pertencen, pero que nos dan xa unha idea do que vai ser unha constante na súa maneira de expor o feito xeográfico: sempre con importantes engadidos literarios e clásicos no texto, que serven para deixar patentes as pegadas humanas, ben como factores construtivos do feito xeográfico ou ben como intérpretes deste, sobre todo a partir da emoción poética ou perceptiva que xeran.

A idea de escribir un manual de xeografía de Galicia xurdiu, con toda probabilidade, nos últimos anos da súa estadía compostelá ao coincidir a súa dedicación universitaria a esta disciplina cos plans editoriais de Porto, nos

que un libro desas características encaixaba á perfección. Por outra banda, aínda que o carácter conciliador e pouco dado as críticas de Fraguas non o manifesta, tamén debeu pesar nesta decisión a carencia para Galicia de textos destas características. Os libros publicados antes da guerra tiñan unha cativa dimensión – non chegaban as cen páxinas – e por riba, como un problema propio daquela época, a maioría estaban escritos en galego. Ademais, o mestre Otero publicara diversos artigos sobre xeografía na posguerra pero ningún libro que puidera considerarse un texto comprensivo sobre a xeografía galega.

A *Geografía de Galicia* escribiuna, con toda probabilidade e na súa meirande parte, en Lugo. Nela hai unha evidente herdanza do seu mestre Otero, pero tamén existen sinais propias e diferenciadas que convén salientar. En primeiro lugar, cómpre falar da bibliografía, xa que é ben sabido que na obra xeográfica de Otero practicamente non existen case estas referencias, agás algunhas citas moi xenéricas sobre os grandes mestres Humboldt, Ratzel, Suess ou Vidal de la Blanche, así como o caso moi particular do bretón Camille Vallaux (Díaz-Fierros, F., 1998).

Na *Geografía* escrita por Fraguas hai unha bibliografía moi abundante (126 libros e artigos, sobre todo en castelán) que foi utilizada na redacción do texto e que tamén se aconsellaba empregar para ampliar algúns temas máis específicos. Esta bibliografía está moi ben seleccionada e mostra un coñecemento amplo e actualizado da temática xeográfica española do momento. Así, por exemplo, resulta especialmente nutrida para un libro destas características a referida á xeoloxía, con citas sobre os estranxeiros Carlé (1948) relativas ás rías, as de Dantin (1944) sobre tectónica, ou de García Sanz (1943) sobre morfoloxía, así como o clásico de Parga (1935) sobre os granitos, ou os máis recentes de Hernández Pacheco e Hernández-Sampelayo, sen esquecer as relativas á minería económica cunha énfase especial no caolín. Sobre climatoloxía cita a pluviometría de González Quijano (1946) e a hidrografía de Revenga (1943), referencias indispensables para coñecer os problemas da auga na Península Ibérica. Sobre botánica, o libro de Merino e para zooloxía o de López Seoane, citas clásicas, pero naquela altura aínda non superadas. Outras obras importantes son as relativas á poboación de Galicia de Niemeier (1945), Ruiz Almansa (1948) ou Casas (1943) e, no relativo a antropoloxía, tema tan querido por Fraguas, das referencias básicas, están todas: dende as clásicas de Lourenzo Fernández ata as máis actuais

de Anderson, Álvarez Blázquez ou Sampedro. Non faltan as referidas á toponimia de Moralejo (1944) e Piel (1947) e, no relativo á comarcalización, o daquela imprescindible libro de Dantín (1942) e algúns novos estudos sobre as bisbarras galegas, como os de Espinosa sobre Louriñá (1944) e O Fragoso (1949), ou de Crespo Nazara (1951) sobre Lalín. Das xeografías de Galicia, cita a de Crespo (1933), a *Guía* e a *Síntese* de Otero Pedrayo (1926) e a *Geografía del Reino de Galicia* de Carreras Candi, todas claramente superadas ou desfasadas naquela altura. E, por suposto, non podía faltar as dos seus compañeiros no SEG, como Filgueira, Risco, Cuevillas etc.

Este amplo resumo que veño de expoñer, estimo que foi necesario para poder xustificar o ben documentada que se atopaba a súa *Geografía* que, por outra parte, seguindo a Guitián, L. (2006), pode ser considerada como “unha boa síntese” destas publicacións, moitas delas totalmente descoñecidas para o gran público.

A estrutura do libro, que tiña 498 páxinas, resulta bastante clásica cunha introdución xeral, que comeza cos coñecementos de xeografía física sobre xeoloxía, climatoloxía e hidroloxía, seguidos dos de bioxeografía, gandería e pesca. Séguenlle, a continuación, a minería e industria e un tema novo daquela, pero que despois tería unha grande transcendencia en Galicia, como era o da enerxía. As vías de comunicación serven de introdución á parte na que o libro de Fraguas consegue maior singularidade e interese ao tratar da xeografía humana, con temas referentes aos costumes e crenzas, así como a lingua, a casa e a poboación. Remata esta parte cun capítulo dedicado á paisaxe, onde se amosa claramente debedor do mestre Otero, a quen cita largamente, pero no que tamén se recoñecen as súas propias miradas coas referencias literarias que lles suxire aos nosos escritores, dende o Cancioneiro da Vaticana ata Murguía, así como en pintores coma Lloréns, Castelao, Laxeiro, Maside e Díaz Pardo, entre outros, e así mesmo o recoñecer finalmente que: “En el valle se afianzan las estampas típicas desgranadas en la melodía del cancionero popular”.

Un exemplo da riqueza e orixinalidade dos capítulos dedicadas aos aspectos etnográficos e antropolóxicos que, a xuízo de Guitián, L. (2006), “constituen as páxinas máis personais e mellor conseguidas do libro”, recollese nesta descrición maxistral da cociña galega:

El centro principal de la casa es la cocina; en ella pasa el campesino las pocas horas del día que dedica a la comida y tertulia. En la cocina se celebran ordinariamente las comidas, principalmente desayuno y cena, pero nunca en día de fiesta ni cuando hay forasteros. Allí se reúne la vecindad en las veladas de invierno y en animada charla comentan los sucesos, renuevan los cuentos tradicionales de la aldea y, alguna vez, se oye, en el sigilo de la noche, la promesa de palabra de matrimonio, se ajustan o renuevan los contratos y se regulan y estiman las relaciones del lugar. Preside el lugar la *lareira*, constituida por una larga losa o por varias en pequeño resalte sobre el enlosado del piso. Centra perpendicularmente el lar la *gramalleira*, sustituida por el *burro* en algunas casas; detrás del hogar el *trafugueiro*, de piedra o de hierro, arrimo para la leña y apoyo seguro para la taza en los prismas de sus extremos. El horno y el *salgueiro* mantienen con la artesa y el *louceiro* el diálogo perenne de la economía casera en el transcurso de las generaciones familiares. En apoyos laterales de grandes losas; un arca con sal, un *ichotiño*, calderos y ollas del agua, alguna caldera de cobre y los utensilios del horno metidos en un rincón; la *parrumeira* con los aperos retirados del uso, los candiles y el farol; en un clavo, el rosario, que detiene por un momento la ronda mientras dura la oración; la *pateira* para la ceniza y algunos instrumentos de labranza distribuidos en lugares adecuados. Rodean la *lareira* los asientos, presididos por el noble escañil, donde se sientan los mayores; en algunas casas transformado en *capoeiras*, para guardar las aves; los bancos largos y los sencillos tallos de tres pies que coloca a voluntad el ocupante. Figuran en lugar destacado potes panzudos, ollas de barro, los trípodes, la sartén y la *filloeira*. En el techo, ahumado, la *touciñeira* con sus ganchos para colgar la carne de cerdo y los varales donde se secan los chorizos. El techo plano forma el *canizo* donde se secan las castañas, costumbre a que hace alusión la humorística copla:

Moucho que estás no canizo
Bota castañas abaixo,
Anque non teño mandil
Acádochas no refaixo.

Na parte descritiva de Galicia, que ocupa practicamente a outra metade do libro, opta por empregar a noción da comarca natural como eixe, para concluír coa división administrativa en partidos xudiciais, a eclesiástica de diocese e arciprestazgos e a do Antigo Reino de Galicia coas súas sete provincias e xurisdicións. Na primacía que lle deu á comarca para o artellamento territorial, segue ao seu mestre Otero, pero tamén a escola francesa da xeografía rexional que en España tiña o seu máximo representante en Dantín Cereceda quen, cos seus traballos sobre as comarcas naturais españolas estaba abrindo esta ciencia cara a estes novos derroteiros. Dantín morre en 1943 deixando inacabada a súa obra. Porén, o único tomo que publicou de *Las regiones naturales de España* estaba practicamente dedicado na súa meirande parte á “Región Galaica” na que describía, na súa segunda edición de 1942, 50 comarcas.

Fraguas na súa *Geografía* describe 71, mentres que Otero na súa *Guía*, na edición do 45, falaba dunhas trinta e tantas, descritas de forma moi desigual. Das tres alternativas de comarcalización, a de Fraguas é a máis completa, equilibrada e axustada tamén aos límites tradicionais. A de Dantín, describe con moito rigor as características xeolóxicas e morfolóxicas, pero adoce de falla de información humana e, nalgúns casos, amosa graves carencias, como ignorar a singularidade das diferentes “mariñas” galegas, que inclúe nunha soa rexión natural. A de Otero ten poderosas intuicións pero resulta imprecisa e desigual no seu tratamento sistemático. Ficou, pois, a comarcalización de Galicia de Fraguas como un dos legados xeográficos máis importantes do momento que, certamente, non sei moi ben se foi aproveitado axeitadamente en toda a súa potencialidade nos diferentes proxectos e realizacións que se puxeron en marcha nos últimos tempos para artellar territorialmente o país.

As estatísticas que aparecen no libro son o máis actualizadas posibles (así, p.e. as de poboación corresponden ao censo de 1950) e, como acompañamento e ilustración, leva tamén varios mapas no texto sobre os sistemas hidrográficos, o litoral e as feiras e mercados, e fóra do texto, catro mapas provinciais orixinais a escala 1.400.000.

É unha magoa que a *Geografía* de Fraguas non fora escrita en galego, idioma para o que o autor estaba perfectamente ben dotado, pero que naquela altura, os primeiros anos dos cincuenta, esa era a situación na que se

desenvolvía a práctica totalidade da produción editorial galega. E, moito máis cando se tiña a pretensión de escribir un manual que ía pensado para o gran público e mesmo para ser utilizado nos diferentes niveis docentes. En calquera caso, era un libro necesario, que encheu un oco evidente en relación cos coñecementos que se necesitaban para comezar a comprender o país, e que foi realizado con honestidade e rigor. Tiña fundamentos bibliográficos serios, algo non moi frecuente naquela altura, mostra unha estrutura e metodoloxía coherente e acorde cos manuais do momento, e sobre todo, adivíñase na man que o redactou, unha sincera mirada interdisciplinaria, que Fraguas aprendeu nos seus anos mozos do Seminario de Estudos Galegos e que, certamente, o acompañou toda a súa vida. No libro non faltan os necesarios e imprescindibles datos da xeografía física, económica e descritiva, pero agradécense entrañablemente todos os apuntamentos sobre a vida campesiña (daquela aínda non comezara o seu desartellamento), cheos da calor humana, tenrura, graza e complicidade que só D. Antonio Fraguas sabía expresar.

En definitiva, é un texto onde se poñen en evidencia eses lazos de amor e lealdade a un país deste grande home, que quixo ser un máis, un calquera, nesta tarefa colectiva, pero que, non sei se ao seu pesar, deixou unha pegada imperecedeira nas lembranzas do seu trato, pero tamén neses pequenos ou non tan pequenos chanzos da súa obra, como esta *Geografía*, que sumados todos, constitúen un monumento único de entrega e afecto a Galicia.

F. D.-F. V.

Bibliografía

- Capel H. (1976): “La geografía española tras la guerra civil”. *Geocrítica*, 1, 1.
- Casas Torres, J. M. (1964): *Las fronteras de la nueva geografía*. Lección Inaugural curso 1964-65. Zaragoza: Univ. Zaragoza.
- Díaz-Fierros, F. (1998): “Os tempos xeográficos de Otero Pedrayo, hoxe”, en *Homenaxe a Ramón Lourenzo* (Ed. D. Kremer). Vigo: Galaxia.
- Fraguas Fraguas, A. (1978): “A xeografía no Seminario de Estudos Galegos”, en *Estudos e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Cad. Laboratorio de Formas de Galicia. Sada: Edicións O Castro.
- García Álvarez, J. (2002): *Territorio y nacionalismo. La construcción geográfica de la identidad gallega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Gómez Mendoza, J. (1997): “La formación de la Escuela Española de Geografía (1940-1952)”, *Ería*, 42, pp.107-146.
- Mato, A. (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Ediciós O Castro col., Seminario de Estudos Galegos.



Anaco de vida III



Anaco de vida en espello

**Antonio Fraguas Fraguas, sobranceiro
colaborador da *Gran Enciclopedia Gallega***

XOSÉ RAMÓN FANDIÑO VEIGA

Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999), etnógrafo, antropólogo, arqueólogo, historiador..., pero sobre todo, un profesor sapientísimo que deixou tras si dúcias de libros, centos de artigos e non se sabe cantas conferencias ou alocucións. Libros e artigos científicos ou de divulgación en revistas e xornais, especialmente en *A Nosa Terra*, *NÓS*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Vida Gallega*, *Boletín Auriense*, *Revista de Guimarães*, *Encrucillada*, *La Noche*, *El Progreso*... aos que lle hai que sumar 115 artigos (“voces” ou “entradas”) repartidos nos 30 tomos mais 2 de Apéndice da *Gran Enciclopedia Gallega* (GEG), publicados entre 1974 e 1991. Ningunha obra enciclopédica coñeceu tan intensa participación do profesor Fraguas como a GEG. Como unha mostra máis da súa bondade e extraordinaria calidade humana, a colaboración na Enciclopedia de don Antonio Fraguas foi abundosa e xenerosa, dun xeito continuo e afastado de todo afán de protagonismo. Os temas das súas colaboracións son artigos de traza histórica, biografías e, fundamentalmente, de contido etnográfico.

Don Antonio Fraguas foi o único dos case 700 autores que colaborou nos 30 + 2 tomos. En número de artigos superouno Alberto Vilanova Rodríguez: 370 “ítems”, como lle chamaba Filgueira Valverde, pero non colaborou en todos os tomos. Ese honor só lle corresponde a don Antonio.

Tiven a sorte de tratar moi de cerca a don Antonio Fraguas, home de ben e de rectitude e firmeza no ideal galeguista, sempre disposto a cumprir cos encargos que lle faciamos para a Enciclopedia e a prestarnos o asesoramento que lle solicitásemos como director da sección de Etnografía. E tan identificado estaba coa Enciclopedia Gallega que cando lle doou a súa biblioteca ao Museo do Pobo Galego, na súa casa só se quedou coa Enciclopedia como obra de consulta.

A publicación da GEG iniciouse no ano 1974. Don Ramón Otero Pedrayo aceptou a dirección da obra, apoiado por un Consello Consultivo e directores de Sección. Con don Ramón e despois del funcionou un Comité Coordinador formado por Fernández del Riego, Alonso Montero e Basilio

Losada. Fraguas Fraguas foi o director da Sección de Etnografía e tamén lle expuxo a súa opinión á empresa editora, que tendo en conta a situación sociolingüística do idioma galego naqueles anos de mediados dos setenta, se decidiu a acometer a publicación en lingua española, argüíndo que facelo en galego dificultaría a expansión comercial que unha obra destas características necesitaba para sosterse.

A oficina de redacción da GEG estableceuse na Rúa Nova, na cerna do casco histórico compostelán. Fraguas acudía sempre no prazo que se lle solicitara a entregar as colaboracións que se lle encargaban, valorar os resultados que se ían concretando coa publicación de cada fascículo ou tomo e programar as súas seguintes entregas. Na redacción da Rúa Nova traballaba un grupo de redactores da que foron directores Perfecto Conde, Arturo Reguera e Xosé Ramón Fandiño. Como xefes de redacción Xesús Rábade e Xosé Mariño, Asunción Vieites como secretaria técnica. A empresa impresora foi Heraclio Fournier de Vitoria e a administración levábase na editorial de Silverio Cañada en Xixón.

Con criterios de distribución de libros moi innovadores e cun equipo de vendas moi consolidado, Silverio Cañada achegou a súa experiencia editorial en Galicia a todos os currunchos do país: escolas, colexios, bibliotecas públicas, facultades, institucións aos que chegaban os axentes de vendas ofertando a subscrición á Enciclopedia en cómodos prazos mensuais. Eles foron os que fixeron posible a difusión comercial da GEG, que consta de 30 tomos mais 2 Apéndices, o último dos cales se publicou en 1991. É impensable unha biblioteca galega na que falten os tomos que constitúen este conxunto, que resiste con solvencia o paso do tempo e que os datos da empresa editora cifran en 20.000 as coleccións distribuídas. Un fenómeno editorial para a época, que veu encher un baleiro de información básica sobre Galicia nos anos da transición democrática e de implantación da autonomía.

Sen seren moitos, un dos antecedentes máis senlleiros desta magna obra é a *Historia de Galiza*, o proxecto encomendado a Otero Pedrayo polos galeguistas porteños con ocasión da súa visita a Bos Aires en 1947. A obra foi de redacción e impresión lenta, pois non saíu a lume, nos seus 2 primeiros tomos, ata 1962. Fraguas non participou na *Historia* de Otero, moi vinculada á tradición do desmantelado Seminario de Estudos Galegos (aínda que López Cuevillas o menciona non poucas veces no seu capítulo

sobre “A Cultura Castrexa”), mentres que no interior a vocación posibilista e de adaptación á nova situación política de Sánchez Cantón e Filgueira Valverde pretendían poñer en marcha en 1948 a colección *Galicia Histórica*, auspiciada polo Instituto de Estudos Gallegos “Padre Sarmiento”. Tratábase de sintetizar en dous tomos de 600 páxinas cada un e profusamente ilustrados o coñecemento naquela altura do pasado de Galicia. No segundo tomo da *Galicia Histórica*, Fraguas tiña encomendada a Guerra da Independencia, pero o proxecto non callou. E Castelao referiuse ao IEGPSarmiento na súa monumental obra *As cruces de Pedra na Galiza*, editada en Bos Aires polo Seminario de Estudos Galegos no exilio en 1950: “Este libro non foi feito para quen es maldefenderon o Seminario de Estudos Galegos, nin para os que o suplantaron, pondo a nosa cultura nas fauces dun estado devorador”.

As primeiras entregas de don Antonio á GEG foron as entradas sobre o significado na tradición familiar das figuras do Avó e da Avoa, ás que lle seguiron as etnográficas: Antroido, Contos populares, Danza, Disfraz, Etnografía, Feiras, Festas, Traxe galego etc., as xeográficas Cíes (illas), Cartografía. Para a GEG, Fraguas foi tamén un prolífico cultivador do xénero biográfico. Ademais das biografías de personaxes históricos como Alonso I, II e III de Fonseca (sobre os que versou a súa tese de doutoramento), redactou a de Sebastián González García-Paz, o seu fraternal amigo dende os tempos do Instituto de Pontevedra e compañeiro de carreira e do Seminario de Estudos Galegos, a dos irmáns Xaquín e Xurxo Lourenzo. E tanta foi a relación e admiración de don Antonio co cardeal Quiroga Palacios que, por expreso desexo seu, foi o colaborador que redactou a biografía de don Fernando na *Gran Enciclopedia Gallega*, unha prolíxa recensión na que destaca a súa galegitude e que lle abriu o camiño á lingua galega para ser utilizada na liturxia. Das biografías de Fraguas na GEG chama a atención que fíxese e asinase a do médico e etnógrafo Víctor Lis Quibén, sinistro personaxe que se destacou polo seu papel na represión tralo levantamento militar de 1936, tomando parte directa en máis de 30 execucións sumarias.

E como non podía ser doutro xeito, Fraguas foi o autor da descrición xeográfica e histórica do seu concello de Cotobade (Pontevedra), pois como o ten definido Carlos García Martínez, o seu sucesor na dirección do Museo do Pobo Galego, don Antonio era galego de nación, natural de Loureiro de Cotobade.

É difícil de entender que nas bibliografías publicadas de don Antonio Fraguas, mesmo nas máis completas e solventes, non se mencione a súa condición de colaborador da GEG. É como se un manto de silencio quixese cubrir a transcendencia que a Enciclopedia tivo nuns anos nos que o eido cultural era un ermo dificilmente habitable. Ou tal vez sexa debido ese esquecemento á dificultade ou desidia que podía entrañar establecer ese listado. É por iso polo que neste achegamento ao labor enciclopedista de don Antonio ofrecemos a relación de todos os seus artigos na GEG.

TOMO 1:

Abó.— Aboa.— Alicornio.— Almorzo./

TOMO 2:

Alquimia.— Ánimas.— Ano de loito.— Ano Santo.— Ano vello.— Antoxo.— Antroido.— Año

TOMO 3:

Bautizo

TOMO 4:

Breogán.— Cabodano

TOMO 5:

Cartografía.— Casado Fernández, Luís.— Casamento

TOMO 6:

Cíes, Illas.— Ciprianillo.— Cocido.— Cociña

TOMO 7:

Comidas.— Contos populares.— Coresma.— Corpus.— Corrida do galo.— Cotobade

TOMO 8:

Cruz.— Curandeiro.— Chourizo.— Danza.— Decembro.— Defunto.— Demo

TOMO 9:

Día.— Disfraz.— Domingo

TOMO 10:

Embarazo.— Empanada.— Enterro.— Esfollada

TOMO 11:

Etnografía.— Exvoto.— Farsas.—Febreiro.— Feirante.— Feira. Aspecto etnográfico.— Feitizo

TOMO 12:

Ferrerías.— Festas

TOMO 13:
 Fiadeiro.— Filtros.— Foliada.— Follalateiro.— Fonseca, Alonso I de.—
 Fonseca, Alonso II de.— Fonseca, Alonso III de.— Fontes.— Forno
 TOMO 14:
 Funerales.— Fuso.— Gadaña.— Galán
 TOMO 15:
 Galloufada
 TOMO 16:
 González García-Paz, Sebastián.— Gramalleira.— Gueipo
 TOMO 17:
 Hidromancia
 Tomo 18:
 Inferno.— Inverno.— Lagarto. Cultura popular.— Lavandeira
 TOMO 19:
 Laza.— Leiteiras.— Licantropía.— Liño. Etnografía e folklore.— Lis
 Quiben, Víctor.— Lobishome.— Loito.— López Casado, Francisco.—
 Lorenzo Fernández, Xoaquín.— Lorenzo Fernández, Xurxo
 TOMO 20:
 Lume.— Luns.— Magosto.— Maio.— Mantelo.— Martes.— Marzo
 TOMO 21:
 Monteiro.— Morquecho Barral, José Ramón.— Morquecho Posse,
 Joaquín.— Mortalla
 TOMO 22:
 Museo Municipal de Santiago.— Novembro
 TOMO 23:
 Outono
 TOMO 24:
 Pedret Casado, Paulino.— Pedret Casado, Tomás
 TOMO 25:
 Primavera
 TOMO 26:
 Quiroga Palacios, Fernando.— Refrán.— Regueifa
 TOMO 27:
 Romero Vázquez, Dimas.— Sábado
 TOMO 28:
 Seitura.— Setembro

TOMO 29:

Torre Mirón, Rafael de la.— Traxe galego

TOMO 30:

Venres.— Xaneiro.— Xoves.— Xuño.— Xullo

TOMO 30 (Apéndice I)

Couselo Bouzas, José

TOMO 30 (Apéndice II)

Portela Seijo, Juan

X. R. F. V.



Anaco de vida II

Unha achega ás farsas recompiladas e descritas por Antonio Fraguas

MAR FERNÁNDEZ-VÁZQUEZ

A polifacética figura de Antonio Fraguas Fraguas aséntase na súa condición de mestre, que latexa nas demais facetas que desenvolveu: xeógrafo, arqueólogo, historiador e antropólogo, se ben a que define o seu labor por e para a cultura galega é a de etnógrafo¹, concretamente investigando (González Reboredo, 2006: 109) dende a “óptica dos etnógrafos-folkloristas ‘clásicos’ debido a que a percepción da distancia cultural entre investigador e investigados ‘é menos notoria’ e céntrase en ‘curiosidades’ que adoitan estar xustificadas pola procura de orixinalidades ou de supervivencias do pasado histórico”. Así mesmo o folclorista (González Reboredo, 2006: 110), “transmítenos datos, ou conxunto de datos, moitas veces sen contextualizar porque o que lle interesa é dar a coñecer formas concretas ás que se lle podan atopar antecedentes ou paralelos” e ademais “non busca moitas veces interpretar os datos que recolle, senón que se limita a dalos a coñecer mediante a oportuna descrición”, tal e como fixo Fraguas.

Todas as facetas desenvolvidas polo etnógrafo Fraguas concíbeas dende a preocupación pola identidade galega á hora de interpretar a cultura galega, de aí que á súa concepción sexan aplicables estas verbas de Clifford Geertz: “el análisis de la cultura ha de ser por lo tanto, no una ciencia experimental en busca de leyes, sino una ciencia interpretativa en busca de significaciones” (Geertz, 2003: 20) e a antropoloxía, entre outras finalidades, “consiste en ampliar el universo del discurso humano” (Geertz, 2003: 27), o que implica que “comprender la cultura de un pueblo supone captar su carácter normal sin reducir su particularidad” (Geertz, 2003: 27). Mais cómpre inserir uns matices: a produción do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019 atende ao campo da *cultura espiritual* (segundo o denominaran os investigadores do Seminario de Estudos Galegos), entendida

¹ Se ben (González Reboredo, 2006: 92) “nin por formación nin por estilo persoal non practicou estratexias do discurso antropolóxico como a descrición etnográfica densa, da que falan antropólogos como Geertz”, senón que se limitou “sempre a contar historias ‘sinxelamente’, como el gustaba decir, se ben eran sempre historias debidamente documentadas”.

segundo Xosé Manuel González Reboredo (2006: 103), como “o universo das crenzas, festas e literatura oral, sendo mínimas, ou indirectas, as súas achegas a cuestións como a sociedade e a tecnoloxía tradicional”. E por iso, entre as abondosas achegas de Fraguas á etnografía, ao folclore, á intrahistoria oral e á xeografía galegas, centrareime nas farsas, pola flexibilidade na definición deste subxénero teatral e das súas peculiaridades, pola relevancia do momento persoal de Fraguas nas que as recompilou e estudou, pola tipoloxía e estrutura das farsas recollidas e porque as farsas son un claro síntoma dunha época e así mesmo das súas consideracións sociais, culturais e estéticas.

Durante unha ducia de anos Fraguas publicou en castelán² os traballos “Farsas de Carnaval en Touro (Coruña)” (1951)³, “Notas sobre el fuego en Galicia. La farsa ‘Dulcinea’ o la quema de la Pascua” (1953), “La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)” (1956) e “Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla” (1963). As catro achegas sitúanse en dúas etapas vitais relevantes: a década dos anos cincuenta, denominada “Lugo: ‘a liberdade’” (González Pérez, 2006: 72-75), e en “Compostela: tempo de recoñecementos” (González Pérez, 2006: 75-82), na década dos sesenta. As temáticas abordadas nelas encaixan nos contidos sinalados por González Reboredo (2006: 104-109) para a maior parte da produción etnográfica de Fraguas: festas⁴, literatura oral⁵, crenzas varias⁶, o traxe galego, sociedade⁷, historia da etnografía/folclore en Galicia e outros temas aos que aludiu ou

² A situación política en Galicia e España explican que non escribise en galego, se ben si reproduce en galego a recompilación das farsas.

³ Que reeditou en lingua galega no volume *Do Entroido* (Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 1994).

⁴ Cun primeiro grupo referido ás *festas universais de ciclo anual*, e se se divide o ano nos períodos outono-inverno e primavera-verán, as festividades do primeiro principiarían cun Santos e o magosto, e tamén se situarían os Maios e o San Xoán, e nas festas do segundo período encádrase o ciclo do Nadal; noutro grupo, o Entroido, e a seguir a Coresma e a Pascua; e nun novo grupo, outras manifestacións festivas, caso dos fiadeiros, a festividade do Carne, as festas e romarías e a festa popular en Galicia.

⁵ Unha varia produción conformada por materiais sobre o folclore de Armeses-Listanco e sobre lendas da Fonte Pormás-Arzúa, e así mesmo materiais sobre lendas, contos, cantigas, romances e ditos, se ben salienta a recolleita do cancionero de Cotobade.

⁶ Culto aos mortos, as ánimas e outras crenzas referidas a astros, animais ou seres da mitoloxía popular, ou relacionadas cos animais ou co ciclo vital.

⁷ A voda, a familia, o noivado, o mundo da infancia e os seus xogos, e a emigración.

que tratou en menos achegas⁸. E consonte á estrutura responden aos trazos propios das farsas medievais⁹ en canto a argumentos sinxelos, a personaxes organizados ao redor de dous eixos contrapostos, a existencia de personaxes tipo que ás veces empregan máscaras e que aparecen caricaturizados nas súas accións, a comicidade plasmada no absurdo e ridículo das situacións (sobre todo respecto á satisfacción dos desexos primarios), aos xogos de palabras e dobres sentidos, e o motivo temático e estrutural da infidelidade conxugal. Así mesmo, como sinala Monserrat Iglesias Santos (1995: 543) sobre as farsas valleinclinianas, o subxénero farsa presenta trazos “en lo concerniente a los valores heroicos subvertidos en el teatro de vanguardia”, entre os que “debe destacarse por su recurrencia la parodia y burla de los códigos del honor, convirtiendo al héroe trágico en un cornudo”, xa que a farsa (Guerrero Zamora, 1962: 127-131; Iglesias Santos, 1995: 545) “no pretende constituirse en realidad, buscando verosimilitud, sino afianzar en su condición de juego con sus leyes propias” e ademais reflicte (Iglesias Santos, 1995: 546) “una forma moderna de tragedia, donde la sublimación se sustituye por la caricatura”. Pese a estes trazos característicos, as farsas recompiladas e descritas por Fraguas tamén beben da súa relixiosidade¹⁰, xa que están vinculadas a datas do almanaque relixioso e nelas impóñense castigos e penas aos que atentan contra a moral e a ética católicas, e por outra banda o traballo etnográfico parte do afán por salvagardar a identidade da cultura galega e a memoria das súas xentes.

Cando no ano 1951 se publica a primeira das achegas sobre as farsas, a Real Academia Galega acordara nomealo membro de número¹¹

⁸ Caso do lobo nas terras de Cotobade, os muíños, o emprazamento das feiras no século XVIII, a randeeira en Galicia, entre outros.

⁹ Explicitados na definición do termo “farsa” no *Diccionario de termos literarios* (2012).

¹⁰ Como sinalou Manuel Xesús Precedo Lafuente (2006: 253), Fraguas “como historiador, informaba sinceramente do fondo relixioso que fora berce de prácticas cúltras e da perseveranza das mesmas na historia secular do pobo galego” e recalca que “como home de orixe rural” ademais “coñecía de primeira man as representacións anuais de cada unha das festas folklóricas que se ían sucedendo dentro de cada ano, e reflectíaa con todos os detalles nos seus comentarios”.

¹¹ Se ben a Real Academia Galega xa o nomeara membro correspondente na sesión do 13 de decembro de 1942.

na sesión do 19 de abril de 1951, para ocupar a cadeira de Castelao¹², e xa levaba dende o 16 de xaneiro de 1946 (data da sesión do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC) vinculado a esta institución como colaborador do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos¹³, se ben a partir da reforma deste en 1949, Fraguas pasa a ser “colaborador efectivo”, e ademais de bibliotecario desta institución exerceu tamén como xefe da sección de Etnografía e Folklore¹⁴. Tamén en 1946 comeza a ser recoñecido o seu labor fóra de Galicia, ao nomeamealo socio correspondente das seccións de Historia e de Pre-Historia na Asociação dos Arqueólogos Portugueses o 25 de xullo¹⁵, e así mesmo na sesión do 29 de outubro da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología¹⁶. Ademais, tras as etapas de paréntese por mor da “loita fratricida” e de “medo e silencio”¹⁷ nos inicios do citado Instituto Sarmiento, Fraguas instalouse en Lugo en 1950, onde se centrou no ensino e na investigación, tras aprobar a oposición a catedrático numerario do instituto de Xeografía e Historia e tomar posesión o 15 de maio¹⁸ e renunciar o 1 de novembro ao cargo de profesor adxunto de xeografía na Universidade de Santiago de Compostela¹⁹.

¹² A lectura do discurso de ingreso de Fraguas, *Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*, retrasouse ata o 8 de maio de 1956, e respondeulle, en nome da Real Academia Galega, Ramón Otero Pedrayo. Ambos os discursos poden lerse e descargarse a partir de 2016 dende o enlace <https://academia.gal/documents/10157/27090/Ant%C3%B3n+Fraguas+Fraguas.pdf>.

¹³ Creado con adscrición ao CSIC para cubrir o baleiro deixado polo desmantelamento do Seminario de Estudios Galegos por mor da guerra fratricida e para recuperar e catalogar os fondos patrimoniais do extinto e para proseguir o labor desenvolvido naquel.

¹⁴ E nas décadas seguintes foi nomeado secretario (segundo anima o ministro de Educación y Ciencia, José L. Villar Palasí o 5 de abril de 1973), ademais de ser comisario de distintas mostras e de colaborar na publicación seriada da propia institución, *Cuadernos de Estudios Galegos*, entre outros labores. Este labor proseguiu ata a súa xubilación como docente en 1976, se ben seguiu a colaborar sobre todo na citada sección “Etnografía e Folklore” canda o seu amigo Xaquín Lorenzo Fernández.

¹⁵ Como reproduce Clodio González Pérez (2006: 71).

¹⁶ Segundo recupera Clodio González Pérez (2006: 71-72).

¹⁷ Detalladas por Clodio González Pérez (2006: 62-72).

¹⁸ Se ben o nomeamento oficial databa do 15 de abril.

¹⁹ A través dun comunicado dirixido ao decano da facultade de Filosofía e Letras, no que lle refire que ten que ausentarse da cidade compostelá “para desempeñar outro cargo fuera de la Provincia” (como reproduce Clodio González Pérez, 2006: 62-72).

A primeira farsa en verso recompilada e descrita, “Farsas de Carnaval en Touro (Coruña)” (1951), é unha boa mostra de que “la descripción etnográfica presenta tres rasgos característicos: es interpretativa, lo que interpreta es el flujo del discurso social y la interpretación consiste en tratar de rescatar ‘lo dicho’ en ese discurso de sus ocasiones precederas y fijarlo en términos susceptibles de consulta” (Geertz, 2003: 32).

Fraguas sitúa a localidade de Touro, resalta que as súas xentes “son entusiastas de las romerías y fiestas tradicionales de la comarca” (Fraguas, 1951: [431]), entre elas o Entroido, da que incide en que a representación varía duns pobos a outros, sobre todo na rivalidade dos mozos cos doutras aldeas e na diversidade de máscaras (*Correos, Altos e Parrandas*) das que salienta a súa orixe prehistórica e a alusión predominante aos mouros e ás guerras carlistas. Detense en precisar polo miúdo a activa participación da veciñanza das distintas parroquias, con roles e vestimentas variados, e en establecer o itinerario de desenvolvemento da festa de celebración do Entroido, cun percorrido polo correspondente pobo e o posterior regreso a un lugar concreto de xuntanza co público e co acompañamento musical, onde o frade pronuncia un sermón²⁰ adoutrinador dirixido ás mulleres novas para previlas fronte aos pecados.

Tras rematar a parte introdutoria co exemplo da festa do Entroido na parroquia de Loxo, que encomeza o domingo coa reunión das máscaras no local da escola e a saída ao campo acompañada por un diálogo no que se alude ao destronamento do Rei de Italia seguida de vivas²¹, insírese o apartado “Las farsas” (Fraguas, 1951: 435-439) onde ofrece unha tipoloxía delas: “una representación curiosa” (Fraguas, 1951: 435), como cualifica a farsa de casamento, cuxa estrutura e desenvolvemento examina polo miúdo; e a farsa da matanza do porco, que exemplifica no apartado “FARSA DA

²⁰ “que es un recital en verso censurando las faltas, principalmente de las mujeres. La copla tiene la gracia de la picaresca más o menos velada, y en su ofrecimiento de confesor reclama se le informe de todos los pecados, llamando la atención de las más jóvenes, a quienes confesará con preferencia” (Fraguas, 1951: 434).

²¹ Dos que aclara (Fraguas, 1951: 435) que “proporcionan dinero para la fiesta, que viene a incrementar los fondos de recaudación y, a su vez, reúnen nuevas cantidades el marres al hacer un recorrido por la parroquia para que los vean las personas mayores”.

MATANZA”²² coa celebrada en Loxo²³, tras explicar en que consiste a faena da matanza e o labor do matarife, ao tempo que recolle e explica o significado de expresións léxicas empregadas habitualmente para referirse ao seu traballo durante o día da matanza. Sorprende que non atenda nin recompile versos sobre os seguintes días da xeira da matanza, se ben a razón estriba probablemente en que a farsa de Loxo, que transcribe a modo de exemplo, non parodia os días sucesivos. Os elementos parodiados son a aparencia do porco (“roñón y barrigudo” e “hecho de paja y con un petardo dentro de la panza”, Fraguas, 1951: 439), a linguaxe empregada polo matrimonio Goros e Antonia mentres guían o porco ata o campo, e a comicidade e o absurdo de que, despois de que estrala a “bomba” (Fraguas, 1951: 441), Antonia persigue o seu marido para romper nel o mallo dos carros.

En 1953 viu a luz a segunda achega de Fraguas sobre as farsas: “Notas sobre el fuego en Galicia. La farsa ‘Dulcinea’ o la quema de la Pascua”. Desta volta a parte introdutoria céntrase no significado do lume, ao fío da máxima de apertura: “El fuego despierta en todas las conciencias el amor y el temor” (Fraguas, 1953: [401]). O homenaxeado no Día das Letras Galegas 2019 detense nos microespazos vencellados ao lume, entendido este como recurso útil: en primeiro lugar, a cociña, “la pieza más importante de la casa” (Fraguas, 1953: [401]) no rural galego e o lugar para as tertulias, de aí que existan verbos e expresións léxicas referidas ao lume (vivir, morrer, atender o lume, Fraguas, 1953: 402), aínda que “el fuego más solemne del hogar es el de la noche de Navidad” (Fraguas, 1953: 402); e en segundo lugar, xa fóra do espazo da casa, refire que o lume dos fachos e dos “encendedores primitivos” (Fraguas, 1953: 403), coñecidos como chisqueiros (ou outras variantes lexicais), serviu de modo de orientación ao viaxeiro por mar e por terra. Sinala que o lume tamén se asocia ao perigo (un incendio nun poboado ou unha explosión nunha canteira, Fraguas, 1953: 403) aínda que conta así mesmo cun uso de defensa fronte a “animales dañinos” (Fraguas, 1953: 403),

²² Dos que aclara (Fraguas, 1951: 435) que “proporcionan dinero para la fiesta, que viene a incrementar los fondos de recaudación y, a su vez, reúnen nuevas cantidades el marres al hacer un recorrido por la parroquia para que los vean las personas mayores”.

²³ Que como precisa o propio Fraguas na nota a rodapé 3, na páxina 441, reproduce o que lle contou a informante Amparo Tojo, da propia parroquia de Loxo, e así mesmo as “notas” que lle facilitou a Fraguas o seu amigo José Ogando, mestre de Calvos, á hora de preparar este estudo.

se ben o que posúe “mayor estima” (Fraguas, 1953: 403) é o que bendice o sacerdote a noite do Sábado Santo na porta da igrexa, mais tamén se emprega para espaxear os tronos (co correspondente son das campás para alertar), como elemento clave na festa do magosto (celebrada a véspera da festa do Corpus), e como recurso “contra el espíritu del mal” (Fraguas, 1953: 405) ou nas candeas que lle acenden aos mortos nos cemiterios no día de Defuntos ou mesmo no lume procedente do máis alá a través da *Raposa de Morraza*. Para pechar o introito Fraguas alude á vinculación da luz e das fogueiras coa morte, xa na Visión e na Santa Compañía xa na crenza popular sobre a escasa luz ou o feito de que se apaguen os cirios “que rodean el túmulo en un funeral” (Fraguas, 1953: 406) xa na salvagarda de tesouros ocultos (caso da trabe de ouro), antes de recompilar dúas tradicións referidas á morte de San Andrés e á marcha do cuco²⁴, deterse na queima das figuras do Entroido e da Coresma e explicar o significado da farsa da queima da Pascua, denominada *Dulcinea* na parroquia lucense de Meda. A citada farsa (Fraguas, 1953: 408-415) en verso encomeza cun “Atestado de la Pascua”, no que se refire que Dulcinea (Fraguas, 1953: 408) “llevó mala vida / desde los catorce años”, “la carrera le agradaba” ao galán que a rondaba, casou grazas ás súas “zalamerías” e “mientras él viajaba / tenía miedo solita/ y creo que aprovechaba”, despois da morte do marido entrou a servir e “hacía buena criada / pues no tardó mucho tiempo / en hacer las veces de ama”, “se peleó con el ama” antes de irse e ademais “ha traído / a plaga do escarabajo”. O nudo da farsa desenvólvese a través dos parlamentos do “primer testigo, en contra”, do “segundo testigo, en favor”, do intercambio de opinións entre “el juez” e un “testigo”, do parlamento do “tercer testigo, en contra”, e do “diálogo de los abogados” acusador e defensor, interrompidos por “el presidente” e “el fiscal”; e o desenlace exprésase na sentenza do xuíz, o testamento a cargo do notario e a intervención final do Presidente dirixíndose ao auditorio, e recomendándolle ás mozas casadeiras (Fraguas, 1953: 415): “si no os gusta el novio / no lo debéis aceptar”, “tampoco consentiréis / que os casen por interés” e “porque os pintéis mucho / y enseñéis mucho las piernas, / corréis más pronto el peligro / de que os quedéis solteras”.

²⁴ Das que lle informou unha muller que acudira á romaría do santuario de San Andrés de Teixido.

A terceira farsa tamén en verso, recompilada e descrita, “La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)”, principia cunha rotunda máxima de historiador e etnógrafo (Fraguas, 1956: 162): “hay necesidad de recogerlas [en referencia ás farsas] antes de que desaparezcan totalmente y no quede más que una vaga referencia de lo que fueron”, previa á transcripción da citada farsa, celebrada cada dous ou catro anos o Domingo de Entroido. A diferenza das farsas precedentes, esta transcorre en “una gran agra, de suaves desniveles” (Fraguas, 1956: 162), aparece no corpo do estudo (non en nota a rodapé como acontece na primeira farsa) o agradecemento ao avogado Armando Losada (quen lle facilita anotacións sobre os oficios representados na festa); resalta a presenza do “elemento tradicional” da “máscara deforme” dun “cabezudo” así como de dúas *madamitas*, dunha máscara vestida con traxe de peregrino (Fraguas, 1956: 163) para destacar por vez primeira nas farsas recompiladas e descritas a importancia do Camiño de Santiago e da figura cómica do Entroido presidindo a festa. E aseméllase as farsas anteriores en que o público asistente á festa está conformado por xente de distintas idades e das parroquias veciñas, e en manter o recurso do testamento, se ben a comicidade e o absurdo residen en que testa o señor Entroido, e en que a fórmula de exposición parodia a disposición dun “testamento corrente” na primeira parte, coa finalidade que aclara o propio homenaxeado en 2019: “eso le da más gracia a la parte dispositiva de los legados” (Fraguas, 1956: 164). Como nas farsas anteriores, os bens legados van destinados en principio a mozas casadeiras (neste caso dos municipios lucenses de Antas de Ulla e de Monterroso) mais, ao enumerar os bens e as destinatarias, obsérvanse idades variadas nas mulleres casadeiras (xa que na terceira estrofa apunta “y así se casarán todas / hasta las viejas sin dientes”, Fraguas, 1956: 165) e ofrécense distintos cualificativos para referirse ás mulleres das distintas localidades e en función deles outórgalles os bens no testamento²⁵.

²⁵ Sirvan como exemplos (Fraguas, 1956: 165) parte dos bens legados na estrofa oitava ás de San Mamed e Cibreiro: “200 cabras con sarna, / éstas sí, quedaban bien, / si la sarna les pasara”, parte dos testados a favor das mulleres de Castro de Amarante “también deja a éstas / por ser muy presumidas / 30 cajones de tabaco / y otros tantos de cerillas” e o legado de “30 olas de aguardiente” tanto para as de Alvidrón e San Martiño coma para as de Outeiriño e Mancegar co irónico apunte de que “para que se emborrachen todas / aguardiente ha de llegar”.

Pola súa banda, a cuarta e última das achegas, “Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla”, principia cun parágrafo no que Fraguas (1963: 233) destaca a variedade de manifestacións e de formas da “arte de la farandula” e resalta que “constituye número obligado en la fiesta y se presencia como viejo rito de ceremoniosos decires” e que “personajes y escena tienen siempre una cadencia misteriosa”. Fraguas (1963: 233), como na terceira farsa, describe a localidade onde se representa a farsa e as variantes ou formas da tipoloxía da festa da “corrida del gallo” (Fraguas, 1963: 233-234), que se celebra durante a Pascua na localidade de Ribadulla e representa (Fraguas, 1963: 234) “el juicio contra un gallo, picudo y atrevido, que ha cometido faltas de carácter grave en las casas de vecindad, corrales y sembrados ajenos” e o feito de que unha *Madrina* consiga o indulto do reo condenado a pena capital. Como en farsas xa comentadas, os actores son os mozos da localidade, o escenario está situado ao aire libre e dáse unha alternancia entre os cadros da representación da farsa e pezas musicadas pola banda. A comicidade reside na vestimenta do galo (delincuente *Calavera Don Gallo*), nas súas fuxidas dunha parella da garda civil e no seu xovial cacarexar; no papel do defensor (denominado *Padrino*) e do celador alguacil²⁶; e na testemuña de dous cegos, Don Nitsuga Yer de 3620 anos e Don Casimiro Casinove de 620, pese á imposibilidade física de ver o que declaran ter visto. A farsa principia coa lectura do parte polo alguacil, segue cos discursos alternos do Fiscal e do *Padrino*, e no segundo acto descóbrese que, ademais das falcatuadas e roubos cometidos, o galo matou a quen o detivera no primeiro acto, Don Pino Carnaval. Tras a sentenza e a petición de clemencia por parte do *Padrino*, o galo fai testamento legando nel “las plumas a las mozas de aquellas localidades” (Fraguas, 2006: 239) e a farsa péchase coa *Madrina* liberando ao galo, tras conseguir o seu indulto, e co fiscal emplazando aos veciños á festa do ano próximo.

En suma, as achegas de Fraguas comentadas mostran a súa condición de etnógrafo mais cunha ollada máis ampla, en canto a temática e a elementos do folclore que recompila e describe coa intención de ser voceiro da xente galega, por ser esta protagonista directa, testemuña e/ou informante de vivencias e actividades de lecer que estruturan o almanaque de cadaquén, e

²⁶ Quen leva e le o parte e despois búrtese da ignorancia do xuíz, quen non entende o parte por estar escrito en galego.

coa finalidade de contribuír a (re)valorizar o patrimonio inmaterial de noso e de salvagardar a memoria do pobo e, por tanto, a cultura galega.

O labor desenvolvido por Antonio Fraguas Fraguas nas catro achegas reflicte, por unha banda, un traballo de campo consistente na localización de festas culturais e de xente que a coñece ou participa nela (non precisa se busca en primeiro termo a festa concreta e despois a informante da mesma, ou á inversa); e unha fase posterior do etnógrafo investigador na que, unha vez recompilada e transcrita a farsa, se documenta e anota información sobre o significado e tipoloxía da mesma e así mesmo sobre os personaxes, lugares, situacións, temáticas, comicidade, absurdo e parodia plasmados en cada farsa; e finalmente elabora un discurso textual sobre a farsa concreta, no que describe os seus trazos característicos, e tamén insire a transcripción da propia farsa en verso.

M. F. -V.
(CRPIH/USC/UVigo)

Bibliografía

- Equipo Glifo (1998, 2003): *Diccionario de termos literarios*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia. Vol. I (A-D), vol. II (E-H).
- _____ (2006, cont. de Equipo Glifo 1998, 2003): *Diccionario de termos literarios*. Dispoñible en <http://www.cirp.gal/pls/bal2/f?p=106:50:12382446154128193274>.
- Equipo Glifo (2012): “Farsa”, en *Diccionario de termos literarios*. Dispoñible en http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=106:2:::NO:2:P2_TERMINO:farsa.
- Eiras Roel, A. (2006): “O profesor Antonio Fraguas e as súas achegas á historiografía galega do século XX”, en García Martínez, Carlos, María-Xosé Fernández Cerviño e Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999). Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 28 de decembro de 2006, pp. 119-145.
- Fraguas Fraguas, A. (1951): “Farsas de Carnaval en Touro (Coruña)”, *Cuadernos de estudios gallegos*, t. 6, pp. 431-441.

- _____ (1953): “Notas sobre el fuego en Galicia. La farsa ‘Dulcinea’ o la quema de la Pascua”, en *Zephyrus. Revista de Prehistoria y Arqueología*, t. 4. Salamanca: Universidad de Salamanca. Disponible en <http://revistas.usal.es/index.php/0514-7336/article/view/2542/2585>.
- _____ (1956), “La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)”, en *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, t. XXVII, pp. 162-166.
- _____ (1963), “Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla”, en VV.AA., *Actas do 1º Congreso de Etnografía e folclore: promovido pela Câmara Municipal de Braga, (de 22 a 25 de Junho de 1956)*. Lisboa: Junta da Acção Social, vol. II, pp. 233-239.
- García Martínez, C., M.-X. Fernández Cerviño e X.-M. González Reboredo (eds., 2006): *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999). Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*, documentación David Conde Lourido, Rosa M^a Méndez García e Belén Sáenz-Chas Díaz, trad. e normalización lingüística Xosé-Ramón Fandiño Veiga e Alexandra S. García Pose. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 28 de decembro de 2006.
- Geertz, C. (2003): *La interpretación de las culturas*, trad. Alberto L. Bixio, revisión técnica Carlos Julio Reynoso, ilust. capa Óscar Noguera, Barcelona: Editorial Gedisa, col. Antropología y Etnografía, serie CLA-DE-MA Antropología, duodécima reimposición. Disponible en <https://antroporecursos.files.wordpress.com/2009/03/geertz-c-1973-la-interpretacion-de-las-culturas.pdf>.
- González Pérez, C. (2006): “Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra”, en García Martínez, Carlos, María-Xosé Fernández Cerviño e Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999). Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 24-89.
- _____ (1998): *Antonio Fraguas Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*. Vigo: Ir Indo. Col. Galegos na Historia, 11. 11 novembro 1998.
- González-Reboredo, X. M.(1997): “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino*, Santiago de Compostela, nº 17, pp. 13-34.

- _____ (2006): “O etnógrafo Antonio Fraguas”, en Carlos García Martínez, María-Xosé Fernández Cerviño e Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999). Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 90-118.
- Guerrero Zamora, J. (1962): *Historia del Teatro Contemporáneo*. Barcelona: Juan Flors Editor, vol. II.
- Iglesias Santos, M. (1995): “Valle Inclán, la farsa y el teatro de vanguardia europeo”, en Manuel Aznar Soler e Juan Rodríguez (eds.), *Valle-Inclán y su obra: actas del Primer Congreso Internacional sobre Valle-Inclán (Bellaterra, del 16 al 20 de noviembre de 1992)*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona. Cop d'idees. Taller d'Investigacions Valleinclanians, pp. 539-551.
- Precedo Lafuente, M. X. (2006): “A relixiosidade de don Antonio Fraguas”, en Carlos García Martínez, María-Xosé Fernández Cerviño e Xosé-Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999). Un home que traballou sempre por e pra Galicia. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 246-255.

Antón Fraguas: da alborada da república ao franquismo, en terras de Cotobade

XOSÉ FORTES

Aínda que as nosas vidas sucaron derrotas moi diferentes, un par de cruzamentos abundaron para coñecernos: O *Ciclo de conferencias* organizado con motivo do cento cincuenta aniversario do Instituto de Pontevedra e a homenaxe que con motivo do seu nomeamento como *Fillo predilecto* lle rendeu o concello de Cotobade.

Cando nos reunimos (Fraguas, Filgueira e mais eu) para repartir cronoloxicamente os tres relatorios, puideron comprobar a súa bonhomía. Abondoume con observar a empatía e cara de preocupación cando me preguntou como de mal o pasáramos, a miña familia e mais eu, naqueles axitados tempos do fin do franquismo e comezos da Transición, hoxe tan esquecidos, ou denostados, como se a Transición tivera sido un agasallo de non sei que deuses.

Ouvíndoos falar aos dous, a Filgueira e mais a el, un decatábase axiña do seu paralelismo. A mesma paixón galeguista, a mesma fonda relixiosidade, e a mesma actitude vital de bonhomía, unha bonhomía sosegada, lonxe de calquera indicio de temeridade. A única diferenza entre os dous era que Fraguas carecía de ambición e parecía rexeitar todo protagonismo político.

A paixón con que nos contou Fraguas os seus anos de alumno foi en parte a que me levou a aceptar o encargo de Andrés Vilán, daquela director do Valle-Inclán, de coordinar unha publicación que editaría a Deputación e levaría por título *O Instituto de Pontevedra: Século e medio de historia*.

Eu sabía de Fraguas por múltiples artigos e traballos históricos e antropolóxicos, moitos deles de xeografía cotobadesa, pero tamén por certa veciñanza. Os dous eramos, como diría don Salustiano, do canón de pau. Eramos tamén descendentes de emigrantes. Seu pai e meu avó, Xosé Bouzán, traballaron na Serra de Santos, no ferrocarril que uniría o porto de Santos con São Paulo. Ademais, as nosas familias compartiran durante séculos monte comunal, o Caveiro, a súa pola banda sur e a miña pola norte, e mesma cota vacún na *Coutada*, un circundado que pertencía á fábrica da

Igrexa de Loureiro, utilizada polos comuneiros como pasteiro nos meses de xaneiro e agosto.

Uníanos a máis unha singular coincidencia, os dous naceramos no mesmo día, 28 de decembro, aínda que el vinte e nove anos antes, podendo deste xeito arramplar con toda a fe e seráfica bondade dos inocentes, deixándome a min sen a habitual cota de “gracia”, polo que tiven que ir vivindo nun sosegado agnosticismo de profundas raíces epicúreas. Ao fondo, sempre os clásicos.

Puiden aproximarme máis a súa persoa e obra, así como á e de outros ilustres cotobadeses coetáneos como Salustiano Portela Pazos, Saturnino Cuiñas, Julio Lois, José García Vidal (Pepe da Braña) ou Francisco Cerviño, con motivo da investigación realizada para escribir *Terra de Cotobade*, un libro que estou seguro lle houbera gustado ler a Antón Fraguas. Pero, sobre todo, puiden comprender o contexto no que lle tocou vivir, o Cotobade da Restauración á Transición, pasando pola Ditadura, República, Guerra Civil e Franquismo.

Non é fácil imaxinar, nestes tempos de abandono do rural, nos que Cotobade vai camiño de incorporarse ao que Sergio del Molino chama *La España vacía*, a vitalidade agro-gandeira, social e cultural daqueles tempos. Os anos de escola, instituto e universidade de Fraguas foron anos de profundas transformacións, o chamado “progreso”, que daría nome ás principais rúas das cidades. En infraestruturas podíamos salientar a estrada a Pontevedra, que permitiría o enlace coa capital (primeiro en coche de mulas e, a partir do ano en que Fraguas remataba o bacharelato, no autobús de Emilio García), o tendido eléctrico dende as centrais do Lérez, que vai chegando a maioría das parroquias, a construción do balneario de San Xusto, e a apertura de comercios nas parroquias máis importantes, como Carballedo (Francisco Blanco e Cuiñas), e San Xurxo (E. Blanco e Juanes). Aínda que as novidades económicas máis importantes serían a chegada dos arados Ajuria, que permitiron ampliar a superficie das agras e aumentar os rendementos, e a influencia da Misión Biolóxica, que propiciaría a mellora dos abonos, e a selección de sementes e razas gandeiras.

Aínda así, a cara máis visible do progreso foi a chegada da moda, da man dos tecidos de algodón cataláns e das máquinas de coser Singer.

Xastres e costureiras cambiaron en apenas dúas décadas a maneira de vestir dos cotobadeses e, sobre todo, das cotobadesas.

No ámbito social o acontecemento máis importante da infancia e adolescencia de Fraguas sería o Agrarismo, a mobilización campesiña propiciada polas sociedades agrarias que van xurdindo en todas as parroquias, ao abeiro da loita *antiforal*. Sociedades que na república se converterían en “Casas del Pueblo”, de ideoloxía progresista e filiación política republicano-socialista.

No campo da política os cambios non foron menores. É a etapa de expansión do republicanismo e do socialismo que agromarían con esplendor na Segunda República.

O republicanismo era como un mar de fondo, de corte laicista, que tiña as súas raíces na emigración retornada. Pero o máis rechamante foi a extraordinaria expansión que tivo nestes anos en Cotobade a corrente socialista, que nos albores da República acadaba os sesenta militantes, máis da metade canteiros, e que na República se expande intensamente ao converterse as sociedades agrarias en “Casas del Pueblo”.

O peso da federación socialista cotobadesa pode comprobarse lendo a prensa da época ou as actas do Concello, e mesmo nunha publicación de 1938 (II año triunfal) malia o seu carácter franquista e nacional catolicista e a súa inquisitorial intencionalidade: *Galicia y el Movimiento nacional*, do cura Silva Ferreiro, que veu a luz na imprenta do Seminario de Santiago. Abonda con reproducir dous parágrafos:

Era Cotovad, en Pontevedra, una de las comarcas más trabajadas por las propagandas socialistas, como claramente lo indica el crecido número de sociedades Ugetistas que en ella encontraron fácil acogida y abonado terreno. “Sociedad de agricultores” de Caroy, “Alianza Agrícola Obrera” de Corredoira, “Agrupación Socialista Obrera” de Cotobad, “Oficios Varios y Profesiones de Cotobad”, daban, a fines ya del año 1935 al socialismo un contingente de más de 500 afiliados.

Esto unido a la plaga de revistas y lecturas socialistas- de la que parece era agente expendedor y propagandista Antonio Peleteiro, vecino de Aguasantas, presidente de la “Agrupación Socialista del

Término Municipal de Cotobad” y expresidente de la “Sociedad de Agricultores de Aguasantas” daba a la comarca un matiz marcadamente socialista, que era el distintivo de Cotobad en el orden societario

O nacionalismo, aínda que con menor forza social e capacidade organizativa vai reverdecendo naqueles anos, grazas ás Irmandades da Fala e ao labor do Seminario de Estudos Galegos, dando cor e sentimento nacional as agrupacións republicano-socialistas. Pero nos anos finais da Ditadura de Primo de Rivera, agroma como ideoloxía política e en 1931 como partido: o Partido Galeguista. O seu maior viveiro foi o estudantado, as Mocidades Galeguistas, e o seu estandarte a campaña pro Estatuto.

Neste contexto vai medrando Antón Fraguas. Nace en Insuela (Loureiro), de familia agrogandeira acomodada e con abundantes terras. O pai, Antonio Fraguas, emigrante, casara coa nai, Tareixa Fraguas, dos Fraguas de Maside (era prima irmá de Forges), cando viñera a pasar unha tempada a Loureiro. Comezou o periplo escolar na escola da Costa, na que era mestre seu tío Celestino, pero ao ano seguinte pasou á de Famelga, unha escola que había na feira rexentada por Antonio Castro, que sería o culpable (“o rapaz é moi listo”) de que o pai cambiara de parecer. En vez de pagarlle o billete ao Brasil, onde coidaba que atoparía un bo posto como ferroviario, decidiu pagarlle os estudos de bacharelato, que cursaría no Instituto de Pontevedra, con profesores como Castelao, Sobrino ou Losada Diéguez. Nos primeiros anos, e con bo tempo, facía as viaxes semanais á Boa Vila a pé, polo atallo de Borela. Xa de mozo, con pantalón longo e zapatos, viña a aldea menos a miúdo, e facíao no coche de liña de Emilio García.

Superado o bacharelato con boas notas o pai pagoulle os estudos na Universidade Compostelana para estudar *Filosofía y Letras*, incorporándose a aquela xeración universitaria fondamente marcada polo sentimento nacionalista.

Abonda con revisar na prensa da época a relación de matrículas de aqueles anos na Universidade Compostelana. Xunto a Fraguas, atopamos nomes como Filgueira, Sebastián González, Pura Lorenzana, Luís Bouza Brey, Ramón Martínez López, José María Castroviejo, Celestino Noya, Carballo Calero ou Lois Tobío (Premio extraordinario).

Obtén a licenciatura en 1928, ano no que aparece xa como membro do Seminario de Estudos Galegos, co que colabora intensamente, ao tempo que dá clases na Universidade. En 1932 casa con Tareixa Martínez Magariños, dunha familia afdalgada con pazo en Valga, a que coñecera en Lugo, e, o ano seguinte, acada a praza de profesor no instituto da Estrada.

Pero os veráns seguía a pasalos en Insuela, na casa natal. Segundo recordan os veciños, nunca abandonaba o seu caderno de notas, parándose a escoitar as coplas de mozas e os refráns dos vellos, axudándolle nesta tarefa un tío seu, Xosé Rodríguez (alcumado o Gaio), un personaxe singular que exercía de carpinteiro, latoeiro e músico na banda de A Lama, e o estudante Antonino Vidal Proenza, futuro mestre, represaliado polo franquismo. Desas notas irían saíndo o *Cantigueiro de Cotobade* e o resto dos traballos etnográficos referidos a Cotobade.

Como é ben sabido, tanto a vida de Fraguas como a dos membros da súa xeración víronse truncados polo golpe militar de 1936, que levaría por diante figuras destacadas da política e da cultura galega, deixando no anonimato social e político, ou no exilio, aos que conseguiron sobrevivir, despois de máis ou menos anos de cadea e perda de emprego. Nas recensións do “alzamento” na Estrada, onde exercía de profesor, constan humillacións públicas a Antón Fraguas, que tivo que fregar con sosa cáustica as pintadas en favor do Estatuto.

A travesía do deserto, que Fraguas fixo a bordo dun colexio privado, o Menéndez y Pelayo, foi máis ou menos longa segundo cada quen. A fase máis aguda durou no caso de Fraguas media ducia de anos, xa que en 1942 figura como docente da Universidade Compostelá, aínda que persistiría de xeito máis ou menos intenso ata 1950, ano en que consegue acadar unha cátedra no instituto de Lugo. Ao ano seguinte conseguiría o doutoramento na Universidade de Madrid, cunha tese titulada *El Colegio de Fonseca*. Ese mesmo ano sería escollido membro da Real Academia Galega, ocupando a cadeira vacante de Castelao, e pouco despois (1959) a cátedra do Instituto Rosalía Castro, de Santiago, onde permanecería ata a xubilación en 1975.

A partir da súa xubilación, que coincide coa morte de Franco, mentres se esforzaba en sacar adiante o Museo do Pobo Galego, que dirixiría varios

anos, comezaron a chegar as honras, como o *Pedrón de Ouro* en 1984, ou o *Premio Trasalba* en 1985. En 1992, quinto centenario do Descubrimento, a mais dos premios *Castelao* e *Otero Pedrayo*, sería nomeado *Cronista Oficial de Galicia*. Nos últimos anos recibe outras distincións, como o *Premio de las Artes y las Letras de Galicia* (1995), e dúas de carácter social: a do concello de Cotobade, que o nomea *Fillo Predilecto*, e a do concello de adopción, Santiago de Compostela, que o nomearía *Fillo Adoptivo* (1989).

A min gustaríame rematar esta lembranza de Antón Fraguas destacando unha faceta pouco coñecida que podería axudar a contextualizar o seu periplo vital: o seu labor na expansión da corrente galeguista en Cotobade. Porque Fraguas foi mestre e estandarte das mocidades galeguistas cotobadesas naqueles anos de *dictablanda* e de República, mocidades que tiveron como capitán a un mozo de Carballedo, por aqueles anos estudante de dereito: Xaime Vidal Rey, amigo e discípulo predilecto de Fraguas.

Xaime Vidal era fillo dun indiano rico, Francisco Vidal, da Casa da Lomba (Carballedo), que votara a maior parte da súa vida no Brasil, onde deixou media familia e varias mostras da súa mestría como arquitecto, como o extraordinario edificio do colexio Ancheta, en Nova Friburgo. A abondosa documentación da Casa da Lomba, á parte de proporcionarnos datos moi valiosos sobre o Cotobade dos anos vinte e trinta, permitíume situar e analizar a traxectoria trágica deste mozo galeguista, amigo íntimo de Antón Fraguas, aínda que algo máis novo (dez anos) e moito máis botado para diante.

Nun artigo publicado en *Faro de Vigo* o 7 de maio de 1988, trazaba Fraguas a semblanza deste seu amigo, estudante de dereito na facultade compostelá nos primeiros anos da República:

Xaime Vidal Rey foi un cotobadés natural de Carballedo, do lugar da Lomba. Foi meu amigo dende que chegou a Santiago. Leveino o Serminario de Estudos Galegos, refuxio da nosas inxedanzas. Un día baixo os soportais do Concello, falando dos tres Santiagos de Cotobade, pasou o noso lado Arturo Cuadrado e doume un exemplar de *Resol*, subtitulada “hojilla volandera del pueblo”, un periódico de poucas páxinas, moi literario e que saía cando lles parecía. Marchou Cuadrado e Xaime Vidal Rey tendo na man e botándolle unha ollada ó *Resol* dixo: E que che parece se fixéramos en Cotobade un periódico como este [...], chamarase

“La Voz de Cotobad” e será defensor de Cotobade e das terras que o circundan, sae o 12 de xullo de 1936, foi o primeiro e único número. Xaime, preocupado por Cotobade, tiña impresos sobres falando das delicias da nosa xurisdición cotobadesa

Conta tamén Fraguas o dilema de Xaime para nomear director:

Baraxamos nomes entre os máis destacados, figuraban Xulio Lois e Xosé Pumar, casado cunha irmán de Xaime. Por ser Xulio do corpo xudicial, decidimos nomear a Pumar [...] Todo estaba listo, pero o director non quixo semellante cárego, colleulle medo, como se o noso quincenal fora poñerse en competencia con calquer rotativo de Madrid ou Barcelona. En tal apuro, Xaime veu a Loureiro, que era o día da festa de Santa Isabel, primeiro domingo de xulio (aquele ano caeu no día cinco), e díxome que tiña que ser eu o director, firmei o escrito que traía preparado e así estou eu dirixindo o noso periódico que sae o 12 de xulio de 1936.

Non sabemos que trabas atopou Xaime para o nomeamento, porque o caso é que na cabeceira só figuran: Redactor-Jefe: Xaime Vidal-Carballedo, e Administrador: Germán Pichel Bouzas-Viascón.

Pola documentación daqueles anos podemos seguir a traxectoria deste discípulo de Antón Fraguas, líder do nacionalismo galego en Cotobade e significado militante en Santiago. Á marxe de ser o editor e redactor xefe de *La Voz de Cotobad*, Xaime levou a cabo unha intensa actividade nacionalista, aparecendo dende moi novo en varias fotografías do Seminario de Estudos Galegos daqueles anos, e participando en múltiples actos das mocidades galeguistas en Galicia, e mesmo en Portugal. Na campaña Pro-Estatuto pronunciaría, a mais doutros mitins, unha conferencia emitida por Unión Radio.

Xaime Vidal é tamén o autor, editor e primeiro asinante dunha folla voandeira subscrita por unha ducia de cotobadeses e titulada: “Aos mozos de Cotobade. Para que loiten pola redención da Terra asoballada”. Comeza deste xeito:

Galicia é a nosa Patria. Galicia é unha nación pol-a sua historia, pol-a sua xeografía, pol-a sua literatura, pol-a sua fala, pol-os seus cantos e pol-os seus bailes. Galicia en fin, é a Terra dos nosos traballos e das nosas angurias, da nosa ledicia e da nosa tristeza.

Segue unha dura crítica o Estado Centralista e unha confesión de idealizado nacionalismo que remata con dous vivas: “¡Viva a mocidade nacionalista de Carballedo!”, “¡Viva Galicia ceibe!”.

Entre os doce asinantes, dos que cinco son estudantes, figura un representante de cada oficio (albanel, carpinteiro, zapateiro, xastre, ferreiro, mecánico e panadeiro), excepto canteiro, profesión daquela copada polos socialistas.

Un dos exemplares que atopamos desta folla está dedicado, con dedicatoria escrita a máquina e firmada, “Ó meu querido amigo e irmán na loita po-la redención da terra vilmente asoballada. Con fonda admiración”. Amigo e irmán que non parece ser outro que o seu mestre Antón Fraguas.

A min este Xaime Vidal recórdame o perfil de moitos mozos nacionalistas daquela xeración, que medraron coa ilusión de cambiar o mundo, e viron como o mundo cambiaba pero a peor, a raíz da reencarnación de Atila o 18 de Xullo de 1936.

A maioría daqueles mozos ou menos mozos, universitarios ou mestres, comprometidos co nacionalismo galego (e penso en Pepe da Braña, que tería a coraxe de declarar como testemuña da defensa no Consello de Guerra de Bóveda, en Francisco Cerviño, en Antonino Vidal, en José María Cobas, en Darío Moreira, en Santiago Casado, que nos deixou unha carta que aínda hoxe nos fai estremecer, ademais de Fraguas e Xaime Vidal), pasaron o seu calvario para lograr sobrevivir, que non foi tarefa doada naqueles primeiros meses de barbarie e terror.

Fraguas remata o seu artigo en *Faro de Vigo* sobre Xaime Vidal con esta simple frase. “Morreo na guerra civil”. É verdade, pero non toda a verdade.

Todo parece indicar que Xaime se afiliou como *requete*, alistándose voluntario e marchando á fronte, nun intento de fuxir dos “paseos” e consellos de guerra daqueles primeiros meses e salvar a vida. Nunha nota da súa folla de servicios faise constar o seguinte: “No incorporado” (ao reximientto de artillería de Pontevedra, o 15 Liger) “por hallarse prestando servicios de 1ª línea en el frente con la Milicia Nacional Requeté”.

Algúns destes mozos, e penso en Xaime Vidal, pero tamén en moitos outros, como o propio Cunqueiro, despois de múltiples peripecias para salvar a vida, remataron enxertando aquela ilusión rexeracionista, xurdida nas ubres do nacionalismo galego, na rama cultural daquela Falanxe, o nacionalismo utópico español, que abandeiraba Ridruejo, soñando dalgún xeito con facer a revolución dende arriba.

Xaime Vidal morrería na guerra pouco antes de rematar, o 2 de febreiro de 1939, en Córdoba (“Sierra Patuda”), pero morreu sendo “tenente provisional”, é dicir, case á cabeza da escaleira dos *provisionais*, pois a inmensa maioría deles acabaron a guerra de alféreces, e en posesión da Medalla Militar individual, a maior condecoración militar, despois da Laureada, concedida pola heroica acción de Montes Torozos. Nas recensións fúnebres da prensa figura como militante de Falanxe.

No artigo de Fraguas, ademais dun recordo agarimoso do vello amigo, latexa a admiración por aquel rapaz valente e botado para diante, o que iniciara no galeguismo e levara ao Seminario de Estudos Galegos, que alporizara con soños nacionalistas a xuventude cotobadesa, e que remataría escribindo unha páxina heroica nas filas do chamado ¡Bando Nacional!, dándolle unha nova dimensión a traxedia do “Alzamento”.

Ben seguro que a Fraguas non lle desgustara esta lembranza ao seu amigo na súa peaña.

X. F.

O meu querido amigo e irmán na loita pol-a redención de terra vilmente asoballada. Con fonda admiración

Xaime Vidal Rei

Aos Mozos de Cotobade

Pra que loiten
pol-a redención
da Terra asoballada

GALICIA é a nosa Patria. Unha Patria fermosa e rica, onde morreron os nosos abós e onde naceron os nosos pais.

Galicía é unha nación pol-a súa historia, pol-a súa xeografía, pol-a súa literatura, pol-a súa fala, pol-os seus cantos e pol-os seus bailes. Galicía en fin, é a Terra dos nosos traballos e das nosas augurias, dá nosa ledicia e da nosa tristeza.

Mais Galicía —diferente en todo dos demais pobos de España— pertence a un Estado Centralista e Unitario, que dende Madrid a estrucha e a aniquila, pra favorecer a isas outros pobos de intereses opostos aos seus. Galicía non existe pra o Estado hespañol. E existen apenas catro provincias cós seus organismos ben vencellados ao Poder Central. E non ten unha alma recoñecida oficialmente, non téñ voz, nin brazos, nin pernas, non téñ máis que un estómago valeiro, uns ollos pra chorar e unhas costas pra levar golpes.

Por eso a nosa Patria que é rica de por sí, atura fame e miseria; sofre golpes e ataques riseñadamente sin se poder en pé cos puños pechos pra se defender.

E así permiten que se aproben os Tratados co Uruguay e coa Arxentina, que matan a nosa riqueza gandeira; e conste que se paralicen as obras dos nosos ferrocarrís; e que a Misión Biolóxica, desapareza por falla de medios; e que as leises fiscales fundan aos pequenos labregos con impostos imposibles; e que o caciquismo impere por todo o país; e que a política arancelaria por protexer

a outras terras, alogue a nosa; e que a fame auténtica e verdadeira irrumpa nos fogares, falto deles o xiro dá América que era outrora salvación e recurso; e que os cartos que nós pagamos de impostos e contribucións vaian en feixes a Madrid pra ser invertidos noutras latitudes.

RAPAZAS E RAPACES DE COTOBADE, si Galicía fora dona de sí, si a nosa Terra se gobernase de seu sin señoritos de fora que agora a andan a explotar; si a nosa Nación fose autónoma pra poder falar na súa lingua e resolver os seus problemas, Galicía sería o país mais ledreiro e rico do mundo.

Velahí porque un grupo de mozos da mocidade nacionalista de Carballedo vos fai iste chamado.

Pra que vos poñades en pé coma un solo home e, no corazón o fito da liberdade, berredes unánimes pol-a redención galega e xuntas pernas e brazos e puños pra pegar e pra ferir a que nos intentan matarnos a fame. Pra que vos unades nista campaña que propende a facer de Galicía unha Patria nova e feliz.

Mais a nosa política non se conquira con choros nin lamentacións.

E preciso que os mozos galegos sexan homes. Que deixen de ser conformistas e se troquen en ergueitos rebeldes. Que deixen de ser ovelhas lanudas e se fagan lobos. Que lles nazcan garras nos dedos e colmillos nas encías, pra abofetear ao cacique; pra queimar de punta a punta da terra todo o podre e enlamado que hoxe nos manca; pra alumar con fervor revolucionario o porvir do noso pobo.

RAPAZAS DE COTOBADE, bellidas é alegres, coma o verdor sempiterno dos nosos campos, vinde cabo de nós pra sumar o voso esforzo auténtico de galeguidade, ao esforzo inmorredoiro da liberdá da Patria.

Mozos de Cotobade, todos a unha, empeñados en todol-os sacrificios e en todal-as batallas pol-a salvación da nosa Terra:

¡Viva a mocidade nacionalista de Carballedo!

¡Viva Galicía ceibel

XAIME VIDAL REI, *Estudante de Dereito*
XOSE BARROS LOIS, *Panadeiro*.
XOSE XESTEIRA, *Carpinteiro*.
MANOEL CABALEIRO, *Xastre*.
MIGUEL NOGUEIRA, *Mecánico*.
MANOEL POUZADA, *Zapateiro*.
VICTOR GONZALEZ LOIS, *Escolante*.
FRANCISCO FORTES CERVIÑO, *Estudante Bachillerato*.
AUGUSTO GONZALEZ, *Estudante Bachillerato*.
LINO NEGRO, *Albañil*.
XOSE FILLOI ALONSO, *Ferreiro*.
MANOEL ADAN, *Estudante Bachillerato*.


Carballedo de Cotobade, 1935.

Imp. La Iberica - Franco, 12. Santiago

Aos mozos de Cotobade - 1935



Jaime-Lomba



Jaime Vidal Rey

Os exvotos de dous carlistas composteláns no santuario da Escravitude

XOSÉ FUENTES ALENDE

Sumámonos con grande gozo a esta miscelánea de opúsculos que merecidamente se lle dedica ao profesor na aula e ao mestre na vida que foi o decote lembrado don Antonio Fraguas. E facémolo referíndonos a un tema que non lle foi alleo, aínda que sexa presentando só dous cadros exvotos dos numerosos aínda conservados en Galicia, malia que nunhas condicións pouco recomendables. Pois de todos é sabido que, dunha parte, don Antonio é o autor do breve pero documentado e condensado ítem “Exvoto” na primixenia edición da *Gran Enciclopedia Gallega* (F. F., A., 1974) e, doutra, que era un profundo coñecedor da relixiosidade popular galega, saber este compendiado no libro que lle dedicou ás nosas romarías (Fraguas, 1988), onde, como non podía ser doutra maneira, ten cabida un cumprido artigo sobre o santuario da Nosa Señora da Escravitude (Padrón), no que narra a súa historia, dende a salvación de morrer debaixo dunha árbore o crego Xoán Pérez Mondragón, que mandou por iso poñer unha imaxe da Virxe na fonte, na que en 1732 bebería o tolleito e hidrópico do Salnés e resultou curado, ata a construción da igrexa cos seus retablos, aludindo aos “agradecementos en forma pictórica que os curados fan á Virxe”. Engadamos ao que antecede que os dous cadros foron ofrecidos por senllas familias distinguidas no século XIX en Santiago de Compostela, cidade á que don Antonio se sentiu vinculado dende a súa mocidade e coa que estivo plenamente identificado.

Da serie de cincuenta e cinco exvotos pintados ou cadros votivos que se custodian no santuario padronés, que comeza coa representación da referida curación de 1732 para continuar co conxunto decimonónico que vai de 1825 a 1898 e mais outros dous dos primeiros anos do século XX, escollemos, pois, estes dous, cuxos protagonistas están debidamente documentados na vida compostelá. Ambos son de autor anónimo, como corresponde practicamente a toda a arte popular, agás excepcións, como son asinados por Antonio Duguet, tío do pintor Jenaro Pérez Villaamil (Arias Anglés, 1986: 13-17; Filgueira Valverde, 1995: 18) ou polos irmáns Gerónimo e Cándido Garabal Domínguez no mesmo santuario da Escravitude, por Ricardo Vilanova no dos Milagres do Monte Medo (Baños de Molgas) (Cid Rumbao, 1984: 233-

234; Hervella Vázquez, 2014: 421), por un tal “Joe Botto” un realizado en Montevideo en 1875, no de Vilaselán (Ribadeo) (Fuentes Alende, 1987: 21), onde hai tamén un anepigráfico coa sinatura de E. González, quizáis o pintor avilesino do século XIX Esteban Gonzalez (L.T., 1989: 223), así como Domingo Antonio Uzal, a quen se lle atribúe un do templo da Barca (Muxía) (Monterroso Montero, 1995-1996: 246-247) e posiblemente outro do Monte Medo (Fuentes Alende, 2005: 823-824).

Os dous cadros veñen a confirmarnos que as prácticas de relixiosidade popular, entre as que cabe incluír os exvotos e todo tipo de ofertas, son habituais nas capas altas da sociedade (nobreza, clero e burguesía), en contra da opinión de moitos investigadores que as consideran propias das clases baixas da poboación, de xente sen recursos e sen formación.

Cadro de Domingo Eleicegui

Presenta un formato en vertical, pouco habitual, cunhas medidas totais de 46,5 por 30 cms. A súa inscrición na parte inferior, como adoita suceder na maioría dos cadros galegos, ocupa dez liñas, todas elas xustificadas pola esquerda e rematando pola dereita de maneira irregular, con letras marróns, versais e rectas, sobre un fondo branco, partindo as palabras cando é necesario, por veces sen usar o guión, e de maneira incorrecta no caso de “santuario”. A súa transcrición é a seguinte:

Viendose D. Domingo Eleizegui acome / tido de una fiebre
maligna y con to- / dos los sintomas de muerte, su tia la / SRA.
DA. María Garra, imploró el ausi- / lio de N. S. de la Esclavidud:
la San- / tisima Virgen, despachó su petición / concediendole la
completa salud que / disfruta, y dicha SRA. en prueba de reco /
nocimiento, vino visitar este santu- / ario ofreciendo un ternero.
Año 1847.

A parte superior do cadro, como é norma case xeral, acolle o campo pictórico. Os dous terzos da dereita están ocupados por unha escena no interior dun cuarto, cerrado pola esquerda por un tabique, no que se abre unha porta, cun piso de madeira, coas táboas dispostas cara ao fondo. O enfermo, con aspecto xuvenil, pois non chegaría a ter aínda nese momento uns quince anos, xace na cama asomando só a cabeza debaixo dunha saba de ampla puntilla no seu embozo e unha colcha con decoración de follas

verdes e flores vermellas, rematada por festóns no seu borde. O leito aparece cuberto por un dosel rectangular, con cortinas vermellas, rematados por un reberete amarelo, que se abren ao centro formando un arco case conopial e se recollen por detrás do cabeceiro e do pé. Ao lado da cama, e aos seus pés, unha muller, talvez a tía do enfermo da que nos fala a lenda, de xeonllos e coas mans en posición de orar, viste blusa e longa saia en distintos tons marróns, cubrindo as costas cun amplo chal recollido polo peito, peiteada cun voluminoso moño e lucindo un pendente de ouro na súa orella esquerda.



Foto Rodri. Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra.

Encima da porta, e cara ao interior do cuarto, sitúase a imaxe da Virxe sobre un fondo amarelo rodeado por un circo de nubes, tendo aos seus pés unha cabeza de querubín con ás amarelas. Viste túnica vermella e manto azul, que lle cobre a cabeza toucada cunha coroa áurea, e leva o Neno vestido de branco no seu brazo esquerdo.

No terzo que queda fóra da habitación, cun fondo azul e sobre unha verde campiña, aparece o becerro ao que alude a inscrición, visto de perfil, de cornos pequenos como corresponde á súa idade, atado ao tabique cunha corda por medio dunha lazada.

A lenda dinos que o enfermo, Domingo Eleicegui, padece un tipo de febre cualificada como maligna, con todas as trazas de que o vai levar á morte. Ante esa situación, é unha familiar en segundo grao, unha tía política, quen acode, implorando, ao auxilio da Virxe da Escravitude, que escoita a súa petición, despachándoa favorablemente. Así recupera a saúde, que, segundo consta, conserva no ano de 1847, ano que ben pode responder á data de presentación da oferta no santuario ou á execución do cadro. Hai que salientar unha discrepancia entre a representación plástica e a lenda: na primeira o tenreiro parece estar xa disposto para cumprir coa oferta; na segunda dise que foi un ofrecemento posterior á curación, xunto coa visita ao santuario, en proba de recoñecemento polo favor recibido e en acción de grazas.

Atopámonos ante un cadro no que os personaxes son plenamente identificables, pertencentes á burguesía compostelá do século XIX, relacionados coa familia Dainciart. Domingo Eleicegui naceu ao redor do ano 1832 (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003: 131), fillo de Bernardo Eleicegui e de María Dainciart Elizalde, esta, á súa vez, neta de Juan Elizalde, fundador e propietario da fábrica de curtidos de Casas do Rego, que logo pasará a dirixir Bernardo (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003: 73). Este e o seu irmán José Santiago Eleicegui, naturais de Legorreta (Guipúscoa), foran chamados para traballar en Santiago de Compostela polos irmáns Miguel e Bernardo Ituarte (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003: 65), converténdose o José Santiago tamén en empresario da fábrica do Carme despois do seu casamento con María Garra, que vén sendo a protagonista indirecta do cadro, filla do seu fundador Beltrán Garra (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003: 73).

Falecido Bernardo Eleicegui a comezos dos anos corenta, a fábrica de Casas do Rego figura en 1841 como unha sociedade a nome de “Viuda de Bernardo Eleicegui e Hijos” (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003: 79), da que se independiza Domingo Eleicegui en 1857 para alugar a das Galanas nese mesmo ano, a de San Ignacio do Monte en 1859 e a de Cubeiro en 1865, para construír unha da súa propiedade na década de 1880 a carón

do convento de Santa Clara, que en 1891 xa se atopaba nunha situación económica precaria, precariedade na que continuou ata 1899 en que se pon á venda (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003: 128-129, 178-179), se ben en 1892 aínda figuraba á fronte dunha sociedade cun capital de 56.500 pesetas (Lindoso Tato, 2006: 285).

Temos que salientar aquí que, ademais dun importante empresario (coma o seu irmán José Ignacio, que foi en varias ocasións rexedor e membro de diversas comisións municipais (Pérez Rodríguez, 2012: 196, 319, 331, 333)), Domingo Eleicegui era un destacado activista carlista do Sexenio Revolucionario en Santiago do sector da burguesía urbana, membro do Casino Católico Carlista de Santiago, inaugurado entre altercados o 24 de abril de 1870 (Comesaña Paz, 2016), ata o extremo de que en setembro de 1875 o alcalde compostelán, Juan José Viñas Balduvico, acompañado dun notario, se presentou na fábrica de San Ignacio do Monte, que xa vendera Eleicegui, crendo que aínda era o seu dono, coa finalidade de embargarilla para responder polos danos que os carlistas causaban aos pobos e ás persoas (Carmona Badía, Fernández Vázquez, 2003, 165).

Cadro de José Pimentel Aller

Presenta o formato apaisado, habitual dos cadros exvoto galegos, cunhas medidas de 43,5 por 50,5 cms., pero ofrécenos dous feitos excepcionais: por unha banda, dúas escenas de encamados, afrontadas, na parte pictórica, e, pola outra, a longa inscrición, que ocupa case dous terzos do cadro, cuxa transcrición é como segue:

Quando la fiebre maligna empezó [a] desarrollarse con toda la / fuerza que hizo tantas victimas, acometió a D^o. Jose Pimentel Allér: / al tiempo que la enfermedad estaba en su vigor, su esposa D^a. / Ramona Mendez, dió á luz un niño. Al cu[ar]t^o. día del parto, manda- / ron los facultativos administrar los S[an]t^{os}. Sacramentos á su esposo, y / como nadie se atreviese á anunciarselo, se levantó para consolarlo y / prevenirlo para lance tan serio. Estubo a pié hasta deshora, y por varios / días sin alimentarse: viendose en tal conflicto, invocó la S[antísi]^{MA}. Virgen / de la Esclavitud, y ni cesáron las consecuencias del parto, ni le faltó / alimento para el niño. Recobraron ámbos salud y en accion de gra- / cias, vinieron visitar esta madre de misericordia. EN 1853.



Foto Rodri. Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra

É, como vemos, unha longa lenda explicativa, xustificada pola esquerda, distribuída en once liñas a todo o ancho do cadro, agás a última, que non chega ao final, partindo a palabra con guión en dúas ocasións. Emprega letras minúsculas caligráficas, de tonalidade negra sobre fondo branco, sen que se aprecie liña de pautado. Destácanse os nomes dos enfermos con letras algo máis altas e máis grosas, dando a sensación de negriña, máis acusado no caso da muller. Uso de “Don” e “Doña”, abreviados con terminación alta, con superíndice, o mesmo que noutras abreviaturas.

A representación pictórica preséntanos o matrimonio en senllas camas, idénticas, tanto no que se refire ao estilo (de pés con sección cadrada e alto cabeceiro bordeado por un listón branco) como ás roupas (sabas con ancha puntilla no embozo e colcha de cor branco roto con estreitas franxas marróns de amplos pregamentos verticais), a ambos lados do cadro, opostas polos pés, a muller á esquerda e o marido á dereita, totalmente tapados ata o pescozo. Unha e outra cama aparecen, coma no cadro anterior, debaixo dun dosel vermello, o da esquerda con cortinas tamén vermellas recollidas cara aos pés e á cabeceira.

Entre ambas sitúase a imaxe da Virxe, lixeiramente elevada do chan, tocando a súa aureola o borde superior do cadro. Representase de corpo

enteiro sobre un pequeno grupo de nubes brancas, rodeada dun halo ovoide de tonalidade amarelenta. Leva o Neno no brazo esquerdo, nimbado, con vestido branco e cinto amarelo, que lle pasa por detrás da caluga o seu brazo dereito. Viste longa túnica vermella, con dobras suaves, cinguida á cintura, sobre blusa branca que asoma en pico no colo, cuberta por manto azul escuro, que dende o ombreiro esquerdo cae polas costas e é recollido por diante ata o talle, deixando ver a túnica na súa metade superior e no seu terzo inferior esquerdo. Reclina a cabeza, de longa melena, toucada con coroa áurea aberta, cara ao Fillo, mentres toca, como acariñándoo, coa súa man dereita o seu pé.

Estamos diante dunha pintura totalmente carente de acción, por canto se limita a mostrarnos os enfermos, ela con motivo dun parto, encamados, como se dunha instantánea fotográfica se tratase, carencias que son dabondo suplidas pola lenda. Refíresenos un caso do ano da peste de 1853, aquí cualificado como “fiebre maligna”, aludindo á súa gravidade pola cantidade de vítimas que causou. Coincide a enfermidade do marido co parto da muller. A separación de ambos, talvez en distintos cuartos, cada un no seu leito e opostos no cadro, viría dada pola necesidade de evitar o contaxio, principalmente do meniño, que non está representado na pintura.

Segundo se desprende da lenda, interviñeron varios facultativos, que mandaron auxiliar espiritualmente a José Pimentel, malia que non consta que se levase a cabo. Vese a necesidade de consolar e de darlle ánimos ao moribundo, acto que realiza a muller por non se atreveren outros familiares. Intúese tamén que a parida non se debía de atopar ben por non se poder erguer catro días despois do parto, aínda que o feito de gardar cama algúns días despois de parir era práctica habitual nas mulleres galegas, aínda en boa parte do século XX. A gravidade prolongábase durante varios días, nos que a muller non comeu.

Porén, é ela quen realiza a invocación a Nosa Señora da Escravitude, posiblemente en favor de ambos. Non se nos di o momento no que se produce a curación, que se cadra foi paulatina. A intervención da Virxe fixo tamén que as consecuencias do parto continuasen con normalidade e que tivese leite para lle dar de mamar ao neno. Tampouco consta que oferta ou promesa fixo, pero seguramente, entre outras, a peregrinación de ambos ao santuario en acción de grazas. É posible que o cadro non fose pintado no mesmo ano 1853, por canto se alude a que a febre “hizo tantas vítimas”,

o que nos leva a pensar que xa se terían cuantificado os seus efectos cando se realiza a pintura.

Tamén neste caso podemos identificar os protagonistas, que tiveron un feliz desenlace das doenzas que lles afectaron. Trátase do matrimonio compostelán formado por José Pimentel Aller e Ramona Méndez. Nacido en 1824, era el un quincalleiro con comercio situado no número 19 da praza de Cervantes e asemade destacado activista do carlismo galego no Sexenio Revolucionario, ata o punto de que o seu domicilio foi rexistrado pola Garda Civil o 26 de agosto de 1874 coa intención de capturar un fillo seu que había días que non asistía ás clases na Facultade de Medicina e que se desconfiaba que se enrolara na causa carlista, sendo detido o sarxento da facción de Pedro Ramos y Fernández Francisco Duro cando intentaba fuxir polo tellado dunha casa lindeira (Comesaña, 2016; 2017: 35, 51).

Ese fillo que buscaba a Garda Civil sería, con toda seguridade, Ramón Pimentel Méndez, nacido polo tanto en 1853 no intre en que o seu pai se encontraba afectado pola enfermidade. Licenciado en Medicina e Cirurxía, exercería como médico hixienista en Vigo e como titular en Leiro (Ourense), para onde foi nomeado en 1897, localidade na que faleceu a finais do mes de agosto de 1901. Participou no *Certamen literario de la ciudad de Vigo, celebrado para solemnizar las fiestas del Santísimo Cristo de la Victoria en el año de 1880*, convocado pola Sociedad Liceo, obtendo o primeiro premio co traballo *Memoria sobre las causas que pueden influir en el desarrollo y progreso comercial de Vigo*, dedicada a Manuel Bárcena y Franco, “Alcalde Constitucional de esta ciudad” e publicada na Biblioteca de “La Concordia” do ano 1880 (pp. 1-17). No número 9 do 10 de maio do mesmo 1880, a coruñesa *Revista de Galicia* que dirixía Emilia Pardo Bazán (Couceiro Freijomil, 1953: 96) anunciaba a próxima aparición do seu libro *Ensayo descriptivo-histórico y estadístico de la ciudad de Vigo, seguido de una memoria explicativa de cuantos proyectos de mejoras urbanas su Excmo. Ayuntamiento tiene en estudio*, que porén non vería a luz ata o 1881. É autor tamén do primeiro *Manual de Apicultura. Escrito expresamente para los agricultores gallegos* (Vigo, 1893). Dirixiu o xornal republicano vigués *La Verdad*, aparecido o 30 de marzo de 1881 e de curta duración, e colaborou nas páxinas do *Faro de Vigo*.

X. F. A.

Bibliografía

- Arias Anglés, E. (1986): *El paisajista romántico Jenaro Pérez Villaami*. Madrid: C.S.I.C.
- Carmona Badía, X., Fernández Vázquez, M. T. (2003): *A Compostela industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- Cid Rumbao, A. (1984): *Historia de Allariz, villa y corte románica*. Ourense: Deputación.
- Comesaña Paz, A. (2016): *Hijos del Trueno. La Tercera Guerra Carlista en Galicia y el Norte de Portugal*, XIV Premio Internacional Luis Hernando de Larramendi. Madrid: SCHEDAS, Colección Luis Hernando de Larramendi. Disponible en <https://books.google.es/books?isbn=8416558361>.
- _____ (2017): “La Tercera Guerra Carlista en Galicia: un epítome y algunas observaciones de interés”, *Aportes. Revista de Historia Contemporánea*, ano XXXII, núm. 93, pp. 31-64.
- Couceiro Freijomil, A. (1954): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. III. Santiago de Compostela: Editorial de Los Bibliófilos Gallegos.
- F. F., A. (1974): “Exvoto”, en Silverio Cañada (ed.), *Gran Enciclopedia gallega*. Santiago de Compostela: Gran Enciclopedia Gallega, pp. 60-61.
- Filgueira Valverde, J. (1995): “Jenaro Pérez Villaamil y Galicia”, en *Jenaro Pérez Villaamil. 1807-1854. Óleos. Acuarelas. Dibujos. Litografías*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, pp. 17-25.
- Fraguas, A. (1988): *Romarías e Santuarios*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Fuentes Alende, X. (1987): “Exvotos mariñeiros en Galicia”, en *Exvoto marins de Bretagne et Galice. Exvotos mariñeiros en Galicia e Bretaña*, Carrefour des Régions d’Europe, Musée des Beaux-Arts de Brest, 15 novembre–21 decembre 1987, Museo de Pontevedra, 15 janvier–31 janvier 1988, pp. 19-26.
- _____ (2005): “Los exvotos pintados en Galicia: su valor histórico, artístico y documental”, en José Ruiz Fernández e Juan Pedro Vázquez Guzmán (eds.), *La religiosidad popular y Almería. Actas de las IV Jornadas*. Almería: Instituto de Estudios Almerienses, Diputación de Almería, vol. II, pp. 817-850.
- Hervella Vázquez, J. (2014): “Ricardo Vilanova pintor de cámara en época de Isabel II”, *Anuario Brigantino*, 37, pp. 417-422.

- L. T. (1989): “González, Esteban”, en José Manuel Arnáiz et al. (dirs.), *Cien años de pintura en España y Portugal (1830-1930)*. Madrid: Ediciones Antiquaria, t. III.
- Lindoso Tato, E. (2006): “A la sombra del Arsenal: la oferta empresarial ferrolana en el siglo XIX”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 19, xaneiro-decembro, pp. 271-304.
- Monterroso Montero, J. M. (1995-1996): “La obra de Domingo Antonio de Uzal y el santuario de Nuestra Señora de la Barca de Muxía”, *Abrente*, 27-28. A Coruña: Academia Galega de Belas Artes, pp. 231-250.
- Pérez Rodríguez, A. C. (2012): *Administración, gestión y poder político en el Ayuntamiento de Santiago de Compostela, 1845-1868*. Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, Facultade de Humanidades, Departamento de Humanidades. Disponible en https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/.../PerezRodriguez_AnaCristina_TD_2012.pdf?5

Fraguas Fraguas **O home que puido ser alcalde**

XOÁN CARLOS GARRIDO

A relación de Antonio Fraguas coa Estrada é circunstancial, mais será determinante na vida deste militante galeguista que chegará a unha realidade política local froito de décadas de loitas das que el non participou, e sufrirá as consecuencias dun conflito Estatal, o levantamento militar do 36, fronte aos que el tamén pouco podía facer por evitar ou enfrontar. Con todo, a política golpeouno e marcouno para sempre, sobre todo nestes escasos tres anos que estivo presente neste concello. Unha presenza que tivo, efectivamente, unha dimensión cultural importante, participando en conferencias nas parroquias ou dirixindo un grupo de teatro (“Sociedade Artística Estradense”), mais tamén pedagóxico, a través das súas saídas didácticas e o seu proxecto de Museo de Historia do Seminario de Estudos Galegos etc. Mais mesmo estas últimas actividades profesionais non se poden subtraer do contexto político que as favoreceron e, finalmente, que as impediu co seu cese e separación da docencia. Un contexto local político que quixéramos nestes apuntamentos aclarar mellor para comprender o marco no que se inscribe a actuación e deita máis luz sobre algunhas das posicións do autor aquí estudado.

Un Instituto para A Estrada

Este concello rural viña mantendo no primeiro terzo do século XX unha constante batalla por un ensino universal que combinaba a reivindicación diante da administración coa súa substitución —cando esta non respondía satisfactoriamente— a través de iniciativas como foron as Sociedades de Instrución por medio das cales se estendeu polo rural unha rede de escolas que fixo posible a alfabetización e unha formación básica que tiña como fin —ás veces explícito e outras inconfesable— propiciar que as novas xeracións puidesen emigrar en condicións máis favorables que as que tiveron que sufrir quen achegaba fondos para financiar nas súas parroquias de orixe as devanditas escolas.

Agora ben, esta función subordinada ao papel do país como fábrica de emigrantes estaba a ser posta en cuestión, xa se viña debatendo na década

dos 20 a urxencia de rebelarse contra ese destino e propoñíase a necesidade de estender a oportunidade de formarse e especializarse alén desas “catro regras” coas que se despachaba ao alumnado de primaria, co fin a fixar na Terra proxectos de futuro laboral viables e de calidade, ademais de elevar o nivel da cultura xeral da poboación. O ensino secundario debería pois deixar de ser un privilexio de clase e mesmo territorial (nas cidades) para achegarse á poboación rural e ás camadas populares.

Por iso, cando chegou a República había unha sensibilidade nese sentido que se traduciu na demanda de Institutos de Segunda Ensinanza para as diferentes vilas do país. E A Estrada non quixo quedar atrás.

E así tivo lugar unha loita que tivo como protagonista a todo o pobo da Estrada, pero nomeadamente é xusto destacar as xestións levadas a cabo polos deputados de Acción Republicana (logo pasarían a Izquierda Republicana), Osorio Tafall e Poza Juncal, e dos socialistas Gómez Osorio, Botana y Arbones, que foron sensibles a esta demanda popular.

Cando o Ministro de Instrución Pública deixaba a este concello fóra da rede de Institutos, a pesar de ser informado favorablemente polos técnicos pola súa necesidade obxectiva, estes deputados enriba citados, dirixíronse en setembro do 33 ao Ministro Francisco Barnés Salinas para que rectificase o erro que —con obxectivo de non queimar as pontes— se atribuíu sen dúbida se debe ao esquecemento ministerial involuntario, lembrándolle as características do noso Concello: dicíase que A Estrada é unha vila moderna, perfectamente urbanizada e hixienizada, que ten un Municipio, integrado por unhas 50 parroquias, e ten cerca de 30.000 habitantes; enclavada no centro dunha extensa e próspera comarca, cruzada por abundantes vías de comunicación. O seu censo escolar —polo que a segunda ensinanza se refire— é superior a un centenar. Este número acrecentárase en canto se facilite o acceso ao Instituto dos alumnos das especialidades primarias, que teñan unha posición económica insuficiente.

Por outra banda a Corporación Municipal tamén estivo á altura das circunstancias ofrecendo local, comprometéndose a facer as obras que fosen necesarias, fornecendo as achegas para a biblioteca e material, así como satisfacer a cantidade que fixa o Ministerio para o seu mantemento.

Finalmente Barnés atende ás peticións dos Deputados e acorda aprobar un Decreto no Consello de Ministros creando un Colexio Subvencionado de Segunda Ensinanza na Estrada.

O 18 de setembro os Deputados Poza Juncal e Tafall reuníanse na Estrada cos pais dos nenos para explicarlle o funcionamento e contido do Instituto, aproveitando para fixar un novo obxectivo: A Escola Elemental de Traballo.

E por fin o 1 de decembro de 1933 inaugúrase oficialmente o Colexio Subvencionado coa apertura solemne do curso 33-34. A demora deste comezo de curso debeuse ás obras de adaptación do edificio que aínda estaba sen rematar. As instalacións fixéronse a correr nunha antiga fábrica de mobles. No curso 1934-35 pasaría a denominarse Instituto Elemental de Segunda Ensinanza, e finalmente no seguinte curso Instituto Nacional de Segunda Ensinanza (podendo así examinarse nel por libre calquera que non puidera asistir ás aulas).

Alí estaban as forzas vivas da poboación, tiveran lugar as eleccións, e foran derrotadas as organizacións dos Deputados promotores, como é o caso de Osorio Tafall, que non en tanto tamén acudía para comprobar que o seu traballo parlamentar non fora en balde. O alcalde e Antonio Lino, o Director eloxiaron no salón de Plenos as xestións feitas polos representantes populares, e tamén polos pais, que contribuíron activamente a acelerar a posta en marcha do centro. Tafall falou do problema cultural español, e de canto fixo a república por solucionar.

Todo o espectro ideolóxico da vila gabou as xestións de Osorio Tafall e Poza Juncal, os Deputados do partido Izquierda Republicana, que tiña na Estrada precisamente unha composición moi relacionada coa tradición de loita polo ensino vinculada as sociedades de emigrantes e de Instrución. Deste partido era o coñecido escritor local Manuel García Barros, mais tamén Otero Abelleira (director de *El Emigrado*), e estaba encabezado por José Fondevila e Perfecto Porto, ambos os dous relacionados co mundo da emigración e coa promoción de certames escolares e do acceso ao ensino. Izquierda Republicana tíñase atribuído o mérito e dalgún xeito agardaba recoller os seus réditos electorais.

Logo de aprobar o “Cursillo” para encargados de curso de Instituto (*Gaceta*, 24/07/1933), Antonio Fraguas Fraguas é destinado en Outubro dese ano como profesor para o ensino da Xeografía e Historia no Colexio Subvencionado–Estatál da Estrada, sendo publicado o seu nomeamento como Secretario deste na *Gazeta* do 16 de marzo de 1934. E nesa calidade recibiu e atendeu ao Ministro de Instrucción Pública, Filiberto Villalobos, na súa visita á Estrada e ao propio Instituto o día 9 de agosto.

Paralelamente á súa chegada á Estrada por razóns profesionais tamén se produce a súa integración no comité local do Partido Galeguista, asumindo a súa secretaría xeral e, xa que logo, na práctica a súa dirección política.

Pardo de Cela como metáfora da perda da soberanía

En novembro de 1933 trunfan as dereitas e suspéndese o proceso a prol do Estatuto. Fronte a isto óptase por outro tipo de estratexias para acumular forzas e crear conciencia nacional de cara a tempos mellores. O propio Ken Keirades reconece isto nun artigo no xornal *Galicia* das sociedades galegas na emigración arxentina do 21 de xaneiro de 1934. Comenta que a idea xa se tomara en consideración dous anos antes, mais que se aparcou para dedicar os esforzos a campaña a prol do Estatuto, mais agora, que isto non se podía levar a cabo, volvía a retomarse o proxecto.

Efectivamente, a proposta lánzase no xornal *El Emigrado* en 1932 polo mestre da parroquia de Ribeira, o lalinense Manuel González Rodríguez, quen ao ano seguinte volverá sobre este asunto con motivo da conmemoración do 17 de decembro, para equiparar a traizón que levou á decapitación do Mariscal coa frustración do Estatuto que tiña prevista aprobarse nese ano 1933. E insiste con outro artigo no mesmo xornal de *El Emigrado* nos anos seguintes por estas datas.

En abril de 1934 constitúese o Comité Central pro Monumento a Pardo de Cela na Estrada. O presidente honorario sería Fermín Bouza Brey e o secretario Antonio Fraguas. O obxectivo é que este monumento sexa erguido no verán de 1935, mais o certo é que en pleno bienio negro o relevante é a inmensa campaña que vai ter lugar con este fin de axitación na Galiza, e tamén na emigración para que así se poida discutir indirectamente dos dereitos do país que se pretendía recuperar.

En Xuño do 34 aparece xa Antonio Fraguas como Vice-presidente do devandito Comité, quedando Rafael Pazo como secretario. Cómpre lembrar que nesa responsabilidade, por ausencia de Fermín Bouza Brei, exerceu el a presidencia das xuntanzas do devandito Comité. Como é o caso da sesión do 24 de abril de 1934.

Durante os anos seguintes haberá unha campaña recadadora que o grupo galeguista da Estrada logrou facer extensible e transversal a outras organizacións políticas con membros dela con sensibilidade galeguista como é o caso de Sánchez Brea, e sobre todo do activo tesoureiro do comité promonumento Otero Abelleira, membro de Izquierda Republicana.

O PG da Estrada vai confluír e xunquir a súa sorte coa organización local de IR. Unha IR que é produto da evolución do republicanismo estradense dende o seu nacemento na loita contra a ditadura e a monarquía centralista a finais da década dos 20.

A república na Estrada

O núcleo do republicanismo estradense correspóndese en gran parte cos decepcionados da ditadura que nun primeiro momento mesmo prestaron o seu apoio a esta como un xeito de derrubar o corrompido réxime da restauración. Mesmo algúns como Torres Agrelo ou o propio Otero Abelleira aceptaron inicialmente cargos institucionais na Estrada ou na Deputación, mais pronto comprobaron que as promesas de rexeneración, autonomía, limpeza e, sobre todo, democratización eran incumpridas unha tras outra ata dexenerar nunha Ditadura máis odiosa que a dos partidos *turnantes* contra os que batallaran durante décadas.

O 8 de marzo de 1930 asinábase a primeira acta do libro do Centro Republicano Estradense que tiña como fin agrupar nesta plataforma a todos os que, mesmo dende diferentes perspectivas, confluían en rexeitar a monarquía borbónica e a ditadura que este amparaba, mais tamén loitar por outra serie de reivindicacións que ían definir ideoloxicamente o grupo (ensino, autonomía de Galiza, xustiza social etc...). Perfecto Porto Fraiz é quen asina como secretario. José Fondevila asinará como Presidente e será un dos seus persoeiros máis destacados xunto con Otero Abelleira, como temos indicado.

Agora ben, a altura de 1936, logo da tortuosa travesía destes intensos anos, o republicanismo estradense está en crise interna e o outrora poderoso Centro Republicano Estradense que aglutinaba a todos os sectores que pasaran pola Federación Republicana Galega, Partido Republicano Galego, Acción Republicana... e finalmente desembocarán na triunfante Izquierda Republicana de Azaña nas eleccións de febreiro do 36, pronto comezan a fragmentar froito das tensións derivadas da toma de poder, esfarelándose en diferentes alternativas emerxentes, acubillándose agora as distintas faccións locais á sobra de diferentes líderes estatais, fronte a situación inicial de adhesión unánime ao seu primeiro presidente de honra Santiago Casares Quiroga.

Nestas circunstancias prodúcese a fractura debido a que o comité electoral do Frente Popular de Esquerdas que fora nomeado para facerlle fronte as eleccións de febreiro agora seguía a funcionar como organismo de dirección do republicanismo estradense con vista a facerse cargo da asunción do poder local a través dunha xestora. Na xuntanza do 1 de marzo de 1936 tenta solucionarse isto reconvertendo o Comité Electoral nun Comité de Enlace dos partidos de esquerda da Estrada e, así, nomear representantes neste organismo. Ao propoñerse para estes cargos a persoeiros da vella garda como José Fondevila en substitución dos que estiveran ostentando a representación de Izquierda Republicana no Comité Electoral dáse o caso de que estes últimos se dan de baixa da asemblea local de IR, mais non así do partido. De feito piden a súa alta en Pontevedra. Sendo o caso de Manuel Durán Durán, Ignacio Puente Fontanes e Albino Chao Coto. A pesar dos intentos de reconciliación, coa oferta de retirar os seus cargos algúns dos electos (Otero Abelleira) para integrar aos descontentos, a situación non se logra reconducir.

O día 5 constitúese a Xestora Municipal na que aparece Antonio Fraguas en representación do Partido Galeguista, quedando sen nomear os dous cargos que lle corresponderían a IR ao renunciar os que estaban nomeados.

O día 6 convócase xuntanza extraordinaria da asemblea de IR e dáse conta de que na constitución do Comité de Enlace apareceron novos partidos que non estaban integrados no anterior comité electoral, e na súa representación precisamente algúns dos que viñan de darse de baixa da

agrupación local de IR como é o caso de Jesús Ignacio Puente Fontanes, en representación dos agrarios, ou José Bernárdez Fernández, en representación do Partido Comunista. Diante disto IR interpretou que era unha manobra para restarlle representatividade na Xestora Municipal. Por isto acorda non recoñecer a representatividade dos devanditos partidos, negándose a participar na xestora como iso non se corrixa. Nesta xuntanza tamén se comenta a campaña de “difamación” contra o líder de IR estradense José Fondevila, que esta non só provén das dereitas senón mesmo de xente da propia organización. Isto leva a que se acorde referendar o apoio a este e a esixir aos propios que ventilen as súas diverxencias no seo das xuntanzas e non na rúa dando argumentos ao inimigo.

A crise acentúase e o que puidera parecer unha solución de compromiso auspiciada pola dirección provincial de IR, coa dimisión en pleno da Xunta Directiva e a elección dunha representación integradora dos diferentes sectores para a Xestora Municipal. Esta dimisión prodúcese o día 12 e dáse conta que os representantes provinciais efectivamente rexeitaron as altas daquelas persoas dadas de baixa na localidade (Manuel Durán Durán, Jesús Puente Fontanes, Albino Chao Coto etc.) pero diante das queixas formais de Albino Chao ao procedemento irregular da convocatoria da xuntanza do 1 de marzo, os membros do comité provincial tamén recollen esta denuncia, polo que finalmente optan por propoñer que sexan elixidos outros representantes na Xestora e que non figure ningún dos nomeados ou excluídos con anterioridade. Esta solución é aceptada pola agrupación local pero engádese outro requisito: que non poida ser alcalde nin Puente Fontanes, nin Fondevila, nin Rodríguez Seijo (anterior alcalde da Estrada na primeira lexislatura republicana).

Esta última esixencia non foi aceptada por Puente Fontanes que enviou a súa baixa definitiva de IR ao día seguinte.

Da dimisión da directiva, que tiña como obxectivo nomear outra nova máis integradora e superadora do conflito, sae unha comisión composta por Mario Blanco Torres (Irmá de Roberto Blanco Torres), Senén Goldar Rodríguez e Manuel Durán Durán, para tratar cos demais partidos do Fronte Popular a composición da corporación. E é aquí onde consta en acta o seguinte texto aprobado na asemblea dese día 12:

Siendo condición expresa a que la Gestora ha de constituírse a base de los Concejales de elección Popular, completando el resto con los de nombramiento Gubernativo, acordándose votar para la alcaldía al Galleguista D. Antonio Fraguas, y de no aceptar este a uno de nuestro partido.

Finalmente non prosperou esta iniciativa de consenso senón que quedou de alcalde precisamente Puente Fontanes. Algo que non fixo máis que empeorar as relacións entre o grupo de Fondevila, quen estaba disposto a facer as renuncias que fixeran falla para reconducir a situación, e os antigos militantes de IR, agora na órbita dos Radical Socialistas, o PC e o PSOE.

O goberno civil remata ao fin constituíndo a corporación coa proposta de integración con 6 membros de IR, se ben, Manuel Durán Durán rexeita tomar posesión por consideralo incompatible coa dirección do xornal *El Emigrado*. En representación do PG aparece nomeado Antonio Fraguas.

Constitúese a Xestora o 5 de maio quedando como presidente Jesús Puente Fontanes. Mais como representante galeguista queda finalmente Camilo Pereira Rial en calidade de síndico e non Antonio Fraguas

O 24 de maio celébrase a sesión plenaria e alí desátase o enfrontamento entre ambos os dous bandos do republicanismo a raíz dunha serie de contratacións e indemnizacións a represaliados políticos que durante o bienio negro foron presos ou despedidos. A argumentación de Camilo Pereira e Fondevila ían no sentido de non recargar aos contribuíntes cunha serie de contratacións que remataría nun intercambio de acusacións que dende as bancadas socialistas e da casa do pobo se lanzaban contra os “republicanos” de que só se interesan polos ricos, e a súa vez dende o PG e IR retrucaban aos da casa do pobo de que hai obreiros que teñen máis renda que algún dos contribuíntes.

Ese mesmo día convócase unha xuntanza extraordinaria de IR e apróbase en asemblea dirixirse ao Goberno Civil para denunciar a actuación do alcalde. Na do 7 de xuño nomean unha comisión para ir directamente ao Goberno Civil e ao Frente Popular para “explicar las anomalías en el funcionamiento del Frente Popular de la Estrada y de la Gestora actualmente nombrada”.

Finalmente, o 30 de maio asina a súa renuncia o representante do PG na xestora en substitución de Antonio Fraguas e publica unha carta no xornal *El Emigrado* amosando os seus motivos:

As razóns nas que fundamenta a citada renuncia son as seguintes:
Oposición por parte dos representantes de determinados partidos o cumprimento do programa do Frente Popular.

A aceptación por parte dos elementos anteriormente citados, de cargos retribuídos sin ter en conta a manifesta incompatibilidade que existe entre os ditos cargos e de xestores o cal supón inmoralidade coa que os galeguistas non poden estar conformes.

Aparte das razóns espostas, que xa de seu serían bastantes a facernos adoitar esta aitude, existen moitas outras que non é preciso facer constar eiquí, pero en que en momento oportuno, daremos a conocer a opinión pública.

Nestes momentos a prioridade é a campaña do Estatuto, nela emprégase activamente Antonio Fraguas. Non implica a súa substitución unha retirada da actividade política senón que é froito do conflito que se viña mantendo dentro do fronte popular e que tiña as súas orixes no seo de IR tal como se relatou. Mais Antonio Fraguas é anunciado para un mitin galeguista o 11 de xuño na parroquia de Callobre xunto con Alexandre Bóveda. Este que viña ser un mitin partidista acabou reconverténdose nun conxunto con outras forzas dentro da campaña pro Estatuto. Indicábase o seguinte no xornal *El Emigrado* (16/6/1936):

O mitin galeguista anunciado pr' o 11 en Callobre transformouse, pol-as circunstancias en mitin pol-a autonomía, o primeiro, d'ista volta, que se celebra no noso distrito.

As catro chegou unha camioneta co Comité e os propagandistas. Tres fermosas señoritas portaban a bandeira galega. Subidos ó palco executou a música o Himno galego que a concurrencia escoitou en pé e descuberta. Fraguas presenta os oradores e abre os discursos con verbas vibrantes e sentidas ateigadas de patriotismo auténtico.

Mais neste mitin interveñen tamén Martín March por IR, Adrio por Unión Republicana e Garrote polos Comunistas, e Víctor Casas polo PG. Nesta crónica asinada por Manuel García Barros tamén se dá conta da

celebración doutros mitins noutras parroquias estradenses (Oca, Tabeirós e Codeseda) nos que intervirá Antonio Fraguas. Así mesmo el será o primeiro en intervir no grande acto central da campaña pro-estatuto na vila o 27 de xuño, recollido así polo xornal *El Emigrado* do día 30: “El primero en hacer uso de la palabra fué el entusiasta galleguista D. Antonio Fraguas, Secretario del Instituto de Segunda Enseñanza, quien con su verbo cálido inició el acto, presentando también a los demás oradores”. Aquí participan Alonso Ríos (Agrario), Romero Cachinero (Comunista) e Castelao (PG) que pecharía o acto, sendo este o último seu na Galiza. Tamén hai constancia da participación de Antonio Fraguas o 24 de xuño nun mitin na parroquia da Somoza (*El Emigrado*, 7/7/1936).

Dende as páxinas deste xornal *El Emigrado* non deixaba de dispararse contra o alcalde e os grupos que o apoian (socialistas, comunistas e agrarios) acusándolle de enchufar aos seus e de non decatarse do que estes facían de costas ao propio alcalde. Mesmo Manuel García Barros se animou a compoñerlle un poema que pode ilustrar o ambiente que se vive neste momento:

¡Avemaría!
N'unha valla d'unha rua
un 'papel pegado había;
según a letra rezaba
éa un bando da Alcaldía.
O Alcalde, que o miraba
con gran atención o lía
cal se bebera cos ollos
aquilo que alí decía,
que solpresa lle causaba,
poi-os xestos que facía.
Pensativo se quedara
e suas cousas botaría.
Quizais lle achacase aquilo
a cousas de meiguería,
Pois anque a firma era sua
do conto nada sabía.

¡Avemaría!
Ken Keirades (*El Emigrado*, 24/5/1936)

Neste xornal de inspiración galeguista e no entorno de IR criticábase a Puente Fontanes de xeito furibundo. Dende o volume dos pregoeiros e as horas intempestivas a que difundían os bandos locais ata as taxas postas polo concello. Con todo hai unha colaboración en torno a campaña do Estatuto que ten como resultado que o referendo na Estrada obteña un 90% de votantes favorables e o compromiso do alcalde que se despraza a Madrid ao acto de entrega do texto para que obteña estado parlamentario para proceder a súa tramitación nas Cortes.

“De boa me librei”

Durante esta estancia de Puente Fontanes en Madrid prodúcese o golpe de Estado fascista e este desprázase para tomar as rendas do Concello, mais cando chega xa a sorte está botada a prol dos alzados. Con todo, isto non vai evitar que sexa detido, enviado a colonia penitenciaria de San Simón e finalmente sometido a un consello de Guerra e condenado a morte, é executado o 5 de xuño de 1937. Simplemente polo “crime” de ostentar a alcaldía.

Antonio Fraguas non gustaba de lembrar aqueles tempos. Tratou de salvar a vida, recuperar a súa praza de docente etc. e nestas vicisitudes tentou ampararse no seu “apoliticismo”, culturalismo e mesmo sentimentos relixiosos para defenderse. Tamén fixo unha lectura daqueles feitos poñendo o acento como mérito ao “veto” comunista á súa persoa para a alcaldía, e a súa tentación a prol de fuxir do que lle vía enriba por medio da súa adhesión á dereita galeguista, na que tiña moitos amigos.

Como se encargaban de recordar os seus inimigos, a Fraguas non lle colaba a súa folla de servizos anticomunista. Ademais da súa sensibilidade social reflectida na súa obra e pensamento, o feito é que compartiu estrado e campaña con dirixentes socialistas e comunistas na loita polo Estatuto. Por outra banda, Fraguas non era un individualista, a súa actuación política compre inscribible na acción colectiva dos grupos nos que el interveu e, nese sentido, a súa continuidade no PG e a aceptación da súa disciplina así o testemuñan. A súa énfase nas súas diferenzas coa liña seguida polo partido eran usadas para librarse das consecuencias do seu compromiso militante. Quizais é certo que moitas das súas actuacións sexan produto da ascendencia sobre el dun líder, dende Antón Losada ata Castelao, de quen a pesar das

súas discrepancias, non dubidou en obedecer. Agora ben, esa admiración non é fascinación cega senón que vai ao cerne do que eles representan e co que se identifica, polo que o cumprimento dos seus consellos contrarios ao que nun momento puntual desexaría, hai que relativizalo en canto ao que el valoraba como estrutural e o que considerou secundario.

O caso é que a súa traxectoria política pública non foi alén da súa proposta como alcalde. Afortunadamente para el isto frustrárase. Non polo seu apoliticismo senón polas circunstancias locais nas que se dou esta oportunidade, algo que el nunca lamentou: “de boa me librei”.

X. C. G.

A fragua ourensá de don Antonio

DAVID GONZÁLEZ COUSO

Andar á procura dun concepto universal da patria é tanto como investigar o que cada individuo considera que é. Moitas veces acudín á lectura dun poeta xerezano que me proporcionou o que ata o de agora considero a mellor definición. Escribía Caballero Bonald que non era outra cousa que o que se podía avistar dende a ventá da casa onde un se atopa en paz. Esa fiestra tentouse abrir moitas veces dende o mundo da cultura sen atopar a pretendida calma que tan certamente acaía no pensamento do escritor. Penso que hai tantas patrias coma persoas e tantas discrepancias como patrias, pero os meus pensamentos non importan máis que para traer aquí o esbozo dalgunhas aportacións que a figura de Antonio Fraguas consolidou nos saberes etnográficos e literarios sobre Ourense durante boa parte do século XX cando, nesta cidade (disque unha das patrias miñas) se comezaba a falar de identidades que atinxían á cultura, á lingua e á paisaxe.

Antonio Fraguas foi ante todo un etnógrafo, entendido isto como home que tentou preservar o patrimonio cultural dunha patria, dunha nación, dun territorio sen dúbida moito máis amplo do que eu veño a referirme, un tecido conformado por retallos diversos e imprescindibles. Do tecido galego referirei as vinculacións de Fraguas co retallo ourensán.

Que a súa nai, María Teresa, fora oriúnda de Listanco (Maside) constitúe o seu primeiro fío de unión coa provincia, se ben o ambiente cultural no que foi introducido por algúns mestres resultou decisivo. Fora en Santiago, como estudante de Filosofía e Letras onde empezou a colaborar no Seminario de Estudos Galegos, constituído en 1923, un ano antes da súa chegada, elaborando fichas de documentos, de revistas e tamén de monumentos que conformaban o patrimonio cultural galaico. Uns anos máis tarde, en 1927, proposto para formar parte da comisión directora, integrouse na sección de Etnografía, que dirixía Vicente Risco; e na de Xeografía, dirixida por Otero Pedrayo. Tamén colaboraba na de Prehistoria, que encabezaba Florentino López Cuevillas, onde realizou un inxente traballo na catalogación dos castros. A relación de amizade cos citados ourensáns mantense dende a súa incorporación ás Irmandades da Fala, institución que nacera co obxectivo de desenvolver a identidade pola vía do nacionalismo.

As súas contribucións nas distintas seccións do SEG pasan polo seu labor no Ficheiro de bibliografía de Galicia, que recollía os libros impresos na terra coa única finalidade compiladora para a formación dos investigadores vindeiros. Na sección de Etnografía levou a cabo traballos sobre o entroido do seu Cotobade natal; fixo tamén estudos sobre o folclore de Listanco; recolleu ademais numerosas cancións, lendas, contos e refráns de distintas localizacións xeográficas, un xeito de dar testemuña dun patrimonio oral antes da súa desaparición. Foi a revista *Nós*, fundada en 1920 polos ourensáns Antón Losada Diéguez, Vicente Risco e Arturo Noguerol a canle de publicación de moitos deses traballos, impresa en Ourense ata 1923 e posteriormente en Pontevedra, A Coruña e finalmente en Santiago.

Con Xaquín Lorenzo comezou a colaborar no Instituto Padre Sarmiento, na sección de Etnografía no ano 1946 e trinta anos máis tarde, cando se inicia o proceso que levaría á constitución do Museo do Pobo Galego, ao ter como referente inmediato o Seminario de Estudos Galegos, o “Xocas” é nomeado primeiro presidente e Fraguas, primeiro director. Da man dos amigos aurienses, a figura de Fraguas ía sempre ligada ao estudo e preservación do patrimonio cultural de Galicia, na cabeza das institucións creadas para a devandita finalidade.

Algúns fitos salientables nas súas publicacións teñen tamén referentes ourensáns. En 1944, o seu primeiro artigo que ve a luz despois do conflito do 36, “Juegos infantiles de Loureiro en Cotobade” sae ao abeiro do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos*; durante os anos 50 e 60, en *Vida Gallega*, con redacción en Lugo, publicou moitos dos seus traballos relacionados coa provincia, como “El Miño y Orense” (núm. 735-39 de 1958), “De Orense a Viana por Verín y la Gudiña” (núm. 758-62 de 1960) xa en 1975, en galego, o Boletín Auriense publica o seu traballo “Preocupación polo tempo e os astros na creencia [*sic*] popular”. Nos anos oitenta publica na Revista da Deputación de Ourense un traballo sobre Vicente Risco e, da man novamente de Xaquín Lorenzo recibe en 1984 o Pedrón de Ouro.

II

Se hai un emblema natural da identidade ourensá, o seu nome mergúllanos nas augas do río Miño, do río dos grandes destinos cantado por Curros, e aliado do progreso, da modernidade e da liberdade tal e como dixera

Marcos Valcárcel. Cuevillas xa afirmara que os ourensáns debemos as nosas raíces urbanas a unha fonte termal, pois na contorna das Burgas emerxía un poboado de labregos, mercadores e pousadeiros que acollían a quen ía na busca de mellorías na saúde proporcionadas polas ferventes augas. Porén, como en fermosos versos escribiría Celso Emilio, a cidade naceu cando o Miño xa era vello, pois a carón do seu caudal arremuíñanse lendas e mitos que de non ter sido polos etnógrafos entre os que se atopou Antonio Fraguas serían hoxe descoñecidas para nós. No ano 1989 pronunciaba na sede de Caixa Ourense unha conferencia que titulou “O río Miño: realidade e literatura”, que resumía moitos dos datos recollidos en xeiras de anos atrás. Elixido o tema, disertou Fraguas, bo contador de historias, como ten sinalado González Reboredo, sobre os materiais diversos (cantigas, ditos, contos, crenzas, alusións) aos que tivo acceso. Este xeito amosa outra maneira de facer etnografía, distinta da que procuraba unicamente presentar os achados coa finalidade xa comentada de preservar un patrimonio en perigo de esmorecemento.

Comezaba coas primeiras mencións ao río atopadas en Estrabón, onde xa aparecían Limaia, Belión e Minion como denominacións do maior dos ríos da Lusitania. Continúa coa mención de Paulo Osorio no relato do Medulio, monte proxectado sobre o Miño que servira de refuxio para multitude de homes que non desexaban caer na servidume. Ocupouse tamén de recoller a referencia no *Cronicon* de Idacio, que confunde o Miño co caudaloso Sil e sitúa o seu nacemento na Pena Rubia, opinión contrastada cos escritos do Padre Sarmiento que o sitúa na freguesía de San Pedro de Alais situada cerca de Castro Caldelas. Despois das alusións históricas, Fraguas leva ao seu auditorio cara á verdade xeográfica que localiza o nacemento do Pai Miño na vertente oeste da Serra de Meira, na provincia de Lugo. Nese emprazamento relata o de Cotobade a lenda da bruxa que portaba un mangado de pedras coa intención de botar aos frades da aldea. Cando escoitou o son das campás, deixounas caer co medo e así quedou formado o pedregal. Outra versión, segundo a recolleita de testemuños orais realizada polo etnógrafo refire que un veciño levaba un carro cargado de centeo e a xugada fuxiu co carro meténdose pola lagoa onde enterrou todo o conxunto sen que ninguén o vira de novo.

Deixa constancia despois do relato das distintas lendas da descrición literaria que o licenciado Molina fixera na *Descripción del Reyno de Galicia* en

1550. Se a xeografía indicaba a localización miñota en Meira, a veracidade orográfica do Sil lévanos a Pena Rubia, na comarca do Bierzo. Fraguas prodiga detalles sobre a etimoloxía que relaciona o Miño co vermellón, pois os romanos atoparan o río Sil (palabra latina para designar o lodo de cor ocre) con anterioridade á chegada ás fontes de Meira. Co tempo intercambiaron os nomes, pero non os significados. A lenda das *aureanas*, mozas á beira do Sil na procura de ouro, lévanos ao topónimo da provincia. A elas, “xeitosas cal os xuncos das cañadas” dedicaba Valentín Lamas Carvajal a súa visión poética dunhas mulleres que lavaban a area para sacarlle a terra e deixando as areas limpas xuntan con mercurio as areas de ouro que someterían a temperaturas elevadas posteriormente para deixar libre o ouro tras a evaporación do mercurio.

Despois das referencias ás lendas dos castros de Marce, Mourelos e Vilamirón, emprazamentos aínda lucenses pero xa próximos á ourensanía, fainos chegar da man literaria de Curros; da xornalística do semanario de comercio que levaba por título *El Miño* dende 1857. Non deixa de relatar as versións que daban os seus contemporáneos e mentores ourensáns Otero Pedrayo, que alude ao val heroico escavado no rudo granito das Lonias; Vicente Risco que non deixa no esquecemento o regueiro de Oira que co seu canto monótono, ton alto e espuma branca baixaba polos cimentos das casas; e as mencións de Eladio Rodríguez e Samuel Eiján que ollaban a fuxida preto do Avia e do Arenteiro; e tamén do Arnoia, ao que cantou Lamas Carvajal.

Xa no seu fluír cara a Arbo e Tui, despedimos do noso lugar ao río que con forza humedecera unha ampla extensión interior entre o feminino efervescente que emerxía da terra e onde se erixía como primeiro patronímico de noso a Calpurnia Abana, muller lendaria que puido habitar nos arredores, e o pai caudaloso que nacía na serra luguesa para fraguar, labor documental de don Antonio, a personalidade e o sentir das xentes que o contemplan dende unha ponte de ollada histórica ou o saúdan e acariñan dende as súas beiras.

D. G. C.

Bibliografía

AA.VV (2006): *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999)*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

AA.VV (1989): *Conferencias sobre el río Miño*. Ourense: Caixa Ourense.

Valcárcel, Marcos (1995): *A cidade de Nós*. Ourense: Aula de Cultura Caixa Galicia.

_____ (ed., 2001): *Ourense, craro río, verde val. A cidade na voz dos seus poetas*. Ourense: Concello de Ourense.



Don Antonio, “homo faber”. A orixe do apelido Fraguas

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

1. Don Antonio, *homo faber*

D. Antonio Fraguas, a personalidade a quen se lle dedica o 2019 o Día das Letras Galegas era un *homo sapiens*, un home coñecedor de moitas cousas, pero tamén era sen dúbida, facendo xustiza ao seu nome, un *homo faber*¹, un home que facía, que fabricaba, que construía, un home que se interesaba polas cousas prácticas.

Don Antonio probablemente non pasará á historia por ser un gran teórico, pero si por un bo mangado de traballos e iniciativas, unhas de máis alcance e outras de menos, para conservar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, tanto o material coma o inmaterial. Calquera que repase a súa biobibliografía pode decatarse de que esta foi unha constante na súa vida. Por iso dicimos que é fundamentalmente un *homo faber*, un home que defendeu coma ninguén a importancia da nosa artesanía, os nosos oficios de tecelán, de carpinteiro, de oleiro, de zoqueiro, de ferreiro... En setembro de 2018 celebrouse na Fundación Giorgio Cini na illa de San Giorgio Maggiore, en Venecia, unha exposición con este título de *Homo Faber*, na que se pretendía poñer de relevo o poder da man en combinación co poder da mente, e na que se ofrecía unha visión da mellor artesanía europea, para tratar de demostrar que as persoas poden facer as cousas mellor que as máquinas e que a colaboración da sensibilidade do artesán coa tecnoloxía pode dar lugar a creacións excepcionais. Esta era tamén a maneira de pensar de D. Antonio. Fraguas sabía que o proceso de desenvolvemento tecnolóxico é imparabile, pero este non debe marxinar o poder da creación popular nin da creación artesá: o inimigo da cultura tradicional non é a tecnoloxía, o verdadeiro inimigo desta é a ignorancia e a incapacidade para poder apreciar e diferenciar algo feito con paciencia e con cariño coas mans dos artesáns, coa imaxinación do pobo. A salientar a importancia das creacións culturais do pobo galego, a estudalas, e a preservalas foi ao

¹ Ben é certo que don Antonio está ben lonxe de Walter Faber, o protagonista da novela *Homo Faber. Ein Bericht* de Max Frisch, 1957, na que se pon de manifesto a falsidade da crenza de que a tecnoloxía permite controlar todos os aspectos da vida das persoas.

que dedicou unha parte importante da súa vida e, de maneira especial o seu labor dentro do Seminario de Estudos Galegos, dentro do Instituto Padre Sarmiento e, sobre todo, no Museo do Pobo Galego, institución que axudou a poñer en marcha, que dirixiu dende a súa creación, e da que foi presidente a partir do ano 1989. E case sempre utilizando a lingua galega, a súa lingua de Cotobade, tratando de dignificala como transmisora da cultura do noso pobo. Nese sentido ben lle acae o *fabbro* de Dante no Canto XXVI do purgatorio (v. 117) e na *Divina Comedia*: “il miglior fabbro del parlar materno”.

Pero o título desta achega non se debe só ao feito de que o atributo *faber* lle acae perfectamente ao percorrido vital de D. Antonio, senón principalmente ao feito de que a voz latina *faber* é a que está na base do apelido *Fraguas* que leva o noso homenaxeado.

2. A voz latina *faber*

A voz latina *faber* provén dun protoitálico **faβros*, continuador dun protoindoeuropeo **d^hab^h-* (‘axustar, colocar unha cousa ao lado doutra para formar algo’), co que están relacionados tamén o armenio *դարբին* (*darbin* ‘ferreiro’), o inglés *daft*, *deft*, o lituano *dabà* ‘costume, carácter’ ou o checo *dobrý* ‘bo, útil’.

En latín *faber* era un substantivo da segunda declinación (co xenitivo *fabri*) e designaba tanto o artesán coma, particularmente, o ferreiro (o artesán que traballaba o ferro ou outros metais), pero tamén se utilizaba como adxectivo de tres terminacións (*faber*, *fabra*, *fabrum*) co significado de ‘competente, habilidoso, enxeñoso’. Esta palabra está presente en aforismos tan difundidos coma *Fabricando fit faber* que poderíamos traducir como ‘o oficio apréndese practicando’ ou, máis libremente, como ‘faise o camiño ao andar’; ou *Faber est suae quisque fortunae* ‘cada un é o forxador do seu futuro’.

A voz latina *faber* deixou descendentes en distintas linguas románicas: romanés *faur*, aromanés *favru*, *favor*, dálmata *favro*, italiano *fabbro*, sardo *frau*, *frabbu*, véneto *fravo*, *favaro*, *favro*, friulano *fari*, francés antigo *fèvre*, franco-provenzal *fâvro*, occitano *fabre*, *faure*, catalán *fabre*, español *fabro*, portugués *fabro*. No galego medieval atopo no TMILG tres documentacións dunha forma *fabre*, dúas delas do sec. XIII: *Johan Ffernandez*, *fabre*, *teste*;

Pascual Perez, *fabre*, *teste*; e outra do séc. XIV: *Gonçaluo Garcia et maestre Johan fabre* coengos de Santiago.

3. *Fabrica*, un derivado de *faber*

A partir de *faber* vaise crear no latín un substantivo *fabrica* para designar o taller ou obradoiro onde traballa o *faber* ou artífice. E este substantivo vai adquirir tamén outros significados como ‘a arte ou oficio do artífice’ e ‘a obra creada polo artífice’. Dende esta última acepción mesmo chegou a adoptar o significado figurado de ‘estrataxema ou maquinación’.

Dende o substantivo *fábrica* formouse en latín o verbo *fabricare*, e dende este o substantivo *fabricatio* ‘construción, fabricación’.

4. Continuadores do lat. *fabrica* por vía culta

O substantivo latino *fabrica* consérvase por vía culta nalgunhas linguas románicas co significado de ‘lugar físico, dotado das ferramentas necesarias, no que se elabora ou produce algún obxecto’. É o significado máis habitual desta palabra na actualidade, que atopamos cando dicimos *María traballa na fábrica* ou cando falamos dunha *fábrica de paraugas*. Este uso apareceu na segunda metade do séc. XVIII coa Revolución industrial. Pero a voz culta *fábrica* xa designaba con anterioridade, no ámbito da arquitectura, a edificación construída con pedras ou ladrillos trabados normalmente con morteiro, significado que atopamos, por ex., en *unha fábrica de cachotería*. No Renacemento pasou a designar tamén o propio edificio, independentemente da súa modalidade de construción.

5. Continuadores directos do lat. *fabrica* por vía popular

O latín *fabrica* deixou numerosos continuadores por vía popular nas linguas románicas: it. *fabbrica*, fr. *forge*, occitano *faurga*, *farga*, *forga*, cat. *farga*, bearnés *hargua*, *horga*, esp. *fragua*, port. *frágoa*.

Os resultados galegos autóctonos deberon ser *frauga* e *fragua*. En Ramirás atopamos *Fraugas* en 1240, *Fraugas* en 1274 e *Fraguas* en 1249, 1262, 1268, 1275, 1279 e 1350 (Lucas Álvarez, 1988). *Frágoas*, en diversos documentos de Ramirás, no ano 1292 e posteriores, e en 1331 nun testamento en Ribadavia (Ferro Couselo, 1967, I, p. 80 e 82).

O lat. *fabrica* sufriu aló polo século IV en toda a Romanía occidental a sonorización da oclusiva xorda intervocálica *-k-* (grafía *C*) en *-g-* e a apertura da vogal *ĩ* en *e*, dando lugar a unha forma **fábrega* (cfr. o apelido catalán *Fábregas*) a partir da que se xerou unha variante con metátese **frábega*. Cando se produciu a caída da vogal postónica, **frab'ga*, o *b* que quedou nunha situación implosiva sufriu un proceso de vocalización en *u* e xerouse a forma galega *frauga*, que alternou durante certo tempo coa forma metatizada *fragua* ata que esta última se foi impondo co paso do tempo.

O substantivo galego *fragua*, tal como recolle o DRAG, ten no galego actual dous significados: a) por un lado designa o fogón onde se quentan os metais para despois traballalos ou forxalos. Xeralmente é unha estrutura de pedra ou de ladrillo, cuberta dunha reixa, na que se aviva o lume facendo pasar unha corrente de aire por medio dun barquín ou fol. É o significado que atopamos por exemplo nos versos de Vázquez Taboada (1889: 44) no ano 1889: “E na frágoa quenta un ferro / que ponse roxo en seguida”. b) Por outro lado tamén se coñece co nome de fragua o taller onde se traballa o ferro, que xeralmente ten unha fragua ou fogón. Nesta segunda acepción a voz *fragua* é sinónima de *ferraría* ou *ferrería*. É o significado que atopamos, por ex., en Xosé Luís Parente (1933: 115) cando di “Mentres Nós soñabamos ao ar, ti encerráchete na fragua, e soio, humilde e paciente...”.

6. *Forxa*, un galicismo que vén competir con *fragua*.

A palabra latina *fabrica* deu como resultado en francés *forge*, exactamente cos mesmos significados que acabamos de ver que tiña *fragua* en galego: 1. Atelier où l'on travaille les métaux à l'aide du feu et du marteau; e 2. Fourneau de la forge, muni d'une soufflerie, qui est utilisé pour le travail à chaud des métaux. (vid. *TLFI*, s.v. forge). Este galicismo entrou no galego na Idade Media, non sabemos exactamente cando, pero xa está perfectamente documentado no séc. XIV: en 1387 temos un Johan Peres, dito das *forjas*, vesino et morador da sobre dita çidade” (Graña Cid, 1990: 193). E en 1418, nunha orde do Concello de Santiago, atopamos tres veces esta palabra: “qualquer que tevese de aquy endeante *forja* en sua casa que pagase...”, “e de mays que perdesen as *forjas* e ferramentas con que lavrasen...”, “tirasen de suas casas quaesquer *forjas* que tñinan” (Rodríguez González, 1992: 149). E en 1457 aparece xa en Mondoñedo o derivado *Forján* (Cal Pardo, 1999: 324).

O DRAG recolle estes dous mesmos significados, á parte do de ‘arte e técnica de forxar’:

forxa

substantivo feminino **1.** Arte e técnica de forxar. *A forxa mellora as propiedades das pezas que se traballan, pois aumenta a compactidade da súa textura.* **2.** Taller onde se traballa o ferro. *En Ferreiravella hai forxas con moita tradición.* SIN. **ferraría, ferrería, fragua.** **3.** Lugar onde se quentan metais para poder traballalos. *Os prateiros poñen a prata na forxa antes de traballala.* SIN. **fragua.**

7. O topónimo *Fraguas*


No Nomenclátor das entidades de poboación de Galicia aparece dúas veces o topónimo *A Fragua* (un no concello das Neves e o outro no de Vilanova de Arousa, na provincia de Pontevedra), e sete *Fraguas* (tres na provincia de Pontevedra, nos concellos da Cañiza, Cerdedo e Cotobade; dúas en Lugo, nos concellos de Guitiriz e Vilalba; e dúas en Ourense, nos concellos de Quintela de Leirado e Ramirás). Un dos topónimos que designa unha entidade de poboación está precisamente en Cotobade, a terra onde naceu Antonio Fraguas, o que non vai ser casual porque con toda probabilidade deste topónimo vai provir o apelido Fraguas². Evidentemente a maioría destes topónimos teñen que ver con lugares onde existiron *Fraguas* nalgún momento.

8. O apelido Fraguas

É ben coñecida a orixe toponímica dunha parte importante dos nosos apelidos. Semella natural que para identificar unha persoa, amais do seu nome *Antonio, Denis, Afonso...* se indique o lugar de onde é para distinguila doutras persoas que levan o mesmo nome. Desta necesidade xorden os apelidos que teñen orixe toponímica: de *Manuel do Outeiro* pásase a *Manuel Outeiro*.


² Tamén son abundantes os topónimos continuadores da forma *forxa*, recibida de terras transpirenaicas: hai seis lugares en Galicia que levan o nome da *Forxa* (nos concellos da Laracha e Pontes de García Rodríguez, na prov. da Coruña; Lourenzá, na prov. de Lugo; e Porqueira e Punxín, na prov. de Ourense) e *Forxas* (no concello de Narón).

Se examinamos a distribución actual do apelido galego *Fraguas* en Galicia, vemos que existen 179 persoas que o levan no concello de Cotobade (Pontevedra), 7 na Teixeira (Ou), 21 en Laza (Ou), 18 en Cerdedo (Po), 9 en Campo Lameiro (Po), 164 en Pontevedra (Po), 12 en Ponte Caldelas (Po), 7 en Bergondo (A Coruña), 21 en Marín (Po), 8 en Poio (Po), 6 no Carballiño (Ou), 6 en Verín (Ou), 7 en Redondela (Po), 40 en Vigo (Po), 8 en Santiago de Compostela (C) e 7 na Coruña (C). Esta distribución pode verse no seguinte mapa tomado da *Cartografía dos apelidos de Galicia*:



O concello que presenta un maior número de persoas con este apelido é en termos absolutos, e máis aínda en termos porcentuais, o de Cotobade, de onde era orixinario don Antonio e, onde, como vimos xa, existe un topónimo *Fraguas*, que é con toda probabilidade o que dá orixe ao apelido das persoas deste concello.

Tamén hai setenta persoas, distribuídas en cinco concellos distintos, que levan o apelido *forxa*, o competidor de fragua de orixe francesa, con especial presenza na cidade da Coruña e, de maneira especial na provincia de Lugo, nos concellos de Lugo, Guitiriz, Outeiro de Rei e Meira, tal como pode verse no seguinte mapa:



Conclusión

D. Antonio Fraguas foi un exemplo de *homo faber*, un home forxador de futuro apoiándose no pasado, un home que sempre estivo a pé de obra, que sabía que o camiño se fai andando, traballando pola nosa cultura popular tanto material como inmaterial expresada na nosa lingua propia, o galego. Dun derivado de “faber”, FABRICA, procede o apelido *Fraguas* que leva o noso homenaxeado, e, abofé, que non hai outro que mellor lle puidese acaer. *Fraguas* é con toda probabilidade un apelido de orixe toponímica, que designaba un lugar onde había *fraguas* ou *forxas*, e que a través de expresións do tipo “Antón das Fraguas” ou “Antón da Fragua” (xa na época medieval aparecen exemplos como “Martín Peres das Fraguas” ou “Pedro Perez de Fraguas”) chegou a instaurarse como apelido. No propio concello de Cotobade, do que era natural D. Antonio, hai un topónimo *Fraguas*, do que probablemente tomarían o seu apelido os numerosos veciños do concello que o levan como identificador.

M. G. G.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Bibliografía

- Boullón Agrelo, A. I. e Sousa Fernández, X. (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag/>
- Cal Pardo, E. (ed., 1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo*. Transcripción íntegra dos documentos. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- DRAG: *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/dicionario>
- Ferro Couselo, X. (ed., 1967): *A vida e a fala dos devanceiros*, vol. 1. Vigo: Galaxia.
- Graña Cid, M. M. (ed., 1990): *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de san Martín de Villaoriente (1374-1500)*. Separata de Estudios Mindonienses.
- Lucas Alvarez, M. e Lucas Domínguez, P. P. (eds., 1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Publicacións de Caixa Galicia.
- Parente, J. L. (1933): *Con prisma azul*. Ourense: Imp. y Papelería La Región.
- Rodríguez González, Á. (ed., 1992): *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TLFi : *Trésor de la langue Française informatisé*. CNRS & Université de Lorraine. Disponible en <http://www.atilf.fr/tlfi>, ATILF
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir., 2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg>
- Vázquez Taboada, Á.l (1889): *N-o fiandón. Contos de todol-os cores*. Lugo: Imp. de Gerardo Castro Montoya.

Antonio Fraguas, articulista divulgador da cultura galega

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO

Un trazo moi singular do profesor Fraguas, ademais da súa *bonhomie*, era o de ser un narrador nato, un home que tiña o don de contar as cousas con sinxeleza e claridade. Esta calidade foi salientada por quen se achegaron á súa vida e obra, como Clodio González Pérez, que na primeira das biografías que lle dedicou chamoulle “excelente narrador, admirado por propios e estraños”. Kristin Berving Valentine e Gene Valentine, da universidade de Arizona, pola súa parte, cualificárono de “expert and narrator on Galician Popular Culture” (González Pérez 1998: 50-51). E, por citar outro exemplo, recollo o dito por Xosé López e Daniel Salgado, da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega: “o mestre de Cotobade tiña verdadeira paixón por contar o que viu, viviu e pensou no seu país, na terra dos seus amores e suores” (López/Salgado, 2006: 17). Esta dimensión de narrador sinxelo, de *storyteller* no sentido máis amplo e eloxioso da palabra, foi resaltada tamén por min cando analicei, con visión académica, a súa obra etnográfica; por dicilo en palabras propias de hai uns anos: “Nin por formación, nin por estilo persoal non practicou estratexias do discurso antropolóxico... Pola contra, limitouse sempre a contar historias ‘sinxelamente’, como el gustaba dicir, aínda que eran historias debidamente documentadas” (González Reboredo, 2006: 92).

Non é obxectivo deste escrito descubrir as súas habelencias narrativas como etnógrafo, historiador, xeógrafo ou arqueólogo. Pola contra voume centrar nun aspecto da súa produción intelectual na que os seus coñecementos sobre estas materias, e tamén as súas experiencias vitais, foron postas ao servizo da divulgación da nosa cultura en formas de difusión máis amplas que a revista especializada, ou as actas de congresos, ou os libros de carácter monográfico. É posible que iso me leve a navegar por mares nos que non son especialista, correndo o perigo que embarrancar en cons medio tapados polas augas, ou perder o rumbo na mesta brétema por carecer do oficio necesario para chegar a bo porto. Pero merece a pena seguir estas singraduras porque ocuparon un lugar destacadísimo na obra dun moción de Cotobade que, segundo el dixo en varias ocasións, ía para maquinista no Brasil e acabou sendo unha querida, e admirada, figura da cultura galega (González Reboredo, 1997a:18 ; Vázquez, 1981: 7-8).

Uns cantos datos cuantitativos

Don Antonio adoita ser definido como profesor, historiador, arqueólogo, etnógrafo, xeógrafo ou erudito en xeral, coa única limitación de cinguir o seu ámbito de traballo a Galicia. Unha sinxela enumeración de títulos bastaría para recoñecer que a anterior afirmación é verdadeira. Non obstante quero, antes de nada, chamar a atención non sobre os temas dos seus escritos, senón sobre os medios en que deu a coñecer moitos deles. Porque dende este ángulo resulta que os máis numerosos fóronlle demandados para encher de contidos culturais parte das páxinas de varios diarios ou semanarios. Grazas ao labor do Museo do Pobo Galego en relación cos materiais dispoñibles da súa vida e obra estamos en condicións de cuantificar inicialmente esta faciana do profesor Fraguas¹. Dou a seguir razón da cantidade de artigos seus que acolleron ao longo de setenta anos diversos xornais, advertindo, para curarme en saúde, que ás cifras pásalles como ás armas de fogo, que as carga o demo, e por iso pode haber imprecisións derivadas de problemas diversos, incluídos erros de conta por min cometidos. En calquera caso a miña experiencia nesta contabilidade váleme para afirmar que eses posibles erros, de habelos, supoñen menos do 2,5%:

- 1- *La Noche / El Correo Gallego / O Correo Galego* (1946-1999). Total: 534.
 - 2- *Faro de Vigo* (1973-1990). Total: 311.
 - 3- *O Arauto* (1970-1974). Total: 199.
 - 4- *La Voz de Galicia* (1960-1999). Total: 98.
 - 5- *El Ideal Gallego* (1946-1990). Total: 28.
 - 6- *El Progreso* (1951-1972). Total: 21.
 - 7- Xornais con catro ou menos artigos seus (1933-1992). Total: 17.
(Xornais incluídos neste apartado: *A Nosa Terra; El Compostelano, El Pueblo Gallego; La Voz de Cotobade; Diario 16; Atlántico Diario; Diario de Pontevedra; la Región; Follas de Papel*).
- TOTAL XERAL: 1208.

¹ É moi de agradecer o traballo feito polo persoal do Museo do Pobo Galego no que se refire a ordenar, catalogar e poñer a disposición dos distintos investigadores os escritos e materiais de arquivo de don Antonio Fraguas. Merecen, neste sentido, eloxio Rosa Méndez, responsable da Biblioteca e Arquivo do MPG, e as seguintes persoas que con ela colaboraron ou colaboran: Agustín Paz Elías, Patricia Gómez España, Sandra Vázquez e Ana Mateos.

A case totalidade das publicacións aludidas son sobradamente coñecidas en Galicia e non necesitan especial aclaración. Porén, non é así no caso de *O Arauto*, un semanario portugués con formato de xornal, editado en Santo Tirso baixo o patrocinio da Fundación Cupertino de Miranda. Esta fundación foi creada en 1963 por Arthur Cupertino de Miranda e a súa esposa, Elzira Celeste, e dotada con distintos bens patrimoniais, entre eles o 5% das accións do Banco Portugués do Atlántico. É titular dun Museo, unha Biblioteca e exerce o seu mecenado en asuntos relacionados coas artes plásticas, cultura, educación e organizacións asistenciais. Na actualidade a súa sede está na cidade do Porto, pero naceu en Vila Nova de Famalicão.

Volvendo ás cifras anteriores, podemos facer con elas unhas primeiras valoracións do labor como divulgador de don Antonio. Salta á vista, *prima facie*, a cantidade de colaboracións, nada menos que 1208, é dicir, unha media de algo máis de 17 por ano se tomamos como comezo un artigo de 1929 en *A Nosa Terra*, e os derradeiros no ano da súa morte, 1999. Houbo, evidentemente, períodos sen ningún escrito, especialmente os situados entre 1936 e 1946, época de triste deserto nesta faciana da súa actividade e tamén noutras. En todo caso, cando se converte en persoa que podería ser incluída no gremio dos xornalistas, con especialización en temas de cultura, é a partir de 1950. Dende esta data publica máis do 90% dos seus artigos nos diarios de Compostela, o 100% en *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *O Arauto*, *El Progreso* e *El Ideal Gallego*, e pouco menos desta cifra nos demais medios que acolleron colaboracións súas.

Máis alá dos datos antes reproducidos, dispoño de información para amosar feitos como os períodos de máis acusada presenza nos distintos xornais. Así, a maior parte dos artigos en *El Progreso* coinciden, como é lóxico, cos anos da súa estadía na cidade do Sacramento por ser Catedrático do Instituto Masculino, é dicir, entre 1951 e 1959. En *Faro de Vigo* as contribucións concéntranse sobre todo entre 1987 e 1993, un total de 296 sobre 311. En canto a *O Arauto*, don Antonio foi un constante correspondente entre 1970 e 1974. Curiosamente o período máis fecundo neste tipo de actividade é o dos últimos anos da súa vida, entre 1990 e 1999, con 313 artigos en *El Correo Gallego/ O Correo Galego*, 177 en *Faro de Vigo*, 65 en *La Voz de Galicia*, 2 en *El Ideal Gallego* e 2 en *Diario 16*, o que supón máis do 45% da súa produción xornalística concentrada cando era xa un home de avanzada idade. Quizais isto se deba a factores como que foi unha persoa moi activa,

eivas propias da idade á parte, ata case o final dos seus días neste mundo, pero tamén a que, segundo me indicou un periodista veterano que o coñeceu ben, era considerado como un “comodín” pola súa disposición a responder a chamadas dos medios de comunicación para que escribise sobre temas culturais diversos, unha manifestación máis da súa xenerosidade intelectual.

Deixando as cifras e procurando os temas

É hora xa de abandonar por un tempo os datos estatísticos para achegármonos aos contidos dos seus escritos, non sen insistir, antes de nada, en que se trata de artigos de xornal, é dicir, limitados na súa extensión. Como non me sentín con forzas, nin con tempo, para ler, ou volver a ler, todo o material que don Antonio nos legou, orientareime, en principio, polos títulos para coñecer os temas abordados por el. E con esta guía resulta que, en liñas xerais, se trata de contribucións sobre: a) temas de cultura popular, nos que utiliza con frecuencia datos do seu Cotobade natal— celebracións festivas, lendas, xogos, cuestións da vida cotiá, refráns e cantigas etc—; b) asuntos relacionados coa Xeografía e a Historia, incluídos temas de contido local; c) escritos sobre diversos personaxes e institucións —escritores, compañeiros de preocupacións culturais, artistas etc.—; d) noticias ou recensións de libros e revistas; e) por último, o inevitable apartado de temas varios, caixón de xastre no que caben artigos de moi diversos contidos.

Como mostra máis concreta da temática por el cultivada, vou recorrer a unha escolma de artigos publicados en *La Voz de Galicia* e *O Correo Galego* entre 1992 e 1999, reunidos nun libro editado polo Consello da Cultura Galega. Na revisión deste conxunto apréciase que en cada un dos xornais seguiu camiños distintos (López/ Aneiros/Salgado, 2006). Así, os 39 de *La Voz*, todos do período 1992-1994, son froito dun proxecto premeditado, ben por iniciativa propia, ben por suxestión do xornal. En efecto, neles don Antonio fai un percorrido pola micro-xeografía de Compostela, describindo os lugares e lembrando sucedidos ou datos a eles asociados. A temática elixida permítelle evocar a Praza de Cervantes, as Praterías, a Quintana, o Tournal, a Rúa Nova, a Praza de Abastos, a Peixaría Vella, o Campo da Angustia, a Ferradura, Belvís... e outros moitos recunchos da cidade do Apóstolo, os que quedan así definidos na súa forma física, mais tamén na alma que os seres humanos lle foron imprimindo ao longo dos tempos.

Diferentes son os contidos de 35 artigos que saíron á luz en *O Correo Galego*. Neles predomina a variedade temática e tampouco se centran nunha soa localidade. De todos modos apréciase un dominio forte dos temas de cultura popular, como festividades —Nadal, As Candeas, Domingo de Ramos, Entroido, os Maíos, o San Xoán, romarías, o Santiaguíño de Padrón, o magosto, as Ermidas...—, outras cuestións folclóricas —cantos, esolladas, o sol no cantigueiro, a infancia rural de antano...—, e tamén uns poucos lembrando persoas concretas—Xaquín Lorenzo, o escultor Uxío Souto, Ramón Otero Pedrayo—. Hai, por outra parte, dous que tratan de temas máis diferentes. No primeiro, publicado o 3 de xullo de 1994 baixo o título “Apuntamentos dos comezos da radio. E.A.J. 4 Unión Radio Galicia. Compostela”, dá noticia do nacemento da radio na Compostela da década de 1930, con emisora instalada en San Domingos de Bonaval e oficina na Praza da Universidade. A singularidade deste escrito vén dada porque nesta ocasión don Antonio nos informa de vivencias persoais, xa que foi el mesmo un dos locutores das primeiras emisións, nas que introduciu a lingua galega. O outro, titulado *Lembranzas da saudade e da tristeza*, aborda o tema da saudade, tristura ou morriña producida pola ausencia da terra. Foi publicado o día 24 de xaneiro de 1999, e meses despois, o 5 de novembro, don Antonio deixou este mundo dos vivos para pasar a residir no ceo dos bos e xenerosos, alá onde non vai sentir morriña por toda a eternidade.

Para rematar esta visita rápida á obra xornalística do profesor Fraguas, é obrigado dicir dúas cousas sobre as colaboracións en *O Arauto*, breves polo período en que se publicaron, 1970-1974, mais abondosas pola cantidade. Unha primeira peculiaridade destes escritos é sinxela de resumir: don Antonio aparece como colaborador cotián nunha publicación editada en Portugal, cousa bastante insólita hai anos, e mesmo tamén no presente. Pero máis interesante aínda é que actúa de xeito moi diferente a como o fai nos xornais de Galicia, pois neste caso non é un articulista que escribe sobre temas culturais, senón un delegado de prensa que envía noticias diversas ao medio ao que está vinculado; ou sexa, que actúa como os que no periodismo profesional son definidos como *correspondentes informativos*². Para amosar isto de maneira práctica fixen unha sondaxe en números dos anos 1973-

² Agradezo a Benxamín Vázquez, periodista profesional durante moitos anos, os comentarios que me fixo sobre esta faciana do oficio de xornalista do profesor Fraguas.

1974, nos que aparece como asinante dunha sección, *Carta da Galiza*, con noticias do seguinte tipo:

Número 112.- Carta dos bispos galegos sobre a etapa de reflexión preparatoria do Concilio Pastoral de Galicia.

Nº 113.- 1-A Papeleira de Dodro. 2-Banco Industrial de Galicia. 3- Feira Mundial de Pesca de Vigo.

Nº 114.- 1- Feira de Pesca de Vigo. 2- Invento do profesor de Mestría Industrial de Santiago de Compostela, D. Juan Portela Seijo.

Nº 174.- 1- Os accesos a Galicia continúan co mesmo ritmo. 2- Graxas modelo na comarca de Betanzos. 3- X Concurso Internacional da Camelia.

Nº 154.- Nomeamento de fillos adoptivos de Santiago dos Sres. J. Guerra Campos, J. Cerviño e J. Precedo Lafuente

Entendo que non é necesario citar máis exemplos sobre esta actividade xornalística de don Antonio. En consecuencia, abandono definitivamente o xornalismo diario ou semanal para pasar a amosar outra cara súa de divulgador cultural.

Don Antonio, colaborador en revistas

Non tan abundosa, mais non por iso menos interesante, é o seu labor como colaborador en distintas revistas. Para non recargar este escrito de referencias, cinguireime a sinalar que escribiu para revistas da emigración, como *Lar. Revista de la Asociación gallega de Beneficencia y Mutualidad* (Buenos Aires), onde se deron a coñecer 9 artigos seus entre 1951 e 1960, sempre con motivo da festividade do Apóstolo Santiago, ou *Mundo Gallego. Órgano del Centro Gallego de Madrid*, na que publicou un artigo no Nº 29, de 1971. Mais a revista que coñeceu unha maior actividade de don Antonio foi unha editada en Galicia, primeiro en Vigo e máis tarde en Lugo, para retornar a Vigo ao final, a ben coñecida *Vida Gallega*. Despois dun percorrido por esta publicación, atopei un total de 46 contribucións súas entre 1955 e 1961, das que 11 están relacionadas co que podemos definir como Etnografía/Folclore. Nestas últimas pasa revista a costumes, literatura oral, crenzas ou prácticas relacionadas coa noite de San Xoán, lendas do río Miño, lembranzas do Nadal, costumes de fin de ano, a festa dos Reis Magos, un sermón satírico de Pascoa do que falarei despois, o traxe tradicional, a Semana Santa campesiña e os cemiterios rurais.

Se as publicacións anteriores viron a luz nunha época pouco favorable á lingua galega, máis adiante, entrados os anos 80, será colaborador, agora en galego, da revista *Outeiro*, unha publicación que pode definirse como “de empresa”, pois foi editada por Caixa Galicia. Xa no número 1, de 1981, figura unha interesante entrevista que lle fixo o periodista Benxamín Vázquez, e en anos sucesivos, ata 1988, apareceron un total de 18 artigos da súa autoría, dedicados a persoeiros como Afonso R. Castelao, Vicente Risco, Antón Losada Diéguez, Victoriano García Martí, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisca Herrera y Garrido, Eduardo Pondal, e Florentino López Alonso Cuevillas, mais tamén outros centrados en costumes e celebracións populares.

Despois de dar os anteriores datos de conxunto, vou varrer *pro domo mea*, deixando por iso de lado a variada temática presente tanto nestes escritos de revista xeral como en xornais diarios para centrarme con preferencia naqueles de contido relacionado coa Etnografía/Folclore. Con todo, non o farei dende unha perspectiva estritamente etnográfica, senón poñendo en relación as súas descricións de costumes, crenzas e manifestacións materiais da cultura popular, rural en esencia, co periodismo e a literatura costumista. Porque lembro de novo que esta miña contribución non pretende xirar arredor do Fraguas etnógrafo, senón da súa relación con esta póla menor, aínda que non carente de valor, da literatura.

Eivado de coñecementos arredor da literatura de costumes, valereime dun bastón que asegure os meus pasos. Para iso acudo a un máis que veterano analista e recopilador de textos de costumismo literario, Evaristo Correa Calderón, quen sinala as febles fronteiras entre esta e outras formas de facer literatura, ou entre a creatividade literaria e descricións máis popias de saberes como a Etnografía ou a Historia. En palabras súas:

En su modalidad retrospectiva, por ejemplo, es muy frecuente que el cuadro típico se entreviera con la divagación histórica, necesaria en muchos casos para la comprensión de lo expuesto.

Del mismo modo, suele producirse la aleación del costumbrismo con la geografía humana, la historia interna, le descripción etnográfica, hasta el punto de que pueda dudarse si tanto como cuadros de costumbres deberíamos considerarlos como estudios folklóricos (Correa Calderón, 1964: LXXIV).

É certo que os escritores costumistas tenden a construír os seus textos mediante o recurso de introducir os costumes ou crenzas populares en tramas creativas e con personaxes de ficción que non reflicten o típico informador real do etnógrafo ou folclorista, senón que son protagonistas imaxinados da citada trama. Nestes casos a literatura gaña a batalla, malia o seu valor como mostras dunha cultura popular, como amosou o propio don Antonio nun traballo sobre a presenza do folclore na obra de Emilia Pardo Bazán (Fraguas, 1974-75). Pero hai moitos outros escritos nos que a trama de ficción é case inexistente, e os personaxes, mesmo se son sacados do seu contexto, responden a modelos reais que o autor coñeceu no seu traballo de campo ou na súa experiencia vital. Cando é así, non se pode asegurar que a dimensión creativa desapareza de todo, pero o discurso achégase de xeito máis claro ao realismo etnográfico.

Como estou case a superar o espazo que me foi aconsellado, renuncio a dar noticia demorada de escritores galegos que navegan entre a literatura e a descrición etnográfica, histórica, xeográfica ou artística, moitos deles mestres e compañeiros de inquedanzas de don Antonio, como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. A. Cuevillas, Xosé Ramón Fernández-Oxea ou Xosé Filgueira Valverde. Porén, non deixarei de citar un importante precedente, o gran xornalista Alfredo Vicenti (Durán, 1984; Cores Trasmonte, 2009), quen nos deixou unha colección de artigos sobre a comarca da Ulla nos anos 70 do século XIX de moi boa calidade dentro do periodismo literario, pero tamén descrições etnográficas dun observador atento á vida cotiá das aldeas desa comarca mentres residiu temporalmente na parroquia de Santo Estevo de Oca, o que o converte nun nome necesario de incluír na etapa da historia dos estudos de Antropoloxía Cultural de Galicia que se pode definir como a da Antropoloxía sen antropólogos de oficio (González Reboredo, 1997b: 46).

Chegados a esta altura do meu discurso, non estaría verdadeiramente completa a visión desta parte da produción escrita de don Antonio se non amosase o seu estilo creativo por medio de mostras concretas. E iso é o que me propoño facer a seguir.

Uns contados exemplos do paso da Etnografía á creación literaria

Se nos achegamos de novo ás fontes que utilizou o profesor Fraguas na súa condición de etnógrafo, atopamos as seguintes:

A) Os datos que puido coñecer por vivencias ou reunir mediante informadores directos. Entre eles destacan os da súa terra natal de Cotobade, membros da súa propia familia incluso, pero tamén os que coñeceu noutros lugares, por exemplo na terra de Melide, ou no lucense Saviñao, onde investigou cos demais membros do Seminario de Estudos Galegos.

B) Informes indirectos que lle facilitaron diversas persoas coñecedoras de aspectos concretos de tradicións populares locais.

C) Información tomada de escritos debidos a lingüistas, etnógrafos, historiadores, xeógrafos e creadores literarios.

En conxunto pódese dicir que esta forma de reunir materiais para construír o discurso etnográfico/folclórico é moi propia dos investigadores do século XIX e das primeiras décadas do XX, con prolongacións ata o presente (González Reboredo, 1997b: 42-58; 1999: 53-65; 2006: 93-100). Mais o que agora procede sinalar é que este mesmo tipo de materiais son os usados para os seus escritos de divulgación, con matices que van dende unha total coincidencia estilística con escritos considerados etnográficos *stricto sensu* ata os que teñen unha maior carga de creatividade literaria.

Tomemos, para comezar, mostras dun primeiro nivel, nos que a diferenza entre uns e outros escritos é nula. No ano 1953 publica don Antonio un artigo nunha revista académica editada en Salamanca sobre prácticas arredor do lume en Galicia. Organízase o texto cunha introdución xeral, seguida, sen intermedio, dunha peza de teatro popular, representada na parroquia lucense de Meda³ pola Pascua baixo o título xenérico de *Dulcinea* (Fraguas, 1953). Pasados uns anos, en 1957, dará a coñecer, en *Vida Gallega*, unha breve contribución titulada “El sermón de Duarría”, na que tamén comeza cunhas notas xerais sobre as corridas de galos da Terra Chá lucense, e representacións teatrais asociadas, reproducindo a

³ A parroquia citada no texto de don Antonio é Santiago de Meda, do concello de Castroverde, situada no lindeiro SE. da Terra Chá, non lonxe da parroquia de Duarría, que menciono despois.

continuación o texto dun dos *sermóns* que acompañan a esta práctica, o da parroquia de Duarría (Castro de Rei), característica peza satírico-burlesca propia de tempos de Entroido, aínda que tamén da Pascua. Unha sinxela comparación entre estas dúas publicacións pon de manifesto que non hai distancia estilística apreciable entre unha e outra, sacado a extensión, maior na primeira que na segunda. Nos dous casos exerce como un folclorista clásico interesado en dar a coñecer novos materiais, obtidos directamente ou por medio de informadores diversos. Estamos, en suma, nese *nivel cero* no intento de distinguir entre o investigador e o articulista creativo. Cousa diferente sucede con outras mostras que paso a comentar.

Na mesma revista *Vida Gallega*, ano 1955, don Antonio deu á luz un artigo sobre unha lenda do Castro Pedro, da comarca de Melide (Fraguas, 1955). Este castro fora catalogado por Ramón Otero Pedrayo, Xosé Pena e o propio profesor Fraguas durante os traballos de campo levados a cabo antes da guerra civil polo Seminario de Estudos Galegos. Seguindo o modelo de ficha para catalogar castros elaborada polo SEG, que contaba cun apartado dedicado a folclore, no Castro Pedro recolleron de veciños da contorna diversas lendas, entre elas unha, moi común en Galicia, que fala dunha dama encantada e dun proceso frustrado de desencantamento. A lenda foi, sen dúbida, sometida a retoques para adaptar un relato tomado da oralidade á súa reprodución nunha publicación de carácter “culto”, cousa normal en moitas mostras de literatura oral reunidas por folcloristas (VV.AA., 1933: 77-79). Mais no caso do artigo de *Vida Gallega* a transformación é moito maior, pois nel don Antonio recrea o relato con evidente estilo literario. O cambio da narración etnográfica pola imaxinación literaria agroma xa no comezo, con parágrafos como:

He visto muchas veces la niebla cercenando la cúpula de Castro Pedro, atalaya de las cumbres de Mellid. Cada vez que la veía subir o bajar me parecía que el tiempo caminaba en una dirección, hacia la lluvia o la bonanza. Estaba equivocado. Hace poco, una joven y un niño me explicaron la razón de aquellas nieblas siempre celosas de velar la corona del castro. Lo sabían muy bien porque se lo había referido muchas veces su abuelo, Pedro da Revolta, y hasta su bisabuela, la señora Rosa de Soutolongo.

Continúa despois o escrito cunha certa fidelidade ao texto publicado no catálogo de castros de Melide, pero, en calquera caso, sempre nun estilo máis creativo, pois, por exemplo, o protagonista humano da versión orixinaria é un “endivido deste país”, o cal pasa a ter nome propio na ficción elaborada polo escritor Fraguas: Emilio, o mouro, que lle dá tres moletes para liberar a tres “Madamitas” encantadas, pasa a ser o descendente do rei mouro pai delas; e tanto o citado Emilio como a súa muller non volveron xamais ao lugar e foron felices sen o tesouro que gardaba a dona encantada, algo que non figura na lenda recollida no seu día.

Gustaríame seguir comentando outros emotivos escritos de don Antonio, como o titulado *Perfeutiño de Rebordelo*, publicado en 1971 na revista *Mundo Gallego* (Fraguas, 1971), no que recrea a vida dun personaxe singular da parroquia de Rebordelo, no Cotobade natal. Non obstante, para non alongar estas liñas, limitareime a lembrar outro artigo seu, este en lingua galega, a diferenza dos anteriores, que están en lingua castelá. Para iso abandono a temática da cultura popular e retrocedo á primeira época do profesor Fraguas como escritor. En efecto, nos mesmos inicios desta súa vocación, cando aínda non cumprira os 24 anos, publicou en *A Nosa Terra* un breve texto datado en maio de 1929 e titulado *Unha serán na catedral*. Nel relata imaxinativamente unha visita á basílica compostelá, cobrando vida no seu texto personaxes como o rei David das Praterías ou diversas figuras bíblicas do conxunto do Pórtico da Gloria, retratados con parágrafos como os seguintes:

No meio dos mariñeiros había un rapaz que daba eispricazóns do moimento, cada verba era unha barbaridade, verdadeiras herexías artísticas... Así continuou a laboura deica que os Santos decidiron abrir o libro, que teñen sempre na mau, i-enteirarse de se alguen fixera unha xudiada con eles e non estaban no mesmo lugar en que os puxera o mestre Mateu. Pasaron duas ou tres follas e despois de curta discusión San Marcos pechou o libro, púxose á beira da porta e dixo: como non cales pínchote de cabeza nas pedras da praza.

O rapaz escomenzou a tremer e calou porque viu que San Marcos sinalaba co dedo o vieiro que iba percorrer se non facía caso. Os mariñeiros miraron de reollo e colleron pr’a rúa; entrantes o mestre Mateu, con medo a que alguen creese nas verbas do rapaz, borrou a carteliña.

Basta a mostra para ver a creatividade de don Antonio neste escrito. Pero hai outra parte da mensaxe que non se descobre nos parágrafos reproducidos, a do seu galeguismo militante, que acabará silenciado e reducido ao máis íntimo do seu ser anos despois, a partir de 1936. E ese galeguismo agroma no parágrafo final, onde nos di: “David continúa tocando na viola con máis ledicia, ollando chegar logo o día da redenzón en que ás portas da eirexa compostelán ouvírase o Himno da Nosa Terra” (Fraguas, 1929).

Nota de despedida

Un antropólogo norteamericano, Clifford Geertz publicou nos anos 80 do século pasado un libro que, na tradución ao castelán, leva por título *El antropólogo como autor*. Considerado como referencia obrigada nas análises dos recursos estilísticos aos que recorren os especialistas en Antropoloxía socio-cultural para construír os seus textos, o lugar central da obra é salientar que o antropólogo ten que convencer aos seus colegas e lectores de que deben tomar en serio o que el está narrando, para o cal a escritura, é dicir, o estilo expositivo, intervéen de maneira decisiva. Por dicilo nas súas propias verbas: “así las cosas, la antropología está más del lado de los discursos ‘literarios’ que de los ‘científicos’” (Geertz, 1989: 18). Nesta liña de análise dos textos etnográficos como relatos tamén literarios están antropólogos como G. E. Marcus e D. E. Cushman, quen se ocuparon do *realismo etnográfico*, propio do estilo dos textos con contido antropolóxico e, para iso, botaron man de marcos de referencia da crítica literaria contemporánea, especialmente a perspectiva retórica (Marcus/Cushman, 1991[1982]: 200-204). Marilyn Strathern, pola súa parte, utiliza o concepto de *ficción persuasiva* para definir o feito de que os antropólogos escriben sobre mundos diferentes dos dominantes na macro-civilización occidental usando termos, ideas e conceptos propios desta civilización, é dicir, que falan de *outros* mediante discursos propios do *nós* —no caso dos folcloristas diríamos que dos *outros* que viven dentro do *nós*— (Strathern, 1991[1987]: 224-228).

En Galicia non foi moi cultivada a análise da construción creativa dos textos dos nosos etnógrafos, aínda que aparece nalgunha contribución illada a este asunto (González Reboredo, 1996). No que respecta á obra de don Antonio, contamos cunha pequena incursión en canto ao seu estilo á hora de escribir sobre Etnografía/Folclore (González Reboredo, 2006: 109-

113). Pero quedan por analizar moitos outros escritos seus, como tamén queda por afondar máis sobre o seu labor de articulista, cuestión da que eu me limitei a dar unhas poucas ideas. Invito, neste sentido, a que xente esperta no ámbito da comunicación escrita se anime a ampliar, ou corrixir, as observacións que fixen nas liñas precedentes, dedicadas a un home de ben do que tiveron o honor de ser alumno e, tempo despois, colaborador seu en actividades do Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Real Sociedade Económica de Amigos do País da Cidade de Santiago.

X. M. G. R.

I. E. I. Museo do Pobo Galego
Santa María de Biduído, xaneiro de 2019

Bibliografía

- Cores Trasmonte, B. (2009): *Alfredo Vicenti. Vida y obra de un gran periodista*. Madrid: Ediciones APM.
- Correa Calderón, E. (1964): “Estudio preliminar”, en *Costumbristas españoles. Tomo I*. Madrid: Aguilar, 2ª edición, pp. 9-140.
- Durán, J. A. (ed., 1984): “Libro-1. A orillas del Ulla (Perfiles gallegos). Por Alfredo Vicenti”, en *Aldeas, Aldeanos y Labriegos en la Galicia Tradicional*. Madrid/Santiago de Compostela: Ministerio de Agricultura/Xunta de Galicia, pp. 9-123.
- Enriquez Morales, M. J. (2006): “Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia”, en C. García Martínez/Mª J. Fernández Cerviño/X. M. González Reboledo, *Antonio Fraguas Fraguas. 1905-1999*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 152-179.
- Fraguas, Antonio (1929): “Unha serán na catedral”, *A Nosa Terra*, 261, pp. 9-10.
- _____ (1953): “Notas sobre el fuego en Galicia. La farsa de Dulcinea o la quema de la Pascua”, *Zephyrus. Crónica del Seminario de Arqueología y de la Sección Arqueológica del Centro de Estudios Salmantinos. Homenaje a Cesar Morán*, tomo IV, pp. 401-415.
- _____ (1957): “El sermón de Duarría”, *Vida Gallega*, 757, p. 18.
- _____ (1958): “La ronda de la muralla”, *Vida Gallega*, p. 739.
- _____ (1971): “Perfeutiño de Rebordelo”, *Mundo Gallego*, 29, pp. 11-12.
- _____ (1974-75): “La condesa de Pardo Bazán y el Folklore”, *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, anos X-XI, 10-11, pp. 55-96.

- Geertz, C. (1989): *El antropólogo como autor*. Barcelona: Ediciones Paidós.
- González Pérez, C. (1998): *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*. Vigo: Ir-Indo.
- González Reboredo, X. M. (1996): *La construcción del texto etnográfico a través de dos autores*. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos-CSIC.
- _____ (1997a): “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino*, 17, pp. 13-34.
- _____ (1997b): “Do nacemento do Folklore ós nosos días”, en X. M. González Reboredo (coord.), *Galicia. Antropoloxía*. A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXIX, pp. 37-67.
- _____ (1999): “A construción da identidade galega entre o século XIX e o XX. O papel do Folklore e da Etnografía”, en M. Gondar Portasany (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. III-Antropoloxía*. Santiago: Museo do Pobo Galego, vol. I, pp. 51-69.
- _____ (2006): “O etnógrafo Antonio Fraguas”, en C. García Martínez/ M^a-J. Fernández Cerviño/X. M. González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas. 1905-1999*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, pp. 90-117.
- López, X e D. Salgado (2006): “Limiar”, en *Antonio Fraguas. Polas catro témporas. Colaboracións en La Voz de Galicia e O Correo Galego (1992-1999)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- López, Xosé, R. A. e Salgado, D. (eds., 2006): *Antonio Fraguas. Polas catro témporas. Colaboracións en La Voz de Galicia e O Correo Galego (1992-1999)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Marcus, G. E. e Dick E. C. (1991 [1982]): “Las etnografías como textos”, en *El surgimiento de la antropología posmoderna*. México: Gedisa. pp. 171-213.
- Strathern, M. (1991[1987]): “Fuera de contexto. Las ficciones persuasivas en antropología”, en *El surgimiento de la antropología posmoderna*. México: Gedisa, pp. 214-253.
- Vázquez, B.(1981): “El profesor Antonio Fraguas pudo ser un maquinista de trenes en el Brasil”, *Outeiro. Caixa de Aforros de Galicia*, 1, pp. 7-9.
- VV. AA. (1933): *Terra de Melide*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Gallegos.

Sete graos de Granada

BIEITO IGLESIAS

A Italia, que non á patria *delle mezze calzette*,
e a don Antonio Fraguas, patriota do berce, do niño e do lar.

“Encanto haxa un mendigo, haberá mito”.

Libro das pasaxes, W. Benjamin

Brillaba o sol no xardín que rodea a Galería Borghese, por fortuna deixara de chover aí polas dez, cando apañei un taxi en Termini disposto a pasar unhas horas ao acollido. Xestionara a entrada por teléfono dende o hotel e apenas tiven que esperar dez minutos que ocupei examinando as pinturas exhibidas nun banco do parque por unha pintora enxoita e de parla meleira. Sempre me entra un certo desasosego en presenza destas criaturas fráxiles que elixen vivir en precario, dependentes do capricho de transeúntes distraídos que se resisten a comprar mercadorías dubidosas, fabricadas por unha lexión de infelices. Roma está chea de pretos que venden todos o mesmo tareco de madeira (unha especie de prato con varias cuncas, para servir un aperitivo de froitos secos ou así) e de indostánicos que ofrecen castañas artisticamente amoxetadas co bullote á vista envolto nunha tira de casca. Comparada con eses gremios, esta pintora representa a vida do espírito, un restroballo do ideal romántico da artisticidade. Como Proserpina, foi arrebatada por unha deidade cruel (polo vulcanismo do Xenio) e permanece atada a este xardín e a esta forma de vida bohemia. O símil non procede dun levante quimérico da miña imaxinación, sucede que a artista está comendo unha apetitosa granada e sabemos por Ovidio que Proserpina non puido fuxir do reino plutónico inferior porque mastigou sete graos desa froita, violentando a abstinencia prescrita polas Parcas que lle tería consentido o regreso ao Olimpo.

Xa no interior da galería puíden deleitarme co mármore do corpo da deusa labrado por Bernini con tal sutileza que semella carne trémula, na que se entalan os dedos do deus ladrón. Acordeime dun meu profesor de arte, o crego Ares Espada, que cando explicaba filminas con imaxes deste tipo profería dúas palabras (“carnes mórbidas”) que dicían lascivas nos seus castos labios. Ah, as condenadas palabras que sempre traen apegado o pole das reminiscencias! *Recanto in sé il passato, la lingua, a differenza della matematica, trascina all' indietro. È questo il significato di Euridice*. A reflexión é de Steiner

pero, neste ámbito, seica campá mellor en versión italiana de Giampaolo Rugarli. O *effetto Euridice* atacou de novo cando me plantei diante do cadro de Lucas Cranach, o Vello, onde aparece Venus e o Amor co *favo di miele*, porque entre os meus árcades mortos erixíase a faba do mel en epitome da dozura (estou oíndo a avoa Ermesinda ponderando o sabor dunha pavía enrudecida: “É como a faba do mel”). A pesar do nome leguminoso, a vella aludía ao alvéolo de cera dos cortizos, a un favo que non a unha faba. Abandonei a pinacoteca e as salas dedicadas á escultura de Bernini ou Canova convencido pola sabedoría de Xúpiter, que mediou entre o raptor Plutón e Ceres, a nai desconsolada da divina garota siciliana, establecendo un réxime de convivio de seis meses con cada unha das partes. Proserpina moraría medio ano nos arredores do Etna, ao pé dun lago cheo de cisnes, e outro medio nas ribeiras do Estixia. Un plano similar foi concibido polo meu amigo, poeta e dramaturgo Millán Picouto, quen alterna meses de residencia florentina con outros de inmersión en Oria, a nosa cativa cidade natal que non podemos abandonar de todo dende o momento en que alí papamos, nas viñas pé do río, sete uvas da caste verdello rubio madurecidas xa nos soles de xullo. Eu pensei en explorar un arranxo igual dende que me aposentei a principios de ano, tras recibir dos meus xa exalumnos unha emotiva despedida co agasallo dunha caneta marca Morellato que loce o meu nome e patronímico inscritos no capuz e que trae un cartonciño onde figura a *Garanzia di Autenticità: classe, raffinatezza, qualità, trovano la massima espressione nelle penne Della collezione Morellato, nate Della creatività de Antonio Carraro*. Graciñas, rapaces, aquí estou en Roma por ver se me afago ou acubano (acubanábanse os emigrantes da miña estirpe que marchaban ao Caraíba e volvían con bengala de bambú e chapeu de *pajilla*, conversos en caricatura dun *chulo de playa*). É ben verdade que, por causa dalgunha malfadada moda filmica, veñen a estas partes nos últimos tempos moitos norteamericanos — máis ben norteamericanas — en procura dun *latin lover*, do *dolce far niente* e demais tópicos resesos nos que xa só acreditan os ruminantes de goma mastigable. É máis doado encontrar na vía do Corso a unha imitadora de Julia Roberts acompañada dun belo profesor de italiano que o eco das antigas carreiras e festas de entroido presenciadas por Goethe ou Dickens.

Un segundo taxi déixame no cemiterio acatólico do Testaccio onde camiño pola grava atuando as conteiras de goma das caxatas, entre túmulos que me levan á derradeira morada de Shelley e despois, xa trepando herbiña

tenra, á lápida ornada cunha lira de Keats. Grallan os corvos unha oda á melancolía e non me imaxino por aquí un rousinol canoro con tantos gatos grandes, grosos e atigrados que se despreguizan sobre as campás. No outro extremo da necrópole hai un ramo de flores vermellas sobre as cinsas de Gramsci.

*Non puoi,
lo vedi?, che riposare in questo sitio
estraneo, ancora confinato. Noia
patrizia ti è intorno. E, sbiadito,
solo ti giunge qualche colpo d'incudine
dalle officine di Testaccio...
Tra i due mondi, la tregua, in cui non siamo.
Scelte, dedizioni...altro suono non hanno
ormai che questo del giardino gramo
e nobile, in cui caparbio l'inganno
che attutiva la vita resta nella morte.*

Recito pola edición de Visor e contemplo na capa do libro a foto do poeta coas mans nos petos da gabardina, estacado no mesmo sitio en que eu estou atalora. Lamentablemente non acredito no mito do bo salvaxe nin na súa encarnadura en avatar de *ragazzo di vita* pero como non amar os versos que o corsario lírico dedicou a un arrabaldo cuspidado a aquel no que eu nacín poucos meses despois de que visen a luz estas estrofas:

*Ai loro rioni,
alle loro borgate, tornano su motori
leggeri –in tuta o coi calzoni
di lavoro, ma spinti da un festivo ardore-
i giovani, coi compagni sui sellini,
ridenti, sporchi. Gli ultimi avventori
chiacchierano in Piedi con voci
alte nella notte, qua e là, ai tavolini
dei locali ancora lucenti e semivuoti.
Stupenda e misera città,
che m'hai isegnato ciò che allegri e feroci
gli uomini imparano bambini.*

As primeiras horas da tarde son desapacibles, da parte do Tibre verdecente vén un biruxe fresco e aquí, na praciña que esconde o palazzo

Ricci, *La casa della vita* na que morou Mario Praz, sorpréndeme unha chovisca importuna. Amólame sobre todo porque non permite que voe o pensamento en levantes perdigueiros, ora imaxinando o interior amoblado con cisma de anticuario; ora superpoñendo á autobiografía do Mario o filme de Visconti que o retrata traizoándoo (sinto unha melodía nalgunha estancia do pazo e camiño sobre as pernas atléticas de Burt Lancaster, non sobre os meus ferranchos ortopédicos, á procura do salón en penumbra no que se celebra un guateque amenizado pola voz de Iva Zanicchi e un tema orixinal de Roberto Carlos); e aínda retroceder na memoria mariana endeica 1933 cando lle escribiu un poema a unha moza de elegancia cretense despois dunha excursión en veleiro a Bocca di Magra: *Tu sei per me come una dalia / Splendono nella sera violeta dei giardini del nord / Gialli, rosse, lilla / Fiori geometrici dagli angoli risentiti / Fiori primonati, prima che i fiori avessero profumo*. Ao mercado das Flores me dirixo, porque o paseo pola via Giulia tórnase un martirio de lastros negros e mollados, esvaradizos, de modo que renuncio a engolfarme na banda sonora de *Grupo di famiglia in un interno* (*La mia solitudine sei tu*, Iva, *Quantas veces eu pensei voltar*, na versión príncipe de Roberto Carlos) e marchó tateando o chan coas bengalas canadenses cara as rúas máis concorridas nas que os acordeonistas romenos repiten como discos raiados o tema d' *O padriño*. Tomei un café no Mercado e deseguida tirei cara ao Panteón onde me acollín da *pioggia di marzo*. Leváronme lástima os cabalos xunguidos ás calesas que agardan para pasear os visitantes do monumento, porque se cansan de esperar paralizados como estoas e alzan alternativamente os pesuños de tras para descansalos. Escampou e chamoume unha música rueira, algún benemérito Hamelín tanxía *Amapola* na flauta e alá que me fun por se daba con Jennifer Connelly bailando de nena nun fotograma de *C'era una volta in America*. Doíanme as maos, castigadas polo roce das caxatas, e os ortopédicos entalados na carne das nádegas, pero con todo arribei ás inmediacións da Fontana di Trevi a tempo de fruír a *dolce vita* en forma dunha sabedeira pizza napolitana. Por aqueles rueiros corría James Bond empós dun espía malévolo nun libriño que me regalou a miña tía Amelia Felisinda pola doceava festa de anos. Perdino e xa non teño maneira de regresar á emoción daquela aventura que partillei con outros raparigos do meu tempo. Fumei en homenaxe ao Fleming borreador que encargaba de cando en vez mil cigarros Morland coas súas iniciais gravadas e mestureime coa horda que rodea a Fonte comendo carantoñas de *selfie*.

Rente ao chao, entre o trepetel da multitude, descubrín a unha mociña fraca, lisa como unha táboa pero coa desculpable coquette dun cabelo tinxido de amarelo. De facto deslocábase na táboa rodante dun trotinete, que cabalgaba e impulsaba cunha mao embutida nunha zapatilla desportiva. Remaba e pedía esmola con voz aguda e perentoria, exhibindo impudicamente unha minusvalía, descalza de pé e perna para que todos visen as secuelas dalgunha parálise deformante. En medio daquel vómito consumista, occidental, entre xentes que fan por reprimir a relixión, a morte, a doenza ou a loucura e non conciben outra regresión romántica que non sexa lapexar na cunca da fonte en imitación de Anita Ekberg, aquela pedichona era o emblema da beleza horrible, unha especie de Medusa Rondanini. Decidín achegarme e darlle unha moeda de dous euros pero hesitei intimidado por un relato de Cortázar que pon en xogo un truco de maxia baseado na metempsícase. Un visitante ben fardado crúzase cun mendigo nunha ponte de Budapeste e a súa alma transmigra ao esmolante, sente o frío da neve nos zapatos escalzados, a través dos farrapos que viste, e ve como se afasta o señor quentiño e ben aviado que era el un minuto antes. Se sufrise un parello destino e quedase entrampado no corpo tinguiliñas daquela moza, probablemente iría durmir baixo unha ponte do Tibre no canto de volver ao cuarto do hotel onde me espera o minibar e o programa Top Calcio que repetirá o memorable tanto de Sergi Roberto contra o París-Saint Germain. Daquela descería ao reino inferior e restaría secuestrado alí polas Parcas, suxeito por algo máis apegadizo que os graos dunha granada e sen que me buscasen as sereas paxaro por orde de Ceres, sen a paternal mediación xupiterina. Achegueime así e todo, estendín a mao coa moeda e ela fixouse nas miñas caxatas e sorriu:

- *Grazie tante!*
- *Prego, tu sei per me come una dalia.*

B. I.



A achega de don Antonio Fraguas á colección de biografías “Hombres que hicieron Galicia”

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

1. Unha visión persoal de don Antonio Fraguas

Nos nosos anos universitarios, cando estudabamos Filoloxía na Compostela da segunda metade dos anos 80 do pasado século, non foi infrecuente cruzármonos polas rúas da Cidade Vella, coincidirmos en eventos culturais ou lermos con deleite os artigos no suplemento dominical de *El Correo Gallego* de D. Antonio Fraguas (28/12/1905-5/11/1999), aínda que debemos recoñecer que non tivemos nunca a oportunidade privilexiada de intercambiarmos unhas palabras con el.

Con todo, sabíámolo representante dunha promoción intelectual protagonista, antes do tráxico 36, da experiencia valiosísima do Seminario de Estudos Galegos (que por aquelas datas nos relataba en persoa durante as súas estadias de verán en Viveiro o mesmísimo Lois Tobío, mestre insubstituíble do noso galeguismo). Tamén estabamos ao tanto da súa xenerosa entrega no alentar inicial do Museo do Pobo Galego e non ignorabamos que fixera parte do reducido grupo de galeguistas xa militantes antes da guerra que, no durísimo franquismo, capearan con dignidade o temporal e fixeran todo o posible, con pragmatismo non sempre ben entendido e/ou explicado, para “(re)galeguizar” a actividade do Instituto Padre Sarmiento e da Real Academia Galega, institucións ambas postas entón maiormente, tanto nos seus fins como na súa propia composición, baixo a cruel férula dos vencedores.

A ancianidade de D. Antonio, percibida como executoria dunha vida entregada ao labor de investigar a cultura e dignificar o noso idioma, xa era de seu un valor para nós, coma a de Tobío. Ao fin e ao cabo, era doado percibir na dimensión pública do persoeiro a forte pegada de dous ideais que se complementaban. Un clásico enunciado por Publio Terencio Africano no século II a.n.e. (*Homo sum, humani nihil a me alienum puto*), situábanolo claramente na lexión humanística dos espiritualmente feridos polo afán de saber e polo degoiro de divulgar, esas benditas sedes que turrán do ser humano polo camiño da automellora. Outro, formulado por Vicente Risco no artigo “Da medida das cousas” (“Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo. Cada terra é coma se fose o mundo enteiro”), facía do sabio de Cotobade un dos máis

asiduos e entusiastas exploradores desa realidade inmensa abesullada polo autor de *O porco de pé* cando os Don Celidonios e os “literatos ricos e vanidosos” (Castelao *dixit*) da Galiza de preguerra non querían quitar as anteolleiras do prexuízo “cosmopaleta” á hora de vulgar o valor, a fondura e a capacidade universalista das manifestacións culturais do propio pobo ao que pertencían.

Aínda tiñamos daquela mais un motivo para quererlle ben, sen tratalo persoalmente, a aquel anaco de historia galega viva que era D. Antonio Fraguas, pois fora el quen explorara na súa prolífica obra instantes decisivos da traxectoria xuvenil de Nicomedes Pastor Díaz¹, cuxa estatua nos acompañara dende o berce no noso Viveiro natal e cuxa figura, como poeta en galego sobre todo, non deixaba de suscitar en nós algúns inxenuos afáns de emulación e moitos lóxicos sentimentos admirativos e de interese, que acabariamos plasmando moito tempo despois nalgún humilde traballo de investigación (Ínsua, 2013). Ademais, determinados eventos festivos da propia Terra de Viveiro dos que nalgún instante fixemos tamén minúscula e anónima parte, como o rito da subida ao monte San Roque, aparecían asemade recollidos e abordados, para o noso conforto de entusiastas fillos da vila do Landrove, na monografía *Romarias e santuarios* que D. Antonio publicou en 1988 e incluíu na “Biblioteca Básica da Cultura Galega” da editorial Galaxia, ao lado de evocacións de simpáticos episodios da historia local, como a solta do globo de papel que polas festas de agosto protagonizaba ata 1910 o célebre barbeiro Marruán.

O nome de D. Antonio, en fin, aparecía ao pé dalgúns traballos que se reproducían ocasionalmente no veterano *Heraldo de Viveiro*², publicación local que cada semana entraba na nosa casa familiar portado polas benqueridas e hoxe xa ausentes mans paternas, abrindo para o noso espírito novas fiestras sobre innúmeras perspectivas.

¹ Velái o seu traballo “Pastor Díaz en el Colegio de Fonseca”, publicado en 1950 no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, T. IV, nº 34, páxs. 69-72.

² No *Heraldo de Viveiro* correspondente ao 7 de marzo de 1964 (II época, nº 1.382, pp. 5-6) reproducíuse o artigo de don Antonio Fraguas “Estudios sobre Rosalía Castro y Pastor Díaz en ‘Cuadernos’ del Instituto Padre Sarmiento. Unas viejas páginas de la Pardo Bazán”. Posteriormente, xa na súa III época, no semanario viveirense apareceron reproducidos os traballos “Viveiro e a súa Semán [sic] Santa” (*Heraldo de Viveiro*, nº 2.622, 7 de abril de 1989, p. 8, tomado do *Faro de Vigo* do 22 de marzo dese ano) e “Santa María e San Roque de Viveiro” (*Heraldo de Viveiro*, nº 2.640, 11 de agosto de 1989, p. 1), reprodución do correspondente capítulo da súa monografía *Romarias e santuarios*.

Comprenderase doadamente que, con toda esta bagaxe de lembranzas e percepcións positivas e aínda con outros detalles pouco máis que anecdóticos tamén presentes como estímulo³, resultase imposible para nós dicir *non* ao amable convite que nos formulou un estimado amigo para abordarmos en breves páxinas algún aspecto da traxectoria e do labor intelectual de D. Antonio Fraguas, a quen cómpre con toda xustiza render homenaxe no Día das Letras Galegas de 2019.

2. A colección “Hombres que hicieron Galicia”

O motivo concreto sobre o que xira esta nosa humilde aproximación ao labor de D. Antón Fraguas a prol da cultura galega é a súa puntual achega a unha colección de biografías denominada “Hombres que hicieron Galicia”, impulsada entre 1978 e 1982, nese período político complexo que deron en chamar “Transición”, por unha entidade de crédito denominada “Banco del Noroeste”.

Non sabemos a quen correspondeu o protagonismo no organigrama interno da entidade crediticia á hora de acoller, aprobar e/ou facer efectiva a iniciativa editorial que nos ocupa, mais si que houbo un claro responsable no deseño da colección, na escolla dos colaboradores e no enfoque das biografías propostas, pois alén de redactar el propio unha das seis finalmente publicadas, prologou todas as demais agás precisamente a que resultou a derradeira, a dedicada a Alexandre Bóveda, envolta en polémica como veremos. Referímonos ao doutor Domingos García-Sabell (1909-2003), presidente da Real Academia Galega dende 1977 e delegado do Goberno central en Galiza dende 1981. Non nos deteremos aquí, por razóns de espazo, nunha glosa da súa transcendente figura intelectual nin nos perfís polémicos, que tamén os houbo, da súa traxectoria pública.

No “Limiar” que o autor de *Paseata arredor da morte* colocou ao primeiro dos volumes, a biografía de Antolín Faraldo escrita por Fernández del Riego, explicábase que con el “encétase a publicación dunha pequena serie de monografías que van ocuparse de distintas persoalidades galegas cuio paso pola vida marcou, dalgún xeito, a cultura e a existencia comunitarias de

³ Don Antonio naceu nun barrio de Loureiro de Cotobade chamado precisamente “da Insuela”, o que o conecta dalgún xeito co noso propio legado antropológico.

Galicia” (páx. 5). As figuras obxecto de atención na colección representarían, por iso mesmo, unha “aguilloada do traballo”, un “modelo de conducta” e un “exemplo para a homildade” (*ibidem*). En todo caso, procuraríase que “os textos acaden claridade e sinxeleza para darlles alcance xeneral. Para que poidan espallarse entre o pobo e nele deixar a pegada necesaria” (*ibidem*).

Así pois, íase mediante a colección que nos ocupa á procura de biografías *exemplares*, escritas con enfoque divulgativo que exaltaban individualidades forxadoras dunha determinada conciencia galega. Tamén era intención abordalas, como sinala García-Sabell a propósito da que el mesmo elaboraría sobre o doutor Nóvoa Santos, “con arela de entendimento serio, veraz e realista”, para que a figura deixe de estar nun “*topos uranos* inaccesible, hermético e desdibuxado” (páx. 6).

Non resistiremos a tentación de chamar xa a atención sobre a ausencia clamorosa, quer activa, quer pasiva, de figuras femininas nesa colección (só “homes” foron obxecto de atención nela e só “homes” escribiron as biografías), sequera sexa como sinal do estado de precaria consciencia que existía aínda nesa altura en moitos círculos da cultura e da sociedade galegas sobre a necesaria visibilización e consideración da achega feminina (e feminista) ao acervo comunitario. Que a exclusión tocase de cheo a tríade Rosalía de Castro/ Concepción Arenal/ Emilia Pardo Bazán é mesmo ben rechamante.

Do mesmo xeito, prologando outro dos volumes da colección, o dedicado ao Padre Sarmiento, o citado García-Sabell enunciou un principio que, entendemos nós, gravitou tamén en todo intre sobre a intencionalidade xeral da colección:

Eu vexo esta monografía como unha breve introducción necesaria para espertar nos non entendidos, a curiosidade hacia un devanceiro ilustre que despóis de longos anos de arrumbamento volve hoxe á actualidade da cultura comunitaria con todo honor e todo rango. E si desta lectura xurde alguén que decida aprofundar no estudo da grande figura ilustrada, eso sairá ganando o noso tesouro espritoa (páx. 6).

Biografías, pois, concibidas como puntos de partida ou estímulos para un rescate de memoria posterior, ansiado máis fondo e canonizante, que servise asemade para acabar co esquecemento e para corrixir eventuais

desfiguracións que se foran producindo. Dalgún xeito, uns “tres R” particulares tamén nesta esfera, en certo xeito tamén “ecoloxista” (da cultura): Rescate, Revisión, Reivindicación.

Todos os exemplares presentaron, non obstante, o mesmo deseño: unha capa idéntica en todos os volumes, de cor marrón escura, cun escudo de Galiza sobreimpresionado sobre un mapa galego só perfilado no centro da plana; o título da colección na parte superior da portada escrito en letras brancas; o nome do persoeiro biografado abaixo, en letras brancas ocas e, finalmente, nun calibre máis reducido e con letra da mesma cor marrón que as liñas configuradoras do mapa de Galiza, o nome do autor da biografía. A contracapa, case toda ela en branco, só presentaba unha versión do escudo de Galiza no centro (coroa, cáliz, hostia e sete cruces) e, na parte inferior, a indicación, en letras maiúsculas: “Edición patrocinada por el Banco del Noroeste”.

O interior de cada volume ilustrouse en moi limitadísima medida. De feito, no dedicado por D. Antonio Fraguas a Murguía non hai ilustración de ningún tipo e nos referidos a Faraldo e a Bóveda só hai un retrato de cada un deles, a xeito de *incipit*. Algo máis variada resulta a ilustración do volume sobre o Padre Sarmiento, adornado con algunhas notas e debuxos autógrafos, elementos heráldicos familiares, unha fotografía do busto do beneditino elaborado por Felipe de Castro que se conserva no Museo de Pontevedra, un gravado de Muntaner etc. No libro sobre Aller Ulloa o propio autor da biografía, Vidal Abascal, achega un retrato pictórico feito por el (que se reproduce a toda cor), tres fotografías do biografado en momentos diversos da súa traxectoria vital e reproducións de instalacións, telescopios e outros trebellos relacionados co labor investigador astronómico do sabio lalinés. Finalmente, o volume máis goso da colección, o que García-Sabell dedicou a Nóvoa Santos, ilústrase con varias fotografías, unha caricatura debida a Maside, a reprodución da capa e dedicatoria dalgún dos propios libros do galeno etc.

Un comentario xeral máis debemos facer a propósito da colección: a pesar do seu nome en castelán (“Hombres que hicieron Galicia”), as seis biografías editadas foron redixidas en galego, se ben é certo que nun galego aínda “protoestándar”, anterior á normativización consagrada polo chamado “Decreto Filgueira” (abril de 1983). A abundancia de grallas e a presenza de diversos erros mecánicos e compositivos na maioría dos volumes, alén

de mortificar a lectura, deixa abesullar ademais un proceso de composición apurado nos prazos e talvez pouco supervisado.

Da colección “Hombres que hicieron Galicia” saíron finalmente un total de seis títulos, pois ficou interrompida de xeito súbito e non exento de polémica, como xa advertimos. Inaugurouse en 1978 con *Antolín Faraldo: un precursor*, biografía do célebre provincialista betanceiro (1822-1853) preparada por Francisco Fernández del Riego (1913-2010). Este traballo volvería a editarse anos despois, concretamente en 1998, da man das Edicións Xerais de Galicia na súa colección “Crónica” co título de *Antolín Faraldo, o gran soñador*.

En 1979 apareceu unha segunda entrega da colección que nos ocupa, que non foi outra que a biografía de Manuel Martínez Murguía preparada precisamente por don Antonio Fraguas, á que logo volveremos con vagar, e mais unha terceira, constituída polo texto escrito polo matemático Enrique Vidal Abascal (1908-1994) sobre o sacerdote e astrónomo de Lalín Ramón M^a Aller Ulloa (1878-1966), que non por acaso fora director da súa tese de doutoramento en 1944. Leva por título *Ramón M. Aller Ulloa. Unha vida apaixonada pola ciencia e chea de bondade*.

En 1981 publícanse dentro da colección de referencia unha biografía do médico Roberto Nóvoa Santos (1885-1933) preparada por Domingos García-Sabell e outra do ilustrado Frei Martín Sarmiento (Pedro Xosé García Balboa, 1695-1772) elaborada por Filgueira Valverde (1906-1996).

Finalmente, en 1982 ve lume o sexto e á prostre derradeiro traballo da colección, a biografía do dirixente galeguista Alexandre Bóveda Iglesias (1903-1936) debida a Xosé M^a Álvarez Blázquez (1915-1985), curmán da propia esposa do biografado Amalia Álvarez Gallego. Leva por título *Alexandro[sic] Bóveda*. Apunte biográfico.

3. Final abrupto e polémico para a colección

A índole deste último traballo, pola valente reivindicación que facía dun mártir galeguista do 36 (cristián convencido e practicante, ademais) e pola documentada incursión que realizaba no campo do que hoxe chamamos “memoria histórica”, resultou de imposible asimilación para certos responsables e directivos da entidade de crédito que patrocinaba a colección, inmersos aínda, polo que se deduce, en querenzas tecnocráticas opusdeístas, en saudades do

réxime franquista e, en derradeiro caso, ignorantes, como ben sinalou Alfonso Álvarez Cássamo (1994: 55), da dimensión política, ideolóxica e humana de Bóveda. Daquela, a edición do magnífico traballo de Álvarez Blázquez foi secuestrada polo propio “Banco del Noroeste”, que non a distribuíu, e os pouquísimos exemplares que burlaron o secuestro e chegaron a mans dos lectores gozaron durante os anos posteriores dun valor engadido especial⁴.

A propósito das eventuais razóns e das penosas repercusións dese intolerable secuestro, sinalou o propio Alfonso Álvarez Cássamo (2009: 101-103) que escritores coma Manuel Rivas, Monterroso Devesa, Modesto Hermida, ou eu mesmo participamos na prensa denunciando o atranco⁵. E o feito resúmese en que a biografía, encargada ao meu pai para a colección polo citado Banco, sacaba á luz algunhas verdades sobre a actuación de determinados persoeiros da época que tiveron un comportamento escuro a raíz da detención e fusilamento de Bóveda, pero ademais, considero eu, porque daba a coñecer a verdadeira imaxe do mártir que non era outra ca dun católico enxuizado por algúns dos que se levantaron en armas contra a República invocando, entre outros, o nome de Deus; porque seguía —e segue— vixente a persecución contra o nacionalismo; porque o Banco del Noroeste [...] non tiña nin a máis remota idea de a quen encargaban o libro e de quen se trataba o biografado [...]. Eu coñecín a mágoa que o autor padeceu con esta dolorosa falcatruada, pois el, que tiña devoción pola figura de Alexandre, derramara materialmente moitas bágoas cando para escribilo tivo que evocar aqueles tráxicos días da guerra.

En 1992, a editorial Ir Indo, de Vigo, por iniciativa de Antón Mascato, publicou o volume como décimo segunda entrega da súa colección de ensaio e investigación “A Fraga”, posibilitando así uns niveis de difusión máis que merecidos tanto para a figura do mártir biografado como para a

⁴ Entre eses exemplares figurou o noso, que leva o número 4688 e que nos foi entregado entón como clientes que eramos da entidade polo empregado da oficina do “Banco del Noroeste” en Viveiro, José Manuel Ferreiro, quen exercería posteriormente como concelleiro de cultura nun goberno local de signo dereitista.

⁵ Publicaron artigos sobre o tema, efectivamente, Manuel Rivas Barrós (*La Voz de Galicia*, 8/5/1983), Miguel González Garcés (*La Voz de Galicia*, 20/6/1984), Alfonso Álvarez Cássamo (*Faro de Vigo*, 11/12/1984) e Xosé M^a Monterroso Devesa (*A Nosa Terra*, 14/3/1985). Non conseguimos referencia do tamén aludido traballo de Modesto Hermida.

do seu biógrafo, quen sería posteriormente obxecto de merecida homenaxe no Día das Letras Galegas de 2008.

Na “Breve historia dunha biografía” que acompañou esa feliz edición, o xa varias veces citado Alfonso Álvarez (1992: 9-12) ofreceu máis detalles de interese sobre o proceso de secuestro da obra de seu pai por parte do “Banco del Noroeste”:

O feito de que saia á luz esta biografía échenos de ledicia a todos os que dalgún xeito fomos testigos directos do traballo e das inxustas vicisitudes polas que pasou. Sáldase unha ferinte conta atrasada non soamente co egrexio político senón tamén co biógrafo, meu pai, que deixou nas case duascenas páxinas que a compoñen, moitas xornadas de amargura [...]. Como fillo que escoitou a cotío o martelar da súa máquina de escribir e a lectura cerimoniosa do texto que con emoción ía construindo, sei que cando se espalle esta biografía [...] o meu pai acougará definitivamente en paz.

No verán de 1981 puxo o derradeiro punto ás páxinas do seu libro. Meu pai entrégaas, no prazo acordado, aos mandamáis do Banco del Noroeste (do fraudulento grupo RUMASA) que tiñan a intención de obsequialo aos seus clientes no seguinte ano, 1982. [...].

O libro édítase, sen pasar —é obvio— pola microcefálica censura do Banco, e, pasadas varias semanas, entréganlle ao autor un ben cativo número de exemplares, e comunícanlle verbalmente, sen daren razóns, que o libro non se distribuiría. Foi un forte golpe, mais nada puido facer contra aquela lurpia decisión: os escuros persoeiros (pode que algún estea agora rebulindo polas altas esferas da política autonómica e falando un galego ecoante) tiñan todo ben fiado xa que o meu pai renunciara aos dereitos de autor e da publicación por unha ridícula cantidade de diñeiro adiantado que serviu de pago a todo o traballo. Sei moi ben que a única necesidade que el tiña que satisfacer escribindo a biografía de Alexandro Bóveda era a vital, a humana [...].

O relativo escándalo provocado e os posteriores problemas coa lei do grupo RUMASA ao que o “Banco del Noroeste” pertencía fecharon de vez a posibilidade de que a entidade continuase coa colección.

4. A biografía de Murguía escrita por don Antonio Fraguas

A contribución de D. Antonio Fraguas á colección “Hombres que híciron Galicia” centrouse, como adiantamos, na figura de Manuel Martínez Murguía⁶.

Apenas un traballo de Vicente Risco publicado en 1934 nas páxinas VII a XLVI do tomo VI dos *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos, logo do primeiro centenario do natalicio do autor de *Los Precursores*, lle serviu de precedente totalizador inmediato⁷, aínda que loxicamente o sabio de Cotobade puido beber de máis fontes bibliográficas posteriores. Entre elas, varios traballos e discursos do entón bibliotecario da Real Academia Galega, Juan Naya Pérez, editados nos anos 50 e 60; achegas feitas ao *Boletín* da propia Corporación citada en 1933 e nos anos 50 por figuras como César Vaamonde Lores, Manuel Casás Fernández, Eladio Rodríguez González e José García Acuña; as *Películas Académicas* (1908) de “Ramón Erotiguer” (José M^a Riguera Montero, destacado detractor de Murguía cando a fundación da Academia); o artigo de García Pereira na revista *Grial* (nº 61, xullo/setembro de 1978) sobre a teoría da lingua galega en Murguía; varias monografías, artigos, manuais e dicionarios sobre historia da literatura galega que durante o franquismo foran publicando Carballo Calero⁸, Couceiro Freijomil, Fernández del Riego, José Luís Varela e Benito

⁶ O noso exemplar deste volume editado polo “Banco del Noroeste” leva, concretamente, o número 2431.

⁷ Ese traballo de Risco, como é ben sabido, serviría para inaugurar o 17 de maio de 1976 unha colección de biografías, baixo o rótulo de “Conciencia de Galicia”, por parte da editorial Galaxia. Anunciáronse na lapela desa primeira entrega, como “de próxima aparición”, sucesivos volumes sobre Curros Enríquez (Carlos Casares), Florentino López Cuevillas (Otero Pedrayo), Rosalía (García-Sabell), Eduardo Pondal (Amado Ricón), Castelao (Ramón Piñeiro), Antón Villar Ponte (Marino Dónega) e Vicente Risco (Carlos Casares), mais só algúns deles acabaron finalmente saíndo do prelo: os dedicados a Rosalía, Castelao e A. Villar Ponte nunca chegaron a verse editados, como tampouco outros que figuraron na contracapa dese primeiro volume e aludían, sen indicar responsable da eventual biografía, a figuras como o P. Sarmiento, Benito Vicetto, Carré Aldao, Ramón Cabanillas, Ánxel Casal, Peña Novo, o Cura de Fruíme, Antolín Faraldo, Lamas Carvajal, Alfredo Brañas, Lago González, Lousada Diéguez, Porteiro Gareá, Blanco Torres e Alexandre Bóveda.

⁸ Non cita nin aproveita información, porén, don Antonio Fraguas do traballo de Carballo Calero “Murguía contra Valera”, publicado en *Grial*, núm. 55, xaneiro-marzo de 1977,

Varela Jácome e aínda algún que outro libro ou artigo de autores como Leopoldo Pereira, Waldo Á. Ínsua, Castelao, Alberto Vilanova, Josefina López de Serantes e Fermín Bouza Brey⁹.

Como ben sinalaba o prologuista García-Sabell, o libro de D. Antonio Fraguas abordou unha figura “complexa”, enfocouse “desde unha perspectiva estritamente humana” e “sin excesivos axustes eruditos” e facendo “amplas citas literales” (p. 3) de textos murguianos, vertidos polo biógrafo para galego en moitos casos. Non se pode negar que o de Cotobade fixo por documentar con rigor e exactitude o seu traballo biográfico, aínda que sen tempo ou oportunidade para un varrido exhaustivo como o que permiten actualmente os recursos dixitais. Neste sentido, a súa tarefa ten un aquel de paciente, pausado e artesanal feitío que contrasta coas vantaxes técnicas de que hoxe gozamos.

Dende o primeiro capítulo, fica de manifesto o ton panexirista que preside a empresa intelectual, pois trátase de biografar un “Patriarca” que foi ademais “un exemplo e un modelo” (p. 4), “un home exceucional” (p. 5), alguén que “non pensou mais que na súa terra e con amor, tan sincero como desinteresado” (p. 5). A intención do autor da biografía é, confésasenos con claridade, defender Murguía, ou sexa, conseguir, como declara o prologuista García-Sabell, “que a admiración hacia Murguía, e o reconecemento do seu maxisterio, vaian ampliándose e enfortecéndose” (p. 4). Así escríbese, por exemplo (p. 27): “Son inxustas e infundadas cantas afirmacións se ten feito de que Murguía era home duro pra familia. Foi home de moito xenio, e moi pronto no alpurizamento, pero sumamente bondadoso e dun fondo amor á muller e os fillos, amor ben correspondido como indican as cartas de Rosalía [...]”.

En determinados asuntos controvertidos (feble relación de Murguía coas Irmandades da Fala, por exemplo, con ausencia á sesión inaugural da

talvez porque xa estaba a entregar a súa biografía ao “Banco del Noroeste” cando aquel saíu editado na emblemática publicación viguesa da editora Galaxia. Tampouco se vale, aparentemente, dos traballos recompilados polo sabio ferrolán no volume *Siete ensayos sobre Rosalía de Castro* (1952).

⁹ Sorprendentemente pouco citado, a pesar das súas reveladoras achegas por eses anos a numerosos aspectos da biografía rosaliana en varios artigos que viron lume nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

primeira delas na Coruña en maio de 1916), Fraguas opta por explicacións un tanto evasivas e sospeitosamente unánimes: “Non figura Murguía, e todos supoñen que os seus anos son a razón de semellante ausencia” (páx. 77). Non se ocultan, en todo caso, os escasos esforzos do Murguía mozo na área académica, nin os enfrontamentos co pai por tal motivo, nin as duras condicións en que sobreviviu nos seus primeiros anos de bohemia madrileña, durmindo noites ao raso nos bancos do Parque do Retiro por falta de recursos para se procurar unha mellor hospedaxe...

Menos parcos en información e máis transparentes en causas e razóns de fondo resultan os motivos e reviravoltas das polémicas de Murguía con figuras como Benito Vicetto (pp. 14-17), Lamas Carvajal (pp. 66-69), Emilia Pardo Bazán (pp. 69-73) e aínda outros persoeiros (Riguera Montero, Celso García de la Riega, Leopoldo Pedreira, Arias Sanjurjo...) que o biógrafo aborda sobre todo, aínda que non unicamente, no capítulo intitulado “Os nemigos do Patriarca” (pp. 64-73).

D. Antonio Fraguas reproduce na súa literalidade (pp. 10-12) as vívidas impresións que deixaron no espírito do mozo Murguía, testemuña presencial, algúns dos episodios da loita polas rúas compostelás durante a revolución galega de 1846, que se presentan en último caso como determinantes para a súa “tomada de consciencia” como galeguista, como liberal e como historiador. Tamén se ocupa con certo detalle, en páxinas posteriores, da relación de Murguía con Pedro Calvo Asensio e o círculo do xornal *La Iberia* e mais da protección que lle ofreceron na capital hispana Alejandro e Eduardo Chao. Tamén retrata o de Cotobade o círculo de amizades que en Madrid rodeou o autor de *Desde el cielo*, formado polos irmáns Serafín e Teodomiro Avendaño, Carmen Lugin e a propia Rosalía de Castro, con quen casará en 1858.

D. Antonio Fraguas dividiu o seu libro sobre Murguía nun total de vinte e dous apartados, mais a propia arquitectura dos mesmos resulta reveladora, ao noso humilde entender, das grandes doses de apuro que están detrás da confección xeral do volume, lastrando o seu resultado e coherencia finais. Nesta orde de cousas, é ben máis certo o esquema adoptado polo predecesor Risco cando dividiu claramente no seu traballo sobre Murguía para o Seminario de Estudos Galegos unha parte redaccional, expositiva e avaliativa a partes iguais, e outra de pura escolma de textos. No texto de

D. Antonio, ao que parece, as circunstancias acabaron impondo unha especie de “fusionado” de ambas estratexias de modalización, estruturación e presentación da información, co que o resultado xeral non deixa de resentirse.

Con efecto, se nun comezo os apartados levan unha case modélica orde temporal e avanza en liña estritamente cronolóxica (nacemento en Arteixo, estudos xuvenís en Compostela, primeiro traslado a Madrid, retorno a Galiza, novo traslado a Madrid, casamento con Rosalía, estada en Simancas...), con amenas —aínda que moi concisas— incursións do antropólogo e etnógrafo Fraguas en aspectos colaterais relacionados coa vida do seu biografado (poñamos por caso a devoción á Virxe da Pastoriza en Arteixo para encadrar o seu casual nacemento nesa localidade (p. 6), a descrición do clima intelectual que rodeaba as boticas coma a de seu pai no cantón de San Bieito de Compostela a xeito de explicación para o espertar de moitos dos intereses vitais do mozo Murguía, pp. 7 e 8 etc.), a partir dunha certa altura o volume modifica ese enfoque primixenio, refrea todo o caudal enriquecedor de “digresións” que o sabio Fraguas podía deitar sobre aspectos digamos “curiosos” da Galiza e da España daquel tempo e ofrece capítulos agora pretendidamente “temáticos”, “bibliográficos” e mesmo “avaliativos”. A descrición circunstanciada e detallista cede paso aos panoramas apresurados, o pormenor á xeralidade, a delectación no propio relato a un afán de acugular materiais textuais do propio protagonista, sen tempo para a súa consideración esexética.

Ocúpase por iso mesmo D. Antonio Fraguas a partir de certa altura do seu traballo, un pouco a doután, saltando dunha temática a outra, de aspectos como a dirección por parte de Murguía da revista *La Ilustración Gallega y Asturiana* (pp. 22-27); a relación co seu fillo Ovidio, artista da “Xeración Doente” (pp. 28-33); as polémicas con outros persoeiros da cultura galega e española da súa época (pp. 35-55); o turbulento proceso de creación da Academia Galega (pp. 56-63). Tamén intentou ofrecer un esbozo de bibliografía completa (pp. 96-102) lastrado por seguir como guía un traballo precedente de César Vaamonde Lores publicado en 1933 no *BRAG*, traballo que Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (2000:16) cualificou con razón como “totalmente equivocado, inútil e perturbador”. Achegándose xa ás páxinas finais do seu traballo, o biógrafo tentou ofrecer unha avaliación, en realidade moi incompleta e perfectíbel, do labor de Murguía en diversas vertentes como

a de historiador (pp. 80-94), novelista (pp. 94-96), publicista (pp. 96-102) e poeta (pp. 103-107). A falta dun mesmo método expositivo/avaliativo para estas catro facetas da actividade de Murguía revela ata que punto o biógrafo, apurado, desbordado ou privado do acceso directo a certas fontes imprescindibles, non tiña xa todo o control sobre o proceso no seu conxunto: mentres na avaliación do novelista procede cunha certa orde metódica (cita ordenadamente títulos, resume argumentos, evoca algunha circunstancia editorial relevante na difusión do texto etc.) e na do poeta pon en destaque a reprodución dos escasos textos conservados, que podían ter feito de Murguía, dísenos, “quizais o millor poeta romántico do seu tempo” (p. 103), na de publicista cáseque se limita ao enunciado de títulos, mentres que na de historiador mestura con certa tendencia á dispersión desorientadora todas as perspectivas anotadas: apunte de títulos, glosa dalgúns contidos, avaliación sobre métodos, obxectivos e filosofía de fondo... Neste sentido, cabe anotar que Murguía, para D. Antonio Fraguas, foi un historiador de precocidade “asombrosa” (p. 80) e un autor dunha obra “seria e documentada” (p. 80), por máis que non puidese “sustraerse á influencia dos problemas do seu tempo” (p. 86) nin quixese nunca “ser frío espectador do pasado” (p. 86), mais tamén un historiador que, no entanto, “xuzgouse moi lixeiramente e apenas se lle concedeo valor en moitos estamentos” (p. 81).

O libro de D. Antonio sobre Murguía, polas razóns que deixamos anotadas, adquire así notorias descolocacións na liña cronolóxica e insire sen comentario, glosa nin apenas notas de contextualización textos enteiros do biografado¹⁰ ou sobre el¹¹. O propio autor fai explícito en varias ocasións, cunha honestidade intelectual que resulta mesmo conmovedora, certo “desbordamento” xeral, limitándose por veces a anotar “o que debería facerse”

¹⁰ Así, entre as páxinas 35-55, o discurso íntegro de Murguía na Lliga de Barcelona, publicado por *La España Regional* no seu exemplar do 14 de xullo de 1890; entre as páxs. 59-63, o discurso íntegro na solemne inauguración da Academia Galega, lido por Banet Fontenla; entre as páxs. 110-113 fragmentos do seu discurso nos Xogos Florais de Tui en 1891; entre as páxs. 113-123, un discurso murguiano inédito sobre a figura de Eduardo Pondal etc.

¹¹ Así, diversos textos lidos durante a homenaxe a Murguía na Coruña co gallo do seu 80 aniversario (pp. 73-76); as notas necrolóxicas que lle dedicaron o Boletín da RAG (pp. 78-79) e o voceiro “irmandiño” *A Nosa Terra* o 15 de febreiro de 1923 (pp. 108-109) e mais o texto que co título de “Manual Murguía, historiador da nación galega” lle tributou en maio de 1933 o boletín Nós co gallo do primeiro centenario do seu nacemento.

a posteriori para completar a información¹², a indicar os traballos de consulta que non puido acometer e a deitar algunha que outra confesión sobre as propias insuficiencias que vai alén dunha simple “captatio benevolentiae” tópica. Por iso o relato salférese de expresións como estas: “un día, non sabemos a data” (p. 12); “tamén descoñecemos se no intre de coller o camiño da capital sabía [...]” (p. 12), “non sería posíbel xuntar todo canto escribete Don Manuel Murguía” (p. 80) etc.

Loxicamente, este así e todo moi meritorio traballo do sabio de Cotobade acabaría sendo superado en moitísimos aspectos polas achegas biográficas e eruditas posteriores sobre Murguía. Ocupan un lugar pioneiro sobranceiro nesa nova andaina investigadora e divulgadora un traballo de Estrada Nerida (1983) sobre a estada de Murguía en Simancas; a monografía de ciencia xurídico-política *O Rexionalismo Galego* de Ramón Máiz (1984), en que se contrastaron con mestría as tres liñas de pensamento representadas respectivamente por Murguía, Brañas e Aureliano Xosé Pereira no período de “entre dous séculos”; un artigo de Monterroso Devesa (1997) en *Agália*; o volume colectivo *Volver a Murguía*, de título ben expresivo, publicado en 1998 polas Edicións A Nosa Terra; a antoloxía básica de textos xornalísticos de Murguía preparada por J. A. Durán (1998) e, por último, a biografía divulgativa de Murguía preparada nese mesmo 1998 por Justo G. Beramendi para unha colección promovida pola Xunta de Galicia baixo o rótulo de “A Nosa Memoria”.

A celebración no ano 2000 do Día das Letras Galegas arredor da persoa do marido de Rosalía de Castro multiplicou, sen dúbida, a atención investigadora e o catálogo bibliográfico sobre a súa traxectoria e produción textual. O monográfico presentado nese ano polo *Boletín da Real Academia Galega* (núm. 361) e o Congreso celebrado entón pola Xunta de Galicia

¹² Escribe don Antonio Fraguas (p. 102): “Un moi longo etc. debe seguir a ista lista na que se incluían traballos da ilustración Gallega y Asturiana, Boletín de la Real Academia Gallega, Almanaque de Castro López. Pero tínamos que revisar coleccións de xornaes onde se publicaron novelas, Revistas con intresantes artigos, moitas distas coleccións desapareceron e outras están faltas dos números que intresan [...]. Sempre quedarán aínda os Prólogos, e a infinidade de artigos publicados en Almanagues, follas soltas, e moitos incluso sin firma”. Como é ben sabido, antes da súa consternadora desaparición en datas aínda próximas, a investigadora *Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda* fixo un *impagábel labor bibliográfico neste sentido nas páxinas do Boletín da Real Academia Galega* (núm. 361).

inauguran a nova perspectiva. Nela cómpre avaliar e agradecer asemade os esforzos de persoas investigadoras como Henrique Rabuñal Corgo (1999), Belén Fortes (2000), José A. Durán (2000), Xesús Rábade Paredes (2000) e Elisardo López Varela (2001). De grande relevancia resultou a exhaustiva edición da correspondencia murguiana preparada entre 2003 e 2005 polos profesores Barreiro Fernández e Axeitos, publicada en dous grosos tomos.

Xa con posterioridade á efeméride do 17 de Maio citado viron lume traballos de interese evidente como os de José Ángel García López (2004), Justo Beramendi (2007), Francisco Rodríguez Sánchez (2010) e Diego Pardo Amado (2011). O noso humilde grao de area puxémolo no volume *Antón Villar Ponte e a Academia Galega* (2006), onde explicamos con pormenor as avinzas e desavinzas sucesivas que foron balizando a complexa relación entre o autor de *Los Precursores* e o xornalista viveirense e principal promotor das Irmandades da Fala. Xosé Ramón Barreiro Fernández, en 2012, converteuse por dereito propio no autor da biografía máis completa, documentada e acabada que neste intre temos sobre o autor de *La primera luz*, publicada por Galaxia, e autoras como Pilar García Negro (2013 e 2015), M^a Xesús Lama (2017) e Marina Mayoral co discurso *Por que Murguía destruíu as cartas de Rosalía?*, pronunciado na coruñesa sede da Real Academia Galega o 2 de decembro de 2017, veñen de abrir novamente oportunos campos para o debate e a controversia sobre a relación entre Murguía e a súa esposa Rosalía e para unha aínda máis aquilatada comprensión do rol xogado por ese casal dentro do panorama literario, cultural e político do seu tempo, con evidente proxección universal e no presente. A posta en marcha en 2016 da revista de investigación *Follas Novas* por parte da Fundación Rosalía de Castro, baixo a presidencia de Anxo Angueira e a dirección de X. L. Axeitos, leva de seu a promesa de novas achegas enriquecedoras en relación ás figuras de referencia.

A don Antonio Fraguas debémoslle todos, en derradeiro caso, unha parte dese inxente esforzo de conservación, estudo e divulgación da figura de Murguía, que será sempre relevante na cultura de noso e que sempre nos agasallará, estamos certos, con novos retos e interrogantes estimuladores.

E. X. I.

IES de Basella, Vilanova de Arousa

Bibliografía

- Álvarez Caccamo, A. (1992): “Breve historia dunha biografía”, en Álvarez Blázquez, Xosé M^a, *Alexandro Bóveda*. Vigo: Ir Indo, col. A Fraga, 12, pp. 9-12.
- _____ (1994): *Xosé M^a Álvarez Blázquez*. Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, 1.
- _____ (2009): “Alexandre Bóveda, visión familiar”, en Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.), *A Galiza de Bóveda. Actas do Congreso 2003*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, pp. 89-113.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (2000): “Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía”, en Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xesús Alonso Montero (coords.), *Manuel Murguía. Número monográfico, Boletín da Real Academia Galega*. A Coruña, 361, pp. 15-58.
- Axeitos, X. L. e Barreiro Fernández, X. R. (2000): *Manuel Murguía*. Vigo: Xerais.
- Barreiro Fernández, X. R. (2000): *Murguía e ‘La Voz de Galicia’*. A Coruña: Biblioteca Gallega de ‘La Voz de Galicia’, Día das Letras Galegas 2000.
- Barreiro Fernández, X. R. e Axeitos, X. L. (2003-2005): *Cartas a Murguía I e II*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza/Real Academia Galega.
- Barreiro Fernández, X. R. (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia, col. Grandes Biografías, 1.
- Beramendi, J. G. (1998): *Manuel Murguía*, Santiago: Xunta de Galicia.
- _____ (2007): *De Provincia a Nación. Historia do Galeguismo Político*. Vigo: Eds. Xerais de Galicia.
- Durán, J. A. (1998): *Prosas Recuperadas. O Periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*. Madrid: Taller de Ediciones J. A. Durán (Ed.)/Real Academia Galega/Fundación Caixa Galicia.
- _____ (2000): *Murguía, 1833-1923. Cronista de Madrid, esposo de Rosalía de Castro, polígrafo galleguista, ideólogo del nacionalismo etc. etc.* Madrid: Taller de Ediciones.
- Estrada Nerida (1983): *Páginas de una biografía: Manuel Murguía, director del Archivo de Simancas (1868-1870)*. Sada: Edicións do Castro.
- Fortes, B. (2000): *Manuel Murguía e a cultura galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- García López, J. Á. (2004): *Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, 4.

- García Negro, P. (2013): ‘*Cantares gallegos, hoxe: unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*. Santiago de Compostela: Alvarellos.
- ____ (2015): *No tempo de ‘Follas Novas’*. Unha viaxe pola literatura universal. Santiago de Compostela: Alvarellos.
- Ínsua, E. X. (2006): *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. Contributos para a historia crítica dunha institución centenária*. Vilaboa: Eds. do Cumio, col. Documenta.
- ____ (2013): “Encadramento e singularidade de Nicomedes Pastor Díaz na literatura galega do seu tempo”, en VV.AA. ‘*O resplandor primeiro*’. *Estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*. A Coruña: Real Academia Galega. Sección de Historia.
- Lama, M. X. (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade*. Vigo: Galaxia.
- López Varela, E. (2001): *Unha casa para a lingua. A Real Academia baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Máiz, R. (1984): *O Rexionalismo Galego: Organización e Ideoloxía (1886-1907)*. Sada: Edicións do Castro/Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.
- Mayoral, M. (2017): *Por que Murguía destruíu as cartas de Rosalía?* Discurso lido o día 2 de decembro de 2017 no acto da súa recepción, pola excelentísima señora dona Marina Mayoral e resposta do excelentísimo señor don Xosé Luís Franco Grande. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monterroso Devesa, J.-M^a (1997): “Do avoengo intelectual de Manuel Martínez Murguía”, *Agália*. Ourense, 52, pp. 467-470.
- Pardo Amado, D. (2011): *Rosalía e Murguía na procura da patria soñada. Breve aproximación á recepción e fortuna crítica da produción rosaliana (1857-1916)*. Santiago de Compostela: Eds. Lóstrego, col. A Memoria de Galicia.
- Rábade Paredes, X. (2000): *A vida de Manuel Murguía*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- Rodríguez Sánchez, F. (2010): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa pátria*. Galicia: AS-PG.
- VV.AA. (1998): *Volver a Murguía*. Vigo: A Nosa Terra.



O nome de Cotobade

GONZALO NAVAZA

1. *Cotobade*, nome dunha terra, nome dun concello

Unha das singularidades do nome do antigo concello de Cotobade é a súa condición de puro corónimo ou nome de territorio, que non designa un lugar concreto ou núcleo de poboación, nin sequera unha parroquia, senón só unha área xeográfica. É esa unha característica que salientan todos os estudos acerca de Cotobade e o seu nome (Fraguas, 1974: 263), porque aínda que é común na toponimia doutras demarcacións administrativas, é insólita na dos municipios.

No século XIX, cando a división municipal substituíu os coutos e xurisdicións, nos casos en que a vella denominación era coronímica, o habitual foi substituíla polo nome da localidade ou da freguesía que acolleu a casa do concello. A tradición ilustrada e liberal que clamaba contra o enmarañado mapa administrativo da Galicia do Antigo Réxime consideraba un inconveniente que as demarcacións se coñecesen por un nome que non se correspondía co de ningunha localidade, pois o modelo era o dos concellos de carácter urbano, con séculos de existencia e onde non sucedía tal cousa. Dese xeito, Deza, Trasdeza e Camba, por exemplo, pasaron a chamarse respectivamente no século XIX Lalín, Silleda e Rodeiro. Cotobade é unha excepción. En xeral, o mapa municipal de toda España construíuse a partir dunha unidade “pueblo” (Fariña Jamardo, 1987: 31-33) allea á forma de ocupación do territorio propia de Galicia, caracterizada pola dispersión rural da poboación.

Nos rexistros escritos máis antigos que coñecemos do nome de Cotobade, de finais do século XII, o seu valor coronímico era aínda un valor por extensión dun topónimo que designaba un lugar concreto, situado en termos da actual parroquia de Tenorio: unha fortaleza (*castrum*, *castellum*) do rei erguida nun dos altos do monte chamado hoxe *Monte do Castelo* ou *O Castelo*, o macizo que serve de estrema entre esa parroquia e as de Carballedo e Viascón. En 1180 Fernando II doou a vila de Pontevedra, e con ela a fortaleza de Cotobade e a súa terra, ao arcebispo de Santiago. Foi esa demarcación rexia a que consolidou tamén unha identidade territorial,

pois ata o século XIII toda esa área (unha estremadura iriense inmediata a territorios historicamente bracarenses) non coñece outra denominación ca o máis xenérico de *Montes* ou *Terra de Montes*, que é o que se emprega tamén para situar o propio castelo de Cotobade: *in Cusanca et in Montes e in Salnes* (1112); *in Asma, in Camba, in Montes* (1169); *tota terra illa que dicitur Montes* (1176); *terra que dicitur Montes in qua est castellum Cutubadi* (1182, 1188)¹.

A fortaleza non sobreviviu á Idade Media. Xa precisaba reparacións en 1480, data dun documento que fala da súa restitución ao arcebispo (Simancas, PARES), e na primeira metade do século seguinte só quedaban as ruínas. A súa destrución no contexto bélico da Galicia de finais do XV deu paso á condición exclusivamente corónimica do nome. A diferenza dos que podemos chamar corónimos primarios, onde sobreviven tantos etnónimos prehistóricos (*Bergantiños, Céltigos, Posmarcos, Nendos, Trives, Valdeorras...*), o de *Cotobade* sería un corónimo secundario, que só adquiriu esa condición en exclusiva despois dun longo tempo en que foi corónimo por extensión, cando aínda existía a fortaleza. Sería un caso paralelo ao doutros nomes medievais de localidades concretas con alfoz ou xurisdición que se volveron corónimos exclusivos por mudanza do topónimo orixinario, por exemplo os arciprestados chamados *Faro, Reboreda* ou *Tarás*, que conservaron os vellos nomes da Coruña, de Viana do Bolo e da Guarda (Navaza, 2016; Navaza, 2017).

Se o documento de 1180 que recolle a doazón de Fernando II inaugura o historial de rexistros escritos do topónimo *Cotobade*, para o seu uso como corónimo exclusivo temos referencia cronolóxica e simbólica nas declaracións das testemuñas do preito Tabera-Fonseca que no ano 1526 lembran os tempos en que a fortaleza aínda estaba en pé, décadas antes:

...y a las fortalezas de Tanoiro e de Cotobbade que era del dicho Peralbares [de Soutomaioir = Pedro Madruga] y todas las derrocaron...

...dixo que bio en la villa de Pontevedra al dicho don Fernando de Acuña, Gobernador e al arçediano de Camazes e a otro que

¹ Os documentos en latín que figuran só coa data e sen indicación de fonte están tomados do CODOLGA.

no sabe como se llamaba e que despues de benidos oió dezir que fiziera derrocar a Cotobade, a Castrican e a la insua de Bea, porque eran casas nuevas e que oy día estan caidas e derrocadas (Rodríguez González, 1984: II, 384, 527)

O territorio designado polo corónimo abrangúa unha extensión de algo máis de 135 Km² e unha ducia de freguesías, en número que variou ao longo do tempo. Logo da recente fusión, incluíronse no actual de *Cerdedo-Cotobade* as trece que formaban o primeiro ata o ano 2016: Aguasantas, Almofrei, Borela, Carballedo, Caroi, Corredoira, Loureiro, Rebordelo, Sacos, San Xurxo de Sacos, Tenorio, Valongo e Viascón.

Cotobade constituíu durante o Antigo Réxime unha xurisdición, distrito, couto e meirindade, partido ou concello, segundo a época. A continuidade no espazo e no tempo do arceprelado de Cotobade na administración eclesíastica garantiu a identidade territorial, pois no civil aparece ás veces na documentación histórica formando unidade administrativa con xurisdicións veciñas, principalmente Cal de Bergazo (con Caldelas, Gaxate, A Lama etc.), Campo e As Fragas (que no século XIX pasarían a integrarse no concello de Campo, logo Campo Lameiro) ou en ocasións como parte do alfoz rural de Pontevedra co nome de “Cotobad y río de Leres” (ACS, 1572). No Catastro de Ensenada (1752) realízase un único interrogatorio conxunto para os “Partidos de Cotobad y Cal de Bergazo”, o primeiro de señorío compartido polo casa de Soutomaior e o arcebispo, o segundo de señorío arcebispal.

Se as comisións que estableceron as demarcacións dos concellos constitucionais na década de 1830 propoñían novos nomes para os vellos corónimos, para Cotobade houbo coincidencia na vontade de manter a vella denominación, e non substituíla, como suxerían as directrices, pola da freguesía de Carballedo ou do seu lugar da Chan, declarada capital a causa da súa situación central (Fariña Jamardo, 1987: 107). Para a pervivencia do corónimo puido influír talvez a celebridade adquirida a causa das accións bélicas dos veciños de Cotobade nas décadas previas (a guerrilla e o *canón de pau* na francesada, as posteriores partidas absolutistas...), que engadiron nova resonancia popular, en Galicia e aínda en toda España, ao nome dunha terra ata daquela connotada entre nós apenas polos lobos dos seus montes e sobre todo polos seus canteiros. Pero o que debeu influír sen dúbida

para manter a vella denominación foi a secular tradición municipal local, cunha historia marcada pola disputa da súa xurisdición e os seus excedentes entre a casa de Soutomaior e a mitra compostelá. Fronte a ambos poderes estiveron os veciños constituídos en concello, incluído un breve período de concello reguengo (1594-1595), que foi orixe da preservación de certos dereitos e exencións en séculos posteriores. En 1895, un folleto publicado en Pontevedra coas *Ordenanzas del Ayuntamiento de Cotovad* dese ano celebraba o tricentenario das primeiras ordenanzas municipais, que se conservan no orixinal de 1595, da antiga circunscrición chamada *Jurisdicción de Cotovad y Fragas*, emancipada daquela do señorío arcebispal e constituída en *Concejo y vecindad* de carácter reguengo².

Ademais do nome do concello, o mesmo topónimo *Cotobade* consta no *Nomenclátor de Galicia* actual como nome de tres aldeas en Ordoeste (A Baña), Argozón (Chantada) e Pías (Ponteareas). Da presenza deste mesmo nome na microtoponimia temos constancia en dous casos, nun *Cotobade* ou *Camiño de Cotobade* en Candeán, Vigo, e nunha área de monte con arboredo en Ferrol chamada igualmente *Cotobade*. A propia existencia destes cinco topónimos *Cotobade* pode considerarse un obstáculo para a explicación etimolóxica tradicional que vemos a continuación.

2. A lenda etimolóxica tradicional

Está moi estendida certa explicación etimolóxica que interpreta o nome do concello de *Cotobade* como un composto que fai referencia ao *couto* do *abade* do mosteiro de Tenorio. Seguramente xa existía esa crenza dende había tempo (grafías *Cotobbade*, con *-bb-*, en documentos do propio mosteiro nos séculos XVI e XVII poden facer sospeitalo) antes de que a formulase por escrito, dándoa por evidente, o Padre Sarmiento. O sabio bieito visitou San Pedro de Tenorio na súa viaxe de 1745, examinou as súas

² Agradézolle a Antón Vidal Andión, cotobadense, unha copia fotográfica dese documento de 1595. No libro *Terra de Cotobade* (Fortes, 2015: 19) reproducése en cores o primeiro folio. Do folleto de 1895 consérvase un exemplar entre os fondos de A. Fraguas no arquivo do *Museo do Pobo Galego*. No Portal PARES (Real Chancelería de Valladolid) e na páxina web do ACS hai abundante documentación do longo preito pola xurisdición de Cotobade entre a mitra compostelá e os Soutomaior. O concello reguengo de Cotobade constituírase nun momento (1594-95) en que a Boa Vila tamén era reguenga, emancipada temporalmente do señorío arcebispal.

antigüidades, discutiu a data admitida de 1073 —pretendendo anticipala en sete décadas— da primeira mención escrita do mosteiro e comparou o seu humilde presente co esplendoroso pasado suxerido non polo seu nome senón polo do territorio en que se asenta:

Siendo pues cierto que ya hace 650 años que Tenorio era abadía benedictina famosa y que hoy apenas posee más que los diezmos del curato, se conocerá cuanto ha perdido con las guerras y con extraños señoríos. Si bien no ha podido perder aún la memoria de que lo perdió. A aquella jurisdicción y señorío de Tenorio llaman la jurisdicción de *Cotobade*, originado con evidencia de *cautum abbats* o *Coto-Abade* en memoria de que todo era del monasterio de Tenorio (*Colección de voces y frases gallegas*, 188-189).

Repetiron e divulgaron esta explicación etimolóxica numerosos autores nos séculos XIX e XX (Benito Vicetto, Taboada Leal, Pascual Madoz, Álvarez Limeses, Crespo Pozo...), uns dándoa como certa, outros limitándose a constatala como opinión común:

Hay en esta feligresía [Tenorio, San Pedro] un convento de Benedictinos, cuya iglesia está abierta al culto público [...]. Al Este de la misma existe un monte llamado Castelo, sobre el cual hay una torre, conocida antiguamente con el nombre de Coto del Abad, de donde se cree que tomó su denominación lo que antes era partido y es hoy el Ayuntamiento de Cotovad (Taboada Leal, 1877: 355).

É proba do arraigamento local desta lenda etimolóxica o feito de que no acto solemne que iniciou o proceso de fusión dos concellos de Cotobade e Cerdedo en 2016, o alcalde do primeiro abriu a sesión coas seguintes palabras, segundo a prensa: “Desde la lealtad al Cañón de Pau y al Coto do Abade tomo la palabra” (*Faro de Vigo*, 4/2/2016).

Os rexistros medievais do topónimo, en latín ou en romance galego, sen ditongo na primeira sílaba, contradín a presenza dun substantivo correspondente ao latín *cautu* (gal. *couto*, cast. *coto*), o participio de *cauēre*. E ademais permiten atribuírle unha data de nacemento tardía —posterior ao século XV— a esa explicación etimolóxica, dado que parte da inverosímil presenza da forma castelá dun substantivo nun topónimo galego do século XII.

Non teño noticia de estudos toponímicos específicos anteriores ao noso século que cuestionen esa explicación tradicional, que parece aceptarse en obras xerais sobre toponimia hispánica (López Santos, 1960, ELH I, 603). En 2001, Nicandro Ares desapróbaa atinadamente no breve estudo que lle dedica ao nome do lugar de *Cotobade* da parroquia de Argozón (Chantada). O rexeitamento é extensivo aos outros homónimos, pois a atestación en latín do século XII en que se apoia refírese precisamente ao nome do concello de Cotobade e non ao Cotobade que é obxecto do seu estudo:

Cotobade débese descompoñer en *coto*, palabra de orixe prerromana **cotto* [...] e un nome persoal en xenitivo *Bade*, o cal se repite illado na toponimia galega e parece que non é aférese de *abbas*, *-atis* ‘abade’, senón o antropónimo Vatis (LC 319 [Kajanto]), como suxire a forma *Cottovade* en 1180 (Ares, 2001: 74).

En efecto, a explicación popular é errada como etimoloxía no seu conxunto e en cada un dos seus termos (*couto* e *abade*). Se fose efectivamente un composto, o primeiro elemento podería ser o galego *coto* ‘prominencia do terreo, curuto, cotarelo’, como propón Ares, mais nunca *couto* (cast. *coto*), correspondente ao latín *cautu*. E non podemos esquecer que en 1180, cando o topónimo designaba un castelo propiedade do rei, o mosteiro de Tenorio tiña só algo máis de cen anos de antigüidade e nunca tivera nin tivo despois xurisdición tan extensa; o seu couto limitouse á súa parroquia, e dentro dos seus límites parroquiais estaban as dúas granxas con que contou, en Tenorio e mais en Pazos da Ribeira. Se o segundo elemento do hipotético composto fose o substantivo *abade*, tratándose dun topónimo recente en 1180, esperaríamos velo escrito en latín de xeito claro como **Cautum abbat* ou algo semellante. A grafía con que se rexistra Cotobade nos testemuños do século XII é proba de que naquela altura xa resultaba un topónimo opaco, de escuro significado.

3. A historia dos rexistros documentais de *Cotobade*

A historia documental do nome, moi relacionada coa historia de Pontevedra, comeza en 1180 no documento en que Fernando II fai doazón desta vila (que en 1169 xa recibira foro do mesmo rei) e mais do *castrum* ou *castellum* de Cotobade coa súa terra á igrexa de Santiago e ao seu arcebispo

Pedro. O documento emitiuse en Salamanca en decembro daquel ano e representa tamén o remoto inicio da tradición xacobeá de Pontevedra e do seu culto á Virxe peregrina. O rei fai a doazón polo bo servizo que sempre lle fixera o arcebispo e mais como reparación dunha agresión sufrida por uns peregrinos a mans de xente do rei:

in remedium anime meae et parentum meorum et pro bono
servicio quod mihi sepius fecistis ac precipue in satisfactionem
injurie que ecclesie compostellane facta est quando peregrini
sancti jacobí in strata eius ab hominibus meis capti fuerunt...
(Tombo A, 259).

O documento consérvase en varias copias e confirmacións medievais, as máis antigas nos tombos A e B da catedral de Santiago. O topónimo asoma por primeira vez, segundo a lectura maioritaria, no contexto *Castro Cutubade cum tota terra sua* (1180). A variante grafada con *-tt-* e con *-v-* en que se apoia Nicandro Ares parte da lectura de López Ferreiro, onde outros paleógrafos transcriben *Cutubade* ou *Cutubadi*. No CODOLGA podemos ver máis rexistros antigos: *Terra que dicitur Montes in qua est castellum Cutubadi* (1182); *Terra que dicitur Montes in qua est castellum Cutubadi* (1188); *castrum quod dicitur Cotobadi cum pertinentiis suis* (1199); *castrum quod dicitur Cotobade* (1225). *Cotobade* é a grafía que se adoita empregar en romance nos séculos seguintes, en castelán e en galego: *terra de Cotobade* (1419, TMILG), *castillo de Cotobade* (1480, PARES).

Esa grafía común na Idade Media segue a ser habitual no século XVI no que se refire á escrita con , como vimos nas referencias do preito Tabera-Fonseca ou nestes outros exemplos do ACS compostelán: *jurisdición de Cotobade e as Fragas* (1659), *juridición de la dha Tierra de Cotobad y las Fragas* (1569), *tierra de Cotobade y Rrío de Leres* (1572), *Beascón de la juron de Cotobade* (1575), *Peñaflor y Cotobade y su distrito* (1647) etc. Mais dende o mesmo século XVI comeza a alternar con grafías con <v> e mais coa variante castelanizada, sen vogal final (*tierra de Cotobade y Caldevergazo* 1520, Armenteira, PARES; *Cotovade*, 1558, Tui, PARES; *Cotovade / Cotovad* 1591, Valladolid, PARES; *Cotovad y Fragas* 1595, AHPP) que se van facendo comúns a partir do XVII, mesmo na documentación compostelá, onde antes viña rexistrándose sempre como *Cotobade*. Nas memorias do cardeal Jerónimo del Hoyo (1607) lemos indistintamente *Arciprestazgo de Cotobade*

(p. 500), *de Cotobad* (p. 569) e *de Cotovade* (p. 439). No XVIII xa é común *Cotovad*, pero *Cotobad* no catastro de Ensenada (1752). No nomenclátor de Floridablanca (1789), *Cotovad*. No diccionario xeográfico de Miñano (1826), *Cotovad*. En Madoz (1845-49), *Cotovad*. No *Nomenclátor de los Pueblos de España* de 1858, *Cotovad*.

Se no século XVIII xa estaba consolidada na lingua escrita a forma castelanizada, sen *-e* final, como única denominación oficial, a vacilación /<v> seguiu sendo constante ata finais do XIX, mesmo na documentación da administración local cotobadense. En 1841, o alcalde Valentín Suárez manda facer un selo de tinta municipal coa lenda *Ayuntamiento Constitucional. Cotobad*; trinta e cinco anos máis tarde, en 1876, o alcalde Gonzalo Toubes asina cartas carimbadas con ese selo e datadas a man en “Cotovad” (AHN, Sigil-tinta PO15, N.15, PARES). No século XX impúxose a grafía *Cotobad*, que é a que figura nos nomenclátors oficiais dende o de 1910 ata o de 1981, antes da definitiva restauración da forma galega *Cotobade* coa administración autonómica. Dende 1984 o nome *Cotobade* quedou establecido como “única denominación oficial” do seu concello (DOG, 5/2/1985).

4. Os outros *Cotobade*

Para os outros topónimos *Cotobade* de Galicia dispoñemos polo de agora dun historial de rexistros relativamente curto.

1. *Cotobade*. Lugar na parroquia de Pías (Ponteareas). Documentámolo en 1752 (CME) xa como núcleo habitado, con vivendas e terras de labor. En Ensenada aparece en xeral coa forma castelanizada: *casa al sitio de Cotobad...*, *Cotobad...**sitio de Cotobad* (CME, RealEclesiásticos 31v, 32r), pero como sobrenome toponímico dun residente nese lugar rexístrase coa forma galega: *Francisco do Faro de Cotobade, 30 años, casado*. En Madoz (1845-49) aparece grafado *Cotovad* entre os lugares do seu concello. No *Nomenclátor de los pueblos de España* (1858) consta por erro como *Cotobal* e asignánselle 118 habitantes.

2. *Cotobade*. Lugar da parroquia de Argozón (Chantada, Lugo). Non dispoñemos de rexistros escritos deste lugar anteriores ao século XIX, pois non aparece na documentación dos mosteiros de Oseira e de San Salvador de Chantada, que tiñan propiedades en Argozón. En Madoz (1845-49), na


relación de lugares da parroquia figura coa grafía *Cotobade* (s.v. *Argozón*), pero *Cotovade* na entrada propia, onde se lle dá a consideración de “caserío”, cunha poboación dun veciño e seis almas, isto é, unha soa familia.

3. *Cotobade*. Lugar da parroquia de Ordoeste (A Baña, A Coruña). Rexístrase como *Cotobade* en CME e como *Cotovade* e *Cotobade* en Madoz (*Cotovade* en entrada propia, *Cotobade* na relación de lugares da parroquia).


En 1883, Pedro Rodríguez Rodríguez, na versión castelá do *Cronicón Iriense* publicada na revista *Galicia Diplomática* (nº 29, 359), no fragmento que contén unha relación de demarcacións altomedievais galegas doadas ao bispo de Iria, onde o orixinal latino di “*Bregantinos, Farum, Scutarios, Dubriam, Montanos*”, o tradutor interpreta “*Bergantiños, Cotobade, Dubra, Montaos*”. Deixando á beira o feito de que prescinde de traducir *Farum*, o nome da Coruña antes de 1208, deducimos que localiza nese *Cotobade* de Ordoeste (veciño do seu lugar natal) un territorio eclesiástico antigo, situado entre *Bergantiños* e *Dubra* e *Montaos*, debido sen dúbida a que compartía con Sarmiento e coa lenda etimolóxica popular a opinión de que *Cotobade* significaba ‘couto do abade’. O nome indicaba que aquela aldea fora o centro dunha ampla demarcación en tempos tan remotos que só quedaba o topónimo como testemuña, igual ca en Tenorio. Dese xeito, nunha relación medieval de nomes de arciprestados actuais situados ao norte do Tambre, un descoñecido *Scutarios* (ou *Sentarios* noutras copias ou lecturas) mencionado xunto a *Bergantiños* e *Dubra* e *Montaos* ben podía corresponder a ese suposto couto dun abade que deixara pegada no nome desa aldea de Ordoeste. Obviamente, esta atribución non outorga antigüidade ao topónimo, pero cabe pensar que o tradutor, que coñecía ben o lugar, non debeu encontrar nel nada que se opuxese a unha orixe moi antiga.

4. *Cotobade*. Lugar na parroquia de Candeán (Vigo, Pontevedra). Situado nunha parroquia cada vez menos rural, o antigo lugar de *Cotobade* era un núcleo habitado no XVIII, ou polo menos había nel vivendas, segundo podemos ver no Catastro de Ensenada: *Benito González... una casa terrena al sitio Cotovade; donde dicen Cotovade...; al sitio Cotovade* (CME Leigos, 66, 67, 91 etc.), pero non figura entre os lugares da parroquia nas fontes habituais dos séculos XIX e XX. Sobrevive no nomenclátor odonímico de Vigo no nome dun *Camiño de Cotobade*.

5. *Cotobade*. Área de monte en Ferrol, próxima ao castelo de San Filipe. Non dispoñemos de documentación anterior ao século XX. Foi recollido en traballo de campo no Proxecto Toponimia de Galicia (PTG).



Formas castellanizadas e non castellanizadas dos topónimos en Madoz (1845-1849)



5. Etimoloxía

A hipótese formulada por Nicandro Ares en 2001 ve en *Cotobade* un composto cun primeiro elemento *coto*, termo de orixe prerromana (*cotto) que sobreviviu no léxico común do galego e ten abundante presenza na toponimia para designar prominencias ou elevacións do terreo, na forma simple ou nos seus derivados (*Cótaro*, *Cotro*, *Cotón*, *Cotelo*, *Cotarelo* etc.). Reforza a verosimilitude desta explicación a propia orografía do lugar onde se situaba o *castrum* ou *castellum* medieval que estendeu o seu nome ao do territorio. É tamén verosímil a composición dese substantivo cun segundo elemento que conteña o xenitivo dun nome persoal, como suxire ese autor, coincidente co que vemos en topónimos como *Bade* (Gondomar), *Bade* (Sarria), *Vilabade* (Castroverde), *Soutibade* (Ramirás) e outros.

Nicandro Ares propón o antropónimo *Vatis*, que se rexistra na onomástica latina usado como cognome no século III (Kajanto 319), pero non temos constancia do seu uso na Gallaecia nin en Hispania. O estudoso lugués non considera a posibilidade dun antropónimo con B- atendendo

á atestación *Cottovatus* de 1180, pero esa lectura de López Ferreiro diverxe non só das lecturas que fan do texto outros paleógrafos senón tamén das outras atestacións do topónimo en documentos próximos no tempo. En realidade, a grafía ou <v> en posición intervocálica no topónimo nun texto en latín desa época é indiferente; os amanuenses estaban familiarizados co feito de que a pronuncia fricativa que levaría a escribir en romance con <u> ou <v> se correspondese cun en latín (*auer / habere*), e a forma latina escrita dun topónimo escuro no século XII non é o seu étimo, senón a súa latinización convencional, por iso atopamos na documentación medieval *octariu* para latinizar o romance *outeiro* (e non **altariu*) ou *fógiu* para *foxo* (e non *foveu*). Para o noso caso, deberemos explorar nomes persoais tanto con B- coma con V-.

Existiron en latín os antropónimos *Batus* e *Bato* (Schulze, 31). Non constan no repertorio da *Antroponimia medieval galega* de Boullón, que si contén un posible derivado *Batinus* (Boullón, 1999: 152), mais podemos deducir o seu uso a partir da documentación. Nun texto de Celanova do ano 869, “in territorio Arnogie inter saltus Belesari et Saltubati”, dous soutos parecen denominarse mediante o xenitivo dos nomes dos seus propietarios, *Belisarius* e **Batus*³. A aldea de Bade, en Sarria, rexístrase como *Bati* na documentación de Samos: *in Bati* (976), *villa de Bati* (1009). Outros exemplos do CODOLGA son *Mamuas de Bade* (1159, Armenteira) e *Villa Bade* (1475, Pallares).

Nese **Batus* antroponímico puideron confluír formas de diferentes orixes; por unha banda a mesma familia léxica do común *abade*, de *abbas* ‘pai’, que tamén tivo uso como antropónimo (Boullón, 1999: 115) e que produciu derivados mediante o sufixo –atus (polo menos noutras áreas xeográficas; cf. apelidos *Abbado*, *Abado*) susceptibles de experimentar aférese da primeira sílaba. Por outra banda, o resultado, tamén a partir de hipocorísticos formados por aférese da primeira sílaba (cf. *Domingos / Mingos*), de antropónimos usuais na epigrafía latina de Galicia como *Ambatus*, *Barbatus* e outros (Abascal, 270, 298) e que aparentemente xa deixaran de usarse nos séculos IX e X (Boullón, 1999 non os rexistra). Pódense descartar

³ Hoxe *Soutibade*, con disimilación da vogal pretónica. No PTG aparece reinterpretado como “Souto Ibade”.

os formados a partir da raíz xermánica **badu-* ‘loita’, pois eses perderían en galego o -d- intervocálico (*badamundi* > *Baamonde*).

O nome da fortaleza medieval de Cotobade puido, pois, denominar en orixe un *coto* ‘cume, elevación, picoto’ dun tal *Batus*. Non sabemos quen sería esa persoa. Parece que debemos descartar que fose un *tenente* do rei na fortificación, como se ten suxerido para o *Honestus* do *Castellum Honesti* de Oeste, Catoira (Navaza, 2007: 24), pois no noso caso **Batus* daba nome ao coto e non ao castelo, que debeu de construírse cando xa estaba consolidado o topónimo.

En suma, pódese aceptar como hipótese verosímil, non como certeza, que o nome de *Cotobade* sexa o resultado dun composto de *coto* (< prerromano *cottu*) e o xenitivo dun nome persoal **Batus* usado en Galicia no primeiro milenio.

A existencia de polo menos outros cinco topónimos *Cotobade* para os cales non podemos reconstruír un historial de rexistros escritos completo obríganos a manter as cautelas e a explorar as posibilidades que expoño no seguinte apartado final.

6. Cautelas e alternativas

Un estudo completo do nome de Cotobade require un exame pormenorizado da documentación escrita dos outros *Cotobade* galegos. Na medida en que se poida confirmar a súa antigüidade diminúe a verosimilitude da hipótese exposta no apartado precedente por razóns de simple probabilidade combinatoria. O antroponímico *-Bade* é relativamente frecuente na nosa toponimia, onde non faltan exemplos que o conteñen como elemento único ou como segundo elemento de composición con *Souto-*, *Vila-* ou *Pena-*. Mais os compostos de *Coto* + antroponímico en xenitivo, aínda que tamén os hai (*Cotomil*, *Cotovil*, *Coto Masende...*, cada un deles un *unicum*), son insólitos ou pouco comúns, de xeito que sería demasiada casualidade que a combinación cun mesmo antroponímico (*cottu* + *bati*) se producise en seis topónimos distantes. Nalgún deles, ademais, non é doado recoñecer ningunha realidade orográfica que poida motivar o substantivo *coto*.

Dado que os rexistros escritos que coñecemos dos outros cinco *Cotobade* son recentes, en ningún caso anteriores ao Catastro de Ensenada

(1752-1753), a información de que dispoñemos hoxe permite aceptar a posibilidade de que todos eles sexan topónimos nados en época moderna, eco do único *Cotobade* orixinario, o cal deixaría a salvo a hipótese etimolóxica formulada. Unha persoa natural de Cotobade puido ter exportado e consolidado ese nome na toponimia doutro lugar por exemplo a partir dunha vivenda illada coñecida polo sobrenome ou apelido do propietario, que faría referencia á súa terra de orixe. Sabemos que o corónimo *Cotobade* deu orixe a apelido (*Cotovad* / *Cotobad*) e temos constancia de que nos séculos XVII e XVIII os canteiros foron un singular medio de expansión noutras áreas de Galicia dalgúns apelidos orixinarios de Terra de Montes (*Cadavid*, *Rozados*, *And[i]ón*, *Chamadoira*...).

É igualmente verosímil, dada a popularidade da lenda etimolóxica de *Cotobade*, que nalgún caso puidese empregarse ese nome como denominación festiva dun lugar propiedade dun abade ou vinculado con el, sexa un *abade* ‘superior dun mosteiro’, sexa un ‘párroco dunha igrexa matriz’, e que o nome festivo acabase apagando o orixinario. No Interrogatorio do CME da parroquia de Argozón (Chantada), o seu párroco figura intitulado “abad coter”. Na de Pías (Pontearas), algún nome de núcleo de poboación que foi propiedade de Melón, ben atestado dende a Idade Media, parece que deixa de aparecer na documentación posterior ao século XVI.

Con todo, cómpre ter en conta, dadas as datas temperás en que se consolidou para o nome de *Cotobade* a variante castelanizada (sen *-e* final) nos ámbitos oficiais e na lingua escrita, practicamente dende finais do XVI, que se os outros topónimos fosen eco dese topónimo orixinario cabería esperar que se reproducisen como *Cotobad* ou *Cotovad* (cf. a cronoloxía das formas *Tomade*, *Tomad* → *Tomaz* → *Tomás* dun apelido orixinario nun topónimo *Tomade* en Navaza, 2018: 111). Non pode pasarnos inadvertido que no dicionario xeográfico de Madoz e noutras fontes figuren como *Cotovade* os lugares da Baña e de Chantada, o que parece contradicirse coa posibilidade de que os nomes sexan eco do *Cotobade* principal, oficialmente *Cotovad* dende había tempo.

Se se demostra que os outros Cotobade son topónimos patrimoniais, tan antigos coma o nome da terra de Cotobade, entón cumpriría abandonar a hipótese do composto formulada por Nicandro Ares e matizada no apartado anterior. A terminación *-ade* condúcenos igualmente a unha orixe

antroponímica a partir da forma de xenitivo, e o resultado uniforme dos diferentes topónimos suxire un étimo *Cottobati, *Cuttubati ou *Cottovati, dun nome persoal *Cottobatus ou *Cottovatus ou algo semellante, que non obstante non se rexistra na documentación medieval galega nin nos repertorios antroponímicos.

Malia non termos atestacións de ningún antroponimo con esas formas, unha raíz *Cott- está moi presente nos nomes persoais da epigrafía latina de Hispania e da Galia. Kajanto recolle *Cotta* entre os cognomes latinos comúns, e un dos bispos asistentes ao concilio de Braga do ano 536 levaba o nome de *Cottus*. En Solin-Salomies vemos algúns outros antroponimos emparentados: *Cotta*, *Cottalus*, *Cottasius*, *Cottinas*, *Cottionius*, *Cottius*. Albertos Firmat caracteriza como céltica a raíz presente neses nomes na epigrafía hispana:

antroponimo de radical típicamente celta, baseado en *COTTOS 'viejo', según Dottin, p. 93, cf. a. bret. *coth*, corn. *coth*, galés antroponimo *coth* 'viejo', que aparece en los galos *Cottos*, *Cottus* y sus derivados *Cottius*, *Cottalus*, *Cottaius* etc. [...] atestiguados en fuentes literarias y epigráficas. [...] Quizá el mismo origen celta en el latino *Cotta* (Albertos 1986: 98)

Na documentación galega medieval en latín atopamos outros nomes aparentemente relacionados coa mesma raíz: *Cotella testis* (905, Sobrado); *Cotoma testis* (911, Cines); *Cottama* (934, Celanova), *Cotella* (950, Sobrado), *Cotolaya* (1151, Toxosoutos), *Cotolaia* (1165, Santiago), *Cotiradus* (1167, Sobrado) etc. en Portugal *Cotuma* e o patronímico correspondente, *Cotumiz* (933, Lorrvão, OMP).

A pesar de non rexistrarmos ningún antroponimo que explique cabalmente o topónimo *Cotobade* a partir dun xenitivo simple, cabe a posibilidade de que o nome persoal *Cucufatus*, por disimilación consonántica, favorecida talvez por atracción da familia antroponímica da raíz *Cott-*, se alterase en **Cottofatus* ou **Cuttufatus*. E un hipotético xenitivo **Cuttufati* si serviría para explicar os diversos *Cotobade*.

Cucuphas, *Cucufas* ou *Cucufatus* foi un santo cristián martirizado a comezos do século IV en Barcelona (en catalán *San Cugat*). Parece que inicialmente foi venerado fóra de Cataluña conxuntamente co mártir

xerundense *Feliu*, San Félix ou San Fiz (García Rodríguez, 1966: 312-316), o que significaría a chegada do seu culto ao noroeste en data temperá, xa que San Fiz foi na Gallaecia advocación moi antiga, usada na cristianización de cultos pagáns (Navaza, 2009: 196). O traslado das reliquias do mártir barcelonés de Cataluña a París no ano 777 supuxo un renovado impulso para o seu culto en toda a Europa cristiá, e tamén puido ser esa segunda influencia a que deu orixe ao nome da aldea de *Sancovade* < Sancti Cucufati, no concello de Samos. Neste topónimo temos o resultado dunha haploloxía que reduciu a unha soa as sílabas iniciais *Cucu-*. Aínda que non sabemos se o fenómeno foi xeneralizado, á beira dunha forma culta (*San*) *Cucufato* ou *Cucufate* teríamos en galego unha forma patrimonial *San Covado*. Non se produce esa haploloxía, aínda que tamén reducen unha sílaba, as formas catalá (*Cugat*) e asturiana (*San Cucao de la Llanera*).

En español conviven as variantes *Cucufato* (como na célebre rima popular e na canción de Xavier Krahe) e *Cucufate*, que tamén vemos como denominacións alternativas do mosteiro aragonés de *San Cucufato* ou *Cucufate de Lecina* (*monasterio que uocitant scti cucufati de ilizina* no ano 1055, PARES) e da parroquia e castelo de *San Cucufate* ou *Cucufato de la Llanera* en Asturias (en asturiano *San Cucao*). En Portugal o común é hoxe *São Cucufate* para referirse ao antigo mosteiro consagrado a ese santo en Vidigueira, no Alentejo, hoxe en ruínas; esa forma é variante culta ou latinizante, que substituíu as formas patrimoniais (**Cucuvado*) que se deducen da documentación medieval: *sancti Cucufati* (ano 943, OMP), *sancti Cucuuati* (ano 1102, OMP), *Sancti Cucuvati* (ano 1064, Coímbra, CODOLGA).

A reiteración da sílaba inicial fai verosímil unha primitiva disimilación en *cuttu-* e seguramente é tamén a causa da anómala conservación do /k/ intervocálico na forma asturiana *Cucao*, a diferenza da sonorización catalá en *Cugat*. A alteración do -f- intervocálico nunha labial (**Cuttufati* > **Cutuvati* > **Cutuvade*) é solución común en galego (defensa > *devesa*, deficēre > *devecer*).

Ten interese lembrar que as reliquias deste santo formaban parte das roubadas en Braga por Xelmírez no célebre *pío latrocinio*.

A favor dun hipotético **cottufati* ou *cutufati* como étimo do nome de Cotobade, ademais das razóns expostas, contamos cunha única atestación

desta variante do antropónimo como *Cutufatus* en Francia, nunha relación de nomes de mártires no *Speculum Naturale* (XXXII, 64) de Vincent de Beauvais, un autor do século XIII. E contamos sobre todo coa variante popular no castelán de España e de América *San Cutufato* e *Cutufato* como nome persoal; chámase así un personaxe literario do Colombiano Rafael Pombo (1833-1912).

Talvez serve de apoio a esta hipótese a posibilidade de que *Cotofé*, nome dun lugar en Torroso, Mos, corresponda ao resultado dun xenitivo dunha variante sen sufixo **Cuttufas* da forma simple *Cucuphas* deste mesmo antropónimo. Sería paralelo do resultado do nome *Cosme*, formado sobre o xenitivo de *Cosmas* e non sobre o derivado en -atus (que é o que dá *Cosmado*, *Cormado*, *Colmado*). Neste caso con conservación do -f- intervocálico, coma en *Vilafiz* ou *Refoxos*.

De momento, en tanto non se confirme a antigüidade dos outros Cotobade, esta alternativa non deixa de ser unha posibilidade remota e debemos aceptar provisionalmente a anterior. Tanto unha coma a outra non pasan de hipóteses etimolóxicas, pero son as únicas coherentes e verosímiles que se poden construír coa información de que dispoñemos hoxe.

G.N.

Universidade de Vigo/Seminario de Onomástica da RAG


Bibliografía

- Abascal Palazón, José Manuel (1994): *Los nombres personales de las inscripciones latinas de Hispania*. Murcia: Universidad de Murcia-Universidad Complutense de Madrid.
- ACS, Arquivo da Catedral de Santiago. Disponible en <http://csa.archivo3000.es/jopac>
- AHPP, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- Albertos Firmat, M^a Lourdes (1986): *La onomástica personal primitiva de Hispania*. Salamanca: Instituto Antonio Nebrija, C.S.I.C.
- Álvarez Limeses, Gerardo (1929): *Pontevedra*. Carreras Candi: Geografía General de Reino de Galicia.
- Ares, Nicandro (2001): “Toponimia do concello de Chantada”, *Lvcensia*, 22 (vol XI), 71-96, en Nicandro Ares (coord., 2012), *Estudos de*

- Toponimia Galega*, II, pp. 785-812. A Coruña: Real Academia Galega.
- Beauvais, Vincent de (1494): *Speculum Naturale*. [usouse a copia de Googlebooks, do ano 1494, que reproduce un orixinal conservado na biblioteca da Facultade de Medicina da Universidad Complutense, Madrid].
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega ss. VIII-XII*. Tübingen: Max Niemeyer.
- CME = vid. Ensenada.
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (dir) (1994-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago: Centro Ramón Piñeiro [http://corpus.cirp.es/codolga/].
- Comisión Estadística General del Reino (1858): *Nomenclátor de los pueblos de España*. Madrid: Imprenta Nacional.
- Ensenada = Catastro del Marqués de la Ensenada. As respostas do interrogatorio poden consultarse en internet [disponible en http://pares.mcu.es/Catastro]. O correspondente aos outros libros para a xurisdición de Cotobade e as parroquias de Pías (Ponteareas) e Candeán (Vigo) consultáronse no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- Fariña Jamardo, Xosé (1987): *O nacemento dos axuntamentos da provincia de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- Floridablanca (1789): *Nomenclátor de la ciudades, villas, lugares, aldeas, granjas, cotos redondos, cortijos y despoblados de españa y de sus islas adyacentes (...) formado por las relaciones originales de los intendentes de las provincias del reino*. Madrid: Imprenta Real.
- Fortes Bouzán, Xosé (2015): *Terra de Cotobade*. A Coruña: Editorial Guiverny.
- Fraguas, Antonio (1974): “Cotobade”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, s.v. Silverio Cañada Santiago de Compostela/Xixón, pp. 263-264.
- García Rodríguez, Carmen (1966): *El culto de los santos en la España romana y visigoda*. Madrid: Insituto Enrique Flórez, C.S.I.C.
- Hoyo = Rodríguez González, Ángel e Benito Varela Jácome (eds.) (s.d.[1950]): *Cardenal Jerónimo del Hoyo. Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago: Ed. Porto.
- Kajanto, Iiro (1982 [1965 Helsinki, 1ª]): *The latin cognomina*. Roma: G. Bretschneider Editore.

- López Santos, Luís (1960): “Hagiotoponimia”, EHL I [Enciclopedia Lingüística Hispánica]. Editorial Labor: Madrid.
- Lucas Álvarez, Manuel (1998): *Tumbo A de la catedral de Santiago*. Estudio y edición. Santiago: Seminario de Estudios Galegos, Cabido da S.A.M.I. Catedral.
- Madoz: Madoz, Pascual (1845-1849): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Establecimiento Tipográfico Universal.
- Miñano y Bedoya, Sebastián (1826-28): *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*. Madrid: Imprenta de Pierart-Peralta.
- Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Santiago: Xunta de Galicia/Concello de Catoira.
- _____ (2009): “Parroquias e toponimia”, 181-201, in García Pazos, Fernando (coord): *A parroquia en Galicia, pasado, presente e futuro*. Santiago: Xunta de Galicia.
- _____ (2016): “A orixe literaria do nome da Coruña”, in *Revista Galega de Filoloxía*, nº 17, pp. 119-164.
- _____ (2017): “A intervención régia na toponimia galega medieval: os nomes de Afonso IX”. *Guavira Letras*, nº 25, 50-78. Três Lagoas: Universidade Federal de Mato Grosso do Sul.
- _____ (2018): “Andrade, Cosmede, Tomade e outros apelidos de orixe toponímica”, en Ana I. Boullón Agrelo (ed.), *Anroponimia e lexicografía*, 179-202. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- OMP = Cortesão, António (1912): *Onomástico medieval português*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- PARES = *Portal de Archivos Españoles*. Ministerio de Cultura [http://pares.mcu.es]
- PTG = *Proxecto Toponimia de Galicia* (2003-). Disponible em <https://toponimia.xunta.es/Buscador>.
- Recuero Astray, Manuel /Romero Portilla, Paz / Rodríguez Prieto, M^a Ángeles: *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*. Xunta de Galicia: Consellería de Cultura.
- Rodríguez González, Ángel (1984) *La fortalezas de la Mitra Compostelana y los “irmandiños”*. *Pleito Tabera-Fonseca*. I, II Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos/Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- Sarmiento = Pensado Tomé, X. L. (ed., 1970): Fr. Martín Sarmiento: *Colección de voces y frases gallegas*. Salamanca: Universidad.
- Schulze, Wilhelm (1904): *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen*. Berlin: Weidmann.
- Solin, Heikki & Olli Salomies (1988): *Repertorium nominum gentilium et cognominum latinorum*. Hildesheim/ Zurich/NewYork: Olms/Weidmann.
- Taboada Leal, Nicolás (1877): *Hidrología médica de Galicia o sea noticia de aguas minero-medicinales de las cuatro provincias de este antiguo reino*. Madrid: Establecimiento tipográfico de Pedro Núñez.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Infomatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/tmilg>.
- Vicetto, Benito (1873): *Historia de Galicia*. Ferrol: Imprenta Taxonera.



Vincentius Bellovacensis: *Speculum Naturale* (séc. XIII). Incunable de 1494. Venecia.



Das ánimas nos contos de Fraguas

CAMIÑO NOIA

Tiña certa esperanza en que neste ano puidésemos celebrar na festa das Letras Galegas o autor da primeira *Gramática da lingua galega* (1966) e da gran *Historia da Literatura galega*, co profesor don Ricardo Carballo Calero (1910-1990). Obras nas que a miña xeración aprendeu a fonética, a sintaxe e a morfoloxía do galego, así como a diferenciar as isoglosas das variedades dialectais e a coñecer a vida e a obra de escritores e escritoras que escolleron a nosa lingua para facer os seus textos. Non foi el o escollido pola Real Academia Galega (RAG) senón don Antonio Fraguas (1905-1999), tamén profesor meu de xeografía, no instituto feminino Rosalía Castro de Compostela. E gardo del unha boa lembranza, como ensinante e persoa amable e comprensiva con aquel alumnado difícil de acougar, que ata nos acompañou na excursión de sexto de bacharelato a Madrid, ao Escorial e ao Val dos Caídos. Catro días de viaxe en autobús, dous para ir e dous para volver, cun grupo de adolescentes excitadas que saían da casa por primeira vez sen a familia. Gardo un excelente recordo daquela viaxe e daquel home paciente que desculpaba as nosas trasnadas e sabía levarnos ao rego. E aplaudo a escolla da RAG para homenaxear a Fraguas, compañeiro de Carballo Calero no Seminario de Estudos Galegos e na loita polo Estatuto.

Foi moitos anos despois cando souben do pasado galeguista de don Antonio e dos seus traballos no ámbito da antropoloxía. Nas súas clases utilizaba o castelán por imperativo legal e, castigado polo Réxime franquista, evitou calquera alusión ó seu pasado. Lamento non coñecer daquela os seus artigos etnográficos; de telos lido, quizais a miña dedicación á narrativa popular se iniciase antes, cando a tradición aínda estaba viva.

Como membro do SEG, xa no ano 1931 don Antonio comeza a publicar traballos etnográficos sobre a vida cotiá de dúas parroquias galegas. Unha área de estudo na que, ademais da súa dedicación á xeografía e á arqueoloxía, seguiu traballando, como vemos na súa bibliografía. Nos seus artigos, eminentemente descritivos, fala de cada unha das etapas da vida: nacemento, crianza, mocidade, casamento e morte, deténdose nos ámbitos en que discorre a traxectoria vital, o doméstico (casa e familia) e o social ou comunitario (medicina, igrexa, diversións). Un mundo que practica a

medicina natural con fórmulas ancestrais e recorrencia á atención sanitaria e que practica o catolicismo con numerosos vestixios de crenzas da relixiosidade pagá; un mundo de contos, cantigas, ditos e ritos relacionados coa vida en todas as súas dimensións.

Malia ser partícipe nos seus anos de infancia e mocidade do tipo de vida que describe, Fraguas actúa como un etnógrafo alleo ao obxecto de estudo. E, prescindindo da súa experiencia no medio, describe os ritos e costumes como caducos e en vía de desaparición. Un xeito de vida que chama a atención pola súa rareza, como algo “insólito”, adxectivo que utiliza no seu libro *La Galicia insólita*¹, onde sintetiza a información de artigos anteriores. Mais, comprometido co pobo ao que pertence, ten interese en dar testemuño da vida dos seus antepasados e recolle directamente a información de boca dos seus paisanos.

Lamentablemente, na súa bibliografía non atopamos un apartado dedicado aos contos folclóricos, tan abundantes nos seus anos de xuventude, como sucede noutros traballos etnográficos de membros do SEG, nalgún dos cales el participou². E, a excepción dunha media ducia de contos e doutras tantas lendas que presenta para mostrar os ritos e as crenzas de que fala, a narrativa oral como manifestación cultural da vida da comunidade está ausente dos seus traballos³. Quizais a razón de non recoller máis contos que aqueles con referencias ás crenzas ancestrais se deba a que coñecía a universalidade dos contos e ficción e non os consideraba parte do patrimonio etnográfico galego.

¹ A Coruña: Librigal, 1973. O contido do libro está incluído no apartado «Antropología» do segundo volume de *Galicia Eterna*. Barcelona: Ediciones Nauta, 1984, pp. 325-403. E tivo unha segunda edición en 1990 no Cuaderno 51 do Seminario de Sargadelos en Ediciós do Castro; no título leva a apostila de *Tradiciones gallegas*.

² Refírome ás monografías colectivas de: *Santa Mª de Velle (Ourense)*, *Calvos de Randín*, *Santa María de Moreiras (Ourense)* ou *Terra de Melide*.

³ En cambio, ten recollido cantigas e panxoliñas, non só inseridas en artigos sobre distintos aspectos da cultura popular, senón como traballos independentes, como *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (Fundación Otero Pedrayo) de 1985 cando recibiu o Premio Trasalba ou “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia. Nadales, aninovos, xaneiras y Reyes”, *Revista de dialectología y tradiciones populares*, III, 1947, pp. 401-446.

Na vida das nosas vellas aldeas, a morte é un capítulo importante e, quizais, por iso Fraguas lle dedica varios traballos desde a primeira conferencia en Vigo o ano 1931, “O culto ós mortos”⁴, na que relata contos relacionados coas crenzas sobre a morte; contos que aparecen catalogados nos índices hispánicos⁵ e algún no catálogo internacional⁶. Fraguas, en cambio, non recolle outros contos sobre a morte moi coñecidos nas vellas aldeas galegas, como “As tres verdades”, “A madriña morte”, “O demo e o ferreiro” ou “O tío Miseria”, que explican como os humanos pretendemos evitala fronte á súa inexorabilidade.

Nas páxinas que seguen limitareime a falar dos contos sobre a morte inseridos por Fraguas nos seus traballos, comezando polos dous primeiros, publicados cando só tiña vinte e cinco anos e acababa de iniciar o seu labor de etnógrafo: a conferencia á que me referín e “Do folk-lore de Armeses-Listanco”⁷, lugar de orixe da nai no concello de Maside (Ourense), achegando información de artigos posteriores, en especial de “As almas do purgatorio”⁸, escrito cando don Antonio xa cumprira oitenta anos nunha vida intensa en traballos diversos.

O novo conferenciante inicia as súas palabras caracterizando o suxeito das vivencias que vai referir como “almas sinxelas”, tratando de afastarse dese mundo do pasado. E, aínda sendo consciente da relación que existe entre as prácticas ancestrais do paganismo e as do cristianismo, considera o imaxinario dos seus paisanos asentado na fantasía de crenzas doutro tempo, non nas predicadas pola Igrexa católica:

Nas almas sinxelas, onde mora a pantasía ten na actualidade a morte un capítulo intresantísimo de folk-lor. Galicia, terra de vellas lendas mourentas con fondas reminiscencias do pasado

⁴ Publicada na revista *Nós*, 87, do 15 de marzo de 1931, pp. 42-46.

⁵ Ralph Boggs. *Index of Spanish Folktales*. Helsinki: Folklore Fellows Communications, 1930; segunda edición en 1993. Julio Camarena e Maxime Chevalier. *Catálogo tipológico del cuento folclórico español. Cuentos religiosos*. Madrid: Centro de estudios cervantinos, 2003.

⁶ *The Types of International Folktales* de Antti Aarne e Stith Thompson. Helsinki: Folklore Fellows' Communications, 1980 (segunda edición aumentada).

⁷ No número 96 de *Nós*, do 15 de Nadal de 1931, pp. 221-226.

⁸ *Encrucillada*, 49, set.-out., 1987, pp. 5-22.

[...], hai en toda ela un arquivo cuase inédito de crenzas encol da morte, lendas que gardan fonda semellanza coas de outros pobos, maormente Portugal e a Bretaña.

Non é doado afastar certos ritos pagáns de practicas relixiosas que rodean as crencias sobor da morte e da inmortalidade.

Certamente, as xentes da aldea, sen outra cultura que a recibida na oralidade polos antepasados e polos clérigos, tiñan sobre a morte unha concepción fantástica coa que trataban de interpretar esa realidade tráxica. Unha interpretación que a Igrexa católica reinterpretou en historias tan fantásticas como as pagás, que falan duns lugares como o ceo, o purgatorio e o inferno, a onde van os humanos cando morren. De xeito que, as vellas comunidades rurais continuaron vivindo unha fe naturalista de ritos e crenzas pagás mesturada coas da fe católica predicada pola Igrexa. A partir desa relación, as vellas comunidades foron creando novos contos que na Galicia rural tiveron virtualidade ata máis alá da segunda metade do século XX.

Unhas historias rexidas polos principios do Ben e do Mal, representados no cristianismo por Deus e as súas criaturas e polo Demo e as súas. Figuras pouco definidas entre o humano e o fantástico que interveñen na vida social xustificando os bos e malos sucesos da comunidade. A Deus, un ser superior, xusticeiro e bondadoso, atribúenselle as cousas boas, ou as malas como un sinal correctivo (en especial as traxedias naturais) e pídenselle favores e clemencia polos pecados cometidos. E a Igrexa promove a figura dese Deus xuíz, desde a lingua do poder en sermóns e frases como esta que Fraguas recolle nunha sepultura: “Ante un Dios Omnipotente, Cristianos sereis juzgados, y después de vuestra muerte, escombros sereis y gusanos”, coa clara finalidade de asustar os crentes co medo ao inferno. E o pobo, na súa lingua, crea cantigas que falan do medo ao xuízo do Máis alá:

Téñolle medo á morte
anque é cousa natural,
pero máis medo lle teño
á conta que teño que dar.

E que se dirixen á morte irada para queixarse das inxustizas que comete levando a xente nova e deixando padecer a vella:

Ou, morte, tirana morte,
Eu de ti teño que dar queixas:
Quen has de levar non levas,
Quen has de deixar non deixas.

A enorme distancia entre Deus e as criaturas humanas inducía os crentes a buscar a intercesión da Virxe, nai de Deus, dos santos e das santas, como partícipes da divindade, establecendo con eles unha certa complicidade como se fosen humanos. Festéxanos, pídenlles favores e recompénsanos se os favores son atendidos; se non o son, poden ser insultados e postos coa cabeza para abaixo.

No conto “A esmola de San Bieito” recollido en Armeses, unha muller ofrecéralle dúas pesetas a san Bieito se lle quitaba unha espulla que tiña na man. Como tardaba moito en desaparecerlle, foi á igrexa botarlle as dúas pesetas no peto, e aos poucos días a espulla desapareceulle. A muller comentou o caso cunha veciña dicíndolle “No, os santos tamén son ben intresados. Eu ofrecínlle dúas pesetas a san Bieito e hastra que llas dei non me sandou a espulla”. Pola noite, apareceulle a espulla na man e atopou as dúas pesetas debaixo da almofada.

O Demo personifica o mal e recibe varios nomes, o diaño, o maligno, o inimigo, que evitan evocalo directamente para non irritalo. Reside no inferno a onde leva as almas en pecado mortal. E cómpre defenderse del a través da oración, de alianzas cos santos ou levando obxectos sagrados ou benditos que o fagan fuxir (crucifixo, rosario, escapularios, auga bendicida...). E pensando que “Deus é bo pero o demo non é malo”, como di o refrán.

O debate entre Deus e o Demo é inseparable da concepción da morte predicada polos clérigos, mostrando con relatos trágicos a necesidade de pagar misas, de rezar e acender velas á Virxe e aos santos (as santas), como xestores do lugar de castigo e purificación para entrar ao ceo que é o purgatorio. Deus e o Demo dispútanse as almas dos mortos. De aí que, cando se alude a algunha persoa que morreu, cómpre dicir: *que Diolo descanse, que Dios lle perdoe* ou *que Dios o teña en bo lugar*. Fraguas refírese á concepción dos seus paisanos de que “para resucitar con ben o día do Xuízo final e que non nos leve o Demo cómpre rezar o ‘Rosario da Santa Cruz’”, engadindo

esta oración: “Cando nos topemos / No campo de Josefá⁹ / Mi alma que lle dirá? / -Retírate Satanás. / Sólo a Dios adorarás. / Que el día de Santa Cruz / mil veces dixen Jesús”.

No folclore universal hai varios contos sobre a disputa das almas entre os santos e a Virxe co demo, así como sobre a saída do purgatorio e a entrada no ceo. Un de carácter humorístico, “A entrada no ceo”, o tipo 330* do índice internacional¹⁰, cóntanolo Fraguas, no artigo “Do folk-lore de Armeses-Listanco”. Un morto vai ao ceo e San Pedro (“un home de barbas brancas”) dille que para entrar ten que ir a cabalo. Volve ó mundo e atopa un crego que vai para o ceo, cóntalle o seu caso e acordan que o home se poña a cabalo do crego para entrar. Ao chegar á porta do ceo, San Pedro di: “Moi ben, que entre o home e deixe o cabalo fóra”. A hilaridade da anécdota está en que queda fóra o crego que se supón que debería ter prioridade para entrar. É frecuente que nos contos o demo acabe malparado, que un home bata nel meténdoo nun saco e que o convirta nun obxecto. Iso é o que sucede neste conto de “O roubo do muíño”, ao que lle falta a parte central que explica como o demo chegou a converterse en pelica dun saco. Cóntanos Fraguas que un home rouba fariña nun muíño por necesidade, coa intención de devolvela. Cando a vai levar métea sen saber nun saco de coiro do demo. O pobre demo teme o golpe que pode levar cando o home pouse o saco no chan e dille: “Póusame a modiño /que son o pelico / que quedou no muíño”.

En todos os seus artigos sobre a morte en Galicia, Fraguas fala dos *sinais* e *visións* premonitorias que anunciaban unha morte, a propia ou a dun parente ou veciño. A xente das vellas comunidades rurais consideraba sinais de morte: apagar-se unha vela nun enterro; ver unha curuxa, un moucho ou un corvo enriba da casa; oír ouvear un can e “cando o galo canta a deshora, [daquela] o seu dono venta na cova”... E dicíase “ve-la visión” cando se vía

⁹ Refírese ao rei xudeu Josafát. O Campo ou Val de Josafát aparece mencionado nunha pasaxe da *Biblia* no libro de Xoel (4: 2 e 12), e sitúase nese lugar o xuízo de Iavé (Yahveh) contra os xentís (as ánimas dos mortos). Na cultura popular de Occidente hai referencias ao Campo de Josafat en pregarias e lendas sobre procesións de almas, como a da Compañía, que camiñan cara ao campo de Josafat para agardar o xuízo.

¹⁰ No *Catálogo tipolóxico do conto galego* utilicei este tipo, asignado por Aarne-Thompson no catálogo internacional para versións semellantes ás nosas, malia considerar que non é un conto relixioso e que debería estar no apartado de “The Jokes and Anecdotes”.

a persoa nun lugar afastado do que ía morrer, no mesmo momento en que morrese. Un veciño da parroquia de Loureiro contáralle a Fraguas que vira un amigo seu pasando un subidoiro cara a unha finca e faloulle, pero non viu a ninguén na finca. Logo soubo que ese mesmo día morrera o amigo lonxe de alí. Unha señora de Lira (Carnota) tamén lle contou que a súa avoa, casada cun carabineiro que emigrara a Buenos Aires, deixara os fillos na casa para ir á misión a outra parroquia. Os nenos viron que alguén metía un brazo cunha manga con galóns dun carabineiro por un furado da porta. Pechárona ben e levaron a chave para o sobrado e pola mañá toparon a porta aberta. Cando llo contaron á nai, díxolles que fora seu pai que morrera. Ao cabo de trinta días, chegoulle unha carta de Buenos Aires avisando da morte do home o mesmo día da visión do brazo na porta.

As visións da morte están relacionadas coa procesión das ánimas da Santa Compañía, unha representación das almas, segundo di Fraguas, da que tamén se ocupa nos seus traballos etnográficos, e da que non vou falar aquí.

Como sabemos por tradición, as ánimas que volven ao mundo adoitan ser as almas dos mortos que están no purgatorio, e os motivos máis recorrentes nos contos daquelas que volven ao mundo relaciónanse coa necesidade de pedir algún favor a familiares ou veciños para poder saír do purgatorio. Os máis coñecidos son: cambiar os marcos que o morto movera en vida para ampliar os lindeiros da súa leira e pedir misas pola súa salvación. Non vin ningún conto co primeiro motivo nos traballos de Fraguas, mais si hai un para mostrar que as ánimas adoitan aparecer pola noite cando precisan de oracións. O conto, do que non teño rexistradas outras versións, ten, sen dúbida, orixe clerical; é unha historia exemplificante de mostra o que lle sucede ás almas de incumprir o mandato da Igrexa de non traballar os días santos.

Días despois de morrer unha pobre lavandeira, os veciños oían golpes ao pasar polo lavadoiro. Avisaron o crego e este, sospeitando que era unha ánima, foina requerir. Era a lavandeira que viña penar no lugar de traballo por ter lavado roupa os domingos e pedía oracións para redimir eses pecados. Grazas ás oracións da veciñanza non se volveron oír máis os golpes.

Mais, en certas circunstancias, poden volver á Terra as almas condenadas ao inferno. Conta Fraguas que no século XIX “era moi corrente

que os cadáveres fosen amortallados cun hábito benzoado” para que non fosen ao inferno. E iso provocaba que aquelas persoas que morrían en pecado mortal levando o hábito, ou unha sotana, non podían entrar no inferno nin ir a outro lugar no Máis alá, e de noite “abandonaban o cadaleito” e vagaban por cruceiros e por encrucilladas buscando un vivo que lle rachase o hábito e poder acougar. Ese motivo aparece en contos como este relatado polo novo etnógrafo. Un mozo que pasaba todas as noites por un camiño viu achegarse a el unha pantasma cuberta cun hábito para pedirlle que llo rompese. Dúas noites non accedeu a facelo, pero na terceira, que ía protexido por un escapulario e unha estola que lle dera o abade, cando apareceu a pantasma fixo un circo na terra e meteuse dentro. Dende alí rachoulle o hábito por detrás e viu como “se abriu un enorme bocarón no medio dunha forte labarada e fumareda no que se fundiu o morto”. O mozo morreu aos poucos días “porque o morto era amigo del”, di Fraguas. O mozo Fraguas trata de interpretar esta historia desde a fe cristiá considerándoa unha crenza relixiosa baseada na dualidade alma-corpo. E non ve coherencia no relato:

O feito de afundirse o corpo de iste xeito ten algo de materialismo, o morto non vai pró inferno sin desprenderse do hábito e, indudablemente, o hábito foi posto despois de morrer o individuo, é decir, cando aquel corpo ficaba sin alma; isto fai maxinar a hipótesis de que na posmorte a ialma vive durante algún tempo, polo menos unha vida conseqüente co corpo. Cabe aínda pensar como a ialma no momento de saír do corpo, iste non tiña o hábito, non foi buscar o acougo que asegún a sentencia lle correspondía, poidera presumirse a eistencia nunha crenza, hoxe desaparecida, onde ise tempo fose adicado pola ialma en ouvir o fallo do Supremo Xuíz, e despois tornase a reencarnarse no mesmo corpo.

Mais a historia, chámase crenza o conto, é absolutamente fantástica, e as cousas cadran ben dentro da fantasía. É unha versión galega dun conto, polo menos, de ámbito peninsular. Hai rexistradas versións por todo o norte de España: en Galicia, Asturias, León, Vizcaya e Huesca (na área do catalán)¹¹, con algunha versión en América. E xa en 1930 foi catalogado por Ralph Boggs co tipo 760B no seu *Index of Spanish Folktales*. No catálogo

¹¹ Segundo o *Catálogo tipológico del cuento folclórico español*, no volume de *Cuentos religiosos*.

galego¹² temos rexistradas cinco versións (dúas na provincia de Lugo e unha en cadansúa provincia restante), ás que se engade agora a de Loureiro de Cotobade.

Outro caso de ánima condenada referido por Fraguas é o dun matrimonio que morrera envelenado e que, días despois, apareceu preto da súa casa. Os veciños requírenos dicíndolles: “En nome de Dios, de San Pedro y de San Pablo, se eres alma do Outro mundo eu che requiro e di o que me pides.” Respóndelles a muller dicindo: “Eu estou en bo lugar, pero o meu home condenouse porque tiña pensado matarse e, agora, se fala, bota lume pola boca”. Ese mesmo motivo, sinala o noso etnógrafo, está na lenda da raposa do Morrazo e do animal de Murillas (Padrón) que disque daban terribles berros botando lume pola boca¹³. No caso de topar de noite con eses condenados, cómpre dicir “Dios te leve a porto salvo.”

Hai tamén ánimas boas que volven á casa axudar a familia. Fraguas narra dous contos, pouco frecuentes na tradición oral, que lle contaron como sucedidos. Un, en terras de Deza, dunha muller que ao morrer deixara dúas fillas pequenas. O pai saía cedo da casa para traballar no campo e deixaba as fillas na cama. Ao volver á casa, as nenas estaban vestidas e limpas e dicían que fora a nai quen as amañaba. O pai agochoouse para descubrir quen era e viu a súa muller; achegouse a ela e a defunta afastouse del dicíndolle: “Agora víchesme, non podo tornar máis.” O outro conto sucedera na parroquia de Listanco. O morto é un vello que días despois de morrer volve á casa e axúdalle aos netiños a xuntar leña nun cesto. Os nenos coñéceno e dinllo á súa nai, ela confirma que fora o avó cando lle describen o hábito que levaba e o broche co que fora enterrado. A ánima do vello non falou, pero déronlle misas pensando que viría por iso.

Fraguas comenta a rareza de que as ánimas viñesen ao mundo de día porque a noite se presta mellor á elaboración de lendas:

¹² Camiño Noia Campos. *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2010. Na composición “O Pantasma”, Francisco Añón pon en verso esa historia.

¹³ En Portugal recolleuse a lenda de “A zorra berradora” ou de Adelouca, que volve ao val de Adelouca cada sete anos.

Móstrasenos eiquí un caso de aparición polo día, i en xeneral a xente pensa que os mortos somentes tornan pola noite [...] A noite préstase máis pra que ó redor das sombras e dos ruxidos do vento nas ponlas das carballas, a imaxinación popular poida entretecer as súas maravillosas lendas.”

O incipiente etnógrafo, que parece non acreditar en tales sucesos, chámalles lendas porque a xente adoita chamarlle así a historias que lle aconteceron a alguén nun lugar concreto, e quen lle contou estas acreditaba na súa veracidade. Chámaselles contos, en cambio, se cren que se trata de historias irreais, sucedidas nun tempo e nun lugar indefinidos. Mais, é ben certo, que os límites entre o conto e a lenda son difusos e que un pode ocupar o lugar do outro.

Non son sempre os mortos os que buscan os vivos para solucionar a vida eterna, tamén estes poden ir requirir unha ánima se o precisan. Sucede, sobre todo, en dous casos: para que o morto lle saque o *aire* (*asombramento*) que lle deixara ao morrer, a un neno que non medra ou a un adulto que perde as forzas, e para recuperar uns cartos. Nestes casos, hai que ir á sepultura ás doce da noite, chamar tres veces polo defunto (defunta) e á terceira, cando adoita responder, dicirlle o que queren. Cando a razón é o mal aire, dise: “Sácame o aire do morto e dáme o do vivo. Aire de morto non ten conforto, o do vivo é confortativo”.

Nos artigos citados de *Nós*, cóntase o pedimento a dúas mulleres mortas dos cartos que lles confiaran en vida. Nunha historia, é un mozo que lle deixara os aforros á noiva mentres estaba no Servizo, e ela morre sen devolverllos. Unha sombra perségueo cando volve á aldea e vaillo contar ao crego; este pregúntalle se morrera alguén que tivese obrigacións con el, e o mozo acórdase dos cartos. Vai co crego á sepultura da noiva ás doce da noite e chaman tres veces pola rapaza, á terceira respóndelles e dilles onde deixou os cartos. “A sombra non apareceu máis”. A outra historia é moi semellante, os actores son un emigrante e dona Mariquita, a súa irmá, a quen lle mandaba cartos para que llos gardase. Ela morre e a el tamén o persegue unha sombra. Un tío crego aconséllalle que vaia ao camposanto cos brazos en cruz para requirir a ánima da irmá. Neste caso, o home ve unha procesión de mortos e pregunta por ela; atópaa na parte de atrás e dille que os cartos están na trabe. Pero tamén lle di: “Eu estou no inferno e non podoo ve-la cara a Noso

Señor; pero dille ao señor tío que como non deixe de marmurar¹⁴ e non cambie de vida, ten aquí unha cama agardando por el”. Foi un encontro fatal, pois o irmán morreu aos tres meses.

No imaxinario popular estas historias de ficción, creadas e difundidas desde os púlpitos da igrexa católica, convertíanse en feitos verídicos, sucedidos a membros da comunidade. E coa mesma fe inocente, a xente cría na reencarnación das almas en sapos, porcos, cans, raposas ou corvos que andaban polos camposantos ou nos arredores do santuario de San Andrés de Teixido. Eran almas en pena que ían ver o santo para cumprir o dito tradicional: “Quédate aí, San Andrés, que de mortos ou de vivos todos te iremos ver”.

Así, coa fantasía do purgatorio, do ceo e do inferno, os clérigos foron modelando as consciencias durante séculos a favor dos intereses da Igrexa. O noso etnógrafo, que era home de pensamento cristián, non pon en cuestión as fantasías do catolicismo con fins lucrativos, limítase a describir as crenzas sobre a morte e o Máis alá como creacións populares, parte dunha Galicia ‘insólita’.

E remato estas páxinas de homenaxe a este galego de nación, bo e xeneroso, que foi don Antonio Fraguas reiterando os parabéns á Academia pola súa escolla para celebralo nas Letras galegas.

C. N.
Universidade de Vigo

¹⁴ Hai unha cantiga que di: “Marmula marmulador / marmula de min e doutro /no inferno hai unha cama / para descansar un pouco”.



Antonio Fraguas: un home bo, sabio e de corazón san

DANIEL PINO

Tiven a inmensa fortuna de que na carreira me dese clase de Xeografía Don Manuel de Terán, coautor dun libro clásico na materia como foi *Imago Mundi*. Don Manuel, formado na Institución Libre de Enseñanza, para min, o mellor xeógrafo español do século XX. Traio a conto o seu maxisterio porque nas primeiras semanas do curso 1960-61 falounos de metodoloxía (hoxe tan de moda en todos os campos do saber, pero daquela, para moitos unha auténtica novidade). Desas semanas teño un recordo que, co paso do tempo, axudaría moito a conformar a miña propia profesión: a coordinación de equipos multidisciplinares no eido da planificación e ordenación territorial. Díxonos: “En un futuro más próximo de lo que sería deseable, habrá que elegir entre una formación que busque el saber todo de nada o saber nada de todo”. No curso seríamos uns 200 alumnos. Penso que só dous ou tres entendemos de primeiras o que quixo dicir —que nos días sucesivos explicou en detalle—, que non era outra cousa a elección entre encamiñar os sistemas educativos na procura de grandes especialistas no saber dun obxecto minúsculo (tendente a cero) ou manter unha Universidade que fose quen de inculcar nos universitarios saberes de perfil humanístico (tendente a infinito), sen menoscabo de que moitos cursasen disciplinas que logo orientasen o coñecemento sobre obxectos abondo específicos. Citou como exemplo aos grandes científicos que non por iso deixaban de ser persoas formadas no saber universal. Para sinalar os perigos da especialización baseábase nas experiencias que daquela trunfaban nos Estados Unidos ou tamén na Unión Soviética, cuns sistemas educativos nos que primaba a formación de súper especialistas con moi deficiente ou nula formación cultural, campo de cultivo da ausencia de sentido crítico, só centradas nun reducido eido dunha minúscula parcela da materia, e que “deixaban” as cuestións de grande alcance, que deben importar aos cidadáns libres, nas mans de economistas, politólogos ou sociólogos dos respectivos gobernos de ámbolos dous países.

Eu dende logo, xa dende antes, pero convencido dende aquela, penso que é mellor saber algo de todo (por moi insignificante que sexa ese saber) que sabelo todo dunha parte infinitesimal da materia, poño por caso, do parafuso 3.581 (se é que este existe e se numera así) dun satélite botado a pastar polo sistema solar.

Don Antonio Fraguas é paradigma do sabio con formación amplísima sobre case todo o que constrinxo aos seres humanos e ao noso país. E ese recorde de Terán que, xeógrafo como Fraguas, exercía o seu maxisterio aplicando os postulados metodolóxicos da Institución na que se formou, pretende igualmente enlazar co recoñecemento que se merece este outro xeógrafo noso, don Antonio Fraguas, estudoso do territorio do noso país, recoñecemento que tanto se bota de menos para coas persoas que, como don Antonio Fraguas, son paradigmas de mestres do saber xeneralista. No que respecta a ese home de pensamento universal, partindo do particular, nacido na aldeíña de Insuela, parroquia de Loureiro, concello de Cotobade, abonda con botar unha rápida ollada á súa biografía para demostralo: xeógrafo, historiador, etnógrafo, antropólogo..., como tantos outros galeguistas da súa xeración ou da xeración anterior, como o seu mestre Ramón Otero Pedrayo. Por máis que sexa a súa faciana de antropólogo a que lle teña dado máis sona, eu quedome coa súa paixón de amante do territorio e das xentes que nese territorio teñen ou tiñan o seu xeito de vivir e de vivilo, de cantalo na lingua de ducias e ducias de xeracións que conformaron un idioma e as súas ricas e variadas formas dialectais, tan propias dun país cun idioma non normalizado e de grande tradición de cultura de transmisión oral.

Para min o territorio é ese ente no que ten acomodo a inmensa maioría do saber sobre os seres humanos e sobre o propio soporte físico das súas actividades. E don Antonio Fraguas é un exemplo do estudoso do territorio, por máis que moitas veces se empreguen outros termos para as súas investigacións. Hai quen confunde ou tende a facer sinónimos os conceptos: medio físico e territorio. Nada máis lonxe da realidade. O medio físico ten as súas propias leis de evolución pero agás nos tempos presentes esa evolución foi extremadamente lenta, mentres que o territorio está en permanente muda. O medio físico, loxicamente, é unha condicionante para o territorio, pero en principio nin positiva nin negativa. O medio pode ser favorable e facilitar o asentamento nel das comunidades, pero tamén pode non selo (por caso, polo clima, a hidrografía, a orografía...), pero entón, segundo Arnold J. Toynbee, actúa o factor do reto. En todo caso todo estará en función do que historicamente foi a acción humana de centos e milleiros de xeracións que facéndose con ese medio, acomodaron as súas vidas nel ata mesmo chegar a modulalo, a convertelo no territorio que hoxe é. Isto é tan así, que no noso país —paradigma de dispersión habitacional—, case se

pode dicir que non existe un medio físico sen que nel se advirta a presenza modeladora do ser humano (por acción ou omisión). Dito doutro xeito, ao meu ver, en Galicia non existe o medio natural puro *stricto sensu*.

É desa acción humana a través de milleiros de anos do que se ocupou durante tantos da súa longa vida o profesor Fraguas. Dende a súa participación nos traballos de campo (1928-1932) da clásica obra *Estudio Etnográfico da terra de Melide*, elaborada colectivamente por xentes como Constantino Candeira, Ramón Fernández-Oxea, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas etc., e publicada na Imprenta de Ánxel Casal en 1933, non deixou de se interesar por esa interacción entre o medio e as xentes que o ocuparon ao longo do tempo, transformándose ámbolos dous.

Unha das constantes que o mestre investigou nos moitos anos que estivo entre nós, pois nace co século e morre con el, é a análise da paisaxe, entendida, penso eu, como o obxecto dun mirar intencionado, coa súa connotación subxectiva que, non obstante, permite a quen sabe mirar, “adivñar”, a inmensa vida que hai agochada nela, porque a visión da paisaxe do territorio non engana, fálanos de como viven as súas xentes a través das pegadas deixadas por elas ao longo da historia ata o presente e das tendencias que se poden albiscar do seu *evoluir* futuro, facéndoo mellor que calquera discurso descritivo. Fálanos dos traballos e dos leceres, das arelas e das penurias, das festas e romarías, das cantigas, das crenzas e dos mitos, dos cruceiros e dos petos, mesmo das especificidades da lingua propia de cada “terra” (na súa Terra de Cotobade, con formas dialectais abondo interesantes), das vestimentas de cada faena, dos camiños e corredoiras que por máis que se poidan parecer ás doutras terras teñen a súa especificidade, como a teñen as preseiras e os cadoiros; fálanos das chairas e das valiñas, como segundo Amable Baliñas se nomean na súa terra, que tamén é a de Fraguas, aos pequenos vales polos que decorren as ducias de regatos e pequenos ríos da cunca principal do río por excelencia da Terra de Montes, o Lérez e do propio da Terra de Cotobade, o Almofrei, último dos grandes aportes á cunca principal. Esas serpes de auga, traspasadas por pontes, pontellas, pontillóns e pasais, e sometidas en cadoiros para alimentar a enerxía que move os muíños, perdidos entre fragas e penedos, serpe que vai recibindo achegas doutros cursos de auga por ambas as dúas ribeiras, para o seu engorde final

nos salóns do río baixo que paseniño vai deitando no mar na Ponte Vedra; serpe na que se atopan nas abas dos vales, máis ou menos próximas, as aldeas e lugares, cos seus hórreos, pombais, fornos, adegas, alpendres, palleiras e a máis variada tipoloxía de construcións adxectivas, coas súas pequenas hortas nos eidos ou por fóra dos eixidos, os panascos e lameiros, máis lonxe as barcias e searas e finalmente os cumes que dividen as cuncas dos tres grandes ríos netamente pontevedreses: o Umia, o Lérez e o Verdugo. Tamén podemos adiviñar que esta é a terra da que saíron os mellores canteiros do mundo, que o saben todo da pedra e de como moldeala en pazos, casas e cabanas (como din na Terra de Cotobade aos hórreos), en muíños en pontes e pontellas ou neses magníficos valados de cachotería en seco de dous metros ou máis de alto, que balizaban e aínda balizan os camiños estreitos, intra e extra aldeas, vedando os predios, atopándose logo cos seus cruceiros e petos nos encontros deses camiños. Mais tamén da súa riqueza en árbores de froito (castiñeiros, nogueiras, bruñeiras, figueiras, pexegueiros, pereiras, cereixeiras ameixeiras, laranxeiras...), de árbores e arbustos (abeneiros, aveleiras, carballos, cerquiños, érbedos, estripeiros, corticeiras, salgueiros, piñeiros..., e máis recentemente eucaliptos); das aves (a rapíña, a canilonga, o pato de río, o gavilán, o gaio, o moucho, a coruxa, a noitebra, a torcaza, o lagarteiro, a bubela, o paspallás, a perdiz, o pito rei, ao corvo, o melro, o tordo, o saturniño, o cuco...) e dos paxaros (a suveliña, o fura-follas, a andoriña, o ferreiro, a laverca a lavandeira o reiseñor, o pimpín, o pardal, a cotovía, a escritenta, o verderolo, a carriza, o xílgaro...); e dos mamíferos do monte (o raposo, o lobo, o teixugo, a londra, a alegaría, a garduña, a lebre, a marta, o ourizo cacho, a denociña, a toupeira, o tourón...). De todo isto e de moitísimas máis cousas, sempre analizadas dende esa óptica da interacción medio-territorio, foi un grande estudoso don Antonio, para maior gloria de Cotobade e de Galicia.

Digo isto no convencemento de que se hoxe os que logo de tantos anos nos que moitos dos que nos dedicamos a analizar e intervir na súa ordenación, definimos o territorio como un grande escenario, aquel onde representan e representaron a súa propia vida as comunidades, é grazas a xentes como Fraguas e os galeguistas das distintas xeracións que fundaron o Seminario de Estudos Galegos. Realmente un fica abraiado cando se repasa a vida e a obra daquel fillo de canteiro que ía predestinado a emigrar ao Brasil (destino básico da emigración americana das xentes de boa parte da media montaña pontevedresa) e que un mestre dos de antes viu nel un neno con

porvir nos estudos. O catálogo de libros e sobre todo de artigos científicos sobre todas as facetas da vida rural galega, en xeral e da súa terra en particular, é inmenso, como o foi a tarefa de impulsar proxectos e institucións da cultura ao longo da súa dilatada e fecunda vida intelectual.

Non foi a súa unha vida doada. Pasou pola represión e a cadea, tivo que loitar para recuperar do que fora desposuído, a cadeira de Xeografía que con tanto esforzo conseguira e o recoñecemento como o intelectual e académico que era, e así poder devolver por medio do seu exemplar maxisterio á sociedade do seu país, a Galicia, todo o que anos e anos de estudo conseguira. Mais, como home sabio, tiña a virtude da paciencia. Seguramente lle quedaron buracos do noso ser como pobo que lle tería gorentado desvelar, pero o resultado do que xa conseguira conforma un inmenso saco de ciencia.

Mais tamén de Fraguas nos conmove a súa calidade humana. Teño diante de min un artigo de Carlos García Martínez facendo o panexírico de Don Antonio, o seu amigo e mestre, co que el colaborara durante moitos anos, poñéndolle texto a unha fotografía de Xurxo Lobato pertencente a aquela famosa serie publicada por *La Voz de Galicia: Galegos na escaleira*, feita nos anos da última década do século XX con personaxes da vida cultural, artística, científica, de significación social ou económica, deportiva etc., subidos a unha escaleira, xeralmente relacionada co personaxe e comentada por xente achegada a cada un por diversas razóns. Fraguas puido ter escollido para a ocasión a marabillosa escada de San Domingos de Bonaval por onde subiu durante tantos anos no seu labor infatigable no Museo do Pobo Galego alí asentado. Pero non, a que preferiu para a foto que enmarca a súa figura é a humilde escada de seis chanzos dunha edificación da súa Terra, en nidio estado de ruína, como dalgún modo o estaba o corpo do ancián Fraguas, perfectamente enfocado como o están as escadas cubertas de ouricelas e brións, sempre coa súa pucha posta, e agora tamén apoiado nun bastón pero sempre ergueito, non se sabe se enxergando a paisaxe que ten diante, lixeiramente desenfocada, do vello campo dun eido xa sen cultivos e dunha mesta fraga que avanza sobre a vella leira, que aparece a seguir, ou está a enxergar a paisaxe que el ten na memoria, quizais pensando na enfermidade mortal que xa ameazaba ese mundo do que el tanto axudou a comprender e amar, por entender que era a esencia da alma do noso pobo. En todo caso,

o pé da foto di: “O grande galeguista, home bo e xeneroso que leva unha longa vida facendo Galicia”. E remato coa loa de Carlos G. Martínez, o meu amigo *Drácula* que infelizmente nos vén de deixar hai ben pouco tempo, da que entresaco as seguintes frases:

Varón ilustre, honorable, humilde e sapientísimo... Foi un home e é un home do vello Seminario de Estudos Galegos [...]. Como todos os que formaron nas súas filas [...] non se circunscribiu a un só eido do coñecemento, senón que abrangue moi diversos saberes [...]. Os seus traballos, como todo o que sae das entrañas do pobo, son de tal sinxeleza no seu rigor que resultan interesantes e asequibles para todos [...]. O seu espírito é un cúmulo de bondade e nobreza [...] espallou liberalmente a riqueza do seu saber a mans cheas, con largueza e xenerosidade. A súa colaboración é sempre farturenta. É o seu un labor calado, continuo, con teimosía e alónxano de todo deber de protagonismo e notoriedade.

D. P.

Vilaxoán, xaneiro de 2019

Nota: os nomes de árbores e animais corresponden ao modo en que se recoñecen na Terra de Cotobade, recollidos e contrastados oralmente por Ramiro Barros Justo, na publicación: *Vocabulario ilustrado da terra de Cotobade*. Santiago, 2013. Edición do autor, impreso en Tórculo Comunicación Gráfica S.A.

Reflexións críticas sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica medieval galega e portuguesa¹

XABIER RON FERNÁNDEZ

Limiar

Na investigación que conduciu á nosa tese de doutoramento, *A fenomenoloxía do don na lírica románica das primeiras xeracións*, tivemos ocasión de estudar a relevancia que adquiría o espazo non só na definición das relacións feudovasaláticas, senón na configuración tipolóxica das cantigas do xénero amoroso da lírica dos trobadores das primeiras xeracións (Ron Fernández, 2015). As cuestións que esperta o obxecto chamado espazo son numerosas e complexas. Dar conta de todas elas superaría de maneira xenerosa e tamén esaxerada o espazo do que dispoñemos para homenaxear como se merece, dende o noso eido de estudo, ao etnógrafo Antonio Fraguas, que dedicou parte do seu esforzo a divulgar o valor das romarías e dos santuarios en Galicia (Fraguas, 1988).

Por iso, e pensando no pracer que podería espertar a súa lectura no ilustre galeguista, optamos por ofrecer unhas breves consideracións sobre os dilemas que encerra a definición do espazo nas cantigas de santuario galegas e portuguesas medievais. Neste texto só podemos presentar as liñas xerais dun traballo de investigación máis fondo e complexo. Ademais, será a ocasión perfecta para atender ás particularidades de dous traballos moi recentes sobre as cantigas de santuario (Gutiérrez García, 2018; Souto Cabo, 2018). Emporiso, vaian estas reflexións críticas actualizadas en homenaxe a Antonio Fraguas e que sirvan para animar o debate filolóxico, histórico e antropolóxico sobre un obxecto literario aínda caracterizado pola inestabilidade teórica e interpretativa².

¹ O noso agradecemento a Luís Cochón por ofrecernos a posibilidade de participar nesta Homenaxe a Antonio Fraguas. Igualmente, dedicamos este artigo a Mercedes Brea López e Antonio Fernández Guiadanes por 25 anos de fermosa e esixente aprendizaxe sobre todo o que ofrece e agocha a nosa lírica medieval.

² Inestabilidade que é posta de relevo por Gutiérrez García (2018: 342-343) no que se refire aos seguintes aspectos: a condición social do produtor da cantiga, a súa situación na tradición manuscrita, a identificación do santuario e a súa consideración relixiosa secundaria, a relación de sinonimia entre lugar cantado e lugar de orixe do autor e a fun-

1. O topónimo como marcador tipolóxico

A presenza dun topónimo e/ou advocación convértese en marcador tipolóxico dunha serie de cantigas, de tal forma que serven para identificar esta modalidade lírica como *cantigas de santuario*³. Pola súa fisionomía, a modalidade pertence á *cantiga de amigo*, se ben hai algunha mostra pertencente á *cantiga de amor*, como a 22,01 de Bernal de Bonaval, aínda que nesta cantiga non aparece unha referencia explícita á advocación, senón que tanto esta cantiga de amor como as súas outras catro de amigo (22,07; 22,13; 22,16; 22,19) só nos achegan a presenza do topónimo *Bonaval* como espazo privilexiado para o encontro dos namorados⁴.

O aspecto fundamental, polo tanto, vén dado pola presenza dun santuario e/ou do seu topónimo integrador. Unha presenza que obedece a unha evidente motivación que nós, hoxe, non podemos aprehender de maneira clara. Non abonda con identificar o espazo concreto en que se situaba o santuario cantado. Este sería só un pequeno chanzo —necesario— na dilucidación dos enigmas que nos ofrecen estas cantigas. Os demais chanzos apelan ao traballo de disciplinas diversas como a filoloxía, a lingüística, a antropoloxía histórica, a xeografía, a haxiografía, a arqueoloxía, a historia e as ferramentas auxiliares da xenealoxía. Temos claro que o “modo de funcionamento de la civilización medieval fue globalizante, u holista” (García, 2018: 17).

ción que desenvolverían estas cantigas. Loxicamente, nesta achega énos imposible tratar con pormenor todas as causas citadas por este estudoso. Limitaremos a, chegado o caso, reflectir a nosa posición teórica.

³ A outra denominación coexistente, e quizais máis usada, é a de *cantigas de romaría*. Para unha achega á discusión terminolóxica e, ao mesmo tempo, sobre a súa consideración ou non de xénero, véxanse as páxinas que lle dedican os autores da edición colectiva aos xogres do mar de Vigo, homenaxeados no Día das Letras Galegas do ano 1998 (Fernández Guiadanes *et alii*, 1998: 5-10). Para termos unha visión completa deste tipo lírico cómpre atender ás lecturas de Correia, 1993; Brea / Lorenzo, 1998; Monteagudo, 1998; Brea, 1999; e a que foi quizais precursora, a de Filgueira Valverde, 1958, o primeiro en definir este tipo de cantigas como ‘poesía de santuarios’. Máis dubidosa, ao noso entender, é a consideración teórica de pensar que romaría e santuario responden a vertentes tipolóxicas ou motivolóxicas diferentes e que, polo tanto, son entidades en si mesmas (Striker, 2017).

⁴ No tocante á conformación do corpus e ás cantigas susceptibles de formar parte del, véxanse os datos que achega Brea (1999: 381, n. 1).

Máis aló da presunción dunha censura aristocrática que tería ‘impedido’ que se transcribise toda a produción dos xograres, consideramos que o horizonte de expectativas do público que recepcionaba as cantigas de santuario debía verse, dalgunha maneira, contentado. A experiencia estética sería produtiva. A cantiga é comunicación poética e, se o público percíbese que o que ve e escoita non lle achega nada, que non participa do xogo de entendemento que representa o trobar, estamos convencidos de que non existirían as cantigas de santuario e que non tería existido —como así pensamos despois de Oliveira (1994)— un *Cancioneiro de Xograres Galegos* no interior da tradición manuscrita da nosa lírica caracterizado, entre outros aspectos, pola presenza das cantigas de santuario (Oliveira 1994: 199-205; *Ibid.* 2018).

Presenza, polo tanto, dun espazo que se nomea e identifica e que, ao referenciarse, facía que abrollase a rede de relacións de poder que se manifestaban no seu interior. Cando interrogamos as fontes textuais medievais asombra o silencio sobre estes e outros aspectos, tales como a natureza, a paisaxe, as edificacións realizadas polas poboacións do pasado, ou mesmo, de maneira moi rechamante, a ausencia de referencias concretas á vertente creadora nos documentos onde identificamos os posibles trobadores.

Desexamos estudar a relevancia do espazo que vén identificado a través do topónimo e da advocación. Outros aspectos espaciais, como a paisaxe, e outros literarios non serán estudados aquí⁵. Son xa relativamente numerosos os traballos que nestes últimos 20 anos se teñen confrontado ás cantigas de santuario. Non obstante, agás a insistencia no trazo sagrado que pode representar a romaría ao lugar invocado como encontro dos namorados, e, con menor incidencia, a énfase nunha función publicitaria para atraer romeiros, poucos son os estudos que se preocuparon por estudar a relación

⁵ Non podemos afondar aquí nas teorías favorables ou contrarias á suposta serialidade ou secuencialidade temática das cantigas de santuario que suporía que a produción poética dun determinado autor —por exemplo, Martin Codax— debería ser lida como unha narración literaria. Para unha ollada sobre esta problemática, véxanse as consideracións de Fernández Guiadanes *et alii* (2008: 10-12) e as máis actualizadas de Gutiérrez García (2018: 361) que, non obstante, semella optar pola secuencialidade narrativa. Véxase tamén a recente reflexión de Vieira (2018). Pola nosa banda, temos o convencemento de que os xogos de *repetitio* e *variatio*, así como os procedementos inter e intratextuais explican e van máis aló dunha suposta secuencia narrativa.

existente entre santuario e os diferentes poderes que tiveron interese no santuario⁶.

A hipótese que queremos demostrar na investigación que estamos desenvolvendo, e que adquire xa un tamaño considerable, é que os santuarios se inscriben no patrimonio real e/ou simbólico do autor, ben por seren parte do patrimonio do seu núcleo familiar, ben por seren parte do patrimonio do señor ao que serve como vasalo e como autor de cantigas.

Como punto de partida, sintetizaremos nunha táboa todos os aspectos máis relevantes que nos serviron á hora de pensar as cantigas de santuario. Mais, antes, cómpre que fagamos dúas consideracións previas:

a) Adoptamos como principio a hipótese do estudoso portugués Oliveira (1994) para quen a maior parte dos autores de cantigas de santuario foi inserida na tradición manuscrita a través dun *Cancioneiro de Xogares Galegos* (CXG). Isto significa que, cando hai elementos concomitantes de tipo toponímico e documental en Galicia e Portugal, a hipótese máis probable, *a priori*, e sempre que non o desmintan os datos externos aos cancioneros, indícanos que debemos atender primeiro ao que nos ofrece o mapa galego para tentar asentarmos a naturalidade dun autor.

b) Mantemos só como posible o vínculo directo entre santuario e orixe do intérprete, sobre todo cando non existen evidencias toponímicas e documentais que permitan desfacer ese vínculo.

⁶ Destacaremos, na óptica que privilexiamos, o recente artigo de Gutiérrez García, que relaciona a obra de Martín Codax cun problema de representación, de xerarquía e territorialidade entre o Mosteiro de Melón, o bispado de Tui e a mitra compostelá sobre o couto de Vigo (2018: 356-362). O estudoso alude ao conflito de 1234 que xorde entre Melón e Santiago sobre os dereitos do couto vigués, se ben a súa interpretación se afasta da nosa no carácter da polivalencia da cantiga de santuario en tanto que posible expresión aristocrática de reivindicación de control e poder sobre o elemento sagrado. Ademais, non temos claro de que forma as cantigas do xograr poden adquirir unha dimensión conflitual. Tampouco non indica de maneira expresa baixo que dependencia se situaría o xograr tendo en conta que as dúas igrexas de Vigo estaban dende o século XII baixo a xerarquía da diocese de Tui.

Autor	Cantigas ⁷	Nº mss.	Xº	Santuario	Tipo	Texto motivos	Orixe autor ⁸	Espazo invocado ⁹	Crono
1									
Airas Carpancho	11,10	B 663 V 265	M madre	Santiago	[catedral] top/adv	Fazer romaria Candeas queimar encontro desexado	Compostela; Balcaide (Teo)	Santiago de Compostela (A Coruña) ¹⁰	1195- 1240 ¹¹
2									
Fernan do Lago	39,01	B 1288 V 893	M	Santa Maria do Lago	ermida top/adv	Sen léxico específico. Encontro desexado	Lago (Santiago; concello de Valdoviño) ¹²	Ermida do Porto dedicada á Virxe ¹³	1225- 1275
3									
Golparro	58,01	B 1266 V 872	M madre	San Treençon	[capela/ igreja] adv	Na sagraçon fazer oraçon Encontro proxectado: madre gardadora motivo do mandado	Porriño ¹⁴	San Tersón, Tui (Pontevedra) ¹⁵	1225- 1275

⁷ Citamos as cantigas a través de *MedDB* e só referimos as cantigas que, de forma expresa, conteñen topónimo e/ou advocación.

⁸ Na propia táboa introduciremos a hipótese máis probable, mentres que en nota faremos referencia ás outras posibilidades que establece a *traditio* científica, sempre e cando supoñan posturas contraditorias.

⁹ Véxase o dito na nota anterior, que vale tamén para a localización probable do espazo invocado.

¹⁰ Para unha ollada sobre Santiago como centro de peregrinación, véxase o traballo da estudosa italiana Russo (2003).

¹¹ Esta cronoloxía foi establecida no traballo de Souto Cabo / Frasteschi Vieira (2004).

¹² Para a liña que defende unha orixe portuguesa, véxase Lopes (2005: 71-86). Pola nosa banda, achegamos a existencia dun *Johan Fernandez de Lago*, documentado en 1252 (*Caaveiro*, doc. 271) e 1257 (*Pedroso*, doc. 7), relacionado con membros dos Mandiá e dos Andrade, familias con intereses na contorna do concello de Valdoviño. Podería tratarse dun fillo do noso autor.

¹³ Outras posibles localizacións do topónimo Lago: na localidade de Santa María de Rubiáns, no concello de Vilagarcía (Oliveira, 2001: 190); na parroquia de Santiago de Morgadáns, no concello de Gondomar (Souto Cabo, 2018: 90-91).

¹⁴ O 6 de abril de 1257 vemos un *Johanne Fernandez dicto Golparro*, acompañado por Marina (a súa muller?), Fernandus Nuniz e Petro Nuniz, “filius de Nuno Fernandi”, que pode ser o seu irmán e, xa que logo, aqueles serían os seus sobriños (A.H.N., carp 1448, doc. 17). Participan todos eles nunha venda a *don Johanne Moogo celarario de Toronio* de dous terzos dun monte *quod vocitant Fonteelo*. Polos personaxes citados no documento e que ostentan cargos na zona en que se executa a venda, a propiedade debe situarse en Laurina, en Terras de Toroño, na contorna do actual concello de Porriño e, polo tanto, veciña da sede episcopal de Tui, lugar onde se sitúa o santuario cantado por Golparro (Ron Fernández, 2018: 231-232; Souto Cabo, 2018: 86-87, que sitúa Fontelo na parroquia de Atios, no concello de Porriño, a 7 km de Tui).

¹⁵ O Santo figuraba no templo de San Xoán do Porto, que estaba extramuros da cidade de Tui. En 1156 figura citada nun documento de partición de bens. Os dominicos asen-

4									
Johan de Cangas	65,01	B 1269 V 875	M	San Mamede do Mar	ermida adv	Sen léxico específico. Encontro desexado	Cangas do Morrazo	Beluso, concello de Bueu (Pontevedra)	1225-1275
	65,02	B 1267 V 873	M madre	San Mamede	[ermida] adv	Encontro desexado: madre gardadora o mandado do amigo			
	65,03	B 1268 V 874	M madre	San Mamede	ermida adv	Fazer oraçon Encontro frustrado			
5									
Johan de Requeixo	67,01	B 1290 V 895	M madre	Faro	ermida top	Encontro desexado	Requeixo, concello de Chantada ¹⁶	Santa María do Faro, concello de Chantada (Lugo)	1225-1275
	67,02	B 1293 V 898	M	Faro	ermida top	Mandado do amigo Encontro desexado			
	67,03	B 1292 V 897	M madre	Santa María de Faro	[ermida] adv/top	Mandado do amigo Encontro desexado			
	67,04	B 1289 V 894	M madre	Faro	ermida top	Ir en romaría Encontro realizado			
	67,05	B 1291 V 896	M madre (voz poética)	Faro	[ermida]	Encontro que se realizar facilitado pola madre (voz poética) Fazer oraçon Refrán expresa o desexo de que non se coñeza a autorización materna			
6									
Johan Servando	77,02	B 1144 V 736	M	San Servando	[ermida] adv	Ir en oraçon Encontro frustrado	San Servando de Pazos ¹⁷	San Servando de Pazos, Santa María de Barxés, concello de Muíños (Ourense)	1225-1275

táronse a carón desta igrexa no lugar chamado do Rastrillo en 1328 e, para poder medrar, colonizaron o espazo que ocupaba a igrexa parroquial cuxas funcións de freguesía pasarían a ser desenvolvidas pola catedral (Vila-Botanes 2001: 110). Segundo sinala Souto Cabo, trátase dun santo non beatificado nin canonizado cuxo culto chegou a ser prohibido por Pedro de Herrera, bispo de Tui entre 1622 e 1630 (Souto Cabo 2018: 87, n. 9).

¹⁶ Formulamos a hipótese de que o noso autor estea agochado na personalidade histórica de *Johannes Lupi miles de Requeyxo*, casado con *domna Marina Fernandi*, que outorga testamento a mediados do século XIII (*Oseira*, doc. 1292 [s. XIII]). Con bens localizados na zona de Chantada e nas proximidades do mosteiro de Oseira. A súa filla aparece identificada como Therasia Iohannis. Noutro documento, redactado ao redor do ano 1250, sinalase como *Iohannes Lupi miles de Requexo* anuncia que *volens ire in exitu Hispalensi*, isto é, que quere participar nos acontecementos bélicos do que se coñece como Reconquista (*Oseira*, doc. 645) e, para poder adquirir o material preciso para a campaña, empeña unha serie de propiedades, feito que sinalaría que estamos ante un membro da pequena aristocracia local.

¹⁷ Co fin de achegar novidades ao respecto, e sen pretendermos, a falta de máis estudos, identificar o xograr co personaxe que imos mencionar, rexistramos un *don Johannin de Sancto Servando* presente nunha doazón de 1187 que se sitúa nas terras leonesas de Gorbón (*Carbajal*, doc. 61).

	77,03	B 1145 V 737	M madre	San Servando	[ermida] adv	Encontro frustrado O torto do amigo			
	77,04	B 1147 V 739	M madre	San Servando	[ermida] adv	Ir orar Encontro desexado Fazer oraçon			
	77,07	B 1144 ^a V 747	M madre	San Servando	[ermida] adv	Encontro frustrado O torto e a mentira do amigo = saír do mandado Ir en oraçon			
	77,08	B 1152 V 745	M RD	Invocación a San Servando		O encontro non repara a distancia entre os namorados			
	77,09	B 1146 ^a V 749	M madre	San Servando	[ermida] adv	Ir en romaría Encontro frustrado: madre gardadora			
	77,12	B 1143 ^a V 746	M madre (voz poética)	San Servando	[ermida] adv	Encontro frustrado polo amigo (non quis veer)			
	77,13	B 1151 V 744	M	San Servando	ermida adv	Encontro frustrado Mandado incumprido			
	77,14	B 1150 V 743	M	Invocación a San Servando		A partida do amigo O xuramento			
	77,15	B 1143 V 735	M	San Servando	[ermida] adv	A partida do amigo A saña e a vinganza da namorada Fazer oraçon			
	77,16	B 1147 ^a V 750	M	San Servando	[ermida] adv	A partida do amigo Invocación para que non se produza a partida			
	77,17	B 1149 V 741	M madre	San Servando	[ermida] adv	Fazer romaría Encontro desexado: madre gardadora			
	77,18	B 1145 ^a V 748	M	San Servando	[ermida]	Morte de amor Rogar			
	77,19 var. 77,09	B 1146 V 738	M madre	San Servando	[ermida] adv	Fazer romaría Encontro frustrado: madre gardadora			
	77,20	B 1142 V 734	M	San Servando	[ermida] adv	Fazer romaría Encontro realizado Dizer o torto			
	77,21	B 1148 V 746	M madre	San Servando	[ermida] adv	Encontro desexado			
	77,22	B [1149bis] V 742	M	San Servando	[ermida] adv	Encontro frustrado: As gardas			
	77,23	B 1074 V 664	A	Invocación a San Servando		O segredo de amor			
7									
Lopo	86,02	B 1255 V 860	M madre	San Leuter	[ermida] adv	A partida do amigo: vaise con saña	Descoñecida ¹⁸	San Eleuterio, San Martiño de Tameiga, concello de Mos ¹⁹	1225- 1275

¹⁸ Aínda non se formulou unha hipótese convincente, nin, no estadio actual das nosas pesquisas, atopamos unha referencia documental dun homónimo.

¹⁹ Outras posibilidades en Santo Outelo de Celas de Peiro, Culleredo (A Coruña) e Santo Outelo, Coucieiro-Muxía (véxase Souto Cabo, 2018: 95, que defende, como lugar máis probable, o San Eleuterio de Mos).

	86,04	B 1254 V 859	M madre	San Leuter	[ermida] adv	A partida do amigo: vaise con saña e sen o mandado da amiga O rogo a San Leuter			
	86,06	B 1252 V 857	M madre	San Leuter	[ermida] adv	Diálogo entre a filla e (posiblemente) a nai			
	86,10	B 1253 V 858	M madre	San Leuter	[ermida] adv	Encontro frustrado: madre gardadora			
8									
Martin Codax	91,01	B 1281 V 887 N 4	M	Vigo	[igreja] top	Encontro desexado Ausencia do amigo	Sandián, O Rosal ²⁰	Santa María ou Santiago en Vigo (Pontevedra)	1225- 1275
	91,03	B 1283 V 889 N 6	M	Vigo	[igreja] Eno sagrado top	Motivo do baile da namorada			
	91,04	B 1279 V 885 N 2	M	Vigo	Vigo	Mandado do amigo Encontro desexado Regreso do 'servizo militar na corte do rei' (d'el-rey privado)			
	91,05	B 1280 V 886 N 3	M madre	Vigo	igreja	Motivo das ondas e do mar Encontro desexado			
9									
Martin de Ginzo	93,02	B 1274 V 880	M	Invocación a Santa Cecilia	(santa) ermida adv	Saña e torto do amigo Partida do amigo	Santa Mariña de Xinzo, Ponteareas, Pontevedra. ²¹	A Ermida, Santa Mariña de Xinzo (Ponteareas, Pontevedra)	1225- 1275
	93,03	B 1270 V 876	M	Invocación a Santa Cecilia	[ermida] adv	O amigo vai no ferido / no fossado			
	93,04	B 1275 V 881	M madre	Santa Cecilia	ermida do soveral adv	Rogo (invocación) Encontro desexado			
	93,05	B 1273 V 879	M madre	Santa Cecilia	[ermida] adv	Mandado imposibilitado = encontro frustrado: madre gardadora			

²⁰ Esta localización obedece á hipótese de relacionalo co *Fernan Codaz* que aparece en dous documentos dos anos 1275 e 1278 pertencentes ao mosteiro de Oia, onde se fai mención a certos bens —entre eles a *Viña do Peso*—, que foran de Fernan Codaz e que se situaban na localidade de Sandián (Ron Fernández, 2018: 234-235; para outras hipóteses e interpretacións, véxase Gutiérrez García, 2018 e Souto Cabo, 2018).

²¹ Esta hipótese foi formulada en 1973 por Nunes e foi acollida pola tradición científica posterior e referendada polo recente estudo de Souto Cabo. Non obstante, co fin de enriquecer o debate cómpre achegar unha hipótese que é obra do antropólogo González Pérez —en demasiadas ocasións ignórase este feito—, que identifica o topónimo Xinzo, coa localidade homónima situada na parroquia brionesa de San Xulián de Bastavales, onde tamén, nos montes do extremo da parroquia, na parte alta de Rubial, hai constancia dunha ermida dedicada a Santa Sesía, tal como recolle a documentación de Toxosoutos (Nunes, 1973: 311-312; Souto Cabo, 2018: 88; González Pérez, 1997).

	93,06	B 1276 V 882	M RD	[Santa Cecilia]	ermida (santa)	Separación dos namorados Presenza do 'finxidor' e da xactancia			
	93,07	B 1271 V 877	M madre RD	Santa Cecilia	[ermida] adv	Fazer oraçon Encontro desexado Candeas queimar aAltar			
	93,08	B 1272 V 878	M madre	Santa Cecilia	[ermida]	Treides en romaría Orar O mandado do amigo			
10									
Martin de Padrozelos	95,01	B 1242 V 847	M	Valongo	[ermida] top	Demora no encontro	Praducelos, Seoane o Vello (Montederramo, Ourense). ²²	Valongo, San Martíño (Cortegada, Ourense) ²³	1225- 1275
	95,03	B 1240 V 845	M RD	San Salvador	[ermida] adv	Diálogo entre os namorados O juramento da amiga			
	95,06	B 1245 V 850	M RD	San Salvador	[ermida] adv	Separación referida dos namorados sen o mandado da amiga Encontro realizado			
	95,07	B 1239 V 844	M RD	Valongo	[ermida] top	Separación dos namorados			
	95,08	B 1246 V 851	M	San Salvador	[ermida] adv	Encontro desexado e prometido a pesar das gardas			
	95,09	B 1241 V 846	M madre	San Salvador de Valongo	[ermida] adv/top	Encontro proxeitado entre a madre e o amigo			

²² Esta hipótese, aínda en fase de estudo e afondamento, como case que toda a investigación que aquí presentamos por anticipado, aséntase no *Martin Perez Pradoçellos*, que aparece beneficiado no testamento de *dona Maria Meendez (Montederramo I*, doc. 413, 1281-septembro-04. Torbeo). Outras hipóteses sitúan a súa orixe en Praducelo, localidade de San Xoán de Lóuzara (Lugo) e, máis recente, en Peroselo, aldea da parroquia de San Miguel de Aguasantas, no concello de Cotobade (Souto Cabo, 2018: 93).

²³ Loxicamente, esta identificación é totalmente hipotética. No concello de Montederramo non atopamos ningún Valongo, si o atopamos no concello de Cortegada, en San Martiño de Valongo. (Souto Cabo, 2018: 93, opta por Santo André de Valongo, en Cotobade, Pontevedra).

²⁴ O estudoso da USC, Souto Cabo, decántase por considerar que o nome provén do lugar de Mendo, localizable no barrio vigués de Teis (Souto Cabo, 2018: 89).

	95,10	B 1243 V 848	M madre RD	San Salvador	[ermida]	Encontro desexado Fazer oraçon			
11									
Meendinho	98,01	B 852 V 438	M	San Simion	ermida	Altar a espera polo amigo O motivo das ondas e do barqueiro	Redondela (Pontevedra) ²⁴	Illa de San Simón, concello de Redondela (Pontevedra)	1225- 1275
12									
Nuno Treez	110,01	B 1200 V 805	M	San Clemenço	[ermida] adv	Fazer oraçon Encontro frustrado	Trez, Cerdedelo, concello de Laza (Ourense) ²⁵	Illa de San Clemenço do Mar, Marín, Pontevedra	1225- 1275
	110,02	B 1203 V 808	M	San Clemenço	[ermida] adv	Fazer oraçon O mandado = encontro proxectado			
	110,03	B 1202 V 807	M	San Clemenço	[ermida] adv	Orar / rogar Separación dos namorados Estadaes arderan ant' o seu altar / candeas de Paris / lume de bogia			
	110,04	B 1201 V 806	M RD	San Clemenço do Mar	[ermida] adv	A vinganza da namorada (ante a tardanza?)			
13									
Pero de Berdía	122,01	B 1220bis V 712	M	Santa Marta	Ermida adv	A saña do amigo Encontro proxectado = Mandado	Verdía, Santa Maríña (Compostela, (A Coruña) ²⁶	Descoñecido	1225- 1275
	122,04	B 1119 V 710	M	Santa Marta	[ermida] adv	A mentira do amigo = a tardanza no regreso e encontro = incumprimento da promesa (jura)			

²⁵ Esta hipótese presentámola en datas recentes, dentro do marco das actividades que esperou a presenza do Pergamiño Vindel en Galicia (Ron Fernández, 2018: 225-226).

²⁶ Consideramos, ao igual que Oliveira, que pode ser natural da localidade homónima situada hoxe no concello de Compostela, mais que pertencía ao vello concello de Enfesta (Oliveira, 2001: 201). De feito, o *Petrus Berdia, pelliparius*, que rexistramos en 1231, nun documento elaborado en Compostela, podería ser o noso autor (*Toxosoutos*, doc. 182). Sen pretendemos aseverar a identidade entre ambos suxeitos, na documentación relativa ao *Repartimiento de Orihuela*, na terceira partición, do ano 1268, figura un *Pero de Beldia*, e preguntámonos se non existiría un posible erro na lectura do suposto I (*Orihuela*, IIIª partición, 1268, quadrella de Xacarella; na segunda partición, do mesmo ano, figura un M. De Verdía).

²⁷ Na documentación do mosteiro de Montederramo reparamos en dous candidatos, *Pero Viviaz do Burgo* (Montederramo, docs. 143, 1241; 163, 1246; entre outros) e *Pero Viviaz de Queirugaes* (Montederramo, doc. 354, 1275), así como un *Petrus Iograr* que podería identificarse ou non con algún dos anteriores (Montederramo, docs. 206, 1258; 434, 1283).

	122,05	B 1118 V 709	M	Santa Marta	[ermida] adv	A saña do amigo O mandado e as demoras do encontro = vinganza da amiga			
14									
Pero Viviaez	136,01	B 448	A RD = EA?	Lobaton (136,01)	descoñecido	Encontro desexado. Donna Johanna = ruptura segredo de amor	Montederramo ²⁷	Valdeprados (Segovia) Vale de Prados, Macedo de Cavaleiros (Tras-os-Montes, Portugal)	
	136,04	B 735 V 336	M	San Simón de Val de Prados	[ermida] adv / top	Candeas queimar O baile das amigas e Encontro desexado As madres presentes			
15									
Sancho Sanchez	150,04	B 940 V 528	M RD	San Salvador	[igreja] top	As dúbidas da amiga: fazer ben ou non ao amigo	Santiago de Compostela (A Coruña) ²⁸	San Salvador de Bastavales (incorporada dende 1851 a San Xulián de Bastavales), concello de Brión (A Coruña).	1240- 1275
16									
Bernal de Bonaval	22,01	B 1069 V 660	A	Bonaval	[mosteiro] top	Sen léxico específico. Pretexto para o encontro e o insomnio por amor.	Compostela; Bonaval ²⁹ .	San Domingos de Bonaval, concello de Santiago (A Coruña)	1240- 1280
	22,13	B 1138 V 729	M RD	Bonaval	[mosteiro] top	Sen léxico específico. Pretexto para a partida do namorado			
	22,16	B 1141 V 732	M Madre RD	Bonaval	[mosteiro] top	Sen léxico específico. Pretexto para o encontro			
	22,19	B 1139 V 730	M	Bonaval	[mosteiro] top	Sen léxico específico. Pretexto para o encontro e o motivo da tardanza			
17									

²⁸ A hipótese provén de Souto Cabo que o identifica cun *Sancius Sancii clerici* —o cal entra en perfecta correspondencia coa súa colocación, na tradición manuscrita, a través dunha compilación de clérigos e burgueses— que participa en 1260 nunha transacción que leva a cabo Xoán Barcala en representación do deán de Santiago. O estudoso da USC anota que sería membro do estamento clerical da Catedral de Santiago (Souto Cabo, 2012a: doc. 12; *Ibid.* 2012b: 780-781).

²⁹ De forma contraria ao que semellan sinalar os argumentos existentes, Oliveira optara por situar o noso autor no sur de Galicia, en terras de Toroño, onde existe un Bonaval-Burgueira, no concello de Oia e en relación coa familia dos Sousa (Oliveira, 1994: 324-325). Souto Cabo, seguindo a liña iniciada por Michaëlis, propón identificalo con *frater Bernardus, prior Bone Uallis* que, en 1279, figura no testamento do xuíz compostelán Fernando Afonso en calidade de beneficiado (Souto Cabo, 2012b: 279).

Afonso Lopez de Baian	06,02	B 740 V 342	M	Santa Maria das Leiras	[Igrexa] adv	Chegada do amigo Encontro desexado	Entre o Douro e o Tâmega. Tenencias de Bragança e de terras de Riba Minho	Santa Maria das Leiras, parroquia de Viariz, concello de Baião (Portugal)	1226-1280
	06,04	B 738 V 339	M	i [= Santa Maria das Leiras?]	[Igrexa]	Fazer oraçon Candeas queimar rogar Encontro desexado mais frustrado: el non acudiu			
	06,05	B 739 V 341	M	Santa Maria das Leiras		Fazer romaria Fazer oraçon Separación dos namorados... encontro proxectado			
18									
Pai Gomez Charinho	114,02	B 843 V 429	M	Invocación a Santiago		Motivo do mar O regreso do amigo, que estivo na Reconquista (Geén)	Pontevedra	Santiago	1248-1295
19									
Pero de Veer	123,01	B 1128 V 720	M	Julhan (123,01)	[Igrexa] top	Partida do namorado e coita da namorada	San Vicente de Ver, Bóveda (Lugo)	Xullán, Santa María de Tuimil, Bóveda (Lugo)	1260-1275
	123,02	B 1130 V 722	M	Santa Maria	[Igrexa] adv	Encontro prometido pola amiga e frustrado por ela			
	123,04	B 1129 V 721	M	Invocación a Santa Maria		Motivo da saña da amiga			
	123,05	B 1131-1132 V 723	M	Santa Maria Julhan	[Igrexa] adv/top	Encontro frustrado polas gardas			
20									
Airas Nunez	14,03	B 874 V 458	M	Santiago	[Catedral]	Vir en romaría Encontro desexado	Compostela	Santiago de Compostela	1284-1289
21									
Airas Paez	113,03	B 1208 V 892	M	Santa Maria de Reça	[Igrexa]	Encontro desexado	Ourense ³⁰	Santa María de Reza, concello de Ourense	1293-1304
	113,04	B 1209 V 891	M	Santa Maria de Reça	[Igrexa]	Encontro desexado			

(top) => topónimo

(adv) => advocación

[...] condición hipotética (implícita) do edificio relixioso

³⁰ A orixe ourensá, que se deduce do santuario cantado, podería confirmarse de se poder identificar co Airas Pais, cidadán de Ourense que, coa súa muller Urraca Anes, comprou en 1294 a renda sobre dúas casas no centro urbano da vila (Oliveira, 1994: 319). Pola nosa banda, aínda apurariamos máis, e pensamos que a relación do xograr co santuario provén da familia se, como pretendemos, o *Freire Pelagius*, que exerce de tenente da *grangia* de Reza no ano 1232, pode ser identificado co pai do xograr (*Melón*, doc. 240, 1232-febreiro).

Sobre os autores

Son 21 os autores que fixan o marco da súa poesía nun espazo-santuario, e, como era de agardar, 14 chegaron a nós en tanto que integrantes do CXG, mentres que 7 deles foron incorporados a través doutras fases da tradición manuscrita.

Autores do CXG	Autores doutra tradición manuscrita
Pero de Veer	Airas Carpancho (1)
Bernal de Bonaval	Meendinho (2)
Johan Servando	Pero Vivíaez (3)
Airas Paez	Sancho Sanchez (4)
Lopo	Afonso Lopez de Baian (5)
Pero de Berdia	Airas Nunez (6)
Nuno Treez	Pai Gomez Charinho (7)
Martin de Padrozelos	
Golparro	
Johan de Cangas	
Martin de Ginzo	
Martin Codax	
Fernan do Lago	
Johan de Requeixo	
14 autores	7 autores

(1) Incorporado no primeiro nivel de formación dos cancioneros a través dun cancionero de cabaleiros (Oliveira, 1994: 179-182).

(2) Aínda que con dúbidas, o propio Oliveira aproximaba a súa integración nos cancioneros á dos autores do CXG; Souto Cabo, pola súa banda, mantén a posibilidade de que forme parte do CXG (Oliveira, 1994: 391; Souto Cabo, 2018: 97).

(3) Incorporado a través dunha recolla individual (Oliveira, 1994: 205).

(4) Inserido a través dunha ‘compilación de clérigos’ (Oliveira, 1994: 196-197; Pousada Cruz, 2012: 226-228).

(5) Incorporado a través dunha recolla de trobadores (en principio) maioritariamente portugueses (Oliveira, 1994: 182-183).

(6) Ao igual que Sancho Sanchez, este trobador forma parte da compilación de clérigos (Oliveira, 1994: 196).

(7) Inserido —pode que de forma paradoxal— a través da recolla de autores portugueses (Oliveira, 1994: 182).

A pesar dos notables avances dados en materia de prosopografías e traxectorias vitais dos trobadores e xograres da nosa lírica, o certo é que sobre algúns dos nosos personaxes, tal como acontece con moitos dos autores do *CXG*, case que non temos máis ca o nome e os escasos indicios que se poden extraer das súas composicións. No tocante ás súas identidades, como se pode ir comprobando nalgunha das notas que acompañan a táboa, de 3 autores nada podemos aventurar (n.º 4, 6, 7), de 5 deles só podemos especular (n.º 2, 5, 11, 13, 20), mentres que dos restantes 13, só de Afonso Lopez Baian (n.º 17) podemos ter algunha certeza, así como dos 12 que faltan (n.º 1, 3, 8, 9, 11, 12, 14, 15, 16, 18, 19, 21) dos que posuímos algunha hipótese ou varias que permiten debater sobre os seus perfís. De seguirmos analizando a documentación, é posible que vaian asomando novos datos que nos permitan completar os retratos hoxe aínda neboentos.

Sobre os santuarios

Sempre teremos que entender estas liñas como simples hipóteses que precisan seren contrastadas. Coas máximas prevencións, podemos dicir que 10 dos autores se refiren a ermidas, isto é, a pequenos lugares de culto (n.º 2, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13), 7 dos autores aluden a igrexas parroquiais (incluímos a capela dentro da igrexa parroquial de San Xoán do Porto do n.º 3, 8, 14 -podería ser ermida tamén—, 15, 17, 19, 21), 3 á igrexa—catedral de Compostela (n.º 1, 18, 20), 1 á igrexa conventual do mosteiro de Santo Domingos de Bonaval (n.º 16).

A advocación máis repetida, como era de agardar, é a de Santa María, que ofrece dúas datas para a súa consolidación: entre os séculos VII e IX e entre os XI-XII. En concreto, son 6 os autores que cantan a un santuario situado baixo a advocación de Santa María. Despois, xa son advocacións como as de San Salvador e Santiago, presentes en dous e tres santuarios, respectivamente, e que podemos datar do século VIII. Esta situación coincide perfectamente co que nos ofrece Sánchez Pardo no seu estudo sobre as advocacións en terras de Nendos e de Celanova³¹.

³¹ “En Nendos las advocaciones más repetidas serían, por orden: Santa María (18,5%), San Pedro (10%), San Julián (8,6%), San Salvador (8,6%), Santiago (7,1%), San Juan (4,3%) y San Martín (4,3%). Por su parte, en Terra de Celanova, serían: Santa María (14,6%),

O espazo nos séculos plenomedievais non era vivido como unha continuidade física territorial, “sino más bien como una extensión polarizada por una serie de lugares que se identificaban con los objetos que en ellos estaban contenidos” (García, 2018: 27, que acolle a tese pioneira de Guerreau, 1996: 3). Os santuarios, polo tanto, poderían ser un lugar de polarización grazas ás ‘marabillas’ do santo ou santa (que se manifestan nas reliquias ou nas milagres que se lle atribúen) e a todo o que significa como espazo de encontro do grupo propietario e dos seus dependentes ou de toda a comunidade. Isto é máis evidente no caso das igrexas, sobre todo das que sabemos que foron organizadoras da parroquia³² e non digamos no caso da catedral de Santiago de Compostela, sen dúbida, o centro máis poderoso dos que se identifican nas cantigas de santuario.

No caso de estarmos ante ermidas illadas, cómpre lembrar que estas e outros lugares de culto secundarios manifestan a importancia da dispersión do hábitat, mais tamén o seu agrupamento. O carácter baleiro dunha terra e do seu lugar sagrado nunca é pleno. No fondo, tal como acontece coa ‘forza das cousas’ que vinculaba sempre unha doazón ao seu primeiro propietario, o colectivo social que deixaba unha terra e a súa ermida por outra sempre mantiña un vínculo emocional e simbólico con elas, que se manifestaba a través de ritos como a per-ambulación, a procesión litúrxica colectiva que, cando se dá, se reapropia do espazo deixado atrás. Un rito que non debe verse, de forma mecánica, como ás veces se fai, como unha continuación de vellos ritos de tradición mesmo pagá, senón como ritos propios da sociedade do momento (García 2018: 107-109, 127-128). Nas cantigas de santuario, o

San Pedro (12,5%), San Salvador (10,4%), Santiago (10,4%), San Miguel (6,2%) y San Martín (6,2%)” (Sánchez Pardo, 2012: 208).

³² É o caso das igrexas de Martín Codax (nº 8, tanto ten se era Santa María ou Santiago de Vigo), Sancho Sanchez (nº 15), Afonso Lopez de Baian (nº 17), Pero de Ver (nº 19) e Airas Paez (nº 21). Nos séculos plenomedievais dáse un proceso de configuración do espazo *aldea* ao mesmo tempo que se solidifica o contorno da parroquia e do cemiterio asociado á igrexa parroquial (Martín Viso, 2016: 104-116). “La territorialidad parroquial se construyó a través del reconocimiento de que un espacio determinado dependía de una iglesia, pero la definición de ese territorio estaba determinada por la forma de percibir el paisaje de las comunidades locales. Esto explica que no pueda reconstruirse de manera precisa el territorio de una parroquia medieval, salvo cuando tales circunscripciones se deslindaron con motivo de su consagración o bien para derimir un pleito que afectase a sus límites” (*Ibid.*: 114).

santuario e a súa advocación operan precisamente como polo de atracción, e devesen o lugar especial en que se pode dar o encontro entre os namorados.

Os santuarios son unha demostración da importancia da noción de comunidade para o cristianismo. O bautismo, os poderes sacramentais que lles son propios aos curas e a *caritas* (como institución total) definen o espazo dos laicos dentro da Igrexa (Iogna Prat, 2012: 230). Isto é moi importante, xa que estamos convencidos de que o produto artístico entra en relación co desexo de demostración de poder das parentelas aristocráticas e co desexo de resignificar a súa posesión ‘sagrada’. Ademais, en calquera caso, o ‘sagrado’ serve de cohesión para a comunidade nos asentamentos rurais, ademais de levar asociado o prestixio dentro da comunidade fronte a posibles competidores territoriais (Martín Viso, 2016: 41, 60).

Os santuarios poderían formar parte do patrimonio das parentelas. Neste contexto, preguntámonos se a súa exaltación pública non sería unha forma de protexer a integridade do patrimonio. A partir do século XI semella que a aristocracia compite severamente para manter intacto o seu patrimonio coas institucións relixiosas asentadas no seu mesmo espazo (Pérez, 2015: parr. 2). Pode que non sexa casual que no *Concilio de Coyanza* (1055) os responsables eclesiásticos decidan ir poñendo fin á participación dos laicos nos asuntos relixiosos, principalmente cando ditaminan a subordinación das igrexas e mosteiros propios á xerarquía eclesiástica (*Ibid.*: parr. 6). Un aspecto non menor e que aquí aínda se prolongará durante todo o século XII. Non obstante, durante todo o século XIII, veremos como os membros das parentelas aristocráticas ceden, venden ou doan parte ou todo o seu patrimonio eclesiástico. É posible que as cantigas de santuario sexan unha expresión de resistencia por parte da aristocracia que era dona dos santuarios e que se vía abocada a unha dura competición por parte da curia? De ser así, non sorprendería que un repertorio aristocrático acollese demostracións dunha relixiosidade popular, digamos que ‘interesada’. Ademais, como analizamos na nosa tese de doutoramento, a pesar da transferencia dun ben, o(s) primeiro(s) propietario(s) sempre manteñen un contacto permanente con el. Isto é, non sería tamén unha maneira de reclamar —quedan fóra a catedral de Santiago e Santo Domingos de Bonaval— a propiedade laica deses espazos sagrados? A pesar da transferencia de igrexas e outros lugares de culto a institucións relixiosas, o certo é que as parentelas aristocráticas

seguían mantendo unha ligazón constante con eles. De feito, na recente análise de Mariel Pérez sobre os clérigos rurais e a formación de parroquias nas dioceses de León, detállase como no Becerro de Presentacións, a pesar de que certas igrexas foran transferidas no século XII, “en el XIII aparecían consignadas en el Becerro de Presentaciones como iglesias bajo patronato laico” (Pérez, 2018: 567). A autora non chega a citar a Marcel Mauss nin se refire de maneira explícita á fenomenoloxía do don, mais é indubidable que esa aparente contradición é posible porque, en realidade, o santuario transferido seguía pertencendo dalgunha maneira aos descendentes da parentela que a transferira (a demostración da ‘forza das cousas’ de Mauss; véxase Ron Fernández, 2015).

A aristocracia explota con intelixencia a necesidade de Deus que se inocula en todo segmento da sociedade medieval, unha maneira máis de manifestar o poder non só sobre o espazo, senón sobre o territorio e, polo tanto, sobre os homes e mulleres que aí viven³³. Isto é evidente na construción de igrexas, mosteiros e ermidas. Isto, ao longo dos séculos XI-XIV, producirá unha constante dinámica de conflitos, de disensións, mais tamén de cooperación entre os distintos poderes aristocráticos (laicos e eclesiásticos), así como entre estes poderes e os restantes segmentos sociais (pequenos propietarios e aspirantes a acceder ao estadio privilexiado da aristocracia). Mariel Pérez reflicte moi ben como se producen entre o mosteiro de Sahagún e a aristocracia unha dinámica de conflitos e, ao mesmo tempo, de dinámicas de cooperación, ou cando menos entendemento e acordo, que afectan sempre a propiedades patrimoniais e á capacidade produtiva a elas vinculada (*Ibid.*: parr. 15).

³³ Para unha análise sobre a importancia que teñen as ‘igrexas propias’ para a aristocracia laica e o seu valor como control do sagrado e instrumento de poder, véxase o acertado traballo de Mariel Pérez. Do conxunto destacaremos unha observación desta historiadora que se pregunta se, a pesar das transferencias que se dan das igrexas propias a institucións relixiosas máis importantes por parte das parentelas, “a donación de los monasterios familiares significó una desvinculación real de la parentela respecto a los mismos” (Pérez, 2012: 801). Este aspecto puidemos verificalo durante a investigación que conduciu á nosa tese de doutoramento, centrada na potencialidade do acto de dar, xa que a acción de dar desencadea toda unha circulación de bens, “que van e veñen e, paradoxalmente, permanecen vencellados, dalgunha maneira, á persoa da que, en orixe, partiu a acción de ‘dar’” (Ron Fernández, 2015: 17).

Cómpre poñer de relevo a significación litúrxica e paralitúrxica dos espazos consagrados dunha igrexa. O altar podía ser o palco privilexiado para expoñer a ollos da comunidade un xuramento de fidelidade, unha entrega de liberdade (*manumissio*), a ofrenda dun don ou de intercambio de bens (Iogna-Prat, 2012: 244). O altar só figura en dúas das nosas cantigas (93,07, de Martin de Ginzo e 98,01, de Meendiño). Son 27 (+34% sobre o total) os textos que empregan algún léxico de tipo relixioso ou ritual para encadrar a poética do encontro dos namorados, feito que incide tamén na súa importancia. Case coincide este número co das cantigas que sitúan o encontro dos namorados baixo a advocación dun santo ou santa. A mención a un santo non é gratuítaxa que, ao facelo, dáse como unha especie de desprazamento simbólico, do profano ao sagrado³⁴. Son, polo tanto 56 (case un 71% do total) as cantigas que se abren ao sagrado³⁵. Hai presenza explícita dese desprazamento sagrado nas referencias ás *candeas* (06,04; 11,10; 93,07; 110,03; 136,04), na execución da *oraçon* (06,04; 06,05; 58,01; 65,03; 67,05; 77,02; 77,04; 77,07; 77,15; 93,07; 95,10; 110,01; 110,02), na realización da per-ambulacón descrita máis arriba, implícita no termo *ir en romaría* (06,05; 14,03; 67,04; 77,09; 77,17; 77,19; 77,20; 93,08), no acto de *orar e rogar* (77,04; 77,18; 93,04; 93,08; 110,03), na alusión á rememoración da festa de consagración, a *sagraçon* (58,01), na referencia ao recinto sagrado do santuario (91,03) ou mesmo na presenza do acto purificador de *chorar* (06,04; 77,02; 77,03; 77,12; 77,16; 86,06; 91,01; 93,07; 110,01). A todo isto, insistimos, cómpre engadir as cantigas que amosan a advocación e a invocación ao santo.

Concordamos con Iogna-Prat cando define como ‘espectáculo multisensorial’ as fases que conforman o rito litúrxico: ver (xestos e movementos de entrada, saída e seguimento do itinerario), escoitar (formularios e cantos litúrxicos) e cheirar (o incenso, a mirra)... todo para trasladar os membros

³⁴ Un desprazamento que, na poética das cantigas, vén subliñado pola presenza esmagadora de verbos de movemento como *ir* (42 textos en que anuncia o encontro; 9 textos en que subliña a partida do amigo), *vir* (9 textos), *treides/treydes* (4 textos, 91,05; 93,08; 15,03; 15,04). Catro textos tan só usan verbos de inmovilidade (91,01; 98,01; 110, 02; 150,04).

³⁵ Aspecto este que permite matizar a consideración de certa corrente que relega o aspecto sagrado a un rol secundario, como se, nestas cantigas, o elemento profano e laico se confrontase a sagrado. Antes ben, como coidamos asentar, o carácter sagrado está moi presente na aristocracia laica como demostración de poder no territorio en que compite/coopera con algunha institución relixiosa.

da comunidade ao sagrado. Interesantes son as súas anotacións sobre o significado das *candeadas* que, nun tratado anónimo de mediados do século IX, titulado *Quod signifcent duodecim candelae*, simbolizan a vocación universal da misión cristiá, a través da referencia aos doce apóstolos e ás doce tribos (Iogna-Prat, 2012: 296-298).

No fondo, se dende 1055 existía unha demanda para integrar os santuarios e igrexas propias baixo a dependencia da xerarquía eclesiástica, ben podería ser que a expresión pública e cantada destas cantigas desafiase esa xerarquía. Para comprobalo cómpre situar o mapa dos santuarios sobre o das diferentes xerarquías políticas e sociais existentes nos diferentes territorios³⁶. Ao igual que a ‘forza das cousas’ se manifestaba nas doazóns dos propios santuarios por parte da aristocracia e propietarios laicos á igrexa, é posible que as cantigas veñan a incidir nesa ‘forza das cousas’.

Un santuario obedece a un proceso construtivo e corresponde a un desexo de configuración das relacións sociais dende un paradigma de xerarquía e poder. Hai escasos meses, investigadores da USC ofreceron un completo estudo sobre 23 edificacións relixiosas de toda Galicia das que se conservan tanto rexistros documentais coma arqueolóxicos pertencentes aos séculos IX-X co fin de tentar establecer unha teoría sobre os seus fundadores ou no seu defecto patróns³⁷. A conclusión que destacan é que estabamos ante

³⁶ No espazo dos santuarios existen diferentes poderes que cooperan e compiten pola xerarquía e polo control e posesión dos bens de produción de rendas: concellos, condados, coutos, parroquias, terras/tenencias, mosteiros, dioceses, ordes militares. Interesante, a este respecto, as conclusións de Sottomayor-Pizarro sobre as xerarquías territoriais de Portugal no século XIII, onde diferencia, grazas ás *Inquirições*, dúas fases: a) as *Inquirições* de 1220 reflicten un mapa dominado no norte pola aristocracia laica e eclesiástica, cunha convivencia no espazo (normalmente identificada como *terra*) de parentelas aristocráticas e institucións monásticas; b) as *Inquirições* de 1258 amosan que o mapa mudou, as *terras* disgregáronse en xulgados e os *tenentes* foron substituídos por xuíces, o que pon énfase na eficacia das *Inquirições* como ferramenta de centralización do poder rexio e de control e suxeición da aristocracia laica (Sottomayor Pizarro, 2018: 141, 151-152, 174-175). Non estará de máis sinalar que os *Livros de Linhagens* xorden como reacción ao poder rexio, de tal forma que se incide no pasado das parentelas para que coñezan os dereitos sobre igrexas, mosteiros e terras (Vasconcelos e Sousa, 2007: 886).

³⁷ “Del total de cerca de 800 evidencias de posibles iglesias recopiladas, tan sólo hay 17 casos para los que disponemos tanto de información textual como arqueológica de cierta calidad que nos permita, como decíamos, investigar quién está detrás de cada funda-

santuarios que manifestaban o desexo dos seus fundadores de demostrar o seu poder no espazo en que se asentaban. Respondía a unha clara estratexia aristocrática, algo no que concordamos plenamente. Non obstante, cómpre dicir que aínda estamos lonxe de entender de forma plena o significado da relación dialéctica entre aristocracia laica e eclesiástica a través da posesión compartida de edificios de culto relixioso. Sen dúbida, unha expresión do poder de elites locais, non forzosamente da aristocracia máis poderosa, senón da media e pequena aristocracia (Martín Viso, 2016: 86). Se ben aínda é prematuro establecer afirmacións, pensamos que a medida que ía medrando en pólas unha parentela e se diversificaba en topoliñaxes se ía producindo unha dispersión e unha densificación da ‘localización’ do poder que exercen estas elites sobre a comunidade e o territorio. A posesión dun santuario podería representar non só a expresión do poder dun grupo aristocrático, senón a súa diferenciación e xerarquía.

Sobre os textos

- 79 textos con presenza de topónimo e ou advocación pertencentes a 21 autores. Se restamos as 8 cantigas que consisten nunha simple invocación ao santo ou santa, resultaría que o noso corpus se compón de 71 as cantigas de santuario.
- 29 cantigas (40% sobre o total de 71 cantigas) coa presenza tipolóxica da *madre* como personaxe configurador da temática pertencentes a 12 autores, sendo os máis prolíficos Johan Servando (8 textos), Johan de Requeixo (4 textos), Lopo (4 textos) e Martin de Ginzo (4 textos). Temos a impresión de que a *madre* vén substituír a *senhor* das cantigas de amor xa que, en ambos tipos líricos, a función da *madre/senhor*, unha muller que consideraremos aristocrática, é a de exercer (maioritariamente)

ción y las características materiales de su obra. A estos casos sumaremos otros 6 para los cuales no conocemos el fundador, pero sí quien era su patrono o propietario en algún momento previo al año 1000” (Sánchez-Pardo / De la Torre Llorca / Fernández Ferreiro, 2018: 313). Como comprobación realizamos a superposición das 23 igrexas estudadas por Sánchez-Pardo e restantes autores sobre o mapa dos santuarios do noso cancionero lírico e a conclusión é que, agás Compostela e a zona de Asma, en principio, os nosos santuarios afástanse da demarcación das igrexas máis antigas, o que pode incidir en que a súa construción sexa posterior.

unha función de control sobre o espazo en que se proxecta o amor que experimentan a filla e o trobador, respectivamente³⁸.

- A combinación dos datos históricos, literarios e codicolóxicos conduce a que nos vexamos na obriga de matizar afirmacións como a de Burgazzi:

Entrambi gli autori [refírese a Bernal de Bonaval e a Johan Servando] sembrano quindi aver introdotto il motivo del canto con la partenza dell'*amico*, che prende la parola direttamente annunciando di voler intraprendere il pellegrinaggio” (Burgazzi, 2015: 12).

En efecto, todo apunta a que ese motivo foi empregado con anterioridade por Airas Carpancho, cuxa actividade poética podemos situar de forma aproximada dende 1195 ata 1240. Cómpre destacar, ademais, que Airas Carpancho emprega unha terminoloxía sacralizada que fará certa fortuna como xa vimos antes (*fazer romaria, candeas queimar*), introduce a *madre* como personaxe aristocrático, e usa o espazo sagrado para unha poética do encontro dos namorados. Estes tres elementos serán recorrentes dentro do corpus de cantigas de santuario.

- No que se refire á anterioridade ou posterioridade da modalidade de cantiga de santuario existen as dúas tendencias interpretativas: a) considerar que a cantiga de amigo se desenvolve despois da cantiga de amor; b) pensar que as cantigas de santuario gardan relación ou explican as orixes da lírica profana medieval. Nesta segunda tendencia insírese a hipótese de Monteagudo:

En definitiva, e a falta dunha exploración máis a fondo, suxerimos que as devanditas representacións de escenas xograrescas na escultura románica de Galicia deben pórse en relación co pulo do mesmo fenómeno cultural na segunda metade do século

³⁸ Non se trata só dunha cuestión antropolóxica, senón que adopta tamén unha faciana política. A muller-madre exercía un poder no escenario público que espertaba non sempre simpatías. A madre actúa como señor do espazo en que se manifestan as cantigas de santuario. Esta circunstancia non sería infrecuente, por exemplo, durante os tempos en que o marido ten que cumprir co servizo militar nalgún dos episodios bélicos da Reconquista. De feito, no imaxinario aristocrático podía ter prendido o estereotipo negativo que desenvolveu a cronística, por exemplo, con dona Teresa e dona Urraca no século XII como madres e como obstáculos políticos para os seus fillos (García-Fernández, 2018: 121).

XII e, quizais, máis en particular, co xénero das cantigas de santuario, do que os cancioneiros trobadorescos recolleron unha representación notable, que, ata onde podemos enxergar, corresponde basicamente a xograres que floreceron no século XIII (Monteagudo, 2013: 405).

Non obstante, é posible pensar que as representacións pétreas sexan simbolizacións do ‘xogar de Deus’, David, ou, mesmo, que poidan aludir de forma xenérica á ‘voz’ que conta e canta, sen que se refira ás cantigas de santuario.

- Mais tamén existe a postura intermedia, que establece unha orixe anterior, que temos que imaxinar nun estadio eminentemente oral, que será explotado de forma posterior, cando ese canto sexa considerado digno para a corte do espectáculo trobadoresco: “sugiriendo esa especie de «marca de grupo», que retoma del acervo popular una modalidad existente con anterioridad, para «explotarla» literariamente en un momento determinado” (Brea, 1999: 393).
- Resulta xa indiscutible que o trobar é unha actividade culta, aristocrática e profana. Por iso, temos o convencemento de que o feito de que as cantigas de santuario figuren nos nosos cancioneiros debe responder, en certo modo, a unha adecuación a ese triplo carácter de culto, aristocrático e profano. Por iso, neste traballo, anticipamos a hipótese, que será afondada de maneira pormenorizada, de que as cantigas de santuario poidan responder a unha demostración do poder laico presente no momento de se compoñer a cantiga ou de expresión reivindicativa da ‘forza das cousas’, desafiando a xerarquía eclesiástica e reclamando o ‘dereito ao sagrado’.

X. R. F.
(IESP Ames/CIRP/USC)

Bibliografía

- AHNMe = *Monasterio de Santa María de Melón*, sección de Clero Secular-Regular. Archivo Histórico Nacional de Madrid, carp. 1448; 1456.
- Brea, M. (1999): “‘La cantigas de romería’ de los juglares gallegos”, *Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Congreso Internacional (7è:1997:Castellò de la Plana). Actes del VII Congrès de l’Associació Hispánica de Literatura Medieval (Castellò de la Plana, 22-26 de*

- setembre de 1997*), editor Santiago Fortuño Llorens, Tomàs Martínez Romero. — Castello de la Plana : Publicacions de la Universitat Jaume 1, vol. I, pp. 381-396.
- Brea, M. / Lorenzo, P. (1998): *A cantiga de amigo*, Vigo: Xerais.
- Burgazzi, R. (2015): “La romaria cantata da Johan Servando”, *Carte Romanze*, 3-1, pp. 9-43.
- Caaveiro* = Fernández de Viana y Vieites, J. I. / González Balasch, María Teresa / Pablos Ramírez, J. C. de, (1996-1997): “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra*, nº 3 (1996), pp. 267-437, nº 4 (1997), pp. 221-385.
- Pedroso* = Cal Pardo, E. (1984): *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasanco*, A Coruña: Diputación Provincial.
- Carbajal* = Domínguez Sánchez, S. (2000), *Colección Documental del Monasterio de Santa María de Carbajal*, León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro” / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano.
- Correia, A. (1993): “Sobre a especificidade da cantiga de romaría”, *Revista da Biblioteca Nacional*, VIII, pp. 7-22.
- Fernández Guiadanes, A./ Magán Abelleira, F. / Rodiño Caramés, I. / Rodríguez Castaño, M^a. C. / Ron Fernández, X. X. / Vázquez Pacho, M^a del C. (1998), *Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: Santiago de Compostela.
- Filgueira Valverde, X. (1958): “Poesía de santuarios”, *Compostellanum*, 3, pp. 271-286.
- Fraguas, A. (1988): *Romerías e santuarios*, Vigo: Galaxia.
- Frateschi Vieira, Y. (2018): “Estudo literario das cantigas de Martin Codax”, en *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax*, edición de Alexandre Rodríguez Guerra and Xosé Bieito Arias Freixedo, Amsterdam / Philadelphia: John Benjamin, pp. 25-38
- García, Ch. (2018): *El espacio, el tiempo y lo maravilloso en el reino de León (ss. XI-XIII). Representaciones ideales y comportamientos sociales*, Madrid: Ediciones de la Ergástula.

- García-Fernández, M. (2018): “Doña Teresa y doña Urraca: la figura de la madre como obstáculo político a comienzos del siglo XII”, en *Autoridad, poder e influencia: Mujeres que hicieron historia*, edición de Henar Gallego Franco e M^a del Carmen García Herrero, Barcelona: Icaria, pp. 115-130. Disponible en http://www.academia.edu/25964078/Doña_Teresa_y_doña_Urraca_la_figura_de_la_madre_como_obstáculo_político_a_comienzos_del_siglo_XII.
- Guerreau, A. (1996): “Quelques caractères spécifiques de l’espace féodal européen”, en Bulst, N. / Descimon, R. / Guerreau, A. (eds), *L’État ou le Roi. Les fondements de la modernité monarchique en France (XIVe-XVIIe siècles)*. Paris: Éditions de la Maison des Sciences de l’Homme, pp. 85-101. Disponible en <http://halshs.archivesouvertes.fr/halshs-00521075>.
- Gutiérrez García, S. (2008): “Sobre a posible orixe toponímica do apelido Codax”, en Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 493-501.
- _____ (2010): “Poesía gallegoportuguesa y géneros literarios”, *Voz y Letra*, XXI/2, pp. 11-35.
- _____ (2018): “Martin Codax y las cantigas de santuario gallegoportuguesas”, *Revista de Filología Española*, XCVIII, 2^o, xullo-dicembro, pp. 341-370.
- Iogna-Prat, D. (2012): *La Maison Dieu. Une histoire monumentale de l’Église au Moyen Âge*. Paris: Seuil.
- Lopes, A. d.C. (2005): *O trovador Guilhade, Martim de Ginzo e Fernão do Lago e outras apostilas a “o trovador Guilhade e a sua terra de origem*. Famalicão/Barcelos: Câmaras Municipais.
- Martín Viso, I. (2016): *Asentamientos y paisajes rurales en el occidente medieval*. Madrid: Síntesis.
- Monteagudo, H. (1998): “Cantores de santuario, cantares de romaría”, *Congreso “O mar das cantigas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 99-127.
- _____ (2013): “Nas orixes da lírica trobadoresca galego-portuguesa”, *O Século de Xelmírez*, pp. 387-437.

- Montederramo* = Lorenzo, R. / Pérez, M. (2016): *Colección Documental do Mosteiro de Montederramo. Sécs. XII-XVI*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 3 vols.
- Orihuela* = Torres Fontes, J. (1988): *Repartimiento de Orihuela*. Murcia: Academia Alfonso X el Sabio.
- Oseira* = Romaní Martínez, M. (1989): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense). 1025-1310*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 2 vols.
- Oliveira, A. Resende de (1994): *Depois do Espectáculo Trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibri.
- _____ (2001): *O trovador galego-português*. Lisboa: Notícias.
- _____ (2018): “Chapter 4. À volta da tradição manuscrita das cantigas de Martin Codax”, en Alexandre Rodríguez Guerra and Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.), *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamin, pp. 51-67.
- Pérez, M. (2012): “El control de lo sagrado como instrumento de poder: los monasterios particulares de la aristocracia altomedieval leonesa”, *Anuario de Estudios Medievales*, 42/2, pp. 799-822.
- _____ (2015): “Aristocracia, monasterios y conflictos por la tierra. Reforma eclesiástica y relaciones sociales en León (siglos XI-XII)”, *Bulletin du centre d'études médiévales d'Auxerre*. BUCEMA. Disponible en <http://cem.revues.org/13899> ; DOI : 10.4000/cem.13899.
- _____ (2018): “Clérigos rurales, comunidades y formación de las estructuras parroquiales en la diócesis de León (siglos XI-XIII)”, *Espacio, Tiempo y Forma*, 31, pp. 547-574.
- Pousada Cruz, M. A. (2012): “A tradición manuscrita das cantigas de Sancho Sanchez, clérigo”, en Pilar Lorenzo Gradín e Simone Marcenaro (eds.), *El texto medieval. De la edición a la interpretación*, Verba, anexo 68. Santiago de Compostela: Servizo de Publicación e Intercambio Científico, pp. 225-245.
- Ron Fernández, X.X. (2015): *A fenomenoloxía do don na lírica románica das primeiras xeracións*, tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.

- Ron Fernández, X.X. (2018): “Chapter 12. Martin Codax. O nome. A onomástica na lírica trobadoresca”, en *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax*, edición de Alexandre Rodríguez Guerra and Xosé Bieito Arias Freixedo, Amsterdam / Philadelphia: John Benjamin, pp. 221-238.
- Russo, M. (2003): “Il pellegrinaggio a Santiago nella lirica galego-portoghese”, Seminario Interdisciplinare “Viaggio come esilio e/o come pellegrinaggio”, Viterbo, 6-7 marzo 2003. Disponible en https://www.unint.eu/files/Docenti%202015-16/CV_Russo.pdf.
- Sánchez Pardo, J.C. (2012): “Topónimos y advocaciones: la información histórica en los nombres de las parroquias rurales gallegas”, *Miniús*, nº 20, pp. 187-226.
- _____/ De la Torre Llorca, M^a.J. / Fernández Ferreiro, M. (2018): «Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X», *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, pp. 311-366.
- Sottomayor-Pizarro, J.A. de (2018): “Monarquia e Aristocracia em Portugal (séculos XII.XIV). «Forais» e «Inquirições» na construção de uma Geografia do Poder Régio“, en *Los espacios del rey. Poder y territorio en las monarquías hispánicas (siglos XII-XIV)*, edición de Fernando Arias Guillén e Pascual Martínez Sopena, Bilbao: Universidad del País Vasco, pp. 133-183
- Souto Cabo, J.A. (2012a): “*En Santiago, seend'albergado en mia pousada*. Nótulas trovadorescas compostelanas”, *VERBA*, 39, pp. 273-298.
- _____(2012b): “*In capella domini regis in Ulixbona* e outras nótulas trovadorescas”, en *Actas del XIV Congreso Internacional de la AHLM (Murcia, 6-10 de septiembre, 2011)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 777-784.
- _____(2018): “Chapter 6. Martim Codax e o fenómeno jogralesco na Galiza sud-occidental”, en *The Vindel Parchment and Martin Codax/O Pergamiño Vindel e Martin Codax*, edición de Alexandre Rodríguez Guerra and Xosé Bieito Arias Freixedo, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamin, pp.83-101.
- _____/ Frateschi Vieira, Y (2004): ”Para um novo enquadramento histórico-literário de Airas Fernandes, dito «Carpancho»”, *Revista de Literatura medieval*, XVI/1, pp. 221-277.

- Toxosoutos* = Pérez Rodríguez, Fr. J. (2004): *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Vasconcelos e Sousa, B. (2007): “Linhagem e identidade social na nobreza medieval portuguesa (séculos XIII-XIV)”, *Hispania. Revista Española de Historia*, vol. LXVII, 227, pp. 881-898.
- Vieira, Y. Frateschi (2018): “Chapter 2. Estudo literário das cantigas de Martim Codax”, en Alexandre Rodríguez Guerra and Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.), *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamin, pp.25-38.
- Vila-Botanes, S. (2001): Tui e Valença nos séculos IX a XV, Tui: Asociación Amigos Catedral de Tui. Disponible en <https://www.cm-valenca.pt/files/52/5258.pdf>.



Relembanza de Don Antón, O Noso

ANXO TARRÍO VARELA

Dá algo de vertixe, pero tamén de ilusión, pensar nunha vida tan lonxeva (1905-1999), tecida pasiño a paso, nun século abondo ruín e maravilloso como o que lle tocou vivir e ocupar case por enteiro a don Antonio Fraguas.

Un século no que, quen estivese esperto como el o estivo, puido asistir, como nun filme de ficción, pero real de realidade total, a toda a Historia, grande e pequena, da Humanidade, comprimida nunha Galicia que era prehistórica en moitos aspectos hai pouco tempo e que, para ben e para mal, se ve incorporada ao mundo da alta tecnoloxía, da informática e da telemática.

Esta Galicia total que soubo vivila o noso Fraguas, comprendela, interpretala, sufrila e gozala sen perplexidades aparentes, con dedicación serena, podíamos dicir que case pousona, pero sen pausas, como o demostran a súa continua presenza na vida pública e a traxectoria investigadora e publicista da que sería ridículo facer eu un resumo nesta simple relembanza, unha mínina crónica que me solicitan os compañeiros encargados dos *Cadernos Ramón Piñeiro* que, anualmente, publica o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades co fin de homenaxear a personalidade á que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2019.

Noutras latitudes e culturas gábanse moito dos seus persoeiros antonomásticos, Dons, Sires, Excelencias, Venerables etc. Nós xa os tiñamos e tamén os temos, porque seguen a compartir o noso vivir intelectual e sentimental de todos os días.

Xa tiñamos, digo, os nosos antonomásticos: don Manuel (Murguía), Rosalía (tan de nós que nin o don necesitou), a nosa dona Emilia, os nosos don Ramón (Otero Pedrayo, Martínez López, Piñeiro, sen esquecer Valle-Inclán), o noso don Vicente (Risco), o noso don Xosé (Filgueira Valverde), o noso don Ricardo (Carballo Calero), os nosos don Fermín (Bouza Brey e Penzol), o noso don Ánxel (Fole, si señor), o noso don Florentino ou Floro (López Cuevillas), o noso Daniel (Castelao, sen don, polo aquel do asunto) e así un nutrido chorar de excelencias, perdidas para hoxe pero gañadas para sempre, de queridos mestres e guieiros que conforman o elenco

irrepetible da nosa Alba de Gloria, sen esquecer un Álvaro (Cunqueiro), un Paco (Fernández del Riego), un Carlos (Casares) e outros que nos deixaron máis recentemente.

Coido que nos faltaba, de entre os devanceiros, un don Antón/don Antonio antonomástico, e que me perdoen López Ferreiro e Losada Diéguez, que fixeron méritos abondo para selo. Agora, aínda que xa o gozabamos na vida cotiá de Compostela dende hai tantos anos, malia a súa procedencia pontevedresa; agora, cando a eternidade xa premiou para sempre a bonhomía que deitaba ao seu pasar Antonio Fraguas, temos tamén para sempre o noso Don Antón antonomástico. Porque, ben mirado: hai ou houbo na historia desta Galicia que foi toda a súa razón de vivir outro Antón equiparable a don Antonio Fraguas e Fraguas? Non o creo. Volverá a haber alguén como el? Non o creo, malia termos que desexar que si, que ten que volver outro igual, dificilmente mellor.

O milenio, que rematamos hai dez anos, ten que gravar en todas as pedras de Compostela o talante simpático, tenro, firme (malia o seu arrandear de paisano crebado pola querenza da terra e do po bíblico) e seguro deste noso Don Antón. Daquel Don Antón, O Noso que se nos foi, silandeiramente, aos noventa e tres anos ben cumpridos, tan ben cumpridos, un día nefasto de 1999, hai xa vinte anos.

A Real Academia Galega (RAG), á que pertencía o noso don Antonio, andou atinada ao nomealo como protagonista do Día das Letras Galegas 2019, para así dar pé a que durante o ano se lle homenaxe e se dea a coñecer o seu amplo compromiso coa cultura galega. Parabéns.

A. T. V.
Universidade de Santiago de Compostela
CRPIH

Un novo tímpano medieval na cidade de Pontevedra. Valoración formal e consecuencias histórico-artísticas

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Unha exposición sobre a Ponte do Burgo promovida polo Concello pontevedrés no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra no mes de marzo de 2018 e o anuncio simultáneo, por parte da mesma Administración, dunha intervención restauradora sobre ela e a súa contorna para convertelas en espazos peonís¹ deu protagonismo informativo a un fito construtivo de capital significación para a historia da cidade². Sobre esta Ponte, por exemplo, asinou en 1165 a coñecida como “A Paz do Lérez” entre Afonso Henriques, primeiro monarca de Portugal, e Fernando II, rei de León, un acordo que fixou definitivamente xa no río Miño a fronteira entre a parcela occidental de Galicia, como territorio integrante do Reino de León, e Portugal³. Só catro anos máis tarde, en decembro de 1169, o soberano leonés concederá

¹ A mostra titulouse “Ponte do Burgo. Berce. Camiño. Luz”. Puido contemplarse na planta alta do Claustro do Edificio citado entre os días 2 e 28 do mes referido. As obras que se mencionan comezaron xustamente un ano despois.

² Perpetúa esta no seu nome, Pontevedra, a referencia a unha ponte que, no momento no que se cita por primeira vez, o 30 de abril de 1165, era xa vella, pois, como ben sabemos hoxe, a súa orixe remontábase á época romana. Como unha *vetula ponte*, en efecto, é considerada e denominada no documento referido. Consúltese o instrumento, en último termo, en M. Recuero Astray, Promero Portilla e M^a A. Rodríguez Prieto, *Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*, A Coruña, 2000, doc. 69, pp. 84-85. Para o estudo histórico da Ponte remítome en particular, por un lado, á monografía clásica de E. Fernández Villamil, *La Puente Vieja pontevedresa*, Pontevedra, 1944, e, por outro, ao artigo de A. de la Peña Santos, “La excavación de 1988 en el Puente del Burgo (Pontevedra): crónica de una frustración”, *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, 11, (1995), pp. 21-63, en especial pp. 37-43 para a análise e valoración dos vestixios construtivos aparecidos no transcurso desa intervención arqueolóxica. Confróntese tamén a nota seguinte.

³ Confróntese prioritariamente, para unha valoración precisa do proceso de fixación de fronteiras entre Galicia e Portugal, M^a del C. Pallares Méndez e E. Portela Silva, “A nova definición do territorio”, en *Campos e cidades nun espazo redefinido*, vol. I do Tomo V, *De Xelmírez aos Irmandiños. A Galicia feudal (séculos XII-XV)*, de *A Gran Historia de Galicia, La Voz de Galicia*, Madrid, 2007, pp. 15-73. Sobre a identificación, fronte a outras propostas, da Ponte do Burgo coa referida no documento de 1165 invocado consúltese, en particular, M. Rodríguez Figueiredo, “El Fuero de Pontevedra. En torno a su promulgación”, *El Museo de Pontevedra*, XXIV, (1970), pp. 49-72, en concreto pp. 50-51.

ao núcleo poboacional asentado nas inmediacións desa Ponte polo costado sur uns “foros” que non só comportaban o seu recoñecemento como suxeito de dereito⁴. Propiciaron tamén e sobre todo a progresiva consolidación e a ulterior proxección dese espazo habitado cuxa riqueza se baseará esencialmente na pesca, na artesanía e no comercio⁵.

Unha das consecuencias máis inmediatas do proceso que comento será o incremento do número de habitantes e, con iso, a extensión do espazo habitado/urbanizado e, subseguientemente, a necesidade de crear estruturas para atender axeitadamente as súas necesidades civís e tamén relixiosas. Explícase así, froito desta situación expansiva, a creación no burgo dunha nova parroquia, a segunda, consagrada, fronte á anterior, que o estaba á Virxe, a un Apóstolo, Bartolomeu. Documentase a súa existencia por primeira vez o 27 de setembro de 1242⁶. O seu nacemento, a súa creación, non obstante, é anterior, verosimilmente de tempos de Alfonso IX, o “derradeiro Rei galego”, falecido en Sarria (Lugo) o 24 de setembro de 1230⁷. Os datos que neste texto se sinalan a continuación non desmenten esa afirmación⁸.

A parroquia de San Bartolomeu ten hoxe como referente físico —e así sucede dende o 19 de xaneiro de 1836— á igrexa que, entre 1691 e 1714, ano da súa consagración, se construíu para dar servizo á Comunidade

⁴ Véxase o documento en M. Recuero Astray et alii., *Documentos Medievales del Reino de Galicia...*, cit., doc. 101, pp. 124-125.

⁵ Para a análise do proceso que menciono, examinado con ópticas diversas, aínda que converxentes, dende os anos oitenta da pasada centuria, remítome, en especial, a J. Armas Castro, *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una Villa marinera en la Galicia medieval*, Pontevedra, 1992, e a X. Fortes Bouzán, *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña, 1993, en particular os capítulos II, III, IV e V da primeira parte, pp. 36-176.

⁶ Así o sinala J. Armas Castro, *Pontevedra en los siglos XII a XV...*, cit., p. 56, nota 52. Áchase a referencia nun documento conservado no Archivo Histórico Nacional, Sección Clero, Carpeta 1.755, nº 1.

⁷ J. González, *Alfonso IX*, 2 vols., Madrid, 1944, en particular vol. 1, p. 212.

⁸ X. Armas Castro, *Pontevedra en los siglos XII al XV...*, cit., p. 56, considera tamén que a constitución da parroquia debeu producirse “en algún momento de la primera mitad del siglo XIII”.

xesuítica asentada en Pontevedra, “formalmente”, dende 1653⁹. No seu arranque, non obstante, encontrábase, como é ben coñecido, noutro lugar do núcleo urbano da Cidade: no terreo no que, a partir do 23 de maio de 1864, comezou a levantarse o inmoble que acolleu, por un lado, ao Teatro Principal, de propiedade municipal e, por outro, ao Liceo Casino, unha entidade recreativa, privada, moi arraigada na vida cotiá da Cidade¹⁰.

Non coñecemos ben, malia a documentación e os restos conservados e tamén aos estudos que se lle consagraron ata hoxe, as particularidades físicas do vello templo parroquial de San Bartolomeu, cuxa destrución/demolición, a causa do seu mal estado xeral, se levou a cabo en 1842¹¹. Aos vestixios ata hoxe considerados, desiguais en alcance e significación, integrados en boa medida, grazas ao celo impagable de Casto Sampedro e os seus compañeiros da *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*¹², nas Coleccións do Museo de Pontevedra¹³, cabe engadirlle agora, segundo todos os indicios, entre os que non é o menor a súa localización actual, un tímpano inédito, de inequívoca filiación tardorrománica, a cuxa descrición, análise e valoración está consagrado este artigo.

⁹ Para a súa valoración véxase, en última instancia, o catálogo da exposición *De templo xesuíta a parroquial de San Bartolomeu. Tricentenario da súa consagración*, programada polo Museo de Pontevedra e celebrada durante o mes de xuño de 2014. Os textos que na publicación se inclúen son da autoría de R. Lage Radío, sacerdote titular da parroquia, e M^a A. Tilve Jar, esta última, Conservadora do Museo, Comisaria da mostra.

¹⁰ Consúltense en especial, para unha análise do proceso fundacional do edificio e en aras da brevidade, *De mi viejo carnet*, publicación clásica de P. Landín Tobío, Segunda edición (inclúe os 3 volumes da primeira nun único libro), Pontevedra, 1984, pp. 23-31 (Teatro Principal) e 305-318 (Liceo Casino).

¹¹ Iniciouse, exactamente, o 14 de maio deste ano. Confróntese sobre este feito, en última instancia, T. C. Moure Pena, “Nuevas aportaciones al estudio de la escultura gótica en Galicia. San Bartolomé ‘O Vello’ de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, LV, (2001), pp. 193-222, en particular p. 201.

¹² Consúltense sobre esta excelsa entidade, en especial, J. Filgueira Valverde, “Don Casto Sampedro y su Sociedad Arqueológica”, *El Museo de Pontevedra*, V, (1948), pp.16-49; A. Núñez Sobrino, “La ‘Sociedad Arqueológica’, la salvación de la piedra labrada”, *El Museo de Pontevedra*, XLIX, (1995), pp. 99-150 e J. C. Valle Pérez, “El contexto intelectual pontevedrés: la Sociedad Arqueológica de Pontevedra”, en C. Villanueva, coord., *Cancionero musical de Galicia, reunido por Casto Sampedro y Folgar*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2007, pp. 19-47.

¹³ Remítome en particular, para a súa axeitada ponderación, ao artigo, xa citado, de T. C. Moure Pena, “Nuevas aportaciones al estudio de la escultura gótica en Galicia...”, *passim*.

O tímpano ao que me refiro (Foto 1) encóntrase situado sobre un van, cegado no momento presente, que se abría no muro norte dunha estancia rectangular emprazada na denominada “Horta do Cura”, un amplo espazo, hoxe baldeiro e practicamente sen uso, pendente, non obstante, de urbanización/intervención, situado no Centro histórico da Cidade de Pontevedra, a moi poucos metros, polo seu costado meridional, do lugar que ocupou a inicial igrexa parroquial de San Bartolomeu¹⁴. O muro, descoidado e ameazado de ruína, está composto por unha combinación de pezas de cantería granítica de tamaños diversos, ben escuadradas en xeral, e de cachotería. Son materiais, sen dúbida, reaproveitados, reutilizados, non situados no seu emprazamento de orixe. Un destes elementos resulta particularmente rechamante. Áchase ao oeste do vano da porta, inmediato a unha das pezas que integra a xamba (Foto 2). Mostra parte do que hoxe é a súa esquina superior, o que certifica que a súa posición horizontal actual non é a orixinaria, tallada, perfilada por un grosso baquetón liso. Debaixo da moldura, na superficie frontal da peza, aprécianse letras e signos que deben formar parte dunha inscrición, no momento presente de moi difícil, se non

¹⁴ Á marxe da perpetuación dun topónimo tan preciso como o de “A Horta do Cura” para identificar o lugar no que se acha a estancia na que se conserva o tímpano que nos ocupa, creo tamén pertinente mencionar que a casa á que ese espazo servía de complemento, de fachada retraída sobre a Rúa Don Filiberto (posúe hoxe, para a súa precisa identificación, o nº 5), era a residencia do Reitor da parroquia de San Bartolomeu. Na miña adolescencia, na década dos sesenta do pasado século, era coñecida esa casa, popularmente, como a de “Don Teodoro”, nome de quen, daquela, era párroco de San Bartolomeu (D. Teodoro Castro Cores foi o titular da parroquia, segundo me informa D. Raúl Lage, o seu actual reitor, a quen agradezo o dato, entre 1953 e 1968). A casa e a finca serían vendidas ulterioresmente, nos anos setenta, polo seu propietario, o Arcebispado de Santiago. Para a análise deste proceso remítome, en particular, ao *Estudio histórico. Antigua rectoral y huerta del Cura de san Bartolomé o Vello. Pontevedra*, promovido pola empresa propietaria do conxunto, EBIRAC 21, S.L., realizado por Adro Arqueolóxica e redactado por L. Gorgoso López. Pola información que se ofrece neste documento, que puiden consultar na Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, o proxecto foi encargado o 5 de febreiro de 2007, os traballos realizados en dúas fases (anos 2008 e 2010) e a súa redacción rematada o 27 de marzo de 2014, isto é, algo máis de sete anos despois de que o proceso comezara. Agradezo ás persoas responsables da Empresa, da Delegación da Administración Autonómica e do Arcebispado de Santiago as facilidades que me deron para consultar este estudo e, no caso da empresa, tamén por terme permitido acceder sen restricións ao espazo no que se conservan os vestixios que analizo neste artigo. Remato o capítulo de agradecementos cos que debo a Miguel Vidal e á Fundación Santa María la Real de Aguilar pola cesión do material gráfico que acompaña a este artigo.

imposible, transcripción. O mesmo sucede co epígrafe que se dispón no bloque pétreo contiguo polo lado leste, integrante da xamba.

O tímpano propiamente dito pecha un vano que está hoxe, como xa dixen, torpemente tapiado con cachotería e cantería. Apóiase en mochetas cortadas en nacela arestada e lisa, simple a do costado leste, dobre a oposta, perfilada tamén en nacela, sorprendentemente, na fronte oeste. A súa altura, tamén dispar (é superior a da primeira citada), confirma, se non fosen suficientes os datos xa referidos, que se trata de pezas reutilizadas¹⁵.

O tímpano, completo sen dúbida cando se instalou no lugar no que hoxe se atopa, perdeu parte do seu volume no lado leste, de forma verosímil como consecuencia dalgunha intervención esixida para dar resposta ás necesidades nadas ou derivadas do uso ao que se destinaban as estancias ou os espazos que o van que nos ocupa comunicaba, marcándose con nitidez sobre ese oco unha fenda no corpo do bloque pétreo que conforma o tímpano. Presenta este un cerramento ou remate semicircular e os extremos da súa parte inferior ensanchados, merecendo destacarse o feito de que a liña superior desa prolongación ou, mellor, dese saínte non sexa paralela á inferior.

Trátase, o descrito, dun modelo de tímpano, denominado en ocasións de “aletas”, de uso ben documentado en Galicia a partir dos anos finais do século XII ou dos iniciais do XIII¹⁶ (Foto 3). As doelas que, apoiándose nesas apéndices laterais, de alturas, por certo, non idénticas, rodean hoxe o remate

¹⁵ Accedíase por esta porta a unha estancia de planta rectangular cuxos muros sur e oeste están hoxe, en boa medida, desaparecidos. A porta, polo lado interior, ofrece aínda un arco apuntado simple cuxas doelas, aristadas e sen ornato, se dispoñen a pano co paramento e voltean directamente, sen separación algunha, sobre as xambas, así mesmo sen molduración.

¹⁶ Un dos primeiros testemuños da presenza en Galicia deste modelo de tímpano (non estou en disposición de afirmar que sexa o primeiro, en termos absolutos, aínda que si é verosímil) localízase na portada norte do cruceiro da igrexa abacial cisterciense de Santa María de Oseira (Cea, Ourense) (Foto 4), datable ca. 1200 ou moi a principios do século XIII (Véxase a este respecto, en particular, J. C. Valle Pérez, *La arquitectura cisterciense en Galicia*, 2 tomos, A Coruña, 1982, en concreto tomo I, pp. 121-126). O seu uso, sen dúbida debido á intervención de mestres canteiros formados no “chantier” ursariense, será particularmente frecuente en obras ubicadas en terras máis ou menos próximas ao Mosteiro e en datas inmediatamente posteriores. Confróntese sobre esa difusión, en especial, R. Tobío Cendón, “La influencia de la iglesia monasterial de Osera en los templos de su entorno y limítrofes. El caso concreto del tímpano de la portada que se abre en el hastial septentrional del crucero”, *Nalgures*, IV, (2007), pp. 379-402.

curvo do tímpano á maneira dunha dobradura, son proba evidente de que os canteiros que o instalaron, tal vez por ter visto así montado o conxunto xa no seu emprazamento anterior ou, con máis probabilidade, por coñecer tamén outros modelos de referencia idénticos, sabían para que servían eses saíntes e como había que complementalos.

No tímpano, malia o seu evidente deterioro, pode aínda apreciarse, en boa medida, a cruz que se dispoñía no seu centro. Reproduce, como é habitual en tempos medievais, época á que pertence, un modelo metálico, de ourivería (Foto 5). Levántase sobre un pé en forma de montículo semicircular, emprazándose xustamente enriba dese soporte un aplique horizontal, de escasa proxección, cos extremos redondeados. O traveseiro horizontal da cruz, a teor do que aínda pode apreciarse no brazo dereito, ofrecía os seus remates ensanchados¹⁷. Nada preciso pode afirmarse sobre as particularidades da parcela superior do traveseiro vertical.

No canto inferior do bloque pétreo monolítico que conforma o tímpano dispónse unha inscrición. Desaparecida, como xa dixen, a súa parte esquerda (a oriental) por terse perdido nesa zona un fragmento significativo da peza e tapada a súa parcela dereita (costado oeste) pola mocheta sobre a que se apoia (esta ocultación confirma, se non fosen suficientes os argumentos xa referidos, que a disposición actual do conxunto, non só o seu emprazamento, non se corresponde coa que exhibía cando se executou), unicamente se aprecia hoxe a zona central. Nela, a xulgar polos caracteres que podemos visualizar e interpretar con certa seguridade, áchase, en parte alomenos, a data da execución ou da instalación do tímpano na súa primeira localización. Cal foi, ou mellor, á vista do que precede, cal puido ser ese emprazamento inicial?

(XXVIII? : ET QT :)

Non resulta fácil responder, a partir dos datos referidos, á pregunta formulada. Creo verosímil supoñer, non obstante, a teor do que cabe deducir tanto dos paralelos que se poden invocar para o modelo de tímpano que nos ocupa (estrutura e decoración/figuración) como das características ou

¹⁷ No brazo dereito do traveseiro horizontal figuran uns números que parecen compoñer unha data (1749 ou 1779) cuxo alcance, significación e/ou cometido non podo precisar.

particularidades formais das letras e signos que conforman a inscrición que se desenvolve na súa cara inferior, das combinacións que eses elementos posibilitan e mesmo da fórmula *QT* empregada —e conservada— para a datación¹⁸, que se trataría dun edificio de uso relixioso cuxa construción habería que situar ou no transcurso do reinado de Alfonso IX, iniciado en 1188 e rematado, como xa sinalei máis arriba, no ano 1230, ou inmediatamente despois¹⁹, antes, en todo caso, da cita referida de 1242.

Cal foi, ou mellor, para non modificar a disxuntiva antes invocada, cal puido ser ese edificio? A localización actual da peza, nun espazo pertencente, vinculado documentalmente dende tempos medievais á parroquia de San Bartolomeu²⁰, invita a buscar a súa orixe non fóra, senón dentro, na historia

¹⁸ A fórmula é de uso relativamente frecuente en epígrafes con data dos séculos XII e XIII (empregase tamén, non obstante, en tempos posteriores). Encóntrase por exemplo, non lonxe de Pontevedra, no que exhibe unha pilastra da capela central da cabeceira da abacial de Armenteira (Meis, Pontevedra) e que data, en 1167, o inicio da construción do edificio ou, na igrexa viguesa de Santa María de Castrelos, no que, situado no costado do evanxelio do cerre oriental da nave, documenta en 1216 a súa execución e consagración. Os tímpanos das tres portadas desta igrexa, por certo, exhiben, como elemento central dos seus programas, cruces de brazos iguais, patadas as dos lados sur e oeste, grega, inscrita nun círculo, con macolla e extremos circulares, a do norte. Para a análise dos dous edificios remítome, en última instancia, ás monografías que se lle consagran en J. Ma Pérez González, Dirección, e J. C. Valle Pérez, Coordinación científica, *Pontevedra, Enciclopedia del Románico en Galicia*, 2 vols., Aguilar de Campoo, 2012, en particular vol. I, pp. 217-235 (monografía sobre Armenteira, da autoría de J. C. Valle Pérez, p. 224 para o epígrafe) e pp. 451-463 (monografía sobre Castrelos, redactada por S. Arca Somoza, p. 463 para a inscrición).

¹⁹ Tímpanos decorados con cruces xemadas, reprodución en pedra de pezas de ourivería que con frecuencia se achaban sobre os altares nos mesmos edificios, son habituais en Galicia na época que consideramos, o reinado de Alfonso IX (1188-1230, como xa sabemos). Confróntese sobre esta cuestión, en último termo, R. Sánchez Ameijeiras, “Ritos, signos y visiones. El tímpano figurado en Galicia. 1140-1230”, en R. Sánchez Ameijeiras e J. L. Senra, eds., *El tímpano medieval: imágenes, estructuras y audiencias*, Santiago de Compostela, 2003, pp. 47-72. Paradigmática a este respecto resulta a igrexa de San Munio de Veiga (A Bola, Ourense), pois nela consérvase unha cruz de altar de filiación lemosina dos primeiros anos do s. XIII e o tímpano da súa portada norte, de cronoloxía similar, exhibe unha cruz de altar, patada e de brazos iguais, tal vez copia doutra existente no mesmo templo. Véxase sobre este edificio e o seu mobiliario, en especial, J. Vázquez Castro, *San Munio de Veiga, Cuadernos Porta da Aira*, 11, Ourense, 2008.

²⁰ Pola información que se recolle no *Estudio histórico. Antigua rectoral...*, cit., 14, a vinculación cabe remontala ao s. XIV, extingúndose, p. 35, nun proceso de venta e permuta, nos anos setenta da pasada centuria.

construtiva da empresa na que se visualiza a existencia física dunha entidade de carácter inmaterial como é unha parroquia.

Coñecemos relativamente ben hoxe, malia que xa non exista, os trazos esenciais do templo antes de que fose destruído en 1842. Son moitas tamén e de envergadura, non obstante, as dúbidas que a súa análise xera. Contaba, como se sinala nun *Informe* dirixido ao arcebispo Rajoy para darlle conta do estado da igrexa tras o terremoto de Lisboa de 1755, redactado o 30 de setembro de 1769 por D. Manuel Juez, cura reitor da parroquia, con tres portadas: “Tiene dicha parroquia [é dicir, a igrexa parroquial] tres puertas muy capaces, a cada lado la suya y la principal con su pórtico de arcos”²¹.

Os vestixios da última porta citada, a principal, a occidental do edificio, veñen identificándose, a partir desa simple —e, malia iso, relativamente precisa— referencia, cun conxunto de pezas reinstalado, conformando xustamente unha portada, nas Ruínas de San Domingos. Trátase/Tratábase dunha empresa valorable como gótica e datable no século XIV (ca. 1340)²².

Nada sabemos con seguridade, polo contrario, sobre as particularidades básicas das outras dúas “portas” (utilizo a verba empregada polo párroco no século XVIII). O que sobre elas se di baséase, case exclusivamente, nas referencias que proporcionan tanto José Casal como Casto Sampedro e ningún dos dous, por ter nacido con posterioridade ao seu derrubamento, acaecido, como xa dixen máis arriba, en 1842, puido contemplalas directa e persoalmente²³. Iso explica as imprecisións e mesmo as diverxencias entre as súas referencias, custodiadas hoxe esencialmente no Arquivo Documental do Museo de Pontevedra²⁴.

²¹ Publica a carta S. González García-Paz, “Miscelánea”, *El Museo de Pontevedra*, XIX, (1965), pp. 123-132, en concreto p. 131.

²² Confróntese sobre estes vestixios, en particular, T. Moure Pena, “Nuevas aportaciones al estudio de la escultura gótica en Galicia”, cit. pp. 217-220.

²³ José Casal naceu en Pontevedra en 1845 e Casto Sampedro en Redondela en 1848. Falleceron os dous den Pontevedra, o primeiro en 1912 e o segundo en 1937. Véxase a este respecto, en última instancia, J. C. Valle Pérez, “El contexto intelectual pontevedrés”, cit. pp. 39 e 41.

²⁴ A información de José Casal áchase na Carpeta 3-5 do seu Fondo e a de Casto Sampedro na Carpeta 55-1 do seu. Deben complementarse estas fontes, non obstante, coa documen-

A unha desas portadas laterais e máis en concreto á setentrional, cre T. Moure que puido pertencer en orixe unha obra, valorada por ela como un tímpano, non identificado como tal, obviamente, na descrición, cuxa pintura, nunha visita de 1818 documentada no “Fondo” Sampedro do Museo de Pontevedra, se ordena renovar²⁵. Alúdese a esta obra no instrumento que invoco como “la piedra que contiene la Representación de la Adoración de los Reyes bajo el título de Nuestra Señora de Belén...”²⁶. Esta obra, datable ca. 1340, coetánea, pois, dos vestixios previsiblemente procedentes da portada principal, consérvase hoxe nunha Colección privada de Pontevedra²⁷. O seu parentesco formal coas pezas (doelas) asignadas á portada principal que comento, malia as marcadas diferenzas de calidade entre unha e as outras, acentuada polo deficiente estado de conservación das primeiras debido ás peripecias que sufriron²⁸, resulta claro, pero as súas particularidades físicas non permiten que poida ser considerada como un tímpano. A súa conformación xeral, basamento incluído, e, sobre todo, o vistoso marco que encadra a escena, esculpida en relevo, invitan a considerala como unha obra de mobiliario litúrxico destinada a presidir unha capela ou un altar particular, é dicir, trátase dunha obra concibida para un amoblamento interior, non para figurar nunha portada e no exterior²⁹.

tación que, sobre o edificio, se custodia no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (Capelas. Igrexas. San Bartolomeu o Vello, leg. 10).

²⁵ Arquivo Documental do Museo de Pontevedra, Colección Sampedro, Carpeta 55-1.

²⁶ Véxase a nota anterior.

²⁷ Ocúpome da súa análise e valoración nun artigo actualmente no prelo. T. Moure, “Nuevas aportaciones al estudio de la escultura...”, cit. p. 203, relaciona a obra, a partir da referencia documental, pois non me consta que a coñecese “físicamente” cando realizou o seu traballo, coa “serie de tímpanos con la representación de la Epifanía que tanto se prodigaron en Galicia durante el siglo XIV”. Ata onde alcanza a miña información, só están publicadas tres fotos de detalle da obra, realizadas cando se encontraba nun emprazamento distinto do actual (Véxase *Caras de Pontevedra*, Fotografías de X. L. Alonso, Caras de X. E. Acuña, Texto de F. Calo Lourido, Pontevedra, Concello, 2005, pp. 232-233). Vino tamén eu, hai máis de trinta anos, nese mesmo lugar, pero non o relacionei nese momento coa desaparecida igrexa de San Bartolomeu o Vello.

²⁸ T. Moure Pena, “Nuevas aportaciones al estudio de la escultura...”, cit. pp. 201-216.

²⁹ O que non exclúe, obviamente, que non se poida contemplar, estando dentro, dende o exterior, tal como se propón na “Acta” da visita que comento.

A portada meridional, a teor da información coñecida, recollida no século XIX, era adintelada, sen protagonismo algún. Estaba protexida externamente por un tellado simple, dispoñéndose sobre ela, nunha hornacina practicada no paramento mural, a imaxe dun santo³⁰.

Cabe deducir, do que antecede, que o tímpano que nos ocupa xa non formaba parte da igrexa cando se procedeu á súa demolición no século XIX? Non é imposible que así fose, pero si resulta improbable tendo en conta non tanto o seu emprazamento actual, por máis que este sexa xa por si mesmo un indicio ao seu favor, canto sobre todo as particularidades “físicas” do muro no que se insire. A presenza na súa conformación, reaproveitados, descontextualizados, de materiais datables nos séculos XIII-XIV, coetáneos ou posteriores, en non moito tempo, da data que cabe adxudicarlle á súa execución “inicial”, permite pensar que un e outros teñen a mesma procedencia: a igrexa que, situada uns metros máis ao norte do lugar no que hoxe se encontran, fora derrubada en 1842³¹.

Tal vez non sexa casual que recuperemos o tímpano nun lugar próximo ao que ocupaba o edificio ao que pertenceu, do que formou parte, un lugar no que nos consta que, dende o século XIV, se encontraban dependencias vinculadas a esa institución eclesiástica³². No seu traslado, na

³⁰ Nun artigo asinado, sen máis, por X., titulado “Notas sobre S. Bartolomé, el Viejo, de Pontevedra”, publicado en *El Buen Amigo, Hoja parroquial de San Bartolomé*, Año II, nº 39, 24 de agosto de 1927, sen paxinación, identifícase con San Bartolomeu.

³¹ No muro, de imprecisa cronoloxía, que pecha o soar emprazado na confluencia entre a Rúa Isabel II e a Rúa Alta, non lonxe, pois, do lugar no que se ubicaba a igrexa de San Bartolomeu o Vello, empregáronse, como material construtivo, elementos que, polas súas particularidades formais, poden proceder do complexo templario que neste artigo nos ocupa. Para algún cabe invocar precedentes ou paralelos en pezas que pertenceron ao Coro construído polos epígonos do Mestre Mateo na Catedral de Santiago, obra datable ca. 1211, ano da súa consagración definitiva. Para a análise desta empresa compostelá remítome, en particular, a R. Otero Túñez e R. Yzquierdo Perrín, *El Coro del Maestro Mateo*, Barcelona, 1990.

³² Remítome, a este respecto, ao *Estudio histórico. Antigua rectoral...*, cit. p. 22. Corrobora esa antigüidade a aparición, no transcurso dos traballos que no *Estudio* se reseñan, pp. 29 e 48, dunha porta simple, con dintel sobre mochetas cortadas en nacela, datable tal vez nesa centuria. Por outro lado, neste mesmo *Estudio*, pp. 14 e 38, sen emitir opinión, en todo caso, sobre a súa precisa procedencia, alúdese ao tímpano como un elemento “posiblemente” / “quizais” reaproveitado.

súa conservación, no feito de que se evitase a súa destrución, non é imposible que poidamos documentar, ademais, criterios do que cabería denominar, case *avant la lettre*, “respecto” ou “sensibilidade arqueolóxica”.

O tímpano, valioso por si mesmo, como obra individual, cobra así un protagonismo singular por ser actualmente o máis antigo testemuño de carácter “monumental”, de tempos plenomedievais, conservado no Centro Histórico da Cidade de Pontevedra³³. Esa significación histórico-artística, por un lado, o seu deterioro e o mal estado, en xeral, do muro no que se insire, en perigo inminente de colapso, como se desprende nitidamente da presenza dos piares metálicos que o fixan, por outro, e, finalmente, a previsible e próxima actuación sobre o ámbito do que forma parte, a denominada xenericamente, como xa dixen, Horta do Cura, composta por un moi amplo espazo hoxe baleiro, de horta no pasado, e edificios/construcións necesitados dunha urxente intervención, aconsellan que, coas autorizacións administrativas pertinentes e as medidas de control ou cautela precisas, se proceda, primeiro, a desmontar a obra que nos ocupa, despois a trasladala a un lugar seguro e máis tarde a restaurala. Será entón, unha vez rematada esa necesaria intervención reparadora, cando os propietarios do tímpano terán que decidir o seu destino final. Doulles a ese respecto, como pontevedrés de berce, unha opinión ou, se se prefire, un consello neste artigo, escrito para honrar a memoria dun mestre e amigo, “case” veciño meu/noso, nacido nas terras de Cotobade, D. Antonio Fraguas Fraguas, sabio e bo, vinculado moi estreitamente durante toda a súa vida á cidade “refundada” en tempos de Fernando II: o Museo de Pontevedra, posuidor, como é ben sabido, de pezas excelsas máis ou menos coetáneas da analizada neste artigo³⁴.

X. C. V. P.
Pontevedra, marzo, 2019

³³ Os vestixios mencionados na nota 31, importantes como documento, como testemuños dun tempo pasado, non teñen, non obstante, a entidade “monumental” do tímpano obxecto de estudo e valoración prioritaria neste artigo.

³⁴ Véxase a este respecto, en última instancia, X. C. Valle Pérez, “Entre a Baixa Romanidade e o Renacemento. A Escultura e a Pintura Medieval”, en *75 obras para 75 anos. Exposición conmemorativa da fundación do Museo de Pontevedra*, A Coruña, 2003, pp. 57-70, en particular pp. 61-63.



Foto 1.- Tímpano no seu actual emprazamento. Foto: Miguel Vidal.



Foto 2.- Vista xeral do muro no que se insire actualmente o tímpano. Foto: Miguel Vidal.



Foto 3.- Tímpano, datado en 1206, da Portada occidental da igrexa parroquial de San Fagundo de Cea (San Cristobo de Cea, Ourense).
Foto: Arquivo Fundación Santa María la Real.



Foto 4.- Tímpano da Portada norte do cruceiro da igrexa abacial de Santa María de Oseira (San Cristobo de Cea, Ourense).
Foto: Arquivo Fundación Santa María la Real.



Foto 5.- Tímpano da Portada norte da igrexa do Mosteiro de San Pedro de Vilanova (Dozón, Pontevedra).

Foto: Arquivo Fundación Santa María la Real.



Foto 6.- Detalle do epígrafe ubicado no canto inferior do tímpano.

Foto: Miguel Vidal.

Don Antonio Fraguas Fraguas, notario do seu tempo

ANTÓN VIDAL ANDIÓN

Honramos este ano, no Día das Letras Galegas, a D. Antonio Fraguas Fraguas, paisano de quen isto escribe.

Escoitei falar de Fraguas na miña xuventude, durante o bacharelato no instituto de Pontevedra, naquela vella casa grande, onde Fraguas estudou e coñeceu o galeguismo da man dos seus mestres Losada Diéguez e Castelao, que deixaron nel unha grande pegada e no caso de Castelao unha entrañable amizade.

No mesmo instituto, aló por xaneiro de 1965, Fraguas participou nun curso sobre lingua galega, organizado pola Agrupación Cultural os Novos, á que eu e outros compañeiros pertenciamos. O curso estaba dirixido por Agustín R. Caamaño e ao coidado do meu admirado profesor Millán G.-Pardo. No curso pronunciaron leccións maxistras de Literatura Galega, ademais de Fraguas, os profesores Filgueira Valverde, Millán G.-Pardo, Carballo Calero e Xaime Isla, tamén interviñeron os poetas López-Casanova e García Bodaño. Daquel curso deu cumprida noticia a revista *Grial* no seu número 8, exemplar que conservo con auténtica veneración, así como unha pequena gramática galega, a primeira que tiven, publicada polas Irmandades da Fala.

Á idade de dezaseis anos, poder escoitar a personalidades tan relevantes da cultura galega supuña abrirse a un mundo de compromiso. Podo dicir que xa daquela descubrín cal debía ser un dos meus camiños na vida.

Don Antonio adoitaba pasar parte dos veráns na súa casa de Insuela, ao pé da dos meus parentes, os Cabirtas, onde teño coincidido con el, e gozado do seu falar paseniño e humilde, debullando todas as historias coñecidas da aldea. Alí en Insuela, naceran e estaban a maior parte dos seus coñecementos da Cultura Popular, e esta afirmación non é de parte, senón que o propio Fraguas nolo di na introdución do seu libro, *Aportacións ó cancionero de Cotobade*, “Corresponde indicar, para comprender algunhas manifestacións do Cantigueiro da terra de Cotobade, que estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era

escolante no Instituto de Pontevedra”, inclúe unha relación das persoas que foron os seus informantes: Antonia Pérez Estraviz, mamá Antonia, que o coidou con amor de nai na súa infancia; as súas primas, do lugar da Costa, Tersila e Julita Fraguas; María Rodríguez do Brixel; os seus veciños de Insuela: Digna e seu pai José Rodríguez, o meu primo Amable Cabirta e Antonio Vidal Proenza que o axudou na recollida no lugar da Xesteira e Almofrei; Manuel Malvar “Manuel da Costa” quen compuña as coplas dos desafíos, cinzarradas e de fiadeiros da parroquia. Tamén recolleu cántigas nas veciñas freguesías de Valongo, Aguasantas e Loureiro.

Do dilatado labor de Fraguas nos eidos da arqueoloxía, da xeografía, da antropoloxía cultural, da historia... falan os seus libros cheos de sabedoría así como medio cento de amenos artigos, pero deles tratarán neste libro homenaxe outras persoas con máis autoridade ca min. A min correspóndeme situar a ese Fraguas polifacético en Cotobade. Podemos afirmar que Insuela e Cotobade inspiraron e marcaron a vocación de Fraguas no estudo das disciplinas citadas.

No referente a Cotobade quero lembrar aquí que se coñecen máis de dezaoto traballos e un feixe de artigos periodísticos. Dese brazado de traballos quero escolmar pequenas citas como exemplos de costumes e acontecementos que nos singularizan como comunidade.

Así, no traballo titulado *Desde o antroido á Pascua. Vida e costumes a comezo de século*” (*Homenagem a J. R. dos Santos Junior, Lisboa 1993*), a descrición do entroido comeza coas comidas típicas, destacan dous pratos de comida da zona. A “bincha” (vexiga do porco), palabra rexistrada no dicionario da RAG como “vincha” pero sen a acepción que lle damos nas Terras de Cotobade. Trátase dunha sobremesa característica de toda a bisbarra, feito a base de pan trigo, ovos e azucre, amasado e logo embuchado na vexiga do porco, pódose logo a ferver. O outro prato “petote”, palabra non rexistrada no dicionario da RAG, trátase dun bolo, con forma de ovo, feito con fariña amasada, cocido despois na auga do caldo. Ambos seguen a ter un gran predicamento entre nós, contando con dúas festas gastronómicas.

No ano 1946 publica no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense* un estudo intitulado “El lobo en las Tierras de Cotovad”, no artigo don Antonio pretende levar a cabo un achegamento á dimensión cultural

do lobo como mito na cultura popular de Galicia, tanto na material como na inmaterial. Foi Fraguas dos primeiros en acercarnos ao mito nesas dúas dimensións.

Sendo Cotobade dende sempre terra de gando no monte, a convivencia entre o home e o lobo non ten sido pacífica, todos aqueles que temos vivencias da infancia na aldea sabemos da preocupación das nosas avoas, de protexernos dos perigos de fóra da casa. O lobo era o paradigma de todos os males, reflectido moi ben por Fraguas neste artigo, cando examina os ditos populares sobre o comportamento do lobo, presentándoo como un ser maligno e superior pola súa forza e corpulencia, queda moi ben expresado nos diálogos recollidos no traballo “Menos lobos, comadre” e “Confesión de lobo”.

Tamén nos fala da existencia da Pieira, muller que gardaba e alimentaba aos lobos e para os que pedía esmola polas parroquias. A profesión de Pieira era un castigo que recibía o matrimonio que tivese sete fillas sen ningún fillo no medio, tendo que dar unha filla para desempeñar tal encomenda, refírenos que isto é crenza xeral na comarca e que a última que houbo era de Borela.

Pechando o artigo ofrécenos unha cantiga que se cantaba nas ruadas de Loureiro, musicada por Ramón Castromil, titulada “lobishome”.

Debémolse a D. Antonio ter posto a Cotobade no mundo de Castelao. Se seguimos o artigo publicado por el co título “Castelao en Cotobade” (*RAG*, xaneiro de 1975), sabemos que Castelao veraneou no lugar de Pazos da parroquia de Carballedo, por mor da doenza do seu fillo Alfonsiño, mociño de saúde precaria e que melloraba a súa saúde na montaña.

Daquela estancia queda constancia en diferentes obras de Castelao e nos seus debuxos de *As cruces de pedra na Galiza*, alí están recollidos os cruceiros da parroquia de Loureiro (o da encrucillada do igrexario, o do adro, o de Barreiros), así como os das parroquias de Carballedo, Rebordelo, Valongo e Aguasantas. Pero o máis salientable e emotivo daquela estancia e que impresionou a Castelao foi a historia de Florentina, a moza que morreu de amor na parroquia de Loureiro a mediados do século XIX, da que queda constancia nunha lápida ao pé da porta de entrada da igrexa de Loureiro, na que se pode ler o seguinte epitafio:

DE LA PRENDA TAN QUERIDA
YACEN AQUÍ LOS DESPOJOS
Y NO SE CONTIENEN LOS OJOS
DE LLORAR A FLORENTINA
GARCÍA, JOVEN DESCONSOLADA
QUE A LOS 23 AÑOS DE EDAD
PASÓ A LA ETERNIDAD.
DICIEMBRE DÍA PRIMERO
DE VIDA FUE EL POSTRERO
PARA ESTA JOYA MALOGRADA
1857

Castelao universalizou a Florentina dedicándolle o libro segundo de *Cousas da Vida*: “A Florentina, rapaza que morreu de amor na feligrésía de Loureiro o ano 1857”.

Para rematar estas citas, quero mencionar tres dos seus artigos máis cheos de amor ao seu lugar de nacemento, “Geografía de un lugar” (*Miscelania de Geografía de Galicia en homenaxe a Otero Pedrayo. Santiago 1978*), “Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia” (*Humanitas: estudos en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real, Santiago 1996*) ou “o lugar e a casa onde nacín” (*Grial*, 144, Vigo, 1999), auténticas leccións de amor aos lugares máis íntimos do autor, así como a descrición curruncho por curruncho da súa casa, do lugar de Insuela e da parroquia de Santiago de Loureiro, os seus berces. Títulos estes que nos serven de modelo, para interpretar o xeito de vida dos nosos antepasados.

Ben sabía D. Antonio que o amor á Terra é un sentimento. A nación non é un resultado da vontade política dos cidadáns, senón como expresión da influencia do medio natural e da tradición, isto é, da Terra e dos Mortos (Barrés).

Este sentimento refléxao no seu libro *La Galicia Insólita* no primeiro dos seus capítulos “Sentimiento de la Tierra”, onde despois de citar a Cabanillas, Castelao e Vicente Risco, remata con esta sentenza: “Así es el sentimiento de la Tierra, fácil de comprender, difícil de interpretar e imposible de medir”.

Quixen nestas citas resaltar o que supoñen para todos nós as obras de Fraguas. Non se pode entender a Fraguas e a súa obra sen coñecer Cotobade e a súa parroquia de Loureiro, e nestes tempos actuais a Cotobade sen a obra de Fraguas. El foi un notario do seu tempo, deu fe de canto viu e canto recibiu dos seus achegados. Sirvan pois, estas palabras, como homenaxe a ese grande home que foi o noso veciño e imitándoo na súa humildade, sirva, tamén, para honrar a todos os nosos devanceiros.

A. V. A.
Martin-Cotobade



Por unha xeografía dos espantallos. Contra o abandono e a desmemorización

MANUEL VILAR

Espantallos para mostrar, fotografar e dar importancia

Sen dúbida entre os temas atraentes para ser fotografado polos que se dedican á fotografía está o espantallo. O que viña sendo nunha sociedade rural un obxecto feito con materiais detestables e esteticamente carente de valor é agora elemento a considerar esteticamente ou, cando menos, hai unha mirada estética sobre eles.

Este é o caso, por exemplo, do fotógrafo Manuel Sendón, e tamén o de Hixinio Flores e, seguro, hai outros, mais non é a nosa intención facer un exhaustivo listado de fotógrafos que atenden a este tema. Pero podemos entender o traballo destes artistas tamén como un recurso etnográfico pois fotografar, neste caso espantallos é, como dixo Susan Sontag (2015: 36), conferir importancia.

Así, sen pretender ser exhaustivos, nin intentar realizar o mapa completo dos espantallos, que está por facer (Nogueira, 2015), imos mencionar algúns exemplos desa nova presenza do espantallo na paisaxe. Presentamos, entón, uns apuntamentos para ese mapa indicando algúns lugares onde temos constancia da presenza, actual ou habida hai pouco tempo, de espantallos. O mapa podía ser universal, pois a súa presenza tamén nos consta está noutras latitudes, dende o Reino Unido aos Estados Unidos de América e dando unha volta por Portugal. En todos estes lugares tamén se fan festivais, concursos, cursos para aprender a facer espantallos ou se usan con outros propósitos. Poñemos un exemplo de Portugal. Aquí unha iniciativa ecoloxista para que os cazadores non lles disparasen ás aves na lagoa de Melides, en Grândola, levou a colocar os espantallos como “espantadores”, pero non das aves, senón dos que lles ían disparar. Entón, podemos dicir que o espantallo é un tema transnacional, non no sentido capitalista de deslocalización, senón entendendo que hai intereses comúns que traspasan as fronteiras das culturas locais. Están, sen pretendelo, a desmontar unha das premisas clásicas que definían a chamada arte popular, a renuncia a un pretendido universalismo, que si sería unha das características definitorias da arte “cultura” (González Reboledo, 1990: 492).

Podemos comezar o noso percorrido pola xeografía galega na parroquia de San Lourenzo de Escuadra (A Lama). Aquí os veciños organizan a *Festa da Ruta do Río Barbeira*, tamén chamada da Liberdade¹, para dar a coñecer a parroquia. Na edición de 2018 invitaban igualmente a ver os 45 espantallos colocados ao longo da ruta e realizados por medio dun concurso.

Este é un exemplo, pero hai máis espantallos espallados por Galicia adiante. Podemos seguir con algúns outros exemplos. Así, na parroquia de San Pedro de Vilanova (Vedra) realizan unha *concentración de espantallos*, que fan coincidir coa festa parroquial do Santiaguíño; en Pontearreas anúnciase a *Festa do Espantallo*; na parroquia de San Salvador de Lumearas, na Teixeira, realizan o *mes do espantallo*, que celebran no mes de agosto, cando os que tiveron que saír fóra para traballar regresan para pasar as vacacións no lugar de orixe e danlle temporalmente algo máis de vitalidade social ao lugar. Participando nos novos rituais seguirán sendo membros plenos da comunidade, aínda que só pasen uns poucos días nela. Participando é o xeito de renovar simbolicamente esa pertenza.

En Mos a asociación *Festa da Prehistoria* organiza un concurso de espantallos. Na edición de 2017 ían ser colocados, despois da celebración da festa *Arde o Pazo 1809*², ao longo do tramo do Camiño Portugués a Santiago ao seu paso por este Concello³. Esta colocación está en relación a unha reivindicación do colectivo organizador ao solicitar ao Concello a súa inclusión na “Mesa do Camiño do Concello de Mos”, creada para mellorar e potenciar esta vía de peregrinación a Compostela no tramo mosense.

Tamén en relación co Camiño ou camiños de peregrinación a Compostela está a iniciativa *Os espantallos ao vento do Camiño*. A idea partiu dos promotores da reivindicación e recoñecemento do Camiño de Inverno como un dos camiños de peregrinación a Santiago. Para dar máis visibilidade a esta reivindicación invitaron a diferentes artistas de Galicia e Portugal a

¹ Recibe este nome pola colaboración que nela fan presos do cárcere da Lama.

² A festa *Arde o Pazo* é unha festa histórica que recrea a queima do pazo polas tropas francesas en 1809.

³ En <https://www.farodevigo.es/comarcas/2017/03/26/arde-o-pazo-llenara-espantapajaros/1648541.html>

realizar unha mostra que percorreu varios lugares e na que o espantallo era o elemento estético que actuaba como reclamo.

En Sela (Arbo) celebran un *serán* cun concurso de espantалlos. Colexios e bibliotecas municipais, como a de Verín, realizan actividades onde o espantallo é, cando menos, o que os convoca.

Mais o espantallo ten vida máis alá da súa propia materialidade física e podemos atopalo nos libros. Sabida é a presenza do espantallo como tema no campo literario. De sobras é ben coñecido o *Espantallo amigo*, de Xosé Neira Vilas, unha obra que podemos denominar xa coma un clásico da nosa literatura, que foi levada tamén aos escenarios e á pantalla, neste caso como documental.

Mais podemos seguir nomeando outros títulos, sempre coa presenza da palabra espantallo: *O espantallo* de Xosé Agrelo Hermo⁴; *Espantallo*, un conto de Xosé Fernández Ferreiro, onde o espantallo é o fillo dun labrego deslocalizado nunha gran cidade na que dirixe o tráfico rodado (Ferreiro, 1973); *Voces na lagoa do espantallo* de Xan López Domínguez; *O espantallo* de Carlos Labraña. Noutros casos, o espantallo aparece no título, mais despois a relación entre o que este pode significar e o tema tratado non ten moita relación. Por citar un caso, atopámolo nun conto baixo este título de Rodríguez Elías (1923).

Non entramos aquí a ver exemplos fóra do campo literario galego, que tamén os hai e son utilizados como metáforas diversas, ou as traducións dalgúns destes textos ao galego, caso de *A filla do espantallo* de María Gripe. Un exemplo disto pode ser o do poeta brasileiro Manuel Bandeira nun poema de denuncia do traballo infantil, onde os rapaces que levan leña ás casas da cidade e cando regresa andan “como espantalhos desamparados” (Bandeira, 1996: 192).

Sen entrar no campo da arte, pero fóra do campo creativo, atopamos un *Manifiesto das espantалlos* en relación, crítica, cunha campaña que reclama máis mulleres nas letras galegas. Tráense ao texto imaxes do mundo rural para

⁴ Con esta obra, Agrelo Hermo gañou o primeiro premio no IV Concurso de Contos Infantís “O Facho”. O texto viu a luz nas páxinas dominicais do xornal *La Voz de Galicia*, tivo unha edición en Galaxia, baixo o título *Espanta-paxaros* (1971) e outra máis recente (2011), onde o título é xa *O Espantallo*. Ambas edicións están ilustradas.

usar como metáfora e símil dun tema, por desgraza de actualidade, como é o referente á presenza, sempre escasa, das mulleres no campo literario. Saliento aquí algunhas frases só co ánimo de relacionar o texto co tema que nós tratamos.

Estes días estamos asistindo a un curioso proceso que por desgraza é tan repetitivo como o paxaro que come o millo cando se sementa [...] non podemos evitar erguernos coma as espantallos que indican co seu dedo de pau [...] sentimos a obriga da espantallo de sermos incómodas, de lembrar quen plantou, quen sementou, quen sachou, quen estrumou⁵.

Seguro que nos quedaron outros moitos espantallos no camiño, pero o noso obxectivo era mostrar que hai unha presenza renovada deste tema e, dende o campo da etnografía, intentar indagar no porqué da presenza desta representación cultural, e cando falamos de cultura, parafraseando a Lourdes Méndez, diremos que falamos de cousas que as galegas e galegos fixeron para sobrevivir. Pero ese “sobrevivir” ten agora outras miras que van máis alá dos campos sementados e da defensa das colleitas. Agora preocupa a supervivencia do propio mundo rural en conxunto e todo o que ese mundo ten significado.

Polo visto ata aquí podemos facer unha primeira aseveración: a función orixinaria do espantallo de asustar, tornar e espantar xa non é a principal. Agora parece que tamén está para atraer, para convocar.

Etnografía do espantallo

Entre os papeis que garda o Arquivo Fraguas, no Museo do Pobo Galego (MPG), atopamos un par de follas baixo o título de “Defensa das sementeiras”. Son notas para unha etnografía da terra de Cotobade que elaborou seguindo o aprendido nas xeiras do Seminario de Estudos Galegos, mais que non chegou a completar dun modo íntegro. Dinos neste texto que despois da sementeira “os grans espertan axiña a cobiza dos paxaros: millo, centeo, trigo, coles... a todos lle fan as visitas os paxaros, dende os corvos deica os gorrións, todos buscan nas terras sementadas, os grans pra alimentarse”⁶. Como consecuencia hai que espantar as aves para que non acaben co sementado e a ferramenta usada para iso é o espantallo.

⁵ En <http://www.asega-critica.net/2017/06/o-manifesto-das-espantallos.html>

⁶ MPG. Fondo AFF, arquivador 104.

A loita contra os inimigos das colleitas e contra as pragas é tan vella como a propia existencia da agricultura, e tan universal como tan universalmente estendido está o traballo agrícola. Vellos son os rituais contra as pragas, chegando a extremos que hoxe nos poderían sorprenden, como o de presentar preitos contra animais ou decretos de excomuñón. Aquí entre nós, nalgunhas parroquias e en determinadas datas, como na candeloria, o párroco facía a bendición dos campos dende o cruceiro parroquial, para que os froitos dos veciños medrasen ben e tivesen boas colleitas.

Hoxe, o noso trato cos animais é distinto, pero sempre hai excepcións, como hai xente que pensa que a súa existencia é un estorbo para a vida dos humanos, hai outros que pensan que todo o que está na natureza foi posto por Deus, ten razón de ser e hai que tratalo ben. Esta mentalidade, dominante historicamente dado o peso da igrexa católica na nosa sociedade, levou a unha solución de compromiso: hai que espantar os animais, pero facéndoo sen maltratalos, como invitándoos polas boas para que se vaian e non fagan dano. No citado conto de Agrelo Hermo o espantallo está moi orgulloso da súa amizade cos paxariños.

En Inglaterra dise que os espantallos aparecen a mediados do século XIV e como consecuencia da peste negra que chegou aos portos en 1348 e estendeuse rápido cara ao interior da illa, baleirando os lugares e as vilas de xente. Calcúlase que a poboación de Inglaterra descendeu en máis dun millón de persoas, a baixa máis grande na súa historia, polo que o impacto económico foi tremendo, ademais de acelerar seguramente o colapso do feudalismo e dobrar a fe na Igrexa (Jenkins, 2018: 75). Abundando a xente eran os rapaces os encargados de escorrentar ás aves, pero a peste levou tamén os rapaces e os donos das sementeiras tiveron que substituílos por figuras que semellasen persoas, figuras desfiguradas e estáticas: os espantallos. En Galicia tamén se daba o costume de que os rapaces fosen tornar os paxaros das leiras sementadas ou das árbores froiteiras, como as cerdeiras.

Na actualidade non é a etnografía da chamada cultura material un tema que abunde nos estudos referentes á nosa sociedade, ben sexan os de antropoloxía ou ben sexan os do campo da historia agraria. Mais sabemos que os obxectos son unha parte importante da cultura, que máis alá dunha peza hai todo un mundo de coñecementos, de actividades, que traen relacións sociais e culturais, que permiten a sociabilidade. Cada obxecto etnográfico é

un compendio de símbolos accesibles a todos os que comparten ese contexto cultural. Entón, non deberíamos falar xa de “obxectos” ou de “cultura material” e si de “bens culturais”, porque entendemos teñen un valor que vai máis alá do obxecto ao estar relacionado cunha colectividade, o que lle confire un valor de testemuño histórico con significado cultural. De aí a importancia dos estudos chamados de cultura material para coñecer a historia da adaptación ao medio, pero agora tamén para recolocar eses obxectos que perderon xa a súa función orixinaria nun novo contexto. A desvalorización destes estudos débese ao predomino das tendencias máis centradas na estrutura social e como crítica aos esquemas evolucionistas por parte dos antropólogos funcionalistas.

Por “cultura material” podemos entender o conxunto de obxectos, utensilios, ferramentas e artefactos producidos por unha sociedade e resultado dos seus sistemas tecnolóxicos (Méndez, 1995: 282). Os estudos sobre os aparellos que usamos tamén nos din como somos, falan de nós, polo que estes estudos contribúen a un maior coñecemento da sociedade. O espantallo é unha mostra desta cultura material que ten, como todo material, unha lectura que vai máis alá da descrición da peza, unha lectura do inmaterial.

Seguindo a Araceli Liste (1995) podemos facer unha división rápida e esquemática dos apeiros de labranza. Falamos entón de apeiros para a preparación da terra, de ferramentas de corte, de apeiros con dentes e de útiles para a defensa das sementeiras, colleitas e froitos. Neste último apartado entran os espantallos. Moitos destes apeiros tradicionais desapareceron, non así a súa función, que é feita por utensilios de maior complexidade técnica, pero sobreviven e conviven trebellos manuais con aparatos de complexidade técnica. Así vemos xente que anda co sacho ao lombo, mentres outros van nun tractor que non cabe polos camiños e leva detrás un arado que fai varios regos a un tempo; séguese utilizando a fouciña (coñecín labregas que non saían da casa sen a súa fouciña na man, unha ferramenta e arma que vale para todo) ao lado das grandes máquinas que segan, limpan e empaquetan a herba ou o cereal ao mesmo tempo etc.

Araceli Liste (1995: 144) fai unha división entre espantallos de carácter estático, que basean a súa operatividade no impacto producido polo seu aspecto visual, e mecanismos dinámicos e sonoros, cuxa efectividade vén dada pola súa mobilidade ou sonoridade. Os espantallos propiamente ditos serían aqueles que teñen a forma dun boneco antropomorfo.

Facendo uso da terminoloxía de George Stocking (2001) para clarificar a historia da disciplina antropolóxica, podemos dicir que, imbuído por unha filosofía da construción da nación, Xaquín Lorenzo Fernández fixo unha sistematización da nosa cultura material, especialmente das ferramentas agrarias. Era, como Antonio Fraguas, outra persoa do *Seminario de Estudos Galegos*, a institución que naceu para modernizar a investigación, pero acabou destruída pola barbarie. Xaquín Lorenzo percorreu Galicia na década de 1950 recollendo información, acompañado ás veces por Vicente Risco, para o seu estudo sobre a cultura material, que ocuparía todo un volume da *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo e publicada en Bos Aires no ano 1962. Este traballo valeu para darlle voz aos que sempre entraron na Historia pola porta de atrás, a aqueles que ninguén tiña en conta á hora de escribir a Historia. Pero como pasa moitas veces, un traballo pioneiro non tivo continuidade ou tívoo repetindo ata a saciedade os seus esquemas en múltiples pequenos museos e coleccións etnográficas que abundan por Galicia e onde falta a investigación sistemática e sobra a copia mimética. O traballo de Xaquín Lorenzo foi feito, hai que dicilo, cando no agro, e no país, non había moitas saídas laborais e os lugares estaban cheos de xente. Eran os tempos da autarquía franquista, os anos escuros e o traballo agrícola era a única maneira de subsistir.

Nesta obra, Xaquín Lorenzo (1979: 211-213) fala dos espantallos ao describir o cultivo do centeo. Chámalles *espantapaxaros*. Dinos que o centeo comeza a espigar por abril-marzo, entón pónense os espantallos que son semellantes aos empregados no millo, mais cando describe o cultivo do millo non fala deles. No centeo, como os grans son máis miúdos, os inimigos son máis, xa que van a el os paxaros pequenos, especialmente os pardais.

A variedade de espantallos pode ser moi ampla, mais o etnógrafo fai unha clasificación moi simple: hainos moi sinxelos e hainos máis complicados. Tamén os clasifica en espantallos de carácter estático e espantallos de carácter dinámico, incluíndo nesta última categoría os que fan ruído, entre eles os que “poideramos chamar mecánicos, algúns moi inxeniosos” (Lorenzo, 1979: 213).

Un dos máis correntes, di Xocas, consiste nunha vara espetada na terra e cun farrapo branco na punta; para que o vento mova mellor o trapo,

a vara non se pon en posición vertical, senón inclinada. O trapo substitúese ás veces por unha presa de follas de espigas de millo, *cosco*, atado cun *malló* ou cun anaco de espello. E continúa, “a eficacia aumenta pondo unha cordiña tendida entre dúas varas e varios farrapos ou mangados de *cosco* dependurados ó longo dela”. (Lorenzo 1979: 212). Este sistema, segundo lemos nos papeis de Fraguas, era moi usado e descríbese da seguinte maneira: “consiste en colocar na punta dun varal clavado no chan unha bolsa ou un trapo de color, con algún colgarexo que o sacuda un vento inda que soio sexa unha brisa fina. Hai que poñer varios na leira sementada”.

Outro sistema que tamén describe Fraguas consiste en colocar “un papel ou farrapos atados nun cordel a pouca separación, unha especie de cadea pra indicar paso cortado, colocado mui cerca da terra, coa forza do aire móvese, e os paxaros non fan dano na sementeira”.

Os espantallos dinámicos, os que Xaquín Lorenzo denominaba mecánicos, eran, na opinión do etnógrafo de Lobeira, os que para el daban mellor resultado. O máis simple, escribe, consiste nunha hélice de folla de lata posta no cume dun pau, diferenciando entre as que xiran e as que non. Os máis complicados son os que asustan ás aves polo ruído que arman. Fraguas tamén concorda coa maior eficacia dos espantallos dinámicos: “o millor medio de tornalos paxariños é a veleta con un muíño de vento”, mais non todos logran construílo, pois “require certo arte pra facelo”.

Aínda que agora non os temos visto, tamén había espantallos que tiñan colgado un paxaro morto como ameaza para os demais. Nos apuntamentos citados de don Antonio Fraguas atopamos unha referencia ao que se usaba para espantar aos corvos: “un de trapo colocado como si estivera morto nun pau bastante alto pra que o vexen ben os corvos vivos, porque nos aseguraban que os corvos si lle matan un compañeiro nun lugar non volven ó agro”.

O aumento da eficacia do que falaba Xaquín Lorenzo ten na actualidade novos materiais para utilizar. Agora poden poñerse botellas de plástico, tiras deste material colocadas nun cordel, latas, cds, e calquera cousa que se atope á man, froito do consumo actual, pois “o labrego galego sempre reciclou todo” (Sendón, 2015: 5). A denominación de “feísmo” pode non ser moi adecuada.

A Fraguas xa lle chamaba a atención o uso de elementos como espellos “colgados de un fío que move raios de sol como lóstregos que ó parecer tamén escorrentan os paxariños, principalmente”. Este sistema era para el “un dos medios máis novos que vimos”. Outra novidade para el era o uso de botellas espetadas nun varal.

Hoxe tamén é normal atopar radios acendidos, casetes, e uns aparellos que fan un ruído que semella o disparo dunha arma de fogo, estes utilizados, máis ben, para espantar os porcos bravos. Non todos estes novos aparellos son denominados espantallos e temos atopado que se refiren a eles como “un aparato que fai ruído”, incluso os que se colocan nas cerdeiras para espantar os paxaros e non coman estas apetitosas froitas.

Pero o espantallo por excelencia, o que realmente identificamos como espantallo, é o que ten forma de boneco, o que ten forma antropomorfa. Está formado por dous paus, un enchido de palla revestido con roupas vellas de cores contrastadas e rematado nun sombreiro. Fraguas di que eran

feitos con palla centea con un traxe, esfarrapado, de home ou de muller, ponse cos brazos abertos e con remendos pingando dos brazos pra que se movan co vento pois si están quedos os paxaros afanse ó espantallo e xa non serve pra tornalos da sementeira. Inda se lle pon unhas latiñas pra que ruxan co vento.

Agora úsanse outros materiais e roupas non tan vellas. No catálogo do fotógrafo Manuel Sendón (2015) vémoslos vestidos con chalecos amarelos, con fundas brancas das usadas na limpeza do chapapote cando o desastre do petroleiro *Prestige*, con fundas azuis de traballo, con chufasqueiros etc. Pódese dicir que o material usado depende do que se teña a man e da creatividade de quen precisa colocar o espantallo.

Unha muller dille ao filósofo Emilio Araújo (2015: 101) que “o espantallo ten un vestido ben bon eí, eu nunca o terei eisé, pero como á filla dela non lle serve, agora iso para min non vale porque é moi claro, eu cousas brancas e encarnadas agora para min non pegan”. A muller anda de loito e fixo un espantallo “para que non veñan comer as verzas os paxaros”, pero “cómpre roupa de cor e eu non a teño”.

Xaquín Lorenzo fala do clásico *monigote* feito con roupas vellas e cheo de palla, armado con dous paus cruzados, pero engade que a súa eficacia é moi relativa, pois os paxaros afanse á súa inmovilidade e rematan por non facerlle caso.

Unha boa definición de como ten que ser un espantallo faina Xosé Agrelo (2011), quen non era precisamente etnógrafo:

Dous paus cravados,/un feixe de palla,/unha chaqueta da cor do vento/e un sombreiro cheo de buratos://ESE SÓN EU.//Os paus son de carballo,/a palla é de centeo, a chaqueta de pana e/o sombreiro de castor americano./Ninguén pode dicir que non teño señoría.

Na actualidade teríamos problemas para facer un espantallo ao xeito “tradicional”, entre outras cousas porque a palla, de centeo ou de trigo, escasea, pois o que se cultiva vai preferentemente para forraxe do gando en verde e non chega a secar. O recheo hai que facelo co que se poida ou vai sen recheo. Tampouco o sombreiro semella ser xa un elemento clave, ao igual que os símbolos fálicos. Agora, como antes, bótase man do primeiro que se atopa e o primeiro que se atopa son útiles que xa non usamos, como obxectos feitos de plástico ou lixo que quedou dalgunha actividade.

Fraguas fala de que hai que colocar os espantallos tamén “nas leiras onde se sementan as coles e nas centeeiras e trigais cando se fai a sementeira e cando madura o froito”. Outros sistemas de defensa son as redes, que Fraguas di que son “feitas de sacos vellos”. Estas redes colócanse sobre uns chantos onde se plantaron nabos ou col e posibilitan que “poidan pasar os paxariños a eliminar os vermes que atacan a verdura, agora son os mellores axudantes do labrador”.

Na agricultura que se fai na actualidade o espantallo pode ter outras funcións distintas á de tornar os paxaros das terras sementadas. Agora hai que tapar os plásticos que cobren os silos nas granxas gandeiras. Así llo contan a Emilio Araújo (2015: 135): “pra que as pegas non piquen os silos, para os paxaros, trincan os silos, fan un burato e despois seca e apodrece todo”. Ou podemos atopalos noutros contextos. Tamén temos visto espantallos dentro de galiñeiros, son espantallos contra as aves rapaces ou como temos escoitado, “pro paxaro”.

Un espantallo é algo que, se non está facendo a súa función, estorba: “sae do medio espantallo!”. En certos momentos do ano construíanse uns monecos de palla ou herba seca e revestíanse con roupas vellas para teren un aspecto ridículo. Estes personaxes, aos que se lles carga de pecados e dos males da comunidade, serán maltratados e rematan queimados para purificar a vida colectiva. Víctimas propiciatorias, son sacrificados para que a vida siga o seu curso. Son os mecos que se queiman no Entroido ou os Xudas da Semana Santa que se queimaban, por exemplo, o Domingo de Resurrección no santuario das Ermidas do Bolo, a Estoupa do Xudas, e que se seguen facendo nalgunhas localidades portuguesas. Esta queima significa tamén unha imposición humana sobre a natureza. Fraguas fala destas queimas nun artigo sobre o lume (Fraguas, 1953) e no que trata sobre unha farsa, coñecida polo nome de “Dulcinea”, que se representaba na parroquia de Santa María Madanela de Monte Meda (Lugo), pero tamén di que se representa noutros lugares da provincia de Lugo.

Pero o espantallo tamén é un crucificado, un signo visual da dureza do traballo agrícola, da soidade labrega, do abandono. No catálogo de Manuel Sendón vemos algúns en proceso de descomposición, algo que nos fala do abandono. Unha metáfora da cultura labrega.

Esta presenza física do espantallo ten tamén o seu reflexo noutros campos, como no da literatura popular. Antonio Fraguas recolleu un conto no seu Cotobade natal que logo publica Fermín Bouza-Brey (1936):

Na parroquia de Crecente, foi de noite un mozo ao muíño e, cando se dispuña a voltar pra a casa sacudindo a foula da fariña, presentóuselle de diante ao abrir a porta un espantallo que era o demo e díxolle: Se me dis as palabras de San Goan agora mesmo aquí retorneadas ou desaparezo eu ou desapareces ti.

Espantallo: etnografía contra a desvitalización

Os espantallos seguen aí chantados nas hortas e nas leiras. O progreso industrial e a mecanización do agro non os arrombou, non os mandou ao faiado da memoria. O cambio foi unha constante na historia humana, o que varía é a velocidade con que se produce agora e a maior intensidade dos seus efectos. Noutro manuscrito do Arquivo Fraguas atopamos unha referencia ao cambio: “é un fenómeno que está presente en todas as terras e non quedan

fóra as aldeas calquera que sexa a súa situación xeográfica”. Noutro artigo (Fraguas, 1960) di que a mecánica ten transformado os aparellos de labranza ata o punto de que estamos ante o comezo dunha nova etapa. O cambio era visible e para axudar a que fose menos traumático, para que o cambio fose sucesión, aí estaba o etnógrafo observando e documentando como era o traballo e a vida de quen facía ese, moitas veces, duro traballo, pois, como di o antropólogo aragonés Gaspar Mairal (2010: 65), a etnografía pode ser unha poderosa ferramenta para rexistrar minuciosamente a complexidade do “pasar” á vez que unha mirada aberta cara aos múltiples sentidos do “fluir”.

Pode chamar a atención a presenza actual dos espantallos habendo outros mecanismos que podemos cualificar como máis efectivos. Choca esta presenza nun país no que a agricultura xa non é un sector importante, e cada vez ten menos peso na nosa economía e no noso mundo simbólico. Xa non somos un país de labregos, pero seguimos facendo uso de metáforas e símbolos procedentes dese mundo en transformación galopante.

O espantallo, un elemento efémero, materialmente algo insignificante, pero que ten graza pola súa simplicidade e mestura de obxectos e cores, por iso actúa como reclamo e ten interese dende os diversos puntos, dende a creación literaria ás artes visuais, chamando especialmente a atención dos fotógrafos. Esta atención artística sobre material etnográfico non é unha apropiación, non só está a reclamar a importancia dos bens etnográficos como material estético, senón que están a reafirmar a súa presenza como soporte de memorias, que non é algo só bo para mirar, senón tamén bo para pensar. Podemos engadir aquí que o espantallo segue tendo utilidade, tamén estética, polo que o obxecto de arte tamén ten un valor de uso. O espantallo está desbotando ou desmontando unha das premisas clásicas que sostén que para ter unha experiencia estética hai que desbotar o uso da obra de arte.

Polo percorrido feito ata aquí vimos a utilidade dos elementos etnográficos e ao espantallo chantado na paisaxe. A paisaxe é unha construción histórica cargada de memoria. A etnografía é actualidade, estudo do presente, polo que debe ser útil, servir no presente, axudar a ler a paisaxe nun momento no que a tinta coa que se escribiron algunhas das súas páxinas se está borrando. A etnografía é aquí usada como unha técnica paleográfica útil para sermos capaces de ler a memoria que a paisaxe garda e que ese coñecemento non se perda por falta de uso.

É importante entender que o territorio é o espazo da identidade, que esa identidade vén xerada pola historia e a cultura común que dan lugar a sentidos de identificación, pertenza e diferenza. Aquí, como na filosofía de Bergson, a *durée* é un concepto básico e no que se sostén o cambio que posibilite a continuidade e a renovación. Pero hoxe, nunha xeografía que se reduce e nun tempo que se amplía e fai máis rápido, son os ámbitos espaciais que están máis aló do local, como o urbano, o estatal ou o global, os que teñen máis peso na construción da paisaxe de referencia e da cosmovisión que a sustenta. A mirada dos fotógrafos sobre os espantillos podería ser entendida como unha “apropiación” da arte dos “outros”, algo que vén sucedendo dende as primeiras vangardas, e seguirá sucedendo porque o descoñecemento xera cada vez máis “outros” ao tempo que facilita o acceso a eles. Mais no noso caso entendemos que se senten como parte desa realidade e que os obxectivos van máis alá dunha presumible innovación no estético. Hai un interese que se debe valorar como unha chamada de atención, pero tamén estes traballos fotográficos valen para subministrar información, construír coñecemento e elaborar relatos culturais sobre a sociedade dun xeito “ilustrativo” (Sierra Rodríguez, 2015: 23).

Sabemos que a mundialización da economía ten xerado novas relacións co territorio, cambiando a visión sobre o espazo local, xerando unha desterritorialización que trae consecuencias sociais e que podemos cualificar como graves, entre elas o abandono dunha parte das terras historicamente cultivadas e das vinculadas ao sistema agrario tradicional, o cambio no parcelario e viario, que levan consigo alteracións nun ecosistema que se caracterizou por unha forte intervención humana. Esas alteracións afectan á forma de habitar, teñen alterado a imaxe visual da paisaxe, borrado elementos que eran referentes visuais que actuaban como marcadores dun coñecemento local que foi xerado ao longo dunha relación histórica co medio. Mais eses elementos, esa imaxe visual, servían, serven, para articular unha memoria social ou colectiva, axudan á xente a ter referentes na vida cotiá. A memoria ten soportes no territorio nos que apoiarse, ten que ver coa relación que se ten con el.

A mundialización da economía acelerou a existente confrontación entre o local e o global, dando máis velocidade e agudizando a delimitación do propio fronte ao global e á xénese de novas identidades que, sen esa

referencia ao local, xorden aparentemente desterritorializadas e ahistóricas (Bueno e Aguilar, 2003: 8). Neste contexto situamos a nova vida dos espantallos. Son colocados para reclamar que a paisaxe non é algo abstracto e neutral, senón algo no que se sostén a memoria local, un lugar onde están as reservas comúns das que se toman os recordos cos que se cocíña a memoria coa que nos alimentamos no día a día, recordos sostidos e transmitidos pola familia, pola comunidade e pola cultura á que pertencemos (Fentress e Wickham, 2003: 12).

Mais tamén podemos entender esa colocación como un intento de reconstrución do pasado pola xente que non tivo unha experiencia directa, ou tivo unha experiencia cativa, con eses elementos cando a súa imaxe era preferentemente funcional. Recordan polos recordos doutros a vitalidade que a comunidade tivo e que agora non ten debido a esa nova territorialidade, froito dunhas relacións que minguan o local ata ensumilo. Esta reconstrución é posible porque os habitantes dese lugar son capaces de ler eses rexistros, de entender os seus significados e darlles outros novos, capacidade que aprenderon, como todas as outras capacidades humanas como “produto da experiencia colectiva que os transcende” (Geertz, 1994: 133). O espantallo ten agora un novo uso ou sufriu unha transformación na súa valorización.

Os espantallos volven porque os desa localidade, aínda que xa non vivan nela permanentemente, queren reforzar a intensidade co territorio que sustenta unha parte da súa memoria colectiva, non queren ser un espazo baleiro provocado pola desigualdade do ensanchamento mundial, en definitiva, queren que o seu lugar volva ser lugar, é dicir, lugar de identidade, relacional e histórico para dicilo en expresión de Marc Augé (1993: 85). Non busquemos xa no rural “‘sencillos aldeanos’ con reverencial temor ante sus ancestrales ritos” (Díaz G. Viana, 2003: 20).

M. V.

Bibliografía

- Agrelo Hermo, X. (2011 [1971]): *O espantallo*. Noia: Toxosoutos.
Araújo, E. (2015): *A roupa gastabámola escura*. Noia: Toxosoutos.
Augé, M. (1993): *Los “no lugares” Espacios del anonimato*. Barcelona: Gedisa editorial.

- Bandeira, M. (1996): *Poesía completa e prosa*. Rio de Janeiro: Nova Aguilar.
- Bouza-Brey (1936): “Un conto oriental na Galiza. As versións galegas das palabras retornadas”, *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, VIII.
- Bueno, Carmen e Aguilar, E. (coords., 2003): *Las expresiones locales de la globalización: México y España*. Ciudad de México: Universidad Americana.
- Díaz G. Viana, L. (2003): *El regreso de los lobos. La respuesta de las culturas populares a la era de la globalización*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Fentres, J. e Wickham, C. (2003): *Memoria social*. Madrid: Ediciones Cátedra.
- Fernández Ferreiro, X. (1973): “O Espantallo”. *Grial*, 39, pp. 69-73.
- Fraguas, A. (1953): “Notas sobre el fuego en Galicia: la farsa Dulcinea o la quema de la Pascua”, *Zephyrus*, IV, pp. 401-415.
- _____ (1960): “Notas en torno al maíz”, en *Actas do Colóquio de Estudos Etnográficos “Dr. José Leite de Vasconcelos”*, vol. 3, pp. 151-158.
- Geertz, C. (1994): *Conocimiento local*. Barcelona: Paidós.
- González Reboredo, X. M. (1990): “Arte popular”, en AA. VV., *A arte galega, estado da cuestión*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 489-495.
- Jenkins, S. (2018): *A Short History of England*. Londres: Profile Books.
- Liste Fernández, A. (1997): “Instrumental agrario”, *Galicia. Antropoloxía. Tecnoloxía agraria. Oficios*. A Coruña: Hércules de Ediciones, tomo XXIV, pp. 96-175.
- Lorenzo Fernández, X. (1979 [1962]): “Etnografía. Cultura material”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galiza*. Madrid: Akal Editor, vol. II.
- Mairal Buil, G. (2010.): *Tiempos de la cultura. (Ensayos de antropología histórica)*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.
- Méndez, L. (1995): *Antropología de la producción artística*. Madrid: editorial Síntesis.
- Nogueira, M^a. X. (2015): “Espantillos”, *El Progreso*, 11/04/2015.
- Sierra Rodríguez, X. C. (2015): “A fotografía: arte, documento e texto etnográfico. Apuntamentos e reflexións”, en *Catálogo Outono Fotográfico*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, pp. 11-32.

- Sontang, S. (2015): *Sobre la fotografía*. Barcelona: Penguin Random House.
- Stocking, G. W. (2001): *Delimiting Anthropology*. Madison: The University of Wisconsin Press.
- Vidal Durán, D.(2009): “Os espantallos na ruta do río Barbeira”, *A Pedreira: Revista Cultural e Informativa do Concello da Lama*, 7, pp. 131-137.

Cotobade, a referencia constante de Antonio Fraguas, a través dalgúns traballos inéditos

MARÍA DOLORES VILLANUEVA GESTEIRA

A infancia e a adolescencia en Cotobade marcan fundamente a vida de Antonio Fraguas. A súa podería ser a historia de tantos galegos que a comezos de século nacían nunha Galicia rural, no seo dunha familia de orixe humilde e labrega. Na súa casa había catro vacas e dous porcos e súa nai e mamá Antonia plantaban as veigas para non pasar fame, polo que a súa foi unha infancia coas necesidades básicas cubertas. Antonio Fraguas nacera o día dos Santos Inocentes de 1905 no lugariño da Insuela, na parroquia de Loureiro, no Concello de Cotobade. Naquela casa vivían seu tío avó Santiago, que falecería sendo el neno, súa nai e mamá Antonia, unha muller que estaba alugada e que axudaba no traballo diario, pero que tamén foi a que lle ensinou a non esquecer o nome da letra “d” facéndolle ver que se podía lembrar coa palabra “dedo”. Dela aprendeu cantigas, fraseoloxía e toda a sabedoría dunha muller que non tivera acceso ao ensino, pero que, pola contra, fora quen de lle transmitir máis coñecementos ca ninguén.

Toda a súa familia era de Cotobade, como deixa de manifesto o apelido Fraguas. Se ben é certo que súa nai, Teresa Fraguas Vázquez, nacera en terras de Maside porque o pai dela, canteiro de profesión, casara alí aínda sendo el de Cotobade. Con todo, Teresa criouse en Loureiro, pois como en tantas familias galegas da época foi vivir cuns tíos que non tiveran descendencia, polo que con sete anos se asenta en Cotobade. Da mesma parroquia, pero do lugar da Costa, era Manuel Fraguas, o seu proxenitor, quen emigrara a Niteroi poucos meses antes do seu nacemento, como tantos outros cotobadeses da época que procuraban un futuro alén do océano. Así as cousas, non será ata os sete anos cando pai e fillo se coñezan, aínda que durante ese tempo suplisen a ausencia paterna coas cartas que lles remitía a súa nai e a el. Nesa correspondencia insistía na importancia de que fose á escola, el que non tivera ocasión de continuar os seus estudos.

Os inicios escolares co mestre Celestino Veiga, que ademais era o seu tío político, non foran prometedores. Naquelas clases no lugar da Costa pouco se explicaba, por iso en moitas ocasións optaba por quedar polo campo dando de comer os paxaros, unha das súas grandes paixóns. Non obstante,

cando súa nai se decatara rifáballe, pero el xa escapara a algunha malleira, tanto é así que daquela pensaba que a regra era un instrumento de castigo e non un mecanismo de medición. Despois virían as clases de Isidoro Andión e máis tarde as do mestre don Antonio, naquelas aulas en Famelga aprendeu o que significaba aprender.

Seu pai, Manuel Fraguas, tiña en mente regresar coa súa familia ao Brasil no mes de San Xoán, como conta Antonio Fraguas nas anotacións que deixou por escrito dos primeiros anos da súa vida (Museo do Pobo Galego-Arquivo Antonio Fraguas Fraguas). Daquela xa casara coa nai —algo que non puidera facer antes de emigrar por burocracia eclesiástica— xa reconecera o seu fillo, xa arranxara a casa cos cartos que trouxera, pero non fora suficiente e confiaba en ampliar o benestar cando o seu fillo fose maquinista de ferrocarril no Brasil. Mentres non chegaba o mes de xuño, Fraguas asistía ás clases e o mestre percibiu enseguida que o rapaz valía para estudar, polo que vai falar cos pais para que non emprendan camiño á América e deixen que o seu fillo se forme. Antonio Fraguas comeza a preparar o seu ingreso no bacharelato, que aprobou en xuño de 1919, e seguiu estudando na súa casa os dous primeiros anos e indo a Pontevedra a examinarse por libre. Ata os quince anos viviu en Loureiro, na casa familiar, e xa no terceiro curso, 1920/1921, matricúlase como alumno oficial do instituto. Velaí que as súas notas pasaron de simples aprobados a notables, sobresalientes e matrículas de honra, como as obtidas en Debuxo ou Historia Universal. Con todo, seguía indo case cada fin de semana a Loureiro, cos seus zocos camiñaba monte a través a distancia entre Pontevedra e a súa casa (Rodríguez Vidal 2009: 85).

Eu, claro, era «un da aldea», un da aldea que non sabía falar castelán, e tiven que aprender ben o castelán... Pero, iso si, tiven sempre o calificativo «el de la aldea». Cando rematou o curso, preguntaron: «¿Quién llevó la otra [matrícula en debuxo]?», «El de la aldea, Fraguas»... Aquilo xa me deu a min o título de nobreza. Desde que entrei no instituto eu non deixei de ser «o da aldea». Houbo xa momentos en que presumía de que era «o da aldea». (González Reboredo, 1997: 22)

En Pontevedra é alumno de Castelao e Losada Diéguez e pertence á Sociedade da Lingua que funda xunto a Sebastián González García-Paz. Son momentos de tomar consciencia de quen é, da súa orixe, da situación

da súa lingua e aí aparece o orgullo de ser galego que non o vai abandonar nunca. Logo virían os estudos de Historia na Universidade de Compostela e a formación fóra das aulas no Seminario de Estudos Galegos. Será entón cando se involucre nos traballos de escavación e catalogación de castros e redacte os seus primeiros traballos de etnografía, xeografía ou historia de Galicia. Nada lle é alleo, como se deixa ver na multitude de apuntamentos que gardou sobre toponimia, lendas, fraseoloxía e datos de todo tipo obtidos na pescuda de arquivo. Non se pode negar que estaba imbuído polo espírito do Seminario, ese que apostaba polo traballo constante e en equipo, de maneira interdisciplinaria, compartindo datos con compañeiros e compañeiras para extraer deles o maior rendemento posible. Nesta época escribe “O entroido nas terras do sul de Cotobade” (*Nós*, 1930) ou “As terras de media montaña de Cotobade”, inédito.

Para Fraguas Cotobade sempre foi o seu centro, o lugar ao que volvía cada verán. Un daqueles períodos estivais coincidiu con Castelao, era 1926 cando o seu antigo profesor alugou unha casa en Pazos, na parroquia de Borela, para tomar os aires da montaña coa familia, por considerar que eran bos para o seu fillo Alfonso Luís, ao que chamaban Pachucho polo seu delicado estado de saúde. En Cotobade, Castelao debuxa cruces e cruceiros e vai ir ata Loureiro onde Antonio Fraguas e seu pai, Manuel Fraguas, o acompañan ata o adro da igrexa, antigo camposanto, onde está a lousa de Florentina García, unha rapaza de 23 anos que morrera de amor en 1857. Será precisamente a ela a quen lle dedique o segundo libro de *Cousas*. Antonio Fraguas recolle esta estada xunto a un estudo da simboloxía das cruces no traballo “Castelao en Cotobade” (1975), publicado no *Boletín da Real Academia Galega*.

No verán de 1936 tamén se encontraba en Loureiro, daquela era o secretario xeral do Partido Galeguista na Estrada, onde exercía de profesor, pero tamén participara activamente nos movementos nacionalistas que prenderan fortemente en Cotobade. De feito os días previos á sublevación fascista espállase *La Voz de Cotobad*, co subtítulo “Órgano defensor de los intereses del municipio, su comarca y limítrofes”. Nacía para ser un periódico bimensual, que levaban Xaime Vidal Rei, como redactor xefe, natural de Carballedo; Xermán Pichel Bouzas, como administrador, natural de Viascón; e Antonio Fraguas, como director. Era o 12 de xullo de 1936 e non houbo

a posibilidade de que saíse un segundo número. Os feitos sucédense e non tardan en aparecer na súa casa os falanxistas, fano en repetidas ocasións, por iso durante o día permanece escapado no monte e xa entrada a noite, cando súa nai lle fai un sinal, regresa. Mantén este proceder ata que a situación se acalma. Logo viría a suspensión de emprego e soldo e a prohibición para impartir clases.

Os anos despois da sublevación fascista permanece apartado de toda actividade pública e aproveita o silencio obrigado para a elaboración de moitos traballos. Segundo a correspondencia consultada, no momento en que ten que decidir o tema da súa tese, Fraguas inclínase por facer un estudo de Cotobade, pero Salvador Cabeza de León, director da mesma, estaba a traballar no eido da historia documental —en estudos arredor da Universidade de Santiago de Compostela, como a súa propia tese, ou da importancia dos colexios maiores, realizados por algúns dos seus titorandos— e oríentao nesa dirección. Deste xeito, Fraguas vai presentar a súa tese en 1948, na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid, sobre a *Historia del Colegio Fonseca* que se publicou en dous volumes, como anexos XI e XII dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

Non sabemos se aquela idea de tese ten algo que ver cos manuscritos inéditos que se atopan no seu arquivo, un deles *Notas de geografía humana de la tierra de Cotobade* datado en 1948, o mesmo ano da súa tese. Non hai unha única copia e non sabemos se son versións anteriores ou posteriores, pero o certo é que mostra unha preocupación constante por Cotobade xa dende os seus inicios como investigador. Ao mesmo tempo, cabe pensar en que ese orixinal estaba concibido para ser publicado, pois inclúe anotacións e debuxos sobre arquitectura popular, escultura e aparellos de labranza, á vez que observamos unha disposición clara dun estudo divulgativo. Deste xeito, nas primeiras páxinas hai unha descrición da orografía do concello e do seu clima, para despois dar paso a unha achega pormenorizada de aspectos da historia, da etnografía ou da economía de Cotobade. En realidade nestas páxinas están tratados os temas que son obxecto de estudo recorrente na obra de Fraguas. Velá que aparecen as dedicadas ao estudo da casa, dende os primitivos castros ata a disposición do momento; ás partes do muíño e do hórreo, así como ás súas funcións dentro da comunidade; á vestimenta ou á economía e ao comercio. Así como interesantes son os datos que achega sobre

o emprazamento da poboación, os traballos do campo, os oficios principais ou as festas, tanto as pagás como as relixiosas.

Mentres estas *Notas de geografía humana de la tierra de Cotobade* están en castelán, atopamos outro estudo en galego co título *As terras de Cotobade* que comeza coa seguinte descrición: “As terras de Cotobade non teñen unha linde xeográfica precisa, en parte continúan para a outra banda do Lérez sendo en realidade iste río quen debera poñer o marco pol-o Norte ô Concello”. Despois da sublevación fascista Antonio Fraguas non escribiu en galego con regularidade ata os anos setenta, polo que posiblemente este traballo é anterior e estará na base do xa citado *As terras de media montaña de Cotobade*. En ambos os estudos, Antonio Fraguas exerce de xeógrafo, pero tamén de historiador e de etnógrafo, as súas principais liñas de investigación.

Os estudos de Fraguas caracterízanse por unha metodoloxía na que a carón dos datos aparecen con frecuencia anotacións de carácter etnográfico, referencias da literatura oral ou da fraseoloxía, nunha liña de traballo debedora do Seminario de Estudos Galegos. Deste xeito, nas *Notas de geografía humana de la tierra de Cotobade* cando trata o clima introduce e comenta refráns do tipo: “San Bieito rega a eito”, “Santiago trai o seu canado”, “Santa Mariña trai a cabaciña”, “As enchentes de Santos dan pol-os cantos” ou “As enchentes de San Simón sonadas son”. Da mesma maneira que cando estuda as partes do muíño lembra coplas populares como:

Ô muíño de teu pai
eu ben lle sei o tempero
cando está alto baixalo
cando está baixo erguelo.

Consciente da mudanza imparabile que se estaba a producir socialmente e de que en pouco tempo o mundo rural —base da sociedade galega durante a primeira metade do século— se esvaía, Fraguas vai ser notario da realidade e moi especialmente da de Cotobade, o mundo rural que lle era próximo. Aínda hoxe, algunhas veciñas de Loureiro recordan a Fraguas cunhas libretas pequenas nas que recollía cantigas e tradicións, que deben ser as mesmas que se poden consultarse no Arquivo Antonio Fraguas, depositado no Museo do Pobo Galego. No interior delas aparecen tamén topónimos de Cotobade e datos dispares de persoeiros ou anotacións lidas

nos libros de fábrica, que eran aqueles en que se rexistraba a contabilidade que cada ano tiñan as igrexas e que podían dar conta dos movementos dentro da parroquia.

Entre eses documentos inéditos sobre Cotobade aparecen tamén unhas coplas que se cantaron nunha *cincerrada* en Rebordelo. Como ben explica noutros traballos relacionados cos casamentos, esa é unha das tradicións que se levaba a cabo cando casaba algún viúvo ou viúva ou cando entre o casal había moita diferenza de idade. Se isto era así, durante nove días a veciñanza xuntábase con latas, bombos e toque de cornos, e cantábanlle coplas satíricas, durante os descansos.

Galicoso Galicoso
ti estás moi delgadiño
se non che se pon de pé
vas ter que baixar o fociño.

Despois dos nove días facíase o enterro do viúvo e daban lectura ao testamento, que tamén aparece completo entre estes documentos, e era unha burla de legado ás familias. Se ben moita desta documentación non aparece completa en ningunha obra de Fraguas, si está recollida de maneira fragmentada nos numerosísimos traballos que deu ao prelo ao longo da súa vida, pois en case todos eles hai referencias a Cotobade, independentemente da temática. Polo tanto, este material ao que nos referimos é inédito só en parte, pois aparece espallado polos máis dun cento de traballos, entre libros e artigos, que publicou Fraguas. Con todo, o libro *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985) supón unha excepción coas máis de mil coplas, varios parrafeos e algún romance que reflicten ben ese traballo de compilación que durou toda a súa vida. Como conta no prólogo, primeiro recolleu a sabedoría de súa nai, de mamá Antonia e das mulleres de Loureiro e pouco a pouco foi ampliando o seu interese e tamén a rede de colaboración que lle permitiu obter literatura oral de todas as parroquias. Entre a correspondencia de Fraguas poden atoparse cartas onde distintas persoas lle envían material a petición e interese de Fraguas, todos eses nomes están nos agradecementos dos seus traballos.

No prólogo ao *Cancioneiro de Cotobade* fala tamén do proxecto dunha monografía dedicada á parroquia de Santiago de Loureiro e quizais,

vendo o material inédito do seu arquivo, puidéramos pensar que tamén tiña en mente facela do Concello de Cotobade. Entre os papeis do arquivo tamén atopamos referencias aos casamentos e aos bautizos, algunhas publicadas en “Notas del folkor de boda en Galicia” (1948), e moitos papeis nos que recolle información dunha das súas paixóns: os paxaros.

Tres foron as debilidades da miña vida: os libros, as aves e as flores... Que lle parece? Ben, e Santiago Apóstolo, o meu camarada. (García Bayón, 1991: 27)

Así aparecen entre a súa documentación follas sobre os paxaros que el coñecía, a súa descrición, os distintos nomes que podían ter e tamén lendas, cantigas ou refráns que había sobre eles. As lavandeiras, o pimpín, o paporrubio, o crego marelo, o corvo, o moucho....

O pinpín [sic] é un paxaro ó que non se lle pode desfacer o niño, nin sacarlle os ovos, nin collerlle os paxariños por ser un paxaro amigo de Noso Señor, porque cando ía fuxindo da matanza de Herodes e o ian perseguindo, o pimpin esgarabellaba na area borrando as pisadas, e cando lle preguntaron se vira pasar por alí ó Neno Deus, respostou:

—Pin, pin, por aquí non o vin.

É paxaro guión das sementeiras, pois cando canta polo mes de abril di:

—Fai pra ti, fai pra ti, fai pra ti.

Nada do mundo que o rodeou lle foi alleo a Antonio Fraguas, pero sen dúbida, o centro dese mundo estaba na súa infancia, por iso Cotobade vai ser unha constante na súa obra: “O entroido nas terras do sul de Cotobade” (1930), “Máscaras y sermones de carnaval en Cotobad” (1946), “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia. Nadales, Aninovos, Xaneiras e Reis” (1947), “Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade” (1944), “El lobo en las tierras de Cotovad” (1946a), “Apuntes dobre la iglesia de Santiago de Loureiro” (1960), *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985), “El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade” (1987), “Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia” (1996) ou “O muíño nas terras do sul de Cotobade” (1997). Non é de estrañar que para o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, lido o 8 de maio de 1956, tamén escollese esta materia da cultura patrimonial que lle era propia para redactar un ensaio

sobre *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*, que contiña unhas primeiras páxinas de recordo emocionado e agradecemento infindo a Castelao, a quen sucedía na RAG. Agora ben, non só nos traballos citados están as referencias a Cotobade, en realidade son poucas obras súas onde non se recolle parte do acervo cultural do que era tan bo coñecedor e do que tiña abondoso material, algún del aínda inédito no seu arquivo e que está na base das súas investigacións.

M. D. V. G

Bibliografía

Arquivo da Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Fraguas Fraguas, Antonio (1929): “Unha serán na catedral”, *A Nosa Terra*, 261, A Coruña, pp. 9-10.

_____ (1930): “O Entroido nas terras do sul de Cotobade”, *Nós*, 77. Santiago, pp. 84-94.

_____ (1931): “O culto ós mortos”, *Nós* 1, Santiago.

_____ (1944): “Juegos infantiles de Loureiro de Cotobad”, *Boletín de la Comisión P. de M. de Orense*, tomo XIV, Ourense, pp. 95-102.

_____ (1945): “El lobo en las tierras de Cotovad”, *Boletín de la Comisión P. de M. de Orense*, tomo XV, Santiago, pp. 129-137.

_____ (1946a): “Máscaras y sermones de carnaval en Cotobad”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo II, Madrid, pp. 435-457.

_____ (1946b): “Dous romances de Galicia”, *Revista de Guimarães*, tomo LVI, Guimarães, pp. 117-121.

_____ (1947): “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo III, Madrid, pp. 435-457.

_____ (1948): “Notas del Folklor de boda en Galicia”, *Trabalhos de Estudos de Etnologia Peninsular*, vol. XI, Porto, pp. 306-328.

_____ (1949): “Fiestas populares de Galicia: fiadeiros”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo IV, Santiago, pp. 397-427.

_____ (1955b): “Petroglifos del Monte Pedreira, en Carballedo (Pontevedra)”, en *III Congreso Nacional de Arqueología*. Zaragoza: IFC, pp. 411-412.

_____ (1973): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. A Coruña: Librigal.

- _____ (1975b): “Castelao en Cotobade”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXXII, A Coruña, pp. 54-59.
- _____ (1976): “Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto”, *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, tomo XXXII, Madrid, pp. 185-196.
- _____ (1985b): *Aportacións ó cancionero de Cotobade*. Ourense: Fundación Ramón Otero Pedrayo.
- _____ (1987): “El culto a las Ánimas en Loureiro de Cotobade”, *Gallaecia* 9-10, Santiago, pp. 271-278.
- _____ (1988): *Romarías e santuarios*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1995): *A festa popular en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1996a): *As cousas de Antonio de Insuela*. Santiago de Compostela: El Correo Gallego.
- _____ (1996b): “Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia”, en *Humanitas: estudos en homenaxe ó prof. Dr. Carlos Alonso del Real*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 457-459.
- _____ (1997): “O muíño nas terras do sul de Cotobade”, en *Iª Jornadas nacionais sobre molinología*. Sada: Edicións do Castro, pp. 13-17.
- _____ (1998): *Cantigueiro de Cotobade* (reed.). Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1999): “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial* 144, Vigo, pp. 621-629.
- _____ (2016): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade* (discurso de ingreso na Real Academia Galega, 8 de maio de 1956). A Coruña: Real Academia Galega.
- García Bayón, C. (1999): “Con Antonio Fraguas y Fraguas, pontífice máximo del mundo, trasmundo e intramundo de Galicia”. *La Voz de Galicia*, 25/08/1999.
- González Reboredo, X. M. (1997): “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”. *Revista Galega do Ensino* 17, pp. 13-34.
- Rodríguez Vidal, M. (2009): *Lembranzas Cotobadesas*. Tenorio: Artes Gráficas Rodoprint.



Atardeceres III

Addenda

Notas dunha conversa con Antonio Fraguas

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO

1. Introducción

Antonio Fraguas naceu en 1905 na parroquia de Loureiro de Cotobade, na parte central da provincia de Pontevedra. Foi fillo dun emigrante no Brasil, destino que agardaba tamén ao profesor Fraguas de non ser por circunstancias que se verán máis adiante. Aos seus máis de noventa anos é un recoñecido patrucio da nosa cultura. Cronista Oficial do Reino, membro da Real Academia Galega, do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, do Consello da Cultura Galega, director do Museo do Pobo Galego, tamén é un destacado investigador nos eidos da historia, a etnografía ou a xeografía, así como un divulgador incansable da nosa cultura e un ameno conversador que expón as cousas, como el gusta de dicir, sinxelamente.

Mais don Antonio tamén foi durante moitos anos un profesor que exerceu principalmente no ensino medio, chegando a ser catedrático numerario de instituto, corpo no que se xubilou en 1975, cando comezaba un proceso de fulminación dos catedráticos de ensino medio, que culmina nos nosos días coa actual reforma educativa.

Quen escribe estas liñas introdutorias tivo a fortuna de ser alumno de don Antonio, primeiro no Instituto Masculino de Lugo e logo na Facultade de Filosofía e Letras de Compostela. As xuvenís, case de infancia, lembranzas miñas de don Antonio ensinante en Lugo son para min un guieiro do que é un bo profesor, un profesor imaxinativo e dotado de coñecementos e do don da palabra, un auténtico *professor*, como din os británicos, e non un *teacher* parapetado detrás dunha concepción mecanicista, pseudo-tecnocrática, da docencia. En definitiva, un home que cumpriu na súa vida académica o vello lema dos catedráticos de instituto, compartido cos da universidade e expresado na máxima latina *perfundet omnia luce*, sen necesidade de botar man de complexos e retóricos “proxectos curriculares”.

Por iso é para min unha satisfacción cumprir coa encomenda que me fixo a dirección da *Revista Galega do Ensino*, consistente en preparar e, posteriormente, publicar unha entrevista con don Antonio. Entrevista que eu prefiro titular conversa, tendo en conta que os textos literais, que

reproducen as súas palabras gravadas en magnetófono, van acompañadas de comentarios meus. Respectando no posible o dito polo noso personaxe, en recreación autobiográfica na que non falta a escenificación verbal de diálogos, considero perfectamente lícita a miña intromisión no escrito, a interpretación persoal do dito por el. En calquera caso, as respostas de don Antonio ás miñas insinuacións están perfectamente diferenciadas nas páxinas que seguen, limitándome eu unicamente, neste caso, a transcribir parágrafos da súa conversa e introducir pequenísimas correccións e aclaracións que non alteran a linguaxe coloquial, afectuosa e informal do interlocutor. En suma, son documentos aptos para que calquera lector poida facer, pola súa banda, outras interpretacións.

Advírtolle tamén ao lector que nesta conversa están máis presentes os tempos da súa infancia e xuventude. Así o consideramos oportuno, pois quizais é esta etapa da súa vida a menos divulgada, e tamén na que atoparemos curiosos recunchos da súa biografía contados do mesmo xeito que o faría calquera cotobadés con algo de memoria e con moito entendemento.

2. Os primeiros anos

Como antes indicamos, don Antonio nace na alborada do século XX, nun contexto característico da Galicia rural. Eses primeiros tempos foron motivo da parte inicial da nosa conversa. Con minuciosidade e amenidade baseadas na citada sinxeleza, don Antonio falou da súa terra, da súa casa e das primeiras experiencias como alumno de ensino primario.

Loureiro é unha parroquia. Ten por patrón a Santiago. Eu nacín nun barrio que se chama Insuela... Era un lugarciño; era e é. Agora ten poucos veciños, pero tivo ata vinte veciños. Estaba dividido en tres partes; eu pertencía ao Quinteiro de Abaixo, a nosa casa tiña o número tres. Despois, os meus antepasados, sobre todo un meu avó, ese mercou unha casaíña, despois outra, e así tivemos as tres casas nunha... É curioso que as casas nomeábanse case todas pola dona da casa: “a casa da señora Manuela”, “a casa da señora Susana”... No barrio viviamos da agricultura e do gando. Había arredor de cen vacas, unhas noventa vacas. Agora non hai ningunha. Había algunhas bestas, polo menos unhas cinco ou seis. Antes de eu nacer, había ovellas...

E non había outras cousas *especiales*. Axudábase moito no traballo cando había un *peligro*. Cando se facía un palleiro, por exemplo, e ameazaba unha tronada. A xente viña acudir cando había un lume, acudían todos os da parroquia. Axudábase cando había o carreto de pedra para unha casa...

Gracias a miña nai eu aprendín a ler. Miña nai mercou un silabario e foime *enseñando* no silabario. Recordo sempre que a letra que non me quedaba era o *d*. E na casa estaba con nós unha señoriña, que eu chamo sempre “mamá Antonia” (que veu para a nosa casa porque ela vivía en Mondariz, morreulle o home e os familiares tratábana mal...). Como a min non me entraba o *d*, díxome: “Acórdate polo dedo, home!”. Ditoso dito, non me esqueceu máis o *d*. De modo que, por este medio didáctico de aprendizaxe... pois algunha vez useino pensando por *esto*.

Meu pai veu máis tarde. Foi o que me *enseñou* a sumar, a restar, a multiplicar, a dividir e sumar quebrados. Logo, verdade, fun aprendendo outras cousas eu pola miña conta, porque na escola non aprendín nada... Díciame o mestre: “eso se escribe con *h* porque es un tiempo del verbo *haber*”, e eu metía o verbo *haber* no tempo de inverno, no tempo de calor ou frío, e parecíame que era *eso*, un tempo atmosférico, porque eu nunca declinara nin conxugara nin verbo nin verba ningunha. As únicas cousas que me explicou foron dúas verbas, que “torto” era que lle faltaba un ollo e que “afónico” era o que lle faltaba a palabra, é dicir, que non podía falar. Nunca collín na man unha *tiza*; vin unha cousa branca que lle deron unha vez a un rapaz porque foi o inspector da escola...

O mestre era un home listo; ademais era coxo, baixiño, cun bastón sempre. E ademais era meu tío, casara cunha irmá do meu pai. O que aprendín ben foi a ler. *Eso*, verdade, valeume para paleografía, porque era un libro de Esteban González Pontelocella... E ese libro, que empezaba coa palabra “filosofía”, que era letra do século XIX, chegaba ata o século X... si, o X-XII, a letra gótica. E fun aprendendo como eran as [distintas] letras.

Estas primeiras manifestacións do profesor Fraguas conteñen unha evocación inicial da súa terra natal que se prestan a comentario etnográfico, tal e como sucede coa descrición das axudas, tan comúns na Galicia rural

tradicional. O cadro por el debuxado non está exento dunha certa saudade do pasado, especialmente manifesta cando alude á despoboación do lugar de Insuela ou á ausencia no presente dunha privilexiada fonte de riqueza, como era o gando.

A parte central da nosa conversa, neste caso, coma nos demais, ten unha especial dedicación ao ensino. Don Antonio relatou as súas vivencias persoais nos primeiros pasos como estudante. Un feito salientable é o papel que desempeñou a súa nai, que o iniciou nas primeiras letras. Parece pertinente destacar aquí que as mulleres na sociedade rural cotobadesa de comezos de século tiveron, en moitos casos, un papel preponderante na esfera familiar. Como ben indica don Antonio, as casas levaban o nome das mulleres e non dos homes. Nun contexto no que a emigración dos homes, tanto a temporal dos canteiros coma a máis longa dos que ían a América, era constante, a muller non só se converte durante longos períodos de tempo en “viúva de vivo”, senón que ten que asumir a dirección e control da casa, e tamén, por veces, o labor de comezar o adoutramento dos fillos sen a axuda do home. Mesmo co esposo xa retornado, a muller nunca perdería de todo esa capacidade de tomar decisións. As palabras do profesor Fraguas —trocado agora por arte das miñas suxestións en voluntarioso informante etnográfico— traen á miña memoria escritos de investigadores europeos da familia campesiña tradicional, como M. Segalen, que insistiron en máis dunha ocasión na capacidade de decisión de moitas mulleres rurais e mesmo no seu efectivo mando no interior do fogar. Esta visión parece estar en contradición coa ideoloxía pretendidamente dominante, que lles asignaba ás mulleres un status de subordinación ao home; pero calquera estudoso da praxe diaria da familia campesiña sabe que unha cousa é o que se mantén como ideal e outra a realidade cotiá no seo do fogar. As mulleres labregas de Cotobade, habilmente, con seguridade souberon xogar con vantaxe coa situación na que se atopaban.

Por suposto que o adoutramento inicial por parte do pai non está ausente das declaracións de don Antonio: el foi o encargado de ensinarlle o cálculo fundamental. Este esforzo, xunto co da nai, son boa mostra de que non é de todo exacto que o mundo rural galego viviu de costas á aprendizaxe da cultura supra-local (a chamada “Gran Tradición” por Redfield), unha cultura coa que tiña que estar en contacto máis ou menos permanente. Nos

meus traballos etnográficos de campo na montaña oriental lucense, tiven a posibilidade de recoller datos de hai sesenta ou setenta anos nos que se vía como nas aldeas se contrataba por veces un “mestre do tego” para que lles ensinara aos nenos do lugar os rudimentos das letras e do cálculo —sempre, iso si, nas épocas do ano nas que o traballo agrario era menor—, suplindo así a falta dun eficaz servizo público de docencia.

Ese mesmo afán foi o que levou á escola ao profesor Fraguas. Os parágrafos que lles dedica aos primeiros anos de escolar teñen unha carga fortemente crítica e negativa. Malia algún acerto, como o de aprender a ler diversos tipos de letra, en xeral a experiencia daquel meniño na escola de Loureiro foi moi negativa. Nin sequera aprendeu a utilizar o xiz e o encerado, e os tempos verbais confundíanse na súa mente co tempo atmosférico! Nesta descrición toma don Antonio unha postura que manterá noutras partes da conversa: o mestre non era eficaz porque non explicaba as cousas, é dicir, non aclaraba o porqué delas. A escola perfílase así como un lugar onde se aprende “de corrido”, e non un lugar onde se ilumina a mente dos meniños mediante a aclaración racional e analítica de conceptos. Precisamente esta é a actitude que buscará o noso interlocutor ao longo da súa vida docente, o mesmo que debe busca-la calquera profesor. E debe facelo de maneira creativa, acudindo a recursos e imaxes que penetren na mente infantil e xuvenil e a iluminen. Neste sentido, nas frases antes transcritas hai un claro contraste entre “mamá Antonia” e o mestre; a primeira, ensinante ocasional guiada polo máis elemental instinto de eficacia e claridade, facilítalle a don Antonio unha sinxela fórmula para assimilar unha letra; o segundo non é capaz de aclarar na súa mente esferas semánticas do concepto “tempo”.

Pero non todo foi negativo nas etapas de ensino primario para don Antonio. A conversa continuou e nela agromaron novas e esperanzadoras perspectivas:

E logo eu *iba* marchar para América, porque meu pai levábame para América, para o Brasil. Quería que fose maquinista. O de maquinista non era porque eu fose amigo das máquinas. Era porque un primo irmán del quería que fose eu para *enseñarme*, para deixarme o cargo que tiña el, que era maquinista de primeira... O primo quería-me moito e eu debía marchar para alí. Eu tiña moita ilusión porque me escribía un compañeiro da

escola, e mandárame unha postal, e dicíame: “En este edificio se estudian muchas cosas. Ven pronto, que vas a aprender aquí mucho”... Estaba en Niteroi.

Pero veu facer escola alí preto, a un quilómetro de distancia da nosa casa, un señor que fora profesor en Covelo, onde o Conde de Covelo fixera un colexio... *Bueno*, o mestre foi á misa no mes de Nadal alí a Loureiro... E o primeiro domingo tocou a *campana* e non sei quen falou alí de cousas do *sonido*; o mestre explicou como se transmitía o *sonido*, e como había o eco, que reproducía o mesmo *sonido*... A min *aquelo* agradoume moito. Que ben explicaba aquel señor! Ao domingo seguinte había... os homes da parroquia, e un deles dixo:

—Non sei como non cortan as silvas que están alá na torre, home! (porque había unha silveira na torre, efectivamente).

E outro dixo:

—O que non me explico eu é como hai alí unha silveira.

E o mestre explicou inmediatamente como a semente vai polo aire... Que ben!... *Aquelo* estaba moi ben explicado.

Eu cheguei á casa e díxenlle [ao pai]:

—Mire, papá, eu quería ir agora por dous meses á escola de aí, de Famelga.

—Pois si, pois si. Vou eu falar con don Antonio.

Foi a Famelga, falou con don Antonio e alá fun eu á escoliña. Na escola, por primeira vez, collín unha *tiza* na man. Fixen unha división que me mandou el.

Había dous tramos [refírese don Antonio a niveis], o tramo baixo e o tramo máis subido. Eu [quedei] no tramo máis subido.

Bueno, recordo que o mestre tiña ordenado en liña, é dicir, ordenados por números [os alumnos en orde numérica de puntuacións]... Aos catro días ou así eu *ganei* tres postos. Quedara facendo o número catro. Chegamos ao sábado e... aquel día a min xa me chegara a enciclopedia que había de libro de texto. E viña unha lección longa, bastante difícil. Cheguei á casa, acórdome que me sentei na cociña e púxenme a ler, e fun aprendendo sen

traballo... Total, que en pouco tempo aprendín moi ben a lección. O luns, alá chegamos á escola; eu estaba no meu número catro. Pregúntalle [o mestre] ao número un, e o número un dixo a lección magnificamente; pregúntalle ao segundo... o segundo xa afrouxou na primeira pregunta e na segunda xa non soubo romper. Pregúntalle ao terceiro e o mesmo. Así chega a pregunta para min... e eu dixen a primeira pregunta sen preocupación. Preguntoume a segunda e contesteina exactamente igual... Dixen a lección completa. Pasei ao segundo posto. Non fun capaz de ganar o primeiro, porque ese non o perdeu o número un, pero tampouco me ganaron a min o número dous. Tívenos sempre.

Pero cando chegaba a fin do mes de febreiro... non, era xa marzo... cando faltaban dous días para rematar o mes, como eu debía marchar da escola... [Dixo o mestre]:

—Dile a tu padre que venga a hablar conmigo.

Bueno, eu cheguei á casa:

—Díxome don Antonio que vaia falar con el.

—Ah!, e logo, ti que fixeches?

—Nada.

—Pero home!, que fixeches?

—Eu non fixen nada.

—*Anduvestes* á guerra?

—Non señor.

—Romperías algún cristal por alí?

—Non señor.

Eu estaba moi tranquilo. Eu non fixera nada.

Pasou toda a noite [o pai] que non *durmeu*, dicíndolle á miña nai: “Que faría este rapaz, *Dios mío*, que faría este rapaz!”

Foi á mañá e aínda estaba don Antonio na cama. *Saleu* [e dixo]:

—Mire, señor Fraguas, no lleve usted al chico para América, no se marche usted con él. Déle usted una carrerita.

Meu pai díxolle a verdade:

—Non temos medios económicos para darlle unha carreira... e temos que marcharnos precisamente para América.

—No, hombre, no, con muy poco le da usted la carrera de maestro. Y ahora el no puede entrar en el Magisterio porque le falta un año, pero va al bachillerato y le conmutan las asignaturas... Nada, hombre, no lleve usted al niño.

Meu pai viña por un lado moi contento, porque o rapaz non fixera mal ningún e ademais dixéranlle que era listo. Pero, no fondo, traía unha gran preocupación. El tiña unha solución para o fillo. Esa solución era como unha carreira, porque *entonces* ser maquinista de tren no Río de Xaneiro era como hoxe ser comandante de *vuelo* en calquera empresa de aviación.

Chegou á casa. Recordo que miña nai estaba sentadísima así, ao pé da porta; eu estábame vestindo. E chegou:

NAI: Que che quería don Antonio?

PAI: Que o rapaz vale para estudar e que se lle debía dar unha carreiraíña.

NAI: Ai, pois si!

PAI: Alá vós.

NAI: *Bueno*, pois ti dille a don Antonio que se vales para estudar, que si.

Efectivamente, eu díxenllo. Xa me separaron dos outros. Empecei a estudar, a facer apuntes de cousas de xeografía e cousas desas, e presentei a instancia de ingreso [no instituto].

Este segundo bloque de testemuños autobiográficos de Antonio Fraguas ten, como anunciamos, unha primeira dimensión que convén glosar. Trátase da actitude do segundo mestre en comparación co que se nos presentaba nos primeiros momentos. Para el este mestre si sabía explicar, e tamén era capaz de descubrir as capacidades dos seus alumnos e orientalos a eles e as súas familias. El foi o que determinou a querenza do profesor Fraguas para o estudo, o que mediou diante dos pais para que lle deran “unha carreiraíña”. Carezo de datos sobre a formación deste

mestre, pero quen este familiarizado coa historia da educación nos dous últimos séculos sabe perfectamente que centros como a Institución Libre de Enseñanza comezaron a introducir en España unha nova visión do ensino nas últimas décadas do século XIX. Os modelos postos daquela en práctica foron paseniñamente penetrando no universo dos profesionais da educación, e mesmo a Escola Superior do Maxisterio de Madrid iniciou a formación de docentes para escolas de maxisterio dentro de novos parámetros que incorporaban modernas visións do labor do ensinante. Posiblemente don Antonio, o mestre de Famelga aludido, recibiu unha formación neste sentido, algo que o levou a desenvolver na súa tarefa as dimensións explicativas e tamén a exercer un rudimentario, mais eficaz, labor de orientación dos seus alumnos, especialmente dos máis capacitados. Recursos destinados a estimular os alumnos, como o de ordenalos de acordo co seu rendemento, poden resultar hoxe un tanto pasados de moda para os novos capitostes da psicopedagogía, que dominan o mundo conceptual dos métodos educativos mediante unha terminoloxía críptica e moitas veces baleira; pero, en todo caso, eran primarias fórmulas encamiñadas a esporear aqueles que, como o profesor Fraguas, tiñan ansias de saber.

Os anteriores parágrafos inciden, ademais, noutro aspecto que xa comentamos. Mediante un natural diálogo, que transcribimos minuciosamente porque nos pareceu dunha fermosa sinxeleza, vemos como, de novo, pai e nai se formulan conxuntamente a posibilidade de que o protagonista estude “unha carreiriña”. E a postura da nai resulta non só inmediata, senón decisiva. O neno estudará porque o pai renuncia aos seus primitivos planos e, pregándose á nai, fillo e mestre, acepta a proposta. Esta decisión familiar, na que a muller non é un mero suxeito paciente, senón unha activa impulsora do futuro do seu fillo, é a que fixo que don Antonio sexa hoxe figura indiscutible das nosas letras, investigador constante da cultura galega e, ata hai poucos anos, profesor que transmitía con claridade os seus saberes na aula. O vello proxecto de ser maquinista no Brasil quedou abandonado nun arredado día de marzo, cando un mestre, un pai e unha nai converxeron para orientalo futuro dun rapaz.

3. O bacharelato en Pontevedra

Despois do anterior, conversamos con don Antonio sobre os seus tempos de estudante en Pontevedra. De novo as súas palabras van poñernos, con coloquial claridade, diante de curiosas situacións que serven de exemplos cualitativos para valoralo que era o ambiente nun instituto de ensino medio dos anos vinte.

...Nos días que debía marchar para Brasil, ingresei no instituto, aprobei o ingreso. Contestei moi ben, ademais, no ingreso... E, en setembro, aprobei o primeiro curso por libre. Logo estudei o segundo tamén por libre... Funme examinar e aprobei. E o terceiro xa fun por oficial.

Eu, claro, era “un da aldea”, un da aldea que non sabía falar castelán, e tiven que aprender ben o castelán... Pero, *eso* si, tiven sempre o *calificativo* “el de la aldea”. Cando rematou o curso, preguntaron: “¿Quién llevó la otra [matrícula en debuxo]?”, “El de la aldea, Fraguas”... *Aquello* xa me deu a min o título de nobreza. Desde que entrei no instituto eu non deixei de ser “o da aldea”. Houbo xa momentos en que presumía de que era “o da aldea”.

Fun rematando o bacharelato. O sexto curso foi un curso especial; incluso fundáramos, entre varios, xa mociños, unha Sociedade da Lingua, que tiña a misión, como primeira cousa, os escudos de Pontevedra. Eu debuxaba bastante ben, e fixera uns catro ou cinco debuxos ben feitos. Eses debuxos desapareceron, rompéronse cando empezou o Movemento, porque cando aparecía nunha casa un debuxo deses, a policía tomaba nota e era un debuxo sospeitoso... Así discorría a xente!... Que máis tiñamos que facer?... Ah!, facer un dicionario... era outra cousa.

Eu do instituto teño recordo bo e recordo malo. O recordo ruín foi por unha cousa... era o latín. O latín, en vez de atopar un home que *enseñara* latín, *enseñoume* a odiar o latín, pero a odialo a non poder máis...

Agora, bos profesores, os profesores de *enseñar*, pois si. Un profesor especial: Castelao. Ese... presentei un día eu unha lámina. Era un pé. O pé estaba ben feito, pero díxome: “Mire, hay necesidad de poner así [don Antonio fai un xesto imitando o de Castelao]... un dibujo hay que hacerlo un poco, porque, mire usted, si se ve

así parece que calcó el dibujo... Se hace así [novo xesto de don Antonio para indicar a actitude de Castelao]”.

Logo outro que *enseñaba* moi ben [era] o de matemáticas. Pero o que máis me fixo... creo que a quen procurei seguir, é o catedrático de lóxica, ética e rudimentos do dereito. Era don Antonio Losada Diéguez. Ese en lóxica deume notable. Pero en ética e rudimentos de dereito púxonos un exercicio final... púxonos un exame e eu escribín todo o que puiden, pero non escribín máis que dun tema, e ese aínda incompleto... Ao *salir*, ao cabo dunhas horas... *Bueno*, pois creo que Losada, ao que non escribira os tres temas suspende. Eu fun a xunto de Sebastián e díxenlle:

—Eu non escribín máis que dun tema e aínda non acabei.

—*Bueno*, eu tampouco.

—Din que Losada suspende a quen non...

—*Bueno*, eu tamén o oín, pero non fagamos caso *deso*...

Pasou o domingo e o luns levanteime e fun ao instituto:

—Fraguas, que te chamou Losada. Anda, pasa...

Que me quería a min Losada?... Entrei. Sebastián, que tiña a papeleta miña, deuma, e eu mirei por detrás. Dicía: matrícula de honor. Eu [falando en voz baixa con Sebastián]:

—Esta é a túa, déchesme a túa.

—Non, que é a túa.

Deille a volta e poñía: Antonio Fraguas Fraguas. Nunca levei unha nota que me dera tal satisfacción... Eu creo que se me dan cinco mil pesetas (que *entonces* era unha cantidade de diñeiro que se podía mercar unha vaca), pois non quedaba tan contento. Que contento quedei!... Quedoume sempre a visión deste home; pero cunha particularidade; vin para aquí de estudante e un día veu el a Santiago e levoume con el, fun comer con el... Eu procurei imitalo en todo o que puiden como *maestro*, como profesor.

Unha contextualización de urxencia para as palabras de don Antonio sitúanos diante dun ensino medio en gran parte procedente da remodelación levada a cabo no século XIX. O bacharelato, que duraba sete anos, estaba

entre o ensino primario e o universitario, aínda que o título de bacharel —que antigamente era título propio da Universidade— seguía a ter rango universitario, a diferenza do camiño que se está a seguir nos nosos tempos, nos que o ensino secundario, cualificado negativa e absurdamente como non universitario, parece ser o remate dun ciclo elemental e non o cimento sobre o que se construíra o ensino superior. Algunhas cátedras, como a citada de lóxica, ética e rudimentos de dereito, eran características dos planos de estudos da época. Como era lóxico, ao instituto chegábase mediante un exame de ingreso (sobre o que volverá falar don Antonio máis adiante).

Como no ensino primario, don Antonio traza un panorama con luces e sombras, estas últimas centradas no que seguramente era un incompetente profesor de latín. Pero as luces brillan con moita máis intensidade. Castelao e, moi especialmente, Losada Diéguez, van deixar fonda pegada en don Antonio. Como el ben nos di, vaise converter no seu modelo de profesor.

Nin sequera dos profesores universitarios dirá don Antonio algo parecido ao longo da conversa. Este catedrático formaba parte dese conxunto de catedráticos de ensino medio que eran como astros con luz propia e que chegaron mesmo a superar en formación e en capacidade de asunción de novas teorías aos profesores universitarios. Hai poucos días, relendo o libro de Thomas F. Glick sobre Darwin en España, puiden lembrar que unha parte non desprezable da polémica que se suscita na España de finais do século XIX sobre o darwinismo se desenvolveu entre profesores de ensino medio; isto é mostra da capacidade intelectual dos catedráticos de instituto, moitos deles non só coñecedores da súa materia, mais tamén importantes investigadores. É unha verdadeira mágoa que o tempo que nos tocou vivir esqueza ou, ladinamente, oculte esta realidade de careceren os profesores deste nivel dos necesarios estímulos para levaren adiante investigacións nas súas respectivas disciplinas, que sempre han redundar en beneficio das clases (e non me refiro, por suposto, a investigacións de socioloxía da educación, didáctica, psicopedagogía etc.).

Non imos facer comentario máis demorado sobre as figuras citadas de Castelao e Losada Diéguez. Os dous tiveron unha importante participación nos movementos culturais e de reivindicación da identidade galega, o segundo nas Irmandades da Fala, o primeiro nunha dilatada vida dedicada a Galicia. Abundan os escritos ao respecto e a eles remito o lector.

Mención especial merece ese Sebastián, bo amigo e compañeiro, que é nada menos que Sebastián González García Paz, nado en Pontevedra en 1908, licenciado e logo doutor en Filosofía e Letras, profesor da Universidade de Santiago e, xa no exilio, profesor en Porto Rico. O amigo Sebastián volverá aparecer nesta conversa, cando as lembranzas de don Antonio se acheguen a Compostela.

Unha cuestión que merece comentario, cando menos de pasada, é esa insistencia de don Antonio no de “ser de aldea”. A situación de don Antonio no Instituto de Pontevedra é consecuencia lóxica dunha sociedade na que había (e, en parte, aínda hai) unha fonda dicotomía cultural rural/urbano, coa conseguinte situación diglósica. A descualificación do labrego por parte de *urbanitas* que frecuentemente posuían unha superficial cultura, e un máis ca dubidoso dominio da lingua oficial (“castejanos del poniente”, como diría Felipe Lubián, mestre e alcalde dos lindeiros da galeguidade) é algo ben coñecido e non procede insistir no dito. A postura de don Antonio aparece nas súas palabras chea de dignidade. Para el, ser “de aldea” non é motivo de minusvaloración, senón todo o contrario. Non é de estrañar que esta actitude o levara a co-fundar esa Sociedade da Lingua da que nos fala, dando así os primeiros pasos polos eidos da investigación, algo que ampliará nos anos vindeiros da súa vida, ata o presente.

4. A Universidade. O Seminario de Estudos Galegos. As primeiras aventuras docentes

Ano 1924. Unha vez rematado o bacharelato, o mozo Fraguas comeza os seus estudos universitarios en Compostela. As súas evocacións contemplan experiencias e consideracións sobre os seus profesores e compañeiros. A visión destes no presente, tras setenta anos, é claramente selectiva. Profesores como Bustamante, Ramón Gallego e Armando Cotarelo son os primeiramente recordados. Xunto deles, algúns compañeiros cos que compartiu aula e mesmo proximidade de asento, como Luís Brey Bouza e Castillo Elejabeitia, os dous poetas. Así falou deles don Antonio:

Aquí, na Universidade, o primeiro día fun ver como era a apertura de curso... Non lle dei importancia, marchei... E, ao día seguinte, fun para a universidade e estaba un compañeiro do Instituto de Pontevedra, Luís Brey Bouza, primo de Fermín

Bouza-Brey... Encontrámonos, e veu para xunto nós un poeta, Castillo Elejabeitia.

Desa maneira, como Luís Brey Bouza era tamén poeta, eu quedei no medio. Sempre digo que o que tiven coidado é de separar as musas, que non se pegaran, porque os dous estaban ilustrados coas musas. E digo tamén que a poesía non é un mal que sexa contaxioso, porque eu estaba no medio de dous, e detrás había outro poeta, era Mira, de Ribadeo.

Un [dos profesores] era catedrático de instituto e auxiliar por oposición na Universidade. Este era o de lóxica. Era a primeira clase que tiñamos. Era don Ramón Gallego García... Este señor algunhas veces chegou a explicar algunhas leccións de metafísica. Explicaba moito e falaba con moito respecto, gran admiración, de López Ferreiro, con quen, ao parecer, colaborara como alumno seminarista ou cousa polo estilo.

Logo o de historia era Bustamante, un mozo novo ao que lle gustaban as conquistas de namoro (cousa que admitiamos todos)... O terceiro profesor era don Armando Cotarelo Valledor... Don Armando, cando estivo máis na clase, pois estivo vinte minutos. As clases del eran dun cuarto de hora, rozando un cuarto de hora. Por *eso solo* demos os cancioneros e pasamos logo coa gramática histórica. El *iba* explicando fonética e eu fun facendo uns apuntes moi *especiales*. Nunha libreta eu puxera as normas *principales* da fonética. Cheguei a ser un especialista... Cando viñeron as notas, deume sobresaliente. Os sobresalientes tiñamos dereito a presentarnos a matrícula de honor (para *eso* había que facer un exame). Eu fixen o *examen* e *saliu* ben; deume matrícula de honor.

Don Antonio sitúanos esquematicamente no ambiente dunha universidade de provincias, como era daquela a de Santiago (segue a selo hoxe?). A rutina nas clases era a nota dominante. Pero do esquecemento salva don Antonio algúns, como o citado don Ramón Gallego, que, coma tantos outros, combinaba o traballo no instituto co da universidade; foi, ademais, colaborador de *Galicia Histórica* e participou no movemento tradicionalista de Juan Vázquez de Mella (o que explicaría a súa admiración por López Ferreiro, outro eminente tradicionalista da xeración anterior). Mesmo don Armando, malia a súa falta de cumprimento do horario lectivo, logra que

don Antonio se interese pola fonética. Don Armando Cotarelo, natural de Vegadeo, foi durante anos catedrático de lingua e literatura da Universidade de Santiago e logo foi a Madrid; chegou a ser académico da lingua e deixou unha importante obra escrita, parte dela en galego, na que destacan as súas creacións teatrais, algunhas escenificadas no teatro estudantil que funcionaba entón na Facultade de Letras.

Pero Compostela foi tamén o lugar de encontro de don Antonio co Seminario de Estudos Galegos. Nel, o noso persoeiro tivo a oportunidade de desenvolver unha vocación investigadora que xa agromara na etapa pontevedresa no seo da Sociedade da Lingua. Así nos fala do seu achegamento ao Seminario:

O primeiro ano que vin para aquí eu non fun para o Seminario, pero fun a todas as reunións científicas que celebraban na aula número catro, a aula que tiña don Salvador Cabeza de León, que era o presidente do Seminario de Estudos Galegos. Eu non *iba* porque eu pensaba na Sociedade que fixeramos nós (A Sociedade da Lingua de Pontevedra)... Veu Losada, e Losada díxome: “Bueno, hay que ir al Seminario”.

“*Bueno,*” —dixen eu— “se podo”... Ao curso seguinte veu Sebastián e don Antonio Losada díxolle: “Teneis que ir para el Seminario”. Sebastián díxome: “Temos que ir ao Seminario, dixo Losada que temos que ir”. “*Bueno,* pois *vamos*”.

O Seminario estaba establecido *entonces* no [que hoxe é] Instituto Rosalía de Castro... Na primeira clase estaba o Seminario [na zona onde hoxe se atopan as escaleiras situadas á dereita da entrada, e con porta á rúa, hoxe tapiada, tamén no lateral dereito do edificio]. Non era máis que unha auliña. Alí había unha mesa larga, un ficheiro, e outro ficheiro no que estaban nomes de revistas e *eso*... Cando veu Cambó ao Seminario, foi buscar no ficheiro a papeleta de Alfredo Brañas, e dixo:

“A este hombre le debo mi actitud política, toda mi actitud política. Era un hombre genial y convencía a los oyentes”.

No Seminario, estaban xa con máis capacidade de dirección Filgueira e Fermín Bouza-Brey. Filgueira era quizais o que máis mandaba, o que máis ordenaba, o que máis distribuía as cousas...

Hai que ter en conta que, cando se fundou o Seminario, había dúas correntes; unha, os que dicían que había que estudar *sólo* as cousas de Galicia, e outros que había que estudar todo. Os que opinaban de Galicia non eran separatistas, ninguén era nada politicamente, se eras algo politicamente serías fóra, porque no Seminario ninguén era nada. Pero, por que opinaban que *sólo* Galicia?; Porque hai tanto que facer en Galicia, se se metían en cousas de fóra quedan [sen facer] as cousas de Galicia.

A catalogación dos castros foi o primeiro que tivemos que facer Sebastián e mais eu. Houbo un congreso do Seminario en Pontevedra e, cando se estaba celebrando, Cuevillas deu a orde: “Fraguas y Sebastián a Lalín”. Fixouse o día, non valían peros nin nada, cumpríanse as ordes... Primeiro estudouse a comarca de Deza, que se perdeu todo o que estaba feito... Cando parecía que estaba rematada a terra de Deza, fomos a Melide, e a terra de Melide fíxose toda.

Un primeiro comentario imprescindible é que don Antonio non se integrou inmediatamente no Seminario, senón que tardou un tempo. Como el nos di, sentíase aínda vencellado á Sociedade da Lingua de Pontevedra. Pero a intervención de Losada Diéguez (como vimos, o seu mentor e mestre dende tempos do bacharelato) fai que Fraguas e Sebastián González ingresen naquela institución. A nacente vocación pola investigación, que xurdira en Pontevedra, confirmase agora; o catálogo dos castros galegos, unha das misións que se impuxera o Seminario, vai contar a partir de 1926 coa colaboración destes dous persoeiros. Resulta ben curioso que, nunha institución nada da iniciativa dun fato de estudantes no ano 1923, houbera unha disciplina e rigorosidade tan forte como a que nos fai ver don Antonio: as ordes cumpríanse sen discusión. Se o Seminario fixo cousas boas no campo da investigación sobre Galicia, isto débese precisamente a este rigor que se impuxeron os seus membros, e que é modelo intemporal aínda aproveitable no presente.

A memoria de don Antonio evoca, por outra parte, grandes persoeiros do Seminario, como Filgueira Valverde, activo e reverenciado home da nosa cultura morto recentemente que, como di Fraguas, xa daquela “era o que máis mandaba”. Tamén cita como cabeza do Seminario outro dos seus máis preclaros fundadores, Fermín Bouza-Brey, e o patriarca da nosa prehistoria, o

gran Florentino López Cuevillas. De todos eles hai abundantes referencias e non precisan de comentarios, nin insistir na súa significación para a historia da cultura galega.

É interesante, con todo, a alusión a Cambó, líder rexionalista catalán.

Ben sabido é que o primeiro catalanismo da fin do século XIX e comezos do XX asumiu con admiración as propostas contidas no libro *El regionalismo* de Alfredo Brañas, difundido nos círculos políticos cataláns e seguido en moitas das súas propostas.

Unha vez rematados os estudos universitarios, don Antonio retorna ao seu Cotobade natal. Como el mesmo nos comenta, estivo a punto de retomar a vella idea de emigrar a América, a Brasil ou Cuba, porque non atopaba maneira de exercer aquí a profesión para a que estaba facultado. De novo aparece na súa descrición biográfica a figura do seu bo amigo Sebastián, agora como mediador para que el poida iniciar a súa andadura docente, evitando así que o profesor Fraguas se vira obrigado a comer o pan dos emigrantes.

Cando vin para Santiago, vin porque Sebastián lle dixo ao decano que eu quedara na casa e que estaba moi preocupado pensando se marchar a América... Que facía eu na aldea! Nada... *entonces* dixen: teño un camiño, América, ir ao Brasil ou ir a Cuba. *Entonces* Bustamante [bibliotecario da universidade e profesor no instituto, dixo]: “Non, que veña para Santiago. Hai unha axudantía [no instituto], que me substitúa”. E fun substituílo. Había unha clase de gramática e desempeñei esa cátedra de gramática... Paréceme que non había notas sequera nesa *asignatura*. Había outro grupo no que tiña nada máis que estar cos rapaces... era un sitio onde os rapaces estudaban e, se non querían estudar, lían. *Eso* foi o primeiro ano. Na facultade tiña unhas prácticas, e fun defendendo o curso.

No segundo curso xa tiven máis que facer. No terceiro ano fixen oposicións a auxiliar na facultade. Ganeí a oposición e empecei a desempeñar o cargo. Ao mesmo tempo daba clase (*eso* facíámolo catro ou cinco profesores da universidade) na Academia Xelmírez... No ano 1933 fun facer os cursiños a Madrid; *ganeí*

praza e marchei para o Instituto da Estrada. E alí estiven ata o ano 36. No ano 36 veu a hecatombe, e asunto concluído.

Nas palabras de don Antonio hai un eco do que eran os primeiros pasos dun profesor na década dos trinta. Cómpre destacar a combinación da docencia en diversos niveis e centros (universidade, instituto, academia privada), moi común nunha época —ben distinta á presente— na que o profesorado dos institutos e o da universidade estaban fortemente vencellados, e, por que non dicilo, na que a catividade dos soldos era tal que soamente se podía sobrevivir dignamente exercendo en diversos postos. A cátedra que don Antonio obtivo na Estrada era nos chamados Institutos Locais, creados nos anos trinta dentro dunha política do goberno republicano encamiñada a ampliar este nivel de ensino. Na Estrada, don Antonio levou a cabo un importante labor docente ata que, como el di, “chegou a hecatombe”.

5. Unha longa e problemática posguerra

Destituído do seu posto polas autoridades do novo réxime, fichado como ameaza política, don Antonio establécese en Santiago e exerce no ensino privado, dunha maneira un tanto clandestina. Pero neste período de posguerra o profesor Fraguas ten a posibilidade de reiniciar o seu encontro coa investigación, a partir do ano 1944, unha vez fundado o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, dependente do CSIC. Sobre as orixes desta institución, don Antonio conversou da maneira seguinte:

O Instituto Padre Sarmiento formouse cunha ilusión de estudo das cousas de Galicia. Don Francisco Javier Sánchez Cantón escribiulle a Cordero Carrete, que era gran amigo del, dicindo que lle preguntase a algúns amigos, a algúns investigadores, se podería facer un centro de estudos que substituíra o Seminario de Estudos Galegos. Contestou [despois de falar, entre outros, con don Anonio], que *eso* era moi difícil... Pero díxolle que lle escribise, por exemplo, a Otero Pedrayo, ao deán [don Salustiano Portela Pazos], e... en fin, a Filgueira. Filgueira dixo que si en seguida, que se fixese. O deán dixo que estaba disposto a colaborar... Falaron co ministro, e díxolles que si. Fundouse e a min nomeáronme en seguida para coidar dos libros. Os libros estaban na universidade. Foron todos para a Rúa Nova [á casa da Balconada]... E alí, de noite, eu fun catalogando todo o que había;

e alí acompañábame Couceiro Freijomil, que estaba preparando o seu famosísimo dicionario alfabético de escritores. Empezaron as obras [no edificio anexo a Fonseca, actual sede do Instituto]... Foise facendo e botaron os primeiros estantes para os libros. Otero Pedrayo, Vicente Risco e Cuevillas entraron axiña no Instituto; con eles entrou tamén Xocas.

Don Antonio lémbra-nos aquí cousas sabidas arredor do nacemento do Instituto de Estudos Galegos, que xorde como institución herdeira do vello Seminario de Estudos Galegos no campo das humanidades. Xunto cos persoeiros que cita don Antonio, tamén foron activos fundadores e colaboradores do centro outros, como Fermín Bouza-Brey, Abelardo Moralejo, Paulino Pedret e Xesús Carro; é dicir, que boa parte da plana maior do Seminario se integrou no novo centro e incorporou a el o espírito do seu antecesor, resumido no principio de traballar por Galicia e a cultura de maneira intensa e desinteresada. No remate dos anos sesenta, e da man de Fermín Bouza-Brey, comezamos a traballar no Instituto un fato de mozos, entre os que se atopaba quen isto escribe. E podo asegurar que esa vella filosofía do centro estaba entón plenamente vixente. Os homes do Instituto, coma os do Seminario (que eran case os mesmos), combinaban a cortesía co rigor da ciencia, e estaban ben lonxe da soberbia académica á que nos teñen acostumbrados algúns profesionais que basean o seu cientificismo no feito de figuraren en nómina, construíndo endogrupos moi arredados do espírito aberto dos investigadores que estamos a citar. Hai que advertir que no presente se está a elaborar un novo planeamento para o Instituto (sen contar directa e activamente cos seus membros, cousa que non sucedería no vello Seminario), no que se corre o risco de traizoar ese vello espírito que foi norte da institución durante a súa xa dilatada historia. No nome de novas necesidades e de crecentes realidades, parece que o edificio moral construído por tódolos persoeiros citados ameaza co derrubamento se non se perfilan axeitadamente as directrices que parece que presidirán o proceso. Penso que iso non lle agradaría moito nin a Bouza-Brey, nin a don Xesús Carro... nin ao noso querido don Antonio.

Como xa anunciamos, don Antonio foi tamén un activo docente ata a súa xubilación no ano 1975. Anos difíciles foron para el os corenta e comezos dos cincuenta, algo máis tranquilos os sesenta e setenta, cando o

seu labor comeza a ser recoñecido e os seus perseguidores políticos decaen comestos polo tempo. Todo isto nolo explica el do xeito seguinte:

... Fora cando me suspenderan a min na segunda oposición, cando estaba discutindo o segundo posto. E chegou unha denuncia de que era comunista *perigoso*, e, no acto, suspendéronme. E díxome o director do Instituto San Isidro: “A usted le ha hundido la política. El tribunal le respeta a usted muchísimo, tiene a usted en gran consideración, pero la política no le dejó ser [catedrático de instituto]”.

Coas portas pechadas no ensino público, o profesor Fraguas vese obrigado a dar clases privadas, primeiro nuns locais na rúa da Troia e logo na Academia Menéndez Pelayo, no pazo da Algalia de Abaixo. Respectado e querido polos alumnos, non logrou, con todo, librarse aquí do acoso ao que era sometido por desafecto ao réxime:

...Primeiro eu puxen un estudo na Troia... fronte mesmo da Casa da Troia. Aí empezaron a ir antigos alumnos da Estrada... Viñan estudar para *maestros* e deilles clase... Logo púxenme tamén a dar clase para os alumnos do Instituto.

Pero eu acoplárame a un crego que era licenciado en Filosofía e Letras... Veu para xunto de min e demos clase alí. Ademais del, trouxo outro de latín... Empezamos na Troia, e, no pazo onde estivo o *xuzgado*, fundaran un colexio un grupo de individuos; e, repentinamente, baixan a bandeira e ofrécennos o colexio a nós. Eu non podía dar clase, podía dar clase clandestinamente, a min estábame prohibido dar clase. *Entonces* mercouse esa academia e fomos para a Algalia de Abaixo... Tan pronto *saleu* o nome da Academia Menéndez Pelayo... paf! ... chegou un inspector de Facenda ou non sei que. Rodearon *aquelo*. Veu cinco ou seis veces un policía a ver se eu era dono de non sei que cousas... Por fin, non sei que cousa veu polo *xuzgado*, e era Fermín (Bouza-Brey) o xuíz, e *zanxou* a cousa, e acabouse. A academia estivo alí ata que eu *salín* catedrático, e incluso un tempo máis.

Pasado o vendaval dos anos corenta, xa no entrante dos cincuenta, don Antonio consegue, á fin, obter praza no corpo de catedráticos de instituto de ensino medio; é destinado a Lugo primeiro e, máis tarde, a Compostela. Tamén conversamos sobre as súas experiencias neste novo posto docente,

así como dos cambios no ensino. Estas son algunhas das súas palabras, nas que se aprecia un don Antonio continuador de vellos mestres como Losada Diéguez, e amante sempre de explicar as cousas con sinxeleza:

Bueno, o ensino é sempre igual. Cambiaron os sistemas. Suspendeuse, por exemplo, o exame de ingreso, cousa que a min péreceme que non se debera suspender. Era o único exame que eu mantería vivo. Para min, eu procurei facer sempre o mesmo. Algunha vez recordo que pasei os meus apuros dicindo o que me parecía que era... Eu fun cos rapaces [do instituto de Lugo] ao pedregal de Irimia, e... a pregunta consabida: “Don Antonio, ¿de qué son estas piedras?”. Contestación miña: “A mi me parece de un glaciar”... Eu miraba para as caras deles e vía que: “Bueno, don Antonio no sabe nada de esto, cómo va a ser esto de un glaciar”... Non hai moito tempo que unha profesora dixo: “Hay que advertir que este señor, antes de que nadie dijera que aquello era de un glaciar, el dijo a sus alumnos que aquellas piedras eran de un glaciar”.... Canto sinto que non estiveran alí os alumnos!

6. A xeito de remate

A conversa continuou e don Antonio puxo diversos exemplos de como el explicaba as cousas na clase, o que me trouxo fondas lembranzas do ano que pasei de alumno seu en Lugo, cando aprendín con el os montes de Galicia, que aínda lembro de corrido: Faladoira, Capelada, Loba, Cova da Serpe... Porque era un profesor que poñía en práctica na clase unha aprendizaxe baseada no coñecemento da contorna próxima. Como el nos dixo nesta conversa: “os rapaces din: ríos, o Miño, o Duero, o *Tajo*, o Guadiana... os demais son regatos. O Tambre, o Ulla, o Lérez, nada, *eso* é conto... *Eso*, claro, obriga a cambiar un pouco as cousas [por parte do profesor]”. En resumo, practicou calada e humildemente a estratexia didáctica de abrir os ollos dos alumnos fronte á contorna próxima. E, con iso, contribuíu a construír unha identidade galega e unha autoestima que todos temos que agradecer, que xa Galicia lle está agradecendo, aínda que serodiamente. Ao final a verdade reluciu e as vellas feridas de don Antonio están xa cicatrizadas, por moito que as marcas non deixen de lembrar cousas tristes de cando en vez. Quizais a parte máis molesta e incómoda do labor docente é o tarde que nos damos conta do inmenso labor levado a cabo polos nosos profesores no proceso de formación do home. Ás veces, cando nos decatamos disto, xa é

demasiado tarde. Tampouco a Administración mostra un especial interese por premiar o esforzo do profesor (menos aínda o do profesor-investigador), e cando o fai é programando unhas pretendidas “carreiras docentes” que para moitos son unha verdadeira farsa. Don Antonio tivo a fortuna de ver premiado o seu labor como docente, como investigador e como home de cultura, algo que mereceu ao longo da súa vida. Ledo nesta nova situación, é mágoa que o recoñecemento non lle fora chegando pouco a pouco, alá naqueles tempos de angustias e estreituras que quedan plasmados nas súas declaracións anteriores.

X. M. G. R.
Instituto Rosalía de Castro
Santiago de Compostela

[O presente artigo, cedido xentilmente polo seu autor, viu a luz na *Revista Galega do Ensino*, 17, en novembro de 1997].




A miña estrela

A Antón Fraguas.

A miña estrela, debuxo de Camilo Díaz Baliño
dedicado a Antonio Fraguas (trigo limpo candeal),
publicado en *A Nosa Terra* o 1 de xullo de 1929.

O volume *Antonio Fraguas: laboris causa*
Trigo limpo candeal
número XXXIX
dos Cadernos Ramón Piñeiro
imprentouse en Compostela
no maio de 2019
cando o nome epónimo
é cabezaleiro
no Día das Letras Galegas
no mesmo ano
que estamos

UNS PRA OUTROS E DEUS PRA TODOS



ISBN 978-84-453-5324-0



9 788445 353240

